

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 439** *Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana e Ebro.*

I

A planificación hidrolóxica que se viña realizando no noso país e que se recoñeceu, xunto co principio de unidade de xestión na bacía hidrográfica, como unha das grandes achegas á política da auga realizada por España, tivo que ampliar o seu concepto para recoller, en canto á protección das augas e dos ecosistemas a elas asociados, o enfoque e os contidos exixidos pola Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, denominada, en diante, Directiva marco da auga (DMA). Con iso, a planificación hidrolóxica española achega agora unha visión máis completa e integradora do que debe ser a xestión das augas, unindo os aspectos de protección e recuperación ambiental cos de utilización e aproveitamento do recurso, todo isto no marco dos tres eixes sobre os cales se desenvolve a DMA: sustentabilidade ambiental, racionalidade económica e transparencia e participación social.

A incorporación ao dereito español das cuestións preeminentes e de maior transcendencia xurídica contidas na DMA que gardan relación coa planificación hidrolóxica levouse a cabo a través de modificacións introducidas no ano 2003 no texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. Entre estas cuestións, podemos destacar as relativas ao establecemento de obxectivos de conservación e recuperación do bo estado das masas de auga xunto co logro dun determinado limiar de garantía para a satisfacción das demandas de auga. Do mesmo xeito, o dito texto lexislativo define a planificación hidrolóxica como o instrumento condutor para a consecución dos obxectivos ambientais sinalados para as masas de auga europeas, polo que a adecuada planificación se impón como unha necesidade e non se pode entender sen que o ambiente sexa a principal referencia do seu contido.

O desenvolvemento destes aspectos materializouse no Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, no cal se plasma a dualidade de contidos que integra a planificación hidrolóxica española, de protección e de utilización dos recursos hídricos.

Tamén mediante o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, se incorporan ao ordenamento aspectos da DMA relacionados coa protección, conservación e mellora do estado das masas de auga, que son determinantes do contido dos plans hidrolóxicos e, en concreto, dentro deles, dos programas de medidas.

Con ambos os regulamentos establécese un segundo nivel de transposición, ao recoller aspectos de alto contido e detalle técnico que non resultan propios dunha norma con rango de lei.

Finalmente, cun marcado carácter técnico, complétase a transposición da DMA coa Instrución de planificación hidrolóxica, aprobada pola Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, en que se establecen os criterios para a homoxeneización e sistematización dos traballos de elaboración dos plans hidrolóxicos de bacía para os ámbitos intercomunitarios, constituíndo esta norma o terceiro nivel de transposición. Débese recordar que,

recentemente, unha parte relevante do contido desta instrución, que non se aplica ás bacías intracomunitarias, foi incorporada ao RPH por tratarse de lexislación básica, tal e como ocorre co Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, e co Real decreto 1075/2015, do 27 de novembro, polo que se modifica o anexo II do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, relativo á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

Por outra parte, a planificación hidrolóxica esténdese ás augas costeiras e de transición que, non sendo dominio público hidráulico, se incorporan no concepto de demarcación hidrográfica introducido pola DMA, configurando así o ámbito territorial dos plans hidrolóxicos, polo que cómpre ter en conta a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e o resto de lexislación específica aplicable a estas augas.

O marco normativo da planificación hidrolóxica non estaría completo sen a obrigada referencia á Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, que se ofrece como instrumento para dar adecuada resposta aos problemas que non se poden resolver desde un único ámbito de planificación. De igual modo, cómpre citar a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que garante a máxima protección ambiental e dá un novo impulso ao desenvolvemento sustentable mediante a análise dos efectos significativos sobre o ambiente dos plans, programas e proxectos antes da súa adopción, aprobación ou autorización, a través de principios tales como os de precaución, acción preventiva e cautelara, corrección e compensación dos impactos e proporcionalidade. Neste sentido, os plans hidrolóxicos sométense a avaliación ambiental estratéxica nos termos previstos no RPH.

Para completar o deseño do marco regulador é necesaria unha mención a aquelas normas que definen os aspectos organizativos e de delimitación do ámbito territorial que se aplican á planificación hidrolóxica. Neste sentido, o artigo 40.3 do TRLA establece que o ámbito territorial de cada plan hidrolóxico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. Así, o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, coas últimas modificacións recollidas no Real decreto 775/2015, do 28 de agosto, motivadas pola súa anulación parcial pola Sentenza do Tribunal Supremo do 9 de xuño de 2015, establece a delimitación de cada unha das demarcacións ou da parte española delas a que se refire esta norma.

En particular, esta norma dá resposta ás exigencias previstas na disposición adicional sexta do citado Real decreto 125/2007, que establece que a elaboración do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental se efectuará mediante a integración harmónica dos plans hidrolóxicos das administracións hidráulicas competentes, ao se teren traspasado mediante o Real decreto 1551/1994, do 8 de xullo, á Comunidade Autónoma do País Vasco as funcións e servizos sobre as bacías internas do País Vasco. Con este fin, mediante o convenio de colaboración asinado o 18 de xullo de 2012 creouse o Órgano Colexiado de Coordinación, responsable de garantir a unidade de xestión e a coordinación da planificación hidrolóxica na parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental. O dito convenio establece as directrices para a elaboración do plan hidrolóxico mediante a integración harmónica, por unha parte, do plan hidrolóxico elaborado pola Administración xeral do Estado para as bacías intercomunitarias, a través da Confederación Hidrográfica do Cantábrico de conformidade co artigo 1.1 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, e, por outra, do plan hidrolóxico realizado pola Comunidade Autónoma do País Vasco para as súas bacías internas, a través da Axencia Vasca da Auga (URA), en cumprimento da Lei 1/2006, do 23 de xuño, de augas. Ambos os plans foron tramitados previamente nos seus respectivos ámbitos pero de forma coordinada.

A actuación da Axencia Vasca da Auga, no ámbito de competencia autonómico, baséase tamén no disposto no artigo 41.1 do TRLA, onde se establece que «a elaboración e a proposta de revisións ulteriores dos plans hidrolóxicos de bacía realizaraas o organismo de bacía correspondente ou a Administración hidráulica competente, nas bacías comprendidas integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma».

Desde outro punto de vista, a coordinación cos Estados membros da Unión Europea veciños é esencial para encaixar as diversas partes nacionais dos plans nas demarcacións internacionais de ámbito territorial compartido. Para as demarcacións do Miño-Sil, Douro, Texo e Guadiana aprovéitanse as estruturas e as previsións do Convenio sobre cooperación para a protección e o aproveitamento sustentable das augas das bacías hidrográficas hispanoportuguesas (Convenio de Albufeira), do 30 de novembro de 1998; e, no caso do Cantábrico oriental e Ebro, a colaboración con Francia artículase aproveitando as previsións contidas no Acordo administrativo entre España e Francia sobre xestión da auga (Acordo de Toulouse), do 15 de febreiro de 2006.

Por último, as demarcacións de Ceuta e Melilla non se configuran como demarcacións internacionais; non obstante, de resultar preciso coordinar algún elemento destes plans co Estado veciño, aproveitaranse as ferramentas que proporciona o Tratado de amizade, boa veciñanza e cooperación entre o Reino de España e o Reino de Marrocos, feito en Rabat o 4 de xullo de 1991.

Neste marco, o proceso de converxencia das políticas da auga entre os distintos Estados require ter en conta os tratados internacionais subscritos por España, en especial o Convenio das Nacións Unidas sobre a protección e uso dos cursos de auga transfronteirizos e dos lagos internacionais, feito en Helsinki o 17 de marzo de 1992; o Convenio OSPAR sobre a protección do ambiente mariño do Atlántico nordés, feito en París o 22 de setembro de 1992, e o Convenio para a protección do mar Mediterráneo contra a contaminación (Convenio de Barcelona), cuxo Protocolo sobre a protección do Mediterráneo contra a contaminación de orixe terrestre, aprobado en 1996 e ratificado por España en 1999, está en vigor desde 2008.

No ámbito estatal, para garantir a adecuada cooperación na aplicación das normas de protección das augas créanse, no caso das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias ás cales se refire este real decreto, os comités de autoridades competentes, cuxa composición, funcionamento e atribucións se regulan no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro. Estas autoridades son igualmente responsables de trasladar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente toda a información relativa á demarcación requirida pola Unión Europea.

Finalmente, aínda que non constitúan obrigacións normativas, a planificación hidrolóxica tamén ten en conta os documentos derivados da Estratexia común de implantación das directivas da auga que impulsa a Comisión Europea e, en particular, a Comunicación, do 14 de novembro de 2012, da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, titulada «A Blueprint to Safeguard Europe's Water Resources» e os novos documentos guía elaborados ou actualizados recentemente, especialmente o «WFD Reporting Guidance 2016», adoptado polos directores europeos da auga en xuño de 2014.

## II

O logro dos obxectivos perseguidos pola planificación hidrolóxica proxéctase como un labor continuado ao longo do tempo, mediante sucesivas revisións sexenais dos plans hidrolóxicos, o que permite distinguir diferentes fases ou ciclos dentro do continuo proceso planificador.

O primeiro ciclo comprende o período 2009-2015. Superada esa primeira fase, procede a aprobación dos plans hidrolóxicos do segundo ciclo, para o período 2015-2021, revisando e actualizando os primeiros cos documentos que se adoptan con esta norma. O procedemento para iso descríbese no artigo 41 do TRLA e detállase no artigo 89 do RPH. Culminado o procedemento de aprobación, os novos plans hidrolóxicos substitúen os anteriores, que quedan derogados.

A experiencia do primeiro ciclo, cargado de litixiosidade, achega unha relativamente extensa xurisprudencia do Tribunal Supremo acreditando a plena legalidade daqueles plans, con moi concretas excepcións, xa que a práctica totalidade das sentenzas veñen sendo desestimatorias dos recursos interpostos contra eles. Nunha boa parte dos casos son recursos relacionados coa legalidade do sistema de caudais ecolóxicos.

Con todo iso, o dato da validación das solucións xurídicas adoptadas polos plans do primeiro ciclo pola case totalidade da xurisprudencia emitida e que, loxicamente, se aproveita para construír as disposicións normativas dos novos, debería ser tido en conta por quen veu insistindo durante as fases de consulta e participación nos mesmos temas xa xulgados, insistindo niso mesmo a través de votos particulares presentados nas últimas fases do proceso. Sen dúbida, o enfoque que ofrecen os novos plans, que aprenden da citada xurisprudencia, deberá redundar nunha significativa redución da litixiosidade, especialmente sobre cuestións xa xulgadas.

Así, o procedemento de revisión dos plans hidrolóxicos para este segundo ciclo apóiase na experiencia do primeiro ciclo e, de acordo co artigo 89.6 do RPH, debe ser similar ao previsto para a súa elaboración nos artigos 76 a 82 da citada norma. Todo isto a través dun mecanismo que se desenvolve en tres etapas.

A primeira etapa deste segundo ciclo iniciouse o 24 de maio de 2013, coa publicación no «Boletín Oficial del Estado» da Resolución da Dirección Xeral da Auga pola que se anunciaba a apertura do período de consulta pública dos documentos iniciais do proceso de planificación hidrolóxica (revisión 2015) correspondentes ao programa, calendario, estudo xeral sobre a demarcación e fórmulas de consulta, para os ámbitos de planificación de competencia estatal. De igual forma, o *Boletín Oficial del País Vasco* publicou a Resolución do director xeral da Axencia Vasca da Auga pola que se iniciaba a apertura do período de consulta pública dos documentos iniciais correspondentes ao ámbito de competencias do País Vasco dentro da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental.

Este período de consulta prolongouse durante seis meses; unha vez transcorrido, consolidáronse os mencionados documentos integrando aquelas achegas dos interesados que se consideraron oportunas.

Nunha segunda etapa, para cada ámbito de planificación elaborouse o esquema provisional de temas importantes, que foi sometido a un novo período de consulta pública de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2013. Finalizado o período de consulta, cada organismo promotor elaborou os oportunos informes sobre as propostas, observacións e suxestións recibidas ao esquema provisional de temas importantes e incorporou ao dito documento aquelas achegas que foron consideradas adecuadas para conformar así a versión final do citado esquema.

Cada documento final referido foi sometido a informe dos correspondentes órganos colexiados entre o 18 de setembro de 2014, en que se emitiu informe sobre o esquema de temas importantes da demarcación hidrográfica de Ceuta, e o 28 de outubro de 2014, en que se emitiu informe sobre o da demarcación do Texo, último dos concernidos por esta norma que completaron esa tramitación.

Iniciouse, simultaneamente á tramitación dos esquemas de temas importantes, o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A tramitación da avaliación ambiental estratéxica no ámbito de competencias do País Vasco, na demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental, realizouse ademais de acordo coa Lei 3/1998, do 27 de febreiro, xeral de protección do ambiente do País Vasco, e co Decreto 211/2012, do 16 de outubro, polo que se regula o procedemento de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas.

O proceso ordinario de avaliación ambiental estratéxica, como procedemento administrativo instrumental do procedemento de aprobación dos proxectos dos plans hidrolóxicos, consta dos seguintes fitos: solicitude de inicio, consultas previas e determinación do alcance do estudo ambiental estratéxico, elaboración do estudo ambiental estratéxico, información pública e consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, análise técnica do expediente e, finalmente, declaración ambiental estratéxica. Para os efectos determinados na dita lei, as confederacións hidrográficas e a Axencia Vasca da Auga teñen a consideración de órgano promotor, e o departamento propoñente, a través da Dirección Xeral da Auga, asume a función de órgano substantivo.

Os documentos de inicio, preparados por cada organismo promotor, foron enviados á autoridade ambiental entre o 9 de abril e o 25 de xuño de 2014.

Recibida e admitida a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica e finalizado o período de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, o órgano ambiental elaborou o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico referido a cada un dos casos. Este documento de alcance foi remitido ao órgano substantivo e ao promotor, xunto coas achegas recibidas como froito das consultas realizadas.

Mentres, na terceira etapa do proceso de planificación, tendo en conta toda a información antecedente, os organismos de bacía redactaron a proposta de proxecto do plan hidrolóxico correspondente, presidida polos criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social no uso da auga mediante a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, prevención da deterioración do estado das augas, protección e mellora do medio e dos ecosistemas acuáticos, redución da contaminación e prevención dos efectos de inundacións e secas. En todo caso, os plans hidrolóxicos de bacía coordínanse con diferentes planificacións sectoriais co fin de harmonizar as necesidades dos distintos sectores que inciden na auga, tales como o uso do solo, a política enerxética e a de regadíos e outros usos agrarios.

En paralelo, atendendo tamén aos requisitos particulares fixados nos documentos de alcance, os organismos de bacía elaboraron o estudo ambiental estratéxico no cal identifican, describen e avalían os posibles efectos significativos sobre o ambiente que se producirían coa aplicación do plan hidrolóxico, ademais dos posibles efectos derivados de distintas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, tendo en conta os obxectivos dos plans hidrolóxicos.

Con todo isto, a proposta de proxecto de revisión dos plans hidrolóxicos, xunto co estudo ambiental estratéxico correspondente a cada un, foron sometidos a consulta pública durante seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014, e paralelamente a consulta das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, incluíndo, de ser o caso, consultas transfronteirizas, para os efectos da lexislación de avaliación ambiental e da propia DMA.

Ultimado o período de consulta pública indicado, os respectivos promotores realizaron un informe sobre as alegacións e suxestións recibidas e incorporaron a cada proxecto de plan hidrolóxico aquelas consideradas adecuadas, coa conseguinte modificación do estudo ambiental estratéxico nos termos que en cada caso correspondese.

Seguidamente, para os ámbitos territoriais de planificación de competencia estatal, unha vez recibido o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, o órgano ambiental finalizou o procedemento formulando as declaracións ambientais estratéxicas correspondentes a cada unha das propostas de revisión dos plans. Estes informes preceptivos e determinantes foron preparados pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural en agosto de 2015 e finalmente aprobados polo secretario de Estado de Medio Ambiente, na súa condición de autoridade ambiental, con data do 7 de setembro de 2015. Por último, as declaracións ambientais estratéxicas publicáronse no «Boletín Oficial del Estado» os días 18 de setembro (Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana e Guadalquivir), 21 (Ceuta, Melilla e Xúcar) e 22 (Cantábrico oriental, Cantábrico occidental, Segura e Ebro).

Da mesma forma, para o caso do ámbito de competencia do País Vasco na demarcación do Cantábrico oriental, tras a recepción do expediente de avaliación ambiental estratéxica, o órgano ambiental da Comunidade Autónoma do País Vasco formulou a memoria ambiental, adoptada mediante Resolución do 10 de setembro de 2015 da directora de Administración ambiental.

Con todo iso, as pertinentes determinacións ambientais puideron quedar incorporadas nos respectivos plans.

Ultimados todos os trámites, para cada proposta de revisión solicítase, nos ámbitos intercomunitarios, a expresión de conformidade dos comités de autoridades competentes e o informe preceptivo do consello da auga da correspondente demarcación, para elevar as propostas de plan ao Goberno a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), para continuar a súa tramitación. Estes informes emitíronse

durante o mes de setembro de 2015 e os correspondentes expedientes tiveron entrada no Magrama entre os días 7 de setembro e 8 de outubro de 2015.

No caso da parte da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental de competencia da Comunidade Autónoma do País Vasco, e de acordo co establecido pola Lei 1/2006, de augas, do País Vasco, requiriuse a conformidade do Consello de Administración da Axencia Vasca da Auga (21 de xullo de 2015); os informes da Comisión de Ordenación do Territorio do País Vasco (16 de setembro de 2015) e do Consello da Auga do País Vasco (23 de setembro de 2015); e a conformidade da Asemblea de Usuarios (23 de setembro de 2015) e do Consello de Goberno (6 de outubro de 2015).

Finalmente, a integración harmónica dos plans dos dous ámbitos competenciais, estatal e autonómico, da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental, obtivo a conformidade do Órgano Colexiado de Coordinación o 6 de outubro de 2015 e a proposta resultante elevouse ao Goberno, a través do Magrama, para continuar a súa tramitación.

Para completar a tramitación, os proxectos de real decreto aprobatorio dos plans hidrolóxicos foron sometidos a informe do Pleno do Consello Nacional da Auga en dúas sesións. A primeira, celebrada o día 30 de setembro de 2015, emitiu informe sobre os proxectos de Plan hidrolóxico do Miño-Sil, Douro, Texo, Gadiana, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura, Xúcar e Ebro, e a segunda, que tivo lugar o 28 de outubro de 2015, emitiu informe sobre os proxectos de Plan hidrolóxico do Cantábrico oriental e Cantábrico occidental. En ambas as sesións os plans obtiveron o apoio dunha ampla maioría dos membros do Consello.

### III

Polo que se refire á estrutura formal e ao contido dos plans hidrolóxicos, de acordo co artigo 81 do RPH, distínguense dúas partes claramente diferenciadas: unha memoria e unha normativa.

A memoria atende aos contidos obrigatorios que para a revisión dos plans se describen no artigo 42 do TRLA. É un documento de carácter eminentemente técnico, que debe conter de forma ineludible, e adicionalmente aos contidos xenéricos dos plans hidrolóxicos do primeiro ciclo que agora se revisan, un resumo de todos os cambios ou actualizacións efectuados, unha avaliación dos progresos realizados na consecución dos obxectivos ambientais ademais dunha explicación dos obxectivos que non foron alcanzados, un resumo e explicación das medidas que non se puxeron en marcha e, por último, un resumo das medidas adicionais transitorias adoptadas para as masas de auga que probablemente non alcancen os obxectivos ambientais previstos.

Pola súa parte, a normativa está integrada polas disposicións de contido normativo que figuran anexas ao presente real decreto, que ten natureza de regulamento e constitúe unha norma subordinada á lei e aos seus desenvolvementos regulamentarios xerais, na cal se establecen mandatos claros que teñen como destinatarios non só as administracións competentes senón os particulares, e que pasa a formar parte do ordenamento xurídico.

A existencia desta parte normativa non resta carácter vinculante ao contido do plan incorporado na memoria e os seus anexos, en particular ao desenvolvemento do programa de medidas, pois, de conformidade co artigo 40.4 do TRLA, os plans hidrolóxicos son públicos e vinculantes, e debe entenderse que o acto de aprobación gubernativo se estende, obviamente, a todos os seus compoñentes.

En canto á publicidade dos plans hidrolóxicos, tendo en conta a extensión de cada unha das partes en que se estruturan, materialízase, tal e como queda establecido na disposición adicional terceira do presente real decreto, a través da publicación formal do contido normativo do plan e dos seus apéndices, xunto co real decreto de aprobación, no «Boletín Oficial del Estado»; e da publicación da memoria e dos seus anexos na páxina web das respectivas confederacións hidrográficas e, ademais, para o caso do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación do Cantábrico oriental, na páxina web da Axencia Vasca da Auga.

Como novidade do segundo ciclo de planificación, cómpre destacar que as disposicións de contido normativo dos distintos plans hidrolóxicos se presentan baixo unha sistemática e organización común a todos eles, que permite dispor dunha estrutura homoxénea e de fácil consulta, sen que esta circunstancia impedisese que se mantivesen as naturais peculiaridades de cada demarcación hidrográfica, debidas tanto ás súas particularidades naturais e socioeconómicas como á existencia en cada demarcación dunha tradición planificadora particular, plasmada nos anteriores plans que agora se revisan e que, progresivamente, se vai tratando de harmonizar.

Os programas de medidas dos plans, de carácter obrigatorio e vinculante, aparecen sintetizados no correspondente apéndice da parte normativa de cada plan hidrolóxico e que quedan desenvolvidos con detalle na súa memoria. Todas as medidas están clasificadas nalgún dos 19 tipos establecidos para homoxeneizar a súa catalogación.

Efectivamente, os programas de medidas son un instrumento vinculante e de cumprimento obrigatorio, desenvolvido na memoria de cada plan e nos seus anexos, nos cales se reuniron as categorías en que as diversas actuacións se poden agrupar para trasladar unha síntese á normativa que figura anexa a continuación do real decreto, destacando con iso que os principios básicos do dito programa están estruturalmente incluídos na citada normativa, como tamén sinala a disposición adicional segunda desta norma.

Os capítulos da normativa abordan de maneira sistemática os seguintes aspectos: definición das masas de auga, criterios de prioridade e compatibilidade de usos, réximes de caudais ecolóxicos e outros requirimentos ambientais, asignación e reserva de recursos, zonas protexidas e réxime de protección, obxectivos ambientais e modificación das masas de auga, medidas de protección das masas de auga, programa de medidas e organización e procedemento para facer efectiva a participación pública. Nalgúns casos engádense outros capítulos específicos atendendo ás peculiaridades da demarcación sobre a cal se proxectan.

Por último, a redacción do conxunto dos plans hidrolóxicos permitiu pór de manifesto a existencia dunha serie de situacións de necesidade de recursos hídricos que, á vista dalgúns plans, non poden ser atendidas no ámbito territorial do propio plan e que, por conseguinte, deben ser elevadas para unha futura revisión do Plan hidrolóxico nacional, tal e como se prevé nos artigos 21.3, 67.1 e 68 do RPH.

#### IV

O real decreto de aprobación dos plans consta de tres artigos, cinco disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras, e recibiu o informe favorable do Pleno do Consello Nacional da Auga en sesións que tiveron lugar os días 30 de setembro e 28 de outubro de 2015.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xaneiro de 2016,

#### DISPÕO:

*Artigo 1. Aprobación dos plans hidrolóxicos das bacías intercomunitarias para o período comprendido entre 2015 e 2021.*

1. De acordo co disposto no artigo 40.5 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, apróbanse os plans hidrolóxicos do segundo ciclo de planificación das seguintes demarcacións hidrográficas:

- a) Parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental.
- b) Demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental.

- c) Parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.
- d) Parte española da demarcación hidrográfica do Douro.
- e) Parte española da demarcación hidrográfica do Texo.
- f) Parte española da demarcación hidrográfica do Guadiana.
- g) Demarcación hidrográfica do Guadalquivir.
- h) Demarcación hidrográfica de Ceuta.
- i) Demarcación hidrográfica de Melilla.
- j) Demarcación hidrográfica do Segura.
- k) Demarcación hidrográfica do Xúcar.
- l) Parte española da demarcación hidrográfica do Ebro.

As ditas demarcacións teñen o ámbito territorial definido, para cada unha delas, no Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

2. A estrutura formal dos plans hidrolóxicos, que resultan aprobados, é a seguinte:

- a) Memoria xunto cos seus respectivos anexos, que incorporan o programa de medidas.
- b) Normativa cos seus respectivos apéndices.

3. As disposicións normativas de cada un dos plans que se aproban incorpóranse como anexos a este real decreto coa seguinte numeración:

Anexo I. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental.

Anexo II. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental.

Anexo III. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

Anexo IV. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro.

Anexo V. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo.

Anexo VI. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Guadiana.

Anexo VII. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Guadalquivir.

Anexo VIII. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Ceuta.

Anexo IX. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Melilla.

Anexo X. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Segura.

Anexo XI. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Xúcar.

Anexo XII. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Ebro.

## Artigo 2. *Condicións para a realización das infraestruturas.*

1. As infraestruturas hidráulicas promovidas pola Administración xeral do Estado e previstas nos respectivos plans hidrolóxicos serán sometidas, previamente á súa realización, a unha análise sobre a súa viabilidade técnica, económica e ambiental por parte da Administración xeral do Estado. En calquera caso, a súa construción supeditarase ás disposicións vixentes sobre avaliación de impacto ambiental e á lexislación de augas en canto á necesidade de obter, previamente á súa construción, a concesión, autorización ou



reserva demanial que proceda. Do mesmo xeito, a execución das obras quedará sometida ás dispoñibilidades orzamentarias e aos correspondentes plans sectoriais, cando a súa normativa específica así o prevexa.

2. O promotor, xa sexa público ou privado, de calquera actuación que comporte a deterioración do estado dunha ou varias masas de auga como consecuencia dunha nova modificación ou alteración das súas características físicas, que non fose prevista nos plans hidrolóxicos, deberá levar a cabo as análises requiridas polo artigo 39 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, e remitilos á autoridade competente, xa sexa ao organismo de bacía, en relación co dominio público hidráulico, ou á Administración que corresponda respecto das augas costeiras e de transición.

3. A autoridade competente someterá a dita documentación a un período de consulta e información pública específico, conforme as exigencias da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. Este proceso específico será simultáneo co requirido, de ser o caso, polo procedemento de avaliación ambiental que corresponda.

4. Con todo iso, a autoridade competente, mediante informe preceptivo e vinculante, verificará o cumprimento das condicións preceptuadas no citado artigo 39. Finalmente, o órgano substantivo decidirá sobre a idoneidade da actuación e, de ser o caso, propondrá a incorporación da documentación pertinente na seguinte revisión do plan hidrolóxico.

### Artigo 3. *Declaración de utilidade pública.*

1. De conformidade co artigo 44.2 do TRLA e co artigo 91 do RPH, decláranse de utilidade pública para os efectos da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, todas as infraestruturas relacionadas cos programas de medidas dos plans hidrolóxicos que se aproban mediante esta norma, precisas para a consecución dos obxectivos ambientais das masas de auga. Da mesma forma, tamén se declaran de utilidade pública os terreos que non sexan de dominio público e resulten necesarios para a materialización das infraestruturas indicadas.

2. Para a declaración de utilidade pública, para efectos da expropiación forzosa das concesións previstas no artigo 60.2 do TRLA, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Compatibilidade co plan hidrolóxico de bacía.
- b) Imposibilidade de obter o recurso hídrico doutro xeito que non sexa mediante a expropiación doutros aproveitamentos existentes de menor orde de prioridade ou mediante a variación das súas condicións concesionais.
- c) Non empeoramento do rendemento hidráulico global do sistema de explotación en que se insire o aproveitamento con respecto ao existente con anterioridade.
- d) Que os restantes aproveitamentos do sistema de explotación de recursos en que se insire o aproveitamento sigan cumprindo os criterios de garantía do plan hidrolóxico.
- e) Que o aproveitamento fose declarado de interese xeral.

3. Nos casos previstos no artigo 95 do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, a autoridade competente para declarar a utilidade pública demandará do organismo de bacía un informe en relación cos requisitos descritos no punto anterior.

4. Na solicitude de declaración de utilidade pública, de conformidade co artigo 106.2.a) do RDPH, deberá figurar a relación de bens afectados e aproveitamentos de menor orde de prioridade que serían susceptibles de expropiación e describiranse todos os aspectos, materiais e xurídicos, destes bens, así como daqueloutros bens e servizos afectados polo aproveitamento.

Disposición adicional primeira. *Masas de auga transfronteirizas e cooperación con outros Estados veciños.*

1. Todas as referencias ás masas de auga transfronteirizas que se realizan nos plans hidrolóxicos quedan limitadas desde un punto de vista normativo á parte española das demarcacións hidrográficas.

2. As masas de auga transfronteirizas das demarcacións hidrográficas do Miño-Sil, Douro, Texo e Guadiana, ás cales se fai referencia nos respectivos plans, así como, entre outros aspectos, as súas tipoloxías, condicións de referencia e obxectivos ambientais, poderanse ver modificadas de acordo cos resultados dos traballos de cooperación con Portugal, desenvolvidos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no marco do Convenio sobre cooperación para a protección e o aproveitamento sustentable das augas das bacías hidrográficas hispano-portuguesas, feito en Albufeira o 30 de novembro de 1998. Tales modificacións, de ser o caso, requirirán a revisión do correspondente plan hidrolóxico. En relación co anterior, ambas as partes subscribiron en xullo de 2015 un acordo que dá lugar á listaxe coa identificación das mencionadas masas de auga transfronteirizas, que se encontra publicada no portal web da Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio ([www.cadc-albufeira.eu](http://www.cadc-albufeira.eu)).

3. De igual modo, nos mesmos supostos citados no punto anterior, as masas de auga transfronteirizas das demarcacións do Cantábrico oriental e do Ebro quedarán condicionadas aos resultados dos traballos de cooperación con Francia realizados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no marco do Acordo administrativo sobre a xestión da auga, feito en Toulouse (Francia) o 15 de febreiro de 2006.

4. De resultar preciso coordinar algún elemento dos plans hidrolóxicos de Ceuta ou de Melilla co Reino de Marrocos, utilizaranse preferentemente as ferramentas que proporciona o Tratado de amizade, boa veciñanza e cooperación entre o Reino de España e o Reino de Marrocos, feito en Rabat o 4 de xullo de 1991.

Disposición adicional segunda. *Programas de medidas.*

1. En relación cos programas de medidas que forman parte de cada plan hidrolóxico, cuxo contido é de carácter obrigatorio e vinculante, o Comité de Autoridades Competentes priorizará aquelas actuacións que repercutan sobre as masas de auga que teñan un estado ou potencial «peor que bo», para conseguir os obxectivos ambientais propostos e alcanzar o bo estado ou potencial nos prazos previstos. Así mesmo, dentro destas actuacións, fomentaranse as medidas que sexan máis sustentables desde o punto de vista ambiental, económico e social.

2. A priorización a que fai referencia o parágrafo anterior farase tendo en conta o marco competencial, as dispoñibilidades orzamentarias e a debida coordinación entre as administracións afectadas.

3. O disposto nos números 1 e 2 entenderase sen prexuízo do obrigado cumprimento das partes dos programas de medidas incorporados ás disposicións normativas referidas no artigo 1.2.b) do propio teor das cales derive o seu carácter obrigatorio.

4. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, co obxecto de facilitar os traballos de coordinación que aseguren o desenvolvemento dos programas de medidas incorporados nos plans hidrolóxicos, manterá unha base de datos que se actualizará coa información que para tal efecto proporcionarán anualmente os organismos de bacía coa conformidade do Comité de Autoridades Competentes, e que servirá de referencia para obter os informes de seguimento que resulten necesarios para os efectos previstos no artigo 87 do RPH.

Disposición adicional terceira. *Publicidade.*

1. Dado o carácter público dos plans hidrolóxicos, conforme o disposto no artigo 40.4 do TRLA, calquera persoa poderá consultar o contido íntegro dos plans na sede dos organismos de bacía correspondentes. Así mesmo, poderase acceder ao contido dos

plans hidrolóxicos nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, así como na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Por outra parte, esta información estará dispoñible na sección de planificación das páxinas web dos organismos de bacía, segundo se indica seguidamente:

- Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental: [www.chcantabrico.es](http://www.chcantabrico.es) e [www.uragentzia.euskadi.eus](http://www.uragentzia.euskadi.eus)
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental: [www.chcantabrico.es](http://www.chcantabrico.es)
- Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil: [www.chminosil.es](http://www.chminosil.es)
- Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro: [www.chduero.es](http://www.chduero.es)
- Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo: [www.chtajo.es](http://www.chtajo.es)
- Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Guadiana: [www.chguadiana.es](http://www.chguadiana.es)
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Ceuta e Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Melilla: [www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Segura: [www.chsegura.es](http://www.chsegura.es)
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Xúcar: [www.chj.es](http://www.chj.es)
- Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Ebro: [www.chebro.es](http://www.chebro.es)

2. Para os efectos de garantir o cumprimento da exigencia complementaria de publicidade contida no artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, entre os apéndices á normativa de cada plan hidrolóxico encóntrase un extracto coa documentación adicional preceptuada, que formou parte do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Disposición adicional cuarta. *Revisión dos plans hidrolóxicos.*

1. Os plans hidrolóxicos que se aproban mediante este real decreto deberán ser revisados novamente, de conformidade co número 6 da disposición adicional décimo primeira do TRLA, con anterioridade ao 22 de decembro de 2021.

2. O previsto no punto anterior levarase a cabo sen prexuízo doutras actualizacións que poidan resultar obrigatorias antes do prazo indicado. En particular, pero non exclusivamente, para que estes plans hidrolóxicos se poidan acomodar ás previstas modificacións do RDPH sobre caudais ecolóxicos e xestión de inundacións, e doutras normas xerais sobre a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

Disposición adicional quinta. *Aplicación temporal do Plan especial do Alto Guadiana.*

De conformidade co artigo 5 do Real decreto 13/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Plan especial do Alto Guadiana, prorrógase a vixencia do mencionado plan especial ata que o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Guadiana, nalguna das súas futuras revisións, determine que se alcanzou o bo estado en todas as masas de auga do Alto Guadiana.

Disposición transitoria primeira. *Avaliación do estado das masas de auga.*

1. Durante a vixencia dos presentes plans hidrolóxicos serán de aplicación os criterios de seguimento e avaliación do estado e potencial das masas de auga superficial

recollidos neles, que se irán substituíndo de forma progresiva nos termos previstos polo Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental.

2. De igual forma, serán de aplicación os novos criterios de avaliación do estado das masas de auga subterránea recollidos na modificación, polo Real decreto 1075/2015, do 27 de novembro, do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

Disposición transitoria segunda. *Informes de compatibilidade en expedientes xa sometidos a informe e non resoltos.*

Na tramitación de expedientes que aínda se encontren pendentes de resolución final, a oficina de planificación da correspondente confederación hidrográfica ou a unidade que desempeñe esas funcións na Comunidade Autónoma do País Vasco dentro do seu ámbito competencial deberá ratificar aqueles informes de compatibilidade co plan hidrolóxico que realizase con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto. En caso de non ratificación, deberase emitir un novo informe de compatibilidade e procederase, segundo o caso, de conformidade co artigo 108.3 e 4 do RDPH.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogados os seguintes:

- a) Real decreto 285/2013, do 19 de abril, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.
- b) Real decreto 354/2013, do 17 de maio, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Guadiana.
- c) Real decreto 355/2013, do 17 de maio, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Guadalquivir.
- d) Real decreto 399/2013, do 7 de xuño, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental.
- e) Real decreto 400/2013, do 7 de xuño, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental.
- f) Real decreto 478/2013, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro.
- g) Real decreto 739/2013, do 30 de setembro, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Ceuta.
- h) Real decreto 740/2013, do 30 de setembro, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Melilla.
- i) Real decreto 129/2014, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Ebro.
- j) Real decreto 270/2014, do 11 de abril, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo.
- k) Real decreto 594/2014, do 11 de xullo, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Segura.
- l) Real decreto 595/2014, do 11 de xullo, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Xúcar.

Disposición derradeira primeira. *Modificación dos plans de seca.*

1. Para os efectos de garantir a coherencia entre os obxectivos ambientais establecidos no correspondente plan hidrolóxico, o Sistema global de indicadores hidrolóxicos e as medidas de prevención e mitigación das secas establecidas en cada Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca, aprobados pola Orde

MAM/698/2007, do 21 de marzo, modifícanse os plans de seca correspondentes ás seguintes demarcacións, co alcance que se indica:

a) Demarcación hidrográfica do Douro (memoria, capítulo 11 e anexo 13.1):

I. Incorporación da definición do concepto de seca prolongada a que se refiren determinadas medidas.

II. Modificación do índice de estado de seca do sistema de explotación Órbigo.

III. Modificación do índice de estado de seca do sistema de explotación Águeda pola entrada en servizo do encoro de Iruña.

b) Demarcación hidrográfica do Texo: os indicadores e os limiares de funcionamento no sistema cabeceira, definido no artigo 2 do plan hidrolóxico, aplicables no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da bacía hidrográfica do Texo, serán concordantes cos establecidos na disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e no artigo 1 do Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura. Desta forma, os estados de normalidade, prealerta, alerta e emerxencia no sistema de explotación de cabeceira do Texo corresponderanse cos niveis 1, 2, 3 e 4 definidos nas mencionadas normas.

c) Demarcación hidrográfica do Guadiana: a actualización realizada do Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da bacía do Guadiana inclúe os seguintes contidos:

I. Adopción dos sistemas de explotación definidos no plan hidrolóxico.

II. Actualización das series hidrolóxicas de achegas cos datos do plan hidrolóxico.

III. Actualización dos datos de demandas de acordo co plan hidrolóxico.

IV. Adaptación dos índices de estado e limiares de seca aos datos do plan hidrolóxico.

V. Actualización dos valores de caudais mínimos ecolóxicos de acordo cos caudais ecolóxicos do plan hidrolóxico.

VI. Incorporación do concepto de seca prolongada, recollido na Instrución de planificación hidrolóxica.

VII. Incorporación das infraestruturas de regulación que entraron en servizo desde a anterior redacción do plan especial.

2. Sen prexuízo do anterior, todos os plans especiais de seca a que se refire a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, pola que se aproban os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca nos ámbitos dos plans hidrolóxicos de bacías intercomunitarias, deberán ser revisados antes do 31 de decembro de 2017. Para levar a cabo esa revisión de forma harmonizada, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ditará as instrucións técnicas que considere procedentes, en particular para establecer os indicadores hidrolóxicos que permitan diagnosticar separadamente as situacións de seca e as situacións de escaseza.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.22ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación, concesión e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

2. Así mesmo, dítase tamén en virtude do artigo 149.1.23ª, que lle reserva ao Estado a competencia en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

3. Por outra parte, e en especial en relación co sector do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental que afecta as competencias do País Vasco, por se tratar das bacías intracomunitarias integradas na dita demarcación,

a norma tamén se dita ao abeiro do 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para establecer as bases e a coordinación da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xaneiro de 2016

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA

## Índice de anexos

Anexo I. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental.

Anexo II. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental.

Anexo III. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

Anexo IV. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro.

Anexo V. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo.

Anexo VI. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Guadiana.

Anexo VII. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Guadalquivir.

Anexo VIII. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Ceuta.

Anexo IX. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Melilla.

Anexo X. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Segura.

Anexo XI. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Xúcar.

Anexo XII. Disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Ebro.

---

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

## ANEXO I

DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA  
DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO ORIENTAL



Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

## DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO ORIENTAL

### Capítulo I. Ámbito territorial, autoridades competentes, definición de masas de auga e rexistro de zonas protexidas

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial e horizontes temporais, e sistema de información xeográfica*

1. O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrolóxico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental é o definido polo artigo 3.2 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

2. Os horizontes temporais, de acordo coa disposición adicional décimo primeira, número 6, do TRLA, e o Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, son: 2015, 2021 e 2027.

3. O ámbito territorial da demarcación, a delimitación e descrición dos sistemas de explotación de recursos e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental realízanse conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada nos seguintes sistemas de información:

- a) O Sistema de información xeográfica Confederación Hidrográfica do Cantábrico (SIXCHC), administrado pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico. En defecto do previsto con carácter específico noutras disposicións, o exercicio das funcións de administración do Sistema de información xeográfica SIXCHC levarao a cabo a Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía. É accesible ao público no enderezo electrónico <http://sig.chcantabrico.es/sigweb/>
- b) O Sistema de información da auga, administrado pola Axencia Vasca da Auga. É accesible ao público no enderezo electrónico <http://www.uragentzia.euskadi.eus/informacion-del-agua/informacion-geografica-visor-gis/visor-gis/u81-0003711/es/>

4. En especial e entre outros cometidos, o SIXCHC e o SIAE proporcionan toda a información necesaria en relación co estado das masas de auga, de acordo co artigo 87.2 do citado RPH.

5. Así mesmo, o Rexistro de Zonas Protexidas da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental, nas cales será de aplicación a súa normativa específica, encóntrase integrado nos sistemas de información xeográfica SIXCHC e SIAE, de consulta pública permanente nos enderezos

Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

electrónicos [http://sig.chcantabrico.es/sigweb\\_e](http://sig.chcantabrico.es/sigweb_e) <http://www.uragentzia.euskadi.eus/informacion-del-agua/informacion-geografica-visor-gis/visor-gis/u81-0003711/es/>. Neles recóllense as diversas figuras de protección que debe incorporar de acordo co artigo 24 do RPH, así como as xeometrías definidas polas entidades xeoespaciais correspondentes.

## **Artigo 2. Autoridades competentes**

As autoridades competentes designadas no Plan hidrológico da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental recóllense no capítulo 15 da memoria do plan.

## **Artigo 3. Identificación de masas de auga superficial**

1. Defínense 138 masas de auga superficial: 117 son da categoría río, das cales 9 son asimilables a encoro, 3 da categoría lago, 14 da categoría augas de transición e 4 da categoría augas costeiras. Todas estas masas de auga están relacionadas no apéndice 1.

2. Das masas de auga da categoría río: 6 son do tipo eixes fluviais principais cántabro-atlánticos calcarios; 23 son do tipo pequenos eixes cántabro-atlánticos calcarios; 40 son do tipo ríos vasco-pirenaicos; 30 son do tipo ríos cántabro-atlánticos calcarios; 9 son do tipo ríos costeiros cántabro-atlánticos; 1 dos ríos asimilables a encoro é do tipo monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos; 1 dos ríos asimilables a encoro é do tipo monomíctico, calcario de zonas húmidas, pertencentes a ríos da rede principal e 7 dos ríos asimilables a encoro son do tipo monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos.

3. As masas da categoría lago divídense en: 1 do tipo interior en bacía de sedimentación, mineralización media permanentes; 1 do tipo monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos; e 1 do tipo monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos.

4. Das masas de auga da categoría augas de transición: 2 son do tipo esteiro atlántico intermareal con dominancia do río sobre o esteiro, 8 son do tipo esteiro atlántico intermareal con dominancia mariña e 4 son do tipo esteiro atlántico submareal.

5. As 4 masas de auga costeiras son do tipo augas costeiras atlánticas do Cantábrico oriental expostas sen afloramento.

6. Hai 5 masas de auga superficial que teñen o carácter de transfronteirizas con Francia e que se recollen no apéndice 1.5.

## **Artigo 4. Identificación de masas de auga subterránea**

1. Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrológico identifica 20 masas de auga subterránea na súa demarcación, que figuran relacionadas no apéndice 2.1.

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

2. De acordo co establecido no artigo 9.2. do RPH, propóñense, para a súa consideración por parte do Plan hidrolóxico nacional, as masas de auga xestionadas con outras demarcacións relacionadas no apéndice 2.2.

**Artigo 5.** *Condicións de referencia e límites entre clases de estado*

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontren as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, nos apéndices 3 e 4 establécense as condicións de referencia e os límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores non incluídos no dito real decreto, que se deberán utilizar para completar a avaliación do estado ou potencial en que se encontren as masas de auga.

**Artigo 6.** *Indicadores de estado químico de masas de auga subterránea*

Os valores limiar adoptados neste plan hidrolóxico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea foron calculados atendendo ao establecido no Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración. De acordo co citado real decreto, definíronse en cada unha das masas de auga valores limiares para substancias tales como amonio, mercurio, chumbo, cadmio, arsénico, tricloroetileno e tetracloroetileno. Os valores limiar das mencionadas substancias adoptados e as normas de calidade ambiental para nitratos e praguicidas encóntranse recollidos no apéndice 9.

**Artigo 7.** *Masas de augas artificiais ou moi modificadas*

Desígnanse 34 masas de auga moi modificadas: 30 da categoría río, das cales 9 son asimilables a encoro, e 4 da categoría augas de transición. Así mesmo, desígnanse 2 masas de auga artificiais asimilables a lagos. Todas elas están relacionadas no apéndice 1.

**Artigo 8.** *Rexistro de Zonas Protexidas*

O Rexistro de Zonas Protexidas inclúe aquelas zonas relacionadas co medio acuático que son obxecto de protección en aplicación da normativa comunitaria, así como doutras normativas. As categorías do Rexistro de Zonas Protexidas, de conformidade co artigo 24 do Regulamento de planificación hidrolóxica, son as seguintes:

- a) Zonas ou masas en que se realiza unha captación de auga destinada á produción de auga de consumo humano, sempre que proporcione un volume medio de polo menos 10 metros cúbicos diarios ou abasteza máis de cincuenta persoas, así como, de ser o caso, os perímetros de protección delimitados. A Administración hidráulica poderá incluír no Rexistro, motivadamente, outras zonas en que se realizan captacións que non cumpran os requisitos anteriores, en atención ás súas circunstancias. Os apéndices 7.1 e 7.2 conteñen, respectivamente, as zonas *de captación de auga para consumo humano* recollidas no Rexistro de Zonas Protexidas. No ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco e co obxecto de dar cumprimento ao estipulado no artigo 32 da Lei 1/2006, do 23 de xuño, de augas, desta comunidade autónoma, inclúense as captacións que abastezan máis de 10 habitantes.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- b) Zonas ou masas de futura captación de auga para abastecemento urbano que cumpran a condición de volume mínimo ou de número mínimo de persoas abastecidas da alínea a). As zonas pertencentes a esta categoría móstranse no apéndice 7.3.
- c) Zonas declaradas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico:
  - 1º. No apéndice 7.4 recóllense as zonas declaradas de protección especial para a vida dos peixes, de conformidade co Real decreto 817/2015, do 11 de setembro.
  - 2º. Real decreto 345/1993, do 5 de marzo, polo que se establecen as normas de calidade das augas e da produción de moluscos e outros invertebrados mariños vivos. Zonas incluídas no apéndice 7.5.
- d) Masas de auga declaradas de uso recreativo, incluídas as zonas declaradas augas de baño de conformidade co Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño. O apéndice 7.6 enumera as zonas de baño declaradas en augas de transición e costeiras. O apéndice 15 contén guías de boas prácticas sobre os usos recreativos.
- e) Zonas declaradas vulnerables en aplicación das normas sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias: Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias. Na demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental non existe ningunha zona desta categoría.
- f) Zonas declaradas sensibles en aplicación das normas sobre tratamento de augas residuais urbanas: Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas. As zonas desta categoría recóllense no apéndice 7.7.
- g) Zonas declaradas de protección de hábitat ou especies en que o mantemento ou mellora do estado da auga constitúa un factor importante para a súa protección: lugares de importancia comunitaria (LIC), zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e zonas de especial conservación (ZEC), incluídos nos espazos naturais protexidos Rede Natura 2000, designados no marco da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Os espazos correspondentes a esta alínea inclúense no apéndice 7.8.
- h) Perímetros de protección de augas minerais e termais aprobados de acordo coa súa lexislación específica. Os perímetros aprobados relaciónanse no apéndice 7.9.
- i) Reservas naturais fluviais declaradas de conformidade co artigo 22 do RPH. As reservas naturais fluviais recóllense no apéndice 7.10.
- j) Zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar, no Inventario español de zonas húmidas de acordo co Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, e outras zonas húmidas. A relación de zonas húmidas incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas recóllese no apéndice 7.11.
- k) Zonas de protección especial: dentro desta categoría distínguense as seguintes tipoloxías:
  - 1º. Tramos fluviais de interese natural ou ambiental, entendendo como tales aqueles tramos especialmente singulares que requiren de especial protección. Estes tramos relaciónanse no apéndice 7.12.
  - 2º. Outras figuras de protección: o apéndice 7.13 inclúe outras figuras non recollidas en ningún dos puntos xa mencionados pero que foron seleccionadas para a súa adecuada protección.

[Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

## Capítulo II. Obxectivos ambientais

### **Artigo 9. Obxectivos ambientais**

1. Co fin de dar cumprimento ao artigo 92 bis do TRLA, no apéndice 6 recóllense os obxectivos ambientais para cada unha das masas de auga identificadas no ámbito do plan e os prazos para a súa consecución.
2. O presente plan non recolle o establecemento de obxectivos ambientais menos rigorosos.
3. Os elementos do dominio público hidráulico que non foron designados como masas de auga protexeranse en todo caso co fin de cumprir os obxectivos ambientais establecidos no citado artigo 92 bis, os valores establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, os límites entre clases de estado en función da categoría e tipoloxía asimilables dos apéndices 3 e 4 e os valores de referencia establecidos no apéndice 8.
4. Os obxectivos ambientais para as zonas do Rexistro de Zonas Protexidas constitúen obxectivos adicionais aos xerais das masas de auga coas cales están relacionadas e aluden aos obxectivos previstos na lexislación a través da cal foron declaradas as ditas zonas e aos que establezan os instrumentos para a súa protección, ordenación e xestión.
5. Os prazos de cumprimento dos obxectivos ambientais e as prórrogas para a súa consecución son os previstos no apéndice 6, e isto con independencia de que as normas de calidade ambiental e os valores de referencia no medio receptor contidos no apéndice 8 se deben cumprir desde a súa entrada en vigor.
6. Os casos a que fan referencia os supostos dos artigos 36, 37, 38 e 39 do RPH recóllense explicitamente en fichas sistemáticas no anexo 9 da memoria.

### **Artigo 10. Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga**

1. Nunha situación de deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga, as condicións en virtude das cales se poden declarar circunstancias como racionalmente imprevistas ou excepcionais, conforme o artigo 38 do RPH, son as seguintes:
  - a) Entenderanse por graves inundacións aquelas de probabilidade media en correspondencia coa categoría b) do número 1 do artigo 8 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación. As inundacións cunha maior probabilidade poderán ser consideradas como inundacións graves en circunstancias en que os impactos desas inundacións sexan igualmente excepcionais.
  - b) Entenderanse por secas prolongadas as correspondentes ao estado de emerxencia declarado segundo o disposto no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca aplicable.
  - c) Consideraranse accidentes que non se puideron prever razoablemente, entre eles as verteduras accidentais ocasionais, os fallos en sistemas de almacenamento de residuos e de produtos industriais, roturas accidentais de infraestruturas hidráulicas e de saneamento, os incendios en

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

industrias e os accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse as circunstancias derivadas de incendios forestais.

- d) Consideraranse outros fenómenos naturais extremos como sismos, maremotos, tornados, avalanchas, etc.

2. A Administración hidráulica competente levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico, no cal se describan e xustifiquen os supostos de deterioración temporal e os efectos producidos e se indiquen as medidas tomadas tanto para a súa reparación como para previr que a dita deterioración se poida volver a producir no futuro.

**Artigo 11.** *Condicións para as novas modificacións ou alteracións*

1. Os casos en que este plan hidrolóxico prevé a materialización de novas modificacións ou alteracións que resultan xustificables, aínda que impiden o logro dos obxectivos ambientais conforme o previsto no artigo 92bis do TRLA, son os que se identifican no apéndice 6 e quedan documentados no anexo 9 á memoria.

2. No resto dos casos, isto é, para as novas modificacións ou alteracións non previstas, observarase o disposto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 de RPH mediante a formalización do modelo de ficha utilizado para os casos indicados no punto anterior. A Administración competente levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións.

Capítulo III. Réxime de caudais ecolóxicos

**Artigo 12.** *Cuestións xerais sobre o réxime de caudais ecolóxicos*

1. En relación co réxime de caudais ecolóxicos, serán de aplicación os artigos 13 a 15 seguintes na falta de disposición normativa de carácter xeral aplicable durante a vixencia deste plan.

2. De conformidade co artigo 59.7 do TRLA, os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais previstos nos seguintes artigos do plan non terán o carácter de uso e deberanse considerar como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación, sen prexuízo do establecido no artigo 13.6.

**Artigo 13.** *Caudais mínimos ecolóxicos*

1. Para as masas de auga da categoría río e transición fíxanse os réximes de caudais mínimos ecolóxicos que figuran no apéndice 5, tanto para a situación hidrolóxica ordinaria como para a situación de emerxencia por seca declarada segundo o disposto no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca aplicable.

2. Naqueles casos en que haxa solucións técnicas viables para atender as demandas sen afectar os caudais mínimos ecolóxicos establecidos para a situación hidrolóxica ordinaria, non será de aplicación o réxime de caudais mínimos ecolóxicos definido para a situación de emerxencia por seca declarada.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

3. Os caudais mínimos ecolóxicos citados no primeiro punto corresponden ao extremo de augas abaixo da masa de auga superficial ou do tramo considerado.

4. A determinación de caudais mínimos ecolóxicos nos leitos, en puntos non coincidentes cos do apéndice 5.1, seguirá as seguintes regras:

- a) Para calcular o caudal mínimo ecolóxico nun lugar que se sitúe entre puntos para os cales se dispoña de caudais mínimos ecolóxicos no apéndice 5.1, aplicarase a fórmula que se expón a continuación:

$$Q_x = (Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n) + \frac{Q_b - (Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n)}{A_b - (A_1 + A_2 + \dots + A_n)} * [A_x - ((A_1 + A_2 + \dots + A_n))]$$

onde:

$Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n$ : caudal mínimo ecolóxico no punto ou puntos de augas arriba tanto no leito principal coma nos afluentes. Naqueles casos en que exista augas arriba máis dun punto con caudal mínimo ecolóxico definido no apéndice 5.1 sobre o mesmo leito principal ou afluente, tomarase como  $Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n$  o máis próximo que se quere estimar en cada caso.

$Q_b$ : caudal mínimo ecolóxico no punto de augas abaixo. Naqueles casos en que exista augas abaixo máis dun punto con caudal mínimo ecolóxico definido no apéndice 5.1, considerarase o máis próximo sobre o leito principal.

$Q_x$ : caudal mínimo ecolóxico no punto que se quere estimar.

$A_1 + A_2 + \dots + A_n$ : superficies das bacías vertentes nos puntos de augas arriba correspondentes a  $Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n$ .

$A_b$ : superficie de bacía vertente no punto de augas abaixo.

$A_x$ : superficie de bacía vertente no punto que se quere estimar.

- b) Nos casos en que haxa que extrapolar o valor do réxime de caudais mínimos, é dicir, en tramos de cabeceira en que sexa necesario estimar un réxime augas arriba do primeiro punto con designación de caudais mínimos, a fórmula para empregar será:

$$Q_x = \frac{Q_1}{A_1} * A_x$$

onde:

$Q_1$ : caudal mínimo ecolóxico no punto de augas abaixo.

$Q_x$ : caudal mínimo ecolóxico no punto que se quere estimar.

$A_1$ : superficie de bacía vertente no punto de augas abaixo.

$A_x$ : superficie de bacía vertente no punto que se quere estimar.

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

- c) Nos tramos de leito que pola súa dimensión reducida non foron designados como masas de auga e que non se encontran conectados con ningunha masa de auga da categoría río, en especial pequenos leitos que verten ao mar ou ás augas de transición, o cálculo do caudal mínimo ecolóxico realizarase considerando un valor de 2,0 l/s por cada km<sup>2</sup> de bacía vertente, salvo que se xustifique adecuadamente outro valor.
- d) Nos mananciais ou nos lugares en que as augas superficiais dos leitos se poidan sumir parcial ou totalmente no terreo, e naqueles en que o cumprimento dos obxectivos definidos nos artigos 92 e 92 bis do TRLA se poida ver comprometido en función das previsibles afeccións ao medio natural, o caudal mínimo ecolóxico será definido mediante estudos específicos e non será de aplicación o procedemento descrito nos puntos precedentes. Os mencionados estudos específicos deberán definir os caudais mínimos ecolóxicos na totalidade do tramo de leito que o mesmo estudo determine como afectado.

5. Non serán exixibles caudais mínimos ecolóxicos superiores ao réxime natural existente en cada momento. Cando o caudal que circule polo leito sexa inferior ao caudal mínimo ecolóxico establecido, non se poderán realizar derivacións de auga, sen prexuízo das excepcións contidas no presente plan hidrolóxico.

6. En situacións de seca ordinaria, as concesións para abastecemento a poboacións, de conformidade co artigo 59.7 do TRLA, terán supremacía sobre o réxime de caudais mínimos ecolóxicos cando, logo de apreciación por parte da Administración hidráulica, non exista unha alternativa de subministración viable que permita a súa correcta atención e de se cumpriren as seguintes condicións:

- a) Que non se extraia para o abastecemento máis do 75% do caudal circulante.
- b) Que se tomen as medidas adecuadas para a diminución da auga utilizada mentres dure a situación de caudais circulantes inferiores aos caudais mínimos ecolóxicos.
- c) Que as medidas adoptadas, e os resultados obtidos, sexan obxecto de informe que elaborará a entidade beneficiaria da concesión, que o deberá remitir á Administración hidráulica nun prazo non superior a un mes desde o comezo da situación.
- d) Que en todo caso, como máis tarde aos seis meses tras a finalización do período en que os caudais mínimos ecolóxicos fosen afectados, a entidade beneficiaria da concesión de abastecemento entregará á Administración hidráulica un plan de actuación encamiñado á redución da probabilidade de ocorrencia destes episodios, e que identificará, segundo proceda, as medidas dirixidas ao aforro do consumo, as medidas para mellorar a eficiencia na rede de subministración, así como as fontes alternativas de recursos, xunto co sistema de control e seguimento delas. A Administración hidráulica fará un seguimento da aplicación do mencionado plan de actuación e, cando o considere insuficiente ou inadecuado, poderase suspender a aplicación da supremacía da captación, de conformidade co artigo 50.4 do TRLA.

**Artigo 14. Caudais máximos ecolóxicos**

No apéndice 5.3 fíxanse os réximes de caudais máximos ecolóxicos para algunhas masas de auga da categoría río con importantes estruturas de regulación.

A evacuación de caudais superiores aos indicados no apéndice 5.3 polos órganos de desaugamento das presas non constituirá un incumprimento do réxime de caudais máximos cando en episodios de enchentes se actúe conforme a norma de explotación aprobada.



Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

**Artigo 15.** *Proceso de implantación do réxime de caudais ecolóxicos*

1. O réxime de caudais ecolóxicos será de aplicación ás concesións en vigor segundo establece o artigo 26.3 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, sen prexuízo do desenvolvemento do proceso de concertación cos titulares das concesións vixentes en 9 de xuño de 2013, data de entrada en vigor do Real decreto 400/2013, con obxecto de mellorar a compatibilidade entre a implantación do réxime de caudais mínimos ecolóxicos e os usos e demandas actuais.

2. As modificacións que se poidan establecer ao réxime de caudais ecolóxicos por aplicación do artigo 13.4.d) ou debidas a estudos de perfeccionamento do réxime de caudais ecolóxicos validados pola Administración hidráulica serán aplicables nos termos previstos no número 1. Así mesmo, procederase á súa inclusión no seguinte ciclo de revisión do plan, salvo que o Consello da Auga da Demarcación e a Asemblea de Usuarios, nos seus respectivos ámbitos de competencias, aprecien a necesidade de facelo antes, de conformidade co artigo 89.1 do RPH.

Capítulo IV. Prioridade e compatibilidade de usos

**Artigo 16.** Usos da auga

Para os efectos do estipulado no artigo 12 do RPH, os usos da auga son os que figuran no artigo 49 bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

**Artigo 17.** *Orde de preferencia de usos entre diferentes usos e aproveitamentos*

1. Establécese a seguinte orde de preferencia entre os diferentes usos da auga, tendo en conta as exigencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno:

- 1º Abastecemento de poboación.
- 2º Gandaría.
- 3º Usos industriais, excluídos os usos das industrias do ocio e do turismo.
- 4º Regadío.
- 5º Acuicultura.
- 6º Usos recreativos e usos das industrias do ocio e do turismo.
- 7º Navegación e transporte acuático.
- 8º Outros usos.

2. A orde de prioridade non poderá afectar os recursos especificamente asignados por este plan no capítulo seguinte nin os bordos libres nos encoros para a laminación de enchentes.

3. No caso de concorrencia de solicitudes para usos coa mesma orde de preferencia, a Administración hidráulica dará preferencia ás solicitudes máis sustentables de acordo co sinalado no artigo 60 do RDPH.

4. Nos abastecementos de poboación terán preferencia as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan augas con problemas de calidade por outras de adecuada calidade.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

5. Por “outros usos” enténdense todos aqueles que non se encontren nalgunha das sete primeiras categorías mencionadas no número 1, que en ningún caso implicarán a utilización da auga con fins ambientais que sexan condicionantes do estado das masas de auga, nin se referirán aos supostos previstos no artigo 59.7 do TRLA.

#### Capítulo V. Asignación e reserva de recursos

##### **Artigo 18.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. De conformidade co artigo 19 do RPH, adóptanse os seguintes sistemas de explotación de recursos:

- a) Sistema Barbadun.
- b) Sistema Nervión.
- c) Sistema Butroe.
- d) Sistema Oka.
- e) Sistema Lea.
- f) Sistema Artibai.
- g) Sistema Deba.
- h) Sistema Urola.
- i) Sistema Oria.
- j) Sistema Urumea.
- k) Sistema Oiartzun.
- l) Sistema Bidasoa.
- m) Sistema ríos pirenaicos.

2. O ámbito dos sistemas de explotación de recursos é o que se define a continuación:

- a) Sistema de explotación Barbadun: comprende a totalidade da bacía do río Barbadun e o seu esteiro, incluíndo as bacías dos ríos Tresmoral, Picón ou Kotorrio, Galdames e Bezi e a masa de auga subterránea anticlinorio sur.
- b) Sistema de explotación Nervión: comprende as bacías dos ríos Nervión, Cadagua, Ibaizabal, Altube, Zeberio, Ordunte, Asua, Galindo, Gobelos e o esteiro do Nerbioi-Ibaizabal. Inclúe, ademais, o complexo lacunar de Altube.
- c) Sistema de explotación Butroe: comprende a totalidade da bacía do río Butroe e o seu esteiro, incluídas as bacías dos ríos Oleta, Arretabarri, Atxispe, Zuzentze, Maruri e Larrauri. Así mesmo, inclúe as bacías anexas dos ríos Andrakas, Estepona, Bakio e Inferno e as masas de auga subterránea anticlinorio norte e sinclinorio de Bizkaia.
- d) Sistema de explotación Oka: comprende a totalidade da bacía do río Oka e o seu esteiro, incluídas as bacías dos ríos Mape, Muxika, Kanpantxu, Golako e Oma. Así mesmo, comprende a totalidade das bacías anexas dos ríos Artigas e Laga e as masas de auga subterránea sinclinorio de Bizkaia, anticlinorio norte, Oiz, Gernika e Ereñozar.
- e) Sistema de explotación Lea: comprende a totalidade da bacía do río Lea e o seu esteiro, incluídas as bacías dos ríos Oiz e Arbina. Así mesmo, inclúe a bacía anexa do río Ea e as masas de auga subterránea anticlinorio norte, sinclinorio de Bizkaia e Ereñozar.
- f) Sistema de explotación Artibai: comprende a totalidade da bacía do río Artibai e o seu esteiro, incluídas as bacías dos ríos Bolibar, Urko e Amailoa. Así mesmo, comprende as masas de auga subterránea anticlinorio norte, sinclinorio de Bizkaia, Ereñozar e Izarraitz.
- g) Sistema de explotación Deba: comprende a totalidade da bacía do río Deba e o seu esteiro, incluídas as bacías dos ríos Ego, Aramaio, Oinati, Urkulu, Arantzazu, Ubera,

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Angiozar, Lastur, Kilimoi, San Lorenzo e Antzuola. Así mesmo, inclúe as bacías anexas dos ríos Saturrarán e Mijoa e as masas de auga subterránea Aizkorri, anticlinorio norte, sinclinorio de Bizkaia, Aramotz, Altube-Urkilla, Aranzazu, Izarraitz e Zumaia-Irun.

- h) Sistema de explotación Urola: comprende a totalidade da bacía do río Urola e o seu esteiro, incluídas as bacías dos ríos Ibaieder, Altzolaratz, Barrendiola, Urtatza, Katuin, Sastarrain, Larraondo e Otaola. Así mesmo, inclúe as masas de auga subterránea anticlinorio norte, sinclinorio de Bizkaia, Gatzume-Tolosa, Aranzazu, Izarraitz e Zumaia-Irun.
- i) Sistema de explotación Oria: comprende a bacía do río Oria e o seu esteiro; tamén comprende a totalidade das bacías dos ríos Agauntza, Zaldibia, Amezqueta, Araxes, Berastegui, Leizarán, Estanda, Asteasu, Santiago e Altxerri. Así mesmo, inclúe a bacía anexa de Iñurritza.
- j) Sistema de explotación Urumea: comprende a bacía do río Urumea, tamén comprende a totalidade das bacías dos ríos Añarbe, Landarbaso, Ollín e o esteiro do Urumea, así como a bacía anexa do río Igara.
- k) Sistema de explotación Oiartzun: comprende a bacía do río Oiartzun e o seu esteiro, e dos seus afluentes os ríos Zamora, Sarobe, Karrika e Arditurri. Así mesmo, inclúe as masas de auga subterránea Jaizkibel, Zumaia-Irun, Andoain-Oiartzun e macizos paleozoicos.
- l) Sistema de explotación Bidasoa: comprende a bacía do río Bidasoa; tamén comprende a totalidade das bacías dos ríos Cía, Ezcurra, Cevería, Latsa e Endara, Jaizubia, Aldabe e o esteiro do Bidasoa.
- m) Sistema de explotación ríos pirenaicos: comprende a cabeceira das bacías dos ríos Urrizate, Aritzacun (afluentes do río Nive en Francia) e dos ríos Arotzarena, Olavidea, Barreta, Alzagüerri e Lapitxuri (servidores do río Nivelles). Ademais, abarca as bacías dos ríos Zubiondo, Immelestegui e Beurreta-Buzanco (servidores do Nive des Aldudes) e do río Luzaide (servidor do Nive de Arneguy).

3. Asignación de recursos no sistema Barbadún:

- a) Asígnanselle a Sopuerta 0,26 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos do municipio e do reforzo de recursos do sistema Zadorra. Así mesmo, asígnanselle a Galdames 0,12 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do municipio e do reforzo de recursos de citado sistema Zadorra.
- b) Asígnanselle a Muskiz (Pobeña) 0,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos do sistema e do reforzo de recursos do sistema Zadorra.

4. Asignación de recursos no sistema Nervión.

- a) Río Cadagua:
  - 1º. Asígnanselle a Valle de Mena, para atender as demandas, 0,44 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Cadagua) e dos recursos das masas de auga subterránea Salvada e Mena-Orduña que actualmente utiliza.
  - 2º. Asígnanselle a Balmaseda, para atender as demandas, 0,59 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ordunte que lle subministra Bilbao.
  - 3º. Asígnanselle a Zalla, para atender as demandas, 0,83 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ordunte que lle subministra Bilbao.

---

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

- 4º. Asígnanselle a Güeñes, para atender as demandas, 0,60 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ordunte que lle subministra Bilbao.
- 5º. Asígnanselle a Alonsotegi, para atender as demandas, 0,29 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.
- 6º. Aos municipios de Artziniega, Gordexola e Okondo, para atenderen as demandas, asígnanselles 0,61 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- 7º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,84 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos procedentes do río Cadagua.

b) Río Ibaizabal:

- 1º. Asígnanselle a Elorrio, para atender as demandas, 0,67 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos das masas de auga subterránea anticlinorio sur e Etxano que actualmente utiliza e dos recursos da masa de auga Aramotz que lle subministra o sistema Duranguesado.
- 2º. Asígnanselle a Abadiño, para atender as demandas, 0,71 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos das masas de auga subterránea anticlinorio sur, Etxano e Oiz que actualmente utiliza.
- 3º. Asígnanselle a Zaldibar, para atender as demandas, 0,23 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea Etxano que actualmente utiliza e dos recursos da masa de auga Aramotz que lle subministra o sistema Duranguesado.
- 4º. Asígnanselle a Berriz, para atender as demandas, 0,50 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Etxano e Oiz (sondaxe Oizetxebarrieta-A) que actualmente utiliza.
- 5º. Asígnanselle a Durango, para atender as demandas, 2,40 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Etxano, Oiz (manancial Ibarruri, manancial Gallandas e sondaxes Ibarruri, Gallandas e Arria) e Aramotz (mananciais e sondaxes de Mañaria) que actualmente utiliza.
- 6º. Asígnanselle a Iurrieta, para atender as demandas, 0,48 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Etxano, Oiz (manancial Ibarruri, manancial Gallandas e sondaxes Ibarruri, Gallandas e Arria) e Aramotz (mananciais e sondaxes de Mañaria) que actualmente utiliza.
- 7º. Asígnanselle a Amorebieta-Etxano, para atender as demandas, 1,96 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Etxano (sondaxe Etxano-A) e anticlinorio sur que actualmente utiliza.
- 8º. Asígnanselle a Igorre, para atender as demandas, 0,44 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Aramotz (manancial San Cristóbal) e anticlinorio sur que actualmente utiliza.
- 9º. Asígnanselle a Lemoa, para atender as demandas, 0,35 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Aramotz (manancial San Cristóbal) e anticlinorio sur que actualmente utiliza.

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

- 10º. Asígnanselle a Galdakao, para atender as demandas, 2,44 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais regulados no encoro de Lekubaso, dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.
- 11º. Aos municipios de Atxondo, Garai, Mañaria, Izurtza, Larrabetzu, Bedia, Zeanuri, Areatza, Artea, Arantzazu e Dima, para atenderen as demandas, asígnanselles 1,15 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- 12º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,01 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.

c) Río Nervión:

- 1º. Asígnanselle a Urduña/Orduña, para atender as demandas, 0,45 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Salvada e Mena-Orduña que actualmente utiliza.
- 2º. Asígnanselle a Amurrio, para atender as demandas, 1,40 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Mena-Orduña e anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Maroño.
- 3º. Asígnanselle a Llodio, para atender as demandas, 1,73 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Arnauri, río Altube), da masa de auga subterránea anticlinorio sur e dos regulados no encoro de Maroño.
- 4º. Asígnanselle a Ayala/Aiara, para atender as demandas, 0,65 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Salvada e Mena-Orduña que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Maroño.
- 5º. Asígnanselle a Orozko, para atender as demandas, 0,37 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea anticlinorio sur e Itxina (manancial Aldabide) que actualmente utiliza.
- 6º. Asígnanselle a Ugao-Miraballes, para atender as demandas, 0,34 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.
- 7º. Asígnanselle a Arrigorriaga, para atender as demandas, 1,17 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.
- 8º. Asígnanselle a Basauri, para atender as demandas, 3,11 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.
- 9º. Asígnanselles a Etxebarri, Anteiglesia de San Esteban/Etxebarri Doneztebeko Elizatea, para atenderen as demandas, 0,71 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utilizan e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.
- 10º. Asígnanselle a Bilbao, para atender as demandas, 29,83 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais regulados nos encoros de Ordunte e Zollo e do río Cadagua que actualmente

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.

11º. Asígnanselle ao Gran Bilbao, para atender as demandas, 62,176 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais regulados nos encoros de Artiba e Nucedal, dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.

12º. Aos municipios de Arakaldo, Zeberio, Arrankudiaga e Zaratamo, para atenderen as demandas, asígnanselles 0,49 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.

13º. Asígnanse, para atender as demandas de Barakaldo e Sestao, 11,464 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais que actualmente utilizan regulados polos encoros de Oiola, Artiba e Nucedal e dos recursos regulados no encoro de Undúrraga procedentes do transvasamento Zadorra-Arratia que lle subministra o Consorcio de Augas Bilbao Bizkaia.

- d) Para atender as demandas de usos recreativos (golf) asígnanse 0,64 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- e) Para atender as demandas industriais do sistema, estimadas en 11,06 hm<sup>3</sup>/ano, asígnanse os recursos procedentes dos ríos Cadagua, Ibaizabal e Nervión.

5. Asignación de recursos no sistema Butroe.

- a) As demandas de auga máis significativas deste sistema de explotación son subministradas dos recursos procedentes de sistemas de explotación externos á demarcación (sistema de abastecemento Zadorra-Bilbao/Bizkaia).
- b) Asígnanse, para atender as demandas de Bakio, 0,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación de San Pelaio.
- c) Asígnanse, para atender as demandas de Meñaka, 0,08 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos dispoñibles.
- d) Asígnanse, para atender as demandas industriais do municipio de Munguía, 0,01 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais dispoñibles no sistema.
- e) Para atender as demandas de usos recreativos (golf) asígnanse 0,09 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

6. Asignación de recursos no sistema Oka.

- a) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Gernika, Ibarregelua e Elantxobe, 2,45 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación e do reforzo de recursos externos (Oiz ou sistema Zadorra).
- b) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Forua e Murueta, 0,15 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación e do reforzo de recursos externos (Oiz ou sistema Zadorra).
- c) Asígnaselles ás demandas urbanas de Mundaka, Sukarrieta e Busturia 0,65 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación e do reforzo de recursos externos (Oiz ou sistema Zadorra).

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- d) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Bermeo, 1,93 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación e do reforzo de recursos externos (Oiz ou sistema Zadorra).
- e) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Mendata e barrios menores de Bermeo e Muxika, 0,13 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación e do reforzo de recursos externos (Oiz ou sistema Zadorra).
- f) Asígnanse, para atender as demandas industriais dos municipios de Ajangiz e Gernika-Lumo, 0,29 hm<sup>3</sup>/ano dos ríos Oka e Golako.

7. Asignación de recursos nos sistemas do Lea e Artibai.

- a) Asígnanse, para atender as demandas urbanas dos municipios de Munitibar-Arbatzegi-Gerrikaitz, Aulesti, Etxebarria, Ziortza-Bolibar e Markina, 1,20 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos do sistema de explotación así como do reforzo de recursos externos (Oiz).
- b) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Lekeitio e diversos barrios de Amoroto e Ispaster, 0,66 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos, así como do reforzo de recursos externos (Oiz).
- c) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Gizaburuaga e Ispaster, 0,11 e 0,08 hm<sup>3</sup>/ano, respectivamente, de recursos subterráneos do sistema de explotación, así como do reforzo de recursos externos (Oiz).
- d) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Amoroto e Gizaburuaga, 0,03 e 0,11 hm<sup>3</sup>/ano, respectivamente, dos recursos subterráneos do sistema de explotación, así como do reforzo de recursos externos (Oiz).
- e) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Ondarroa e de Berriatua, 0,70 e 0,26 hm<sup>3</sup>/ano, respectivamente, dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación, así como do reforzo de recursos externos (Oiz).
- f) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Ea, 0,11 hm<sup>3</sup>/ano do manancial Ulla, así como do reforzo de recursos externos (Oiz).

8. Asignación de recursos no sistema Deba.

- a) Asígnanse, para atender as demandas urbanas do Alto Deba, 4,69 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais procedentes do encoro de Urkulu e do azude de Bolibar.
- b) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Arrasate, Bergara e Antzuola, 2,65, 1,73 e 0,35 hm<sup>3</sup>/ano, respectivamente, do encoro de Urkulu, azude de Bolibar así como outros recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación.
- c) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Ermua, 1,69 hm<sup>3</sup>/ano das captacións de Tellería e Itzaga e de recursos externos (Duranguesado).
- d) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Eibar, 2,80 hm<sup>3</sup>/ano dos encoros de Urkulu e Aixola, así como do azude de Bolibar.
- e) Asígnanse, para abastecemento dos municipios de Deba, Elgoibar, Mendaro, Mutriku e parte de Deba, 3,24 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos do sistema Kilimon (cova Irabaneta, bombeo Mahala e pozos Kilimon) e 0,19 hm<sup>3</sup>/ano para o resto do municipio de Deba procedente do manancial Tantorta e outros recursos superficiais.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- f) Asígnanse, para atender as demandas urbanas de Oñati, Aramaio e Leintz Gatzaga, 0,17 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema de explotación.
  - g) Asígnanse, para satisfacer as demandas industriais do Deba (Arrasate, Bergara, Soraluze, Elgoibar, Oñati e Antzuola), 0,15 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais dos ríos Deba, Oñati, Antzuola e regatos Garagartza e Sagaerreka.
  - h) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,10 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
9. Asignación de recursos no sistema Urola.
- a) Asígnanse, para atender as demandas urbanas do Alto e Medio Urola, uns recursos de 3,00 e 9,97 hm<sup>3</sup>/ano dos encoros de Barrendiola e Ibaieder e das captacións de Aierdi e Altzola.
  - b) Asígnase, para atender as demandas urbanas de Errezil, 0,07 hm<sup>3</sup>/ano das captacións superficiais de Untzeta, Señaratz, Zaharra e Haitz-Erreka.
  - c) Asígnanse, para satisfacer as demandas industriais do Urola (Urretxu, Zumárraga, Aizarnazabal, Azpeitia, Azkoitia e Legazpi), 2,37 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Urola e dos regatos de Urtatza e Errezil.
10. Asignación de recursos no sistema Oria.
- a) Alto Oria:
    - 1º. Asígnanselle a Idiazabal, para atender as demandas, 0,30 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea anticlinorio sur que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Arriarán que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
    - 2º. Asígnanselle a anticlinorio sur, para atender as demandas, 1,22 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea anticlinorio sur, Arama e Aralar que actualmente utiliza e dos recursos regulados nos encoros de Arriarán e Lareo que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
    - 3º. Asígnanselle a Lazkao, para atender as demandas, 0,64 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea anticlinorio sur e Aralar que actualmente utiliza e dos recursos regulados nos encoros de Arriarán e Lareo que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
    - 4º. Asígnanselle a Ordizia, para atender as demandas, 0,87 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Arama e Aralar que actualmente utiliza e dos recursos regulados nos encoros de Arriarán e Lareo que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
    - 5º. Aos municipios de Zegama, Segura, Zerain, Mutiloa, Olaberria, Gabiria, Ormaiztegi, Ezkio-Itsaso, Ataun, Zaldibia, Arama, Altzaga, Baliarrain, Gaintza, Abaltzisketa, Orendain, Itsasondo e Legorreta, para atenderen as demandas, asígnanselles 1,83 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
    - 6º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,14 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
  - b) Medio Oria:
    - 1º. Asígnanselle a Tolosa, para atender as demandas, 1,81 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Gatzume-Tolosa que



Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ibiur que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
- 2º. Asígnanselle a Leitzza, para atender as demandas, 0,87 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Basaburua-Ulzama e macizos paleozoicos Cinco Villas-Quinto Real que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanselle a Ibarra, para atender as demandas, 0,32 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Gatzume-Tolosa que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ibiur que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
  - 4º. Asígnanselle a Zizurkil, para atender as demandas, 0,45 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Gatzume-Tolosa que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ibiur que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
  - 5º. Asígnanselle a Villabona, para atender as demandas, 1,16 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Gatzume-Tolosa que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ibiur que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
  - 6º. Asígnanselle a Andoain, para atender as demandas, 1,49 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Gatzume-Tolosa e Andoain-Oiartzun que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Ibiur que lle subministra o Consorcio de Augas de Gipuzkoa.
  - 7º. Aos municipios de Ikaztegieta, Alegia, Amezketeta, Altzo, Bidegoian, Albiztur, Betelu, Araitz, Orexa, Lizartza, Gaztelu, Leaburu, Belauntza, Areso, Berastegi, Elduain, Berrobi, Hernialde, Anoeta, Irura, Alkiza, Larraul, Asteasu e Aduna, para atenderen as demandas, asígnanselles 2,67 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - 8º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,25 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
- c) Baixo Oria:
- 1º. Asígnanselle a Lasarte-Oria, para atender as demandas, 1,38 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Andoain-Oiartzun que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Añarbe que lle subministra a Mancomunidade de Augas do Añarbe do sistema Urumea.
  - 2º. Asígnanselle a Usurbil, para atender as demandas, 0,84 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Andoain que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Añarbe que lle subministra a Mancomunidade de Augas do Añarbe do sistema Urumea.
- d) Para atender as demandas de usos recreativos (golf) asígnanse 0,02 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- e) Para atender as demandas industriais do sistema, estimadas en 7,63 hm<sup>3</sup>/ano, asígnanse recursos procedentes do río Oria.

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

11. Asignación de recursos no sistema Urumea e Oiartzun.

- a) Asígnanselle a Urnieta, para atender as demandas, 1,32 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Andoain-Oiartzun que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Añarbe que lle subministra a Mancomunidade de Augas do Añarbe.
- b) Asígnanselle a Hernani, para atender as demandas, 1,66 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Andoain-Oiartzun que actualmente utiliza e dos recursos regulados no encoro de Añarbe que lle subministra a Mancomunidade de Augas do Añarbe.
- c) Aos municipios de Goizueta e Arano, para atenderen as demandas, asígnanselles 0,19 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- d) Asígnanselles a Donostia-San Sebastián, Astigarraga e municipios da bacía do río Oiartzun, para atenderen as demandas, 22,80 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos regulados no encoro de Añarbe que lle subministra a Mancomunidade de Augas do Añarbe.
- e) Asígnanselle a Oiartzun, para atender as demandas urbanas, 1,40 hm<sup>3</sup>/ano do encoro de Añarbe e das captacións superficiais de Penadegi e Epele.
- f) Asígnanselle a Usurbil, para atender as demandas urbanas, 1,18 hm<sup>3</sup>/ano do encoro de Añarbe e da captación superficial de Erroizpe presa.
- g) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,08 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles no sistema.
- h) Para atender as demandas industriais asígnanse 13,11 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais.
- i) Para atender as demandas de usos recreativos (golf) asígnanse 0,09 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

12. Asignación de recursos no sistema Bidasoa.

- a) Asígnanselle a Baztan, para atender as demandas, 2,20 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Basaburua-Ulzama e macizos paleozoicos Cinco Villas-Quinto Real que actualmente utiliza.
- b) Asígnanselle a Doneztebe/Santesteban, para atender as demandas, 0,28 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea macizos paleozoicos Cinco Villas-Quinto Real que actualmente utiliza.
- c) Asígnanselle a Lesaka, para atender as demandas, 0,66 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea macizos paleozoicos Cinco Villas-Quinto Real que actualmente utiliza.
- d) Asígnanselle a Bera, para atender as demandas, 0,46 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea macizos paleozoicos Cinco Villas-Quinto Real que actualmente utiliza.
- e) Aos municipios de Beintza-Labaien, Urrotz, Oitz, Donamaria, Bertizarana, Ezkurra, Eratsun, Saldias, Zubieta, Ituren, Elgorriaga, Sunbilla, Arantza, Igantzi e Etxalar, para atenderen as demandas, asígnanselles 1,41 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.

Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- f) Asígnanselle a Irun e Hondarribia, para atenderen as demandas, 9,132 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos regulados no encoro San Antón ou Endara e dos recursos da masa de auga subterránea Jaizkibel.
- g) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,77 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- h) Para atender as demandas industriais asígnanse 0,60 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do sistema.
- i) Para atender as demandas de usos recreativos (golf) asígnanse 0,06 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

13. Asignación de recursos no sistema Ríos Pirenaicos.

- a) Aos municipios de Urdazubi/Urdax e Zugarramurdi, para atenderen as demandas, asígnanselles 0,06 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- b) Ao municipio de Luzaide/Valcarlos, para atender as demandas, asígnanselle 0,08 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- c) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,14 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e subterráneos do sistema.

Capítulo VI. Utilización do dominio público hidráulico

**Sección I. Usos privativos**

**Artigo 19.** *Distancias entre captacións de augas subterráneas e de manancial*

1. Cando a extracción das augas sexa realizada mediante a apertura de pozos, as distancias mínimas entre estes ou entre pozos e manancial serán as dispostas no artigo 87.2 do RDPH.
2. Excepcionalmente, poderanse outorgar concesións a menor distancia se o interesado acredita a non afección dos aproveitamentos anteriores legalizados.

**Artigo 20.** *Instalación de dispositivos de medida*

1. De conformidade co artigo 55.4 do TRLA, os titulares dos aproveitamentos deberán instalar e manter ao seu cargo os sistemas de medición que garantan o rexistro e a comprobación dos caudais efectivamente utilizados ou consumidos, dos retornados, así como dos vertidos ao dominio público hidráulico, de maneira que permitan controlar a adaptación dos caudais aos máximos concedidos.
2. O titular estará obrigado a facilitarlle á Administración hidráulica, na forma e periodicidade que esta determine, os datos de caudais rexistrados para o mellor desenvolvemento das súas funcións de auditoría e control das concesións, dentro do seguimento do plan hidrológico. Salvo que especificamente se determine outra cousa, a periodicidade da remisión dos datos relativos aos volumes anuais será, polo menos, dunha vez ao ano, e estas remisións deberanse facer durante o mes de xaneiro.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

3. No ámbito intercomunitario da demarcación hidrográfica, os datos de caudais rexistrados polo concesionario xestionaranse, gardaranse e remitiranse á Confederación Hidrográfica do Cantábrico de acordo coa Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, os retornos ao dito dominio público hidráulico e os vertidos a este. No caso das bacías internas do País Vasco, estes datos serán remitidos á Axencia Vasca da Auga de conformidade co recollido nas disposicións normativas equivalentes desenvolvidas para o efecto. En cumprimento das ditas normativas, os contadores serán verificables, precintables e non manipulables.

4. No caso dos pozos para captación de augas subterráneas exixírase, salvo causa xustificada, a instalación dunha tubaxe de, polo menos, 25 mm de diámetro interior para permitir a lectura do nivel piezométrico cunha sonda ou hidronivel eléctrico que deberá chegar como mínimo ata a zona de aspiración da bomba. Á saída da tubaxe de impulsión deberase colocar un dispositivo de control e medida de caudais de conformidade coas disposicións que se establezan. Tamén se deberá instalar na cabeza do pozo unha saída para a toma de mostras de auga.

### ***Sección II. Autorizacións e concesións***

#### **Artigo 21.** Normas xerais relativas ás concesións

Conforme o disposto no artigo 59 do TRLA e 93 e seguintes do RDPH, o proxecto ou anteproxecto que se xunte á solicitude de novas concesións xustificará adecuadamente a avaliación das necesidades hídricas, adecuándose aos valores establecidos neste plan sobre dotacións e cálculo de demandas. Ademais das cuestións indicadas no artigo 102 do citado regulamento, especificaranse as seguintes: non só o volume máximo anual e mensual solicitado e o caudal máximo instantáneo, senón tamén, de ser o caso, o réxime de derivación, é dicir, indicando o período de utilización cando esta se faga en xornadas restrinxidas.

#### **Artigo 22.** *Dotacións de auga para abastecemento urbano*

1. Para o outorgamento, revisión, modificación e novación de concesións de abastecemento urbano, o volume de auga calcularase mediante a aplicación dun dos dous métodos detallados nos puntos seguintes. En todo caso, o abastecemento a novos desenvolvementos urbanos deberá ter sido planificado de conformidade co artigo 22.3.a) do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, e co artigo 25.4 do TRLA.

2. No método xenérico considéranse no seu conxunto todos os usos de auga que se abastecen da rede municipal, como son o uso doméstico, uso industrial e comercial, uso municipal, rega privada e uso gandeiro.

Neste caso establécense as dotacións brutas máximas de auga que figuran no apéndice 11.1, entendéndose como dotación bruta o cociente entre o volume que se vai captar para a rede de subministración en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de subministración.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

3. No método particularizado definirase para cada uso unha dotación bruta máxima coas seguintes características:

- a) Uso sanitario. Abastecemento a vestiarios de industrias, instalacións deportivas, etc. Establécese unha dotación de 150 a 200 l/empregado-usuario/día.
- b) Uso doméstico. Refírese especificamente ao abastecemento domiciliario, excluídas as necesidades municipais, comerciais, etc. As dotacións brutas máximas de auga móstranse no apéndice 11.2.
- c) Poboación estacional: turismo e segunda residencia. As dotacións brutas máximas para apartamentos e pisos de segunda residencia consideraranse equivalentes ás expresadas para o uso doméstico. Para o aloxamento en chalés con uso estacional usarase unha dotación bruta máxima de 350 l/habitante/día. No cálculo do volume de auga que se vai utilizar considerárase unha taxa de ocupación de 3,5 habitantes por aloxamento e un período de tempo medio de ocupación anual debidamente xustificado.
- d) Para outros aloxamentos relacionados coa poboación estacional, utilizaranse as dotacións establecidas no apéndice 11.3.
- e) Usos municipais, baldeos, fontes e outros. Para o cálculo das necesidades de baldeo adoptárase unha dotación de 1,2 l/m<sup>2</sup>/día.
- f) Usos hospitalarios, incluídos xeriátricos e outros servizos similares. Calcularanse as necesidades de auga tomando como base o número de camas ou, de ser o caso, prazas cunha dotación de 400 l/cama-praza/día.
- g) Usos hostaleiros. Considerárase unha dotación bruta máxima de 5 a 10 m<sup>3</sup>/establecemento/día.
- h) Usos agropecuarios (gandeiros e regadío) e o uso destinado á rega de parques e xardíns. Utilizaranse as dotacións contidas nos artigos específicos dedicados a estes usos.
- i) Usos industriais asociados ao núcleo e que tomen da rede urbana. Utilizaranse as dotacións contidas no artigo dedicado ao uso industrial.
- j) Outros usos recreativos, etc. Utilizaranse as dotacións contidas nos artigos específicos dedicados a estes usos.

**Artigo 23.** *Dotacións de auga para usos gandeiros*

No outorgamento, revisión e modificación de concesións de auga para usos gandeiros teranse en conta as dotacións que figuran no apéndice 11.4. No caso de solicitar auga para limpeza de cortes, as necesidades determinaranse por diferenza entre as dotacións para gando estabulado e non estabulado.

**Artigo 24.** *Dotacións de auga para regadío*

Nos expedientes de outorgamento, revisión, modificación e novación de concesións, e salvo xustificación en contrario, utilizaranse as dotacións netas establecidas no apéndice 11.5.

**Artigo 25.** *Dotacións de auga para usos industriais*

Os volumes de auga solicitados polas industrias non conectadas á rede urbana ou por polígonos industriais xustificaranse achegando información específica que recolla datos reais cando sexa posible. Na falta de datos adoptaranse as dotacións que figuran no apéndice 11.6, referidas a diferentes sectores industriais, excluída a produción eléctrica, e no apéndice 11.7, que se centra nas dotacións das centrais de produción eléctrica.

---

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

Para polígonos industriais, nos cales non se saiba o tipo de industria que se vai implantar, asígnase unha dotación de 4.000 m<sup>3</sup>/ha/ano.

**Artigo 26.** *Dotacións de auga para rega de campos de golf, superficies axardinadas e enchedura de piscinas*

1. A dotación para a rega dos campos de golf foi establecida con carácter xeral en 3.600 m<sup>3</sup>/ha/ano. No caso da rega das superficies axardinadas aplicarase unha dotación máxima de 2.000 m<sup>3</sup>/ha/ano, considerando como período de rega 4 meses ao ano, e no caso de enchedura de piscinas permitirá unha única enchedura da piscina ao ano máis a reposición de perdas.

2. Na rega dos campos de golf e das superficies axardinadas potenciarase a reutilización de augas rexeneradas, para o cal o petionario deberá presentar un estudo das necesidades hídricas das superficies que vai regar que recolla o uso de augas rexeneradas conforme o artigo 30 do Plan hidrolóxico nacional e o artigo 64 do plan.

3. Os sistemas de rega deberán adecuarse á vexetación e utilizaranse aqueles que minimicen o consumo de auga, como a microirrigación, a rega por goteo, unha rede de aspersores regulados por programador horario ou detectores de humidade para controlar a frecuencia da rega, sobre todo nos días de choiva.

**Artigo 27.** *Dotacións para acuicultura e outros*

1. Piscifactorías: examinaranse as necesidades indicadas de acordo co número de renovacións diarias da auga das balsas necesarias. Na falta de xustificación en contra, para as piscifactorías de salmónidos a auga necesaria determinarase do seguinte modo:

- a) Incubación: 30 renovacións/día
- b) Alevinaxe: 20 renovacións/día
- c) Engorda: 15 renovacións/día

2. Loita contra incendios: terase en conta o volume para permitir a enchedura da balsa ou depósito e o seu uso máis a reposición de perdas.

**Artigo 28.** *Concesións para regadío*

Nos proxectos para a concesión dos aproveitamentos para rega, a Administración hidráulica poderá exixir, cando o considere necesario en función do interese público que se deberá xustificar, un estudo sobre a rede de drenaxe e a relación auga e solo. Exixirase, de acordo co artigo 106.2 b) do Regulamento de dominio público hidráulico, unha análise das boas prácticas que se van implementar para limitar a contaminación difusa e exportación de sales, especialmente nas zonas declaradas como vulnerables.

**Artigo 29.** *Limitacións aos prazos concesionais*

1. Conforme o disposto no artigo 59 do TRLA e no 97 do RDPH establécese que, como norma xeral, as concesións se outorgarán por un prazo de 20 anos. Poderanse fixar outras duracións inferiores ou superiores por razóns debidamente motivadas, atendendo especialmente ao tempo necesario para a amortización das obras.

2. Nas masas de auga afectadas por infraestruturas recollidas no plan hidrolóxico poderanse outorgar concesións cuxa extinción estará vinculada á posta en funcionamento das infraestruturas.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

3. A prórroga de ata 10 anos, regulada no artigo 59.6 do TRLA, non superará os 75 anos de duración máxima, de conformidade co artigo 97 do Regulamento de dominio público hidráulico.

### **Artigo 30.** *Extinción de concesións*

1. De acordo co artigo 115.4 do RDPH, a explotación de toda concesión quedará supeditada á aprobación da acta de recoñecemento final das obras correspondentes e, en xeral, ao cumprimento íntegro do seu condicionado nos prazos outorgados para o efecto. O incumprimento das condicións esenciais deste condicionado suporá a inmediata incoación do correspondente expediente de extinción do dereito ao uso privativo da auga de conformidade co artigo 53 en relación co artigo 66, ambos do TRLA.

2. De conformidade co artigo 89.4 do RDPH, calquera que sexa a causa, ao extinguirse o dereito concesional, reverterán á Administración competente, gratuitamente e libres de cargas, cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento, sen prexuízo do cumprimento das condicións estipuladas no documento concesional.

Se, nese momento, a Administración considera posible e conveniente a continuidade do aproveitamento, poderalle exixir ao concesionario a entrega dos bens obxecto de reversión en condicións de explotación en aplicación do artigo 164.3, 165.3 e 167.3 e 4 do RDPH. Se, pola contra, o considera inviable ou o seu mantemento resulta contrario ao interese público, e para os efectos previstos no artigo 126 bis.4 do citado regulamento, poderase exixir a demolición do construído no dominio público hidráulico de conformidade co artigo 101 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

### **Artigo 31.** *Condicións mínimas para as concesións de aproveitamentos mediante presas ou azudes*

1. Para os efectos previstos no artigo 98 do TRLA, as novas solicitudes de concesión coa finalidade de captar auga mediante presas ou azudes deberán incorporar un estudo que permita á Administración hidráulica valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento sen causar prexuízo ao ambiente, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados neste plan hidrolóxico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes.

2. O proxecto de aproveitamento de nova concesión deberá incorporar, para os efectos previstos no artigo 126.bis do Regulamento de dominio público hidráulico, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas, ademais do respecto ao réxime de caudais ecolóxicos no tramo de toma e, de ser o caso, de restitución, incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e as súas variacións que permitan unha rápida comprobación.
- b) De ser o caso, instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente deba habitar no tramo, non impidan a súa circulación e remonte.
- c) Instalación de dispositivos que eviten a entrada de peixes nas turbinas.
- d) Se procede, incorporación de elementos que permitan o rescate da ictiofauna en caso de baleiramento das infraestruturas.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- e) Cerramento das canles, cámaras de carga e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular sobre os grandes mamíferos.
- f) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que o gando e a fauna terrestre, en particular os grandes vertebrados, poidan cruzalos e acceder á beira natural do río.
- g) Análise dos posibles impactos sobre a vexetación de ribeira e sobre as zonas protexidas, e proposta de medidas preventivas, correctoras e, de ser o caso, compensatorias.
- h) Análise dos posibles impactos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada e proposta de medidas preventivas, correctoras e, de ser o caso, compensatorias.

3. No caso de novas concesións para minicentraís hidroeléctricas, non será autorizable a pauta de explotación denominada emboladas ou hidropuntas. As emboladas funcionan alternando no transcurso dunhas poucas horas períodos de turbinaxe e de parada ata a recuperación do nivel de auga no azude ou da cámara de carga, producindo no río variacións de caudal superiores ao 25% respecto do caudal natural medio circulante. Nas minicentraís existentes, salvo que estea previsto expresamente no condicionado da concesión, non se permitirá turbinar mediante a citada pauta de explotación de emboladas.

4. Nas novas concesións para minicentraís hidroeléctricas e, con carácter xeral, nas modificacións das existentes, onde sexa posible, os caudais de equipamento adecuaranse aos caudais circulantes ao longo do ano hidrolóxico en réxime natural. Os ditos caudais estarán no intervalo comprendido entre o Q80 e o Q100 da curva de caudais clasificados unha vez que previamente se descontasen os caudais ecolóxicos.

**Artigo 32. Modificación e revisión dos caudais concesionais**

- 1. O caudal derivado en cada momento adecuarase ao caudal real utilizado, aínda que o concedido sexa superior.
- 2. Nos supostos previstos no artigo 156.2 do RDPH entenderanse como circunstancias obxectivas que motiven a revisión de oficio das concesións, entre outros, os seguintes casos:
  - a) O cambio das condicións ou características do uso que serviu de base para a avaliación das necesidades e a súa evolución no momento de outorgar a concesión.
  - b) A inferencia de afeccións a terceiros ou alteracións significativas nas condicións morfolóxicas do leito, entre elas a alteración significativa de zonas húmidas e a perda de hábitats ou especies.

A revisión así realizada non dará lugar a indemnización de conformidade co artigo 65 do TRLA.

3. A avaliación das necesidades reais dun aproveitamento ás cales se deberán adecuar os caudais concesionais, así como a acreditación a que fai referencia o artigo 65.2 do TRLA, realizaranse atendendo aos criterios establecidos no artigo 156 bis do RDPH.

4. No caso das masas de auga declaradas en mal estado, poderáselle requirir ao titular do aproveitamento que adopte as necesarias medidas de optimización, aforro e minimización do impacto cando sexa preciso para a consecución dos obxectivos ambientais. Entre as medidas que se van propor poderase optar, entre outras, pola aplicación de mellores técnicas dispoñibles para optimizar a eficiencia do uso da auga, a relocalización das tomas, as modificacións no réxime de explotación e a



---

Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

utilización de augas rexeneradas. No marco anterior, a Administración hidráulica poderá impor a substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe.

**Artigo 33.** *Utilización de augas subterráneas*

1. En relación co establecido no artigo 184.4 do RDPH, para determinar a posible afección de novos aproveitamentos de augas subterráneas a captacións existentes, a Administración hidráulica poderalle exixir ao petionario que presente un informe hidroxeolóxico xustificativo das posibles afeccións, baseado en datos obtidos da execución de ensaios de bombeo ou de medicións de caudal realizados nas novas captacións.

2. Para os efectos do mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, poderáselles exixir aos aproveitamentos de augas subterráneas que se encontren próximos a ríos ou mananciais ou aos que se presuma que poden incidir no réxime de caudais ecolóxicos un informe xustificativo das posibles afeccións a estes, que deberá cumprir cos mesmos requirimentos técnicos establecidos no punto anterior. O réxime de explotación da concesión deberase adecuar para garantir a non afección ao réxime de caudais ecolóxicos.

**Artigo 34.** *Distancias mínimas entre captacións de augas subterráneas*

Con carácter xeral, as distancias mínimas entre os novos aproveitamentos de augas subterráneas e os existentes e os mananciais serán as que figuran no artigo 19.1 cando o seu volume anual total non supere os 7.000 m<sup>3</sup>; para o resto, as distancias serán as establecidas no artigo 184.1 b) do RDPH. Se unha vez outorgada a concesión se comproba que os aproveitamentos anteriores resultan afectados, clausurarase o novo sen dereito a indemnización.

**Artigo 35.** *Selaxe de captacións de auga subterránea*

1. Con obxecto de evitar a deterioración das masas de auga subterránea, a Administración hidráulica, nos expedientes de extinción, revisión ou modificación de dereitos de augas subterráneas que comporten o cesamento da actividade extractiva, adoptará as medidas necesarias para garantir a selaxe por parte do titular dos pozos, sondaxes ou obras asimilables, con material inerte, de conformidade co artigo 188 bis do RDPH.

2. Naqueles casos en que, dado o interese do pozo pola súa localización, a Administración hidráulica queira transformalo nun punto de control, logo de notificación, o titular non procederá á súa selaxe.

**Artigo 36.** *Protección fronte á salinización de acuíferos costeiros e réxime xeral de protección*

1. De conformidade co artigo 244 do RDPH, en acuíferos costeiros, para garantir a non salinización, seguiranse os criterios que se sinalan a continuación. Se o nivel no pozo baixa do nivel medio do mar, faranse os estudos necesarios para poder definir e executar os elementos de control que permitan garantir a non salinización do acuífero. Neste caso, teranse en conta a posible comunicación co mar, a distancia ao mar, o cono de depresión e, finalmente, a posibilidade de establecer unha sondaxe de control entre o pozo e o mar.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

2. Nas restantes masas de auga subterránea, serán de aplicación as normas que con carácter xeral establece o RDPH en canto a protección de acuíferos se refire.

**Artigo 37.** *Outros principios para a protección das masas de auga subterránea*

1. Con obxecto de mellorar o rendemento dunha captación que dispoña de concesión poderase, logo de autorización da Administración hidráulica, de conformidade co artigo 188 do RDPH, reparar, modificar ou incluso executar unha nova captación nun raio de 10 m daquela, sempre que non implique afección a terceiros nin se sitúe a distancia menor da permitida doutras captacións preexistentes. A nova captación non poderá superar as dimensións e a profundidade da anterior. A captación orixinal deberá ser, de ser o caso, clausurada e selada, salvo que a Administración hidráulica sinalo o contrario.

2. Os labores de limpeza, desenvolvemento e estimulación de pozos deberán ser comunicados á Administración hidráulica cunha antelación mínima dun mes.

3. O mal estado cuantitativo ou o mal estado químico dunha masa de auga subterránea pode ser causa xustificativa suficiente para a denegación das solicitudes de aproveitamento e do requirimento de clausura ou selaxe das captacións preexistentes. No caso das masas de auga subterránea afectadas por contaminación local, con carácter xeral e independentemente do destino das augas da captación, poderase exixir a selaxe sanitaria dos eventuais niveis contaminantes con obxecto de preservar a calidade da auga subterránea.

**Artigo 38.** *Sondaxes para aproveitamentos de instalacións xeotérmicas de climatización*

1. A realización de sondaxes para aproveitamentos de instalacións xeotérmicas de climatización en circuíto cerrado require da súa comunicación previa á Administración hidráulica, á cal se lle dará traslado de, polo menos, a seguinte información: localización, data prevista de inicio dos traballos, profundidade e número de sondaxes, tipo de selaxe previsto, promotor, razón social completa da empresa de perforación e do instalador a cargo dos traballos, así como unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil. Á vista da citada comunicación, a Administración hidráulica poderá requirir a tramitación da preceptiva autorización de obras no dominio público hidráulico; o procedemento é o previsto no artigo 53 do RDPH.

2. No caso de aproveitamentos de instalacións xeotérmicas de climatización en sistema aberto tramitarase nun único expediente a concesión ou inscrición e a autorización de vertedura (en principio, o retorno ao mesmo acuífero). Neste tipo de aproveitamentos teranse en conta as seguintes recomendacións:

- a) Con carácter xeral, deberase inxectar a auga utilizada no mesmo acuífero do cal se extraeu. Unicamente se poderá admitir a vertedura a leito se non afecta o balance do sistema río-acuífero e en casos excepcionais debidamente xustificadas.
- b) Salvo autorización expresa, a inxección de augas realizarase con saltos térmicos nunca superiores a 6 °C e preferiblemente deberán operar durante todo o ano (calefacción e refrixeración). Saltos térmicos superiores deberán estar debidamente xustificadas.

3. As perforacións para os citados aproveitamentos, tanto en sistema aberto coma cerrado, deberán deseñar e completar de forma que se evite calquera posible entrada de contaminantes ao medio.

Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

4. Os traballos para perforacións referidas no punto anterior deberán contar cun control e seguimento hidroxeolóxico para determinar a entidade e natureza dos niveis acuíferos atravesados, que estarán baixo a dirección dun técnico competente que, ademais, se responsabilizará do deseño e da implantación dos sistemas de selaxe apropiados. No caso de que, por causa debidamente xustificada, non se dispoña do citado seguimento hidroxeolóxico, a empresa perforadora e a dirección técnica dos traballos asegurarán a selaxe íntegra do anular dos intercambiadores verticais. Esta selaxe realizarase mediante a inxección, ao longo de todo o espazo anular, de produtos preparados de baixa permeabilidade e inertes: masa de bentonita-cemento, *pellets* de bentonita ou similares.

5. Con obxecto de evitar posibles afeccións a outros aproveitamentos de terceiros, así como alteracións do acuífero, entre elas ao balance de auga do acuífero e ás características fisicoquímicas e á hidrodinámica do fluxo subterráneo, a Administración hidráulica, de conformidade co artigo 98 do TRLA, poderá solicitar a presentación dun estudo específico que avalíe o seu impacto no medio.

Capítulo VII. Protección do dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre e calidade das augas

***Sección I. Normas xerais***

**Artigo 39. Caudais máximos de enchente e determinación de zonas inundables**

1. Nas autorizacións de usos e actuacións en áreas inundables definidas nos artigos seguintes, o petionario deberá considerar a inundabilidade no estado actual da zona. Na falta de estudos específicos validados pola Administración hidráulica, a cartografía de referencia para os distintos escenarios de probabilidade de inundación será a integrada no Sistema nacional de cartografía de zonas inundables e inscrita no Rexistro Central de Cartografía de conformidade co Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema cartográfico nacional.

2. Para a determinación da cartografía de inundabilidade, cando non estea definida pola Administración hidráulica, poderanse empregar os “Criterios técnicos para a elaboración de estudos hidráulicos” que figuran no apéndice 14. Na elaboración dos ditos estudos realizarase unha estimación dos caudais de enchente considerados que, en ausencia doutros validados pola Administración hidráulica, adoptarán como caudal máximo de enchente os que se recollen no apéndice 14.

**Artigo 40. Limitacións aos usos na zona de policía inundable**

1. De conformidade co artigo 11.3 do TRLA, sen prexuízo do que estableza o Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental para o período 2015-2021, independentemente da situación básica do solo dos terreos con risco de inundación de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, nos puntos seguintes establécense as limitacións no uso da zona de policía inundable.

2. De conformidade co artigo 9.2 do RDPH, na zona de fluxo preferente só poderán ser autorizados pola Administración hidráulica os usos e as actividades permitidos nesta zona que non presenten vulnerabilidade fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

desaugamento da dita zona. Consecuentemente, con carácter xeral, nesta zona non poderán ser autorizados:

- a) Garaxes subterráneos e sotos.
- b) As acampadas, en ningún caso.
- c) Novas edificacións, calquera que sexa o seu uso, incluíndo centros escolares ou sanitarios, residencias xerriátricas ou de persoas con discapacidade, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de protección civil, estacións de subministración de carburante, granxas e criadeiras de animais.
- d) Obras de reparación de edificacións existentes que supoñan unha alteración da súa ocupación en planta ou do seu volume, ou o cambio de uso destas que incremente a súa vulnerabilidade fronte ás enchentes.
- e) Cerramentos e valos que non sexan permeables, tales como os cerramentos de muro de fábrica de calquera clase.
- f) Invernadoiros.
- g) Recheos que modifiquen a rasante actual do terreo e supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento.
- h) Amoreamento de materiais ou residuos de todo tipo.
- i) Instalacións de aparcamento de vehículos en superficie, así como garaxes sobre rasante nos baixos de edificios.
- j) Infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo co leito, con excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que, en todo caso, salvo zonas puntuais en que non exista solución viable, se deberán situar fóra da zona de servidume do dominio público hidráulico.

3. Con carácter excepcional, nun solo que o 9 de xuño de 2013, data de entrada en vigor do Real decreto 400/2013, do 7 de xuño, polo que se aprobou o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental, se encontre en situación básica de solo urbanizado, de acordo co disposto no artigo 12 do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, daquela vixente, poderase autorizar a construción ou a rehabilitación de edificacións na zona de fluxo preferente en soares con medianeiras de edificación consolidada a un ou a ambos os lados ou en soares illados inseridos no interior do dito solo en situación básica de urbanizado.

En calquera destes dous supostos excepcionais, as edificacións ou os usos que neles se dispoñan deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que non se incremente de maneira significativa a inundabilidade do contorno, nin se condicionen as posibles actuacións de defensa contra inundacións do núcleo urbano.
- b) Que os usos residenciais se sitúen por riba da cota de inundación de período de retorno de 500 anos.
- c) No caso de rehabilitacións de edificacións con actividades previas vulnerables, permitiranse as intervencións que non supoñan unha ampliación da superficie ou volume dos espazos vulnerables e sempre e cando se adopten medidas para minimizar a vulnerabilidade fronte ás enchentes das actividades existentes.
- d) Que sexa compatible cos criterios e medidas preventivas que se establezan, de ser o caso, no Plan de xestión do risco de inundación para esa localidade.

*Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

- e) Que non se trate de instalacións que almacenen, transformen, manipulen, xeren ou vertan produtos que poidan resultar prexudiciais para a saúde humana e o contorno (solo, auga, vexetación ou fauna) como consecuencia do seu arrastre, dilución ou infiltración, nin de centros escolares ou sanitarios, residencias xeriátricas ou de persoas con discapacidade, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de protección civil, estacións de subministración de carburante, depuradoras, estacións eléctricas, granxas e criadeiras de animais.
- f) Que o solicitante da autorización manifieste expresamente que coñece e asume o risco existente na nova edificación e as medidas de protección civil aplicables ao caso, con independencia das medidas complementarias que xulgue oportuno adoptar para a súa protección.

Das autorizacións que se outorguen para edificar ou rehabilitar na zona de fluxo preferente, de acordo con estes requisitos, darase traslado ao Rexistro da Propiedade para a súa inscrición, con cargo ao petionario, como condición do dominio sobre a predio obxecto de solicitude.

4. Para as solicitudes de autorización na zona de policía inundable, fóra da zona de fluxo preferente, nun solo que en 9 de xuño de 2013 se encontrase en situación básica de solo urbanizado, de acordo co disposto no artigo 12 do texto refundido da Lei de solo, daquela vixente, poderase exixir un estudo hidráulico de detalle que defina e xustifique as medidas correctoras necesarias para facer factible a actuación, as cales deberán ser en todo caso ambientalmente asumibles e non agravar a inundabilidade e o risco preexistente no contorno. Con carácter xeral, nesta zona, non poderán ser autorizados:

- a) Novos usos residenciais que se dispoñan a unha cota alcanzable pola enchente de período de retorno de 500 anos.
- b) Garaxes subterráneos e sotos, salvo que se garanta a estanquidade do recinto para a enchente de 500 anos de período de retorno e dispoñan de respiradoiros e vías de evacuación por riba da cota da dita enchente.
- c) As acampadas en ningún caso.
- d) As infraestruturas públicas esenciais en que se deba asegurar a súa accesibilidade en situación de emerxencia por graves inundacións, tales como centros escolares ou sanitarios, residencias xeriátricas ou de persoas con discapacidade, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de protección civil.
- e) Recheos que modifiquen a rasante actual do terreo e supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento.
- f) Almacenamento de materiais ou residuos de todo tipo.

5. En terreos en situación básica de solo rural segundo o disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, todos os usos que resulten vulnerables se deberán dispor a unha cota non alcanzable pola enchente de período de retorno de 500 anos. Nestes terreos tampouco se poderán autorizar, ata a liña de delimitación da enchente de 100 anos de período de retorno, as actividades recollidas no número 2, excepto as referidas nas alíneas e), f) e j), sempre que os cerramentos e valos sexan permeables.

**Artigo 41.** *Limitacións aos usos no resto da zona inundable*

1. De conformidade co previsto no artigo 11.3 do TRLA, co obxecto de garantir a seguridade das persoas e bens, e sen que iso implique a ampliación da zona de policía definida no artigo 6.1.b) do TRLA que, de ser o caso, se deberá realizar segundo o procedemento que establece o artigo 9.3, parágrafo segundo,

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

do RDPH, establécense as mesmas limitacións do artigo 40 para a zona inundable exterior á zona de policía do dominio público hidráulico.

2. Ás administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo que deban autorizar os distintos usos e actividades na zona inundable exterior ás zonas de policía do dominio público hidráulico e de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre correspóndelles velar polo cumprimento das limitacións ás cales fai referencia o número 1.

**Artigo 42. Medidas de protección fronte a inundacións**

1. No solo que estea en situación básica de urbanizado de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, cando para a protección de persoas e bens sexa necesaria a realización de actuacións estruturais de defensa, o nivel de protección será o establecido, de ser o caso, polo Plan de xestión do risco de inundación para esa localidade. Na falta desta previsión, e con carácter xeral, deseñárase a canalización para que o núcleo urbano quede fóra da zona inundable con período de retorno de polo menos 100 anos.

2. En terreos en situación básica de solo rural de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, as eventuais actuacións, incluídas medidas estruturais e non estruturais, necesarias para a protección das persoas e bens fronte a inundacións, terán que se localizar a partir da zona inundable con período de retorno de 100 anos, na situación de inundabilidade previa ás actuacións, e sempre e cando as medidas que se vaian adoptar garantan bordo libre fronte aos niveis das augas nas enchentes de período de retorno de 500 anos.

Con carácter excepcional, ou cando a solución técnica deseñada ou validada pola Administración hidráulica o requira para a protección dun solo que en 9 de xuño de 2013 se encontrase en situación básica de solo urbanizado, poderase permitir a localización de tales actuacións na zona inundable con período de retorno de 100 anos, sempre e cando as medidas que se vaian adoptar garantan bordo libre fronte ás enchentes e contén expresamente, de ser o caso, co pronunciamento previo favorable da Administración hidráulica, e sen que iso deba implicar necesariamente a previsión por parte dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística do paso dos ditos terreos en situación básica de solo rural á de solo urbanizado.

3. A Administración hidráulica promoverá, sen prexuízo do que estableza o Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental, e de acordo co disposto nos artigos 28 do Plan hidrolóxico nacional e 23 do TRLA, protocolos xerais de colaboración coas administracións autonómicas e locais co obxecto de establecer os programas de medidas que posibiliten unha ordenación dos usos na zona inundable que contribúa, ademais de á protección das persoas e bens fronte a inundacións dun río ou tramos de río, á consecución dos obxectivos de preservar o estado do dominio público hidráulico, previr a deterioración dos ecosistemas acuáticos, contribuíndo á súa mellora, e protexer o réxime das correntes en enchentes, favorecendo a función dos terreos lindeiros cos leitos na laminación de caudais e carga sólida transportada.

4. Os citados protocolos serán, preferiblemente na fase de avance da formulación da primeira elaboración dun planeamento xeral urbanístico ou cando se proxecte a revisión total ou parcial dun vixente, e sen prexuízo do informe do artigo 25.4 do TRLA, o instrumento de coordinación interadministrativa para chegar á solución adecuada nos casos en que se prevexa o paso da situación de

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

solo rural á de solo urbanizado da zona inundable, e para a definición das medidas estruturais de defensa fronte a inundacións do solo urbanizado.

5. Na xestión de inundacións terase en conta, ademais do citado Plan de xestión do risco de inundación, o Acordo do Consello de Ministros, do 29 de xullo de 2011, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións, así como o Acordo do Consello de Ministros, do 9 de decembro de 1994, polo que se aproba a Directriz básica ante o risco de inundacións, que establece o contido e as funcións básicas dos plans das comunidades autónomas. Para tal efecto, serán aplicables nos seus respectivos ámbitos territoriais os plans de protección civil ante o risco de inundacións das comunidades autónomas do País Vasco (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 3 de decembro de 2014), de Navarra (homologado o 21 de febreiro de 2002), e de Castilla y León (homologado o 24 de marzo de 2010).

**Artigo 43.** *Normas específicas para o deseño de pontes, coberturas, medidas estruturais de defensa e modificación do trazado de leitos*

1. A construción dunha nova ponte en zona urbana require, con carácter xeral, polo menos deixar libre a zona de fluxo preferente. Ata 30 m de luz terá un só van; para luces maiores terá un van con luz maior de 25 m, e outro ou outros dous con luces maiores de 6 m. En tramos rectos, o van de máis de 25 m situarase no centro, e en tramos curvos, no exterior da curva. O bordo libre desde o nivel de augas á cara inferior do taboleiro será, se é posible, dun metro ou maior para a enchente de 500 anos de período de retorno ou, como mínimo, no punto máis desfavorable para efectos de altura libre de desaugamento, igual ao 2,5% da largura deste.

Nas actuacións para mellora hidráulica que precisen a substitución dunha ponte, se as condicións de urbanización do contorno non permiten cumprir cos requisitos anteriores en canto a bordos libres, deberase garantir que as ditas actuacións comportan unha redución significativa do risco de inundación existente.

2. Nas pontes de infraestruturas de comunicación que discorran por zona rural, as luces e distribución dos vans adaptaranse ao definido no parágrafo primeiro do número 1, e o bordo libre desde a superficie libre da auga á parte inferior do taboleiro para a enchente de 500 anos de período de retorno será o que resulte de interpolar entre os datos que figuran na táboa do apéndice 12.

3. As pontes de camiños veciñais, en zona rural, terán maior capacidade de desaugamento que os tramos inmediatamente augas arriba e augas abaixo, sen que isto supoña reducir de maneira apreciable a largura do leito. Ata 30 m de luz o leito salvarase cun só van; para luces maiores haberá un van de 25 m e outro ou outros dous con luces maiores de 6 m. A parte inferior do taboleiro quedará a 25 cm por riba dos terreos lindeiros; non así o camiño de acceso, que ata as inmediacións da ponte se establecerá ao nivel dos terreos, de maneira que se inunde antes o camiño que a ponte.

4. Cando as enchentes afecten unha zona urbana, calquera ponte augas abaixo da citada zona requirirá un estudo xeral que recolla os efectos sobre a referida zona para a súa autorización.

5. Como criterio xeral, non será autorizable a realización de coberturas nos tramos fluviais con bacía drenante superior a 0,5 km<sup>2</sup>. Nos leitos con superficie de bacía vertente inferior a esta cifra tamén se

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

evitarán as canalizacións cubertas cando se prevexan arrastres de sólidos e flotantes, salvo en casos de manifesta inevitabilidade nos cales esta deberá ser debidamente xustificada.

Excepcionalmente, poderase autorizar a cobertura de leitos en bacías de ata 1 km<sup>2</sup> en casos de infraestruturas estratéxicas e nos casos especiais de cabeceiras de bacía en áreas de intensa urbanización, logo de xustificación da inexistencia doutras alternativas viables menos agresivas ambientalmente e con menor risco. Nestes supostos, a sección será visitable cunha altura de, polo menos, 2 m e unha largura non inferior a 2 m.

6. Con carácter xeral queda prohibida a alteración do trazado de cursos de auga con bacía afluente superior a 1 km<sup>2</sup>, salvo que sexa necesaria para diminuír o risco de inundación de áreas urbanas, se recolla no oportuno plan de xestión do risco de inundación ou sexa autorizado pola Administración hidráulica. Así mesmo, estará permitida a alteración do trazado naqueles casos en que se realice para aumentar a naturalidade do leito logo de autorización da Administración hidráulica. A alteración de cursos de auga con bacía inferior a 1 km<sup>2</sup> exixirá a realización de estudos de alternativas que xustifiquen a actuación, así como a adopción das oportunas medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

7. Excepcionalmente, poderase permitir a alteración de cursos de auga de ata 2 km<sup>2</sup> de bacía vertente cando se trate de infraestruturas de carácter estratéxico e actuacións urbanísticas de interese supramunicipal, así recollidas nos instrumentos de ordenación territorial que recibisen informes favorables da Administración hidráulica. Nos casos anteriores será exixible a realización dun estudo de alternativas que xustifique a actuación e avalíe as afeccións ambientais, hidráulicas e urbanísticas derivadas da intervención. O dito estudo de alternativas deberá propor a adopción das necesarias medidas preventivas, correctoras e compensatorias para incorporar na autorización que, de ser o caso, se outorgue.

**Artigo 44.** *Drenaxe nas novas áreas que se van urbanizar e das vías de comunicación*

1. As novas urbanizacións, polígonos industriais e desenvolvementos urbanísticos que poidan producir alteracións na drenaxe da bacía ou bacías interceptadas deberán introducir sistemas de drenaxe sustentable (uso de pavimentos permeables, tanques ou dispositivos de tormenta, etc.) que garantan que o eventual aumento de escoamento respecto do valor correspondente á situación preexistente pode ser compensado ou é irrelevante.

2. Cando se considere necesario, dadas as características da bacía, poderase exixir a realización dun estudo hidrolóxico-hidráulico que xustifique que o eventual aumento do escoamento producido pola impermeabilización-urbanización dunha superficie non resulta significativo. Este estudo será exixible, en calquera caso, cando a superficie da nova actuación supoña polo menos o 25 % da superficie total da bacía.

3. Con carácter xeral, nas drenaxes transversais de vías de comunicación non se poden engadir a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia. En caso de incumprir a dita condición, deberase aumentar a capacidade de desaugamento do leito da valgada receptora de modo que coa enchente de 500 anos de período de retorno non se produzan sobreelevacións con respecto á situación inicial.



Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

## Sección II. Normas para o outorgamento de autorizacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

### **Artigo 45.** *Determinacións xerais sobre actuacións na zona de servidume de protección*

1. Para o outorgamento de autorizacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre a que se refire o artigo 23 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, teranse en conta, ademais do establecido neste plan, a citada lei e o Regulamento de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, así como o resto de normativa que sexa de aplicación.

2. Para a prevención da deterioración do dominio público marítimo-terrestre e a dos ecosistemas dos esteiros e os costeiros asociados a este, como criterio xeral, na servidume de protección deberase evitar a construción de elementos da urbanización tales como beirarrúas, vías, sotos, aparcadoiros ou garaxes, así como outros elementos da urbanización. De igual modo, dentro da servidume de protección evitarase a instalación de infraestruturas lineais subterráneas ou aéreas (abastecemento ou saneamento, telecomunicacións, electricidade, gas, etc.) e cando, por razóns de utilidade pública debidamente xustificadas, deban discorrer por ela, deberán ser situadas na medida do posible baixo vías existentes.

3. Para a protección do litoral, e coa finalidade de non impedirilles o cerramento das perspectivas visuais ás persoas, as instalacións deportivas limitaranse a unha altura máxima dun metro sobre o terreo natural. Con carácter xeral, e con obxecto de evitar a deterioración dos ecosistemas dos esteiros e os costeiros asociados ao dominio público marítimo-terrestre, para executar as ditas instalacións non se deberán levar a cabo desmontes e terrapléns superiores aos 3 metros de altura.

### **Artigo 46.** *Determinacións en relación coa realización de paseos e vías na zona de servidume de protección*

1. Os paseos peonís que se pretendan executar na servidume de protección, cando se trate de zonas sen urbanizar na actualidade, terán a largura mínima exixible por condicionantes de accesibilidade e, sempre que sexa posible, un máximo de 2 metros que se poderán ampliar ata os 3 metros cando o seu uso sexa mixto (peonil e ciclable). Para a súa execución utilizaranse tratamentos brandos e deberase evitar a instalación de mobiliario urbano e, na medida do posible, carecerán de iluminación ben que, nos casos en que esta se deba instalar, será preferentemente de tipo baliza.

2. Coa finalidade de protexer os valores naturais das rías e dos esteiros, e sempre que por motivos de accesibilidade sexa posible, a autoridade competente no outorgamento de autorizacións nos primeiros 6 metros da zona de servidume de protección procurará evitar a construción de novas vías e sendas na dita franxa cando nas súas proximidades existan vías públicas que poidan ser utilizadas para o uso peonil e o paso de vehículos de vixilancia e salvamento.

### **Artigo 47.** *Informes sobre planeamento urbanístico e territorial*

1. A Administración xeral do Estado, en aplicación do artigo 222 do Regulamento que desenvolve a Lei de costas, emitirá informe sobre o planeamento urbanístico e territorial no relativo a aqueles aspectos relacionados coa xestión e protección do dominio público marítimo-terrestre baseados no exercicio das súas competencias propias. Por outro lado, a Axencia Vasca da Auga, en aplicación do artigo 7.k)

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

estendido á protección do dominio público marítimo-terrestre, e l) da Lei 1/2006, do 23 de xuño, de augas, emitirá informe na tramitación dos documentos sobre planeamento urbanístico e territorial.

2. Os informes emitidos segundo se prevé no punto anterior serano sen prexuízo das respectivas competencias da Administración do Estado para o outorgamento de concesións referentes ao dominio público marítimo-terrestre e das da Axencia Vasca da Auga para as autorizacións na zona de servidume de protección daquel dominio público e para as verteduras de terra a mar, nos termos en que cada Administración considere que deben resolver, de modo axustado a dereito.

### ***Sección III. Zonas protexidas***

#### ***Artigo 48. Zonas de captación de auga para abastecemento***

1. Todas as captacións destinadas a consumo humano incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas deberán dispor do seu correspondente perímetro de protección onde se delimiten as áreas que se van protexer, as medidas de control e se regulen os usos do solo e as actividades que se van desenvolver neles para evitar afeccións á cantidade e calidade da auga das captacións.

A orde de prioridade para a súa elaboración pola Administración hidráulica establecerase en función do risco que presente a captación e da poboación abastecida.

Na delimitación do perímetro de protección utilizaranse, con carácter xeral, criterios hidrolóxicos ou hidroxeolóxicos.

No caso dos encoros de abastecemento, a delimitación específica dos perímetros de protección deberá ter en conta, non só a bacía de escorremento directa superficial e subterránea senón tamén a bacía dos eventuais tributarios transvasados ao encoro.

2. Nas solicitudes de concesión de captación de augas para abastecemento urbano poderáselle exixir ao petionario unha proposta de perímetro de protección xustificada cun estudo técnico adecuado que conterà, polo menos, os aspectos previstos no artigo 173.8 do RDPH.

3. Dentro dos perímetros de protección, serán de aplicación para as masas de auga superficial as normas establecidas no RDPH para as zonas de policía orientadas á protección dos caudais captados e da calidade e, para as masas subterráneas, as establecidas no artigo 173 do citado regulamento. Así mesmo, serán obxecto de especial control e vixilancia todos os usos e actividades (novos aproveitamentos, movementos de terras, obras, etc.) que poidan provocar que a calidade das augas descenda por debaixo da establecida no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

4. Na tramitación de calquera autorización ou concesión situada dentro dos perímetros de protección das captacións de auga para consumo humano requirirase informe do concesionario do mencionado abastecemento.

5. Mentres non se delimite o perímetro de protección a que fai referencia o número 1 para as zonas protexidas definidas nas alíneas a) e b) do artigo 8, establécese unha zona de salvagarda na cal a Administración hidráulica poderá exixir a presentación dunha avaliación dos efectos da actividade sobre a captación protexida, en particular sobre a calidade e o caudal das augas.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

A zona de salvagarda estará constituída por unha superficie circular de raio fixo arredor das captacións subterráneas e, no caso de captacións superficiais, unha superficie delimitada por un arco de raio fixo sobre a bacía vertente. Os ditos raios serán:

- a) 500 m nas captacións de sistemas de abastecemento que serven máis de 15 000 habitantes.
- b) 200 m nas captacións de sistemas de abastecemento que serven unha poboación comprendida entre 2000 e 15 000 habitantes.
- c) 100 m nas captacións de sistemas de abastecemento que serven unha poboación comprendida entre 50 e 2000 habitantes.
- d) Unha lonxitude que será determinada pola Administración hidráulica nas captacións de sistemas de abastecemento que serven unha poboación comprendida entre 10 e 50 habitantes.

No caso de tomas en ríos, a zona protexida está constituída pola captación ou agrupación de captacións, pola masa de auga que contén a captación e pola zona de salvagarda.

No caso de captacións en lagos ou encoros, a zona protexida está constituída polo propio lago ou encoro ampliada na franxa de terreo correspondente á zona de salvagarda.

No caso de aproveitamentos de augas subterráneas, a zona protexida está constituída pola captación e a súa zona de salvagarda. Se existen varias captacións próximas poderanse agrupar nunha mesma zona protexida, que pode abarcar a totalidade da masa de auga subterránea.

Por resolución motivada, a Administración hidráulica poderá determinar unha zona de salvagarda distinta ás establecidas nos parágrafos anteriores.

6. Na tramitación de concesións e autorizacións nas zonas protexidas de captación de auga para abastecemento definidas nos apéndices 7.1 e 7.2, a Administración hidráulica poderalle exixir ao petionario a presentación dunha avaliación dos efectos da actividade sobre a captación protexida, en particular sobre a calidade e caudal das augas, garantindo o cumprimento do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, do cal se dará traslado ao concesionario que poida resultar afectado.

**Artigo 49.** *Zonas declaradas de protección de hábitat ou especies*

Na tramitación de concesións e autorizacións situadas dentro das zonas protexidas de protección de hábitat ou especies definidas no apéndice 7.8 que non deban ser sometidas a avaliación de impacto ambiental deberáselle solicitar ao órgano competente na materia o seu pronunciamento sobre a posible afección ao lugar e sobre a necesidade de realizar a adecuada avaliación das repercusións da actividade solicitada, de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e no artigo 7.2. b) da Lei 21/2013 do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

**Artigo 50.** *Perímetros de protección de augas minerais e termais*

No caso das concesións de aproveitamento de auga no ámbito dos perímetros de protección de augas minerais e termais, aprobados de acordo coa súa lexislación específica vixente, deberase dar cumprimento aos seus documentos de ordenación e solicitando informe da autoridade competente.

**Artigo 51.** *Reservas naturais fluviais*

1. No apéndice 7.10.a) inclúese unha listaxe coas reservas naturais fluviais declaradas na parte intercomunitaria deste ámbito de planificación mediante o Acordo do Consello de Ministros, do 20 de

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Ademais, no apéndice 7.10.b) inclúese outra listaxe coas reservas situadas na parte intracomunitaria da demarcación, competencia do Goberno vasco. Por último, inclúese o apéndice 7.10.c) coa listaxe de tramos fluviais que poderían merecer a consideración de reserva natural fluvial en futuras declaracións.

2. As reservas definidas limitáanse aos bens de dominio público hidráulico correspondentes aos tramos fluviais asociados a cada reserva. Nestes tramos non se autorizarán actividades que poidan afectar as súas condicións naturais.

**Artigo 52. Zonas húmidas**

O outorgamento de concesións ou autorizacións con previsible afección ás zonas húmidas ou ás súas zonas de protección quedará condicionado ao resultado da análise da posible repercusión ambiental, polo que se deberán estudar con detalle aqueles aspectos que incidan na protección do dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre e do medio biótico ou abiótico ligado a el e na prevención das afeccións ao réxime natural.

**Artigo 53. Zonas de protección especial**

1. Nas zonas de protección especial, con carácter xeral, deberase dar cumprimento aos seus respectivos documentos de ordenación ou normativas, evitando aquelas intervencións sobre o dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de protección que poidan alterar o medio físico natural, a fauna ou a flora.

2. O outorgamento de concesións ou autorizacións con previsible afección ás zonas de protección especial ou ás súas zonas de protección quedará condicionado ao resultado da análise da posible repercusión ambiental.

3. Nos tramos de interese ambiental arbitraranse as medidas de control e seguimento necesarias para manter a calidade natural das augas tanto dos cursos fluviais coma dos sistemas subterráneos conectados a eles. En xeral, evítanse todas aquelas intervencións sobre o leito tendentes a alterar a fauna e a flora naturais propias do tramo.

4. Nos tramos de interese natural limitaranse as actividades que poidan alterar non só a fauna e a flora naturais do tramo senón tamén o medio físico natural.

**Sección IV. Verteduras**

**Artigo 54. Autorizacións de vertedura ao dominio público hidráulico**

1. O petionario debe xustificar, na solicitude de autorización de vertedura, que as concentracións das substancias contaminantes da vertedura son as asociadas ás mellores técnicas dispoñibles (MTD) correspondentes á actividade xeradora da vertedura. Unha vez feitas as correccións oportunas durante a tramitación do expediente, a Administración hidráulica establecerá na autorización de vertedura os valores límite de emisión (VLE) asociados ás MTD que, ademais, deben ser adecuados para o cumprimento dos obxectivos ambientais e as normas de calidade ambiental (NCA) do medio receptor.

*Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

2. Para facer a previsión de cumprimento das NCA e dos valores de referencia indicados no apéndice 8 do medio receptor augas abaixo da vertedura solicitada, utilizaranse as concentracións de substancias asociadas ás MTD e o volume medio diario da vertedura na semana de maior carga contaminante do ano. En canto ao medio receptor, distínguense os seguintes casos:

- a) Vertedura a río: utilizarase o caudal mínimo ecolóxico, do período de augas baixas, en condicións de normalidade hidrolóxica. Para efectos do cumprimento do anterior, utilizaranse os valores establecidos no Real decreto 817/2015 e os valores de referencia indicados no apéndice 8. Tamén se terá en conta o principio de non deterioración da masa de auga se o seu estado fose de “moi bo” e a posible afección da vertedura ao cumprimento dos requirimentos adicionais nas zonas protexidas situadas augas abaixo da vertedura.
- b) Vertedura a lago ou encoro: exixirase que o petionario presente un estudo xustificativo do cumprimento dos obxectivos ambientais na masa de auga que recibirá a vertedura e, en particular, os valores establecidos para determinadas substancias no Real decreto 817/2015 e os valores de referencia establecidos no apéndice 8, así como os requirimentos adicionais establecidos para o lago ou encoro, no caso de que fose designado zona protexida.
- c) Vertedura a augas subterráneas: as concentracións de substancias perigosas nas verteduras deben ser inferiores ás NCA e valores limiar establecidos no apéndice 9, tanto para as verteduras directas ás augas subterráneas como para as verteduras indirectas que se realicen mediante filtración a través do solo. Así mesmo, son exixibles os requirimentos adicionais establecidos para a masa de auga no caso de que fose designada zona protexida. En canto ás substancias perigosas prioritarias, prohíbese a vertedura directa ás augas subterráneas.

3. A autorización de vertedura da Administración hidráulica terá, en todo caso, o carácter de preceptiva e previa para a implantación e a entrada en funcionamento da industria ou actividade que se trata de establecer, modificar ou trasladar, e precederá á comunicación ou á licenza de actividade que deba outorgar a Administración.

4. A Administración hidráulica poderá impor a obrigaición de regular o caudal de vertedura ao dominio público hidráulico co obxecto de asegurar que en todo momento se cumpran os obxectivos ambientais e das NCA.

5. O cumprimento dos obxectivos ambientais e das NCA fixados para o medio receptor da vertedura débese verificar tanto considerando a vertedura individualmente como en conxunto coas restantes verteduras.

6. A incorporación a redes de saneamento público das verteduras de urbanizacións illadas ou polígonos industriais que, polas súas características de biodegradabilidade, poidan ser aceptados polas instalacións dun sistema de saneamento xestionado por administracións autonómicas ou locais ou por entidades dependentes delas será considerada como opción preferente fronte á alternativa de depuración individual con vertedura ao dominio público hidráulico. Todo isto sen prexuízo de que a Administración competente imponha as condicións que xulgue pertinentes na autorización de vertedura que debe outorgar conforme o artigo 101.2 do TRLA e o artigo 253 do RDPH.

No caso de que o petionario pretenda incorporar as súas verteduras a unha rede de saneamento existente, deberá contar cun informe do xestor do saneamento que certifique que a conexión proposta

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

é compatible coa solución de saneamento existente na zona e especifique o punto adecuado para a dita conexión.

7. As augas de escurramento pluvial que se recollan mediante infraestruturas de drenaxe urbana ou industrial e sexan susceptibles de contaminar o dominio público hidráulico son augas residuais que se deberán someter ao procedemento de autorización de vertedura ante a Administración hidráulica. Nela teranse en conta as medidas preventivas de redución en orixe do volume de augas recollidas e, en consecuencia, da carga contaminante que se verte ao medio receptor.

8. De acordo cos artigos 104.1 do TRLA, e 261 do RDPH, a Administración hidráulica poderá revisar as autorizacións de vertedura para exixir a adecuación das verteduras aos obxectivos ambientais que establece este plan hidrolóxico. Para isto, no procedemento de revisión da autorización de vertedura teranse en conta a aplicación das mellores técnicas dispoñibles e o uso máis eficiente da auga.

**Artigo 55.** *Verteduras procedentes de zonas urbanas*

1. Cando, como consecuencia do eventual fallo da estación depuradora de augas residuais (EDAR), sexan previsibles danos importantes no río, poderase impor a condición de aumentar o número de liñas de depuración. Esta condición tamén é aplicable aos bombeos de auga residual do sistema colector. En calquera caso, cando se trate de aglomeracións urbanas de máis de 10.000 habitantes equivalentes e o caudal de vertedura supere o 20% do caudal ecolóxico mínimo, do período de augas baixas, en condicións de normalidade hidrolóxica, será obrigatorio instalar, como mínimo, dúas liñas de depuración ou de bombeo, segundo corresponda.

2. No caso das EDAR de aglomeracións urbanas superiores a 10.000 habitantes equivalentes, a Administración hidráulica poderá exixir a implantación de sistemas de control en continuo do funcionamento das instalacións e da calidade do efluente.

**Artigo 56.** *Sistemas xerais de saneamento urbano*

1. Con anterioridade á solicitude da autorización de vertedura, o promotor poderá presentar ante a Administración hidráulica un anteproxecto coa definición das infraestruturas xerais de saneamento e depuración. A partir da dita documentación, a Administración hidráulica emitirá unha avaliación preliminar sobre a adecuación do anteproxecto ao cumprimento dos obxectivos ambientais e das NCA do medio receptor e sobre os límites de emisión da vertedura, e requirirá, de ser o caso, o solicitante para que introduza as correccións oportunas no proxecto que elabore para xuntar á solicitude de autorización de vertedura.

2. O tratamento previo das verteduras industriais con substancias perigosas que se incorporen directa ou indirectamente a un sistema xeral de saneamento deberá ser tal que a carga máscica que chegue finalmente ao medio receptor a través da EDAR non sexa maior que a que chegaría no caso de que a industria realizase a vertedura depurada directa ao dominio público hidráulico utilizando as mellores técnicas dispoñibles.

3. En relación cos desbordamentos en episodios de choiva, a declaración de vertedura debe conter o establecido nos artigos 246.2.e'), 246.3.c) e ter en conta os criterios recollidos no artigo 259 ter.1 do RDPH. Así mesmo, mentres non sexan desenvolvidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

Medio Ambiente as normas técnicas aludidas no artigo 259 ter.3, aplicarase o seguinte: salvo estudos específicos, a capacidade dos colectores augas abaixo dos dispositivos de alivio dos sistemas unitarios de saneamento será, como mínimo, de 20 litros/segundo por cada 1.000 habitantes equivalentes.

4. En relación cos aliviadoiros existentes, considérase de aplicación o artigo 251.1.j do RDPH. Para iso, o titular deberá presentar un programa de redución da contaminación para a progresiva adecuación dos desbordamentos á normativa vixente, no cal achegue a documentación exixida nela e indique os prazos de execución.

**Artigo 57. Verteduras procedentes de industrias e de zonas industriais**

1. No expediente de vertedura dunha industria pódese incluír o fluxo de augas residuais doutras industrias para a súa depuración conxunta nas instalacións da primeira, sempre que esta asumise o dito fluxo e o fíxese constar na súa declaración de vertedura.

2. As verteduras de dúas ou máis industrias pódense unir nunha condución común de evacuación de efluentes depurados, cun único punto de vertedura final ao medio receptor. Neste caso, cada industria deberá dispor de autorización de vertedura, coas súas propias instalacións de depuración e punto de control da vertedura independente das demais industrias. Os ditos elementos situaranse augas arriba da incorporación da vertedura á citada condución común de evacuación.

3. Limitase a 30 °C a temperatura das verteduras de augas de refrixeración aos ríos, por extensión da norma que establece o RDPH na epígrafe D) do anexo IV para as verteduras en lagos e encoros. Esta limitación de temperatura considérase de aplicación unicamente ás augas de refrixeración en circuíto aberto.

En canto ás purgas de augas de refrixeración en circuíto cerrado, non se consideran incluídas na citada epígrafe D), senón na epígrafe A) do anexo IV, como auga residual industrial clase 1.

4. Os sistemas de aproveitamento de instalacións xeotérmicas de climatización en sistema aberto deberán dispor de autorización de vertedura debido á súa potencial contaminación térmica e outros efectos fisicoquímicos que poidan producir nas augas subterráneas. Ademais, débense cumprir as condicións establecidas no artigo 38.

5. As verteduras de piscifactorías e de augas de refrixeración poderán conter parámetros contaminantes non característicos da actividade industrial, sempre que o titular acredite que os ditos parámetros xa están presentes na captación e que non se incrementa significativamente a súa concentración na vertedura. A dita acreditación pódese presentar na solicitude de autorización de vertedura, así como nos sucesivos controis das verteduras autorizadas.

As instalacións industriais con toma propia poderanse acoller á condición anterior sempre que o titular o xustifique nun estudo específico.

6. As verteduras de augas de achique deberán ser obxecto do tratamento necesario para que se cumpran as NCA do medio receptor, con independencia de que as substancias contaminantes sexan ou non preexistentes á actividade xeradora da vertedura.

Daráselles igual tratamento ás verteduras producidas como consecuencia da inundación dos ocios mineiros unha vez terminada a fase de explotación da mina.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

7. As augas de escorremento pluvial, previstas no artigo 54.7, que se contaminen significativamente con motivo dunha actividade industrial, consideraranse augas residuais industriais da clase correspondente á actividade industrial de que se trate segundo o anexo IV do RDPH.

8. As industrias que almacenen substancias contaminantes capaces de provocar derramamentos ocasionais ao medio receptor deberán dispor de depósitos adecuados ou de obstáculos físicos que impidan a contaminación do dominio público hidráulico.

**Artigo 58.** *Depósitos de residuos ou produtos de actividades industriais, de aproveitamentos extractivos e outros depósitos ao aire libre*

1. A autorización de vertedura dos lixiviados producidos por depósitos ao aire libre de residuos ou produtos derivados de actividades industriais e de aproveitamentos extractivos débese referir non só á fase de explotación senón tamén á posterior ao cerre da instalación durante todo o período de tempo en que se produzan lixiviados.

2. En todo depósito que vaia conter materiais con substancias perigosas conforme a lexislación de augas, no procedemento da súa autorización deberase acreditar ante a Administración hidráulica que non se van producir, en ningún momento, contaminación nin outras afeccións ao dominio público hidráulico.

**Artigo 59.** *Depósitos de residuos urbanos*

Os lixiviados dos depósitos de residuos urbanos que, tras os tratamentos oportunos, se incorporen, durante todo o tempo que se produzan, a un sistema de saneamento público, observarán o disposto nos artigos 54.6 e 56.2. Noutro caso, deberase cumprir co establecido no artigo 58.

**Artigo 60.** *Excepcións para verteduras en augas superficiais en actividades existentes en 9 de xuño de 2013*

1. Conforme o disposto no artigo 54, non se autorizan as verteduras de actividades urbanas ou industriais en augas superficiais non declaradas masas de auga cando, mesmo tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles nas verteduras, non sexan adecuadas ao cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos no artigo 92 bis do TRLA, dos valores establecidos no Real decreto 817/2015 e dos valores de referencia indicados no apéndice 8.

2. Excepcionalmente, poderanse autorizar ou revisar as verteduras a que se refire o número 1 cando se cumpran todos os seguintes requisitos:

- a) Procedan de actividades existentes en 9 de xuño de 2013.
- b) Contén con novas instalacións de depuración que reduzan a carga contaminante aplicando as mellores técnicas dispoñibles.
- c) As verteduras se realicen en condicións tales que garantan o cumprimento dos obxectivos ambientais e das NCA na masa de auga con que conflúen.
- d) No caso de ríos costeiros non declarados masa de auga, deberase garantir o cumprimento das NCA no punto de confluencia coa masa de auga de transición ou costeira e dos obxectivos ambientais fixados para a dita masa.



*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

3. Excepcionalmente, poderanse autorizar, ou revisar de ser o caso, verteduras a masas de auga da categoría río que poidan ocasionar unha superación dos valores de referencia indicados no apéndice 8 cando se cumpran todas as seguintes condicións:

- a) As verteduras procedan de actividades existentes en 9 de xuño de 2013, data de entrada en vigor do Real decreto 400/2013.
- b) As NCA das substancias perigosas (Real decreto 817/2015, do 11 de setembro) se cumpran no medio receptor augas abaixo da vertedura, segundo se establece no artigo 54.2.
- c) As instalacións de depuración reduzan a carga contaminante aplicando as mellores técnicas dispoñibles e as alternativas para a xestión da vertedura sexan máis desfavorables ao xuízo da Administración hidráulica.
- d) Na estación de seguimento representativa do estado da masa de auga situada augas abaixo da vertedura se cumpran os valores de referencia indicados no apéndice 8.

**Artigo 61.** *Aplicación de medidas adicionais sobre verteduras*

1. Co fin de posibilitar a consecución dos obxectivos ambientais nas zonas sensibles, así como nas súas bacías vertentes, a Administración hidráulica poderalles requirir, aos titulares da autorización de vertedura das EDAR que serven poboacións inferiores a 10.000 habitantes equivalentes, medidas adicionais de depuración e a eliminación de nutrientes (nitróxeno ou fósforo, ou os dous).

2. Nos casos en que durante a época de estiaxe se poida comprometer a consecución dos obxectivos ambientais do medio receptor, a Administración hidráulica poderá exixir, con carácter estacional, rendementos de depuración superiores aos exixidos con carácter xeral ou unha eliminación adicional de nutrientes (nitróxeno ou fósforo ou os dous).

3. Naquelas masas de auga en que a consecución do bo estado se vexa comprometida polas verteduras, independentemente das actuacións que sexa necesario adoptar no caso de verteduras ilegais, a Administración hidráulica poderá aplicar as seguintes medidas adicionais:

- a) Denegar, de acordo co disposto no artigo 247.2 do RDPH, e na normativa vixente en materia de verteduras desde terra ao mar, novas autorizacións de verteduras na masa afectada e nas masas situadas augas arriba que se determinen.
- b) Revisar a autorización de vertedura conforme o disposto no artigo 261 do RDPH e o artigo 58 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, ou, de ser o caso, advertir o titular da autorización de vertedura de que, se a dita autorización resulta incompatible cos obxectivos da planificación hidrolóxica, concluído o prazo outorgado na autorización será revogada unilateralmente pola Administración, sen dereito a ningunha indemnización.
- c) Requirit a constitución de comunidades de vertedura de acordo co disposto nos artigos 90 do TRLA e 253.3 do RDPH.

**Artigo 62.** *Informes sobre planeamento urbanístico e territorial*

1. Para a emisión dos informes que sobre planeamento debe emitir a Administración hidráulica segundo o artigo 25.4 do TRLA, relativo ao réxime e aproveitamento das augas continentais e aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, o promotor deberá

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

concretar a solución proposta para a rede de saneamento e para a depuración, no nivel, polo menos, de estudo previo.

2. No caso de que se prevexa a conexión a unha rede de saneamento existente, serán válidas as prescricións do artigo 54.6 tanto no suposto de viabilidade coma no contrario.

**Artigo 63. Autorizacións de vertedura ao dominio público marítimo-terrestre**

1. No caso das verteduras ás augas de transición e costeiras, darase cumprimento ao disposto na sección 2ª do capítulo IV do título III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; no Regulamento xeral de costas; no Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra ao mar, e no Decreto 459/2013, do 10 de decembro, sobre as verteduras efectuadas desde terra ao mar.

2. Segundo o disposto no artigo 117 do Regulamento xeral de costas, a Administración hidráulica poderá revisar ou, de ser o caso, modificar, sen dereito a indemnización, as condicións das autorizacións de vertedura cando se alterasen as circunstancias que motivaron o seu outorgamento. Da mesma forma, poderanse revisar ou modificar as condicións cando sexa necesario para a consecución dos obxectivos ambientais que establece este plan hidrolóxico.

3. Así mesmo, nas autorizacións de vertedura ao dominio público marítimo-terrestre aplicarase o recollido nos números 54.1, 54.3, 54.4, 54.5, 54.6 e 54.7 referidos ao dominio público hidráulico. No caso das verteduras procedentes de zonas urbanas, terase en conta, ademais, o recollido no primeiro parágrafo do número 55.1 e nos números 55.2, 61.1 e 61.2.

4. As augas de escorremento pluvial procedentes de industrias e zonas industriais, que se recollan mediante infraestruturas de drenaxe urbana ou industrial e sexan susceptibles de contaminar o medio receptor, así como as purgas de auga de refrixeración en circuíto cerrado, terán a consideración de augas residuais industriais e deberanse someter ao procedemento de autorización de vertedura ante a Administración hidráulica. Na autorización teranse en conta as medidas preventivas de redución en orixe do volume de augas recollidas e da carga contaminante que se verte ao medio receptor.

5. Respecto aos aliviadoiros existentes dos sistemas xerais de saneamento, a Administración hidráulica poderalle requirir ao titular da autorización de vertedura a presentación dun programa de redución da contaminación por desbordamento de augas de escorremento, ademais de dar cumprimento ao establecido no artigo 13 do Decreto 459/2013, do 10 de decembro. O citado programa incluírá un conxunto de medidas que comprendan estudos técnicos de detalle para optimizar o transporte de volumes de augas residuais e de escorremento cara ás estacións depuradoras, reducindo o impacto dos desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de choiva.

6. No caso das verteduras ao dominio público marítimo-terrestre procedentes de sistemas xerais de saneamento aplicarase o recollido nos números 56.1 e 56.2 referidos ao dominio público hidráulico e, para aqueles procedentes de industrias e zonas industriais, o recollido nos números 57.1, 57.2, 57.5 e 57.8. Así mesmo, en relación coas verteduras ao dominio público marítimo-terrestre procedentes de depósitos de residuos ou de produtos de actividades industriais ou extractivas, terase en conta o establecido nos artigos 58 e 59.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

7. Naquelas masas de auga en que a consecución do bo estado se vexa comprometida polas verteduras ao dominio público marítimo-terrestre, independentemente das actuacións que sexa necesario adoptar no caso de verteduras ilegais, a Administración hidráulica poderá requirir a constitución de xuntas de usuarios de vertedura de acordo co disposto nos artigos 58.6 da Lei 22/1988, de costas, e no artigo 121 do Regulamento xeral de costas, así como aplicar o establecido nas alíneas a e b do artigo 61.3.

#### ***Sección V. Reutilización de augas depuradas***

##### **Artigo 64. Reutilización de augas residuais**

1. De acordo co disposto nos artigos 59.1 e 109 do TRLA, a reutilización de augas residuais procedentes dun aproveitamento require concesión administrativa salvo que o solicite o titular da vertedura, caso en que soamente requirirá autorización administrativa. Toda reutilización de augas depuradas se axustará ao disposto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

2. Promoverase a reutilización interna industrial no uso de fontes alternativas e cando sexa factible utilizar recursos de menor calidade que a auga urbana. Para tal efecto:

- a) Cando as detraccións de caudal que se realizan no leito ou a vertedura de augas residuais comprometan fundadamente a consecución do bo estado da masa de auga nos prazos previstos, a Administración hidráulica, de oficio, poderá instar o titular da concesión ou autorización de vertedura para que estude como alternativa a reutilización de augas depuradas.
- b) Así mesmo, cando se trate dunha nova solicitude de concesión, a Administración hidráulica poderá reconducir a dita solicitude nunha concesión de augas rexeneradas cando, de conformidade coa normativa vixente, os usos concesionais o admitan.

#### **Capítulo VIII: Estruturas organizativas de xestión dos servizos da auga. Recuperación de custos. Réxime económico e financeiro. Directrices de plans de xestión da demanda. Fomento da transparencia, da concienciación cidadá e da participación**

##### **Artigo 65. Principios orientadores e medidas de fomento da xestión dos servizos da auga**

1. As administracións competentes favorecerán a xestión integrada dos sistemas de abastecemento e saneamento fomentando a creación e o mantemento de estruturas supramunicipais de xestión que sexan capaces de garantir o rendemento óptimo das redes, de achegar un servizo cuxa xestión sexa profesionalizada e de tender á recuperación dos custos dos servizos da auga coa máxima eficiencia. Intensificaranse os mecanismos de control e individualización de verteduras, sobre todo dentro de áreas industriais conectadas a sistemas públicos de saneamento.

2. De conformidade co artigo 46 do RPH, a creación e renovación de infraestruturas de abastecemento e saneamento para o incremento da eficacia e eficiencia das redes consideraranse medidas para a aplicación do principio de recuperación do custo dos servizos da auga, incluídas as axudas a elas. Estas axudas, en virtude do artigo 110 do TRLA, adxudicaráselles exclusivamente a aquelas entidades que

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

xustificuen a aplicación do mencionado principio de recuperación de custos sobre os servizos de abastecemento e saneamento.

3. Impulsarase a coordinación interadministrativa para axilizar a execución dos plans de xestión do risco de inundación, así como a súa integración co resto da planificación relevante.

**Artigo 66.** *Custos dos servizos da auga*

Para os efectos da identificación dos custos do ciclo integral da auga, polo menos, débense ter en conta todos os custos necesarios para a súa prestación, independentemente da entidade que incorra neles, e que se poden clasificar en:

- a) Custos de mantemento, explotación e reposición das redes de abastecemento e saneamento en alta, incluídas tanto as estacións de tratamento de auga potable (ETAP) como as EDAR.
- b) Amortización de investimentos e programas de mellora nas redes de abastecemento e saneamento en alta, incluídas tanto as ETAP como as EDAR (estes programas de mellora deberán abarcar, polo menos, un período de 5 anos).
- c) Custos de mantemento, explotación e reposición da rede en baixa.
- d) Amortización de investimentos e programas de mellora nas redes de abastecemento e saneamento en baixa (estes programas de mellora deberán abarcar, polo menos, un período de 5 anos).
- e) Custos asociados á xestión de abonados e atención ao cliente.
- f) Custos ambientais derivados da prestación do servizo de abastecemento e saneamento. Correspóndense cos custos do dano que os usos da auga supoñen ao ambiente, aos ecosistemas e aos usuarios do ambiente.
- g) Custos do recurso.

**Artigo 67.** *Directrices para a recuperación dos custos dos servizos da auga*

1. De acordo co artigo 111 bis.2 do TRLA, co fin de aplicar o principio de recuperación de custos, a Administración con competencias en materia de subministración de auga establecerá as estruturas tarifarias por tramos de consumo, coa finalidade de atender as necesidades básicas a un prezo alcanzable e desincentivar os consumos excesivos, tendo en conta, entre outros, as consecuencias sociais, ambientais e económicas, e as condicións xeográficas e climáticas sempre que non comprometan os fins ou obxectivos ambientais.

2. Directrices para a tarificación dos servizos da auga para usos urbanos e industriais:

- a) Recoméndase que as tarifas teñan, ademais dunha cota fixa, unha cota variable obrigatoria e progresiva en función do consumo de auga.
- b) Proponse que a cota fixa non inclúa ningún consumo mínimo de auga.
- c) Para o establecemento das tarifas progresivas propóñense diferentes tramos de consumo cunha escala de progresividade adecuada para recuperar custos, aforrar recursos e penalizar o consumo ineficiente e non sustentable.
- d) Recoméndase a diferenciación nas tarifas de diferentes tipos de usuarios urbanos, polo menos: domésticos, industriais e comerciais.
- e) O deseño das estruturas das tarifas industriais debería ter en consideración os custos asociados a este uso.

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

- f) Para os usos industriais poderanse considerar bonificacións en función da contribución ao uso sustentable e ao aforro da auga mediante a utilización das melloras técnicas dispoñibles.

**Artigo 68.** *Plans de xestión da demanda. Directrices para a súa elaboración*

1. Recoméndase a elaboración por parte das autoridades competentes na xestión dos servizos da auga de plans de xestión da demanda que contribúan a unha xestión integral, racional e sustentable da auga na demarcación hidrográfica.

2. Propóñense as seguintes directrices para a súa elaboración:

- a) Establecemento de sistemas de información sobre o uso da auga co obxectivo de dispor de información sobre as características da demanda dos usos da auga e das súas tendencias para desenvolver políticas de aforro e uso racional da auga.
- b) Garantía de control mediante a instalación de contadores individuais.
- c) Fomento do uso de tecnoloxías aforradoras de auga.
- d) Medidas para mellora dos niveis de eficiencia da rede: renovación progresiva de tubaxes, campañas de detección rápida de fugas e a súa minimización.
- e) Actualización tarifaria baixo criterios de recuperación de custos e fomento do aforro de auga.
- f) Fomento de campañas de concienciación e información aos usuarios. Débese intentar que todos os consumidores poidan coñecer os seus consumos de auga e o seu grao de eficiencia a través da factura e das accións de información e sensibilización para o fomento do aforro.
- g) Promoción de espazos de participación para unha nova cultura da auga.

**Artigo 69.** *Directrices para o fomento da transparencia e a concienciación cidadá*

1. A transparencia é un requisito imprescindible que deben cumprir todas as administracións con competencias nos servizos da auga. Para o seu fomento defínense as seguintes directrices, que deberían implantar todos os xestores:

- a) Creación dun sistema de información integrado que aglutine todos os datos de interese xerados polos diferentes axentes que interveñen na prestación dos servizos da auga, como os debidos a infraestruturas, demandas de auga por tipo de usuario, custos e ingresos dos servizos, evolución dos investimentos e subvencións dos organismos públicos implicados na prestación de servizos, a nivel rexional, estatal e europeo.
- b) A política de tarificación da auga debería ser transparente e de fácil comprensión para que teña un efecto incentivador e os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos. Deberíase potenciar a divulgación da información entre os usuarios sobre os diferentes conceptos das tarifas do ciclo integral da auga, así como os beneficios ambientais, sociais e económicos dun uso eficiente e sustentable do recurso.
- c) Adaptación dos contidos e o procesamento da información das enquisas oficiais sobre subministración e tratamento da auga.
- d) Establecemento da figura dun ente regulador autonómico especializado que estableza e supervise as condicións e os estándares dos servizos e que unifique criterios de fixación de tarifas.
- e) Apertura de canles de comunicación e información continua cos cidadáns a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

*Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)*

2. A concienciación cidadá é outro elemento que debe contribuír a un uso máis sustentable dos recursos. Nesta liña proponse:

- a) Promover a concienciación social sobre o aforro de auga intentando influír no comportamento da cidadanía, das empresas e das institucións para que realicen un mellor uso da auga.
- b) Implantar campañas de concienciación e sensibilización cidadá que se poderán instrumentar mediante programas educativos e formativos, campañas e actividades de comunicación, convenios de colaboración entre administracións públicas ou particulares ou a través doutros medios que se consideren convenientes e adecuados.
- c) Fomentar e difundir unha cultura de consumo responsable e unha actitude ambientalmente sustentable da auga favorecendo o seu aforro e uso eficiente.
- d) Potenciar os equipamentos relacionados coa difusión e interpretación dos valores da auga.

**Artigo 70.** *Procedemento para facer efectiva a participación pública*

1. Sen prexuízo das directrices previstas no punto anterior, que fomentan a participación pública, no capítulo 13 da memoria do plan recóllense os procedementos para facela efectiva.

2. As administracións hidráulicas establecerán o sistema organizativo e cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrolóxico.

3. As administracións hidráulicas coordinarán os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrolóxico.

4. Os métodos e técnicas de participación que se van empregar nas distintas fases do proceso serán, entre outros, entrevistas, xornadas de portas abertas, reunións bilaterais, obradoiros, participación interactiva, mesas sectoriais e multisectoriais, conferencias e mesas redondas.

5. Os puntos de contacto para a consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan durante os procesos de información pública, consulta pública e participación activa do plan hidrolóxico serán, mentres non se dispoña outra cousa:

- a) As sedes das administracións hidráulicas (Confederación Hidrográfica do Cantábrico e Axencia Vasca da Auga) e as súas delegacións e oficinas territoriais.
- b) As páxinas web da Confederación Hidrográfica do Cantábrico e da Axencia Vasca da Auga.
- c) As páxinas web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

**Artigo 71.** *Programa de medidas*

1. O programa de medidas deste plan, de carácter obrigatorio e vinculante, sen prexuízo do disposto no artigo 72, vén constituído polas medidas que se relacionan no apéndice 10 e se describen no documento Programa de medidas do plan hidrolóxico. Estas agrúpanse nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).

---

Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais para aplicar sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
1610100020	Regata Erasote	Natural	7,72	Si	ES027MAR002630
1610100021	Regata Inarbegui (en Gorostapolo)	Natural	9,07	Si	ES002MAR002340
1610100022	Regata Orabidea, augas arriba de Urdax	Natural	9,92	Si	ES001MAR002320
1610100024	Regatas do Parque Natural Señorío de Bértiz	Natural	20,48	Non	-
1610100028	Río Añarbe, augas arriba desde río Articutza	Natural	4,06	Non	-
1610100034	Río Bidasoa en Irun e afluentes do Bidasoa	Ambiental	30,9	Si	ES010MAR002420
1610100035	Río Cadagua, no termo municipal de Balmaseda	Ambiental	5,09	Si	ES073MAR002900
1610100050	Río Nervión, augas arriba de Délica	Ambiental	14,35	Si	ES052MAR002690
1610100283	Gujuli	Natural	-	Si	ES055MAR002721
1610100284	Nervión	Natural	-	Si	ES052MAR002690
1610100285	Osinberde	Natural	-	Si	ES020MAR002570
1610100287	Kobaundi	Natural	0,27	Non	-
1610100288	Aldabide	Natural	0,41	Non	-
1610100289	Herrerías	Ambiental	7,28	Si	ES073MAR002890
1610100290	Altube	Ambiental	1,64	Si	ES055MAR002721
1610100291	Oiardo	Ambiental	4,76	Si	ES055MAR002721
1610100292	Indusi	Ambiental	10,9	Si	ES066MAR002800
1610100293	Oria	Ambiental	5,01	Si	ES020MAR002501
1610100294	Agauntza	Ambiental	8,36	Si	ES020MAR002560
1610100295	Zaldibia	Ambiental	7,4	Si	ES020MAR002570
TIME01	Río Bidasoa en Irun e afluentes do Bidasoa	Ambiental	23,7	Si	ES111T012010
TIME02	Oiartzun 5-6	Ambiental	5,24	Si	ES111R014010
TIME03	Urola 13	Ambiental	2,79	Si	ES111R030010
TIME04	Altzolaratz 1	Ambiental	3,91	Si	ES111R034030
TIME05	Angiozar 2-3	Ambiental	5,36	Si	ES111R040020
TIME06	Artibai 3 ata cruzamento con Bolibar 1	Ambiental	4,19	Si	ES111R044010
TIME07	Lea 2-3-4-5-6	Ambiental	15,15	Si	ES111R045010
TIME08	Ea 2	Ambiental	2,37	Si	ES111R045020
TIME09	Mape 2	Ambiental	2,81	Si	ES111R046020
TIME10	Butroe 7-8	Ambiental	5,93	Si	ES111R048010
TIME11	Barbadun 1-2	Ambiental	8,3	Si	ES111R075010
TIME12	Galdames 1	Ambiental	1,66	Si	ES111R075010
TIME13	Estepona 2	Ambiental	4,38	Si	ES111R048030
TINA01	Fervenza Castaños	Natural	-	Si	017.004
TINA02	Fervenza Irusta	Natural	-	Non	-
TINA03	Fervenza Baldatika	Natural	-	Non	-
TINA04	Fervenza Mendata	Natural	-	Non	-
TINA05	Antzuola 5	Natural	1,47	Si	ES111R040080
TINA06	Arantzazu 1 – 2	Natural	13,33	Si	ES111R040060
TINA07	Aratz 2	Natural	1,67	Si	ES111R032020
TINA08	Barbadun 4	Natural	6,44	Si	ES111R075010
TINA09	Kilimoi 3	Natural	2,67	Si	ES111R042030
TINA10	Oñate 5	Natural	2,26	Si	ES111R040050

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Código da zona protexida	Nome da zona protexida	Tipo de tramo de interese	Lonxitude (km)	Solapamento con masas de auga	Código da masa de auga
TINA11	Picón 2	Natural	2,2	Si	ES111R075020
TINA12	Sastarrain 2	Natural	3,23	Si	ES111R034010
TINA13	Ubera 3	Natural	1,81	Si	ES111R040030
TINA14	Bolibar 1	Natural	3,94	Si	ES111R044010
TINA15	Urko 3	Natural	1,6	Si	ES111R044010
TINA16	Oiz 2	Natural	2,41	Si	ES111R045010
TINA17	Artibai 3	Natural	6,81	Si	ES111R044010

## Apéndice 7.13. Zonas de protección especial incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas. Outras figuras

Código da zona protexida	Comunidade Autónoma	Tipo de zonas protexida	Nome da zona protexida	Código da masa de auga	Categoría da masa de auga
1610100239	Navarra	Área de protección da fauna silvestre	Arrollandieta	ES518MAR002930	Río
1610100240	Navarra	Área de protección da fauna silvestre	Iparla	-	-
1610100234	Navarra	Área natural recreativa	Encoros de Leurtza	-	-
1610100318	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Protección anfibios (rela común meridional)	ES028MAR002662 ES111R018010	Río
1610100319	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Protección flora	-	-
PE08	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Espiñento	ES111R074010 ES111R074020 ES111R074030 ES111R074040	Río
PE09	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Corvo mariño cristado	ES111C000020 ES111C000030	Costeira
PE10	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Paíño europeo	ES111C000020 ES111C000030	Costeira
1610100247	País Vasco	Biótoto protexido	Leitzaran	ES027MAR002620 ES027MAR002630	Río
1610100248	País Vasco	Biótoto protexido	Itxina	ES055MAR002722	Río
PE04	País Vasco	Biótoto protexido	Biótoto protexido de Gaztelugatxe	ES111C000030	Costeira
PE05	País Vasco	Biótoto protexido	Biótoto protexido de Inurritza	ES111C000010 ES111R029010	Costeira Río
PE06	País Vasco	Biótoto protexido	Biótoto protexido Deba-Zumaia	ES111C000020	Costeira
B008	País Vasco	Biótoto protexido	Biótoto protexido de Meatzaldea – Zona mineira de Bizkaia	S111R075010	Río
1610100233	Navarra	Enclave natural	Acíñeiras de Zigardia	ES023MAR002601	Río
PE07	País Vasco	Xeoparque	Xeoparque da Costa Vasca	ES111C000020 ES111R034010 ES111R034020 ES111R034040 ES111R042020 ES111R044020 ES111T034010 ES111T042010 ES111T044010	Costeira Río Transición
1610100222	Castilla y León	Monumento natural	Monte Santiago	-	-
1610100232	País Vasco	Navarra	Señorío de Bertiz	ES002MAR002380	Río
1610100241	País Vasco	Parque natural	Urkiola	ES059MAR002750	Río
1610100243	País Vasco	Parque natural	Gorbeia	ES053MAL000070 ES055MAR002721 ES055MAR002722	Lago Río

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Código da zona protexida	Comunidade Autónoma	Tipo de zonas protexida	Nome da zona protexida	Código da masa de auga	Categoría da masa de auga
1610100244	País Vasco	Parque natural	Aralar	ES020MAL000060	Lago
				ES020MAR002560	Río
				ES020MAR002570	
				ES021MAR002581	
ES021MAR002582					
1610100245	País Vasco	Parque natural	Aizkorri-Aratz	ES020MAR002502	Río
1610100246	País Vasco	Parque natural	Aiako Harria	ES010MAR002430	Río
				ES017MAR002450	
				ES017MAR002460	
				ES018MAR002480	
				ES018MAR002491	
ES018MAR002492					
PE03	País Vasco	Parque natural	Parque natural de Pagoeta	ES111R029010 ES111R034030	Río
PE01	País Vasco	Plan especial	Plan especial baía de Txingudi	ES111T012010	Transición
PE02	País Vasco	Reserva da biosfera	Reserva da biosfera de Urdaibai	ES111T046010	Transición
				ES111T046020	
1610100237	Navarra	Reserva natural	Labiaga	-	-
1610100235	Navarra	Reserva natural	Irubelakaskoa	ES001MAR002330	Río
1610100236	Navarra	Reserva natural	Peñas de Itxusi	ES001MAR002330	Río
1610100238	Navarra	Reserva natural	San Juan Xar	ES008MAR002410	Río
1610100322	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Protección mamíferos (auganeira do Pireneo)	ES010MAR002430	Río
				ES017MAR002450	
				ES017MAR002460	
				ES018MAR002480	
ES018MAR002491					
1610100322	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Protección mamíferos (auganeira do Pireneo)	ES020MAR002560	Río
				ES020MAR002570	
				ES023MAR002591	
				ES027MAR002620	
				ES027MAR002630	
ES111R031010					
1610100320	País Vasco	Áreas de interese especial de especies ameazadas	Protección mamíferos (visión europeo)	ES052MAR002690	Río
				ES055MAR002722	
				ES056MAR002730	
				ES059MAR002750	
				ES059MAR002760	
				ES059MAR002780	
				ES060MAR002740	
				ES064MAR002820	
				ES065MAR002770	
				ES066MAR002800	
				ES067MAR002790	
				ES067MAR002830	
				ES068MAR002841	
				ES073MAR002890	
				ES073MAR002900	
				ES073MAR002910	
				ES073MAR002920	
				ES111R014010	
				ES111R030010	
				ES111R031010	
				ES111R031020	
				ES111R032020	
				ES111R034030	
				ES111R034040	
				ES111R040010	
				ES111R042020	
				ES111R044010	
ES111R044020					
ES111R045010					
ES111R046010					

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Código da zona protexida	Comunidade Autónoma	Tipo de zonas protexida	Nome da zona protexida	Código da masa de auga	Categoría da masa de auga
				ES111R046020	
				ES111R046030	
				ES111R048010	
				ES111R048020	
				ES111R048030	

### APÉNDICE 8. VALORES DE REFERENCIA NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO PARA O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS AUGAS ABAIXO DAS VERTEDEURAS

Para os efectos da previsión indicada no artigo 54.2, utilizaranse os seguintes valores de referencia:

Substancia ou indicador	Unidade	Valor de referencia
Nitratos	mg NO <sub>3</sub> /l	15
Amonio	mg NH <sub>4</sub> /l	0,5
Demanda biolóxica de oxíxeno (5 días)	mg/l	5
Demanda química de oxíxeno ao dicromato	mg/l	17
Sólidos en suspensión	mg/l	25
Temperatura da auga (incremento en augas abaixo respecto de augas arriba)	°C	< 1,5
Conductividade eléctrica a 20 °C (incremento en augas abaixo respecto de augas arriba)	µS/cm (%)	< 20

### APÉNDICE 9. NORMAS DE CALIDADE AMBIENTAL E VALORES LIMIAR PARA AS MASAS DE AUGA SUBTERRÁNEA

Masa de auga	Normas de calidade ambiental		Valores limiar						
	Nitratos (mg/l)	Praguic. (µg/l)	NH <sub>4</sub> (mg/l)	Hg <sup>(1)</sup> (µg/l)	Pb <sup>(1)</sup> (µg/l)	Cd <sup>(1)</sup> (µg/l)	As (µg/l)	TCE (µg/l)	PCE (µg/l)
Salvada	50	0,1 0,5 (total)	0,5	0,5	10	5	10	5	5
Mena-Orduña									
Anticlinorio sur									
Itxina									
Aramotz									
Aranzazu									
Troya									
Sinclinorio de Bizkaia									
Oiz									
Gernika									
Anticlinorio norte									
Ereñozar									
Izarraitz									
Aralar									
Basaburua-Ulzama									
Gatzume-Tolosa									
Zumaia-Irun									
Andoain-Oiartzun									
Jaizkibel									
Macizos paleozoicos									

(1) Prohíbese a vertedura directa de substancias perigosas prioritarias ás augas subterráneas.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

### APÉNDICE 10. RESUMO DO PROGRAMA DE MEDIDAS

CLAVE	DESCRIPCIÓN DO TIPO DE MEDIDA	Nº DE MEDIDAS	IMPORTE (millóns de €)			TOTAL
			2016-2021	2022-2027	2028-2033	
1	Redución da contaminación puntual	90	446,20	205,40	--	651,60
2	Redución da contaminación difusa	12	4,88	5,02	--	9,90
3	Redución da presión por extracción de auga	4	2,28	17,30	--	19,58
4	Mellora das condicións morfolóxicas	20	3,80	3,36	--	7,16
5	Mellora das condicións hidrolóxicas	7	0,13	0,15	--	0,28
6	Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos	7	1,64	1,81	--	3,45
7	Outras medidas: medidas ligadas a impactos	4	0,00	--	--	0,00
9	Outras medidas (non ligadas directamente a presións nin impactos): medidas específicas de protección de auga potable	3	0,60	0,10	--	0,70
10	Outras medidas (non ligadas directamente a presións nin impactos): medidas específicas para substancias prioritarias	6	20,64	0,40	--	21,04
11	Medidas relacionadas coa gobernanza	78	35,73	17,90	--	53,63
12	Incremento de recursos dispoñibles	50	196,33	61,06	182,28	439,67
13	Medidas de prevención de inundacións	33	21,37	9,32	--	30,69
14	Medidas de protección fronte a inundacións	42	102,23	269,50	--	371,73
15	Medidas de preparación ante inundacións	36	8,21	0,85	--	9,06
16	Medidas de recuperación e revisión tras inundacións	9	4,80	--	--	4,80
19	Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga	2	0,04	--	--	0,04
<b>TOTAL</b>		<b>403</b>	<b>848,86</b>	<b>592,16</b>	<b>182,28</b>	<b>1.623,30</b>

### APÉNDICE 11. DOTACIÓNS DE AUGA SEGUNDO USO

Apéndice 11.1. Dotacións brutas máximas admisibles en litros por habitante e día para abastecemento urbano. Procedemento xenérico

Poboación abastecida polo sistema (habitantes)	Actividade comercial-industrial vinculada (apéndice 13)		
	Alta	Media	Baixa
Menos de 2.001	460	430	370
De 2.001 a 10.000	440	360	350
De 10.001 a 50.000	320	-	-
De 50.001 a 250.000	250	-	-
Máis de 250.000	240	-	-

Apéndice 11.2. Dotacións brutas máximas para uso doméstico. Procedemento particularizado

Poboación abastecida polo sistema (habitantes)	Dotación máxima bruta (l/hab/día)
Menos de 101	220
De 101 a 2.000	210
De 2.001 a 10.000	205
De 10.001 a 50.000	200
De 50.001 a 250.000	195
Máis de 250.000	190

Apéndice 11.3. Dotacións medias para poboación estacional

Tipo de establecemento	Dotación máxima bruta (l/praza/día)
Cámping	120
Hotel	240

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

#### Apéndice 11.4. Dotacións de auga para gandaría

Tipo de gando	Dotación gandaría establecida (l/cab/día)	Dotación gandaría non establecida (l/cab/día)
Bovino de leite	120	90
Bovino de carne	100	70
Equinos	50	30
Outro gando maior	75	50
Porcino	20	15
Outro gando menor	35	20
Ovino e caprino	8	5
Coellos e similares	1,5	0,5
Avícola menor (polos, pavos, patos, etc.)	0,5	0,3

#### Apéndice 11.5. Dotacións de auga para rega agrícola (m<sup>3</sup>/ha e ano)

Plantas		Ao aire libre (período de rega 4 meses)			Antixeada m <sup>3</sup> /ha/hora	Baixo plástico ou invernadoiros (período de rega 12 meses)	
Tipo de cultivo	Cultivos específicos	Gravidade	Aspersión	Goteo		Hidropónico	Non hidropónico
Forraxeiras	-	2100	1800	-	-	-	-
Leñosas	Kiwi	-	3200	3100	40	-	-
	Vide	-	-	-	40	-	-
	Outras leñosas	2400	2000	1800	40	-	-
Hortícolas	-	2200	1700	1500	40	5000	5500
-	Cultivos bioenergéticos: bioetanol	2950-2000	2000-950	-	-	-	-
-	Cereais gran de inverno	-	<1400	-	-	-	-
-	Leguminosas gran	2500	1650	-	-	-	-
-	Millo e sorgo	3950-2500	2500-1750	-	-	-	-
-	Patata	3500-2500	2500-1450	-	-	-	-
--	Remolacha	3450-2500	2500-600	-	-	-	-

#### Apéndice 11.6. Dotacións de auga para a industria

Sector	Dotación (m <sup>3</sup> /día por empregado)	Dotación (m <sup>3</sup> por tonelada producida)
Lácteas	10-18	3-17
Alimentación	2-12	6-30
Bebidas alcohólicas (viño/sidra)	0,3-0,8	2-3
Bebidas non alcohólicas	5	6
Papeleiras	32-86	16-34
Transformados de caucho	0,6	2,32
Matadoiros	3-6	5-7
Industria química	8-20	2-12
Téxtil	8	115
Materiais de construción	0,5	0,15
Cementeiras	4,4	0,15
Siderurxia	8-12	3-8
Transformados metálicos	3-8	1-3

#### Apéndice 11.7. Dotacións de auga para centrais de produción eléctrica

Tipo de central	Circuíto de refrixeración pechado	Circuíto de refrixeración aberto (*)
	hm <sup>3</sup> /100Mw potencia instalada por ano	
Ciclo combinado	1,2-1,5	60-100
Carbón ou fuel	2,3-2,8	90-125
Termosolares	1,6-2,0	----

(\*) Os circuíto de refrixeración industriais cun volume superior a 10.000 m<sup>3</sup>/ano non poderán ser en réxime aberto, salvo o caso de que a captación sexa en esteiro aberto ou masa de auga costeira.



Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

## APÉNDICE 12. BORDOS LIBRES PARA O DESEÑO DE PONTES

Bacía (km <sup>2</sup> )	Bordo libre (m)
5	0,15
10	0,25
25	0,40
50	0,50
100	0,75
1.000	1,00
2.000	1,50

## APÉNDICE 13. MUNICIPIOS EN FUNCIÓN DA ACTIVIDADE COMERCIAL-INDUSTRIAL VINCULADA

## APÉNDICE 13.1 Territorios históricos de Araba e Bizkaia

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada	CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
PAIS VASCO	Araba	Amurrio	Alta	PAIS VASCO	Bizkaia	Getxo	Alta
		Aramaio	Media			Gordexola	Media
		Artziniega	Media			Gorliz	Baixa
		Ayala/Aiara	Media			Güeñes	Alta
		Kuartango	Baixa			Gizaburuaga	Baixa
		Llodio	Alta			Ibarrangelu	Media
		Okondo	Media			Igorre	Alta
		Urkabustaiz	Media			Ispaster	Media
		Zuia	Media			Iurreta	Alta
	Abadiño	Alta	Izurtza			Media	
	Abanto-Zierbana	Alta	Kortezubi			Baixa	
	Alonsotegi	Media	Larrabetzu			Media	
	Amorebieta-Etxano	Alta	Laukiz			Baixa	
	Amoroto	Baixa	Leioa			Alta	
	Arakaldo	Baixa	Lekeitio			Media	
	Arantzazu	Baixa	Lemoa			Alta	
	Artzentais	Baixa	Lemoiz			Baixa	
	Areatza	Baixa	Lezama			Baixa	
	Arrankudiaga	Media	Loiu			Alta	
	Arratzu	Baixa	Mallabia			Alta	
	Arrieta	Media	Mañaria			Baixa	
	Arrigorriaga	Alta	Markina-Xemein			Media	
	Artea	Media	Maruri			Media	
	Atxondo	Media	Mendata			Baixa	
	Aulesti	Media	Mendexa			Media	
	Bakio	Baixa	Meñaka			Media	
	Balmaseda	Alta	Morga			Baixa	
	Barakaldo	Alta	Mundaka			Alta	
	Barrika	Baixa	Mungia			Alta	
	Basauri	Alta	Munitibar-Arbatzegi Gerrikaitz			Baixa	
	Bedia	Media	Murueta			Baixa	
	Berango	Media	Muskiz			Alta	
	Bermeo	Alta	Muxika			Baixa	
Berriatua	Media	Nabarniz	Baixa				
Berriz	Alta	Ondarroa	Alta				
Bilbao	Alta	Orduña	Media				
Busturia	Baixa	Orozko	Media				
Derio	Alta	Ortuella	Alta				
Dima	Baixa	Plentzia	Baixa				
Durango	Alta	Portugalete	Alta				
Ea	Media	Santurtzi	Alta				
Elantxobe	Baixa	Sestao	Alta				
Elorrio	Alta	Sondika	Alta				

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
		Erandio	Alta
		Ereño	Baixa
		Ermua	Alta
		Errigoiti	Media
		Etxebarri, Anteglesia de San Esteban	Alta
		Etxebarria	Alta
		Forua	Baixa
		Fruiz	Media
		Galdakao	Alta
		Galdames	Baixa
		Gamiz-Fika	Baixa
		Garai	Baixa
		Gatika	Baixa
		Gautegiz-Arteaga	Media
		Gernika-Lumo	Alta

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
		Sopelana	Alta
		Sopuerta	Media
		Sukarrieta	Baixa
		Trapagaran	Alta
		Ugao-Miraballes	Media
		Urduliz	Alta
		Zaldibar	Media
		Zalla	Alta
		Zamudio	Alta
		Zaratamo	Media
		Zeanuri	Media
		Zeberio	Baixa
		Zierbena	Baixa
		Ziortza-Bolibar	Baixa

## APÉNDICE 13.2 Territorio histórico de Gipuzkoa

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
PAIS VASCO	Gipuzkoa	Abaltzisketa	Baixa
		Aduna	Media
		Aia	Alta
		Aizarnazabal	Media
		Albiztur	Media
		Alegia	Media
		Alkiza	Baixa
		Altzaga	Baixa
		Altzo	Baixa
		Amezqueta	Media
		Andoain	Alta
		Anoeta	Media
		Antzuola	Media
		Arama	Baixa
		Aretxabaleta	Alta
		Arrasate	Alta
		Asteasu	Alta
		Astigarraga	Alta
		Ataun	Baixa
		Azkoitia	Alta
		Azpeitia	Alta
		Baliarrain	Baixa
		Beasain	Alta
		Beizama	Baixa
		Belauntza	Media
		Berastegi	Baixa
		Bergara	Alta
		Berrobi	Media
		Bidegoian	Baixa
		Deba	Alta
		Donostia	Alta
		Eibar	Alta
		Elduain	Baixa
		Elgeta	Media
		Elgoibar	Alta
		Errenteria	Alta
		Errezil	Baixa
		Eskoriatza	Alta
		Ezkio-Itsaso	Media
		Gabiria	Media
Gaintza	Baixa		

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
PAIS VASCO	Gipuzkoa	Hondarribia	Alta
		Ibarra	Media
		Idiazabal	Alta
		Ikaztegieta	Baixa
		Irun	Alta
		Irura	Alta
		Itsasondo	Media
		Larraul	Baixa
		Lasarte-Oria	Alta
		Lazkao	Alta
		Leaburu	Baixa
		Legazpi	Alta
		Legorreta	Media
		Leintz-Gatzaga	Baixa
		Lezo	Alta
		Lizartza	Baixa
		Mendaro	Media
		Mutiloa	Baixa
		Mutriku	Media
		Oiarzun	Alta
		Olaberria	Media
		Oñate	Alta
		Ordizia	Alta
		Orendain	Baixa
		Orexa	Baixa
		Orio	Media
		Ormaiztegi	Media
		Pasaia	Alta
		Renteria	Alta
		Segura	Media
		Soraluze	Media
		Tolosa	Alta
		Urnieta	Alta
		Urretxu	Alta
		Usurbil	Alta
		Villabona	Media
		Zaldibia	Media
		Zarautz	Alta
		Zegama	Media
		Zerain	Baixa
Zestoa	Alta		

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
		Gaztelu	Baixa
		Getaria	Alta
		Hernani	Alta
		Hernalde	Baixa

CCAA	Territorio histórico	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
		Zizurkil	Media
		Zumaia	Alta
		Zumarraga	Alta

## APÉNDICE 13.3 Provincias de Navarra e Burgos

CCAA	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
NAVARRA	Araitz	Baixa
	Arano	Baixa
	Arantza	Baixa
	Areso	Baixa
	Basaburua	Media
	Baztan	Alta
	Beintza-Labaien	Baixa
	Bera/Vera de Bidasoa	Baixa
	Bertizarana	Baixa
	Betelu	Baixa
	Donamaria	Baixa
	Doneztebe/Santesteban	Baixa
	Elgorriaga	Baixa
	Eratsun	Baixa
	Erro	Baixa
	Etxalar	Baixa
	Ezkurra	Baixa
	Goizueta	Baixa
	Igantzi	Baixa
	Ituren	Baixa
	Larraun	Baixa
	Leitza	Baixa
	Lesaka	Baixa
	Luzaide/Valcarlos	Baixa
	Oitz	Baixa
	Orbaitzeta	Baixa
	Saldías	Baixa
	Sunbilla	Baixa
	Urdazubi/Urdax	Media
	Urrotz	Baixa
Zubieta	Baixa	
Zugarramurdi	Baixa	

CCAA	Provincia	Nome	Actividade industrial-comercial vinculada
CASTILLA Y LEÓN	Burgos	Berberana	Baixa
		Junta de Traslaloma	Baixa
		Junta de Villalba de Losa	Baixa
		Valle de Losa	Baixa
		Valle de Mena	Baixa

## APÉNDICE 14. CRITERIOS TÉCNICOS PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS HIDRÁULICOS

## 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

Este documento ten como obxectivo establecer uns criterios técnicos mínimos para a elaboración, por parte de terceiros, da cartografía de inundabilidade mentres esta non quede definida pola Administración hidráulica.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, seguindo os principios da Directiva 2007/60 sobre avaliación e xestión de riscos de inundación, puxo en marcha o Sistema nacional de cartografía de zonas

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

inundables (SNCZI), un instrumento de apoio á xestión do espazo fluvial, á prevención de riscos, á planificación territorial e á transparencia administrativa.

O eixe central do SNCZI é o visor cartográfico de zonas inundables, que lles permite a todos os interesados visualizar os estudos de delimitación do dominio público hidráulico (DPH) e os estudos de cartografía de zonas inundables elaborados polo Ministerio e aqueles que achegaron as comunidades autónomas.

Cómpre destacar tamén que no marco do Plan integral de prevención de inundacións (1992) se estudou a inundabilidade de gran parte da rede hidrográfica da CAPV e se obtiveron, entre outros resultados, os valores dos niveis de auga en cada perfil asociados a diferentes períodos de retorno (10, 20, 50, 100, 500 e 1.000 anos) e a extensión das áreas inundables correspondentes. Os traballos de revisión deste estudo, levados a cabo entre 2000 e 2005, constitúen a cartografía de inundabilidade básica do territorio, a cal se encontra á disposición do público a través do visor de información xeográfica da Axencia Vasca da Auga-URA (IDE-URA-WEB). Con carácter xeral, neste momento dispónse de cartografía de inundabilidade para núcleos con máis de 500 habitantes.

## 2. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS ESTUDOS HIDRÁULICOS

Os criterios que se describen a continuación son aplicables aos tramos de río en que o réxime hidráulico sexa lento e onde sexan válidas as hipóteses de fluxo unidimensional estacionario e leito fixo. En caso de que o río teña un réxime hidráulico mixto (rápido-lento), será necesario aplicar outros criterios, que se adoptarán de común acordo entre a Administración hidráulica e a dirección do estudo. Cando o réxime hidráulico sexa rápido, adoptárase unha solución simplificada. En calquera caso, este documento non pretende considerar toda a casuística que se presenta no comportamento dos ríos, así que cada estudo que se presente será valorado concretamente.

Os puntos que desenvolven esta guía estruturáronse de acordo coas fases habituais no proceso de elaboración dun estudo hidráulico:

- a) Recopilación de información dispoñible: estudos existentes, información histórica, etc.
- b) Traballos de campo: documentación fotográfica, compilación de información achegada por veciños e organismos locais, comprobación da información recompilada, etc.
- c) Modelaxe hidráulica e delimitación de zonas inundables para diferentes períodos de retorno: tipo de análise, xeometría, estudo de caudais máximos, condicións de contorno, coeficientes de rugosidade, estruturas, delimitación de zonas inundables, zona de fluxo preferente, etc.
- d) Presentación do traballo: memoria, mapas e anexos de cálculo.

Como base para a redacción deste documento utilizáronse documentos técnicos e metodolóxicos manexados na actualidade pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico e a Axencia Vasca da Auga, ben que se introduciron unha serie de cambios relevantes motivados polas seguintes cuestións:

- Aprobación do Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, que introduce o concepto de zona de fluxo preferente e crea o Sistema nacional de cartografía de zonas inundables.
- Aprobación do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspón á lexislación española a Directiva 60/2007/CE e que, ademais das implicacións recollidas no punto anterior, comporta a redefinición por parte da Administración hidráulica da cartografía de inundabilidade, tanto en extensión como en información que debe conter.
- Dispoñibilidade de novos datos hidrometeorolóxicos e de modelos dixitais do terreo de alta resolución que facilitan os traballos anteriormente mencionados.
- Dispoñibilidade de novas ferramentas de simulación numérica que permiten realizar estudos de maior detalle e están ao alcance dos profesionais dedicados a esta materia.

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

- Previsión de dispoñibilidade de estudos realizados por outras administracións, en particular a Dirección Xeral de Costas do MARM.

### 3. RECOMPILACIÓN DE INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

Como primeiro paso desta fase, documentaranse os datos históricos de inundacións ocorridas no ámbito obxecto de estudo para valorar o grao de risco existente. Trátase de información que pode resultar moi útil para os efectos de validar os resultados dos estudos que se van emprender.

A continuación, recompilaranse os estudos hidráulicos existentes, en particular os relacionados coa cartografía difundida polo Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (SNCZI) e polo URA a través do IDE-URA-WEB. Por outra parte, os traballos motivados pola Directiva 60/2007/CE implican actualizacións e ampliacións progresivas destes estudos.

De acordo con estas previsións, pódense producir os seguintes escenarios:

- Ámbitos onde hai estudos de inundabilidade do SNCZI ou do URA actualizados: admitiranse novos estudos hidráulicos só no caso en que se consiga demostrar inequivocamente que son incorrectos.
- Ámbitos onde hai estudos de inundabilidade do SNCZI ou do URA non actualizados: valorarase caso por caso.
- Ámbitos en que os estudos de inundabilidade da Administración hidráulica son simplificados: realizarase un estudo novo aplicando integralmente as indicacións contidas neste documento.
- Ámbitos onde non hai estudos de inundabilidade da Administración hidráulica, é dicir, fóra da rede hidrográfica de referencia: realizarase un estudo novo aplicando integralmente as indicacións contidas neste documento.
- Ámbitos onde se prevén actuacións que modifican a topografía e poden modificar a inundabilidade do contorno: nestes casos, ademais de caracterizar o estado actual e futuro, deberanse analizar e documentar detalladamente as causas das diferenzas que se poidan producir na inundabilidade do contorno.

### 4. TRABALLOS DE CAMPO

Como primeiro paso, comprobarase en campo a vixencia da información recompilada, de ser o caso. Con respecto á obtención de novos datos topográficos e batimétricos, débese ter en conta que a Administración hidráulica, no contexto dos traballos motivados pola Directiva 60/2007/CE, dispón de cartografía actualizada dun amplo ámbito correspondente á rede hidrográfica de referencia mediante a incorporación da información procedente dos voos LIDAR. Esta incorporación comportará levantamentos taquimétricos das estruturas en leito e as batimetrías necesarias para proceder á restitución do MDT orixinal. Os estudos hidráulicos que se realicen poderán empregar esta información ou ben poderán realizarse novos traballos topográficos, sempre que impliquen maior detalle.

Como criterios xerais, sinálanse a continuación as exixencias en canto á topografía necesaria para a caracterización xeométrica:

- Os perfís deberán ser perpendiculares ás liñas de fluxo.
- A largura do perfil deberá comprender toda a largura da zona inundable, chegando como mínimo a unha altura de 10 metros sobre a cota do fondo.
- En ámbito urbano, exixirase unha distancia máxima entre perfís de 50 metros.
- Nos outros ámbitos, a distancia máxima entre perfís será de entre 175 metros e 125 metros.
- Deberanse representar adecuadamente as estruturas existentes, tanto perpendiculares como paralelas ao río e todo cambio brusco de sección.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- f) A cartografía do tramo deberá ter, como mínimo, unha escala de 1:500 e a liña de ribeira deberá ser representada detalladamente.
- g) Os perfís transversais deberán estar xeorreferenciados en sistema de proxección UTM (sistema de referencia ETRS89).
- h) Como apoio utilizaranse ortofotos de escala adecuada.

Finalmente, durante os traballos de campo estimaranse as rugosidades existentes no tramo e documentaranse este proceso con reportaxes fotográficas.


### 5. MODELAXE HIDRÁULICA E DELIMITACIÓN DE ZONAS INUNDABLES PARA DIFERENTES PERÍODOS DE RETORNO

Respecto á modelaxe hidráulica, deberánse cumprir unhas exixencias mínimas en relación cos seguintes aspectos:

- a) Metodoloxía de análise hidráulica: unidimensional estacionaria, unidimensional non estacionaria, case bidimensional, bidimensional e tridimensional.
- b) Modelo xeométrico do leito, das marxes e das estruturas.
- c) Determinación de caudais de cálculo.
- d) Condicións de contorno: caudais de entrada e condicións augas abaixo.
- e) Estimación dos coeficientes de rugosidade, para valorar a resistencia ao fluxo.
- f) Réxime rápido.
- g) Zona de fluxo preferente.

#### 5.1 Metodoloxía de análise hidráulica

Na seguinte figura, extraída da documentación do modelo hidráulico Iber, preséntanse de forma clara e resumida as principais metodoloxías de análise hidráulica e o seu rango de aplicabilidade.



---

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

No caso de modelos 1D, pártese da hipótese de liñas de fluxo perpendiculares ás seccións e dun nivel constante na sección.

Nos modelos cuasi-2D, nas celas fóra do río só se utiliza a ecuación de conservación da masa, co cal en cada cela só se calculan os niveis e non as velocidades.

Nos modelos 2D, divídese o dominio computacional en celas e en cada unha delas calcúlanse velocidade e o calado. Neste momento non poden ser utilizados con carácter xeral, xa que a representación xeométrica detallada do leito (similar á de modelos unidimensionais) comportaría a elección de tamaños de celas moi pequenos, coa consecuencia de tempos de cálculo moi elevados.

Os modelos 3D aplícanse só para o cálculo de problemas puntuais, habitualmente para estudar e optimizar estruturas, o que non é obxecto deste documento.

De acordo coa experiencia acumulada, a hipótese de fluxo unidimensional é aplicable á maior parte dos estudos de inundabilidade que se realizan na demarcación. En consecuencia, propónse con carácter xeral o emprego do modelo unidimensional HEC-RAS para modelaxe hidráulica unidimensional, pola súa comprobada robustez, a súa elevada difusión a nivel mundial, a súa gratuidade, así como a moi boa calidade dos manuais e a ampla bibliografía existente. Non obstante, débese ter presente que é responsabilidade de quen realiza o estudo hidráulico comprobar en cada caso concreto a aplicabilidade de modelos unidimensionais.

Sinálase que o CEDEX, xunto co grupo Flumen da UPC e de UB, o Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente, GEAMA da UDC e o Centro Internacional de Métodos Numéricos en Enxeñaría, CIMNE, está promovendo activamente o desenvolvemento do denominado modelo Iber. Trátase dun modelo hidrodinámico bidimensional, que presenta unhas características moi positivas, entre outras, gratuidade, potente e intuitiva interface gráfica, módulos de cálculo que integran as máis modernas técnicas numéricas, documentación básica e avanzada tanto do modelo coma das técnicas numéricas empregadas, cursos de formación para profesionais, etc.

Á vista destas características, prevese que o emprego deste modelo e esta metodoloxía de estudo se poderán xeneralizar nun futuro próximo.

## 5.2 Modelo xeométrico do leito

O modelo xeométrico deberá representar correctamente as características do tramo fluvial estudado, definindo a topografía do leito e das marxes, estruturas existentes (pontes, azudes, etc.) e coeficientes de rugosidade.

Tanto a información básica coma avanzada de análise hidráulica de pontes e azudes pode ser consultada nos textos de referencia e na documentación de HEC-RAS. Nestes documentos sinálase a importancia de dispor de información topográfica de detalle e de elixir a metodoloxía de cálculo hidráulico de pontes que mellor aproxime o seu funcionamento.

En canto a coberturas e canos, sinálase que o modelo HEC-RAS presenta algoritmos de cálculo moi simplificados que poden ser aplicados só a casos moi simples. Nos demais casos aconséllase utilizar métodos máis adecuados, como se poden encontrar nos modelos HY8 Culvert Analysis, Mouse, etc.


## 5.3 Caudais de cálculo

Para a delimitación cartográfica da zona inundable, a análise das causas que motivan a inundación e as propostas de melloras hidráulicas e ambientais cómpre estimar os caudais correspondentes, polo menos, aos períodos de retorno de 10, 100 e 500 anos.

## Anexo I. Plan hidrológico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Polo mesmo sistema de difusión que a cartografía, a Administración hidráulica porá á disposición dos usuarios mapas de caudais máximos na medida en que se proceda a completar os traballos en curso motivados pola Directiva 60/2007/CE.

En ausencia doutros validados pola Administración hidráulica, utilizaranse os valores expresados no Plan hidrológico Norte III aprobado polo Real decreto 1664/1998.



CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NORTE  
PLAN HIDROLÓXICO NORTE III  
NORMAS

G.N.1.- CAUDAIS ESPECÍFICOS DE ENCHENTES EN  
FUNCIÓN DA BACÍA AFLUENTE E DO  
PERÍODO DE RETORNO T.  
I. ENCHENTE MÁXIMA PROBABLE

#### 5.4 Condicións de contorno

Para un tramo estudado baixo a hipótese de réxime lento gradualmente variado, necesítanse dúas condicións de contorno: o caudal na sección de entrada e unha cota na sección de augas abaixo.

Deberáselle fixar unha condición ao contorno suficientemente afastada do tramo de estudo de maneira que os resultados obtidos non se vexan influenciados por posibles incertezas.

Con carácter xeral, deberase elixir unha distancia comprendida entre 300 e 2.000 metros, a menos que non exista unha sección de control (calado crítico) máis próxima ao tramo de estudo. Non obstante, recoméndase adoptar, como mínimo, unha lonxitude da orde dunha vez a largura da chaira de inundación.

No caso de empezar o estudo na desembocadura do mar, a condición de contorno será a utilizada no marco da elaboración dos mapas de perigosidade e risco, de acordo cos traballos realizados pola Administración hidráulica e a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar.

#### 5.5 Estimación dos coeficientes de rugosidade

A información de detalle recollida nas visitas de campo, así como a información xeral sobre usos do solo e fotos aéreas, representan a base para a estimación dos coeficientes de rugosidade tanto do leito coma das marxes.



---

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

Na literatura científica foron propostos numerosos métodos para a estimación dos coeficientes de rugosidade no leito do río e nas chairas de inundación.

A formulación proposta por Gaukler-Manning-Stricker é unha aproximación utilizada comunmente e está documentada detalladamente no manual de HEC-RAS sobre bases hidráulicas, onde se fai referencia á clásica publicación de Chow (1959) "Open-channel hydraulics", da cal se citan uns rangos de valores característicos para diferentes tipos de material. Os valores dos coeficientes de rugosidade de Gaukler-Manning-Stricker encóntranse documentados, entre outros, en Chow (1959), Henderson (1966), Barnes (1967), Streeter (1971) e en USGS, "Guía para seleccionar os coeficientes de rugosidade de Manning en ríos e chairas de inundación" (1989).

Sínálase que o coeficiente de Gaukler-Manning-Strickler depende dun elevado número de factores, como a rugosidade da superficie, a vexetación existente, as irregularidades da sección, a existencia de meandros, a forma e a largura do leito, obstrucións, calado e caudal, e do transporte de sedimentos de fondo e en suspensión.

No manual de referencia hidráulica de HEC-RAS encóntranse uns rangos de valores dos coeficientes de Gaukler-Manning-Strickler para diferentes superficies: aconséllase empregar, en favor da seguridade, os valores medios-máximos destes rangos. Sínálase que o USGS publica na súa páxina web<sup>1</sup> uns valores de referencia para rugosidade de leitos acompañados das correspondentes fotos que axudan a estimar os coeficientes de rugosidade.

Por outra parte, na literatura citada anteriormente descríbese o método de Cowan que, á hora de estimar o coeficiente de rugosidade, ten en conta máis factores, como variacións na sección transversal, irregularidades no leito, obstrucións, vexetación e existencia de meandros. Este método permite incluír máis detalles na estimación dos coeficientes de rugosidade, así que se aconsella a súa utilización no caso de xustificar o emprego de valores mínimos.

#### 5.6 Réxime rápido

O método descrito ata este punto pode servir para a definición e cálculo do réxime rápido e mixto cambiando adecuadamente as condicións de contorno e fixando unha condición na sección situada augas arriba do modelo. O problema xorde á hora de definir o calado e as áreas de inundación en réxime rápido, xa que o calado correspondente ao réxime rápido é moi inestable e calquera obstáculo creado pola propia enchente, xa sexa permanente ou temporal, pode producir un resalte e o paso a réxime lento en calquera punto do tramo.

Desta maneira, os resultados da análise hidráulica non representan adecuadamente a perigosidade e o risco existente, polo que se propón que o calado asociado en cada perfil en réxime rápido sexa o calado conxugado correspondente. Dada a dificultade de estimar este calado de forma automática, propónse supor que o calado conxugado é igual á cota de enerxía nese perfil menos a enerxía cinética correspondente a unha velocidade de 2,5 m/s, o que equivale a definir o calado como a cota de enerxía menos 0,30 metros, sempre e cando esta cota non sexa inferior á da lámina de auga calculada en réxime rápido.

#### 5.7 Zona de fluxo preferente

Para a delimitación da zona de fluxo preferente determinaranse en primeiro lugar os ámbitos en que se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, é dicir, onde se cumpran unha ou máis das seguintes condicións hidráulicas:

- Que o calado sexa superior a 1 m.

---

<sup>1</sup> <http://wwwrcamnl.wr.usgs.gov/sws/fieldmethods/Indirects/nvalues/index.htm>

[Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL \(2015-2021\)](#)

- Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.
- Que o produto de ambas as variables sexa superior a 0,5 m<sup>2</sup>/s.

A partir da delimitación destes ámbitos procederase á definición da vía de intenso desaugamento e, finalmente, da zona de fluxo preferente, como envolvente de ambas.

Para obter información metodolóxica detallada pódese consultar o capítulo 8.2 da publicación “Guía metodolóxica para o desenvolvemento do Sistema nacional de cartografía de zonas inundables”.

## 6. PRESENTACIÓN DO TRABALLO

Neste punto indícase a documentación mínima que se debe xuntar a un estudo hidráulico.

A memoria deberá incluír, como mínimo, os seguintes aspectos:

Hipóteses adoptadas á hora de realizar o estudo hidráulico e a súa xustificación: metodoloxía de análise elixida, condicións de contorno, cálculo hidráulico das estruturas, estimación dos coeficientes de rugosidade e caudais de cálculo empregados.

Datos de partida: descrición das estruturas existentes, topografía, modelo dixital, fotografías aéreas e perfís transversais.

Resultados: altura da lámina da corrente e os correspondentes límites das zonas inundables para os períodos de retorno estudados, incluíndo a zona de fluxo preferente, resultado en proximidade de pontes e azudes.

Anexos:

- Topografía: empresa que realizou a topografía, perfís, estruturas, perfís transversais (cunha relación constante entre escala horizontal e vertical), etc.
- Rugosidades: mapas de uso do solo, documentación fotográfica, valores elixidos, etc.
- Perfís lonxitudinais da corrente.
- Seccións transversais coa lámina de auga (con relación entre escala horizontal e vertical constante).
- Plano en planta das áreas inundadas para as enchentes de período de retorno estudadas, indicando para cada perfil a cota da lámina de auga e utilizando as seguintes cores:
  - a) Período de retorno de 10 anos: cor vermella
  - b) Zona de fluxo preferente: liña continua de cor morada
  - c) Período de retorno de 100 anos: cor laranxa
  - d) Período de retorno de 500 anos: cor azul
- Táboas de resultados xerais e de modelización de pontes.
- Modelo dixital do terreo.

No caso de estudos unidimensionais, ficheiros de modelos hidráulicos con perfís xeorreferenciados e todos os resultados de cálculo.

Todos os datos xeográficos deberán ser entregados de acordo coas especificacións sobre a entrega de información xeográfica que estableza a Administración hidráulica.

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

### APÉNDICE 15. GUÍAS DE BOAS PRÁCTICAS SOBRE OS USOS RECREATIVOS

Impulsarase a realización de guías de boas prácticas sobre os usos recreativos, en especial daquelas actividades de ocio que usan a auga dun modo non consuntivo, como os deportes acuáticos en augas tranquilas (vela, *windsurf*, remo, barcos de motor, esquí acuático, etc.) ou bravas (piragüismo, *rafting*, etc.) e a pesca deportiva.

### APÉNDICE 16. SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN DE RECURSOS

Código do sistema de explotación	Nome do sistema de explotación
ES017SEXP01	Barbadun
ES017SEXP02	Nervión/Nerbioi - Ibaizabal
ES017SEXP03	Butroe
ES017SEXP04	Oka
ES017SEXP05	Lea
ES017SEXP06	Artibai
ES017SEXP07	Deba
ES017SEXP08	Urola
ES017SEXP09	Oria
ES017SEXP10	Urumea
ES017SEXP11	Oiartzun
ES017SEXP12	Bidasoa
ES017SEXP13	Ríos Pirenaicos



## APÉNDICE 17. REQUISITOS ADICIONAIS DE PUBLICIDADE

### 1. INTRODUCCIÓN

De acordo co establecido no Real decreto 29/2011, do 14 de xaneiro, polo que se modifican o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, e o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, a planificación e a xestión da auga na DH do Cantábrico oriental deberá ser realizada de forma coordinada pola Administración xeral do Estado, a través da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, e pola Comunidade Autónoma do País Vasco, a través da autoridade hidráulica competente (Axencia Vasca da Auga). Este real decreto determina a elaboración do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental mediante a integración harmónica dos plans hidrolóxicos das administracións públicas competentes, así como dos seus respectivos programas de medidas.

En consecuencia, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico formalizou o procedemento de avaliación ambiental estratéxica nas bacías intercomunitarias da demarcación hidrográfica conforme a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; e a Axencia Vasca da Auga, nas bacías intracomunitarias do País Vasco conforme o Decreto 211/2012, do 16 de outubro, polo que se regula o procedemento de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas, así como conforme a Lei 3/1998, do 27 de febreiro, xeral de protección do ambiente do País Vasco, e a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

O artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que:

“No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá, para a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* ou no diario oficial correspondente, a seguinte documentación:

- a) A resolución pola cal se adopta ou aproba o plan ou programa e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro do dito plan ou programa.
- b) Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:
  - De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.
  - Como se tomaron en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo, de ser o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.
  - As razóns da elección da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas.
  - As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.”

Pola súa vez, o artigo 15 do citado Decreto 211/2012 establece que:

Unha vez aprobado o correspondente plan ou programa, o órgano promotor notificaralles ao órgano ambiental, ás administracións públicas afectadas e ao público interesado a posta á disposición destas e do público en xeral, a través de medios electrónicos, da seguinte documentación:

- a) O plan ou programa aprobado.
- b) Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:
  - a. De que maneira se integraron nun plan ou programa os aspectos ambientais.

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- b. Como se tomaron en consideración o informe de sustentabilidade ambiental, os resultados das consultas e da información pública e a memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.
- c. As razóns da elección do plan ou programa aprobados en relación coas alternativas consideradas.
- d. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos do ambiente da aplicación do plan ou programa.

c) Un resumo non técnico sobre a documentación contida nas alíneas b) e c).

A alínea a) do artigo 26.2 da Lei 21/2013 cúmprese coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto aprobatorio, cuxa disposición adicional terceira indica os enderezos electrónicos a través dos cales se pode acceder ao contido íntegro dos plans.

En cumprimento do mencionado artigo 15 do Decreto 211/2012, a Axencia Vasca da Auga, a través das súa páxina web, porá á disposición, tanto do público en xeral coma do órgano ambiental, das administracións públicas afectadas e do público interesado, a documentación a que se refire o dito artigo.

As seguintes páxinas incorporan o contido sinalado nas alíneas b) e c) das normas anteriormente citadas.

## 2. RESULTADO DA INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS NO PLAN HIDROLÓXICO OU NO PROGRAMA DE MEDIDAS CONTIDO NO DITO PLAN

A continuación identifícanse, de forma sintética, aqueles contidos do plan hidrolóxico (2015-2021) que recibiron unha atención específica co fin dunha maior integración dos aspectos ambientais no proceso de planificación hidrolóxica.

Entre eles é preciso remarcar, pola súa importancia, tres aspectos destacables: a integración dos obxectivos e instrumentos de xestión da **Rede Natura 2000** na planificación hidrolóxica, a consolidación das políticas para **prever a deterioración** do estado das masas de auga emprendidas no primeiro ciclo de planificación e o mantemento da énfase nas relacións entre os elementos que supoñen a base da planificación e que no seu conxunto configuran a **identificación dos problemas, o diagnóstico da situación e o establecemento das solucións**.

Un dos aspectos importantes que adquire o seu maior desenvolvemento durante este ciclo de planificación é o da incorporación á planificación hidrolóxica das normas e dos obxectivos de conservación dos espazos da **Rede Natura 2000** designados para a protección de hábitats ou especies nos cales o mantemento ou mellora do estado da auga constitúe un factor importante para a súa protección. Dada a necesidade de integración de ambas as planificacións, a elaboración dos plans hidrolóxicos e de boa parte dos instrumentos de xestión das ZEC realizouse de forma coordinada. Neste sentido, o Decreto 215/2012, do 16 de outubro, polo que se designan zonas especiais de conservación catorce ríos e esteiros da rexión bioxeográfica atlántica e se aproban as súas medidas de conservación (País Vasco), aclara que *“Polas especiais características das zonas especiais de conservación que se declaran neste decreto, a elaboración dos documentos realizouse en estreita conexión coa elaboración do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico oriental (...)*.

A integración da Rede Natura 2000 no presente ciclo de planificación realizouse da seguinte maneira:

- Inclusión no Rexistro de Zonas Protexidas dos espazos pertencentes á Rede Natura 2000 vinculados á auga, tal e como establece a normativa de aplicación.
- Na normativa, a través fundamentalmente dos seus artigos 9 e 49, incorporando os obxectivos da Rede Natura 2000, e mecanismos de coordinación coas autoridades competentes na conservación destes espazos.
- No programa de medidas, incorporando requisitos adicionais e considerando aquelas actuacións recollidas nos decretos autonómicos que aproban os instrumentos de xestión dos espazos da Rede Natura 2000 e que gardan relación coa planificación hidrolóxica.

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

O plan hidrolóxico correspondente ao ciclo 2009-2015 considerou esencial a adopción de **medidas preventivas co fin de previr a deterioración das masas de auga** da demarcación. A revisión do PH para o período 2015-2021 consolida esta estratexia, mellorando e completando estas medidas na súa normativa, especialmente no capítulo relativo á protección do dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre. Os aspectos destacables son os seguintes:

- Prevención da deterioración morfolóxica das masas de auga superficiais. Entre as disposicións que teñen como obxectivo previr esta deterioración pódense remarcar, pola súa eficacia, aquelas baseadas na coordinación e imbricación plena entre o plan hidrolóxico e o Plan de xestión do risco de inundación, como único mecanismo que asegure a compatibilización de todos os obxectivos de ambos os plans. Neste sentido, e entre outras cuestións, os plans incorporan:
- Limitacións aos usos nas zonas inundables. Estas limitacións, ademais de contribuíren á redución do risco de inundación, constitúen unha ferramenta esencial para preservar as condicións morfolóxicas das zonas non alteradas das masas de auga superficiais.
- A adopción de medidas estruturais só naquelas zonas urbanas consolidadas sometidas a risco. Estas medidas, ademais, foron sometidas a unha detallada análise de alternativas e de custo/eficacia para seren deseñadas da forma máis compatible posible cos obxectivos ambientais de cada masa de auga.
- Verteduras. Incorpóranse regulacións específicas para asegurar o cumprimento dos obxectivos ambientais nas masas de auga superficiais e subterráneas da demarcación.
- Caudais ecolóxicos. Ben que a DMA non require establecer réximes de caudais ecolóxicos, a súa determinación e a súa implantación e mantemento supoñen pasos necesarios no camiño cara ao logro do bo estado das masas de auga, obxectivo concreto e principio que inspira toda a DMA. Estabecéronse xa no primeiro ciclo de planificación réximes de caudais ecolóxicos na totalidade das masas de auga superficiais, incluídas as de transición, e no segundo ciclo revisáronse e, de ser o caso, axustáronse, tendo en conta a última información dispoñible. É importante destacar, ademais, que o plan hidrolóxico establece condicións específicas para a supremacía do abastecemento de poboacións fronte ao caudal ecolóxico.
- Novos indicadores e limiares de seca en determinados sistemas da demarcación, coherentes cos novos réximes de caudais ecolóxicos e coas actuais unidades de demandas de auga.
- Mecanismos de protección específicos para determinadas áreas do Rexistro de Zonas Protexidas.

O plan hidrolóxico do segundo ciclo fixo énfase de novo nas relacións entre os elementos que supoñen a base da planificación e que no seu conxunto configuran a **identificación dos problemas, o diagnóstico da situación e o establecemento da solucións**. En cada capítulo do plan hidrolóxico remárcanse estas relacións entre presións, estado, medidas, obxectivos ambientais e excepcións, pero onde se poden encontrar de forma máis clara é no anexo XV, no cal, para cada masa, se inclúe unha ficha que recolle a caracterización da masa de auga; o resumo da análise de presións e impactos e avaliación do risco; a avaliación do estado (ecolóxico, químico e total) e a súa evolución temporal; os obxectivos ambientais e excepcións; os programas de control, e as medidas previstas no programa para, de ser o caso, acadar os obxectivos.

En relación cos citados elementos da base da planificación, a redacción do plan hidrolóxico, tanto para o ciclo 2009-2015 como para o 2015-2021, presenta a fortaleza de contar cunhas redes de seguimento amplamente desenvolvidas, que mantiveron o esforzo de control nos últimos anos e que permitiron establecer con precisión o estado das masas de auga, a súa evolución temporal e o grao de eficacia das medidas postas en marcha.

Ademais dos tres aspectos anteriormente comentados, é preciso destacar tamén os seguintes:

- Na **delimitación das masas de auga** tívose en conta a existencia de áreas protexidas e, en especial, as **incluídas** na Rede Natura 2000.

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

- Respecto ás **características básicas de calidade das augas en condicións naturais**, no plan incluíronse condicións de referencia de todos os tipos de masas de auga existentes na demarcación, completando, de ser o caso, valores para algúns sistemas de indicadores non incluídos no novo Real decreto 817/2015.
- Para o cálculo dos balances correspondentes ao horizonte 2033, tívose en conta o efecto a longo prazo que o **cambio climático** pode inducir sobre os recursos hídricos naturais. Neste sentido, considerouse o “Estudo dos impactos do cambio climático nos recursos hídricos e nas masas de auga” (CEDEX, 2012)<sup>1</sup> que fixa nun 11% a porcentaxe de redución dos recursos naturais para esta demarcación.

A memoria do PH inclúe unha epígrafe dedicada á análise **da pegada hídrica**, indicador complementario da sustentabilidade no uso dos recursos naturais. Nunha primeira aproximación, a pegada hídrica estándar ascendería a 2.308 m<sup>3</sup> por habitante e ano.

Conforme o artigo 99 bis do TRLA, actualizouse o **Registro de Zonas Protexidas**. Neste segundo ciclo de planificación tense previsto reforzar a atención prestada ao cumprimento dos obxectivos en determinadas zonas protexidas respecto aos resultados ofrecidos no primeiro ciclo. O programa de control de zonas protexidas inclúe os seguintes subprogramas:

- a) Control de zonas sensibles.
- b) Control de zonas de baño.
- c) Control de zonas de captación de augas para abastecemento.
- d) Control de zonas de protección de hábitats e especies.

Respecto á **valoración do estado das masas de auga**, o número de masas de auga en bo estado/potencial supón un 66% do total de masas (104 masas de auga de 158).

No plan definíronse os **obxectivos ambientais** das masas de auga da demarcación e os prazos previstos para a súa consecución de acordo co esquema de presións/impactos/risco/medida, citado anteriormente. Minimizáronse as excepcións aos obxectivos xerais, aínda que sempre desde unha óptica realista, aplicando prórrogas no prazo para a consecución dos obxectivos ambientais en 42 casos. Só se previu unha excepción en relación co artigo 4.7 da DMA, e non se estableceron obxectivos menos rigorosos en ningunha masa de auga. En 2027 espérase que o 100% das masas de auga da demarcación acaden o bo estado/potencial. Para acadar os obxectivos mencionados combináronse as medidas máis adecuadas considerando os seus aspectos económicos, sociais e ambientais. Ademais, na selección do conxunto de medidas tivéronse en conta, nos casos onde foi posible realizalo, os resultados da análise custo-eficacia, así como os efectos sobre outros problemas ambientais e sociais.

Levou a cabo unha estimación do **custo ambiental** asociado á prestación dos servizos da auga e inclusión na análise de recuperación de custos. O custo ambiental defínese como o custo adicional que é necesario asumir para recuperar o estado ou potencial das masas de auga retirando a deterioración introducida polo servizo da auga para o cal se valora o grao de recuperación de custos.

Entre os **plans dependentes do plan hidrolóxico** encóntranse os plans de xestión das situacións de secas e inundacións, dos cales se incorpora un resumo no plan hidrolóxico, tal e como establece a IPH. Dispónse dun Plan especial de actuación fronte a situacións de alerta e eventual seca, coñecido como **Plan especial de seca (PES)** para a presente demarcación, que foi aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo. Nesta revisión 2015–2021 do plan hidrolóxico propóñense novos indicadores e limiares de seca para determinados sistemas da demarcación, coherentes cos novos réximes de caudais ecolóxicos e coas actuais unidades de demandas de auga.

En canto ás inundacións, constitúen o risco natural que maiores danos provocou historicamente no ámbito da DH do Cantábrico oriental, tanto materiais como en perda de vidas humanas. Por iso, foi tradicionalmente un dos aspectos máis relevantes obxecto da planificación hidrolóxica. Na actualidade, pódese considerar que o maior reto na planificación neste territorio é a redución do risco de inundación e, á par, lograr a maior compatibilidade posible

<sup>1</sup> [http://www.magrama.gob.es/es/agua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest\\_CC\\_RH.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/agua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest_CC_RH.aspx)

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

coa mellora das condicións morfolóxicas das masas de auga superficiais. En consonancia, a redacción do **Plan de xestión de risco de inundación** (PXRI) 2015-2021 e da revisión do plan hidrolóxico foi plenamente coordinada e integrada co obxecto de asegurar a consecución de todos os obxectivos. Esta integración abarcou tanto a normativa como o programa de medidas, ata o punto de que o PXRI constitúe o anexo XVI do plan hidrolóxico.

Así mesmo, deuse cumprimento a outro dous grandes obxectivos do proceso, que consiste na transparencia e **participación pública** a través do acceso á información do proceso planificador e de diferentes iniciativas, para permitir a participación activa dos axentes relacionados coa xestión da auga e do público en xeral. Realizáronse consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas tanto en relación co documento inicial estratéxico e o estudo ambiental estratéxico/informe de sustentabilidade ambiental, como en relación cos distintos documentos do plan hidrolóxico.

3. PROCEDEMENTO SEGUIDO PARA A TOMA EN CONSIDERACIÓN NO PLAN OU PROGRAMA DO ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO / INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL, DOS RESULTADOS DA INFORMACIÓN PÚBLICA E DAS CONSULTAS, INCLUÍNDO, DE SER O CASO, AS CONSULTAS TRANSFRONTEIRIZAS E A DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA / MEMORIA AMBIENTAL, ASÍ COMO, DE SER O CASO, AS DISCREPANCIAS QUE SE PRODUCISEN AO LONGO DO PROCESO DE PLANIFICACIÓN

Identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron á consulta das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas e a consulta pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En total, recibíronse 88 documentos con propostas, observacións ou suxestións que quedaron analizados nos informes de resposta, aos cales pode acceder a través dos enderezos electrónicos que conducen á documentación deste plan hidrolóxico (anexo XI).

Para o **ámbito de competencias do Estado**, a declaración ambiental estratéxica, aprobada por resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 22 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans.
- Sobre a determinación do estado das masas de auga.
- Sobre a definición dos obxectivos ambientais.
- Sobre o programa de medidas.
- Sobre os efectos en Rede Natura 2000 terrestre e mariña e espazos protexidos.
- Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga.
- Sobre o seguimento ambiental.

Parte destas determinacións deberanse aplicar no propio plan hidrolóxico, polo que as tarefas que conducen á súa materialización se incorporan no programa de medidas. Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo, que se deberán evidenciar na futura revisión prevista para final do ano 2021.

Para o **ámbito de competencias da Comunidade Autónoma do País Vasco**, a memoria ambiental, formulada pola Resolución do 10 de setembro de 2015, da directora de Administración ambiental, e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del País Vasco*, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- Medidas protectoras, correctoras e compensatorias (D1).
- Plan de seguimento ambiental (D2).
- Non se detectou ningunha actuación do plan que deba ser redefinida ou suprimida (D3).
- Directrices xerais para a avaliación ambiental dos plans e proxectos derivados do plan (D4).



Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

A dita memoria ambiental valora favorablemente a integración dos aspectos ambientais na proposta do plan, pronúnciase sobre a previsión dos impactos significativos da aplicación do plan, móstrase de acordo coas principais conclusións do informe de sustentabilidade ambiental e inclúe as determinacións finais que se deban incorporar, para os exclusivos efectos ambientais.

A integración da memoria ambiental no plan realizouse da seguinte forma:

- Agregáronse ao informe de sustentabilidade ambiental a totalidade das medidas de integración ambiental indicadas na epígrafe D.1 da memoria ambiental, que serán de aplicación para a planificación, o deseño e a execución das accións incluídas no programa de medidas estruturais do plan.
- Ampliouse o sistema de indicadores recollido no informe de sustentabilidade ambiental co indicador relativo ás superficies sobre as cales se realizaron actuacións de restauración e rehabilitación e, en concreto, as superficies pertencentes aos espazos incluídos na Rede Natura 2000.
- Recolléronse as directrices xerais que establece a memoria ambiental para a avaliación ambiental dos documentos de desenvolvemento do plan.

O resto de determinacións que contén a memoria ambiental xa estaban recollidas no informe de sustentabilidade ambiental.

#### 4. MOTIVOS DETERMINANTES DA ELECCIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA EN RELACIÓN COAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

No **ámbito de competencias do Estado**, para a elección da alternativa máis adecuada considerouse unha alternativa 0, ou tendencial, que vén corresponder coa evolución tendencial dos problemas se non se revisa o plan hidrolóxico da demarcación nin se adopta o Plan de xestión do risco de inundación. Adicionalmente, considérase unha alternativa 1, para os casos en que se produciron desviacións e dirixida a reaxustar o calendario das actuacións previstas no ciclo anterior e que non foron executadas (tendo en conta a evolución estimada nas disponibilidades orzamentarias), así como a concretar con máis detalle as presentadas a nivel xeral ou modificar algunhas das medidas previstas e/ou engadir outras novas, se se considera necesario, co fin da consecución dos obxectivos establecidos.

Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	Consecución dos obxectivos previstos sen demora	Non adaptarse ao contexto actual; prodúcese unha desviación da situación con respecto ao previsto
Alt. 1	Aumento do grao de cumprimentos ao incorporarse novas medidas como a remodelación dos sistemas de saneamento naquelas aglomeracións non conformes coa Dir. 91/271	Dificultades para axustar as medidas aos teitos económicos previstos

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que a alternativa 0, xa que esta non permite aplicar o programa de medidas do primeiro ciclo na súa totalidade nin no prazo previsto.

En todo caso, a alternativa 1 propón un axuste para converter o programa de medidas en algo real e que se vai poder executar, polo que os seus logros ambientais serán mellores que coa alternativa 0.

Por todo iso, a alternativa 1 resulta ser a alternativa seleccionada e a que se desenvolverá, tanto na revisión do plan hidrolóxico coma no novo plan de xestión do risco de inundacións.

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

No ámbito de competencias da Comunidade Autónoma do País Vasco, de forma xeral, a formulación das posibles solucións a cada tema importante considerou, en primeiro lugar, as actuacións que xa están en marcha, así como os plans e os programas previstos polas distintas administracións con competencias no territorio da demarcación. Nos casos en que as medidas en vigor ou previstas non sexan suficientes para lograr os obxectivos buscados, propuxéronse outras posibles novas solucións que teñan cabida no programa de medidas. Este segundo ciclo de planificación diferénciase do anterior (2009-2015) na existencia dun plan previo e o seu programa de medidas, previsto xa para o cumprimento dos mesmos obxectivos que agora se perseguen e que, polo tanto, debe supor o punto de partida desta revisión do plan.

As alternativas consideradas foron, en calquera caso, razoables e viables desde os puntos de vista técnico, ambiental, económico e social. Unha das alternativas consideradas foi a **alternativa cero**, entendida como a non implantación de medidas adicionais ás xa consideradas no plan vixente, é dicir, o escenario que se produciría para o tema importante en cuestión sen levar a cabo a revisión do plan hidrolóxico e cumprindo con todas as medidas establecidas nos prazos previstos.

Nos casos en que se producisen desviacións, formulouse unha **alternativa 1** dirixida a reaxustar o calendario das actuacións previstas no ciclo anterior e que non foron executadas (tendo en conta a evolución estimada nas dispoñibilidades orzamentarias), así como a concretar con máis detalle as formuladas a nivel xeral ou modificar algunhas das medidas previstas e/ou engadir outras novas, se se considera necesario.

Ademais, en determinados casos formulouse unha alternativa adicional (**alternativa 2**), que permite valorar outros posibles escenarios para o tema importante en cuestión. Reformuláronse as actuacións e propuxéronse puntualmente novas medidas derivadas de estudos realizados recentemente nas zonas máis problemáticas ou relacionadas cos aspectos máis necesarios. Se se dá o caso, desestimouse algunha das medidas recollidas no plan hidrolóxico.

Para cada alternativa de actuación realizouse unha valoración a través da súa caracterización socioeconómica e ambiental. As posibles actuacións propuxéronse de forma preliminar, considerando que están suxeitas a cambios derivados dunha análise detallada custo-eficacia, conforme a Instrución de planificación hidrolóxica.

A elección da alternativa máis adecuada para cada tema importante realizouse utilizando, entre outros criterios, o grao de cumprimento dos obxectivos ambientais previstos no primeiro ciclo de planificación con cada un deles, e as previsións orzamentarias das administracións. O criterio metodolóxico para establecer as medidas baseouse principalmente no cumprimento dos obxectivos da DMA e das normas e obxectivos de conservación recollidos nos documentos de xestión dos espazos do RZP e no logro do bo estado ecolóxico en cada masa de auga.

Da valoración das posibles alternativas de actuación para solucionar os problemas existentes concréntanse determinadas decisións e directrices baixo as cales se desenvolve o plan.

En xeral, a conclusión desta análise é que é preciso insistir e redobrar esforzos nos temas máis importantes, concretar algúns aspectos en relación coas medidas adoptadas no ciclo anterior, afondar no seu desenvolvemento, sen que por iso sexa preciso variar no substancial as ditas liñas de actuación.

Dos temas importantes, os máis relevantes para acadar os obxectivos da planificación hidrolóxica no ámbito da DH do Cantábrico oriental, e malia o notable grao de avance en moitos deles nos últimos anos, seguen sendo os xa identificados no ciclo anterior:

- A xestión, mantemento, adaptación e mellora dos sistemas de saneamento e depuración que sirvan para mitigar a presión derivada das **fontes de contaminación puntuais por verteduras de augas residuais urbanas e industriais**.
- Mellora da **garantía de abastecemento urbano** en determinados sistemas e redución da súa vulnerabilidade noutros. Así mesmo, cómpre mitigar as alteracións do réxime hidrolóxico derivadas de **extraccións excesivas**. Todos os aspectos anteriores se tratan de forma integrada co proceso de implantación de réximes de **caudais ecolóxicos** e coa consideración das previsións máis actuais de cambio climático.

---

Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

---

- En relación coa **alteración física do medio acuático**, afondar na determinación de obxectivos específicos e prioridades de recuperación para cada masa de auga en función de aspectos tales como os seus valores ambientais e os riscos de inundación, e na consideración do disposto nos instrumentos de xestión aprobados para a Rede Natura 2000 e elaborar plans integrados para o control de especies invasoras.
- Redución do **risco de inundación**, especialmente nas zonas en que este risco é maior, no marco de referencia establecido polo plan hidrolóxico aprobado que consolida as políticas baseadas na combinación de medidas non estruturais (ordenación de usos en función do grao de inundabilidade, sistemas de información hidrolóxica e de alerta temperá, medidas de protección civil, etc.) e medidas estruturais só en zonas urbanas consolidadas sometidas a risco, que permite a compatibilización dos obxectivos que teñen que ver cos retos a longo prazo anteriormente citados (inundabilidade e alteración física das masas de auga), freando a deterioración morfolóxica ao apartar do río de forma suficiente os novos asentamentos urbanos e conseguindo, á vez, espazos seguros desde o punto de vista do risco de inundación, e deseñando medidas estruturais de defensa fronte a inundacións o máis compatibles posibles cos obxectivos ambientais das masas de auga.

## 5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O SEGUIMENTO NO AMBIENTE DA APLICACIÓN DO PLAN OU PROGRAMA

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e á revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica ditada no **ámbito de competencias do Estado** tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se propuxo inicialmente no documento de referencia e se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe seguidamente.

Como consecuencia de todo isto, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico informará con periodicidade non superior ao ano o Consello da Auga da Demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e, en calquera caso, antes de final de 2018), presentarase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual -2013	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
Aire-clima	1. Emisións totais de GEI (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario Nacional de Emisións	13.980									
	2. Emisións GEI na agricultura (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario Nacional de Emisións	77,26									
	3. Enerxía hidroeléctrica producida en réxime ordinario (GWh/%)	PHD	224,7/0,95 %									
	4. Recursos hídricos naturais correspondentes á serie de achega total natural da serie 1980/81-2009/10 (hm <sup>3</sup> )	PHD	4461		4461			4461			3970,29	
	5. Número de situacións de emerxencia por secas nos últimos cinco anos	PHD	0		0							
	6. Número de episodios catalogados como graves inundacións nos últimos cinco anos	PGRI	18 (período 2005-2010) inclúe as dúas demarcacións, oriental e occidental		18 (período 2005-2010)							
Vexetación Fauna Ecosistemas Biodiversidade	7. Número de espazos Rede Natura incluídos no RZP da demarcación	PHD	42		45							
	8. Número de reservas naturais fluviais incluídas no RZP	PHD	6		6							
	9. Número de zonas de protección especial incluídas no RZP	PHD	56		85							
	10. Número de zonas húmidas incluídas no RZP	PHD	66		66							
	11. Número de puntos de control do réxime de caudais ecolóxicos	PHD	7		7			Recolléronse 15 medidas no PM				
	12. % de puntos de control de caudais ecolóxicos en Rede Natura 2000											
	13. % de masas de auga río clasificadas como HMWB	PHD	15,22		15,22			15,22			15,22	
	14. % de masas de auga lago clasificadas como HMWB	PHD	0									
	15. Número de barreiras transversais eliminadas	PHD										
	16. Número de barreiras transversais identificadas no inventario de presións	PHD	532		532			Recolléronse 8 medidas no PM				
	17. Número de barreiras transversais adaptadas para a migración piscícola	PHD			Recolléronse 7 medidas no PM							
	18. km de río conectados pola adaptación/eliminación de barreiras transversais											
	19. Lonxitude de masas de auga, tipoloxía ríos, onde se realizou restauración fluvial (km)	PHD	107,6		107,6			107,32			55,2	

## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual -2013	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	20. Superficie anegada total por encoros (ha)	PHD	453,1		453,1			453,1			453,1	
	21. % do indicador anterior que afecta a Rede Natura 2000											
	22. % de masas de auga afectada por especies exóticas invasoras											
	23. % respecto a unha especie concreta explicativa											
	24. % respecto a outra especie concreta explicativa											
Patrimonio xeolóxico, solo e paisaxe	25. Superficie de solo con risco moi alto de desertificación (ha)	PAND	0		0							
	26. Superficie de solo urbano (ha)	MAGRAMA	198 km <sup>2</sup>									
	27. km de eliminación de defensas lonxitudinais											
	28. Número de defensas lonxitudinais identificadas no inventario de presións	PHD	185		Recolléron-se 53 medidas no PM							
	29. km de recuamento de defensas lonxitudinais											
	30. km pendentes de recuperación do trazado de leitos antigos											
	31. km de leito recuperados											
32. Número de masas de auga afectadas por presións significativas	PHD	54		42			4			0		
33. % de masas de auga afectadas por presións significativas	PHD	34,18		26,58			2,53			0		
34. Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	0		0			0			0		
35. % de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	0%		0%			0%			0%		
36. Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHD	0%										
37. Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	85		97			134			138		
38. % de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	62		70			97,00%			100,00%		
39. Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	19		19			20			20		
40. % de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	95		95			100			100		
41. Número de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	42		41			3			0		
42. % de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	27%		26%			2%			0%		



## Anexo I. Plan hidrolóxico da parte española da DH do CANTÁBRICO ORIENTAL (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual -2013	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	66. Número de persoas afectadas e danos producidos por episodios de inundación ocorridos no período											
	67. Danos producidos por episodios de inundación ocorridos no período (millóns de euros)	PGR1	23		23							
	68. Porcentaxe de habitantes equivalentes que recibe un tratamento conforme a Directiva 91/271/CEE	PHD	37,73		37,73							

Por outra banda, a memoria ambiental elaborada para o **ámbito intracomunitario** tamén inclúe unha determinación referida ao Plan de seguimento ambiental. Propón continuar co sistema de indicadores recollido no estudo de avaliación conxunta de impacto ambiental do plan hidrolóxico 2009-2015, ampliando a lista inicial de indicadores con outro novo relativo ás superficies sobre as cales se realizaron actuacións de restauración e rehabilitación.

En consecuencia, o seguimento ambiental consistirá na recollida de datos correspondentes aos seguintes indicadores:

- a) Execución do gasto previsto nas infraestruturas de saneamento e depuración, sexan novas ou remodeladas.
- b) Poboación con saneamento conforme a Directiva 91/271/CEE.
- c) Nº de masas de auga superficiais en bo estado.
- d) Nº de masas de auga con estacións de medición de caudal que cumpren o réxime de caudais ecolóxicos.
- e) Execución do gasto previsto para proxectos de adecuación para mellora da conectividade.
- f) Masas de auga colonizadas polo mexillón cebra (*Dreissena polymorpha*).
- g) Nº de actuacións de control e erradicación de especies invasoras.
- h) Execución do gasto previsto en medidas estruturais de defensa contra enchentes en núcleos urbanos consolidados.
- i) Nº de espazos da Rede Natura 2000 incluídos no Rexistro de Zonas Protexidas.
- j) Nº de reservas naturais fluviais incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas.
- k) Nº de zonas de protección especial incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas.
- l) Nº de zonas húmidas incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas.
- m) Superficies sobre as cales se aplicaron medidas de restauración e rehabilitación, explicitando as superficies pertencentes aos espazos incluídos na Rede Natura 2000.

O seguimento levarase a cabo cunha periodicidade anual e o seu responsable é a Axencia Vasca da Auga.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

## ANEXO II

DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA  
DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO OCCIDENTAL



Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

## DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO OCCIDENTAL

### Capítulo I. Ámbito territorial, autoridades competentes, definición de masas de auga e Rexistro de Zonas Protexidas

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial, horizontes temporais e sistema de información xeográfica*

1. O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental é o definido polo artigo 2.4 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

2. Os horizontes temporais, de acordo coa disposición adicional décimo primeira, número 6, do TRLA, e o Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, son: 2015 (primeiro horizonte), 2021 (segundo horizonte) e 2027 (terceiro horizonte).

3. O ámbito territorial da demarcación, a delimitación e descrición dos sistemas de explotación de recursos e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental realízase conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no seguinte sistema de información:

<http://sig.chcantabrico.es/sigweb/>

4. En especial e entre outras funcións, o SIXCHC proporciona toda a información necesaria en relación co estado das masas de auga, de acordo co artigo 87.2 do citado RPH.

5. Así mesmo, o Rexistro de Zonas Protexidas da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental, nas cales será de aplicación a súa normativa específica, encóntrase integrado no Sistema de información xeográfica SIXCHC, de consulta pública permanente no enderezo electrónico <http://sig.chcantabrico.es/sigweb/>. Nel recóllense as diversas figuras de protección que debe incorporar de acordo co artigo 24 do RPH, así como as xeometrías definidas polas entidades xeoespaciais correspondentes.

#### **Artigo 2.** *Autoridades competentes*

As autoridades competentes designadas no Plan hidrológico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental recóllense no capítulo 15 da memoria do plan.

#### **Artigo 3.** *Identificación de masas de auga superficial*

1. Defínense 293 masas de auga superficial: 250 son da categoría río, das cales 10 son asimilables a encoro, 7 da categoría lago, 21 son masas de auga de transición e 15 masas de auga costeira, todas elas relacionadas no apéndice 1.

2. Das masas de auga da categoría río, 10 son do tipo eixes fluviais principais cántabro-atlánticos silíceos; 5 son do tipo eixes fluviais principais cántabro-atlánticos calcarios; 15 son do tipo pequenos eixes cantabro-atlánticos calcarios; 71 son do tipo ríos cántabro-atlánticos silíceos; 39 son do tipo ríos

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

cántabro-atlánticos calcarios; 21 son do tipo pequenos eixes cántabro-atlánticos silíceos; 22 do tipo ríos de montaña húmida silícea; 11 do tipo ríos de montaña húmida calcaria; 46 do tipo ríos costeiros cántabro-atlánticos; 1 dos ríos asimilables a encoro é do tipo monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos; 5 dos ríos asimilables a encoro son do tipo monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos e 4 dos ríos asimilables a encoro son do tipo monomíctico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos da rede principal.

3. As masas da categoría lago divídense en 2 do tipo alta montaña setentrional profundo, augas alcalinas; 1 do tipo cárstico, calcario, permanente, hipoxénico; 1 do tipo media montaña, profundo, augas alcalinas, 1 do tipo media montaña, pouco profundo, augas alcalinas e 2 do tipo monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos.

4. Das masas de auga de transición, 2 correspóndense co tipo esteiro atlántico intermareal con dominancia do río sobre o esteiro, 13 son do tipo esteiro atlántico intermareal con dominancia mariña, 1 é do tipo esteiro atlántico submareal, 1 do tipo zona de transición atlántica lacunar, 3 son do tipo augas de transición atlánticas de renovación baixa e 1 é do tipo augas de transición atlánticas de renovación alta.

5. Das masas de auga costeiras, 5 son do tipo augas costeiras expostas con afloramento baixo, 9 do tipo augas costeiras expostas sen afloramento e 1 é do tipo augas costeiras atlánticas de renovación alta.

**Artigo 4. Identificación de masas de auga subterránea**

Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrolóxico identifica 20 masas de auga subterránea na súa demarcación, que figuran relacionadas no apéndice 2.

**Artigo 5. Condicións de referencia e límites entre clases de estado**

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontren as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, nos apéndices 3 e 4 establécense as condicións de referencia e os límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores non incluídos no dito real decreto, que se deberán utilizar para completar a avaliación do estado ou potencial en que se encontren as masas de auga.

**Artigo 6. Indicadores de estado químico de masas de auga subterránea**

Os valores limiar adoptados neste plan hidrolóxico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterráneas foron calculados atendendo ao establecido no Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración. De acordo co citado real decreto definíronse valores limiares para substancias tales como amonio, mercurio, chumbo, cadmio, arsénico, tricloroetileno e tetracloroetileno. Os valores limiar das mencionadas substancias adoptados e as normas de calidade ambiental para nitratos e praguicidas están recollidos no apéndice 9.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 7. Masas de augas artificiais ou moi modificadas**

Desígnanse 33 masas de auga moi modificadas: 27 son ríos dos cales 10 son asimilables a encoro, 5 corresponden a auga de transición e 1 a auga costeira. Así mesmo, desígnanse 2 masas de auga artificiais asimilables a lagos. Todas elas están relacionadas no apéndice 1.

**Artigo 8. Rexistro de Zonas Protexidas**

O Rexistro de Zonas Protexidas inclúe aquelas zonas relacionadas co medio acuático que son obxecto de protección en aplicación da normativa comunitaria, así como doutras normativas. As categorías do Rexistro de Zonas Protexidas, de conformidade co artigo 24 do Regulamento de planificación hidrolóxica, son as seguintes:

- a) Zonas ou masas en que se realiza unha captación de auga destinada á produción de auga de consumo humano, sempre que proporcione un volume medio de polo menos 10 metros cúbicos diarios ou abasteza máis de 50 persoas, así como, se é o caso, os perímetros de protección delimitados. O organismo de bacía poderá incluír no Rexistro, motivadamente, outras zonas en que se realizan captacións que non cumpran os requisitos anteriores, en atención ás súas circunstancias. Os apéndices 7.1 e 7.2 conteñen, respectivamente, as zonas *de captación de auga para consumo humano* recollidas no Rexistro de Zonas Protexidas. No ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco e co obxecto de dar cumprimento ao estipulado no artigo 32 da Lei 1/2006, do 23 de xuño, de augas desta comunidade autónoma, incluíranse as captacións que abastezan máis de 10 habitantes.
- b) Zonas ou masas de futura captación de auga para abastecemento urbano que cumpran a condición de volume mínimo ou de número mínimo de persoas abastecidas da alínea a). As zonas pertencentes a esta categoría móstranse no apéndice 7.3.
- c) Zonas declaradas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico:
  - 1º. No apéndice 7.4 recóllense as zonas declaradas de protección especial para a vida dos peixes, de conformidade co Real decreto 817/2015, do 11 de setembro.
  - 2º. Real decreto 345/1993, do 5 de marzo, polo que se establecen as normas de calidade das augas e da produción de moluscos e outros invertebrados mariños vivos. Zonas incluídas no apéndice 7.5.
- d) Masas de auga declaradas de uso recreativo, incluídas as zonas declaradas augas de baño de conformidade co Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño. O apéndice 7.6 enumera as zonas de baño declaradas en augas continentais e o apéndice 7.7 as correspondentes a augas de transición e costeiras. O apéndice 15 contén guías de boas prácticas sobre os usos recreativos.
- e) Zonas declaradas vulnerables en aplicación das normas sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias: Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias. Na demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental non existe ningunha zona desta categoría.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- f) Zonas declaradas sensibles en aplicación das normas sobre tratamento de augas residuais urbanas: Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas. As zonas desta categoría recóllense no apéndice 7.8.
- g) Zonas declaradas de protección de hábitat ou especies nas cales o mantemento ou mellora do estado da auga constitúa un factor importante para a súa protección: lugares de importancia comunitaria (LIC), zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e zonas de especial conservación (ZEC), incluídos nos espazos naturais protexidos Rede Natura 2000, designados no marco da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Os espazos correspondentes a esta alínea inclúense no apéndice 7.9.
- h) Perímetros de protección de augas minerais e termais aprobados de acordo coa súa lexislación específica. Os perímetros aprobados relaciónanse no apéndice 7.10.
- i) Reservas naturais fluviais declaradas de conformidade co artigo 22 do RPH. As reservas naturais fluviais recóllense no apéndice 7.11.
- j) Zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar, no Inventario español de zonas húmidas de acordo co Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, e outras zonas húmidas. A relación de zonas húmidas incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas recóllese no apéndice 7.12.
- k) Zonas de protección especial: dentro desta categoría distínguense as seguintes tipoloxías:
  - 1º. Tramos fluviais de interese natural ou ambiental, entendendo como tales aqueles tramos especialmente singulares que requiren de especial protección. Estes tramos son relacionados no apéndice 7.13.
  - 2º. Outras figuras de protección: o apéndice 7.14 inclúe outras figuras non recollidas en ningún dos puntos xa mencionados pero que foron seleccionadas para a súa adecuada protección.

## Capítulo II. Obxectivos ambientais

### **Artigo 9. Obxectivos ambientais**

1. Co fin de dar cumprimento ao artigo 92 bis do TRLA, no apéndice 6 recóllense os obxectivos ambientais para cada unha das masas de auga identificadas no ámbito do plan e os prazos para a súa consecución, así como as novas modificacións previstas
2. O presente plan recolle o establecemento de obxectivos ambientais menos rigorosos nas tres masas de auga seguintes, cuxos obxectivos específicos se definen no anexo VIII da memoria e no apéndice 6.5 desta normativa.
  - ES171MAR001350, río Nora II
  - ES171MAR001340, río Nora III
  - ES173MAR001390, río San Claudio
3. Os elementos do dominio público hidráulico que non foron designados como masas de auga protexeranse, en todo caso, co fin de cumprir os obxectivos ambientais establecidos no citado artigo 92

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

bis, os valores establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, os límites entre clases de estado en función da categoría e tipoloxía asimilables do apéndice 3 e os valores de referencia indicados no apéndice 8.

4. Os obxectivos ambientais para as zonas do Rexistro de Zonas Protexidas constitúen obxectivos adicionais aos xerais das masas de auga coas cales están relacionadas e aluden aos obxectivos previstos na lexislación a través da cal foron declaradas as ditas zonas e aos que establezan os instrumentos para a súa protección, ordenación e xestión.

5. Os prazos de cumprimento dos obxectivos ambientais e as prórrogas para a súa consecución son os previstos no apéndice 6, e isto con independencia de que as normas de calidade ambiental e os valores de referencia no medio receptor contidos no apéndice 8 deben cumprirse desde a súa entrada en vigor.

6. Os casos a que fan referencia os supostos dos artigos 36, 37, 38 e 39 do RPH recóllense explicitamente en fichas sistemáticas no anexo VIII da memoria.

**Artigo 10.** *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga*

1. Nunha situación de deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga, as condicións en virtude das cales se poden declarar circunstancias como racionalmente imprevistas ou excepcionais, conforme o artigo 38 do RPH, son as seguintes:

- a) Entenderase por graves inundacións aquelas de probabilidade media en correspondencia coa categoría b) do número 1 do artigo 8 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación. As inundacións cunha maior probabilidade poderán ser consideradas como inundacións graves en circunstancias en que os impactos desas inundacións sexan igualmente excepcionais.
- b) Entenderase por secas prolongadas as correspondentes ao estado de emerxencia declarado segundo o disposto no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca aplicable.
- c) Consideraranse accidentes que non se puidesen prever razoablemente, entre eles, as verteduras accidentais ocasionais, os fallos en sistemas de almacenamento de residuos e de produtos industriais, as roturas accidentais de infraestruturas hidráulicas e de saneamento, os incendios en industrias e os accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse as circunstancias derivadas de incendios forestais.
- d) Consideraranse outros fenómenos naturais extremos como sismos, maremotos, tornados, avalanchas e outros similares.

2. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico, describindo e xustificando os supostos de deterioración temporal e os efectos producidos, e indicando as medidas tomadas tanto para a súa reparación como para previr que a dita deterioración se poida volver producir no futuro.

**Artigo 11.** *Condicións para as novas modificacións ou alteracións*

1. Os casos en que este plan hidrolóxico prevé a materialización de novas modificacións ou alteracións que resultan xustificables, aínda que impiden o logro dos obxectivos ambientais conforme o previsto no

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

artigo 92bis do TRLA, son os que se identifican nos apéndices 6.6 e 6.7 e quedan documentados no anexo 8 á memoria.

2. No resto dos casos, isto é, para as novas modificacións ou alteracións non previstas, observarase o disposto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH cubrindo o modelo de ficha utilizado para os casos indicados no número anterior. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións.

### Capítulo III. Réxime de caudais ecolóxicos

#### **Artigo 12.** *Cuestións xerais sobre o réxime de caudais ecolóxicos*

1. En relación co réxime de caudais ecolóxicos serán de aplicación os artigos 13 a 15 seguintes en defecto de disposición normativa de carácter xeral aplicable durante a vixencia do presente plan.

2. De conformidade co artigo 59.7 do TRLA, os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais previstos nos seguintes artigos do plan non terán o carácter de uso e deberán considerarse como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación, sen prexuízo do establecido no artigo 13.6.

#### **Artigo 13.** *Caudais mínimos ecolóxicos*

1. Para as masas de auga da categoría río e transición fíxanse os réximes de caudais mínimos ecolóxicos que figuran no anexo 5.1, tanto para a situación hidrolóxica ordinaria como para a situación de emerxencia por seca declarada segundo o disposto no plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca aplicable.

2. Naqueles casos en que haxa solucións técnicas viables para atender as demandas sen afectar os caudais mínimos ecolóxicos establecidos para a situación hidrolóxica ordinaria, non será de aplicación o réxime de caudais mínimos ecolóxicos definido para a situación de emerxencia por seca declarada.

3. Os caudais mínimos ecolóxicos citados no primeiro punto corresponden ao extremo de augas abaixo da masa de auga superficial ou do tramo considerado.

4. A determinación de caudais mínimos ecolóxicos nos leitos, en puntos non coincidentes cos do anexo 5.1, seguirá as seguintes regras:

a) Para calcular o caudal mínimo ecolóxico nun lugar que se sitúe entre dous puntos para os cales se dispoña de caudais mínimos ecolóxicos aplicarase a diferenza de superficie de bacía vertente seguindo a fórmula que se expón a continuación:

$$Q_x = (Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n) + \frac{Q_b - (Q_1 + Q_2 + \dots + Q_n)}{A_b - (A_1 + A_2 + \dots + A_n)} \times [A_x - ((A_1 + A_2 + \dots + A_n))]$$

## Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

Onde:

- $Q_1+Q_2+\dots+Q_n$ : caudal mínimo ecolóxico no punto ou puntos de augas arriba tanto no leito principal como nos afluentes. Naqueles casos en que exista augas arriba máis dun punto con caudal mínimo ecolóxico definido no anexo 5.1 sobre o mesmo leito principal ou afluente, tomarase como  $Q_1+Q_2+\dots+Q_n$  o máis próximo que se quere estimar, en cada caso.
- $Q_b$ : caudal mínimo ecolóxico no punto de augas abaixo. Naqueles casos en que exista augas abaixo máis dun punto con caudal mínimo ecolóxico definido no anexo 5.1 considerárase o máis próximo sobre o leito principal.
- $Q_x$ : caudal mínimo ecolóxico no punto que se quere estimar.
- $A_1+A_2+\dots+A_n$ : superficies das bacías vertentes nos puntos de augas arriba correspondentes a  $Q_1+Q_2+\dots+Q_n$ .
- $A_b$ : superficie de bacía vertente no punto de augas abaixo.
- $A_x$ : superficie de bacía vertente no punto que se quere estimar.

b) Nos casos en que haxa que extrapolar o valor do réxime de caudais mínimos, é dicir, en tramos de cabeceira nos cales sexa necesario estimar un réxime augas arriba do primeiro punto con designación de caudais mínimos, a fórmula que se empregará será:

$$Q_x = \frac{Q_1}{A_1} \times A_x$$

Onde:

- $Q_1$ : caudal mínimo ecolóxico no punto de augas abaixo.
- $Q_x$ : caudal mínimo ecolóxico no punto que se quere estimar.
- $A_1$ : superficie de bacía vertente no punto de augas abaixo.
- $A_x$ : superficie de bacía vertente no punto que se quere estimar.

c) Nos tramos de leito que pola súa dimensión reducida non foron designados como masas de auga e que non se encontran conectados con ningunha masa de auga da categoría río, en especial pequenos leitos que verten ao mar ou ás augas de transición, o cálculo do caudal mínimo ecolóxico realizarase considerando un valor de 2,0 l/s por cada km<sup>2</sup> de bacía vertente, salvo que se xustifique adecuadamente outro valor.

d) Nos mananciais ou nos lugares en que as augas superficiais dos leitos poidan sumirse parcial ou totalmente no terreo, e naqueles en que o cumprimento dos obxectivos definidos nos artigos 92 e 92 bis do TRLA se poida ver comprometido en función das previsibles afeccións ao medio natural, o caudal mínimo ecolóxico será definido mediante estudos específicos e non se aplicará o procedemento descrito nas alíneas precedentes. Os mencionados estudos específicos deberán definir os caudais mínimos ecolóxicos na totalidade do tramo de leito que o mesmo estudo determine como afectado.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

5. Non serán exixibles caudais mínimos ecolóxicos superiores ao réxime natural existente en cada momento. Cando o caudal que circule polo leito sexa inferior ao caudal mínimo ecolóxico establecido non se poderán realizar derivacións de auga, sen prexuízo das excepcións contidas no presente plan hidrológico.

6. En situacións de seca ordinaria as concesións para abastecemento a poboacións, de conformidade co artigo 59.7 do TRLA, terán supremacía sobre o réxime de caudais mínimos ecolóxicos cando, logo de apreciación pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico, non exista unha alternativa de fornecemento viable que permita a súa correcta atención e se se cumpren as seguintes condicións:

- a) Que non se extraia para o abastecemento máis do 75% do caudal circulante.
- b) Que se tomen as medidas adecuadas para a diminución da auga utilizada mentres dure a situación de caudais circulantes inferiores aos caudais mínimos ecolóxicos.
- c) Que as medidas adoptadas e os resultados obtidos sexan obxecto de informe que será elaborado pola entidade beneficiaria da concesión, que deberá remitir á Confederación Hidrográfica do Cantábrico nun prazo non superior a un mes desde o comezo da situación.
- d) Que en todo caso, e o máis tardar aos 6 meses tras a finalización do período en que os caudais mínimos ecolóxicos fosen afectados, a entidade beneficiaria da concesión de abastecemento entregará á Confederación Hidrográfica do Cantábrico un plan de actuación encamiñado á redución da probabilidade de ocorrencia destes episodios, e que identificará, segundo proceda, as medidas dirixidas ao aforro do consumo, as medidas para mellorar a eficiencia na rede de fornecemento, así como as fontes alternativas de recursos, xunto co sistema de control e seguimento delas. O organismo de bacía fará un seguimento da aplicación do mencionado plan de actuación, e cando o considere insuficiente ou inadecuado poderá suspenderse a aplicación da supremacía da captación, de conformidade co artigo 50.4 do TRLA.

7. Na tramitación de concesións e autorizacións en masas de auga da categoría río e de transición incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas, o organismo de bacía poderá exixir ao petionario a presentación dunha avaliación dos efectos da actividade sobre a zona protexida, que inclúa unha proposta de réxime de caudais ecolóxicos, non inferior ao establecido nos apéndices 5.1 e 5.3, definido mediante estudos específicos. O dito réxime de caudais debe asegurar o cumprimento dos obxectivos ambientais definidos no apéndice 6, así como das normas de protección que resulten aplicables á zona protexida.

8. Para as reservas naturais fluviais a que se fai referencia no artigo 48, establécese un réxime de caudais ecolóxicos que proporcione como mínimo o 80% do hábitat potencial útil, segundo o procedemento descrito na instrución de planificación hidrolóxica.

**Artigo 14. Caudais máximos ecolóxicos**

No apéndice 5.2 fíxanse os réximes de caudais máximos ecolóxicos para algunhas masas de auga da categoría río con importantes estruturas de regulación.

A evacuación de caudais superiores aos indicados no apéndice 5.2 polos órganos de desencoramento das presas non constituirá un incumprimento do réxime de caudais máximos cando en episodios de enchentes se actúe conforme a norma de explotación aprobada.



---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 15. *Proceso de implantación do réxime de caudais ecolóxicos***

1. O réxime de caudais ecolóxicos será de aplicación ás concesións en vigor segundo establece o artigo 26.3 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrológico nacional, sen prexuízo do desenvolvemento do proceso de concertación cos titulares das concesións vixentes en 9 de xuño de 2013, data de entrada en vigor do Real decreto 399/2013, co obxecto de mellorar a compatibilidade entre a implantación do réxime de caudais mínimos ecolóxicos e os usos e demandas actuais.

2. As modificacións que se poidan establecer ao réxime de caudais ecolóxicos por aplicación do artigo 13.4.d) ou debidas a estudos de perfeccionamento do réxime de caudais ecolóxicos validados pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico, serán aplicables nos termos previstos no número 1. Así mesmo, procederase á súa inclusión no seguinte ciclo de revisión do plan, salvo que o da auga da demarcación aprecie a necesidade de facelo antes de conformidade co artigo 89.1 do RPH.

**Capítulo IV: Prioridade e compatibilidade de usos**

**Artigo 16. *Usos da auga***

Para os efectos do estipulado no artigo 12 do RPH, os usos da auga son os que figuran no artigo 49 bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

**Artigo 17. *Orde de preferencia de usos entre diferentes usos e aproveitamentos***

1. Establécese a seguinte orde de preferencia entre os diferentes usos da auga, tendo en conta as existencias para a protección e conservación do recurso e o seu contorno:

- 1º Abastecemento de poboación.
- 2º Gandaría.
- 3º Usos industriais excluídos os usos das industrias do lecer e do turismo.
- 4º Regadío.
- 5º Acuicultura.
- 6º Usos recreativos e usos das industrias do lecer e do turismo.
- 7º Navegación e transporte acuático.
- 8º Outros usos.

2. A orde de prioridade non poderá afectar os recursos especificamente asignados por este plan no capítulo seguinte nin os bordos libres nos encoros para a laminación de enchentes.

3. No caso de concorrencia de solicitudes para usos coa mesma orde de preferencia, Confederación Hidrográfica do Cantábrico dará preferencia ás solicitudes máis sustentables de acordo co sinalado no artigo 60 do RDPH.

4. Nos abastecementos de poboación, terán preferencia as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan augas con problemas de calidade por outras de adecuada calidade.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

5. Por “outros usos” enténdense todos aqueles que non se encontren nalgunha das sete primeiras categorías mencionadas no número 1, que en ningún caso implicarán a utilización da auga con fins ambientais que sexan condicionantes do estado das masas de auga nin se referirán aos supostos previstos no artigo 59.7 do TRLA.

### Capítulo V. Asignación e reserva de recursos

#### **Artigo 18.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. De conformidade co artigo 19 do Regulamento de planificación hidrolóxica adóptanse os seguintes sistemas de explotación de recursos:

- a) Sistema Eo.
- b) Sistema Porcía.
- c) Sistema Navia.
- d) Sistema Esva.
- e) Sistema Nalón.
- f) Sistema Villaviciosa.
- g) Sistema Sella.
- h) Sistema Llanes.
- i) Sistema Deva.
- j) Sistema Nansa.
- k) Sistema Gandarilla.
- l) Sistema Saja.
- m) Sistema Pas Miera.
- n) Sistema Asón.
- o) Sistema Agüera.

2. O ámbito dos sistemas de explotación de recursos é o que se define a seguir:

- a) Sistema de explotación Eo: comprende a totalidade das bacías dos ríos Eo, Rodil, Cabreira-Turía, Suarón, Riotorto e Trabada, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Ribadeo e de Castropol.
- b) Sistema de explotación Porcía: comprende a totalidade das bacías dos ríos Mazo, Porcía, Tol, Budois Anguileira, Carcedo, de La Vega e de El Cabo, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Castropol e de Coaña.
- c) Sistema de explotación Navia: comprende a totalidade das bacías dos ríos Navia, Ser, Ibias, Oro, Lloredo, Cabornel, Suarna e Agüeria, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Coaña e de Navia.
- d) Sistema de explotación Esva: comprende a totalidade das bacías dos ríos Esva, Negro, Esqueiro, Cudillero, San Roque, Llorín, Orio e Canero, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Navia e Muros del Nalón.
- e) Sistema de explotación Nalón: comprende a totalidade das bacías dos ríos Nalón, Narcea, Caudal, Trubia, Cubia, Nora, Piles, Aboño e Alvares así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Muros del Nalón e Xixón. Inclúe, ademais, o Lago Negro e o Lago del Valle.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- f) Sistema de explotación Villaviciosa: comprende a totalidade das bacías dos ríos Río de La Ría, Espasa, Valdediós, río de El Sordo, España, Libardón e Acebo, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Xixón e de Ribadesella.
- g) Sistema de explotación Sella: comprende a totalidade das bacías dos ríos Sella, Piloña, Ponga, Dobra, Güeña, Zardón e Parda ou Santianes, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido no termo municipal de Ribadesella. Inclúe, ademais, o lago Enol e o lago Ercina.
- h) Sistema de explotación Llanes: comprende a totalidade das bacías dos ríos de Nueva, de Las Cabras, Vallina, Carrocedo, Purón e Cabra, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Ribadesella e Ribadedeva.
- i) Sistema de explotación Deva: comprende a totalidade das bacías dos ríos Deva, Quiviesa, Buyón, Urdón, Cares e Casaño, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Ribadedeva e Val de San Vicente.
- j) Sistema de explotación Nansa: comprende a totalidade das bacías dos ríos Nansa, Vendul e Lamasón, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido no termo municipal de Val de San Vicente.
- k) Sistema de explotación Gandarilla: comprende a totalidade das bacías dos ríos Escudo, Gandarilla, Capitán e Turbio, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Val de San Vicente e de Suances.
- l) Sistema de explotación Saja: comprende a totalidade das bacías dos ríos Saja, Besaya, Argonza, Bayones, Aguayo e Erecia, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Suances e de Miengo.
- m) Sistema de explotación Pas-Miera: comprende a totalidade da bacía dos ríos Pas, Miera, Pisueña, La Magdalena, Entrambasaguas, Pontones, Pamanes e Campiazo, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Miengo e Argoños. Inclúe ademais o lago El Pozón de la Dolores.
- n) Sistema de explotación Asón: comprende a totalidade da bacía dos ríos Asón, Gándara, Calera, Carranza, Escalante e Clarín, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido entre o límite dos termos municipais de Noja e Castro Urdiales.
- o) Sistema de explotación Agüera: comprende a totalidade da bacía dos ríos Agüera, Remendón, Mioño, Sámano e o regato de La Sequilla, así como todas as bacías litorais do territorio comprendido no termo municipal de Castro Urdiales.

3. Asignación de recursos no sistema Eo:

- a) Asígnanse á Pontenova para atender as demandas 0,43 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (regato de Paradela, rego do Vao do Medio) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea, que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse á Fonsagrada para atender as demandas 1,01 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río da Pobra) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
- c) Asígnanse a Vegadeo para atender as demandas 0,76 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (regato Monjardín, río Suarón) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos do encoro de Arbón do sistema Navia necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- d) Asígnanse a Ribadeo para atender as demandas 1,47 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Eo, do río Grande e de regatos costeiros que actualmente utiliza.
  - e) Asígnanse a Castropol para atender as demandas 0,81 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (regato de Fornelo, río de Tol) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos do encoro de Arbón do sistema Navia necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - f) Aos municipios de Baleira, Ribeira de Piquín, Riotorto, Trabada, Taramundi e San Tirso de Abres para atender as demandas asígnanselles 1,03 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - g) Para atender as demandas agrarias asígnanse 2,44 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.
  - h) Para atender as demandas recreativas (campos de golf) asígnanse 0,08 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.
4. Asignación de recursos no sistema Porcía:
- a) Asígnanse a Tapia de Casariego para atender as demandas 1,03 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Porcía, río Mazo) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos do encoro de Arbón do sistema Navia necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - b) Asígnanse a El Franco para atender as demandas 0,88 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Mazo) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos do encoro de Arbón do sistema Navia necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - c) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,30 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.
  - d) Para atender as demandas recreativas (campos de golf) asígnanse 0,08 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.
5. Asignación de recursos no sistema Navia:
- a) Asígnanse a Becerreá para atender as demandas 0,55 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e recursos da masa de auga subterránea Cabeceira do Navia que actualmente utiliza.
  - b) Asígnanse a Boal para atender as demandas 0,34 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
  - c) Asígnanse a Coaña para atender as demandas 0,64 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Meiro, regato de El Esteler) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos do encoro de Arbón do sistema Navia necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - d) Asígnanse a Navia para atender as demandas 2,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Navia, río Vidural, río Barayo, río de El Monte, río Meiro) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos do encoro de Arbón do sistema Navia necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - e) Aos municipios das Nogais, Cervantes, Negueira de Muñiz, Navia de Suarna, Degaña, Ibias, Grandas de Salime, San Martín de Oscos, Pesoz, Illano, Villanueva de Oscos, Villayón, Pedrafita do Cebreiro e Santa Eulalia de Oscos para atender as demandas asígnanselles 2,14 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- f) Para atender as demandas agrarias asígnanse 18,14 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.
- g) Para atender as demandas industriais asígnanse 21,45 hm<sup>3</sup>/ano procedentes dos recursos superficiais do Río Navia.

6. Asignación de recursos no sistema Esva:

- a) Asígnanse a Valdés para atender as demandas 2,26 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (regato de Las Rubias, río Negro, río Carlangas, regato de El Forcón, río Mallene) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse a Cudillero para atender as demandas 1,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Sangreña, regato Piñera) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
- c) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,56 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.
- d) Para atender as demandas industriais asígnanse hm<sup>3</sup>/ano procedentes dos recursos superficiais e subterráneos do sistema.
- e) Para atender as demandas para usos recreativos asígnanse 0,17 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do sistema.

7. Asignación de recursos no sistema Nalón:

- a) Río Narcea:
  - 1º. Asígnanse a Cangas do Narcea para atender as demandas 2,61 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (regato Yema, río Coto) e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
  - 2º. Asígnanse a Allande para atender as demandas 0,22 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Tineo para atender as demandas 1,07 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
  - 4º. Asígnanse a Salas para atender as demandas 1,11 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e recursos das masas de auga subterránea Eo-Navia-Narcea e Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 5º. Aos municipios de Somiedo e Belmonte de Miranda para atender as demandas asígnanselles 0,49 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pigüeña) e dos recursos das masas de auga subterránea Eo-Navia-Narcea e Somiedo-Trubia-Pravia que utilizan actualmente.
  - 6º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 19,78 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos procedentes do río Narcea e os seus afluentes.
  - 7º. Para atender as demandas da central térmica Soto de la Barca estimadas en 10,19 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse os recursos procedentes do encoro de La Barca no río Narcea.
  - 8º. Para atender as demandas industriais asígnanse 0,41 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos superficiais e subterráneos.
- b) Río Caudal:
  - 1º. Asígnanse a Lena para atender as demandas 1,66 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pajares, río Huerna) e recursos da masa de auga subterránea Bacía Carbonífera Asturiana que actualmente utiliza.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- 2º. Asígnanse a Aller para atender as demandas 1,88 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Aller) e recursos das masas de auga subterránea Bacía Carbonífera Asturiana e Rexión de Ponga que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Mieres para atender as demandas 7,28 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Aller) e recursos da masa de auga subterránea Bacía Carbonífera Asturiana que actualmente utiliza.
  - 4º. Asígnanse a Riosa para atender as demandas 0,35 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Riosa) e recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 5º. Asígnanse a Morcín para atender as demandas 0,48 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Morcín) e recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 6º. Asígnanse a Ribera de Arriba para atender as demandas 0,26 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia regulados no encoro de Alfilorios que lle fornece Oviedo e que actualmente utiliza.
  - 7º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 1,11 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos do río Caudal e os seus afluentes.
  - 8º. Para atender as demandas industriais asígnanse 0,15 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos superficiais.
  - 9º. Para atender as demandas da central térmica La Pereda, estimadas en 1,40 hm<sup>3</sup>/ano, asígnanse os recursos procedentes do río Caudal.
- c) Alto Nalón:
- 1º. Asígnanse a Laviana para atender as demandas 1,59 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA e recursos das masas de auga subterránea Bacía Carbonífera Asturiana e Rexión do Ponga que actualmente utiliza.
  - 2º. Asígnanse a San Martín del Rey Aurelio para atender as demandas 2,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA e recursos das masas de auga subterránea Bacía Carbonífera Asturiana e Rexión de Ponga que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Langreo para atender as demandas 5,52 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Nalón) e recursos das masas de auga subterránea Bacía Carbonífera Asturiana e Rexión do Ponga que actualmente utiliza.
  - 4º. Aos municipios de Caso e Sobrescobio para atender as demandas asígnanselles 0,47 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Rexión do Ponga que utilizan actualmente.
  - 5º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 3,17 hm<sup>3</sup>/ano, dos recursos do río Nalón e os seus afluentes.
  - 6º. Para atender as demandas industriais, estimadas en 0,50 hm<sup>3</sup>/ano, asígnanse os recursos procedentes do río Nalón.
  - 7º. Para atender as demandas das central térmica de Lada asígnanse 9,74 hm<sup>3</sup>/ano do río Nalón e para atender as demandas da central térmica de Soto de Ribera estimadas en 22,22 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse os recursos procedentes do río Nalón e do río Caudal.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- d) Ríos Nora e Noreña:
- 1º. Asígnanse a Siero para atender as demandas 8,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA e recursos das masas de auga subterránea Llantones-Pinzales-Noreña, Oviedo-Cangas de Onís e Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 2º. Asígnanse a Noreña para atender as demandas 0,86 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que le subministra CADASA e recursos das masas de auga subterránea Oviedo-Cangas de Onís e Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Llanera para atender as demandas 2,21 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA e recursos das masas de auga subterránea Oviedo-Cangas de Onís e Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 4º. Asígnanse a Oviedo para atender as demandas 28,63 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Lindes), os recursos das masas de auga subterránea Peña Ubiña-Peña Rueda (manancial Cortes, manancial Fuentes Calientes) e Somiedo-Trubia-Pravia (manancial Llamo, manancial Code), os regulados polo encoro de Alfilorios (excedentes dos ríos Lindes, Riosa e Morcín e regulados da bacía do río Barrea e Mortera) e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 5º. Ao municipio de Sariego para atender as demandas asígnanselle 0,22 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utiliza actualmente.
  - 6º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,43 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
  - 7º. Para atender as demandas industriais estimadas en 3,13 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse os recursos procedentes do río Nalón.
- e) Ríos Trubia, Cuvia e medio Nalón:
- 1º. Aos municipios de Quirós, Teverga, Proaza e Santo Adriano para atender as demandas asígnanselles 0,76 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Trubia) e dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que utilizan actualmente.
  - 2º. Ao municipio de Yermes e Tameza para atender as demandas asígnanselles 0,03 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utiliza actualmente.
  - 3º. Asígnanse a Grado para atender as demandas 1,94 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Menéndez, río Cuvia) e dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 4º. Asígnanse a Las Regueras para atender as demandas 0,28 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 5º. Asígnanse a Candamo para atender as demandas 0,47 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 6º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 1,76 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- f) Baixo Nalón e zona costeira:
- 1º. Asígnanse a Pravia para atender as demandas 1,09 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos das masas de auga subterránea Eo-Navia-Narcea e Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 2º. Asígnanse a Soto del Barco para atender as demandas 0,77 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos das masas de auga subterránea Eo-Navia-Narcea e Somiedo-Trubia-Pravia e do río Narcea (canle do Narcea) que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Muros de Nalón para atender as demandas 0,30 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Eo-Navia-Narcea que actualmente utiliza.
  - 4º. Asígnanse a Castrillón para atender as demandas 3,31 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 5º. Asígnanse a Illas para atender as demandas 0,19 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia que actualmente utiliza.
  - 6º. Asígnanse a Corvera de Asturias para atender as demandas 3,09 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 7º. Asígnanse a Avilés para atender as demandas 11,83 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Magdalena, dos recursos da masa de auga subterránea Somiedo-Trubia-Pravia, do río Narcea (canle do Narcea) e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 8º. Asígnanse a Gozón para atender as demandas 2,01 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea Candás e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 9º. Asígnanse a Carreño para atender as demandas 1,29 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, dos recursos da masa de auga subterránea Candás e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 10º. Asígnanse a Xixón para atender as demandas 33,05 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, os recursos das masas de auga subterránea Rexión do Ponga (manancial Los Arrudos, manancial Perancho), Llantones-Pinzales-Noreña (manancial Llantones), Villaviciosa e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA que actualmente utiliza.
  - 11º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,50 hm<sup>3</sup>/ano, dos recursos dispoñibles.
  - 12º. Para atender as demandas industriais asígnáronse os recursos do seguinte modo: 1,25 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos procedentes do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que subministra CADASA, 34,15 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos procedentes do río Narcea (canle do Narcea) regulados no encoro de Trasona e 22,42 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos procedentes do río Narcea (canle do Narcea) regulados no encoro de San Andrés de los Tacones e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA.



---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

8. Asignación de recursos no sistema Villaviciosa:

- a) Asígnanse a Villaviciosa para atender as demandas 2,30 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, os recursos da masa de auga subterránea Villaviciosa e do río Nalón regulados nos encoros de Tanes e Rioseco que lle subministra CADASA e que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse a Colunga para atender as demandas 0,83 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos das masas de auga subterránea Villaviciosa e Llanes-Ribadesella que actualmente utiliza.
- c) Aos municipios de Caravia e Cabranes, para atender as demandas asígnanselles 0,33 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- d) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,39 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- e) Para atender as demandas industriais, asígnanse 1,01 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos subterráneos.

9. Asignación de recursos no sistema Sella:

- a) Asígnanse a Nava para atender as demandas 0,99 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pendón) e os recursos das masas de auga subterránea Oviedo-Cangas de Onís e Rexión do Ponga que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse a Piloña para atender as demandas 1,53 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos das masas de auga subterránea Oviedo-Cangas de Onís, Rexión do Ponga e Llanes-Ribadesella que actualmente utiliza.
- c) Asígnanse a Cangas de Onís para atender as demandas 1,57 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Dobra) e os recursos das masas de auga subterránea Oviedo-Cangas de Onís, Rexión do Ponga (manancial Güeyu Prietu), Llanes-Ribadesella e Picos de Europa-Panes que actualmente utiliza.
- d) Asígnanse a Parres para atender as demandas 1,09 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos das masas de auga subterránea Oviedo-Cangas de Onís, Rexión do Ponga (manancial Güeyu la Riega) e Llanes-Ribadesella (manancial Ribode) que actualmente utiliza.
- e) Asígnanse a Ribadesella para atender as demandas 1,28 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos da masa de auga subterránea Llanes-Ribadesella (manancial Frías, manancial Guadamía) que actualmente utiliza.
- f) Aos municipios de Bimenes, Oseja de Sajambre, Ponga, Amieva e Onís para atender as demandas asígnanselles 0,59 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- g) Para atender as demandas agrarias asígnanse 1,60 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- h) Para atender as demandas industriais estimadas en 1,85 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse recursos superficiais e subterráneos do sistema.
- i) Para atender as demandas de usos recreativos (campos de golf) asígnanse 0,18 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

10. Asignación de recursos no sistema Llanes:

- a) Asígnanse a Llanes para atender as demandas 2,73 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos da masa de auga subterránea Llanes-Ribadesella (manancial Siete Caños, manancial Cueva El Molín, manancial Friera, manancial Alloru) que actualmente utiliza.
- b) Á unidade de demanda de rega para campos de golf asígnanselle 0,25 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos subterráneos que actualmente utiliza.

11. Asignación de recursos no sistema Deva:

- a) Asígnanse a Cabrales para atender as demandas 0,35 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos da masa de auga subterránea Picos de Europa-Panes que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse a Val de San Vicente para atender as demandas 0,57 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Deva) e os recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera que actualmente utiliza.
- c) Aos municipios de Posada de Valdeón, Peñamellera Alta, Peñamellera Baja, Camaleño, Vega de Liébana, Pesaguero, Potes, Cabezón de Liébana, Unquera, Cillorigo de Liébana, Peñarrubia, Tresviso e Ribadedeva para atender as demandas asígnanselles 1,60 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- d) Para atender as demandas agrarias asígnanse 4,59 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- e) Para atender as demandas de usos recreativos (campos de golf) asígnanse 0,27 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

12. Asignación de recursos no sistema Nansa:

- a) Aos municipios de Polaciones, Tudanca, Rionansa, Lamasón e Herrerías, para atender as demandas asígnanselles 0,44 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- b) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,51 hm<sup>3</sup>/ano, dos recursos superficiais e subterráneos do sistema.

13. Asignación de recursos no sistema Gandarilla:

- a) Asígnanse a San Vicente de la Barquera para atender as demandas 1,09 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Escudo), os recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e dos recursos da Autovía da Auga, procedentes do río Deva que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse a Valdáliga para atender as demandas 0,34 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Escudo), os recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e dos recursos da Autovía da Auga procedentes do río Deva que actualmente utiliza.
- c) Asígnanse a Comillas para atender as demandas 0,52 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Escudo), os recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e dos recursos da Autovía da Auga procedentes do río Deva que actualmente utiliza.
- d) Asígnanse a Alfoz de Lloredo para atender as demandas 0,38 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, e os recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera (manancial Cueva La Verde, manancial San Miguel) que actualmente utiliza.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- e) Asígnanse a Ruiloba para atender as demandas 0,16 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais, e os recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera que actualmente utiliza.
- f) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,74 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
- g) Para atender a demanda de usos recreativos (campos de golf) asígnanse 0,05 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

14. Asignación de recursos no sistema Saja:

- a) Río Saja
  - 1º. Asígnanse a Mazcuerras para atender as demandas 0,37 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos das masas de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e Cabuérniga que actualmente utiliza.
  - 2º. Asígnanse a Cabezón de la Sal para atender as demandas 1,24 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos das masas de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e Cabuérniga (manancial Fuentona de Ruento) que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Reocín para atender as demandas 1,46 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e os recursos das masas de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e Cabuérniga que actualmente utiliza.
  - 4º. Asígnanse a Santillana del Mar para atender as demandas 0,93 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Saja) e dos recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 5º. Asígnanse a Suances para atender as demandas 1,56 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Saja) e dos recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 6º. Asígnanse a Polanco para atender as demandas 0,74 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais do río Besaya que lle subministra Torrelavega e do río Pas que lle subministra o Plan Pas e dos recursos das masas de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera e Santander-Camargo que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 7º. Aos municipios de Los Tojos, Cabuérniga, Ruento e Udías para atender as demandas asígnanse 0,54 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - 8º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,83 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
- b) Río Besaya
  - 1º. Asígnanse a Torrelavega para atender as demandas 6,03 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Besaya, río Cieza) e dos recursos das masas de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera, Santander-Camargo e Puente Viesgo-Besaya que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- 2º. Asígnanse a Los Corrales de Buelna para atender as demandas 1,51 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Besaya) e dos recursos da masa de auga subterránea Cabuérniga que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- 3º. Asígnanse a San Felices de Buelna para atender as demandas 0,35 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Besaya), que lle subministra Torrelavega e dos recursos das masas de auga subterránea porto de El Escudo e Puente Viesgo-Besaya que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- 4º. Asígnanse a Cartes para atender as demandas 0,71 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Besaya) que lle subministra Torrelavega e da masa de auga subterránea Santillana - San Vicente de la Barquera e os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- 5º. Aos municipios de Anievas, Arenas de Iguña, Bárcena de Pie de Concha, Cieza, Molledo, Pesquera, San Miguel de Aguayo, Santiurde de Reinosa para atender as demandas asígnanselles 1,00 hm<sup>3</sup>/ano dos caudais superficiais e subterráneos que actualmente utiliza.
- 6º. Para atender as demandas industriais asígnanse 33,47 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos procedentes do río Besaya.
- 7º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 1,44 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
- 8º. Para atender as demandas de usos recreativos (campos de golf) asígnanse 0,12 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.

15. Asignación de recursos no sistema Pas-Miera:

a) Ríos Pas-Pisueña

- 1º. Asígnanse a Corvera de Toranzo para atender as demandas 0,50 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea porto de El Escudo que actualmente utiliza.
- 2º. Asígnanse a Puente Viesgo para atender as demandas 0,48 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas) e dos recursos das masas de auga subterránea porto de El Escudo, Puente Viesgo-Besaya e Santander-Camargo que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- 3º. Asígnanse a Santa María de Cayón para atender as demandas 1,62 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Santander-Camargo (manancial San Jacinto, manancial Vasconia) que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- 4º. Asígnanse a Piélagos para atender as demandas 3,06 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas) e dos recursos das masas de auga subterránea Santillana-San Vicente da Barquera e Santander-Camargo que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

- 5º. Asígnanse a Miengo para atender as demandas 0,69 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas) e dos recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente da Barquera que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais
  - 6º. Asígnanse a Santa Cruz de Bezana para atender as demandas 1,97 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas), que lle subministra Santander e dos recursos da masa de auga subterránea Santillana-San Vicente de la Barquera que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 7º. Asígnanse a Camargo para atender as demandas 4,63 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas), que lle subministra Santander e dos recursos da masa de auga subterránea Santander-Camargo. Asígnase tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 8º. Asígnanse a Villaescusa para atender as demandas 0,59 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas), que lle subministra Santander e dos recursos da masa de auga subterránea Santander-Camargo que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 9º. Asígnanse a El Astillero para atender as demandas 2,43 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas), que lle subministra Santander e dos recursos da masa de auga subterránea Santander-Camargo (manancial Santa Ana) que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 10º. Asígnanse a Santander para atender as demandas 26,17 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Pas, río Pisueña) e dos recursos da masa de auga subterránea porto de El Escudo (manancial El Arca, manancial Quintanilla, manancial Sovilla e manancial La Pila) que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 11º. Aos municipios de Luena, San Pedro del Romeral, Vega de Pas, Santiurde de Toranzo, Selaya, Villacarriedo, Villafufre, Saro e Castañeda para atender as demandas asígnanselles 1,61 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - 12º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 2,30 hm<sup>3</sup>/ano, dos recursos dispoñibles.
  - 13º. Para atender as demandas industriais estimadas en 1,05 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse os recursos procedentes dos ríos Pisueña e Pas.
- b) Río Miera
- 1º. Asígnanse a Liérganes para atender as demandas 0,42 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Miera) e dos recursos da masa de auga subterránea Santander-Camargo que actualmente utiliza.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- 2º. Asígnanse a Entrambasaguas para atender as demandas 0,38 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Aguanaz) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza.
  - 3º. Asígnanse a Medio Cudeyo para atender as demandas 0,87 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Aguanaz) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 4º. Asígnanse a Ribamontán al Monte para atender as demandas 0,27 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Aguanaz) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais (regato do Aguanaz) que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 5º. Asígnanse a Marina de Cudeyo para atender as demandas 0,92 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Aguanaz) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 6º. Asígnanse a Ribamontán al Mar para atender as demandas 1,35 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Miera, río Aguanaz) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 7º. Aos municipios de San Roque de Riomiera, Miera, Riotuerto e Penagos para atender as demandas asígnanselles 0,59 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - 8º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 1,66 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
  - 9º. Para atender as demandas industriais estimadas en 5,48 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse recursos superficiais e subterráneos.
- c) Río Campiazo
- 1º. Asígnanse a Meruelo para atender as demandas 0,73 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Campiazo) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 2º. Asígnanse a Bareyo para atender as demandas 0,46 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Campiazo) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza. Asígnanse tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - 3º. Asígnanse a Arnuelo para atender as demandas 0,50 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Campiazo, río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramais que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

- 4º. Asígnanse a Noja para atender as demandas 1,13 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Campiazo, río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- 5º. Aos municipios de Solorzano e Hazas de Cesto para atender as demandas asígnanselles 0,30 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
- 6º. Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,72 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles.
- 7º. Para atender as demandas industriais estimadas en 1,18 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse os recursos subterráneos procedentes da masa de auga subterránea Alisas-Ramales.
- 8º. Para atender as demandas de usos recreativos (campos de golf) asígnanse 0,12 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.

16. Asignación de recursos no sistema Asón:

- a) Asígnanse a Karrantza Harana/Valle de Carranza para atender as demandas 0,32 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales que actualmente utiliza.
- b) Asígnanse a Ramales de la Victoria para atender as demandas 0,41 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales (manancial Fuente Iseña) que actualmente utiliza.
- c) Asígnanse a Ampuero para atender as demandas 0,72 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales e masa de auga subterránea Castro Urdiales que actualmente utiliza.
- d) Asígnanse a Voto para atender as demandas 0,26 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Clarín, río Clarón) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales que actualmente utiliza.
- e) Asígnanse a Bárcena de Cicero para atender as demandas 0,66 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- f) Asígnanse a Santoña para atender as demandas 1,76 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Alisas-Ramales que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- g) Asígnanse a Colindres para atender as demandas 1,34 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Castro Urdiales que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
- h) Asígnanse a Laredo para atender as demandas 2,80 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Asón) e dos recursos da masa de auga subterránea Castro Urdiales que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

- i) Aos municipios de Soba, Arredondo, Ruesga, Lanestosa, Rasines, Limpias, Escalante, Argoños e Liendo para atender as demandas asígnanselles 1,80 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - j) Para atender as demandas agrarias asígnanse 1,35 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
  - k) Para atender as demandas de usos recreativos (campos de golf) asígnanse 0,13 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
17. Asignación de recursos no sistema Agüera:
- a) Asígnanse a Guriezo para atender as demandas 0,37 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos da masa de auga subterránea Castro Urdiales que actualmente utiliza.
  - b) Asígnanse a Castro Urdiales para atender as demandas 5,31 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais (río Mioño, río Sámano, río Agüera), dos recursos da masa de auga subterránea Castro Urdiales e dos recursos regulados no encoro de El Juncal que actualmente utiliza. Asígnanselle tamén os recursos regulados procedentes do bitransvasamento Ebro-Pas-Besaya necesarios para respectar os caudais ecolóxicos nas tomas actuais.
  - c) Aos municipios de Valle de Villaverde e Trucios/Turtzior, para atender as demandas asígnanselles 0,16 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos superficiais e dos recursos subterráneos que utilizan actualmente.
  - d) Para atender as demandas agrarias asígnanse 0,04 hm<sup>3</sup>/ano dos recursos dispoñibles do sistema.
  - e) Para atender as demandas industriais estimadas en 0,78 hm<sup>3</sup>/ano asígnanse recursos superficiais e subterráneos do sistema.

Capítulo VI: Utilización do dominio público hidráulico**Sección I. Usos privados****Artigo 19. Distancias entre captacións de augas subterráneas e de manancial**

1. Cando a extracción das augas sexa realizada mediante a apertura de pozos, as distancias mínimas entre estes ou entre pozos e manancial serán as dispostas no artigo 87.2 do RDPH.
2. Excepcionalmente poderanse outorgar concesións a menor distancia se o interesado acredita que non se afectan os aproveitamentos anteriores legalizados.

**Artigo 20. Instalación de dispositivos de medida**

1. De conformidade co artigo 55.4 do TRLA, os titulares dos aproveitamentos deberán instalar e manter ao seu cargo os sistemas de medición que garantan o rexistro e a comprobación dos caudais efectivamente utilizados ou consumidos, dos retornados, así como dos vertidos ao dominio público hidráulico, de maneira que permitan controlar a adaptación dos caudais aos máximos concedidos.
2. O titular estará obrigado a facilitar á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, na forma e periodicidade que esta determine, os datos de caudais rexistrados para o mellor desenvolvemento das súas funcións de auditoría e control das concesións, dentro do seguimento do plan hidrológico. Salvo



Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

que especificamente se determine outra cousa, a periodicidade da remisión dos datos relativos aos volumes anuais será, polo menos, dunha vez ao ano e as remisións débense facer ao longo do mes de xaneiro.

3. Os datos de caudais rexistrados polo concesionario xestionaranse, gardaranse e remitiranse á Confederación Hidrográfica do Cantábrico de acordo coa Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, os retornos ao dito dominio público hidráulico e as verteduras a este. Igualmente en cumprimento da dita orde, os contadores serán verificables, precintables e non manipulables.

4. No caso dos pozos para captación de augas subterráneas exixírase, salvo causa xustificada, a instalación dunha tubaxe de, polo menos, 25 mm de diámetro interior para permitir a lectura do nivel piezométrico cunha sonda ou hidronivel eléctrico que deberá chegar como mínimo ata a zona de aspiración da bomba. Á saída da tubaxe de impulsión deberase colocar un dispositivo de control e medida de caudais de conformidade coas disposicións que se establezan. Tamén se deberá instalar na cabeza do pozo unha saída para a toma de mostras de auga.

## **Sección II. Autorizacións e concesións**

### **Artigo 21. Normas xerais relativas ás concesións**

De acordo co disposto nos artigos 59 do TRLA e 93 e seguintes do RDPH, o proxecto ou anteproxecto que acompañe a solicitude de novas concesións xustificará adecuadamente a avaliación das necesidades hídricas e adecuarase aos valores establecidos neste plan hidrológico sobre dotacións e cálculo de demandas. Ademais dos aspectos indicados no artigo 102 do citado regulamento, especificaranse os seguintes: non só o volume máximo anual e mensual solicitado e o caudal máximo instantáneo, senón tamén, de ser o caso, o réxime de derivación, é dicir, indicarse o período de utilización cando esta se faga en xornadas restrinxidas.

### **Artigo 22. Dotacións de auga para abastecemento urbano**

1. Para o outorgamento, revisión, modificación e novación de concesións de abastecemento urbano o volume de auga calcularase mediante a aplicación dun dos dous métodos detallados nos puntos seguintes. En todo caso, o abastecemento a novos desenvolvementos urbanos deberá ter sido planificado de conformidade co artigo 22.3.a) do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, e co artigo 25.4 do TRLA.

2. No método xenérico considéranse no seu conxunto todos os usos de auga que se abastecen da rede municipal, como son o uso doméstico, uso industrial e comercial, uso municipal, rega privada e uso gandeiro.

Neste caso establécense as dotacións brutas máximas de auga que figuran no apéndice 11.1, entendéndose como dotación bruta o cociente entre o volume que se vai captar para a rede de fornecemento en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de fornecemento.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

3. No método particularizado definirase para cada uso unha dotación bruta máxima coas seguintes características:

- a) Uso sanitario. Abastecemento a vestiarios de industrias, instalacións deportivas, etc. Establécese unha dotación de 150 a 200 l/empregado-usuario/día.
- b) Uso doméstico. Refírese especificamente ao abastecemento domiciliario, excluídas as necesidades municipais, comerciais, etc. As dotacións brutas máximas de auga móstranse no apéndice 11.2.
- c) Poboación estacional: turismo e segunda residencia. As dotacións brutas máximas para apartamentos e pisos de segunda residencia consideraranse equivalentes ás expresadas para o uso doméstico. Para o aloxamento en chalés con uso estacional usarase unha dotación bruta máxima de 350 l/habitante/día. No cálculo do volume de auga que se vaia utilizar considerárase unha taxa de ocupación de 3,5 habitantes por aloxamento e un período de tempo medio de ocupación anual, debidamente xustificado. Para outros aloxamentos relacionados coa poboación estacional utilizaranse as dotacións establecidas no apéndice 11.3.
- d) Usos municipais, baldeos, fontes e outros. Para o cálculo das necesidades de baldeo adoptárase unha dotación de 1,2 l/m<sup>2</sup>/día.
- e) Usos hospitalarios, incluídos xeriátricos e outros servizos similares. Calcularanse as necesidades de auga tomando como base o número de camas ou, se é o caso, prazas cunha dotación de 400 l/cama-praza/día.
- f) Usos hostaleiros. Considerárase unha dotación bruta máxima de 5 a 10 m<sup>3</sup>/establecemento e día.
- g) Usos agropecuarios (gandeiros e regadío) e o uso destinado á rega de parques e xardíns. Utilizaranse as dotacións contidas nos artigos específicos dedicados a estes usos.
- h) Usos industriais asociados ao núcleo e que tomen da rede urbana. Utilizaranse as dotacións contidas no artigo dedicado ao uso industrial.
- i) Outros usos recreativos. Utilizaranse as dotacións contidas nos artigos específicos dedicados a estes usos.

**Artigo 23. Dotacións de auga para usos gandeiros**

No outorgamento, revisión e modificación de concesións de auga para usos gandeiros teranse en conta as dotacións que figuran no apéndice 11.4.

No caso de solicitar auga para limpeza de cortes, as necesidades determinaranse por diferenza entre as dotacións para gando estabulado e non estabulado.

**Artigo 24. Dotacións de auga para regadío**

Nos expedientes de outorgamento, revisión, modificación e novación de concesións, e salvo xustificación en contrario, utilizaranse as dotacións netas establecidas no apéndice 11.5.

**Artigo 25. Dotacións de auga para usos industriais**

Os volumes de auga solicitados polas industrias non conectadas á rede urbana ou por polígonos industriais xustificaranse achegando información específica que recolla datos reais cando sexa posible.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

Na falta de datos, adoptaranse as dotacións que figuran no apéndice 11.6, referidas a diferentes sectores industriais, excluída a produción eléctrica, e no apéndice 11.7, que se centra nas dotacións das centrais de produción eléctrica.

Para polígonos industriais en que non se saiba o tipo de industria que se vai implantar, asígnase unha dotación de 4.000 m<sup>3</sup>/ha/ano.

**Artigo 26.** *Dotacións de auga para rega de campos de golf, superficies axardinadas e enchemento de piscinas*

1. A dotación para o rega dos campos de golf foi establecida con carácter xeral en 3.600 m<sup>3</sup>/ha/ano. No caso da rega das superficies axardinadas aplicarase unha dotación máxima de 2.000 m<sup>3</sup>/ha/ano considerando como período de rega 4 meses ao ano e, no caso de enchemento de piscinas, permitirase un único enchemento da piscina ao ano, máis a reposición de perdas.

2. Na rega dos campos de golf e das superficies axardinadas potenciarase a reutilización de augas rexeneradas, para o cal o petionario deberá presentar un estudo das necesidades hídricas das superficies que se vaian regar que prevexa o uso de augas rexeneradas conforme o artigo 30 do Plan hidrológico nacional e o artigo 62 desta normativa.

3. Os sistemas de rega deberanse adecuar á vexetación utilizando aqueles que minimicen o consumo de auga como a microirrigación, a rega por goteo, unha rede de aspersores regulados por programador horario ou detectores de humidade para controlar a frecuencia da rega, sobre todo nos días de chuva.

**Artigo 27.** *Dotacións para acuicultura e outros*

1. Piscifactorías: examínanse as necesidades indicadas de acordo co número de renovacións diarias da auga das balsas necesarias. Na falta de xustificación en contra, para as piscifactorías de salmónidos a auga necesaria determinarase do seguinte modo:

- a) Incubación: 30 renovacións/día
- b) Alevinaxe: 20 renovacións/día
- c) Engorda: 15 renovacións/día

2. Loita contra incendios: terase en conta o volume para permitir o enchemento da balsa ou depósito e o seu uso, máis a reposición de perdas.

**Artigo 28.** *Concesións para regadío*

Nos proxectos para a concesión dos aproveitamentos para rega, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá exixir, cando o considere necesario en función do interese público, que se deberá xustificar, un estudo sobre a rede de drenaxe e a relación auga e solo. Exixirase, de acordo co artigo 106.2 b) do Regulamento de dominio público hidráulico, unha análise das boas prácticas que se poden implementar para limitar a contaminación difusa e exportación de sales, especialmente nas zonas declaradas como vulnerables.

**Artigo 29.** *Limitacións aos prazos concesionais*

1. Conforme o disposto nos artigos 59 do TRLA e 97 do RDPH, establécese que, como norma xeral, as concesións se outorgarán por un prazo de 20 anos. Poderanse fixar outras duracións inferiores ou

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

superiores por razóns debidamente motivadas, atendendo especialmente ao tempo necesario para a amortización das obras.

2. Nas masas de auga afectadas por infraestruturas previstas no plan hidrológico poderán outorgarse concesións cuxa extinción estará vinculada á posta en funcionamento das infraestruturas.

3. A prórroga de ata 10 anos, regulada no artigo 59.6 do TRLA, non superará os 75 anos de duración máxima, de conformidade co artigo 97 do Regulamento de dominio público hidráulico.

**Artigo 30. Extinción de concesións**

1. De acordo co artigo 115.4 do RDPH a explotación de toda concesión quedará supeditada á aprobación da acta de recoñecemento final das obras correspondentes e, en xeral, ao cumprimento íntegro do seu condicionado nos prazos outorgados para o efecto. O incumprimento das condicións esenciais deste condicionado suporá a inmediata incoación do correspondente expediente de extinción do dereito ao uso privativo da auga de conformidade co artigo 53 en relación co artigo 66, ambos do TRLA.

2. De conformidade co artigo 89.4 do RDPH, calquera que sexa a causa, ao extinguirse o dereito concesional, reverterán á Administración competente, gratuitamente e libres de cargas, cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento, sen prexuízo do cumprimento das condicións estipuladas no documento concesional.

Se nese momento a Administración considera posible e conveniente a continuidade do aproveitamento, poderá exixir do concesionario a entrega dos bens obxecto de reversión en condicións de explotación en aplicación dos artigos 164.3, 165.3 e 167.3 e 4 do RDPH. Se, pola contra, o considera inviable, ou o seu mantemento resulta contrario ao interese público, e para os efectos previstos no artigo 126 bis.4 do citado regulamento, poderase exixir a demolición do construído no dominio público hidráulico de conformidade co artigo 101 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

**Artigo 31. Condicións mínimas para as concesións de aproveitamentos mediante presas ou azudes**

1. Para os efectos previstos no artigo 98 do TRLA, as novas solicitudes de concesión coa finalidade de captar auga mediante presas ou azudes deberán incorporar un estudo que permita á Confederación Hidrográfica do Cantábrico valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento sen causar prexuízo ao ambiente, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados neste plan hidrológico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes.

2. O proxecto de aproveitamento de nova concesión deberá incorporar, para os efectos previstos no artigo 126 bis do Regulamento de dominio público hidráulico, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas, ademais do respecto ao réxime de caudais ecolóxicos no tramo de toma e, se for caso, de restitución, incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e as súas variacións que permitan unha rápida comprobación.
- b) Se for o caso, instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente debería habitar no tramo, non impidan a súa circulación e remonte.
- c) Instalación de dispositivos que eviten a entrada de peixes nas turbinas.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- d) Se procede, incorporación de elementos que permitan o rescate da ictiofauna en caso de baleiramento das infraestruturas.
- e) Cerramento das canles, cámaras de carga e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular sobre os grandes mamíferos.
- f) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que o gando e a fauna terrestre, en particular os grandes vertebrados, poidan cruzalos e acceder á beira natural do río.
- g) Análise dos posibles impactos sobre a vexetación de ribeira e sobre as zonas protexidas e proposta de medidas preventivas, correctoras e, de ser o caso, compensatorias.
- h) Análise dos posibles impactos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada e proposta de medidas preventivas, correctoras e, se for o caso, compensatorias.

3. No caso de novas concesións para minicentraís hidroeléctricas non será autorizable a pauta de explotación denominada «emboladas» ou «hidropuntas». As hidropuntas funcionan alternando no transcurso dunhas poucas horas períodos de turbinaxe e de parada ata a recuperación do nivel de auga no azude ou da cámara de carga, o que produce no río variacións de caudal superiores ao 25% respecto do caudal natural medio circulante. Nas minicentraís existentes, salvo que estea recollido expresamente no condicionado da concesión, non se permitirá turbinar un caudal maior do caudal de derivación concedido.

4. Nas novas concesións para minicentraís hidroeléctricas e, con carácter xeral, nas modificacións das existentes, onde sexa posible, os caudais de equipamento adecuaranse aos caudais circulantes ao longo do ano hidrolóxico en réxime natural. Estes caudais estarán no intervalo comprendido entre o Q80 e o Q100 da curva de caudais clasificados unha vez que previamente se descuentasen os caudais ecolóxicos.

**Artigo 32. Modificación e revisión dos caudais concesionais**

1. O caudal derivado en cada momento adecuarase ao caudal real utilizado, aínda que o concedido sexa superior.
2. Nos supostos previstos no artigo 156.2 do RDPH entenderanse como circunstancias obxectivas que motiven a revisión de oficio das concesións, entre outros, os seguintes casos:
  - a) O cambio das condicións ou características do uso que servise de base para a avaliación das necesidades e a súa evolución no momento de outorgar a concesión.
  - b) A inferencia de afeccións a terceiros ou alteracións significativas nas condicións morfolóxicas do leito, entre elas, a alteración significativa de zonas húmidas e a perda de hábitats ou especies.

A revisión así realizada non dará lugar a indemnización de conformidade co artigo 65 do TRLA.

3. A avaliación das necesidades reais dun aproveitamento a que se deberán adecuar os caudais concesionais, así como a acreditación a que fai referencia o artigo 65.2 do TRLA, realizarase atendendo aos criterios establecidos no artigo 156 bis do RDPH.

4. No caso das masas de auga declaradas en mal estado poderase requirir o titular do aproveitamento para que adopte as necesarias medidas de optimización, aforro e minimización do impacto cando sexa preciso para a consecución dos obxectivos ambientais. Entre as medidas que se propoñan poderase optar, entre outras, pola aplicación de mellores técnicas dispoñibles para optimizar a eficiencia do uso da auga, o cambio na localización das tomas, as modificacións no réxime de explotación e a utilización de augas rexeneradas. No marco anterior, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá impoñer a substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 33.** *Utilización de augas subterráneas. Afección a anteriores aproveitamentos e protección do réxime de caudais ecolóxicos*

1. En relación co establecido no artigo 184.4 do RDPH, para determinar a posible afección de novos aproveitamentos de augas subterráneas a captacións existentes, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá exixir ao peticionario que presente un informe hidroxeolóxico xustificativo das posibles afeccións, baseado en datos obtidos da execución de ensaios de bombeo ou medicións de caudal realizados nas novas captacións.

2. Para os efectos do mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, poderase exixir aos aproveitamentos de augas subterráneas que se encontren próximos a ríos ou mananciais, ou aos cales se presuma que poden incidir no réxime de caudais ecolóxicos, un informe xustificativo das posibles afeccións a estes, que deberá cumprir cos mesmos requirimentos técnicos establecidos no punto anterior. O réxime de explotación da concesión deberase adecuar para garantir a non afección ao réxime de caudais ecolóxicos.

**Artigo 34.** *Distancias mínimas entre captacións de augas subterráneas*

Con carácter xeral, as distancias mínimas entre os novos aproveitamentos de augas subterráneas, e os existentes e os mananciais, serán as que figuran no artigo 19.1 cando o seu volume anual total non supere os 7.000 m<sup>3</sup>; para o resto, as distancias serán as establecidas no artigo 184.1 b) do RDPH. Se, unha vez outorgada a concesión, se comproba que os aproveitamentos anteriores resultan afectados, clausurarase o novo sen dereito a indemnización.

**Artigo 35.** *Selaxe de captacións de auga subterránea*

1. Co obxecto de evitar a deterioración das masas de auga subterránea, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, nos expedientes de extinción, revisión ou modificación de dereitos de augas subterráneas que impliquen o cesamento da actividade extractiva, adoptará as medidas necesarias para garantir a selaxe por parte do titular dos pozos, sondaxes ou obras asimilables, con material inerte, de conformidade co artigo 188 bis do RDPH.

2. Naqueles casos en que, dado o interese do pozo pola súa localización, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico quixer transformalo nun punto de control, logo de notificación, o titular non o selará.

**Artigo 36.** *Protección fronte á salinización de acuíferos costeiros e réxime xeral de protección*

1. De conformidade co artigo 244 do RDPH, en acuíferos costeiros para garantir que non se salinicen seguiranse os criterios que se sinalan a seguir.

Se o nivel no pozo baixa do nivel medio do mar, faranse os estudos necesarios para poder definir e executar os elementos de control que permitan garantir que non se salinice o acuífero. Neste caso, teranse en conta a posible comunicación co mar, a distancia ao mar, o cono de depresión e, finalmente, a posibilidade de establecer unha sondaxe de control entre o pozo e o mar.

2. Nas restantes masas de auga subterránea serán de aplicación as normas que con carácter xeral establece o RDPH, en canto a protección de acuíferos se refire.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 37.** *Outros principios para a protección das masas de auga subterránea*

1. Co obxecto de mellorar o rendemento dunha captación que dispoña de concesión poderase, coa autorización previa da Confederación Hidrográfica, de conformidade co artigo 188 do RDPH, reparar, modificar ou mesmo executar unha nova captación nun raio de 10 m daquela, sempre que non implique afección a terceiros nin se sitúe a distancia menor da permitida doutras captacións preexistentes. A nova captación non poderá exceder as dimensións e profundidade da anterior. A captación orixinal deberá ser, se é o caso, clausurada e selada, salvo que a Confederación sinalo o contrario.
2. Os labores de limpeza, desenvolvemento e estimulación de pozos deberán ser comunicados á Confederación Hidrográfica do Cantábrico cunha antelación mínima dun mes.
3. O mal estado cuantitativo ou o mal estado químico dunha masa de auga subterránea pode ser causa xustificativa suficiente para a denegación das solicitudes de aproveitamento e do requirimento de clausura ou selaxe das captacións preexistentes. No caso das masas de auga subterránea afectadas por contaminación local, con carácter xeral e independentemente do destino das augas da captación, poderase exixir a selaxe sanitaria dos eventuais niveis contaminantes co obxecto de preservar a calidade da auga subterránea.

**Artigo 38.** *Sondaxes para aproveitamentos de instalacións xeotérmicas de climatización*

1. A realización de sondaxes para aproveitamentos de instalacións xeotérmicas de climatización en circuíto pechado require da súa comunicación previa á Confederación Hidrográfica do Cantábrico dándolle traslado de, polo menos, a seguinte información: localización, data prevista de inicio dos traballos, profundidade e número de sondaxes, tipo de selaxe prevista, promotor, razón social completa da empresa de perforación e do instalador a cargo dos traballos, así como unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil. Á vista da citada comunicación, a Confederación poderá requirir a tramitación da preceptiva autorización de obras no dominio público hidráulico, cuxo procedemento será o previsto no artigo 53 do RDPH.
2. No caso de aproveitamentos de instalacións xeotérmicas de climatización en sistema aberto tramitarase nun único expediente a concesión ou inscrición e a autorización de vertedura (en principio, o retorno ao mesmo acuífero). Neste tipo de aproveitamentos xeotérmicos teranse en conta as seguintes recomendacións:
  - a) Con carácter xeral deberase inxectar a auga utilizada no mesmo acuífero de que se extraeu. Unicamente se non afecta o balance do sistema río-acuífero e en casos excepcionais debidamente xustificadas poderá admitirse a vertedura ao leito.
  - b) Salvo autorización expresa, a inxección de augas realizarase con saltos térmicos nunca superiores a 6 °C e preferiblemente deberán operar durante todo o ano (calefacción e refrixeración). Saltos térmicos superiores deberán estar debidamente xustificadas.
3. As perforacións para os citados aproveitamentos, tanto en sistema aberto como pechado, deberán deseñarse e completarse de forma que se evite calquera posible entrada de contaminantes ao ambiente.
4. Os traballos para perforacións referidas no punto anterior deberán contar cun control e seguimento hidroxeolóxico para determinar a entidade e natureza dos niveis acuíferos atravesados, que estarán baixo a dirección dun técnico competente, que, ademais, se responsabilizará do deseño e implantación dos sistemas de selaxe apropiados. No caso de que, por causa debidamente xustificada, non se dispoña

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

do citado seguimento hidroxeolóxico, a empresa perforadora e a dirección técnica dos traballos asegurarán a selaxe íntegra do anular dos intercambiadores verticais. Esta selaxe realizarase mediante a inxección, ao longo de todo o espazo anular, de produtos preparados de baixa permeabilidade e inertes: masa de bentonita-cemento, pellets de bentonita ou similares.

5. Co obxecto de evitar posibles afeccións a outros aproveitamentos de terceiros así como alteracións do acuífero, entre elas, ao balance de auga do acuífero e ás características fisicoquímicas e á hidrodinámica do fluxo subterráneo, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, de conformidade co artigo 98 do TRLA, poderá solicitar a presentación dun estudo específico que avalíe o seu impacto no ambiente.

Capítulo VII: Protección do dominio público hidráulico e calidade das augas

**Sección I. Normas xerais**

**Artigo 39. Caudais máximos de enchente e determinación de zonas inundables**

1. Nas autorizacións de usos e actuacións en áreas inundables definidas nos artigos seguintes, o petionario deberá considerar a inundabilidade no estado actual da zona. Na falta de estudos específicos validados pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico, a cartografía de referencia para os distintos escenarios de probabilidade de inundación será a integrada no Sistema nacional de cartografía de zonas inundables e inscrita no Rexistro Central de Cartografía, de conformidade co Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema cartográfico nacional.

2. Para a determinación da cartografía de inundabilidade, cando non estea definida pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico, poderán empregarse os «Criterios técnicos para a elaboración de estudos hidráulicos» que figuran no apéndice 14. Na elaboración destes estudos realizarase unha estimación dos caudais de enchente considerados que, en ausencia doutros validados pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico, adoptarán como caudal máximo de enchente os que se recollen no apéndice 14.

**Artigo 40. Limitacións aos usos na zona de policía inundable**

1. De conformidade co artigo 11.3 do TRLA, sen prexuízo do que estableza o Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Cantábrico Occidental para o período 2015-2021, independentemente da situación básica de solo dos terreos con risco de inundación de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, nos puntos seguintes establécense as limitacións no uso da zona de policía inundable.

2. De conformidade co artigo 9.2 do RDPH na zona de fluxo preferente só poderán ser autorizados pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico os usos e actividades permitidos nesta zona que non presenten vulnerabilidade fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento da dita zona. Consecuentemente, con carácter xeral, nesta zona non poderán ser autorizados:

- a) Garaxes subterráneos e sotos.
- b) As acampadas en ningún caso.
- c) Novas edificacións, calquera que sexa o seu uso, incluíndo centros escolares ou sanitarios, residencias xeriátricas ou de persoas con discapacidade, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de protección civil, estacións de fornecemento de carburante, granxas e criadeiros de animais.



---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- d) Obras de reparación de edificacións existentes que supoñan unha alteración da súa ocupación en planta ou do seu volume ou o cambio de uso destas que incremente a súa vulnerabilidade fronte ás enchentes.
- e) Chousumes e valos que non sexan permeables, tales como os valos de muro de fábrica de calquera clase.
- f) Invernadoiros.
- g) Recheos que modifiquen a rasante actual do terreo e supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento.
- h) Acumulacións de materiais ou residuos de todo tipo.
- i) Instalacións de aparcadoiros de vehículos en superficie, así como garaxes sobre rasante nos baixos de edificios.
- j) Infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo co leito, con excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que, en todo caso, salvo zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume do dominio público hidráulico.

3. Con carácter excepcional, nun solo que na data do 9 de xuño de 2013, de entrada en vigor do Real decreto/2013, do 7 de xuño, polo que se aprobou o Plan hidrológico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental, se encontrase en situación básica de solo urbanizado, de acordo co disposto no artigo 12 do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, entón vixente, poderase autorizar a construción ou a rehabilitación de edificacións na zona de fluxo preferente en soares con medianís de edificación consolidada a un ou a ambos os lados ou en soares illados inseridos no interior do dito solo en situación básica de urbanizado. En calquera destes dous supostos excepcionais as edificacións ou usos que neles se dispoñan deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que non se incremente de maneira significativa a inundabilidade do contorno, nin se condicionen as posibles actuacións de defensa contra inundacións do núcleo urbano.
- b) Que os usos residenciais se sitúen por riba da cota de inundación de período de retorno de 500 anos.
- c) No caso de rehabilitacións de edificacións con actividades previas vulnerables, permitiranse as intervencións que non supoñan unha ampliación da superficie ou volume dos espazos vulnerables e sempre e cando se adopten medidas para minimizar a vulnerabilidade fronte ás enchentes das actividades existentes.
- d) Que sexa compatible cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no plan de xestión do risco de inundación para esa localidade.
- e) Que non se trate de instalacións que almacenen, transformen, manipulen, xeren ou vertan produtos que poidan resultar prexudiciais para a saúde humana e o contorno (solo, auga, vexetación ou fauna) como consecuencia do seu arrastre, dilución ou infiltración, nin de centros escolares ou sanitarios, residencias xeriátricas ou de persoas con discapacidade, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de protección civil, estacións de fornecemento de carburante, depuradoras, estacións eléctricas, granxas e criadeiros de animais.
- f) Que o solicitante da autorización manifeste expresamente que coñece e asume o risco existente na nova edificación e as medidas de protección civil aplicables ao caso, con independencia das medidas complementarias que considere oportuno adoptar para a súa protección.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

Das autorizacións que se outorguen para edificar ou rehabilitar na zona de fluxo preferente, de acordo con estes requisitos, darase traslado ao Rexistro da Propiedade para a súa inscrición, con cargo ao petionario, como condición do dominio sobre a predio obxecto de solicitude.

4. Para as solicitudes de autorización na zona de policía inundable, fóra da zona de fluxo preferente, nun solo que na data do 9 de xuño de 2013 se encontrase en situación básica de solo urbanizado, de acordo co disposto no artigo 12 do texto refundido da Lei de solo, entón vixente, poderase exixir un estudo hidráulico de detalle que defina e xustifique as medidas correctoras necesarias para facer factible a actuación, as cales deberán ser, en todo caso, ambientalmente asumibles e non agravar a inundabilidade e o risco preexistente no contorno. Con carácter xeral, nesta zona, non poderán ser autorizados:

- a) Novos usos residenciais que se dispoñan a unha cota alcanzable pola enchente de período de retorno de 500 anos, salvo imposibilidade material debidamente xustificada. Das autorizacións que se poidan outorgar darase traslado ao Rexistro da Propiedade para a súa inscrición, con cargo ao petionario, como condición do dominio sobre o predio obxecto de solicitude.
- b) Garaxes subterráneos e sotos, salvo que se garanta a estanquidade do recinto para a enchente de 500 anos de período de retorno e dispoñan de respiradoiros e vías de evacuación por riba da cota da dita enchente.
- c) As acampadas en ningún caso.
- d) As infraestruturas públicas esenciais en que se deba asegurar a súa accesibilidade en situación de emerxencia por graves inundacións, tales como centros escolares ou sanitarios, residencias xeriátricas ou de persoas con discapacidade, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de protección civil.
- e) Recheos que modifiquen a rasante actual do terreo e supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento.
- f) Acumulacións de materiais ou residuos de todo tipo.

5. En terreos en situación básica de solo rural segundo o disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, todos os usos que resulten vulnerables deberán disporse a unha cota non alcanzable pola enchente de período de retorno de 500 anos, con excepción dos núcleos rurais delimitados graficamente nos planeamentos aprobados definitivamente, cando a lexislación de ordenación territorial e urbanística non lles atribúa a condición de solo urbano ou asimilada, aos cales se lles aplicarán as limitacións dos números 3 e 4. Nestes terreos tampouco se poderán autorizar, ata a liña de delimitación da enchente de 100 anos de período de retorno, as actividades recollidas no número 2, excepto as referidas nas alíneas e), f) e j), sempre que os chousumes e valos sexan permeables.

**Artigo 41. Limitacións aos usos no resto da zona inundable**

1. De conformidade co previsto no artigo 11.3 do TRLA, co obxecto de garantir a seguridade das persoas e bens, e sen que isto implique a ampliación da zona de policía definida no artigo 6.1.b) do TRLA, que, se é o caso, se deberá realizar segundo o procedemento que establece o artigo 9.3, parágrafo segundo, do RDPH, establécense as mesmas limitacións do artigo 40 para a zona inundable exterior á zona de policía do dominio público hidráulico, que serán aplicables ao planeamento urbanístico xeral e territorial que se aprobe a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

2. Ás administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo que deban autorizar os distintos usos e actividades na zona inundable exterior ás zonas de policía do dominio público hidráulico e de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre correspóndelles velar polo cumprimento das limitacións a que fai referencia o número 1.

**Artigo 42. Medidas de protección fronte a inundacións**

1. No solo que estea en situación básica de urbanizado de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, cando para a protección de persoas e bens sexa necesaria a realización de actuacións estruturais de defensa, o nivel de protección será o establecido, se é o caso, polo plan de xestión do risco de inundación para esa localidade. Na falta desta previsión, e con carácter xeral, deseñárase a canalización para que o núcleo urbano quede fóra da zona inundable con período de retorno de polo menos 100 anos.

2. En terreos en situación básica de solo rural de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, as eventuais actuacións, incluídas medidas estruturais e non estruturais, necesarias para a protección das persoas e bens fronte a inundacións terán que localizarse a partir da zona inundable con período de retorno de 100 anos, na situación de inundabilidade previa ás actuacións, e sempre e cando as medidas que se adopten garantan un bordo libre fronte aos niveis das augas nas enchentes de período de retorno de 500 anos.

Con carácter excepcional, ou cando a solución técnica deseñada ou validada pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico o requira para a protección dun solo que na data do 9 xuño de 2013 se encontrase en situación básica de solo urbanizado, poderase permitir a localización de tales actuacións na zona inundable con período de retorno de 100 anos, sempre e cando as medidas que se adopten garantan un bordo libre fronte ás enchentes e contén expresamente, cando corresponda, co pronunciamento previo favorable da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, e sen que isto deba implicar necesariamente a previsión polos instrumentos de ordenación territorial e urbanística do paso dos ditos terreos en situación básica de solo rural á de solo urbanizado.

3. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico promoverá, sen prexuízo do que estableza o Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Cantábrico Occidental, e de acordo co disposto nos artigos 28 do Plan hidrológico nacional e 23 do TRLA, protocolos xerais de colaboración coas administracións autonómicas e locais co obxecto de establecer os programas de medidas que posibiliten unha ordenación dos usos na zona inundable que contribúa, ademais de á protección das persoas e bens fronte a inundacións dun río ou tramos de río, á consecución dos obxectivos de preservar o estado do dominio público hidráulico, previr a deterioración dos ecosistemas acuáticos, contribuíndo á súa mellora, e protexer o réxime das correntes en enchentes, favorecendo a función dos terreos estremeiros cos leitos na laminación de caudais e carga sólida transportada.

4. Os citados protocolos serán, preferiblemente na fase de avance da formulación da primeira elaboración dun planeamento xeral urbanístico ou cando se proxecte a revisión total ou parcial dun vixente, e sen prexuízo do informe do artigo 25.4 do TRLA, o instrumento de coordinación interadministrativa para chegar á solución adecuada nos casos en que se prevexa o paso da situación de solo rural á de solo urbanizado da zona inundable e para a definición das medidas estruturais de defensa fronte a inundacións do solo urbanizado.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

5. Na xestión de inundacións terase en conta, ademais do citado plan de xestión do risco de inundación, o Acordo do Consello de Ministros, do 29 de xullo de 2011, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións, así como o Acordo de Consello de Ministros, do 9 de decembro de 1994, polo que se aproba a Directriz básica ante o risco de inundacións, que establece o contido e as funcións básicas dos plans das comunidades autónomas. Para tal efecto, serán aplicables nos seus respectivos ámbitos territoriais os plans de protección civil ante o risco de inundacións das comunidades autónomas de Galicia (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil do 21 de febreiro de 2002), de Asturias (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 24 de marzo de 2010), de Cantabria (homologado o 24 de marzo de 2010) do País Vasco (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil do 23 de marzo de 1999), e de Castilla y León (homologado o 24 de marzo de 2010).

**Artigo 43.** *Normas específicas para o deseño de pontes, coberturas, medidas estruturais de defensa e modificación do trazado de leitos.*

1. A construción dunha nova ponte en zona urbana require, con carácter xeral, polo menos deixar libre a zona de fluxo preferente. Ata 30 m de luz terá un só van, para luces maiores terá un van con luz maior de 25 m, e outro ou outros dous con luces maiores de 6 m. En tramos rectos o van de máis de 25 m situarase no centro, e en tramos curvos no exterior da curva. O bordo libre desde o nivel de augas á cara inferior do taboleiro será, se é posible, dun metro ou maior para a enchente de 500 anos de período de retorno ou, como mínimo, no punto máis desfavorable para efectos de altura libre de desaugamento, igual ao 2,5% da largura deste.

Nas actuacións para mellora hidráulica que precisen a substitución dunha ponte, se as condicións de urbanización da contorna non permiten cumprir cos requisitos anteriores en canto a bordo libre, deberase garantir que as ditas actuacións comportan unha redución significativa do risco de inundación existente.

2. Nas pontes de infraestruturas de comunicación que discorran por zona rural, as luces e distribución dos vans adaptaranse ao definido no parágrafo primeiro do número 1, e o bordo libre desde a superficie libre da auga á parte inferior do taboleiro para a enchente de 500 anos de período de retorno será o que resulte de interpolar entre os datos do apéndice 12.

3. As pontes de camiños veciñais, en zona rural, terán maior capacidade de desaugamento que os tramos inmediatamente augas arriba e augas abaixo, sen que isto supoña reducir de maneira apreciable a largura do leito. Ata 30 m de luz o leito salvarase cun só van; para luces maiores haberá un van de 25 m e outro ou outros dous con luces maiores de 6 m. A parte inferior do taboleiro quedará a 25 cm por riba dos terreos estremeros, non así o camiño de acceso que ata as inmediacións da ponte se establecerá ao nivel dos terreos, de maneira que se inunde antes o camiño que a ponte.

4. Cando as enchentes afecten unha zona urbana, calquera ponte augas abaixo da citada zona requirirá un estudo xeral que recolla os efectos sobre a referida zona para a súa autorización.

5. Como criterio xeral non será autorizable a realización de coberturas nos tramos fluviais con bacía drenante superior a 0,5 km<sup>2</sup>. Nos leitos con superficie de bacía vertente inferior a esta cifra tamén se evitarán as canalizacións cubertas cando se prevexan arrastres de sólidos e flotantes, salvo en casos de manifesta inevitabilidade, nos cales esta deberá ser debidamente xustificada.

Excepcionalmente poderase autorizar a cobertura de leitos en bacías de ata 1 km<sup>2</sup> en casos de infraestruturas estratéxicas e nos casos especiais de cabeceiras de bacía en áreas de intensa

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

urbanización, logo de xustificación da inexistencia doutras alternativas viables menos agresivas ambientalmente e con menor risco. Nestes supostos, a sección será visitable, cunha altura de, polo menos, 2 m e unha largura non inferior a 2 m.

6. Con carácter xeral queda prohibida a alteración do trazado de cursos de auga con bacía afluente superior a 1 km<sup>2</sup>, salvo que sexa necesaria para diminuír o risco de inundación de áreas urbanas, se recolla no oportuno plan de xestión do risco de inundación ou sexa autorizado pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Así mesmo, estará permitida a alteración do trazado naqueles casos en que se realice para aumentar a naturalidade do leito, con autorización previa da Confederación Hidrográfica do Cantábrico. A alteración de cursos de auga con bacía inferior a 1 km<sup>2</sup> exixirá a realización de estudos de alternativas que xustifiquen a actuación, así como a adopción das oportunas medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

7. Excepcionalmente poderase permitir a alteración de cursos de auga de ata 2 km<sup>2</sup> de bacía vertente cando se trate de infraestruturas de carácter estratéxico e actuacións urbanísticas de interese supramunicipal, así consideradas nos instrumentos de ordenación territorial que recibisen o informe favorable da Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Nos casos anteriores será exixible a realización dun estudo de alternativas que xustifique a actuación e avalíe as afeccións ambientais, hidráulicas e urbanísticas derivadas da intervención. Este estudo de alternativas deberá propoñer a adopción das necesarias medidas preventivas, correctoras e compensatorias para incorporalas na autorización que, se é o caso, se outorgue.

**Artigo 44.** *Drenaxe nas novas áreas que se urbanicen e das vías de comunicación*

1. As novas urbanizacións, polígonos industriais e desenvolvementos urbanísticos que poidan producir alteracións na drenaxe da bacía ou bacías interceptadas deberán introducir sistemas de drenaxe sustentable (uso de pavimentos permeables, tanques ou dispositivos de tormenta, etc.) que garantan que o eventual aumento de escorremento respecto do valor correspondente á situación preexistente pode ser compensado ou é irrelevante.

2. Cando se considere necesario, dadas as características da bacía, poderase exixir a realización dun estudo hidrolóxico-hidráulico que xustifique que o eventual aumento do escorremento producido pola impermeabilización-urbanización dunha superficie non resulta significativo. Este estudo será exixible, en calquera caso, cando a superficie da nova actuación supoña polo menos o 25 % da superficie total da bacía.

3. Con carácter xeral, nas drenaxes transversais de vías de comunicación non se poden engadir a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia. En caso de incumprir a dita condición, deberase aumentar a capacidade de desaugamento do leito da valgada receptora de modo que coa enchente de 500 anos de período de retorno non se produzan sobreelevacións con respecto á situación inicial.

**Sección II. Zonas protexidas**

**Artigo 45.** *Zonas de captación de auga para abastecemento*

1. Todas as captacións destinadas a consumo humano incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas deberán dispoñer do seu correspondente perímetro de protección onde se delimiten as áreas que se deben

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

protexer, as medidas de control e se regulen os usos do solo e as actividades que se desenvolverán neles para evitar afeccións á cantidade e calidade da auga das captacións.

A orde de prioridade para a súa elaboración polo organismo de bacía establecerase en función do risco que presente a captación e da poboación abastecida.

Na delimitación do perímetro de protección utilizaranse, con carácter xeral, criterios hidrolóxicos ou hidroxeolóxicos.

No caso dos encoros de abastecemento, a delimitación específica dos perímetros de protección deberá ter en conta non só a bacía de escoamento directo superficial e subterráneo senón tamén a bacía dos eventuais tributarios transvasados ao encoro.

2. Nas solicitudes de concesión de captación de augas para abastecemento urbano poderase exixir ao petionario unha proposta de perímetro de protección xustificada cun estudo técnico adecuado que conterá, polo menos, os aspectos previstos no artigo 173.8 do RDPH.

3. Dentro dos perímetros de protección serán de aplicación para as masas de auga superficial as normas establecidas no RDPH para as zonas de policía orientadas á protección dos caudais captados e da calidade e, para as masas subterráneas, as establecidas no artigo 173 do citado regulamento. Así mesmo, serán obxecto de especial control e vixilancia todos os usos e actividades (novos aproveitamentos, movementos de terras, obras, etc.) que poidan provocar que a calidade das augas descenda por debaixo da establecida no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

4. Na tramitación de calquera autorización ou concesión situada dentro dos perímetros de protección das captacións de auga para consumo humano, requirirase informe do concesionario do mencionado abastecemento.

5. Mentres non se delimite o perímetro de protección a que fai referencia o número 1 para as zonas protexidas definidas nas alíneas a) e b) do artigo 8, establécese unha zona de salvagarda en que a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá exixir a presentación dunha avaliación dos efectos da actividade sobre a captación protexida, en particular sobre a calidade e caudal das augas.

A zona de salvagarda estará constituída por unha superficie circular de raio fixo arredor das captacións subterráneas e, no caso de captacións superficiais, unha superficie delimitada por un arco de raio fixo sobre a bacía vertente. Estes raios serán:

- a) 500 m nas captacións de sistemas de abastecemento que serven a máis de 15000 habitantes.
- b) 200 m nas captacións de sistemas de abastecemento que serven a unha poboación comprendida entre 2000 e 15 000 habitantes.
- c) 100 m nas captacións de sistemas de abastecemento que serven a unha poboación comprendida entre 50 e 2000 habitantes.
- d) Unha lonxitude que determinará a Administración hidráulica nas captacións de sistemas de abastecemento que serven a unha poboación comprendida entre 10 e 50 habitantes.

No caso de tomas en ríos, a zona protexida está constituída pola captación ou agrupación de captacións, pola masa de auga que contén a captación e pola zona de salvagarda.

No caso de captacións en lagos ou encoros, a zona protexida está constituída polo propio lago ou encoro ampliada na franxa de terreo correspondente á zona de salvagarda.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

No caso de aproveitamentos de augas subterráneas, a zona protexida está constituída pola captación e a súa zona de salvagarda. Se existen varias captacións próximas poderanse agrupar nunha mesma zona protexida, que pode abranguer a totalidade da masa de auga subterránea.

Por resolución motivada, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá determinar unha zona de salvagarda distinta ás establecidas nos parágrafos anteriores.

6. Na tramitación de concesións e autorizacións nas zonas protexidas de captación de auga para abastecemento definidas nos apéndices 7.1 e 7.2, o organismo de bacía poderá exixir ao petionario a presentación dunha avaliación dos efectos da actividade sobre a captación protexida, en particular sobre a calidade e caudal das augas, garantindo o cumprimento do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, do cal se dará traslado ao concesionario que poida resultar afectado.

**Artigo 46. Zonas declaradas de protección de hábitat ou especies**

Na tramitación de concesións e autorizacións situadas dentro das zonas protexidas de protección de hábitat ou especies definidas no apéndice 7.9, que non deban ser sometidas a avaliación de impacto ambiental, deberase solicitar ao órgano competente na materia o seu pronunciamento sobre a posible afección ao lugar e sobre a necesidade de realizar a adecuada avaliación das repercusións da actividade solicitada, de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e no artigo 7.2. b) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

**Artigo 47. Perímetros de protección de augas minerais e termais**

No caso das concesións de aproveitamento de auga no ámbito dos perímetros de protección de augas minerais e termais, aprobados de acordo coa súa lexislación específica vixente, deberase dar cumprimento aos seus documentos de ordenación solicitando informe da autoridade competente.

**Artigo 48. Reservas naturais fluviais**

1. No apéndice 7.11.a) inclúese unha listaxe coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo de Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Ademais, no apéndice 7.11.b) inclúese outra listaxe con tramos fluviais que poderían merecer a mesma consideración en futuras declaracións.

2. As reservas definidas limítanse aos bens de dominio público hidráulico correspondentes aos tramos fluviais asociados a cada reserva. Nestes tramos non se autorizarán actividades que poidan afectar as súas condicións naturais, e á hora de establecer caudais ecolóxicos atenderase ao previsto no artigo 13.8.

**Artigo 49. Zonas húmidas**

O outorgamento de concesións ou autorizacións con previsible afección ás zonas húmidas ou ás súas zonas de protección quedará condicionado ao resultado da análise da posible repercusión ambiental e deberanse estudar con detalle aqueles aspectos que incidan na protección do dominio público hidráulico e dominio público marítimo terrestre e do medio biótico ou abiótico ligado a este e na prevención das afeccións ao réxime natural.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 50. Zonas de protección especial**

1. Nas zonas de protección especial, con carácter xeral, deberase dar cumprimento aos seus respectivos documentos de ordenación ou normativas, evitando aquelas intervencións sobre o dominio público hidráulico e dominio público marítimo terrestre e as súas zonas de protección que poidan alterar o medio físico natural, a fauna ou a flora.
2. O outorgamento de concesións ou autorizacións con previsible afección ás zonas de protección especial ou ás súas zonas de protección quedarán condicionados ao resultado da análise da posible repercusión ambiental.
3. Nos tramos de interese ambiental arbitraranse as medidas de control e seguimento necesarias para manter a calidade natural das augas tanto dos cursos fluviais como dos sistemas subterráneos conectados a eles. En xeral, evítanse todas aquelas intervencións sobre o leito tendentes a alterar a fauna e a flora naturais propias do tramo.
4. Nos tramos de interese natural limitaranse as actividades que poidan alterar non só a fauna e a flora naturais do tramo senón tamén o medio físico natural.

**Sección III. Verteduras****Artigo 51. Autorizacións de vertedura ao dominio público hidráulico**

1. O petionario debe xustificar, na solicitude de autorización de vertedura, que as concentracións das substancias contaminantes da vertedura son as asociadas ás mellores técnicas dispoñibles (MTD) correspondentes á actividade xeradora da vertedura. Unha vez feitas as correccións oportunas durante a tramitación do expediente, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico establecerá na autorización de vertedura os valores límite de emisión (VLE) asociados ás MTD que, ademais, deben ser adecuados para o cumprimento dos obxectivos ambientais e as normas de calidade ambiental (NCA) do medio receptor.
2. Para facer a previsión de cumprimento das NCA e dos valores de referencia indicados no apéndice 8 do medio receptor augas abaixo da vertedura solicitada, utilizaranse as concentracións de substancias asociadas ás MTD e o volume medio diario da vertedura na semana de maior carga contaminante do ano. En canto ao medio receptor, distínguense os seguintes casos:
  - a) Vertedura a río: utilizarase o caudal mínimo ecolóxico, do período de augas baixas, en condicións de normalidade hidrolóxica. Para efectos do cumprimento do anterior, utilizaranse os valores establecidos no Real decreto 817/2015 e os valores de referencia indicados no apéndice 8. Tamén se terá en conta o principio de non deterioración da masa de auga se o seu estado for de “moi bo” e a posible afección da vertedura ao cumprimento dos requirimentos adicionais das zonas protexidas situadas augas abaixo da vertedura.
  - b) Vertedura a lago ou encoro: exixirase que o petionario presente un estudo xustificativo do cumprimento dos obxectivos ambientais na masa de auga que recibirá a vertedura e, en particular, os valores establecidos para determinadas substancias no Real decreto 817/2015 e os valores de referencia indicados no apéndice 8, así como os requirimentos adicionais establecidos para o lago ou encoro, no caso de que fose designada zona protexida.
  - c) Vertedura a augas subterráneas: as concentracións de substancias perigosas nas verteduras deben ser inferiores ás NCA e valores limiar establecidos no apéndice 9, tanto para as verteduras directas ás augas subterráneas como para as verteduras indirectas que se realicen



---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

mediante filtración a través do solo. Así mesmo, son exixibles os requirimentos adicionais para a masa de auga no caso de que fose designada zona protexida. En canto ás substancias perigosas prioritarias, prohíbese a súa vertedura directa ás augas subterráneas.

3. A autorización de vertedura da Confederación Hidrográfica do Cantábrico terá, en todo caso, o carácter de preceptiva e previa para a implantación e entrada en funcionamento da industria ou actividade que se trata de establecer, modificar ou trasladar, e precederá a comunicación ou a licenza de actividade que teña que outorgar a Administración.

4. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá impoñer a obriga de regular o caudal de vertedura ao dominio público hidráulico co obxecto de asegurar que en todo momento se cumpran os obxectivos ambientais e as NCA.

5. O cumprimento dos obxectivos ambientais e as NCA fixados para o medio receptor da vertedura debe verificarse tanto considerando a vertedura individualmente como en conxunto coas restantes verteduras.

6. A incorporación a redes de saneamento público das verteduras de urbanizacións illadas ou polígonos industriais que, polas súas características de biodegradabilidade, poidan ser aceptados polas instalacións dun sistema de saneamento xestionado por administracións autonómicas ou locais ou por entidades dependentes delas será considerada como opción preferente fronte á alternativa de depuración individual con vertedura ao dominio público hidráulico. Todo isto, sen prexuízo de que a Administración competente impoña as condicións que considere pertinentes na autorización de vertedura que debe outorgar conforme o artigo 101.2 do TRLA e o artigo 253 do RDPH.

No caso de que o petionario pretenda incorporar as súas verteduras a unha rede de saneamento existente, deberá contar cun informe do xestor do saneamento que certifique que a conexión proposta é compatible coa solución de saneamento existente na zona, e especifique o punto adecuado para a dita conexión.

7. As augas de escurramento pluvial que se recollan mediante infraestruturas de drenaxe urbana ou industrial e sexan susceptibles de contaminar o dominio público hidráulico son augas residuais que se deberán someter ao procedemento de autorización de vertedura ante a Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Nela teranse en conta as medidas preventivas de redución en orixe do volume de augas recollidas e, en consecuencia, da carga contaminante que se verte ao medio receptor.

8. De acordo cos artigos 104.1 do TRLA e 261 do RDPH, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá revisar as autorizacións de vertedura para exixir a adecuación das verteduras aos obxectivos ambientais que establece o presente plan hidrolóxico. Para iso, no procedemento de revisión da autorización de vertedura terase en conta a aplicación das mellores técnicas dispoñibles e o uso máis eficiente da auga.

**Artigo 52. Verteduras procedentes de zonas urbanas**

1. Cando, como consecuencia do eventual fallo da estación depuradora de augas residuais (EDAR), sexan previsibles danos importantes no río, poderase impoñer a condición de aumentar o número de liñas de depuración. Esta condición tamén é aplicable aos bombeos de auga residual do sistema colector. En calquera caso, cando se trate de aglomeracións urbanas de máis de 10.000 habitantes equivalentes e o caudal de vertedura supere o 20% do caudal ecolóxico mínimo, do período de augas baixas, en

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

condicións de normalidade hidrolóxica, será obrigatorio instalar, como mínimo, dúas liñas de depuración ou de bombeo, segundo corresponda.

2. No caso das EDAR de aglomeracións urbanas superiores a 10 000 habitantes equivalentes, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá exixir a implantación de sistemas de control en continuo do funcionamento das instalacións e da calidade do efluente.

3. Con carácter xeral, no deseño das instalacións de depuración de pequenos núcleos de poboación poderanse utilizar como referencia os criterios do anexo 13.

**Artigo 53. Sistemas xerais de saneamento urbano**

1. Con anterioridade á solicitude da autorización de vertedura, o promotor poderá presentar ante a Confederación Hidrográfica do Cantábrico un anteproxecto coa definición das infraestruturas xerais de saneamento e depuración. A partir desta documentación a Confederación Hidrográfica do Cantábrico emitirá unha avaliación preliminar sobre a adecuación do anteproxecto ao cumprimento dos obxectivos ambientais e as NCA do medio receptor e sobre os límites de emisión da vertedura, requirindo, se é o caso, o solicitante para que introduza as correccións oportunas no proxecto que elabore para xuntar á solicitude de autorización de vertedura.

2. O rendemento de depuración do tratamento previo das verteduras industriais con substancias perigosas que se incorporen directa ou indirectamente a un sistema xeral de saneamento deberá garantir que a carga máscica que chegue ao medio receptor non sexa maior que a que chegaría no caso de que se realizase a vertedura depurada directa utilizando as mellores técnicas dispoñibles.

3. En relación cos desbordamentos en episodios de chuvía, a declaración de vertedura debe conter o establecido nos artigos 246.2.e'), 246.3.c) e ter en conta os criterios recollidos no artigo 259 ter.1 do RDPH. Así mesmo, mentres non sexan desenvolvidas polo Ministerio de Agricultura e Alimentación e Medio Ambiente as normas técnicas aludidas no artigo 259 ter.3, aplicarase o seguinte: salvo estudos específicos, a capacidade dos colectores augas abaixo dos dispositivos de alivio dos sistemas unitarios de saneamento será, como mínimo, de 20 litros/segundo por cada 1000 habitantes equivalentes.

4. En relación cos aliviadoiros existentes, considérase de aplicación o artigo 251.1.j do RDPH. Para isto, o titular deberá presentar un programa de redución da contaminación para a progresiva adecuación dos desbordamentos á normativa vixente, achegando a documentación exixida nela e indicando os prazos de execución.

**Artigo 54. Verteduras procedentes de industrias e de zonas industriais**

1. No expediente de vertedura dunha industria pode incluírse o fluxo de augas residuais doutra industria para a súa depuración conxunta nas instalacións da primeira, sempre que esta asumise o dito fluxo facéndoo constar na súa declaración de vertedura.

2. As verteduras de dúas ou máis industrias poden unirse nunha conducción común de evacuación de efluentes depurados cun único punto de vertedura final ao medio receptor. Neste caso, cada industria deberá dispoñer de autorización de vertedura, coas súas propias instalacións de depuración e punto de control da vertedura independente das demais industrias. Os ditos elementos instalaranse augas arriba da incorporación da vertedura á citada conducción común de evacuación.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

3. Limitáase a 30 °C a temperatura das verteduras de augas de refrixeración aos ríos, por extensión da norma que establece o RDPH na alínea D) do anexo IV para as verteduras en lagos e encoros. Esta limitación de temperatura considérase de aplicación unicamente ás augas de refrixeración en circuíto aberto.

En canto ás purgas de augas de refrixeración en circuíto pechado, non se consideran incluídas na citada alínea D), senón na alínea A) do anexo IV, como auga residual industrial clase 1.

4. Os sistemas de aproveitamento de instalacións xeotérmicas de climatización en sistema aberto deberán dispoñer de autorización de vertedura debido á súa potencial contaminación térmica e outros efectos fisicoquímicos que poidan producir nas augas subterráneas. Ademais, deben cumprirse as condicións establecidas no artigo 38.

5. As verteduras de piscifactorías e de augas de refrixeración poderán conter parámetros contaminantes non característicos da actividade industrial, sempre que o titular acredite que os ditos parámetros xa están presentes na captación e que non se incrementa significativamente a concentración destes na vertedura. A dita acreditación pódese presentar na solicitude de autorización de vertedura, así como nos sucesivos controis das verteduras autorizadas.

As instalacións industriais con toma propia poderán acollerse á condición anterior, sempre que o titular o xustifique nun estudo específico.

6. As verteduras de augas de achique deberán ser obxecto do tratamento necesario para que se cumpran as NCA do medio receptor, con independencia de que as substancias contaminantes sexan ou non preexistentes á actividade xeradora da vertedura.

Igual tratamento se dará ás verteduras producidas como consecuencia da inundación dos ocos mineiros unha vez terminada a fase de explotación da mina.

7. As augas de escurramento pluvial, previstas no artigo 51.7, que se contaminen significativamente con motivo dunha actividade industrial, consideraranse augas residuais industriais da clase correspondente á actividade industrial de que se trate segundo o anexo IV do RDPH.

8. As industrias que almacenen substancias contaminantes capaces de provocar derramamentos ocasionais ao medio receptor deberán dispoñer de depósitos adecuados ou de obstáculos físicos que impidan a contaminación do dominio público hidráulico.

**Artigo 55.** *Depósitos de residuos ou produtos de actividades industriais, de aproveitamentos extractivos e outros depósitos ao aire libre*

1. A autorización de vertedura dos lixiviados producidos por depósitos ao aire libre de residuos ou produtos derivados de actividades industriais e de aproveitamentos extractivos debe referirse non só á fase de explotación senón tamén á posterior ao peche da instalación durante todo o período de tempo en que se produzan lixiviados.

2. En todo depósito que vaia conter materiais con substancias perigosas conforme a lexislación de augas, no procedemento da súa autorización deberase acreditar ante o organismo de bacía que non se van producir, en ningún momento, contaminación nin outras afeccións ao dominio público hidráulico.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 56. Depósitos de residuos urbanos**

Os lixiviados dos depósitos de residuos urbanos que, tras os tratamentos oportunos, se incorporen, durante todo o tempo que se produzan, a un sistema de saneamento público, observarán o disposto nos artigos 51.6 e 53.2. Noutro caso, deberase cumprir co establecido no artigo 55.

**Artigo 57. Excepcións para verteduras en augas superficiais non declaradas masas de auga en actividades existentes en 9 de xuño de 2013**

1. Conforme o disposto no artigo 51, non se autorizan as verteduras de actividades urbanas ou industriais en augas superficiais non declaradas masas de auga cando, aínda tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles nas verteduras, non sexan adecuadas ao cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos no artigo 92 bis do TRLA, os valores establecidos no Real decreto 817/2015 e os valores fisicoquímicos establecidos no apéndice 8.

2. Excepcionalmente, poderanse autorizar ou revisar as verteduras a que se refire o número 1, cando se cumpran todos os seguintes requisitos:

- a) Procedan de actividades existentes en 9 de xuño de 2013.
- b) Contén con novas instalacións de depuración que reduzan a carga contaminante aplicando as mellores técnicas dispoñibles.
- c) As verteduras se realicen en condicións tales que garantan o cumprimento dos obxectivos ambientais e das NCA na masa de auga con que conflúen.
- d) No caso de ríos costeiros non declarados masa de auga, deberase garantir o cumprimento das NCA no punto de confluencia coa masa de auga de transición ou costeira e dos obxectivos ambientais fixados para a dita masa.

**Artigo 58. Excepcións para verteduras en masas de auga superficiais de actividades existentes en 9 de xuño de 2013**

Excepcionalmente, poderanse autorizar, ou revisar, se é o caso, as verteduras a masas de auga da categoría río que poidan ocasionar unha superación dos valores de referencia indicados no apéndice 8 cando se cumpran todas as seguintes condicións:

- a) As verteduras procedan de actividades existentes en 9 de xuño de 2013, data de entrada en vigor do Real decreto 399/2013.
- b) As NCA das substancias perigosas (Real decreto 817/2015) se cumpran no medio receptor augas abaixo da vertedura, segundo se establece no artigo 51.2.
- c) As instalacións de depuración reduzan a carga contaminante aplicando as mellores técnicas dispoñibles e as alternativas para a xestión da vertedura sexan máis desfavorables a xuízo da Administración hidráulica.
- d) Na estación de seguimento representativa do estado da masa de auga situada augas abaixo da vertedura se cumpran os valores de referencia indicados no apéndice 8.

**Artigo 59. Aplicación de medidas adicionais sobre verteduras**

1. Co fin de posibilitar a consecución dos obxectivos ambientais nas zonas sensibles así como nas súas bacías vertentes, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá requirir aos titulares da autorización de vertedura das EDAR que serven a poboacións inferiores a 10 000 habitantes equivalentes medidas adicionais de depuración e a eliminación de nutrientes (nitróxeno ou fósforo ou os dous).

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

2. Nos casos en que durante a época de estiaxe se poida comprometer a consecución dos obxectivos ambientais do medio receptor, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá exixir, con carácter estacional, rendementos de depuración superiores aos exixidos con carácter xeral ou unha eliminación adicional de nutrientes (nitróxeno ou fósforo ou os dous).

3. Naquelas masas de auga en que a consecución do bo estado se vexa comprometida polas verteduras, independentemente das actuacións que sexa necesario adoptar no caso de verteduras ilegais, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá aplicar as seguintes medidas adicionais:

- a) Denegar, de acordo co disposto no artigo 247.2 do RDPH e na normativa vixente en materia de verteduras desde terra ao mar, novas autorizacións de verteduras na masa afectada e nas masas situadas augas arriba que se determinen.
- b) Revisar a autorización de vertedura conforme o disposto no artigo 261 do RDPH e o artigo 58 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, ou, se é o caso, advertir o titular da autorización de vertedura de que, se a dita autorización resulta incompatible cos obxectivos da planificación hidrolóxica, concluído o prazo outorgado na autorización, será revogada unilateralmente pola Administración, sen dereito a ningunha indemnización.
- c) Requirit a constitución de comunidades de vertedura de acordo co disposto nos artigos 90 do TRLA e 253.3 do RDPH.

**Artigo 60. Informes sobre planeamento urbanístico e territorial**

1. Para a emisión dos informes que sobre planeamento debe emitir a Confederación Hidrográfica do Cantábrico segundo o artigo 25.4 do TRLA, relativo ao réxime e aproveitamento das augas continentais e aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, o promotor deberá concretar a solución proposta para a rede de saneamento e para a depuración a nivel, polo menos, de estudo previo.

2. No caso de que se recolla a conexión a unha rede de saneamento existente, serán válidas as prescricións do artigo 51.6 tanto no suposto de viabilidade como no contrario.

**Artigo 61. Autorizacións de vertedura ao dominio público marítimo-terrestre**

No caso das verteduras ás augas de transición e costeiras, darase cumprimento ao disposto na sección 2ª do capítulo IV do título III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e o seu regulamento de desenvolvemento, no Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra ao mar, así como ao disposto na normativa autonómica que sexa de aplicación.

**Sección IV. Reutilización de augas depuradas**

**Artigo 62. Reutilización de augas residuais**

1. De acordo co disposto nos artigos 59.1 e 109 do TRLA, a reutilización de augas residuais procedentes dun aproveitamento require concesión administrativa salvo que o solicite o titular da vertedura, caso en que soamente requirirá autorización administrativa. Toda reutilización de augas depuradas se axustará ao disposto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

2. Promoverase a reutilización interna industrial no uso de fontes alternativas e cando sexa factible utilizar recursos de menor calidade que a auga urbana. Para tal efecto:

- a) Cando as detraccións de caudal que se realizan no leito ou a vertedura de augas residuais comprometan fundadamente a consecución do bo estado da masa de auga nos prazos previstos, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, de oficio, poderá instar o titular da concesión ou autorización de vertedura para que estude como alternativa a reutilización de augas depuradas.
- b) Así mesmo, cando se trate dunha nova solicitude de concesión, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico poderá reconducir a dita solicitude nunha concesión de augas rexeneradas cando, de conformidade coa normativa vixente, os usos concesionais o admitan.

Capítulo VIII: Estructuras organizativas de xestión dos servizos da auga. Recuperación de custos. Réxime económico financeiro. Directrices de plans de xestión da demanda. Fomento da transparencia, a concienciación cidadá e a participación

**Artigo 63. Principios orientadores e medidas de fomento da xestión dos servizos da auga**

1. As administracións competentes favorecerán a xestión integrada dos sistemas de abastecemento e saneamento, fomentando a creación e o mantemento de estruturas supramunicipais de xestión que sexan capaces de garantir o rendemento óptimo das redes, de achegar un servizo cuxa xestión sexa profesionalizada e de tender á recuperación dos custos dos servizos da auga coa máxima eficiencia. Intensificaranse os mecanismos de control e individualización de verteduras, sobre todo dentro de áreas industriais conectadas a sistemas públicos de saneamento.

2. De conformidade co artigo 46 do RPH, a creación e renovación de infraestruturas de abastecemento e saneamento para o incremento da eficacia e eficiencia das redes consideraranse medidas para a aplicación do principio de recuperación do custo dos servizos da auga, incluídas as axudas a elas. Estas axudas, en virtude do artigo 110 do TRLA, adxudicaranse exclusivamente a aquelas entidades que xustifiquen a aplicación do mencionado principio de recuperación de custos sobre os servizos de abastecemento e saneamento.

3. Impulsarase a coordinación interadministrativa para axilizar a execución dos plans de xestión do risco de inundación así como a súa integración co resto da planificación relevante.

**Artigo 64. Custos dos servizos da auga**

1. Para efectos da identificación dos custos do ciclo integral da auga, polo menos, débense ter en conta todos os custos necesarios para a súa prestación, independentemente da entidade que incorra neles, e que se poden clasificar en:

- a) Custos de mantemento, explotación e reposición das redes de abastecemento e saneamento en alta, incluídas tanto as estacións de tratamento de auga potable (ETAP) como as EDAR.
- b) Amortización de investimentos e programas de mellora nas redes de abastecemento e saneamento en alta, incluídas tanto as ETAP como as EDAR (estes programas de mellora deberán abranguer, polo menos, un período de 5 anos).
- c) Custos de mantemento, explotación e reposición da rede en baixa.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- d) Amortización de investimentos e programas de mellora nas redes de abastecemento e saneamento en baixa (estes programas de mellora deberán abranguer, polo menos, un período de 5 anos).
- e) Custos asociados á xestión de abonados e atención ao cliente.
- f) Custos ambientais derivados da prestación do servizo de abastecemento e saneamento. Correspóndense cos custos do dano que os usos da auga supoñen ao ambiente, aos ecosistemas e aos usuarios do ambiente.
- g) Custos do recurso.

2. Para os efectos da consideración do custo dos servizos da auga pónse en evidencia que o sistema de abastecemento de auga a Cantabria, mediante o transvasamento do Ebro, comporta un impacto económico que dificulta a súa operatividade, o que debería quedar resolto na próxima revisión do Plan hidrolóxico nacional.

**Artigo 65. Directrices para a recuperación dos custos dos servizos da auga**

1. De acordo co artigo 111 bis.2 do TRLA, co fin de aplicar o principio de recuperación de custos, a Administración con competencias en materia de fornecemento de auga establecerá as estruturas tarifarias por tramos de consumo, coa finalidade de atender as necesidades básicas a un prezo alcanzable e desincentivar os consumos excesivos, tendo en conta, entre outros, as consecuencias sociais, ambientais e económicas, e as condicións xeográficas e climáticas sempre que non comprometan os fins ou obxectivos ambientais.

2. Directrices para a tarificación dos servizos da auga para usos urbanos e industriais:

- a) Recoméndase que as tarifas teñan, ademais dunha cota fixa, unha cota variable obrigatoria e progresiva en función do consumo de auga.
- b) Propónse que a cota fixa non inclúa ningún consumo mínimo de auga.
- c) Para o establecemento das tarifas progresivas propóñense diferentes tramos de consumo cunha escala de progresividade adecuada para recuperar custos, aforrar recursos e penalizar o consumo ineficiente e non sustentable.
- d) Recoméndase a diferenciación nas tarifas de diferentes tipos de usuarios urbanos, polo menos domésticos, industriais e comerciais.
- e) O deseño das estruturas das tarifas industriais debería ter en consideración os custos asociados a este uso.
- f) Para os usos industriais poderanse considerar bonificacións en función da contribución ao uso sustentable e ao aforro da auga mediante a utilización das melloras técnicas dispoñibles.

**Artigo 66. Plans de xestión da demanda. Directrices para a súa elaboración**

1. Recoméndase a elaboración polas autoridades competentes na xestión dos servizos da auga de plans de xestión da demanda que contribúan a unha xestión integral, racional e sustentable da auga na demarcación hidrográfica.

2. Propóñense as seguintes directrices para a súa elaboración:

- a) Establecemento de sistemas de información sobre o uso da auga co obxectivo de dispoñer de información sobre as características da demanda dos usos da auga e das súas tendencias para desenvolver políticas de aforro e uso racional da auga.
- b) Garantía de control mediante a instalación de contadores individuais.

---

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- c) Fomento do uso de tecnoloxías aforradoras de auga.
- d) Medidas para mellora dos niveis de eficiencia da rede: renovación progresiva de tubaxes, campañas de detección rápida de fugas e a súa minimización.
- e) Actualización tarifaria baixo criterios de recuperación de custos e fomento do aforro de auga.
- f) Fomento de campañas de concienciación e información aos usuarios. Débese intentar que todos os consumidores poidan coñecer os seus consumos de auga e o seu grao de eficiencia a través da factura e das accións de información e sensibilización para o fomento do aforro.
- g) Promoción de espazos de participación para unha nova cultura da auga.

**Artigo 67. Directrices para o fomento da transparencia e a concienciación cidadá**

1. A transparencia é un requisito imprescindible que deben cumprir todas as administracións con competencias nos servizos da auga. Para o seu fomento defínense as seguintes directrices que deberían implantar todos os xestores:

- a) Creación dun sistema de información integrado que aglutine todos os datos de interese xerados polos diferentes axentes que interveñen na prestación dos servizos da auga, como os debidos a infraestruturas, demandas de auga por tipo de usuario, custos e ingresos dos servizos, evolución dos investimentos e subvencións dos organismos públicos implicados na prestación de servizos, a nivel rexional, estatal e europeo.
- b) A política de tarificación da auga debería ser transparente e de fácil comprensión para que teña un efecto incentivador e os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos. Deberíase potenciar a divulgación da información entre os usuarios sobre os diferentes conceptos das tarifas do ciclo integral da auga, así como os beneficios ambientais, sociais e económicos dun uso eficiente e sustentable do recurso.
- c) Adaptación dos contidos e o procesamento da información das enquisas oficiais sobre fornecemento e tratamento da auga.
- d) Establecemento da figura dun ente regulador autonómico especializado que estableza e supervise as condicións e estándares dos servizos e que unifique criterios de fixación de tarifas.
- e) Apertura de canles de comunicación e información continua cos cidadáns a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

2. A concienciación cidadá é outro elemento que debe contribuír a un uso máis sustentable dos recursos. Nesta liña propónse:

- a) Promover a concienciación social sobre o aforro de auga intentando influír no comportamento da cidadanía, as empresas e as institucións para que realicen un mellor uso da auga.
- b) Implantar campañas de concienciación e sensibilización cidadá que se poderán instrumentar mediante programas educativos e formativos, campañas e actividades de comunicación, convenios de colaboración entre administracións públicas ou particulares ou a través doutros medios que se consideren convenientes e adecuados.
- c) Fomentar e difundir unha cultura de consumo responsable e unha actitude ambientalmente sustentable da auga favorecendo o seu aforro e uso eficiente.
- d) Potenciar os equipamentos relacionados coa difusión e interpretación dos valores da auga.



---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

**Artigo 68. Procedemento para facer efectiva a participación pública**

1. Sen prexuízo das directrices previstas no punto anterior, que fomentan a participación pública, no capítulo 13 da memoria do plan recóllense os procedementos para facela efectiva.
2. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico establecerá o sistema organizativo e cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrológico.
3. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico coordinará os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrológico.
4. Os métodos e técnicas de participación que se empregarán nas distintas fases do proceso serán, entre outros, entrevistas, xornadas de portas abertas, reunións bilaterais, talleres, participación interactiva, mesas sectoriais e multisectoriais, conferencias e mesas redondas.
5. Os puntos de contacto para a consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan durante os procesos de información pública, consulta pública e participación activa do plan hidrológico serán, en canto non se dispoña outra cousa:
  - a) A sede da Confederación Hidrográfica do Cantábrico e as súas delegacións e oficinas territoriais.
  - b) A páxina web da Confederación Hidrográfica do Cantábrico.
  - c) A páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

**Artigo 69. Definición do programa de medidas**

1. O programa de medidas deste plan, de carácter obrigatorio e vinculante, sen prexuízo do disposto no artigo 70, vén constituído polas medidas que se relacionan no apéndice 10 e se describen no documento Programa de medidas do Plan hidrológico, que se agrupan nas seguintes tipoloxías:
  - a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
  - b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
  - c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
  - d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).
  - e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
  - f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
  - g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
  - h) Medidas xerais que se aplicarán sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
  - i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
  - j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
  - k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
  - l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).
  - m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
  - n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
  - o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

- p) Medidas de recuperación e revisión tras inundacións (tipos 16 a 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos 1 a 10 corresponden directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga e afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; da mesma forma, as medidas dos tipos 13 a 18 corresponden coa implantación da Directiva de xestión do risco de inundación e afrontan problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de gobernanza afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrológico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, aínda non sendo medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

2. Os investimentos previstos aos distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 10, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda do real decreto aprobatorio deste plan hidrológico.

**Artigo 70.** *Financiamento do programa de medidas*

1. A relación de todas e cada unha das actuacións para a consecución dos obxectivos ambientais desenvólvese no programa de medidas do Plan hidrológico. Se determinadas circunstancias, tales como a dispoñibilidade orzamentaria dos organismos identificados para o financiamento do programa de medidas, fan inviable a realización dalgunha ou dalgunhas das actuacións, o organismo competente poderá pospor a execución da dita actuación ou grupo de actuacións en sucesivos plans de xestión (2022-2027 ou posterior) sempre que sexa coherente co cumprimento dos obxectivos fixados neste plan hidrológico e cun adecuado seguimento do programa de medidas.

2. En virtude do carácter obrigatorio e vinculante do programa de medidas, as ditas medidas só poderán ser substituídas, se é o caso, por outras similares que garantan o cumprimento dos mesmos obxectivos ambientais establecidos neste plan hidrológico.

**Capítulo IX: Seguimento e revisión do plan hidrológico**

**Artigo 71.** *Seguimento do plan hidrológico*

1. Conforme o sinalado no artigo 88 do RPH serán obxecto de seguimento específico os seguintes aspectos:

- a) Evolución dos recursos hídricos naturais e dispoñibles, e a súa calidade. No estudo teranse en conta os efectos derivados do cambio climático sobre a cantidade de recursos naturais, os obxectivos ambientais e as demandas de auga.
- b) Evolución das demandas de auga.
- c) Grao de cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos.
- d) Estado das masas de auga superficial e subterránea.
- e) Aplicación dos programas de medidas e efectos sobre as masas de auga. Os datos resultantes deste seguimento incluirán, polo menos, a seguinte información:
  - 1º. Data de posta en servizo da actuación ou, para o caso dos instrumentos de xestión, de entrada en vigor.
  - 2º. Investimento efectivo e custos de mantemento.
  - 3º. Estimación da eficacia da medida.

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

2. Para a recompilación de información e dos datos necesarios para os traballos de seguimento do plan hidrológico desenvolveranse mecanismos de coordinación no marco do Comité de Autoridades Competentes de conformidade co artigo 87 do RPH.

3. As autoridades e administracións responsables da posta en marcha e aplicación dos programas de medidas deberán facilitar durante o primeiro trimestre de cada ano á Confederación Hidrográfica do Cantábrico competente a información sobre o desenvolvemento das actuacións executadas durante o ano anterior, para poder dar cumprimento á obriga de información prevista no artigo 87.4 do RPH.

4. Ademais, xunto coa documentación que conforme o artigo 87.4 do RPH debe someterse á consideración do Consello da Auga da Demarcación, deberá incluírse a táboa de indicadores de seguimento que figura no apéndice 17.

**Artigo 72. Revisión do plan hidrológico**

1. De acordo co artigo 89 do RPH, o plan hidrológico deberá ser revisado, por proposta do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental, cando os cambios ou desviacións que se observen nos seus datos, hipóteses ou resultados así o aconsellen.

2. En todo caso, de conformidade coa disposición adicional décimo primeira do TRLA, realizarase unha revisión completa e periódica do plan hidrológico antes do 31 de decembro do 2021 e desde entón cada 6 anos.

**Artigo 73. Revisión do Plan especial de secas**

Os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental acomodarán o seu ciclo de revisión ao do plan hidrológico de tal forma que se verifique que, tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos concretos da planificación hidrolóxica segundo se vaian actualizando nas sucesivas revisións do citado plan hidrológico.

**Artigo 74. Revisión do Plan de xestión do risco de inundación**

O Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico Occidental acomodará o seu ciclo de revisión ao do plan hidrológico, de conformidade co artigo 14 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de tal forma que se verifique que os obxectivos do primeiro son concordantes co cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos no plan hidrológico, que deberá ser revisado para o seguinte ciclo (2021-2027).

**Artigo 75. Zonas protexidas designadas con posterioridade ao plan hidrológico**

1. Conforme o disposto no artigo 25 do RPH, o Rexistro de Zonas Protexidas deberá revisarse e actualizarse regularmente e especificamente xunto coa actualización do plan hidrológico.

2. Con base no punto anterior, cando a autoridade competente por razón da materia designe unha nova zona protexida, para efectos da planificación hidrolóxica, con posterioridade á elaboración deste plan hidrológico, esta, unha vez notificada pola dita autoridade competente, incorporárase ao Rexistro de Zonas Protexidas do presente plan hidrológico cos mesmos efectos que as zonas protexidas incluídas no mencionado rexistro, sen que sexan necesarios os procedementos de consulta e aprobación do plan hidrológico definidos nos artigos 80 e 83 do RPH.

Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

**Apéndices á normativa:**

1. Masas de auga superficial
2. Masas de auga subterránea
3. Indicadores e límites de cambio de clase para os elementos de calidade das masas de auga superficial naturais
4. Indicadores e límites de cambio de clase para os elementos de calidade das masas de auga superficial moi modificadas
5. Caudais ecolóxicos
6. Obxectivos ambientais
7. Rexistro de Zonas Protexidas
8. Valores de referencia no dominio público hidráulico para o cumprimento dos obxectivos ambientais augas abaixo das verteduras
9. Normas de calidade ambiental e valores limiar para as masas de auga subterránea
10. Resumo do programa de medidas
11. Dotacións de auga segundo uso
12. Bordos libres para o deseño de pontes
13. Criterios de deseño de instalacións de depuración en pequenos núcleos de poboación
14. Criterios técnicos para a elaboración de estudos hidráulicos
15. Guías de boas prácticas sobre os usos recreativos
16. Sistemas de explotación de recursos
17. Requisitos adicionais de publicidade (artigo 26, Lei 21/2013).

## Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

## APÉNDICE 1. MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 1.1. Tipoloxías das masas de auga superficial

Categoría masa	Código tipoloxía	Descrición do tipo	Nº de masas
Río (excepto moi modificado por encoro)	R-T21	Ríos cántabro-atlánticos silíceos	67
	R-T22	Ríos cántabro-atlánticos calcarios	38
	R-T25	Ríos de montaña húmida silícea	22
	R-T26	Ríos de montaña húmida calcaria	11
	R-T28	Eixes fluviais principais cántabro-atlánticos silíceos	5
	R-T29	Eixes fluviais principais cántabro-atlánticos calcarios	5
	R-T30	Ríos costeiros cántabro-atlánticos	42
	R-T31	Pequenos eixes cántabro-atlánticos silíceos	20
	R-T32	Pequenos eixes cántabro-atlánticos calcarios	13
	R-T21-HM	Ríos cántabro-atlánticos silíceos. Moi modificados	4
	R-T22-HM	Ríos cántabro-atlánticos calcarios. Moi modificados	1
	R-T28-HM	Eixes fluviais principais cántabro-atlánticos silíceos. Moi modificados	5
	R-T30-HM	Ríos costeiros cántabro-atlánticos. Moi modificados	4
	R-T31-HM	Pequenos eixes cántabro-atlánticos silíceos. Moi modificados	1
R-T32-HM	Pequenos eixes cántabro-atlánticos calcarios. Moi modificados	2	
Lago ou río moi modificado por encoro	L-T02	Alta montaña setentrional, profundo, augas alcalinas	2
	L-T07	Media montaña, profundo, augas alcalinas	1
	L-T08	Media montaña, pouco profundo, augas alcalinas	1
	L-T10	Cárstico, calcario, permanente, hipoxénico	1
	E-T01	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C , pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	1
	E-T03	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos da rede principal	4
Transición	E-T07	Monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C , pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	7
	AT-T08	Esteiro atlántico intermareal con dominancia do río sobre o esteiro	2
	AT-T09	Esteiro atlántico intermareal con dominancia mariña	12
	AT-T10	Esteiro atlántico submareal	1
	AT-T11	Zona de transición atlántica lacunar	1
	AT-T01-HM	Augas de transición atlánticas de renovación baixa. Moi modificadas	3
	AT-T02-HM	Augas de transición atlánticas de renovación alta. Moi modificadas	1
Costeira	AT-T09-HM	Esteiro atlántico intermareal con dominancia mariña. Moi modificado	1
	AC-T12	Augas costeiras atlánticas do cantábrico oriental expostas sen afloramento	9
	AC-T14	Augas costeiras atlánticas do cantábrico oriental expostas con afloramento baixo	5
	AC-T04-HM	Augas costeiras atlánticas de renovación alta. Moi modificadas	1

## Apéndice 1.2. Masas de auga superficial naturais

Categoría masa	Código masa	Nome masa	Código tipoloxía	Lonxitude (km)	Sup. (km <sup>2</sup> )
Río	ES238MAR002190	Río Eo I	R-T21	30,5	
	ES240MAR002260	Río Lúa	R-T21	5,1	
	ES239MAR002200	Río Rodil	R-T21	35,9	
	ES239MAR002210	Río das Covas	R-T21	6,8	
	ES240MAR002230	Río Eo II	R-T31	49,0	
	ES240MAR002250	Regato de Xudán	R-T21	9,6	
	ES240MAR002240	Río Bidueiro	R-T21	8,5	
	ES240MAR002220	Río de Riotorto	R-T21	17,2	
	ES243MAR002290	Río Turía	R-T21	19,5	
	ES244MAR002280	Río Eo III	R-T28	25,4	
	ES244MAR002270	Río Trabada	R-T30	14,9	
	ES237MAR002180	Río Suarón	R-T30	19,7	

## Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

Categoría masa	Código masa	Nome masa	Código tipoloxía	Lonxitude (km)	Sup. (km <sup>2</sup> )
	ES245MAR002400	Río Grande	R-T31	23,8	
	ES245MAR002410	Río Pequeno	R-T31	6,9	
	ES236MAR002170	Río Porcía	R-T30	51,6	
	ES209MAR001980	Río Lamas	R-T21	22,0	
	ES209MAR001970	Río Suarna	R-T31	19,6	
	ES204MAR001840	Río Navia I	R-T25	25,6	
	ES204MAR001830	Río Bolles	R-T25	9,7	
	ES204MAR001820	Río Narón	R-T21	14,3	
	ES205MAR001850	Río do Toural e río Cervantes	R-T25	18,2	
	ES206MAR001870	Río Navia II	R-T31	37,5	
	ES206MAR001880	Regato de Quindous	R-T21	12,8	
	ES206MAR001860	Regato de Donsal	R-T21	5,9	
	ES207MAR001890	Río Ser I	R-T25	13,6	
	ES206MAR001950	Río Ser II	R-T31	20,7	
	ES208MAR001901	Río Navia III	R-T28	18,1	
	ES208MAR001920	Río Queizán	R-T21	6,1	
	ES208MAR001940	Regato de Vesada Fonte	R-T21	10,9	
	ES208MAR001960	Río Rao I	R-T25	9,0	
	ES208MAR001930	Río Rao II	R-T21	10,2	
	ES208MAR001910	Río Rao III	R-T31	5,9	
	ES208MAR001902	Río Navia IV	R-T28	16,4	
	ES210MAR001990	Río de Bustelín	R-T21	12,2	
	ES211MAR002000	Río Ibias I	R-T25	17,3	
	ES213MAR002010	Río Luña	R-T21	7,5	
	ES213MAR002020	Regato de Pelliceira	R-T21	9,6	
	ES217MAR002030	Río Aviouga	R-T21	16,1	
Todos os datos xeográficos deberán ser entregados de acordo coas especificacións sobre a entrega de información xeográfica que estableza a Administración hidráulica.

**APÉNDICE 15. GUÍAS DE BOAS PRÁCTICAS SOBRE OS USOS RECREATIVOS**

Impulsarase a realización de guías de boas prácticas sobre os usos recreativos, en especial daquelas actividades de lecer que usan a auga dun modo non consuntivo, como os deportes acuáticos en augas tranquilas (vela, windsurf, remo, barcos de motor, esquí acuático, etc.) ou bravas (piragüismo, rafting, etc.) e a pesca deportiva.

**APÉNDICE 16. SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN DE RECURSOS**

CÓDIGO DO SISTEMA DE EXPLOTACIÓN	NOME DO SISTEMA DE EXPLOTACIÓN
ES017SEXP01	Eo
ES017SEXP02	Porcía
ES017SEXP03	Navía
ES017SEXP04	Esva
ES017SEXP05	Nalón
ES017SEXP06	Villaviciosa
ES017SEXP07	Sella
ES017SEXP08	Llanes
ES017SEXP09	Deva
ES017SEXP10	Nansa
ES017SEXP11	Gandarilla
ES017SEXP12	Saja
ES017SEXP13	Pas Miera
ES017SEXP14	Asón
ES017SEXP15	Agüera



**APÉNDICE 17. REQUISITOS ADICIONAIS DE PUBLICIDADE (ART. 26, LEI 21/2013)****I. Introducción**

O artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que: “No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente a seguinte documentación:

a) A resolución pola que se adopta ou aproba o plan ou programa, e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro do dito plan ou programa.

b) Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:

1º. De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.

2º. Como se tomaron en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se é o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.

3º. As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

c) As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa”.

A alínea a) queda completada coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto aprobatorio, cuxa disposición adicional terceira indica os enderezos electrónicos a través dos cales se pode acceder ao contido íntegro dos plans.

As seguintes páxinas incorporan o contido sinalado nas alíneas b) e c) do citado artigo 26.2 de Lei de avaliación ambiental.

**II. Resultado da integración dos aspectos ambientais no plan hidrológico ou no programa de medidas contido no dito plan.**

A seguir identifícanse, de forma sintética, aqueles contidos do Plan hidrológico (2015-2021) que recibiron unha atención específica para unha maior integración dos aspectos ambientais no proceso de planificación hidrolóxica:

a) Na **delimitación das masas de auga** tívose en conta a existencia de áreas protexidas, en especial os espazos incluídos na Rede Natura 2000.

b) Respecto ás **características básicas de calidade das augas en condicións naturais**, no plan incluíronse as condicións de referencia de todos os tipos de masas de auga existentes na demarcación.

c) Para o cálculo dos balances correspondentes ao horizonte 2033, tívose en conta o efecto a longo prazo que o **cambio climático** pode inducir sobre os recursos hídricos naturais. Neste sentido, considerouse o “Estudo dos impactos do cambio climático nos recursos hídricos e as masas de auga” (CEDEX, 2012)<sup>2</sup> que fixa nun 11% a porcentaxe de redución dos recursos naturais para esta demarcación.

d) A memoria do PH inclúe unha parte dedicada á **análise da pegada hídrica**, indicador complementario da sustentabilidade no uso dos recursos naturais. Nunha primeira aproximación, a pegada hídrica estándar total ascendería aos 3.733 hm<sup>3</sup>, cunha pegada estándar de 2.265,2 m<sup>3</sup> por habitante e ano.

<sup>2</sup> [http://www.magrama.gob.es/es/agua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest\\_CC\\_RH.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/agua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest_CC_RH.aspx)

---

Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

---

e) Aínda que na Directiva marco da auga (en diante, DMA) non se establece o requirimento de establecer réximes de **caudais ecolóxicos**, a súa determinación e o seu mantemento supón un paso adiante no camiño cara ao logro do bo estado das masas de auga, obxectivo concreto e principio que inspira toda a DMA. Neste segundo ciclo de planificación, realizouse a comprobación dos caudais mínimos dos sistemas de explotación cunha nova serie SIMPA (1940-2012).

f) Conforme o artigo 99 bis do TRLA, actualizouse o **registro de zonas protexidas**.

g) Respecto á **valoración do estado das masas de auga**, o número de masas de auga en bo estado supón un 82,43% do total de masas (258 masas de auga de 313).

h) No plan definíronse os obxectivos **ambientais das** masas de auga da demarcación e os prazos previstos para a súa consecución. En 2027 espérase que o 100 % das masas de auga da demarcación alcancen o bo estado. Aplicáronse exencións polos artigos 4.4 e 4.5 da DMA, é dicir, prorrogas no prazo para a consecución dos obxectivos ambientais e obxectivos menos rigorosos. Para alcanzar os obxectivos mencionados combináronse as **medidas máis adecuadas** considerando os seus aspectos económicos, sociais e ambientais.

Ademais na selección do conxunto de medidas tivéronse en conta, nos casos onde foi posible realizalo, os resultados da análise custo-eficacia, así como os efectos sobre outros problemas ambientais e sociais.

i) Levouse a cabo unha **estimación do custo ambiental asociado á prestación dos servizos da auga** e inclusión na análise de recuperación de custos. O custo ambiental defínese como o custo adicional que é necesario asumir para recuperar o estado ou potencial das masas de auga retirando a deterioración introducida polo servizo da auga para o cal se valora o grao de recuperación de custos.

j) Entre os **plans dependentes do plan hidrológico** encóntranse os plans de xestión das situacións de secas e inundacións, dos cales se incorpora un resumo no plan hidrológico, tal e como establece a IPH. Dispónse dun plan especial de actuación fronte a situacións de alerta e eventual seca, coñecido como Plan especial de secas (PES) para a presente demarcación, que foi aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.

O Plan de avaliación e xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental realizouse coordinadamente co plan hidrológico.

k) Así mesmo, deuse cumprimento a outro dos grandes obxectivos do proceso que consiste na transparencia e **participación pública** a través do acceso á información do proceso planificador. Realizáronse consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas tanto en relación co documento inicial estratéxico e o estudo ambiental estratéxico como en relación aos distintos documentos do plan hidrológico.

**III. Procedemento seguido para a toma en consideración no plan ou programa do estudo ambiental estratéxico, dos resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se as houbo, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se é o caso, as discrepancias que se producen durante o proceso de planificación.**

Como resultado das consultas realizadas identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron a información pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En particular, recibíronse 36 documentos con propostas, observacións ou suxestións que quedaron analizados no Informe sobre as propostas, observacións e suxestións presentadas ao borrador do proxecto do Plan hidrológico da demarcación hidrográfica do Cantábrico occidental, ao cal se pode acceder a través do enderezo electrónico que conduce á documentación deste plan hidrológico.

## Anexo II. Plan hidrológico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

A declaración ambiental estratéxica, aprobada pola resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 22 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- a) Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans
- b) Sobre a determinación do estado das masas de auga
- c) Sobre a definición dos obxectivos ambientais
- d) Sobre o programa de medidas
- e) Sobre os efectos na Rede Natura 2000 terrestre e mariña e espazos protexidos
- f) Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga
- g) Sobre o seguimento ambiental

Parte destas determinacións deben aplicarse no propio plan hidrológico, polo que as tarefas que conducen á súa materialización se incorporan no programa de medidas que acompaña o plan. Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo, que se deberán evidenciar na futura revisión prevista para final do ano 2021.

#### IV. Motivos determinantes da elección da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas

Para a elección da alternativa máis adecuada considerouse unha **alternativa 0**, ou **tendencial**, que vén corresponder coa evolución tendencial dos problemas se non se revisase o Plan hidrológico da demarcación nin se adoptase o Plan de xestión do risco de inundación. Adicionalmente, considérase unha **alternativa 1**, para os casos en que se produciron desviacións e dirixida a reaxustar o calendario das actuacións previstas no ciclo anterior e que non foron executadas (tendo en conta a evolución estimada nas dispoñibilidades orzamentarias), así como a concretar con máis detalle as propostas a nivel xeral ou modificar algunhas das medidas previstas e/ou engadir outras novas, se se considera necesario, para a consecución dos obxectivos establecidos.

Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	Consecución dos obxectivos previstos sen demora	Non adaptarse ao contexto actual, prodúcese unha desviación da situación con respecto ao previsto
Alt. 1	Aumento do grao de cumprimentos ao incorporarse novas medidas como a remodelación dos sistemas de saneamento naquelas aglomeracións non conformes coa Directiva 91/271	Dificultades para axustar as medidas aos teitos económicos previstos

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que a alternativa 0, xa que esta non permite aplicar o programa de medidas do primeiro ciclo na súa totalidade nin no prazo previsto.

En todo caso, a alternativa 1 propón un axuste para converter o programa de medidas en algo real e que se vai poder executar, polo que os seus logros ambientais serán mellores que coa alternativa 0.





## Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual	2015			2021			2027		
			2013	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	13. % de masas de auga río clasificadas como HMWB	PHD	11%		9,20%			9,20%		9,20%		
	14. % de masas de auga lago clasificadas como HMWB	PHD			0,70%			0,70%		0,70%		
	15. Número de barreiras transversais eliminadas											
	16. Número de barreiras transversais identificadas no inventario de presións	PHD	780		780							
	17. Número de barreiras transversais adaptadas para a migración piscícola	PHD	86		86			Recolléronse 2 medidas no PM				
	18. km de río conectados pola adaptación/eliminación de barreiras transversais											
	19. Lonxitude de masas de auga, tipoloxía ríos, onde se realizou restauración fluvial (km)		0%									
	20. Superficie anegada total por encoros (ha)	PHD	2.461 ha		2 461							
	21. % do indicador anterior que afecta a Rede Natura 2000	PHD	34%									
	22. % de masas de auga afectadas por especies exóticas invasoras											
	23. % respecto a unha especie concreta explicativa											
	24. % respecto a outra especie concreta explicativa											
PATRIMONIO XEOLÓXICO, SOLO E PAISAXE	25. Superficie de solo con risco moi alto de desertificación (ha)											
	26. Superficie de solo urbano (ha)	MAGRAMA	352 km <sup>2</sup>		352 km <sup>2</sup>							
	27. Número de proxectos que modifican o risco de sufrir procesos erosivos	PHD		0	72	0		1				
	28. Número de defensas lonxitudinais identificadas no inventario de presións	PHD	30		30			Recolléronse 11 medidas no PM		Recolléronse 7 medidas no PM		
	29. km de recuamento de defensas lonxitudinais											
	30. km pendentes de recuperación do trazado de leitos antigos											
	31. km de leito de río recuperados											
AUGA, POBOACIÓN, SAÚDE HUMANA	32. Número de masas de auga afectadas por presións significativas	PHD	199		199							
	33. % de masas de auga afectadas por presións significativas	PHD	64%		64%							

## Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual	2015			2021			2027		
			2013	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	34. Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	0		0			0		0		
	35. % de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	0%		0			0		0		
	36. Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHD	0%		0			0		0		
	37. Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	253		249			280		293		
	38. % de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	86%		85			95,96		100		
	39. Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	20		20			20		20		
	40. % de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	100%		100%			100%		100%		
	41. Número de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	40		44			31		13		
	42. % de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	13%		15%			10,58		4,43		
	43. Número de masas de auga ás cales se aplican obxectivos menos rigorosos	PHD	17		17			17		17		
	44. % de masas de auga ás cales se aplican obxectivos menos rigorosos	PHD	6%		5,80%			5,80%		5,80%		
	45. Número de masas de auga nas cales se prevé a deterioración adicional	PHD	0									
	46. % de masas de auga nas cales se prevé a deterioración adicional	PHD										
	47. % de masas de auga superficial con control directo do seu estado químico ou ecolóxico	PHD	53%		52,53							
	48. % de masas de auga subterránea con control directo do seu estado químico	PHD										
	49. Demanda total para uso de abastecemento (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	242,5 (2012)		246,53			246,53		253,78		
	50. Volume subministrado para uso de abastecemento (hm <sup>3</sup> /ano)											
	51. % de unidades de demanda de abastecemento que non cumpren os criterios de garantía	PHD	0,00%		0			0		0		

## Anexo II. Plan hidrolóxico da DH do CANTÁBRICO OCCIDENTAL (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual	2015			2021			2027		
			2013	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	52. Demanda total para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	<b>70,2 (2012)</b>		69,76			69,76			68,8	
	53. Volume subministrado para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)											
	54. % de unidades de demanda de regadío que non cumpren os criterios de garantía											
	55. Retorno en usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	<b>40,92 (2012)</b>		40,36			40,36				
	56. Capacidade total de encoro (hm <sup>3</sup> )	PHD	<b>529,54 (2014)</b>		529,54							
	57. Capacidade máxima de desalga (hm <sup>3</sup> /ano)											
	58. Volume subministrado por desalga (hm <sup>3</sup> /ano)											
	59. Volume reutilizado (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	<b>0</b>		2							
	60. Superficie total en regadío (ha)											
	61. % superficie regadío localizado											
	62. % superficie en regadío por aspersión											
	63. % superficie en regadío por gravidade											
	64. Excedentes de fertilización nitrogenada aplicados aos solos e cultivos agrarios (t/ano)											
	65. Descarga de fitosanitarios sobre as masas de auga (t/ano)											
	66. Número de persoas afectadas e danos producidos por episodios de inundación ocorridos no período	PGRI			12 196 581 (€)							
	67. Danos producidos por episodios de inundación ocorridos no período (millóns de euros)	PGRI			12,196 (M€)							
	68. Porcentaxe de habitantes equivalentes que recibe un tratamento conforme a Directiva 91/271/CEE	PHD			51,12%							

---

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

## ANEXO III

DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA  
DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

## DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrolóxico.*

De acordo co artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o ámbito territorial de cada plan hidrolóxico de bacía será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil é o definido polo artigo 3.1 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos.*

1. De acordo co artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, adóptanse os sistemas de explotación de recursos que se relacionan no apéndice 1, cuxa descrición detallada figura nos capítulos 2, 3 e 4 da memoria deste plan hidrolóxico. Son os seguintes:

- a) Sistema Miño alto.
- b) Sistema Miño baixo.
- c) Sistema Sil superior.
- d) Sistema Sil inferior.
- e) Sistema Cabe.
- f) Sistema Limia.

2. De acordo co disposto no artigo 19.5 do RPH, adóptase como sistema único de explotación a demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

#### **Artigo 3.** *Delimitación da demarcación, dos sistemas de explotación e das masas de auga.*

O ámbito territorial da demarcación, a delimitación e a descrición dos sistemas de explotación de recursos e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil realízanse conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no sistema de información xeográfica da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, sistema accesible ao público en [www.chminosil.es](http://www.chminosil.es).

### Capítulo I. Definición das masas de auga

#### **Sección I. Masas de auga superficial**

#### **Artigo 4.** *Identificación de masas de auga superficial.*

1. De acordo co artigo 5 do RPH, este plan hidrolóxico identifica 279 masas de auga superficial. Das 279 masas de auga superficial identificadas e delimitadas asígnanse:

- a) Á categoría río, 272 masas de auga, das cales 204 corresponden a ríos naturais e 68 a masas de auga moi modificadas. Das 68 masas de auga moi modificadas, 38 son ríos moi

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- modificados e 30 son ríos moi modificados asimilables a lagos, ao quedaren moi modificados pola presenza de encoros.
- b) Á categoría lago, 3 masas de auga, das cales 1 corresponde a lagos naturais e 2 a masas de auga artificiais.
  - c) Á categoría de augas de transición, 2 masas de auga, as cales corresponden a masas de auga de transición naturais.
  - d) Á categoría de augas costeiras, 2 masas de auga, as cales corresponden a masas de auga costeiras naturais.

2. A cooperación entre España e Portugal na demarcación hidrográfica internacional do Miño-Sil utilizará as estruturas existentes derivadas do Convenio de Albufeira. A cooperación respecto ás augas costeiras e de transición articularase de acordo co que se conveña entre as dúas partes. Estableceranse as comisións bilaterais oportunas entre os organismos de bacía de ambos os países, a Confederación Hidrográfica do Miño Sil e a Administración hidráulica portuguesa.

3. Nos apéndices 2.1 e 2.2 aparecen relacionadas e caracterizadas as masas de auga superficial.

**Artigo 5.** *Condicións de referencia e límites de cambio de clase.*

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 3 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores específicos para esta demarcación hidrográfica, non incluídos no citado real decreto, que deberán usarse complementariamente.

**Sección II. Masas de auga subterránea**

**Artigo 6.** *Identificación das masas de auga subterránea.*

Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, este plan hidrolóxico identifica 6 masas de auga subterránea na parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil que figuran relacionadas no apéndice 4.1.

**Artigo 7.** *Valores limiar das masas de auga subterránea.*

Os valores limiar adoptados neste plan hidrolóxico respecto aos contaminantes (substancias, ións ou indicadores presentes en forma natural ou como resultado de actividades antrópicas) que se utilizarán para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil foron estudados e calculados atendendo ao establecido no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, co resultado final de que non se definen valores limiar específicos para esta demarcación e se utilizan unicamente as normas de calidade establecidas no citado real decreto.

## Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos

### **Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos.**

1. Tendo en conta as exigencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno e respectando o carácter prioritario do abastecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos do auga establecidos no artigo 60.3 do TRLA e o artigo 49 bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, resumidos no apéndice 5 e cuxa descrición vén recollida no capítulo 3 da memoria deste plan hidrolóxico, para os diferentes sistemas de explotación de recursos, é a seguinte:

- 1º. Uso destinado ao abastecemento:
  - a) Uso destinado ao abastecemento de núcleos urbanos.
  - b) Uso destinado a outros abastecementos fóra de núcleos urbanos.
- 2º. Outros usos ambientais.
- 3º. Usos agropecuarios.
- 4º. Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.
- 5º. Outros usos industriais:
  - a) Industrias produtoras de bens de consumo.
  - b) Industrias do lecer e do turismo.
  - c) Industrias extractivas.
- 6º. Acuicultura.
- 7º. Usos recreativos.
- 8º. Navegación e transporte acuático.
- 9º. Outros usos non ambientais.

2. De acordo co establecido polo artigo 60.4 do TRLA, con carácter xeral, dentro dun mesmo tipo ou clase de uso, en caso de incompatibilidade, darase preferencia a aqueles de maior utilidade pública ou aqueles que introduzan mellores técnicas que redunden nun menor consumo de auga ou no mantemento ou mellora da súa calidade. Conforme este criterio, os aproveitamentos preferentes son os seguintes:

- a) Dentro de cada clase de uso, e de conformidade cos criterios sinalados no artigo 60.4 do TRLA, darase prioridade:
  - I. Ás actuacións que se orienten cara a unha política de aforro de auga, de mellora da calidade dos recursos e de recuperación dos valores ambientais.
  - II. Á explotación conxunta e coordinada de todos os recursos dispoñibles, incluíndo augas residuais depuradas e augas desalinizadas, e á recarga de acuíferos.
  - III. Aos proxectos de carácter comunitario e cooperativo, fronte a iniciativas individuais.
  - IV. Ás peticións de uso no sistema de explotación onde se xere o recurso sobre aquelas que o utilizan noutros ámbitos, sen prexuízo do disposto noutros artigos deste plan hidrolóxico.
- b) Nos abastecementos de poboación, terán preferencia as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan augas subterráneas con problemas de calidade por augas superficiais ou subterráneas de adecuada calidade. Tamén terán preferencia fronte a outros aqueles que satisfagan as demandas cun menor consumo de auga.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- c) Entre os aproveitamentos con destino a novos regadíos terán preferencia os destinados aos sistemas de aproveitamento que sustentan formacións herbosas naturais e seminaturais (prados mesófilos utilizados como zonas de pastoreo ou recolección de forraxe) incluídos dentro dos tipos de hábitats de interese comunitario, así como os usos de rega destinados á xestión, recuperación ou restauración de espazos naturais protexidos, aqueles de marcado carácter social e económico, e que non supoñan graves impactos ambientais, así como aqueles que usen tecnoloxías eficientes con respecto ao consumo de auga e á redución de substancias contaminantes. Así mesmo, considerarase favorablemente o feito de estaren situados en zonas que sacrificasen previamente superficies de rega en proveito de servizos ou infraestruturas de uso público.
- d) Nos usos industriais para produción de enerxía eléctrica, darase prioridade aos proxectos de repotenciación e mellora das instalacións hidroeléctricas en funcionamento, así como a centrais reversibles que usen infraestruturas xa existentes.
- e) No caso dos outros usos industriais, darase prioridade aos que signifiquen menor consumo de auga por emprego xerado e un menor impacto ambiental.

Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais**Artigo 9. Réximes de caudais ecolóxicos.**

De conformidade cos artigos 42 e 59 do TRLA e 18 do RPH, o réxime de caudais en condicións ordinarias e de seca prolongada, para as masas de auga da categoría río e augas de transición, figura no apéndice 6, números 6.1, 6.2, 6.3, 6.4, 6.5 e 6.6. Ademais, no capítulo 4 da memoria do presente plan hidrolóxico inclúese a súa xustificación e cálculo.

Salvo disposición de carácter xeral que resulte aprobada, durante a vixencia do presente plan aplicaranse as seguintes regras:

- 1º. Toda solicitude de modificación dunha concesión, solicitude de nova concesión ou a revisión das xa existentes outorgarase, se for o caso, atendendo ao réxime de caudais ecolóxicos establecido nos apéndices antes citados, coa información de soporte incluída no capítulo 4 da memoria.
- 2º. O réxime de caudais ecolóxicos fixados neste plan hidrolóxico, de conformidade co artigo 59.7 do TRLA, constitúe unha restrición que debe ser respectada por todos os aproveitamentos de auga, sen prexuízo do uso para abastecemento de poboacións, cando non exista unha alternativa de fornecemento viable que permita a súa correcta atención.
- 3º. A inexistencia de obrigação expresa en relación co mantemento do réxime de caudais ecolóxicos nas autorizacións e concesións xa outorgadas pola Administración, entendendo como tal a simple cláusula que impón o seu mantemento aínda que non precise cifras, non exonerará o concesionario do cumprimento das obrigações xerais que, respecto a tales caudais, quedan establecidas neste plan hidrolóxico.
- 4º. En ríos non regulados, é dicir, naqueles leitos que non contén con reservas artificiais de auga almacenadas no propio eixe fluvial, a exigencia do réxime de caudais ecolóxicos quedará limitada a aqueles momentos en que a dispoñibilidade natural o permita. En todo caso, se a dispoñibilidade natural non permite alcanzar o réxime de caudais ecolóxicos establecidos, non será posible levar a cabo derivacións de caudal desde os leitos afectados, sen prexuízo do establecido no ordinal 2º para o caso do abastecemento de poboacións.



## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- 5º. No caso dos caudais ecolóxicos mínimos, para o extremo de augas abaixo de cada masa de auga (punto final ou cerramento de cada masa de auga), establécese un réxime de caudais formado por un valor de caudal para cada trimestre, con excepción das masas transfronteiras do río Miño, nas cales ademais do valor trimestral antes sinalado se debe fixar tamén un volume mínimo anual, para así dar cumprimento ao segundo anexo do Protocolo adicional do Protocolo de revisión do Convenio sobre cooperación para a protección e o aproveitamento sustentable das augas das bacías hidrográficas hispano-portuguesas e o Protocolo adicional, subscrito en Albufeira o 30 de novembro de 1998 e revisado en Madrid e Lisboa o 4 de abril de 2008. Ao outorgar, modificar ou revisar unha concesión, fixarase o valor trimestral correspondente, que non será inferior ao valor mínimo establecido, no apéndice 6 e no capítulo 4 da memoria deste plan hidrolóxico, para os puntos finais de masa e ao resultante da fórmula recollida no ordinal seguinte para o resto da rede hidrográfica.
- 6º. Nos casos en que o punto para o cal se desexe determinar o réxime de caudais ecolóxicos non sexa coincidente co extremo de augas abaixo (punto final ou de cerramento) dunha masa de auga, para os cales existe un intervalo trimestral de caudais mínimos, máximos ou xeradores establecidos, para o cálculo de calquera compoñente dos caudais ecolóxicos en calquera punto da rede hidrográfica da demarcación aplicarase a seguinte fórmula:

$$Q(x) = Q(\text{fin de masa}) \cdot (S(x)) / (S(\text{fin de masa}))$$

Onde:

- $Q(x)$  = caudal ecolóxico no punto que se vai calcular.
- $S(x)$  = superficie de bacía vertente ao punto que se vai calcular.
- $Q(\text{fin de masa})$  = caudal ecolóxico no punto final da masa de auga dentro de cuxa bacía vertente intermedia se encontra o punto que se vai calcular.
- $S(\text{fin de masa})$  = superficie de bacía vertente no punto final da masa de auga dentro de cuxa bacía vertente intermedia se encontra o punto que se vai calcular.

En calquera caso, nos puntos da rede hidrográfica básica (definida de acordo coa Instrución de planificación hidrolóxica), o caudal ecolóxico así calculado deberá ser maior ou igual que o do punto final da masa de auga situada inmediatamente augas arriba.

Nos puntos situados fóra da rede hidrográfica básica, non se debe cumprir esta condición e aplicarase directamente a fórmula antes indicada.

- 7º. Para masas de auga declaradas moi alteradas hidrolóxicamente (apéndice 2.2.5 natureza «moi modificada»), cando se comprobe que a diferenza entre o réxime de caudais reais e o determinado como caudal ecolóxico neste plan hidrolóxico é moi significativa, poderase, de forma debidamente xustificada, realizar unha estimación en que o limiar utilizado para fixar o réxime de caudais mínimos nas masas moi alteradas hidrolóxicamente sexa un valor comprendido entre o 30% e o 80% do hábitat potencial útil máximo desa masa de auga para as especies obxectivo analizadas. Os valores do 30% ao 80% do hábitat potencial útil máximo de cada masa de auga veñen recollidos no capítulo 4 da memoria deste plan hidrolóxico.
- 8º. O caudal mínimo que circulará no leito non será inferior a 50 l/s nas masas de auga da categoría río, ou a totalidade do caudal natural fluente, se este for menor de 50 l/s, sen prexuízo do indicado no artigo 31.2 para regadíos e usos gandeiros.
- 9º. Nos novos aproveitamentos e naqueles en que así se acorde mediante un proceso de concertación cuxa toma de auga se realice mediante unha estrutura transversal no leito, deberán circular, polo menos, unha parte dos caudais ecolóxicos por unha escada de peixes ou

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

dispositivo alternativo que garanta a continuidade do curso, e serán establecidos de forma particular para cada caso, de conformidade e sen prexuízo do sinalado no artigo 59.7 do TRLA, e sempre que se garanta a supervivencia do ecosistema asociado a cada masa de auga.

**Artigo 10.** *Caudais máximos, caudais xeradores e taxas de cambio.*

1. Os caudais máximos, caudais xeradores e taxas de cambio defínense e inclúense no apéndice 6 desta normativa, así como no capítulo 4 da memoria deste plan hidrolóxico.

2. No caso de modificacións concesionais de aproveitamentos existentes localizados augas arriba de núcleos de poboación, poderanse introducir limitacións nas normas de explotación en relación coa modulación e a estacionalidade, de forma que se limite estacionalmente o rango de caudais. Nas concesións existentes, estas limitacións incluíranse no proceso de concertación do réxime de caudais máximos.

3. En canto non se implanten os caudais máximos e as taxas de cambio, queda prohibida a explotación mediante “emboladas” ou hidropuntas en minicentrales hidroeléctricas, salvo que o concesionario presente un estudo que demostre a súa compatibilidade co réxime de caudais ecolóxicos recollido no apéndice 6.

4. As taxas de cambio e os caudais máximos, reflectidos no apéndice 6 e no capítulo 4 da memoria, son os valores óptimos para implantar e teñen carácter orientativo. En calquera caso, as taxas de cambio e os caudais máximos implantaranse unicamente naqueles puntos en que sexa necesario para a protección ou mellora do estado ou potencial ecolóxico das masas de auga afectadas, de maneira que non comprometan a garantía do fornecemento eléctrico nin a seguridade do sistema eléctrico nacional.

**Artigo 11.** *Caudais ecolóxicos en condicións de seca prolongada.*

1. En situacións de seca prolongada, o caudal ecolóxico exigible será o 50% do indicado no apéndice 6.1 para situacións hidrolóxicas ordinarias en réxime natural, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 do RPH. Para estes efectos, considérase que unha determinada subzona ou un determinado sistema de explotación se encontra en situación de seca prolongada cando, conforme o sinalado polo sistema de indicadores definido no Plan especial de secas da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, adoptado pola Orde MAM/698/2007, pola que se aproban os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca nos ámbitos dos plans hidrolóxicos de bacías intercomunitarias, se manteña a situación de alerta ou de emerxencia.

2. Para as zonas incluídas na Rede Natura 2000 ou na Lista de zonas húmidas de importancia internacional do Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro de 1971, aplicarase o artigo 18.4 do RPH.

**Artigo 12.** *Caudais ecolóxicos de desaugamento.*

1. Considéranse caudais ecolóxicos de desaugamento aqueles definidos neste artigo e que, ademais, son de aplicación a masas de auga moi modificadas pola presenza de encoros.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

2. Conforme os estudos realizados e o proceso de concertación levado a cabo, na parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil adóptase un réxime trimestral de caudais ecolóxicos de desaugamento, que se inclúe no apéndice 6.5.
3. O réxime de caudais ecolóxicos de desaugamento deberá ser respectado en todo momento, coa excepcionalidade prevista no artigo 11.
4. O réxime de caudais ecolóxicos de desaugamento sinalado será exigible, desde o momento en que entre en vigor o presente plan hidrolóxico.
5. A Comisión de Desaugamento de Encoros, de acordo co establecido no artigo 33 do TRLA, poderá formular propostas sobre enchemento e baleiramento dos encoros e acuíferos da demarcación ao presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, quen poderá aceptalas sempre que respecten o réxime trimestral de caudais ecolóxicos establecido.
6. Os titulares das concesións deberán contribuír na súa xestión ao aseguramento da calidade das augas e ao cumprimento dos obxectivos ambientais fixados neste plan e dos xerais de protección do dominio público hidráulico indicados no artigo 232 do RDPH.

**Artigo 13.** *Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos.*

Na falta de disposición normativa de carácter xeral aplicable durante a vixencia do presente plan, entenderase que se cumpre co réxime de caudais ecolóxicos establecido nesta normativa e na memoria do plan, para cada unha das masas relacionadas no apéndice 2, cando se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que, alcanzándose os caudais mínimos trimestrais previstos en canto ao seu volume total trimestral, os caudais instantáneos superen en todo momento o 80% do valor do caudal mínimo.
- b) Que os caudais máximos non se superan, pola operación e xestión ordinaria das infraestruturas hidráulicas, nun 95% do tempo. Exclúense da operación e xestión ordinaria as actuacións extraordinarias e de emerxencia necesarias para evitar ou minimizar danos persoais, materiais ou ambientais producidos por enchentes ou outras causas, é dicir, prevalecerá o recollido nas normas de explotación no referente a actuacións básicas en caso de enchente, así como o sinalado nos plans de emerxencia de presas.
- c) Que as taxas máximas de cambio non se superan nun 90% do tempo.
- d) Non serán exigibles caudais ecolóxicos mínimos superiores ao réxime natural existente en cada momento.
- e) Os caudais xeradores ou de enchente deberán verterse no seu mes de máxima frecuencia (apéndice 6), despois de se corroborar que non se deron nos últimos cinco anos polo menos nunha ocasión. Os caudais xeradores deberán alcanzarse en seis horas, manterse durante unha hora e descender en seis horas. Non obstante, prevalecerá o recollido nas normas de explotación no referente a actuacións básicas en caso de enchentes e así como o sinalado nos plans de emerxencia de presas.

**Artigo 14.** *Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos.*

1. Realizarase un seguimento do réxime de caudais ecolóxicos e da súa relación cos ecosistemas con obxecto de coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos ambientais previstos e introducir eventuais modificacións do réxime definido.

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

2. Para garantir o cumprimento dos caudais ecolóxicos fixados no réxime concesional, o organismo de bacía controlará os caudais de auga utilizados, os retornados despois do seu uso e as verteduras ao dominio público hidráulico conforme o recollido no artigo 55.4 do TRLA e na Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos e das verteduras ao citado dominio público hidráulico.

3. Serán obxecto de seguimento específico os seguintes aspectos:

- a) Eficacia e grao de cumprimento dos caudais ecolóxicos implantados.
- b) Sustentabilidade do aproveitamento das augas subterráneas e a súa relación co mantemento dos caudais ecolóxicos.
- c) Evolución e grao de cumprimento do réxime de enchentes desde a implantación do réxime de caudais ecolóxicos.

4. O réxime de caudais ecolóxicos será exixible desde o momento de entrada en vigor do presente plan hidrológico.

#### Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos

**Artigo 15.** *Asignación de recursos aos aproveitamentos actuais e futuros.*

De conformidade co artigo 91 do RDPH, determínase a asignación de recursos que se adscriben aos aproveitamentos actuais e futuros, que figuran relacionados no apéndice 7, conforme a clasificación de usos establecidos con carácter xeral no artigo 49 bis do RDPH desenvolvida no artigo 8 desta normativa e nos capítulos 3 e 4 da memoria deste plan hidrológico.

**Artigo 16.** *Dotacións.*

De acordo co ordinal 3º e o anexo IV da Instrución de planificación hidrolóxica, determínanse as dotacións de auga para cada un dos usos que figuran relacionados no artigo 8 e capítulo 3 da memoria deste plan hidrológico, no apéndice 8 desta normativa.

**Artigo 17.** *Reserva de recursos.*

1. De conformidade co artigo 43.1 do TRLA, o artigo 92.1 do RDPH e o artigo 20 do RPH, resérvanse a favor da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil as reservas de auga sinaladas no apéndice 7.8 e son parte das asignacións establecidas no artigo 15, en previsión das demandas que corresponde atender para alcanzar os obxectivos da planificación hidrolóxica.

2. No citado apéndice 7.8 indícanse as reservas que quedan establecidas en cada sistema de explotación. Para tales efectos, teranse en conta os criterios básicos e as condicións xerais establecidos no propio plan.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

**Artigo 18.** *Reserva de terreos.*

Con carácter xeral, establécense a favor da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil as reservas de terreos necesarias para o desenvolvemento das infraestruturas e as actuacións contidas no programa de medidas, conforme o artigo 43 do TRLA.

Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección

**Artigo 19.** *Reservas naturais fluviais.*

1. No apéndice 9 inclúese unha lista coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo de Consello de Ministros do 20 de novembro de 2015 polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias.
2. A situación xeográfica destas reservas naturais fluviais queda definida no capítulo 5 da memoria deste plan hidrolóxico.

**Artigo 20.** *Zonas de protección especial de determinadas masas de auga.*

1. Quedan declaradas de especial protección na parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, de acordo co previsto no artigo 43.2 do TRLA e 23 e 24 do RPH, as zonas que se clasifican e se recollen no capítulo 5 da memoria deste plan hidrolóxico e que se poden consultar en [www.chminosil.es](http://www.chminosil.es).
2. Terán a consideración de lugares de importante valor ambiental, paisaxístico e cultural e, por isto, de demostrado interese recreativo e turístico, as *fervenzas* pertencentes á parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil de conformidade co artigo 24.3.b) do RPH. Para aqueles saltos que cumpran os requisitos para teren a consideración de ferverza, mesmo que non estean recollidos no capítulo 5 da memoria deste plan hidrolóxico, e ata a súa inclusión, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a súa deterioración. Enténdese por ferverzas para os efectos do rexistro de zonas protexidas os saltos de auga (desnivel brusco do leito con saltos con altura igual ou superior a 4 metros, ou a 2 metros cando se encadeen dous ou máis saltos) no curso dun río ou doutra corrente, debidos a causas litolóxicas (camadas duras), fallas ou outros accidentes tectónicos e producidas pola abrasión do leito polas partículas que transporta a corrente.
3. Así mesmo, inclúense na categoría prevista no artigo 24.3.b do RPH as *fontes públicas*, polo gran número delas existentes na demarcación e para garantir a súa salubridade. Por isto, dado que de acordo co artigo 25.2º.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o municipio exercerá en todo caso como competencia propia e, entre outras e nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, a protección da salubridade pública, para as novas concesións que se soliciten tanto de auga subterránea como de auga superficial para fonte pública darase trámite de audiencia de 15 días á entidade local (deputación, mancomunidade, concello, entidade local...) en que se encontre, para que se pronuncie sobre a posibilidade de solicitar a citada concesión ao seu nome.
4. Tamén se definen como zonas de especial protección os tramos de interese natural, que se definen como tramos de río que manteñen unhas condicións inalteradas ou virxinais, e os tramos de interese ambiental, que se definen como aqueles que presentan unhas características pouco alteradas, ambos recollidos no capítulo 5 da memoria deste plan hidrolóxico.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

**Artigo 21. Perímetros de protección.**

1. Para os efectos previstos no art. 57.3 do RPH e no número 4.1 da Instrución de planificación hidrolóxica, establécense neste artigo, nos seus números 2, 3, 4, 5 e 6, as zonas e perímetros de protección para as captacións de abastecemento de auga destinadas a consumo humano incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas e que se recollen no capítulo 5 da memoria deste plan hidrolóxico.

2. Para captacións de auga superficial para abastecemento destinado a consumo humano procedentes de augas superficiais da categoría río a zona de protección, de acordo co número 4.1 da Instrución de planificación hidrolóxica, estará constituída pola masa de auga inmediatamente augas arriba da captación, é dicir, a masa de auga ao completo da cal se capta o recurso, incluídos todos os cursos que forman parte da súa bacía vertente.

3. Para captacións de auga superficial para abastecemento destinado a consumo humano procedentes de lagos e encoros e conforme o número 4.1 da Instrución de planificación hidrolóxica, estará constituída polo propio lago ou encoro.

4. Para o caso de captacións de auga subterránea, en canto non se delimiten os perímetros de protección tendo en conta as características hidroxeolóxicas do acuífero e o volume de auga captado e, por tanto, se estableza a correspondente zonificación onde se regulen as extraccións no caso da protección de cantidade e se prohiban, limiten e regulen unha serie de actividades potencialmente contaminantes no caso da calidade, aplicaranse para cada unha das captacións uns perímetros de protección delimitados por unha magnitude de raio fixo arredor das captacións subterráneas e que serán os seguintes:

- a) Para captacións cun volume anual maior ou igual a 3.650 m<sup>3</sup>/ano ou que abastezan máis de 50 persoas, o perímetro de protección é a superficie dun círculo de 100 metros de raio arredor do punto de toma.
- b) Para captacións dun volume anual inferior a 3.650 m<sup>3</sup>/ano e caudal instantáneo inferior a 1 l/s, o perímetro de protección é a superficie dun círculo de 50 metros de raio arredor do punto de toma.
- c) Para captacións de caudais máximos instantáneos inferiores a 0,15 l/s e volume anual inferior aos 3.650 m<sup>3</sup>/ano, en solo urbano ou urbanizable delimitado, así como nos solos cualificados como núcleo rural, de conformidade coa normativa urbanística da Comunidade Autónoma de Galicia, e como solo rústico de asentamento tradicional, segundo a normativa urbanística da Comunidade Autónoma de Castilla y León, o perímetro de protección será dun raio de dez metros arredor do punto e de vinte metros en solo non urbanizable.
- d) Iguais distancias deberán gardarse, como mínimo, entre os pozos dun predio e as pozas ou levadas non impermeabilizadas dos predios veciños.

5. Con carácter xeral para o establecemento de zonas e perímetros de protección para captacións de abastecemento destinado a consumo humano, a orde de prioridade na súa determinación establecerase en función do grao de risco de contaminación que presente a captación e da poboación realmente abastecida, considerando os seguintes rangos:

- a) Máis de 15.000 habitantes.
- b) Entre 2.000 e 15.000 habitantes.
- c) Menos de 2.000 habitantes.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

6. Nas peticións de concesión de auga subterránea poderase incluír unha proposta de perímetro de protección xustificada cun informe técnico que conterá os aspectos previstos no artigo 173.8 do RDPH, e utilizará:

- a) Metodoloxías apropiadas tendo en conta a natureza de cada acuífero (detrítico ou fisurado), así como o seu comportamento desde o punto de vista hidrodinámico (libre, confinado ou semiconfinado).
- b) Un sistema de información xeográfica (GIS) para a xestión da información, así como para a aplicación das metodoloxías que o requiran. O resultado final dos perímetros de protección propostos será facilitado, así mesmo, en formato GIS.

**Artigo 22. Rexistro de zonas protexidas.**

1. Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e 24 do RPH, no capítulo 5 da memoria deste plan hidrolóxico (identificación e mapas das zonas protexidas), recóllese o rexistro de zonas protexidas da demarcación, xunto coa súa caracterización e representación cartográfica, o cal se pode consultar en [www.chminosil.es](http://www.chminosil.es).

2. Requirirá autorización previa por parte do organismo de bacía toda actuación silvícola que poida afectar a calidade ou cantidade do recurso hídrico vinculado ás zonas protexidas recollidas no presente plan hidrolóxico.

3. En canto aos obxectivos das masas de auga que se sitúen na Rede Natura 2000, como requirimentos adicionais aplicarase o disposto no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, da Xunta de Galicia, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia), e de Castilla y León (Acordo 15 de 2015, do 19 de marzo, da Xunta de Castilla y León, polo que se aproba o Plan director para a implantación e xestión da Rede Natura 2000 de Castilla y León).

4. Os obxectivos ambientais específicos para as zonas de captación de auga superficial destinada á produción de auga de consumo humano establécense no apéndice 3.11. Para as zonas de captación de auga subterránea aplicarase o tratamento tipo A2 sinalado para augas superficiais no apéndice citado.

Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

**Artigo 23. Obxectivos ambientais das masas de auga.**

1. Para os efectos do sinalado nos artigos 35, 36 e 37 do RPH, no apéndice 10 defínense os obxectivos ambientais das masas de auga da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil e os prazos previstos para alcanzalos.

2. A todas as masas de auga superficial da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil e, en especial, ás que gocen dun bo estado ou moi bo estado, seralles de aplicación o principio de non deterioración.

3. Salvo por causas debidamente xustificadas, nestas masas de auga só se admitirán aqueles usos en que, despois dunha avaliación dos seus efectos ambientais con observancia do procedemento previsto no artigo 98 do TRLA, se deduza que non van producir deterioración no estado da masa de auga.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

4. Cada unha das exencións do cumprimento dos obxectivos xerais xustifícase nas súas fichas sistemáticas correspondentes, que se inclúen no capítulo 8 da memoria.

**Artigo 24.** *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga.*

1. Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puideron prever razoablemente nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga son as seguintes:

- a) Graves inundacións. Entenderanse como tales para este propósito exclusivo aquelas que superen a zona de fluxo preferente, de acordo coa definición que para esta establece o artigo 3 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación e de conformidade co disposto no artigo 9.2 do RDPH.
- b) Secas prolongadas. Exclusivamente para estes efectos, entenderase como seca prolongada a correspondente ao estado de emerxencia diagnosticado para a subzona en que se encontre o curso de auga afectado, mediante o sistema obxectivo de indicadores definido no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca na parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.
- c) Resultado de circunstancias derivadas de accidentes que tampouco se puideron prever razoablemente, tales como verteduras accidentais ocasionais, fallos nos sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias ou accidentes no transporte.
- d) Así mesmo, consideraranse como accidentes as circunstancias derivadas dos incendios forestais e as sinaladas no artigo 259 ter.4 do RDPH.

2. Os causantes da deterioración temporal do estado das masas de auga estarán obrigados a cubrir a ficha para a xustificación da deterioración temporal do estado dunha masa de auga, recollida no capítulo 8 da memoria do plan hidrolóxico. O causante do accidente ou titular da instalación informará inmediatamente o organismo de bacía, especificando as causas, potenciais danos e medidas adoptadas para minimizar os efectos. Para o resto dos supostos será o organismo de bacía quen cubra a mencionada ficha.

3. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico. Este rexistro estará formado polas fichas cubertas que describan e xustifiquen cada un dos supostos de deterioración temporal, con indicación das medidas tomadas tanto para a súa reparación como para previr que a deterioración poida volverse producir no futuro.

4. Para admitir a deterioración sinalada no número 1, deberán cumprirse as condicións sinaladas no artigo 38.2 do RPH.

**Artigo 25.** *Condicións para as novas modificacións ou alteracións das masas de auga.*

1. Os obxectivos ambientais avaliáronse tendo en conta a execución das accións e actuacións recollidas nos programas de medidas incluídos neste plan hidrolóxico, de maneira que para as accións non previstas no plan que supoñan a materialización de novas modificacións ou alteracións das características físicas dunha masa de auga superficial ou de calquera dos seus cursos tributarios, e alteren o nivel dunha masa de auga subterránea, aínda que impida lograr un bo estado ecolóxico, un bo estado das masas de auga subterránea ou un bo potencial ecolóxico, se for o caso, ou supoñan directa ou indirectamente a deterioración adicional do estado ou potencial dunha ou varias masas de auga,



---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

observarase o previsto no artigo 2 do real decreto aprobatorio. Desta maneira, demostrarase o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH presentando a documentación xustificativa que sexa necesaria e a “ficha para a xustificación de novas modificacións ou alteracións”, que aparece no capítulo 8 da memoria deste plan hidrolóxico.

2. Adicionalmente teranse en conta os seguintes criterios:

- a) As actuacións sinaladas no número anterior deberán contar cun informe preceptivo e vinculante previo de compatibilidade coas previsións fixadas no plan hidrolóxico, no cal, ademais, se valorará o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH.
- b) En relación coa análise xustificativa que debe realizar o promotor ou responsable da actuación, a citada ficha irá acompañada da documentación técnica necesaria para estudar os aspectos que se describen. Cando a mencionada información non resulte adecuada ou suficiente, poderase requirir que a complete ou corrixa nun prazo non superior a tres meses. Se, transcorrido o prazo, non se correxiu ou non se presentou nova documentación, a solicitude de compatibilidade entenderase automaticamente denegada.

## Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga

### ***Sección I. Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga***

**Artigo 26.** *Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga.*

1. Para os efectos do recollido neste plan hidrolóxico, consideraranse incorporados e integrados nas masas de auga das cales son bacía vertente todos os cursos da rede hidrográfica da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, conforme o número 2.2.1.1 da Instrución de planificación hidrolóxica.
2. A continuidade lonxitudinal e lateral dos cursos é un valor natural destes que debe ser conservada, compatibilizándoa cos usos actuais da auga e as infraestruturas hidráulicas recollidas no presente plan hidrolóxico, nos termos previstos no artigo 126 bis do RDPH.
3. Nas condicións das novas concesións e autorizacións ou da modificación ou revisión das existentes que inclúan obras transversais no curso, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil exixirá a instalación e a adecuada conservación de dispositivos que garantan que son franqueables para a ictiofauna autóctona. Para tal fin e para a avaliación da correcta execución destes dispositivos, exixírase aos solicitantes de novos aproveitamentos e aos de modificacións e revisións dos existentes que supoñan obstáculos transversais un estudo da franqueabilidade, conforme os criterios marcados no apéndice 13.
4. As infraestruturas restantes, con altura sobre o leito menor de 10 m, que non contén con avaliación favorable do seu impacto ambiental e que non resulten franqueables deberanse adecuar para garantir a continuidade dos cursos, en calquera caso, antes do 1 de xaneiro de 2022.
5. As actuacións sinaladas nos números 3 e 4 correrán a cargo da persoa física ou xurídica titular da infraestrutura, con independencia de que o custo da adecuación se poida repercutir nos beneficiarios da infraestrutura na forma que legalmente corresponda.
6. Será motivo de revisión de concesións a inferencia de alteracións morfolóxicas significativas nas condicións do curso ou do estado ecolóxico, sempre que non estea previsto na concesión e provoquen un empeoramento irreversible.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

7. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil promoverá a recuperación funcional das zonas inundables, así como a eliminación de infraestruturas que, dentro do dominio público hidráulico, se encontren abandonadas e sen cumpriren función ningunha ligada ao aproveitamento das augas, tendo en consideración a seguridade das persoas e os bens e valorando o efecto ambiental e económico de cada actuación e evitando as alteracións do trazado dos cursos.

8. A continuidade lateral entre o leito e a zona de inundación, fóra de tramos urbanos, deberá ser respectada. Nas obras e na tramitación de expedientes de autorizacións e concesións que correspondan a obras de defensa fronte a inundacións, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil terá en conta os posibles efectos sobre o estado dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres que dependan deles. Salvo casos excepcionais, só se poderán construír obras de defensa sobreelevadas lateralmente sobre os leitos na zona de fluxo preferente cando protexan poboacións e infraestruturas públicas existentes.

9. A avaliación da franqueabilidade levarase a cabo conforme os indicadores hidromorfolóxicos de continuidade para a valoración do estado das masas de auga da categoría río establecidos no artigo 5 e nos apéndices 3 e 13, e para isto pódense utilizar outros indicadores específicos destas presións no medio fluvial, para cuxa definición se poderá pedir o asesoramento pertinente de expertos na materia.

10. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, coas debidas garantías de seguridade para persoas e bens, estudará a viabilidade de eliminar ou suavizar as motas e demais defensas sobreelevadas existentes.

11. O transporte de material sólido, mediante suspensión, saltación ou rodamento, recoñécese como parte integrante do caudal natural dos ríos, esencial para a súa evolución e desenvolvemento morfolóxico. O outorgamento de novas autorizacións ou concesións de obras transversais ao leito deberá permitir o paso do caudal sólido en situación de normalidade ou prealerta definida de acordo co sistema de indicadores adoptado polo Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca na parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, aprobado pola Orde MAM/698/2007.

12. As normas de explotación dos novos aproveitamentos deberán prever a descarga periódica de sedimentos para garantir o cumprimento dos obxectivos ambientais e das normas de calidade ambiental augas abaixo.

13. Para o caso de novos aproveitamentos, os órganos de desaugamento deberán permitir o fluxo de sedimentos. En caso contrario, deberá aplicarse calquera outra solución técnica que permita o citado fluxo.

14. Nas actividades realizadas en zona de dominio público hidráulico, zona de servidume ou de policía de augas con risco de introdución de especies exóticas invasoras, débese garantir o cumprimento de actuacións, medidas de prevención e boas prácticas para non introducir estas especies, sen prexuízo das competencias autonómicas na materia. En caso de que se leven a cabo transvasamentos ou transferencias entre bacías, deberanse establecer os mecanismos de control necesarios para evitar a dispersión das especies invasoras. As plantacións que se autorice realizar con especies autóctonas levaranse a cabo de acordo coas especificacións dispostas no Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución e a normativa autonómica.

15. Conforme o disposto no artigo 9.4 do RDPH, as obras, construcións e infraestruturas necesarias para a explotación forestal que estean situadas ou que afecten a zona de policía de augas ou o dominio público hidráulico, como por exemplo a apertura de vías de saca, a creación de cargadoiros de madeira, a construción de pontes ou a instalación de pasarelas sobre os leitos, deberán ser autorizadas previamente polo organismo de bacía.

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

## ***Sección II. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico***

### ***Artigo 27. Medidas relativas ás masas de auga subterránea.***

1. De acordo co establecido no artigo 186.1 do RDPH, consideraranse concesións de augas subterráneas de escasa importancia os aproveitamentos de caudal máximo instantáneo inferior a 1 litro/segundo e cuxo volume máximo anual é inferior aos 3.650 m<sup>3</sup>.
2. En relación co artigo 184.1.a) do RDPH, a distancia entre aproveitamentos de auga subterránea dun volume anual igual ou superior a 3.650 m<sup>3</sup>/ano será de 100 metros. Excepcionalmente, poderanse outorgar concesións a menor distancia se o interesado demostra que non se afectan os aproveitamentos anteriores legalizados.
3. A distancia entre captacións de auga subterránea de concesións de escasa importancia (caudal máximo instantáneo inferior a 1 l/s e volume máximo anual inferior a 3.650 m<sup>3</sup>) será de 50 metros.
4. Para caudais máximos instantáneos inferiores a 0,15 l/s e volume anual inferior aos 3.650 m<sup>3</sup>/ano, en solo urbano ou urbanizable delimitado, así como nos solos cualificados como núcleo rural, de conformidade coa normativa urbanística da Comunidade Autónoma de Galicia, ou como solo rústico de asentamento tradicional, segundo a normativa urbanística da Comunidade Autónoma de Castilla y León, a distancia será de 10 metros e de 20 metros en solo non urbanizable. Tales distancias non prexulgan a súa posible denegación, no suposto de que se produzan afeccións a aproveitamentos anteriormente legalizados.
5. Iguais distancias deberán gardarse, como mínimo, entre os pozos dun predio e as pozas ou levadas non impermeabilizados dos predios veciños.
6. Excepcionalmente, poderanse outorgar concesións a menor distancia se o interesado demostra que non se afectan os aproveitamentos anteriores legalizados.
7. Para os efectos previstos no artigo 57.2 do RPH e no referente aos perímetros de protección reflectidos no artigo 56.2.c) do TRLA, estes serán os mesmos que os sinalados no artigo 21.4.
8. Para os efectos previstos no artigo 57.2 do RPH e no referente aos perímetros de protección reflectidos no artigo 56.2.d) do TRLA, o perímetro de protección estará constituído por toda a superficie da masa de auga subterránea.
9. Para os efectos previstos no artigo 57.1 do RPH e no referente aos perímetros de protección reflectidos no artigo 97.c) do TRLA, os perímetros de protección estarán conformados por todas as zonas e perímetros de protección sinalados no presente artigo, así como todos os indicados para cada zona protexida recollida no Rexistro de Zonas Protexidas (capítulo 5 da memoria). Nestas zonas e perímetros son de aplicación as normas establecidas no RDPH para as zonas de policía, tal como establece o propio artigo 57.1 do RPH.
10. Establécese unha limitación á profundidade de perforación e instalación de bombas tal que a profundidade non exceda o substrato impermeable da masa de auga subterránea, co obxecto de non captar materiais subxacentes de maior salinidade ou pertencentes a outras unidades. En todo caso, cando se solicite autorización que afecte acuíferos de diferentes características, considerarase perforación profunda en canto aos efectos da lexislación ambiental.

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

11. Os aproveitamentos de auga subterránea a que fai referencia o artigo 54.2 do TRLA e o artigo 171.5.b) do RDPH que estean situados en acuíferos que fosen declarados como sobreexplotados ou en risco de estalo requirirán autorización previa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

12. A solicitude de construción de obras e instalacións relativas a calquera captación de auga subterránea mediante pozo, sondaxe ou outra obra vertical que alcance o nivel freático deberá acompañarse, xunto co resto de documentación requirida no RDPH, dunha descrición das súas características que inclúa, polo menos, a seguinte información adicional:

- a) Localización da captación sobre mapa catastral e ortofotografía aérea a escala 1:5.000.
- b) Perfil vertical da perforación, detallando diámetros e profundidades alcanzadas.
- c) Posición da superficie piezométrica no interior da perforación e data da lectura.
- d) Perfil vertical da tubaxe con que se equipa a captación, detallando diámetros e profundidades a que se producen cambios no tipo de tubaxe e sinalando claramente a localización e o tipo dos tramos filtrantes por que ten lugar a entrada de auga ao interior da captación, e os tramos de inicio e final das cementacións ou impermeabilizacións realizadas.
- e) Potencia nominal do equipamento de bombeo, tipo de bomba e profundidade a que se sitúa a boca de aspiración ou de entrada de auga ao equipamento de bombeo.
- f) Para determinar a posible afección de novos aproveitamentos de augas subterráneas a captacións anteriormente legalizadas, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá exixir ao petionario que presente un informe hidroxeolóxico xustificativo das posibles afeccións, baseado en datos obtidos da execución de ensaios de bombeo ou medicións realizadas nas propias captacións.

13. Calquera captación de auga subterránea deberá contar coas instalacións de seguridade pertinentes para evitar o risco de caída accidental de persoas ou animais no seu interior. En particular, as escavacións abertas de diámetro superior a 1 metro requirirán a instalación dun valo perimetral que minimize o citado risco. Co mesmo propósito, os pozos e sondaxes de menor diámetro deberán contar cun cerramento adecuado ás súas características que impida tamén a caída de pedras ou refugallo no seu interior, sen menoscabo de deixar operativa unha tubaxe auxiliar para facilitar a medida do nivel piezométrico conforme se detalla nos números seguintes.

14. Toda captación directa de auga subterránea deberá contar cunha tubaxe auxiliar ou calquera outro dispositivo que permita medir a profundidade da auga no seu interior, tanto en repouso como durante o bombeo, mediante unha sonda ou hidronivel eléctrico.

15. Os pozos ou sondaxes que se encontren en situación de surxencia deberán dispor dun dispositivo de cerramento estanco que impida a saída libre da auga, así como dun manómetro que facilite a lectura do nivel piezométrico con precisión centimétrica. Sempre que as condicións da surxencia o permitan, poderase admitir a sobreelevación do peitoril ata un máximo de 1,5 metros para equilibrar a presión. Se se adopta esta solución, deberase instalar unha tubaxe piezométrica segundo o indicado no número 14 do presente artigo.

16. Nos expedientes de extinción, revisión ou modificación de dereitos de augas subterráneas que leven unido o cesamento da actividade extractiva, sen prexuízo do sinalado no artigo 188 bis do RDPH, adoptaranse as medidas oportunas que se citan máis adiante e presentarase unha memoria coa documentación que se recolle a seguir:

- a) Identificación inequívoca da captación que se pretende abandonar, indicando a súa localización sobre mapa catastral e ortofotografía aérea a escala 1:5.000.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

- b) Caracterización do pozo ou sondaxe: información acerca das características construtivas/xeolóxicas do subsolo e datos hidroxeolóxicos.
- c) Retirada de elementos vinculados á perforación e á actividade extractiva: extracción do equipamento de bombeo e da tubaxe do pozo, obstrucións, todas as instalacións eléctricas asociadas, etc.
- d) Procedemento de reencheamento da perforación e características do material inerte e de baixa permeabilidade que se vai utilizar. No caso de que a selaxe sexa permanente, deberanse detallar as condicións hidroxeolóxicas e especificar a forma en que se prevé a percolación de augas superficiais polo anular no acuífero e se evita a conexión hidráulica entre os diferentes niveis de acuíferos.
- e) En caso de existiren captacións destinadas ao abastecemento público nas inmediacións ou se esta se encontra dentro do perímetro de protección desas captacións de abastecemento, incluírase o procedemento que se seguirá para a desinfección dos materiais empregados nos labores de selaxe e da propia captación.
- f) Prazo previsto para a execución das obras.
- g) Vertedoiro a que se entregan os refugallos.

17. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, á vista da información presentada, comprobará o abandono da captación e, en particular, que a acción prevista dá lugar á selaxe con material inerte da perforación, de tal forma que non quede alterado o fluxo subterráneo no seu contorno e se proceda á retirada de todos os materiais, eléctricos e mecánicos, para a súa reciclaxe, reutilización ou traslado a un vertedoiro autorizado.

18. O organismo de bacía poderá, de forma subsidiaria, e logo de requirimento ao titular, levar a cabo a selaxe da captación repercutindo nel os custos desas actuacións.

19. En caso de renuncia ao uso privativo por parte do beneficiario dunha concesión de augas subterráneas, observarase o sinalado nos artigos 167 e seguintes do RDPH.

20. Para os efectos do mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, poderase exixir aos novos aproveitamentos de augas subterráneas que se encontren próximos a ríos ou mananciais un informe xustificativo das posibles afeccións a estes, que deberá cumprir cos mesmos requirimentos técnicos establecidos no número anterior.

21. En todas as masas de auga subterránea serán de aplicación as normas que con carácter xeral establece o RDPH no seu capítulo III (autorizacións e concesións), en particular, os artigos do 177 ao 188 bis.

**Artigo 28. Sondaxes para aproveitamentos xeotérmicos de climatización.**

1. Os aproveitamentos xeotérmicos que se pretendan instalar para a produción de calor ou frío, ben sexa mediante sistemas cerrados que requiran unha perforación vertical maior de 20 m ou mediante sistemas abertos con dobre perforación, requirirán autorización expresa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil onde se acrediten as condicións das instalacións e o seu seguimento para garantir a protección dos acuíferos. Esta autorización será independente de calquera outra que deba ser obtida.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

2. Tanto os sistemas abertos como os cerrados deberán atender ás normas específicas de construción de pozos sinaladas nos números 12, 13 e 14 do artigo 27. Adicionalmente, establécense as seguintes recomendacións xerais para as instalacións xeotérmicas abertas, ben entendido que a adopción doutras solucións, que en principio non son aconsellables, requirirá a súa xustificación adicional.

- a) A auga utilizada deberá ser inxectada no mesmo acuífero de que se extraeu.
- b) En caso de que a instalación se realice onde existan acuíferos superpostos, aproveitarase unicamente o superior.
- c) Este tipo de aproveitamentos queda prohibido no interior das zonas de salvagarda para abastecemento urbano, en perímetros de protección establecidos co mesmo fin e en acuíferos con mal estado químico.
- d) Cando a potencia instalada sexa superior a 50 kW, o titular do aproveitamento deberá efectuar un seguimento da evolución do acuífero que valore a súa resposta hidráulica, bioquímica e térmica.

3. Por outra parte, de forma complementaria deberanse seguir as seguintes indicacións:

- a) Os cálculos analíticos estimativos das distancias teóricas entre pozos deberán ser ratificados mediante probas *in situ* ou modelaxes numéricas.
- b) O sistema de climatización deberá operar sempre que sexa posible en modo dual (refrixeración e calefacción), para compensar as cargas térmicas sobre o terreo.
- c) Non se utilizarán aditivos nas perforacións.

**Artigo 29. Medidas relativas aos usos da auga.**

1. Para os usos comúns especiais suxeitos a declaración responsable observarse o disposto no artigo 51 do TRLA e nos artigos 51 e seguintes do RDPH, ademais do recollido no artigo 35 do presente plan hidrolóxico.

2. Dispositivos de medida:

- a) Atenderase ao disposto no artigo 55.4 do TRLA e na Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio.
- b) Así mesmo, facilitarase o acceso en todo momento aos equipamentos de medida ao persoal designado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para levar a cabo as funcións de comprobación efectiva dos volumes captados, retornados ou vertidos.
- c) A Administración hidráulica, naquelas concesións cuxo volume anual iguale ou supere os 20.000 m<sup>3</sup>, poderá exixir ao concesionario, á súa custa, a integración dos sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico nas redes de control que estableza o organismo de bacía, sen prexuízo do previsto no artigo 33 para aproveitamentos hidroeléctricos.

**Artigo 30. Medidas relativas ao réxime concesional.**

1. Toda concesión se outorgará segundo as previsións do presente plan hidrolóxico. As novas solicitudes de concesión deberán estar acompañadas pola documentación precisa que permita valorar a súa compatibilidade co previsto neste plan hidrolóxico. En particular, a solicitude xustificará a avaliación das necesidades hídras requiridas, limitándose aos valores máximos especificados neste plan hidrolóxico sobre dotacións e cálculo de demandas e especificando:

- a) O caudal máximo instantáneo, o volume máximo anual que se pretende derivar e, se for o caso o volume máximo mensual de derivación expresado en metros cúbicos, así como todos os elementos da concesión que se recollen no artigo 102 do RDPH.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- b) O número de unidades sobre as cales se aplica o caudal de auga solicitado (por exemplo, habitantes no caso de abastecementos, hectáreas no caso de regadíos e cabezas no caso da gandaría) e, así, poder aplicar as dotacións recollidas no apéndice 8.
- c) A forma en que se pretende realizar o aproveitamento, para evidenciar que se realiza un uso eficiente e racional da auga conforme os principios reitores da xestión en materia de augas sinalados no artigo 14 do TRLA, explicando as características das redes internas de distribución e a maneira de levar a cabo a súa operación e mantemento, que deberán estar orientadas, no caso de usos consuntivos, a reducir ou minimizar a carga contaminante que o retorno ou vertedura das augas obxecto de concesión poidan producir.

2. Toda nova concesión, modificación ou revisión dunha xa outorgada para a derivación de caudais deberá respectar o réxime de caudais ecolóxicos establecido neste plan hidrolóxico no seu artigo 9 e seguintes. Quedan exentas desta restrición as concesións para os usos destinados ao abastecemento de núcleos urbanos e a outros abastecementos da poboación cando se evidencie que non existe unha alternativa de fornecemento razoable desde outra fonte de recursos.

3. Conforme o disposto no artigo 59 do TRLA e o artigo 97 do RDPH, establécese que, como norma xeral, as concesións se outorgarán por un prazo de 20 anos. Poderán fixarse outras duracións por razóns de interese público debidamente motivadas, atendendo especialmente ao tempo necesario para a amortización das obras requiridas para a normal utilización da concesión.

Nos procedementos de modificación das características da concesión en que se solicite a ampliación do prazo concesional poderase exixir a realización de melloras ambientais e de eficiencia no uso dos recursos hídricos, que quedarán recollidas e fixadas nas condicións da concesión, sen que poida superarse o prazo legalmente establecido, tal e como prevé o artigo 59.4 do TRLA e o artigo 153 do RDPH.

4. Cando o volume anual da concesión para abastecemento de auga destinada a consumo humano sexa maior de 150.000 m<sup>3</sup>, o concesionario estará obrigado a remitir á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil unha parte anual cos seguintes datos: volume mensual extraído e, no caso de augas subterráneas, o nivel das augas do pozo co bombeo parado ao final de cada mes e o nivel mínimo alcanzado no pozo.

5. Revisión das concesións para un uso eficiente da auga:

- a) Os caudais derivados en cada momento adecuaranse ao consumo real, aínda que o concedido sexa superior. Os caudais concedidos serán controlados conforme o recollido no artigo 55.4 do TRLA e na Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio.
- b) Os caudais concedidos poderán ser revisados, incrementándoos ou diminuíndoos, segundo proceda, se cambian as condicións ou características do uso que servise de base para a avaliación das necesidades e a súa evolución no momento de outorgar a concesión. Estas circunstancias serán consideradas modificación dos supostos determinantes do outorgamento da concesión para os efectos previstos no artigo 65 do TRLA.
- c) A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá requirir un informe de situación actual do aproveitamento na revisión da concesión.
- d) Na revisión das concesións, as necesidades consuntivas reais avaliaranse de acordo co establecido no artigo 156 bis do RDPH.
- e) No caso de aproveitamentos cuxo caudal de derivación non sexa continuo, a revisión fixará tanto o caudal máximo como a súa modulación e estacionalidade. Naqueles tramos en que se decidise a implantación de comunidades ou xuntas centrais de usuarios, axustaranse á ordenación de tomas correspondente.

---

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

6. As concesións de auga actualmente vixentes na parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, relativas a masas de auga relacionadas con zonas da Rede Natura 2000 ou que poidan ter afeccións directas ou indirectas sobre estas zonas, serán revisadas de oficio para tentar adaptar as súas condicións aos requisitos que inclúen as disposicións dos plans de xestión dos espazos protexidos.

7. O petionario do aproveitamento de augas para abastecemento a vivendas, poboacións ou instalacións asociadas e rega de xardíns deberá presentar a súa solicitude ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de conformidade cos artigos 104 e 106 e, se for o caso, 123 e 124 do RDPH, ademais da documentación precisa que permita valorar a súa compatibilidade co previsto neste plan hidrológico.

8. Cando o solicitante dunha concesión para abastecemento sexa unha futura comunidade de usuarios ou xa constituída, entre a documentación que se presente deberase incluír:

- a) Certificado do concello ou concellos onde se vaia destinar a auga de imposibilidade de abastecemento desde a rede pública municipal.
- b) Lista de vivendas que se van abastecer na cal se sinalará, de cada unha delas, o número de referencia catastral, o enderezo, o nome do titular da vivenda e o número de persoas que habitan nela.

**Artigo 31. Medidas relativas ás concesións para regadíos.**

1. Nos proxectos para a concesión dos aproveitamentos para regadíos, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá exixir un estudo sobre a rede de drenaxe e a relación entre auga e solo.

2. Como regra xeral, poderanse outorgar novas concesións para regadío sempre que o sistema para efectualo sexa por goteo, localizado de alta frecuencia ou aspersión, en invernadoiro ou cultivo forzado. Poderanse conceder aproveitamentos para outros tipos de sistemas de regadío se proceden de augas depuradas urbanas ou industriais, ou en calquera outro caso se a nova toma permite respectar integramente o caudal ecolóxico no punto de captación durante polo menos nove meses ao ano, de forma que durante os meses en que non se poida respectar este (é dicir, cando o caudal circulante medio estimado durante ese mes sexa inferior ao ecolóxico no punto de toma) non poderá realizarse o regadío. Ademais, poderanse outorgar concesións para regadíos e usos gandeiros que se encontren en tramos de cabeceiras de ríos (considerando estes como aqueles tramos de río en que o seu caudal natural fluente mensual sexa inferior a 50 l/s durante calquera dos meses do ano), unicamente cando se poida respectar como caudal ecolóxico o 80% do caudal natural fluente mensual durante todos os meses do ano, unha vez realizado o correspondente balance do recurso.

3. Calquera solicitude de nova concesión, modificación ou revisión das existentes deberá ir acompañada dun estudo xustificativo dos caudais solicitados que permita á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento para regadío sen causaren prexuízo ao medio hídrico, respectando o réxime de caudais ecolóxicos sinalados neste plan hidrológico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes. O citado estudo deberá incorporar, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental do aproveitamento sobre as augas superficiais e subterráneas. Entre elas, incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e as súas variacións.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente debería habitar no tramo, non impidan a súa circulación e remonte.



Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- c) Cerramento das canles e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre.
- d) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que o gando e a fauna terrestre, en particular os grandes vertebrados, poidan cruzalos e acceder á beira natural do río.
- e) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada.
- f) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada. Darase prioridade a aquelas concesións que implanten tecnoloxías de uso eficiente da auga (en invernadoiro ou cultivo forzado, por goteo ou localizado de alta frecuencia,...).

4. Para os regadíos de superficies menores de 4 hectáreas, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá exceptuar o estudo detallado no punto 3.

5. Todo novo aproveitamento de auga para regadío quedará incorporado ao sistema de explotación que lle corresponda no momento de se outorgar a concesión e debe satisfacer, segundo lle resulten aplicables, nos termos previstos no TRLA e nas súas disposicións de desenvolvemento, os canons e tarifas que anualmente ten establecidos a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

6. Non se poderán outorgar concesións ou autorizacións de uso de auga subterránea para regadío de zonas que xa contén con dereitos de augas superficiais sen a autorización expresa da comunidade de regantes afectada. A nova toma, se for o caso, incorporárase á concesión xa existente.

7. Para novas concesións de regadío con auga subterránea deberase ter en conta, ademais, o sinalado no artigo 27.

**Artigo 32.** *Limitacións para aproveitamentos mineiros que afecten o dominio público hidráulico ou as súas zonas de protección.*

1. Calquera actividade mineira desenvolverase fóra do dominio público hidráulico, zona de servidume e zona de policía de augas, salvo xustificación técnica motivada.

2. Excepcionalmente, na zona de policía e fóra da zona inundable, poderán permitirse vertedoiros ou entulleiras de materiais procedentes da actividade mineira, sempre que se conte coa correspondente autorización do organismo competente que incluíra un informe favorable da Administración mineira en relación coa súa estabilidade, sen prexuízo da tramitación da autorización de ocupación da zona de policía ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Sempre que sexa posible, no caso de que varias empresas mineiras realicen a súa actividade en zonas próximas e se pretendan establecer vertedoiros ou entulleiras na zona de policía, procurárase que estas actividades utilicen un único vertedoiro ou entulleira. Para tal fin, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil comunicará ao petionario a concorrencia de tal circunstancia.

3. No proxecto que se presente á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para solicitar as correspondentes autorizacións, concesións de augas, autorizacións de vertedura e de calquera actuación dentro do dominio público hidráulico, zona de servidume ou na súa zona de policía, non contraditorias cos números 1 e 2, estableceranse os seguintes condicionantes que se terán en conta no deseño dos elementos necesarios para garantir a protección das augas:

- a) Co fin de evitar a acción das augas de escorremento exteriores á explotación, deseñaranse, en entulleiras e áreas de explotación, unha serie de gabias perimétricas para o desvío das augas de escorremento exteriores á citada explotación, co fin de evitar a súa contaminación, é dicir, que

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

entren en contacto coa materia prima e os residuos da súa explotación, para minimizar, por unha parte, a xeración de efluentes mineiros que poidan dar lugar a procesos de contaminación e, por outra, a preservación da calidade das augas de escorrimento superficial. Asegurarase que o desaugamento desas redes, á súa saída do ámbito da explotación, se realiza sobre as vías de evacuación de escorrimento preexistentes e se impide a afección aos cursos do contorno, e, se for o caso, propóranse as medidas necesarias para garantir a súa protección. Nos cálculos deberanse ter en conta os caudais fornecidos tanto polos cursos e bacías superficiais como polas estruturas hidroxeolóxicas, de maneira que se garanta a suficiencia da rede de drenaxe e desaugamento deseñada.

- b) Para evitar a potencial contaminación das augas superficiais como consecuencia do arrastre de partículas sólidas en suspensión producida pola auga de escorrimento sobre as superficies alteradas, deberase deseñar un sistema de recollida de augas por medio de canles construídas nas zonas baixas, que as conduzan ata balsas de decantación e sedimentación, para o seu tratamento adecuado previo á vertedura. En todo caso, deberá garantirse a estabilidade e estanquidade dos elementos de contención das balsas para evitar o seu esborrallamento e filtracións.
- c) Deseñaranse e dimensionaranse os adecuados sistemas de tratamento das augas residuais xeradas nas posibles instalacións auxiliares asociadas ás fronteas de explotación previstas.
- d) Deberase presentar un plan de control de verteduras accidentais en caso de se producir unha vertedura ou unha situación accidental con consecuencias para a hidroloxía da zona e especificar os labores de mantemento das balsas: a extracción de lodos, transporte e depósitos. Deben terse en conta tamén as posibles propiedades fisicoquímicas destes lodos (pola súa posible contaminación) e as zonas previstas para amorealos.
- e) Deberanse realizar os estudos previos acerca da previsión do consumo de auga por cada instalación para garantir a suficiencia do recurso, indicando as medidas de minimización que se adoptarán.
- f) Para reducir o consumo de auga nos procesos industriais, traballarase en circuíto cerrado recollendo as augas usadas e reutilizándoas de novo. Utilizarase a mellor solución técnica posible para a redución do consumo de auga.

4. No plan de restauración destas explotacións, no que afecte leitos, zona de servidume e zona de policía, establecerase o seguinte:

- a) Asegurarase o mantemento das condicións naturais de desaugamento do territorio afectado ou, no caso de que estas fosen modificadas, as novas garantirán o desaugamento calculado para un período de retorno de, polo menos, 500 anos.
- b) Salvo xustificación tecnicamente documentada, a rasante do terreo resultante de calquera restauración estará, polo menos, tantos metros por enriba do nivel freático estacionario como a profundidade radicular da revexetación proposta máis o 20% e, como mínimo, 2 metros.
- c) En caso de que non se acredite, con base en normativa sectorial de aplicación, a existencia de garantía financeira ou equivalente que cubra a restauración do espazo afectado por estas explotacións dentro das zonas de protección que establece o TRLA, o organismo de bacía exixirá as adecuadas garantías para a restitución do medio.

---

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

**Artigo 33.** *Medidas relativas ás concesións para usos industriais para produción de enerxía eléctrica.*

1. As novas solicitudes de concesión, modificación ou revisión das existentes, coa finalidade de captar auga para a obtención de enerxía, xa sexa mediante o aproveitamento hidroeléctrico ou mediante centrais térmicas ou de calquera outra tecnoloxía, deberán presentar un estudo xustificativo das cantidades de auga solicitada para a obtención de enerxía sen causar prexuízo ao medio hídrico, respectando o réxime de caudais ecolóxicos e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes. O estudo presentado deberá permitir á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, mediante a simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, valorar a adecuación da solicitude.

2. Os proxectos de repotenciación ou modernización das infraestruturas xa existentes e as centrais reversibles que usen infraestruturas xa existentes deberán axustarse ao establecido na normativa vixente en materia de seguridade de presas e encoros, conforme o artigo 358 e seguintes do RDPH.

3. Tanto os proxectos de repotenciación e mellora das instalacións hidroeléctricas como as centrais reversibles que usen infraestruturas xa existentes e os proxectos de aproveitamento hidroeléctrico de nova concesión, modificación ou revisión das existentes deberán incorporar as medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas, deberase proceder:

- a) Á instalación de dispositivos de medida dos distintos caudais e as súas variacións, que permitan unha rápida comprobación e que estarán accesibles permanentemente para a súa inspección e control pola Administración hidráulica competente. Estes dispositivos, así como os seus datos, deberanse integrar, á custa do concesionario, na rede do sistema automático de información hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.
- b) A instalación de dispositivos efectivos de paso que permitan a mobilidade da fauna, tanto de remonte do curso como de baixada. Presentarase un plan de seguimento da mobilidade, que deberá entregarse á Administración hidráulica cunha periodicidade semestral. En función dos resultados, a Administración hidráulica poderá impor modificacións que aumenten a efectividade dos dispositivos de paso.
- c) A incorporación dos dispositivos precisos para evitar que os peixes alcancen as turbinas e as canles de derivación.
- d) A incorporación dos elementos de deseño que permitan un fácil rescate da pesca en caso de baleiramento do encoro ou das canles.
- e) O cerramento das canles, cámaras de carga e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular sobre os grandes mamíferos tales como corzos, xabarís, cervos e outros.
- f) Introducir no proxecto aquelas solucións necesarias para poder cumprir cos caudais ecolóxicos que se lle impoñan, en concreto, caudais mínimos, caudais máximos, taxas de cambio, caudais xeradores e réxime que se adoptará nas secas. Presentarase un plan de seguimento dos ditos caudais que deberá entregarse á Administración hidráulica cunha periodicidade trimestral.
- g) Deseñar no proxecto aquelas solucións que impidan a interrupción lonxitudinal do dominio público hidráulico, augas abaixo da presa, mantendo un caudal mínimo suficiente en todo momento para permitir os procesos ecolóxicos e hidromorfolóxicos esenciais.
- h) Exixirase o correspondente plan de emerxencia a aquelas infraestruturas clasificadas nas categorías A ou B, segundo a Orde do 12 de marzo de 1996, pola que se aproba o Regulamento técnico sobre seguridade de presas e encoros, e a Resolución do 31 de xaneiro de 1995, da Secretaría de Estado de Interior, pola que se dispón a publicación do acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

- i) Un programa de control da calidade fisicoquímica e biolóxica da auga encorada e da auga que retorne ao curso natural, así como dos sedimentos da zona encorada. No caso dos sedimentos, incluírá un programa de medidas preventivas e correctoras da sedimentación no encoro, así como un control e seguimento do seu entullamento ou colmataxe. No caso do control biolóxico, incidirase especialmente no control e seguimento das poboacións de cianobacterias e especies exóticas invasoras. Tamén se realizará un programa de control para o estado químico do encoro (substancias prioritarias).
- j) Todos os puntos anteriores deberanse internalizar no plan de explotación do aproveitamento.
- k) Acompañar o proxecto dun programa de restauración, mellora ou conservación ambiental, paisaxística e do hábitat das zonas afectadas polo encoro, dentro do dominio público hidráulico, zona de servidume e zona de policía. Este proxecto deberá valorar e propor medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira e a xeomorfoloxía fluvial afectada.
- l) De forma previa á acta de recoñecemento final e posta en explotación do aproveitamento, deberán terse en conta os seguintes aspectos:
  - Normas de explotación.
  - Plan de posta en carga da presa e enchemento do encoro.
  - Medidas de control en verteduras de lodos.
  - Medidas de control de entullamentos.
  - Medidas en caso de baleiramento do encoro.
  - Medidas de control de eutrofia causada por contaminación agrícola, agrogandeira, contaminación urbana e industrial, sobre todo baseadas na potenciación dos macrófitos.
  - Medidas correctoras sobre a xestión hidráulica.
  - Actuacións en seca.
  - Actuacións de protección das comunidades biolóxicas no tramo fluvial augas abaixo da presa.
  - Programa de vixilancia ambiental.
  - Programa de control do estado da masa de auga afectada.

4. No caso de solicitudes de novas concesións e autorizacións e da modificación ou revisión das existentes cuxa presa teña unha altura ou outro tipo de limitación que faga que resulte tecnicamente inviable a adopción de dispositivos de remonte efectivos como poden ser escadas, ríos artificiais, ascensores, esclusas ou outros similares, deberase prever a construción de capturadoiros que permitan o remonte das especies con vehículos adaptados. Presentarase un plan de remonte das especies no cal se indicarán os medios humanos e materiais que se empregarán, sen prexuízo do establecido no artigo 126 bis do RDPH.

5. No caso de que os aproveitamentos existentes augas abaixo dunha nova instalación hidroeléctrica sexan incompatibles co réxime de explotación proxectado para o sistema, exixirase, con cargo ao concesionario enerxético, a realización dun contraencoro que posibilite a compatibilidade.

6. Poderá iniciarse expediente de caducidade dos aproveitamentos hidroeléctricos e de forza motriz dos cales conste que a explotación leva interrompida máis de tres anos consecutivos por causa imputable ao titular, de conformidade co artigo 66.2 do TRLA.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

**Artigo 34.** *Corta e plantación de árbores.*

1. De acordo co disposto nos artigos 7 e 9 do RDPH, a corta ou plantación de especies arbóreas en zona de servidume e policía de leitos requirirá autorización previa por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Igualmente, para as plantacións, cortas ou sementeiras no dominio público hidráulico, rexerá o recollido nos artigos 73 e 74 do RDPH.

2. A autorización a que se refire o número primeiro será independente dos permisos que cumpra obter doutras administracións públicas ou organismos e, en particular, daqueles que teñan as competencias substantivas en materia forestal e ambiental, que deberán emitir informe favorable ao respecto nos casos en que sexa preceptivo.

3. En todo caso, deberase respectar o dominio público hidráulico e a franxa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía, de forma que as plantacións que se vaian autorizar non se realicen con especies alóctonas ou exóticas invasoras, conforme o artigo 3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, co obxectivo de preservar o estado do dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes, e previr a deterioración do ecosistema fluvial, contribuíndo á súa mellora. En calquera caso, non se poderán realizar plantacións no leito de augas baixas.

4. No caso de novas plantacións, sementeiras, etc., achegarase un estudo sobre a afección das novas plantacións ou sementeiras ao fluxo das augas en caso de enchentes, así como relativo á posible incidencia sobre as zonas de fluxo preferente.

5. Sen menoscabo do cumprimento doutros requisitos, emitirase informe positivo para as solicitudes de autorización vinculadas á mellora de ecosistemas naturais e seminaturais co albo de conseguir un bo estado ecolóxico das augas. Estas autorizacións respectarán en todo caso as condicións que o organismo de bacía imponha para a realización destas tarefas no relativo á conservación dos leitos e ao cumprimento das obrigacións ambientais.

**Artigo 35.** *Medidas relativas á navegación e ás actividades de aventura.*

1. Navegación:

- a) A excepción do previsto na alínea d), a navegación e flotación serán usos comúns especiais suxeitos a declaración responsable por parte do titular da actividade.
- b) Non se permite a navegación de embarcacións con motores de dous tempos de carburación.
- c) A declaración responsable presentarase no modelo normalizado que oportunamente aprobe a Presidencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e só se poderá levar a cabo da forma e nas condicións que ao respecto se establezan nas "Instrucións e requisitos para o cumprimento da declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación na bacía do Miño-Sil con embarcación", as cales serán aprobadas pola presidencia do organismo de bacía, logo de proposta da Comisaría de Augas.

Todo tipo de modificación no modelo normalizado de declaración responsable e das súas instrucións e requisitos deberá ser oportunamente publicado na páxina web do organismo de bacía ([www.chminosil.es](http://www.chminosil.es)), así como naqueles lugares onde se considere oportuno para dar unha maior publicidade.

A declaración deberase presentar cunha anticipación mínima de 15 días antes de exercer a navegación e flotación e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá comprobar a compatibilidade dese uso cos fins do dominio público hidráulico.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

En caso de se apreciar unha falta de compatibilidade, a Administración hidráulica poderá denegala de maneira expresa e motivada.

- d) Tramitarse a través de autorización calquera uso relacionado coa navegación e flotación en augas da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil que pola súa especial intensidade poida afectar a utilización do dominio público hidráulico por terceiros.

2. Actividades de aventura: a práctica de actividades de turismo de aventura que se desenvolvan no medio acuático no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil realizarase nas condicións máis adecuadas para facelas compatibles coa seguridade das persoas e a protección do ambiente. Permítese a práctica de actividades de aventura nas seguintes condicións:

- a) Se a actividade non implica obras en dominio público hidráulico ou nas súas zonas de protección, e se non supón flotación e navegación, a actividade considerárase baño e, por tanto, un uso común xeral non sometido a autorización nin concesión.
- b) Se a actividade non implica obras en dominio público hidráulico ou nas súas zonas de protección, pero se realiza mediante un instrumento que se poida considerar navegación ou flotación, deberase presentar a oportuna declaración responsable de navegación prevista no número anterior.
- c) Se a actividade implica a realización de obras fixas ou temporais en dominio público hidráulico ou nas súas zonas de protección, terase que solicitar e obter a oportuna autorización ou concesión administrativa, sen que en ningún caso poidan estar destinadas a albergar persoas.

Todo isto sen prexuízo de que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poida establecer ríos ou tramos de ríos en que non se permita a práctica destas actividades por motivos ambientais ou de seguridade.

### ***Sección III. Medidas para a protección do estado das masas de auga***

#### **Artigo 36. Da protección das augas.**

1. Os perímetros de protección referidos no artigo 57.1 do RPH e 97.c do TRLA estarán conformados por todas as zonas e perímetros de protección sinalados no artigo 21, así como todos os indicados para cada zona protexida recollida no Rexistro de Zonas Protexidas (capítulo 5 da memoria do plan), e tamén pola zona de policía dos leitos superficiais. Nestas zonas e perímetros son de aplicación as normas establecidas no RDPH para as zonas de policía, tal como establece o propio artigo 57.1 do RPH.

2. Para os efectos do recollido neste plan hidrolóxico, consideraranse incorporados e integrados nas masas de auga das cales son bacía vertente todos os leitos da rede hidrográfica da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, conforme o número 2.2.1.1 da Instrución de planificación hidrolóxica e ao artigo 26.1.

#### **Artigo 37. Das verteduras.**

Na falta de disposición de carácter xeral aplicable, durante a vixencia do presente plan establécense, en relación coa xestión de verteduras da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, os criterios dos artigos 38 a 44, ambos inclusive, a fin de alcanzar os obxectivos ambientais recollidos neste plan hidrolóxico.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

**Artigo 38. Autorizacións de vertedura.**

1. Polo que se refire á vertedura directa ou indirecta de augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, atenderase ao disposto no artigo 100.1 do TRLA.
2. As autorizacións de verteduras establecerán as condicións en que deben realizarse, co obxecto de atinxir os obxectivos ambientais establecidos e as normas de calidade ambiental.
3. Toda vertedura deberá cumprir as características de emisión establecidas na normativa vixente que lle sexa de aplicación, así como aquelas que garantan o cumprimento das normas de calidade e obxectivos ambientais fixados para a masa de auga en que se realiza a vertedura, tanto considerando esta individualmente como en conxunto coas restantes verteduras.
4. En canto á revisión das autorizacións de vertedura, observarase o disposto nos artigos 104.1 do TRLA e 261 do RDPH.
5. Así mesmo, naquelas masas de auga en que a consecución do bo estado ecolóxico se vexa comprometida polas verteduras, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá requirir aos titulares das autorizacións de vertedura nesa masa medidas adicionais de redución e, se for o caso, denegar novas autorizacións de verteduras na masa afectada e nas masas augas arriba que se determinen. Tamén se poderá requirir a constitución de comunidades de verteduras de acordo co artigo 90 do TRLA e 253.3 do RDPH.
6. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá impor ás verteduras a obrigaición de modular o seu caudal e mesmo que esta modulación se faga antes do proceso de depuración.
7. En zonas urbanas ou industriais, as verteduras de augas residuais que polas súas características e localización poidan ser aceptadas polas instalacións dun sistema de saneamento xestionado por administracións autonómicas ou locais ou por entidades dependentes delas deberanse conectar á rede de colectores no punto indicado polo xestor como opción preferente fronte á alternativa de depuración individual. Todo isto sen prexuízo de que a Administración correspondente impoña as condicións que considere pertinentes na autorización de vertedura que debe outorgar conforme o artigo 101.2 do TRLA. No caso de que a conexión non sexa viable, o titular da vertedura deberá probar esa circunstancia mediante un certificado ou informe emitido polo xestor da rede de saneamento, para os efectos do artigo 253 do RDPH.
8. Os actos ou plans das comunidades autónomas ou entidades locais que comporten a xeración de augas residuais conterán e xustificarán solucións adecuadas para xestionalas, ben a través de sistemas de saneamento existentes con capacidade suficiente ben a través de novas instalacións que garantan, en todo momento, o cumprimento das normas de calidade establecidas para o medio receptor. Estes plans ou instrumentos de planeamento someteranse ao informe previo da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de conformidade co artigo 25 do TRLA.

**Artigo 39. Verteduras procedentes de zonas urbanas.**

1. Os proxectos de novos desenvolvementos urbanos deberán xustificar a conveniencia de establecer redes de saneamento separativas ou unitarias para augas residuais e augas de escorrimento pluvial, así como considerar medidas que limiten a chegada de augas de chuvia aos colectores. En todo caso, os sistemas de redes de saneamento que se planifiquen deberán ser previamente obxecto de informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de acordo co artigo 38.8, que poderá exixir, en función das

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

características e dimensións do proxecto, o establecemento do sistema de saneamento que considere máis adecuado, de conformidade co disposto no artigo 259 ter.1 do RDPH.

2. Nas redes de colectores de augas residuais urbanas non se admitirá a incorporación de augas de escorremento de chuvia procedentes de zonas exteriores ao núcleo urbano, nin doutro tipo de augas que non sexan as propias para as cales foron deseñadas, salvo en casos debidamente xustificadas.

3. Salvo estudos específicos, nos sistemas de saneamento unitarios a capacidade dos colectores augas abaixo dos dispositivos de alivio e do pretratamento das instalacións de depuración será, como mínimo, de 20 litros/segundo por cada 1.000 habitantes equivalentes. Así mesmo, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá exixir, cando o considere necesario para garantir o cumprimento das normas de calidade, que os aliviadoiros de enchente dispoñan dunha cámara de decantación de sólidos ou dun tanque de tormentas, así como dispositivos para evitar a saída de aceites e graxas ou sólidos graúdos, todo isto sen prexuízo do que se estableza nas normas técnicas.

4. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá exixir nos sistemas de saneamento separativos a instalación de sistemas de tratamento adecuados para as augas de escorremento pluvial cando se prevea que estas poden presentar niveis de contaminación significativos.

5. Cando, como consecuencia do fallo dunha estación depuradora de augas residuais, sexan previsibles danos importantes no río a xuízo da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, poderase impor a condición de aumentar o número de liñas de depuración.

6. As estacións depuradoras daqueles sistemas de saneamento urbanos en que se reciban as augas residuais de industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos disporán de dispositivos que permitan a detección de verteduras accidentais ou descargas de substancias tóxicas ou altamente contaminantes, e de instalacións que garantan o seu illamento e almacenamento e, se for o caso, o seu posterior tratamento mediante a súa incorporación gradual e progresiva ás instalacións de depuración, garantindo que estas non se vexan afectadas e, ademais, terase en conta o disposto no artigo 259 ter.2.b) do RDPH.

**Artigo 40. Verteduras procedentes de zonas industriais.**

1. Nas redes de colectores de augas residuais das industrias non se admitirá a incorporación de augas de escorremento de chuvia producidas en zonas exteriores á implantación da actividade industrial ou doutro tipo de augas que non sexan as propias para as cales foron deseñadas, salvo en casos debidamente xustificadas.

2. A incorporación á rede de colectores dunha industria das augas residuais doutra, antes da depuración, requirirá autorización administrativa. Se a incorporación se realiza despois da depuración, requirirá autorización administrativa de cada un dos efluentes e poderase utilizar unha rede común de evacuación de efluentes depurados.

3. Non se permitirá a chegada aos aliviadoiros de enchente de augas con substancias perigosas recollidas no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, nin de augas de proceso. En consecuencia, deberanse recoller, depurar e evacuar, de forma independente, as augas pluviais interiores da implantación industrial dos restantes fluxos de augas residuais da actividade, aínda que as súas características se poidan asimilar a algunha delas. Por isto, observarase o disposto no artigo 259 ter do RDPH.



---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

4. Poderase impor ao titular dunha autorización de vertedura a obrigación da regulación dos caudais, así como a de implantar as instalacións precisas para esta regulación, antes da depuración ou no tratamento primario.
5. Os peticionarios de autorización de verteduras industriais presentarán unha memoria sobre as características do proceso industrial na cal indicarán claramente aquelas fases que orixinen verteduras. Presentarase un esquema das liñas de recollida destas, co punto de vertedura final ou de conexión á rede de colectores xerais.
6. Exixirase a aplicación das mellores técnicas dispoñibles no deseño das instalacións de depuración, en particular no que respecta a recirculacións internas que redunden nun uso da auga máis eficiente diminuíndo o volume de vertedura xerado e, cando resulte posible, evitándoo.
7. No caso de industrias localizadas en zonas ou polígonos industriais, asegurarse, en todos os casos, a conexión das súas verteduras a redes de sumidoiros quer propias quer urbanas. Se non se dispón de sistema propio de depuración e o efluente é tratado nunha estación de augas residuais urbanas, as características do efluente da área industrial deberanse adecuar ás normas establecidas nas ordenanzas de vertedura, co fin de garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de depuración.
8. As industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos que sexan capaces de provocar verteduras accidentais de substancias perigosas terán sistemas de seguridade e obstáculos físicos que impidan eventuais verteduras ao sistema fluvial ou acuífero ou ás redes de saneamento colectivas.
9. As estacións depuradoras daqueles sistemas de saneamento, industriais ou urbanos, nos cales se reciban as augas residuais de industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos deberán dispor de dispositivos que permitan a detección de verteduras accidentais ou descargas de substancias tóxicas ou altamente contaminantes e de instalacións que garantan o seu illamento e almacenamento e, se for o caso, o seu posterior tratamento mediante a súa incorporación gradual e progresiva ás instalacións de depuración, e garantirán que estas non se vexan afectadas.
10. Así mesmo, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poderá exixir nas estacións depuradoras, en función das características da vertedura, das do leito receptor e dos medios adicionais de emerxencia de que dispoñan, a instalación de dispositivos que permitan o almacenamento da auga sen tratar que se poida orixinar por paradas súbitas ou programadas daquelas.

**Artigo 41. Verteduras procedentes de instalacións de residuos sólidos.**

1. Cando un vertedoiro controlado de residuos sólidos afecte o dominio público hidráulico, á petición de autorización que se presentará na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil xuntaráse, necesariamente, un estudo dos efectos ambientais esperados. O seu contido axustarase ao determinado nos números 2 e 3 do artigo 237 do RDPH. En calquera caso, observarase o disposto no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito nun vertedoiro.
2. Todo depósito de residuos sólidos ou semisólidos que poida producir a contaminación das augas continentais realizarase en vertedoiros controlados, que disporán dun sistema de desvío de augas pluviais exteriores ao recinto e de recollida de lixiviados que garanta o total control destes e impida a súa filtración no terreo, o que se xustificará co estudo correspondente. Se existe vertedura a un leito superficial, deberase dispor da preceptiva autorización de vertedura da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

3. Os depósitos de residuos sólidos non inertes e daqueles que, sendo inertes, sexan lavables polas augas deberán dispor dun colector de lixiviados. Os efluentes recibirán o tratamento administrativo das verteduras líquidas e deben estar amparados pola correspondente autorización de vertedura. Ora ben, cando debido ás súas características os lixiviados poidan ter a consideración de residuos líquidos, estes deberanse de xestionar conforme a lexislación vixente en materia de residuos e queda prohibida a súa vertedura ao dominio público hidráulico.

4. Os efluentes e lixiviados de depósitos de residuos sólidos que conteñan substancias perigosas, de conformidade co anexo IV do RPH, deberanse recoller de maneira separada do resto, evitando en todo momento o seu contacto con augas de chuvia, e disporán de estritas condicións de impermeabilización dos seus paramentos e de estanquidade no sistema de recollida.

**Artigo 42.** *Verteduras en leitos naturais con réxime intermitente de caudal.*

As verteduras en leitos naturais con réxime intermitente de caudal deberán cumprir, ademais das condicións previstas no artigo 259 bis do RDPH, as seguintes:

- a) Evitaranse empozamentos e situacións insalubres do contorno.
- b) No caso das verteduras indirectas a augas subterráneas, as condicións en que se debe realizar a vertedura serán as que correspondan aos obxectivos ambientais dos acuíferos sobre os cales se sitúen os distintos tramos do leito.

**Artigo 43.** *Caudal preventivo.*

1. Enténdese por caudal preventivo o caudal mínimo circulante polo leito receptor sobre o cal se realizará e mesturará a vertedura, que se deberá adoptar no estudo do cumprimento dos obxectivos e normas de calidade establecidas para as augas daquel.

2. Salvo motivos debidamente xustificadas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o caudal preventivo corresponderase, como mínimo, co caudal ecolóxico determinado na correspondente autorización administrativa, de acordo co apéndice 6.

3. Cando se produzan verteduras a leitos naturais que pola súa reducida entidade non fosen considerados como masa de auga, o tratamento deberá aplicar as mellores técnicas dispoñibles e non deberá impedir alcanzar os obxectivos de calidade aplicables á masa de auga con que conflúa, de acordo co artigo 37.

4. A autorización de vertedura aos leitos a que se refire o número 3 realizararase tendo en conta o cumprimento das normas de calidade ambiental aplicables ás masas de auga con que conflúan, así como a potencial zona de mestura.

**Artigo 44.** *Reutilización de augas residuais e retornos de rega.*

1. Reutilización de augas residuais: a reutilización de augas residuais procedentes dun aproveitamento deberase axustar ao réxime xurídico previsto no TRLA. Así mesmo, toda reutilización de augas depuradas axustarase ao disposto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

2. Retornos de rega:

- a) As augas circulantes polas canles de drenaxe e colectores dentro dos límites da zona regable correspondente, en canto non se produza a reintegración ao río, teñen a consideración de augas xa concedidas, polo que a súa reutilización para a rega da dita zona regable non se considerará novo uso.
- b) O uso dos retornos de rega, cando non estean dentro da zona regable, será obxecto de concesión, cuxo volume se terá en conta no control dos retornos de regas para os efectos previstos no artigo 6 da Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio.

**Artigo 45.** *Medidas relativas á protección das augas subterráneas en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo ou químico.*

1. O presente plan hidrolóxico non identifica masas de auga subterránea en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo e identifica dúas en mal estado químico, que son as masas 011.004 Cubeta do Bierzo e 011.005 Aluvial do Baixo Miño.

2. Os aproveitamentos de auga subterránea a que fai referencia o artigo 54.2 do TRLA e que estean situados en acuíferos que fosen declarados sobreexplotados ou en risco de o estaren, ou en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo ou químico, de conformidade co artigo 171.5.b) do RDPH, requirirán autorización previa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

3. Para os efectos de considerar cando un acuífero ou zona se encontra en proceso de salinización, atenderase ao disposto no artigo 244.3 do RDPH. Co fin de garantir que non se produza intrusión mariña nun acuífero costeiro ou nun sector del, deberanse realizar os estudos necesarios para poder definir e executar os elementos de control que permitan garantir que o acuífero non se salinice. No caso daqueles acuíferos que pola súa explotación se poidan ver en risco, terase en conta a súa distancia e a súa posible comunicación co mar e o cono de depresión producido despois dos bombeos, e levarase a cabo un control mediante sondaxes piezométricas e de calidade, e a posibilidade de establecer unha sondaxe de control entre o pozo e o mar.

**Sección IV. Medidas para a protección contra as inundacións e as secas**

**Artigo 46.** *Das inundacións.*

A xestión das inundacións, na falta de disposición de carácter xeral aplicable, desenvolverase tendo en conta o Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil para o período 2015-2021 e os criterios establecidos nos artigos 47 a 49, ambos inclusive.

**Artigo 47.** *Medidas e normas que se cumprirán nas obras de construción en dominio público hidráulico.*

1. En zona urbana ou urbanizable, as pontes e obras de paso dimensionaranse para un caudal de enchente de período de retorno de 500 anos, deixando libre a zona de fluxo preferente do leito. Ata 30 m de luz libre terán un só van. Para luces maiores, terán un van central con luz maior de 25 m e outro ou outros dous con luces maiores de 6 m, e evitaranse apoios intermedios sobre o leito cando o largo deste sexa inferior á luz do van central da ponte. En tramos rectos o van de máis de 25 m situarase no centro, e en tramos curvos, no exterior da curva.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

A altura libre desde o nivel da auga para a dita enchente extraordinaria ata a cara inferior do taboleiro será, se é posible, dun metro ou maior. En calquera caso, no punto máis desfavorable da ponte esta altura libre será como mínimo igual ao 2,5% da luz da ponte e nunca inferior ao que resulte de interpolar entre os seguintes valores:

Bacía (km <sup>2</sup> )	Altura libre (m)
5	0,25
10	0,50
25	0,50
50	0,50
100	0,75
1.000	1,00
>2.000	1,50

Salvo casos moi xustificados, os estribos deberán situarse fóra do leito e deixar libre a zona de servidume de ambas as marxes, co fin de permitir o seu uso público e protexer o ecosistema fluvial.

Na rede de estradas do Estado será de aplicación a Instrución 5.2 IC – Drenaxe superficial, do Ministerio de Fomento.

2. Fóra de zona urbana ou urbanizable, e no caso de infraestruturas importantes, as pontes e obras de paso dimensionaranse para un caudal de enchente de período de retorno de 500 anos, de acordo co disposto no número 1.

No caso de infraestruturas de menor rango, as pontes e obras de fábrica poderanse dimensionar para un caudal de enchente de período de retorno de 100 anos, sempre que esta circunstancia se xustifique de forma adecuada, tendo en conta, polo menos, a entidade do leito e que non se produza un incremento significativo do risco de inundación con respecto ao período de retorno de 500 anos.

En todo caso, adaptaranse as luces e a distribución dos vans e a altura desde a superficie libre da auga para a enchente de deseño á parte inferior do taboleiro ao definido no número 1.

Os estribos deberán situarse sempre fóra do leito e, se for preciso, deixárase libre a zona de servidume de ambas as marxes, co fin de permitir o seu uso público e protexer o ecosistema fluvial, salvo casos moi xustificados.

3. As obras de paso de pouca importancia sobre leitos de pequena entidade en zona rural ou en zona chá deberán ter, polo menos, maior capacidade de desaugamento que o leito, nos tramos inmediatamente augas arriba e augas abaixo. Ata 20 m de luz o leito salvarase cun só van; para luces maiores haberá un van central de 15 m e outro ou outros dous con luces maiores de 3 m, e evítanse apoios intermedios sobre o leito cando o largo deste sexa inferior á luz do van central da ponte. A parte inferior do taboleiro quedará a 25 cm por enriba dos terreos estremeiros, non así os seus accesos, cuxos 20 m antes e despois da obra de paso quedarán ao nivel dos terreos, de maneira que se inunden antes os accesos que a obra. Así mesmo, non poderán cortar o remonte da fauna piscícola.

En camiños rurais para leitos de pequena entidade en zonas non chás, a obra de paso deberá permitir o desaugamento da enchente de 50 anos de período de retorno e que non se produza un estreitamento que diminúa a súa capacidade de drenaxe.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

Para efectos de aplicación do artigo 126.2 do RDPH, respecto ao trámite de información pública, consideraranse leitos de pequena entidade aqueles cuxa bacía de captación sexa inferior a 5 km<sup>2</sup> e sempre que, como consecuencia da destrución da obra pola forza das enchentes, non se poidan derivar danos significativos a persoas ou bens.

4. Nas obras de drenaxe transversal de vías de comunicación non se poderán engadir a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia. Así mesmo, se a bacía drenada é superior a 0,50 km<sup>2</sup>, a sección será visitable, cunha altura libre de polo menos 2 m e unha largura libre non inferior a 2,50 m. De igual modo, non poderán cortar o remonte da fauna piscícola, se for o caso. En casos debidamente xustificadas poderanse reducir as citadas dimensións, sempre que o deseño proposto permita o desaugamento do caudal de enchente de 100 anos de período de retorno.

5. Con carácter xeral, evítanse os cubrimentos e embovedados de leitos, mormente cando se prevean arrastres de sólidos e flotantes, salvo casos moi xustificadas. No suposto de que sexa inevitable a cobertura dun leito, se a bacía drenada é superior a 0,50 km<sup>2</sup>, a sección será visitable, cunha altura libre de, polo menos, 2 m e unha largura libre non inferior a 2,50 m. Procurarase que exista un pequeno leito que garanta un calado mínimo en augas baixas para o desprazamento da fauna piscícola e a capacidade de arrastre suficiente para que non se depositen arrastres. En casos debidamente xustificadas, poderanse reducir as citadas dimensións, sempre que o deseño proposto permita o desaugamento do caudal de enchente de 100 anos de período de retorno.

6. Na construción de obras de paso evítase alterar a morfoloxía do leito e garantirase a súa continuidade lonxitudinal. En todo caso, o titular das infraestruturas reguladas nos números anteriores deberá realizar os labores de conservación necesarios que garantan o mantemento da capacidade de desaugamento.

7. Queda prohibida a instalación de dispositivos de derivación de auga utilizando pedras ou materiais carrexados. Aquelas derivacións que só sexan utilizadas durante determinados períodos do ano terán a obriga de instalar azudes desmontables, que deberán ser retirados cada vez que finalice o período anual de uso establecido na correspondente concesión. Naqueles aproveitamentos existentes en pequenos leitos, e en casos debidamente xustificadas, poderanse utilizar pedras sempre que non se produzan enturbamentos significativos das augas nin sobre elevación da lámina de auga alén de 30 cm, ou ata 40 cm se non ocupan a totalidade do leito do río, e non produzan impactos augas abaixo por posibles arrastres. Os materiais empregados na construción do dique de pedras da zona non poden modificar a estrutura do leito, polo que deben restauralo ata recuperar o estado orixinal, e non poden proceder en ningún caso de materiais de demolición e restos da construción.

8. Os azudes para outros usos que se constrúan sobre cursos fluviais deberán ser desmontables na súa totalidade, salvo casos xustificadas, onde poderán ser fixos e deberán dispor de dispositivos de remonte para a fauna piscícola, se for necesario. O labio do azude situarase a unha altura sobre o leito tal que o caudal da máxima crecida ordinaria que é capaz de desaugar o leito nese tramo poida verter polo azude en réxime crítico e sen producir rebordamentos nas marxes. Así mesmo, non deberán producir augas arriba sobre elevacións da lámina de auga que produzan afeccións a terceiros.

9. As obras de protección de ribeiras fluviais, de seren precisas para a súa conservación e restauración, salvo casos xustificadas, deberán permitir o desenvolvemento da vexetación autóctona de ribeira e contribuir á mellora do seu ecosistema fluvial, polo que se deberán utilizar preferentemente técnicas de bioenxeñaría.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

No caso de que coas obras de defensa ou protección do leito se pretenda recuperar terreos que pertenceron ao petionario, farase constar expresamente esta circunstancia na solicitude inicial xustificando a propiedade mediante a presentación do oportuno título ou certificación rexistral, xunto cunha copia do plano parcelario do predio que se pretende recuperar.

10. Os caudais de enchentes determinarase a partir de estudos foronómicos ou métodos hidrometeorolóxicos calibrados realizados por técnicos competentes e validados pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e, en caso de que sexan de aplicación polas súas hipóteses e limitacións, poderanse utilizar o ábaco que aparece no apéndice 12 ou a aplicación Caumax desenvolvida polo Cedex (Centro de Estudos e Experimentación e Obras Públicas).

**Artigo 48. Limitacións aos usos na zona de policía inundable.**

1. De conformidade co previsto no artigo 11.3 do TRLA e no Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, e no Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, establécense as limitacións a certos usos do solo para as diversas zonas do ámbito inundable que se detallan nos números seguintes.

2. Dentro da chaira de inundación diferéncianse a zona inundable e a zona de fluxo preferente, definidas no artigo 3 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.

3. Para efectos da definición de vía de intenso desaugamento atenderase ao establecido no artigo 9.2 do RDPH, de maneira que a sobreelevación referida nesta disposición se reducirá ata 0,1 m cando o incremento da inundación produza graves prexuízos e, ademais, sexan factibles, técnica e economicamente, outras localizacións para novas construcións fóra desa zona e poderase aumentar ata 0,5 m en solo rural, naqueles casos onde o incremento da inundación produza danos reducidos e exista dificultade para acondicionar outras áreas alternativas de desenvolvemento.

4. De conformidade co artigo 9.2 do RDPH, na zona de fluxo preferente só poderán ser autorizados polo organismo de bacía os usos e actividades permitidos nesta zona que non presenten vulnerabilidade fronte ás enchentes, tales como:

- a) Usos agrícolas: terras de labranza, pastos, horticoltura, viticultura, céspede, silvicultura, viveiros ao aire libre e cultivos silvestres.
- b) Uso gandeiro non estabulado.
- c) Usos recreativos, públicos e privados: parques e xardíns, campos de golf, pistas deportivas, zonas de descanso, de natación, reservas naturais de caza, coutos de caza ou pesca, circuitos de excursionismo ou equitación. Dentro destes usos non se inclúen os cámpings.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 14.4 do RDPH, na zona de fluxo preferente quedan prohibidos, con carácter xeral, os seguintes usos:

- a) Novas edificacións, calquera que sexa o seu uso.
- b) Garaxes subterráneos e sotos.
- c) Os cámpings e edificios vinculados.
- d) Obras de reparación de edificacións existentes que supoñan unha alteración da súa ocupación en planta ou o cambio de uso das edificacións que incremente a súa vulnerabilidade fronte ás enchentes.
- e) Cerramentos e valados que non sexan diáfanos, tales como os cerramentos de muro de obra de calquera clase.

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

6. O deseño das pontes, pasarelas e obras de drenaxe transversal das autoestradas, autovías, vías rápidas e novas estradas convencionais e da rede ferroviaria de interese xeral, así como daqueloutras vías de comunicación que dean acceso a instalacións e servizos básicos para a planificación de protección civil, realizarase de forma que non se ocupe a vía de intenso desaugamento con terrapléns ou estribos da estrutura de paso e non se produzan alteracións significativas da zona de fluxo preferente, para o cal a obra de paso se complementará con posibles obras de drenaxe adicionais e pasos inferiores. En caso necesario, poderanse situar piares dentro da vía de intenso desaugamento, minimizando sempre a alteración do réxime hidráulico e garantindo que a sobreelevación producida sexa inferior aos límites establecidos no artigo 9.2 do RDPH. Naquelas zonas onde se poida ver afectada a seguridade das persoas e bens ou o posible desenvolvemento urbanístico, a sobreelevación máxima será inferior a 10 cm.

7. Excepcionalmente, poderase autorizar a construción ou a rehabilitación de depuradoras de augas residuais urbanas e de edificacións en soares con medianís de edificación consolidada a un ou a ambos os lados no interior do solo urbanizado preexistente, estes últimos cando este solo se encontre na situación básica de solo urbanizado, de acordo co disposto no artigo 21.3 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana. Para estes supostos excepcionais, as edificacións e usos que neles se dispoñan deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que non se incremente de maneira significativa a inundabilidade do contorno nin se condicionen as posibles actuacións de defensa contra inundacións do núcleo urbano.
- b) Para o caso das depuradoras de augas residuais, que se xustifique a imposibilidade económica da súa execución noutro lugar e que se deseñen tendo en conta o risco de inundación existente.
- c) Respecto aos usos residenciais, que se sitúen por enriba da cota de inundación de período de retorno de 500 anos.
- d) No caso de rehabilitacións de edificacións con actividades previas vulnerables, cando se adopten medidas para minimizar a vulnerabilidade fronte ás enchentes das actividades existentes.
- e) Que non se trate de instalacións que almacenen, transformen, manipulen, xeren ou vertan produtos que poidan resultar prexudiciais para a saúde humana e o contorno (solo, auga, vexetación ou fauna), como consecuencia do seu arrastre, dilución ou infiltración, nin de centros escolares ou sanitarios, residencias de anciáns ou discapacitados físicos ou psíquicos, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de Protección Civil, estacións de fornecemento de carburante, depuradoras industriais, almacéns de residuos, estacións eléctricas, granxas ou criadeiros de animais.
- f) Que o solicitante da autorización presente declaración responsable en que exprese claramente que coñece e asume o risco existente na nova edificación e as medidas de protección civil aplicables ao caso, con independencia das medidas complementarias que considere oportuno adoptar para a súa protección.

8. En zona inundable dentro da zona de policía, pero fóra da zona de fluxo preferente, e salvo que se obteña autorización, quedan prohibidos, con carácter xeral, os seguintes usos:

- a) Garaxes subterráneos e sotos, salvo que se impermeabilicen con cerramentos estancos e dispoñan de accesos e respiradoiros elevados sobre a cota de inundación.
- b) As acampadas en ningún caso.
- c) As infraestruturas públicas esenciais en que se deba asegurar a súa accesibilidade en situación de emerxencia por graves inundacións, tales como centros escolares ou sanitarios, residencias de anciáns ou discapacitados físicos ou psíquicos, parques de bombeiros, instalacións dos servizos de Protección Civil.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- d) Amoreamentos de materiais ou residuos de todo tipo, mormente cando poidan ocasionar unha redución significativa da sección de desaugamento, provocar a contaminación ou degradación do dominio público hidráulico e aboiar ou ser arrastrados e provoquen así a obstrución de obras de drenaxe e pontes.

No solo urbanizado, salvo imposibilidade material debidamente xustificada, os novos usos residenciais deberanse dispor a unha cota non alcanzable pola enchente de período de retorno de 500 anos.

9. Permitiranse, con carácter xeral, as actuacións destinadas á conservación e restauración de construcións singulares do patrimonio histórico asociadas a usos tradicionais da auga, como muíños, mazos, ferrarías, entre outras construcións de gran valor etnográfico e testemuñas da tradición, sempre que se manteña o seu uso tradicional e en ningún caso se permite un cambio de uso, salvo o acondicionamento museístico.

10. Cando os actos ou plans das comunidades autónomas ou das entidades locais comporten afeccións a leitos públicos, ás súas zonas de servidume ou policía ou ao réxime de correntes, con especial referencia á inundabilidade, deberán ter en conta e xustificar, de acordo co principio de desenvolvemento sustentable e tendo en conta os mapas e plans de xestión de perigosidade e risco de inundación existentes, que non inciden no réxime de correntes, así como a definición dos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico, as súas zonas de servidume e policía e inundables que afectan. Deste modo, de conformidade co artigo 25.4 do TRLA, os plans das comunidades autónomas e instrumentos de planeamento deberanse someter ao informe previo da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

11. Na falta de estudos específicos, a cartografía de referencia sobre os distintos tipos de zonas inundables será a ofrecida polo Sistema nacional de cartografía de zonas inundables conforme o establecido no artigo 10 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo.

**Artigo 49. Risco de inundación e planificación territorial e urbanística.**

1. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dispón dos mapas de perigosidade e risco de inundación conforme o Real decreto 903/2010, do 9 de xullo. Non obstante, os plans das comunidades autónomas e instrumentos de planeamento urbanístico, así como os seus instrumentos de desenvolvemento ou modificativos, deberán analizar as condicións de drenaxe superficial do territorio, tanto das augas caídas no seu ámbito de actuación como as das bacías vertentes que o afecten. Para isto, como mínimo reflectirán na súa parte informativa:

- a) O dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- b) As zonas de risco de inundación conforme os criterios establecidos no artigo 48.

2. Na zona de dominio público hidráulico non se admitirá ningún uso, salvo aqueles previstos na lexislación aplicable en materia de augas, e prohíbese calquera tipo de edificación, así como a realización de obras de infraestrutura que sexan vulnerables ou poidan modificar negativamente o proceso de inundación. Respecto aos usos na zona de servidume, observarase o disposto no artigo anterior.

Co obxecto de fomentar a protección das marxes e ecosistemas de ribeira, potenciarase o uso como espazos libres e zonas verdes das zonas estremeiras dos leitos, tendo en conta o seu carácter inundable e de soporte do ecosistema fluvial e de ribeira.



---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

3. Nos instrumentos de ordenación do territorio e planeamento urbanístico non se poderá prever nin autorizar nas zonas de fluxo preferente ningunha instalación ou construción, nin obstáculos que alteren o réxime de correntes. Só poderán ser autorizadas aquelas actividades non vulnerables fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade das vías de intenso desaugamento. Considéranse usos compatibles con estas condicións os seguintes:

- a) Os usos agrarios, sen que se poida admitir ningunha instalación ou edificación, nin o establecemento de invernadoiros nin ningún tipo de cerramento das parcelas que impida preservar o réxime das correntes.
- b) Os parques, espazos libres, zonas axardinadas e usos deportivos ao aire libre, sen edificacións nin construcións de ningún tipo.
- c) As lacunaxes e as estacións de augas residuais ou potables.
- d) O establecemento lonxitudinal de infraestruturas de comunicación e transporte, sempre que permita a preservación do réxime de correntes e se xustifique a imposibilidade de realizar un trazado alternativo fóra da zona de fluxo preferente.
- e) A implantación de infraestruturas de servizos e canalizacións, debidamente soterradas e protexidas, sempre que se preserve o réxime de correntes e se garanta que non afectan a calidade das augas.
- f) Aqueloutros usos previstos pola lexislación aplicable en materia de dominio público hidráulico.

En todo caso, os usos da auga vinculados a novos desenvolvementos urbanísticos deberán ter sido planificados conforme o artigo 22.3.a) do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.

4. Nas zonas inundables, o réxime de usos establecido deixa de ser de aplicación cando o planeamento urbanístico, co informe favorable da Administración hidráulica, prevexa a execución das obras necesarias a fin de que as cotas definitivas resultantes da urbanización cumpran coas condicións de grao de risco de inundación adecuadas para a implantación da ordenación e usos establecidos no indicado planeamento. En calquera caso, estas obras deberán ser autorizadas expresamente pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e ata o momento en que estas estean terminadas non se poderán levar a cabo obras de urbanización que resulten vulnerables fronte ás enchentes ou que supoñan unha redución significativa da capacidade das vías de intenso desaugamento.

5. As limitacións dos usos e construcións admisibles por parte do planeamento urbanístico que establece o número 3 non serán de aplicación a aquelas edificacións, conxuntos de edificacións ou construcións que sexan obxecto de protección polo seu valor histórico, artístico, arquitectónico ou industrial. En calquera caso, o planeamento urbanístico xeral, de acordo co que determine a Administración hidráulica, ten que prever as actuacións necesarias para a adopción das medidas de protección fronte aos riscos de inundación nos referidos ámbitos, así como a programación e a execución das obras correspondentes e, en particular, para estas construcións. O planeamento urbanístico xeral poderá condicionar as actuacións de transformación dos usos ou de reimplantación de usos preexistentes á execución das infraestruturas necesarias a cargo do promotor da actuación, que adecúen o risco de inundación á ordenación urbanística.

6. O planeamento urbanístico xeral someterá ao réxime de fóra de ordenación as edificacións e actividades preexistentes en terreos incluídos no dominio público hidráulico ou na zona de servidume de leitos que non se axusten ao que establece o número 2 deste artigo, sempre que non estean incluídas nalgún dos supostos previstos no número 5.

---

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

---

7. Aqueles plans e instrumentos de planeamento, así como as clasificacións e usos previstos neles que consideren a posibilidade de urbanizar e estean afectados pola zona inundable, e non contén cun plan de canalización aprobado definitivamente, deberán ser obxecto dun estudo de inundabilidade específico con carácter previo á súa aprobación ou programación. Este estudo concluirá sobre a conveniencia de:

- a) Desclasificar todo ou parte do citado solo.
- b) Establecer condicións á ordenación pormenorizada para evitar a localización dos usos máis vulnerables nas zonas de maior perigosidade do sector.
- c) Realizar obras de defensa que, en todo caso, deberán incluírse nas obras de urbanización da actuación.
- d) Impor condicións á forma e disposición das edificacións que se materialicen dentro do sector.

8. Os plans e instrumentos urbanísticos afectados pola zona inundable deberán respectar e axustarse ás determinacións da presente planificación e precisarán informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para efectos de impor condicións de adecuación ás futuras edificacións e a realización de actuacións de defensa que se consideren prioritarias.

9. En ningún caso os plans ou instrumentos de planeamento urbanístico poderán dar lugar a un incremento significativo do risco de inundación na área, termo municipal onde se desenvolvan ou nos municipios estremeiros.

10. Na xestión dun evento de inundación, na operación dos órganos de desaugamento dos encoros da bacía procederase de acordo co establecido no artigo 49 do Regulamento da administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.

Co fin de minimizar os danos augas abaixo dos encoros existentes, no conxunto de operacións destinadas á xestión dunha enchente nun determinado tramo de río situado augas abaixo dun encoro ou sistema de encoros, as manobras dos órganos de desaugamento realizaranse co obxectivo de que o caudal máximo desaugado non supere, ao longo do período de duración do episodio, o máximo caudal de entrada estimado.

**Artigo 50. Protección contra as secas.**

No relativo á xestión e protección fronte a secas, observarase o disposto na Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, pola que se aproban os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca nos ámbitos dos plans hidrolóxicos de bacías intercomunitarias, que inclúe o ámbito territorial do plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

**Sección V. Réxime económico-financeiro da utilización do dominio público hidráulico**

**Artigo 51. Aplicación do principio de recuperación de custos.**

No capítulo 9 da memoria recóllese a información sobre a aplicación do principio de recuperación dos custos dos servizos da auga; en todo caso, só se poderán establecer excepcións ao dito principio se se cumpren as condicións establecidas no artigo 111 bis.3 do TRLA.

### Capítulo VIII. Programa de medidas

#### **Artigo 52. Programa de medidas.**

O programa de medidas deste plan hidrolóxico vén constituído polas medidas que se describen no capítulo 12 da memoria. Os investimentos previstos nos distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 11, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda incorporada na parte dispositiva deste real decreto. As distintas medidas quedan agrupadas nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).
- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e do funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais que se aplicarán sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
- l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).
- m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
- n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
- o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).
- p) Medidas de recuperación e revisión tras inundacións (tipos 16 a 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos 1 a 10 correspóndense directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga e afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; da mesma forma, as medidas dos tipos 13 a 18 correspóndense coa implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación e afrontan problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de gobernanza afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrolóxico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, aínda non sendo medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

Capítulo IX. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública

**Artigo 53.** *Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública.*

1. O organismo de bacía establecerá o sistema organizativo e o cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrológico.
UDA Val de Lemos	11,58	Río Cabe.
<b>Total UDA</b>	<b>11,58</b>	

## Apéndice 7.6. Asignación de recursos do sistema de explotación do Limia.

SISTEMA DE EXPLOTACIÓN LIMIA		
UNIDADE DE DEMANDA	ASIGNACIÓN (hm <sup>3</sup> /ano)	PROCEDENCIA
UDU Xinzo de Limia	1,2	E. Faramontaos e MAS Xinzo de Limia.
Resto UDU	2,25	Varios.
<b>Total UDU</b>	<b>3,45</b>	
UDA Alta Limia	1,07	Río Trasmiras.
UDA Corno do Monte	1,47	Río Nocelo.
UDA Lagoa de Antela	4,76	da lagoa de Antela.
UDA Antioquía	9,16	da Lagoa de Antela.
UDA San Salvador	0,67	Río Limia.
UDA Lamas-Ganade	1,52	Río Limia.
<b>Total UDA</b>	<b>18,65</b>	

## Apéndice 7.7. Asignación de recursos totais da demarcación.

TOTAIS DEMARCACIÓN (hm <sup>3</sup> /ano)	
Total UDU	97,96
Total UDA	195,66
Total UDI	11,47
<b>Total asignacións</b>	<b>305,09</b>

## Apéndice 7.8. Reserva de recursos.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil establece unhas reservas de recursos con base nos caudais ecolóxicos que deben resultar en cada sistema de explotación e unhas reservas para abastecemento, calculadas con base na poboación e que se indican a seguir:

SISTEMA DE EXPLOTACIÓN	RESERVA AMBIENTAL (hm <sup>3</sup> /ano)	RESERVA DE ABASTECIMENTO (hm <sup>3</sup> /ano)
MIÑO ALTO	518,72	25,06
MIÑO BAIXO	706,84	43,77
SIL SUPERIOR	502,40	15,03
SIL INFERIOR	676,46	5,84
CABE	97,34	4,83
LIMIA	163,66	3,46
<b>TOTAL DHMS</b>	<b>2.665,42</b>	<b>97,99</b>

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

## APÉNDICE 8. DOTACIÓNS DE RECURSOS SEGUNDO OS USOS

### 1. Dotacións de auga para uso destinado ao abastecemento. Uso destinado ao abastecemento de núcleos urbanos.

#### a) Uso doméstico. Consumo humano.

i. Establécense as seguintes dotacións brutas máximas de auga para **consumo humano** para a satisfacción de necesidades básicas de consumo de boca e de salubridade, é dicir o correspondente a beber, cociñar, preparar alimentos e hixiene persoal, entendéndose como dotación bruta o cociente entre o volume disposto na rede de fornecemento en alta (no punto de captación) e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de fornecemento ou xustificados, pola Administración local ou autonómica correspondente, de acordo cos seus plans de desenvolvemento urbano.

POBOACIÓN ABASTECIDA POLO SISTEMA (MUNICIPIO, ÁREA METROPOLITANA, ETC.)	DOTACIÓN BRUTA MÁXIMA (L/hab/día)
Menos de 2.000	180
De 2.001 a 10.000	170
De 10.001 a 50.000	160
De 50.001 a 250.000	150
Máis de 250.000	140

ii. Nas peticións realizadas por concellos, no caso de que o uso destinado a abastecemento de núcleos urbanos inclúa, ademais do uso para consumo humano, outros usos domésticos distintos do consumo humano, uso municipal (baldeos, fontes ou outros como por exemplo rega de pouco consumo de auga -áreas libres, parques e xardíns-, usos para equipamentos públicos -colexios hospitais, instalacións deportivas, etc.-, usos recreativos, etc.) e industrias, comercios, gandaría e regadío de pouco consumo de auga, situados en núcleos de poboación e conectados á rede municipal ou da comunidade de usuarios, a dotación bruta máxima de auga, incluíndo o uso doméstico sinalado na alínea i), será de 230 l/hab/día para calquera rango de poboación.

b) Outros usos domésticos distintos do consumo humano. Usos municipais. Industrias, comercios, gandaría e regadío de pouco consumo de auga, situados en núcleos de poboación e conectados á rede municipal.

i. Para o regadío de pouco consumo de auga conectado á rede municipal como a rega de áreas libres (zonas verdes, parques e xardíns...) e baldeo de rúas, establécese unha dotación bruta máxima de 4.000 m<sup>3</sup>/ha/ano.

ii. Establécense as seguintes dotacións unitarias brutas máximas para a atención doutros usos domésticos distintos do consumo humano, usos municipais, industrias, comercios, gandaría e regadío de pouco consumo de auga, situados en núcleos de poboación e conectados á rede municipal, entendendo como dotación unitaria bruta o cociente entre o volume fornecido á rede en alta desde as captacións e o número de prazas autorizadas na instalación que se atenda. Para as dotacións para gandaría conectadas á rede municipal observarase o recollido no **número 4**.

TIPO DE ESTABLECEMENTO	DOTACIÓN MÁX. BRUTA (L/praza/día)
Cámpings	100
Hoteis	250
Colexios	60

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

TIPO DE ESTABLECIMENTO	DOTACIÓN MÁX. BRUTA (L/praza/día)
Hospitais, clínicas e residencias	300
Cuarteis	60
Restaurantes, merendeiros...	60
Oficinas	60
Auditorios, centros de espectáculos...	20
Centro comercial ou de lecer	100
Servizos e vestiarios públicos	200
Outros asimilables	100

iii. No caso de non poder asimilar a solicitude formulada a algún dos valores da táboa anterior, a dotación bruta máxima que se empregará nos distintos equipamentos públicos (colexios, polideportivos...) será de 3 l/m<sup>2</sup> construído/día.

### 2. Usos destinados a outros abastecementos fóra dos núcleos urbanos.

As dotacións para usos destinados a outros abastecementos fóra dos núcleos urbanos, tales como consumo humano, outros usos domésticos distintos do consumo humano e regadío de pouco consumo de auga (rega de xardíns ou asimilable), serán as mesmas que as sinaladas no número 1.

### 3. Usos agropecuarios. Dotacións de auga para regadío.

a) Nos expedientes de novas concesións, modificación ou revisión de características das existentes, e salvo xustificación en contrario, utilizaranse as **seguintes** dotacións unitarias brutas máximas. Estas dotacións inclúen todas as necesidades hídricas das parcelas que se van regar, incluíndo a auga que se requira para tratamentos fitosanitarios, regas antixeada (excepto para o kiwi), lavado de terreos e outros fins ligados á actividade.

CULTIVO	DOTACIÓN MÁXIMA BRUTA (m <sup>3</sup> /ha/ano)
Cultivos bioenerxéticos: bioetanol	2.950
Cereais gra de inverno	1.400
Cultivos forestais	2.650
Cultivos forraxeiros	3.900
Froiteiras de froito carnoso non cítricos	2.800
Hortalizas ao aire libre	3.500
Leguminosas gra	2.500
Millo e sorgo	3.950
Patata	3.500
Remolacha	3.450
Viña, videira	1.200
Kiwi	3.900
Cultivos herbáceos xerais e asimilables	2.500

b) Para o resto de cultivos non clasificables nos grupos anteriores, aplicaranse as mesmas dotacións brutas máximas que para os cultivos herbáceos xerais. Isto último será de aplicación cando se trate de cultivos mixtos en que non se poida determinar a porcentaxe de cada cultivo.

c) Poderase acreditar a necesidade de aplicar dotacións unitarias brutas superiores ás indicadas neste artigo sempre que se xustifique tecnicamente esa necesidade mediante o correspondente estudo agronómico que avalíe a evapotranspiración do cultivo na zona de implantación para un período de

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

anos non inferior a 10 consecutivos, incorporando polo menos algún ano do trienio anterior á data de solicitude da concesión, de forma que coa rega se cubra o déficit hídrico do solo nun máximo do 80%. No relativo ao cultivo en invernadoiro (baixo cuberta), de acordo co anexo IV da Instrución de planificación hidrolóxica, poderanse afectar as dotacións sinaladas no plan para cultivos ao aire libre polo coeficiente de 1,5.

**4. Usos agropecuarios. Dotacións de auga para usos gandeiros.**

a) Establécense as seguintes dotacións unitarias máximas brutas para a atención do gando estabulado, entendendo como dotación unitaria bruta o cociente entre o volume fornecido á rede en alta desde as captacións e o número de cabezas de cada tipo de gando atendidas na zona de fornecemento. Os valores exprésanse en litros/cabeza/día e inclúen todos os usos específicos (limpeza, refrixeración, servizos...) que requira a instalación agropecuaria.

TIPO DE GANDO	DOTACIÓN BRUTA MÁXIMA (L/cabeza de gando/día)
Porcino	50
Equino	100
Bovino	120
Ovino – caprino	10
Avícola menor (polos, pavos, paspallás...)	0,5
Avícola maior (avestruces...)	5
Cunícola	0,5
Cánidos	5
Outro gando maior	50
Outro gando menor	25

b) No caso da gandaría non estabulada aplicaranse reducidas nunha terceira parte as mesmas dotacións que para o caso da estabulada.

c) Cando a solicitude de concesión se limite única e exclusivamente á limpeza da corte, a dotación que se empregará será a terceira parte da sinalada na alínea a).

d) Para o caso doutras instalacións onde se garden ou críen animais, tales como zoolóxicos, picadeiros, gardarías caninas ou outras instalacións asimilables, tomaranse como referencia as dotacións indicadas no cadro anterior, sempre que non se dispoña dunha xustificación específica para o caso de que se trate.

**5. Usos industriais para a produción de enerxía eléctrica.**

Establécense as seguintes dotacións de demanda para centrais de produción eléctrica.

TIPO DE CENTRAL	DOTACIÓN MÁXIMA ANUAL EN HM <sup>3</sup> POR CADA 100 MW DE POTENCIA ELÉCTRICA INSTALADA	
	CIRCUÍTO DE REFRIXERACIÓN CERRADO	CIRCUÍTO DE REFRIXERACIÓN
NUCLEAR	3,8	190
CICLO COMBINADO	1,5	100
CARBÓN OU FUEL	2,8	125
TERMOSOLARES	2,0	----

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

Para produción de enerxía mediante centrais hidroeléctricas establécese, en función do salto e da potencia instalada, a seguinte dotación:

SALTO NETO (m)	DOTACIÓN ANUAL (hm <sup>3</sup> /kW INSTALADO)
0 a 5	0,3
6 a 10	0,1666
11 a 15	0,0866
16 a 20	0,0734
21 a 25	0,0534
26 a 30	0,04
31 a 35	0,0334
36 a 45	0,03
46 a 50	0,0266
51 a 60	0,0234
61 a 75	0,02
76 a 80	0,0134
81 a 95	0,012
96 a 125	0,01
126 a 135	0,0086
136 a 200	0,0074
201 a 220	0,0054
221 a 300	0,005
301 a 350	0,0036
351 a 400	0,003
401 a 500	0,002

#### 6. Outros usos industriais. Dotacións de auga para industrias produtoras de bens de consumo.

a) Os volumes de auga solicitados polas industrias non conectadas á rede urbana ou por polígonos industriais xustificaranse fornecendo información específica que teña en conta datos reais cando sexa posible.

b) Establécese a dotación unitaria máxima bruta para a atención de polígonos industriais de 12.000 m<sup>3</sup>/ha/ano. Este valor inclúe todas as necesidades complementarias do polígono industrial, tales como zonas axardinadas, servizos de limpeza e outras.

Para o caso de instalacións individuais aplicaranse as seguintes dotacións unitarias máximas. Así mesmo, na falta de datos, adoptaranse as dotacións máximas que figuran no cadro.

SUBSECTOR INDUSTRIAL	CÓDIGO CNAE	DOTACIÓN	
		m <sup>3</sup> /EMPREGADO/ANO	m <sup>3</sup> /1.000 € VAB ANO 2000
Alimentación, bebidas e tabaco	DA	470	13,3
Téxtil, confección, coiro e calzado	DB e DC	330	22,8
Madeira e cortiza	DD	66	2,6
Papel, edición e artes gráficas	DE	687	21,4
Industria química	DG	1.257	19,2
Caucho e plástico	DH	173	4,9
Outros produtos minerais non metálicos	DI	95	2,3
Metalurxia e produtos metálicos	DJ	563	16,5
Maquinaria e equipamento mecánico	DK	33	1,6
Equipamento eléctrico, electrónico e óptico	DL	34	0,6
Fabricación de material de transporte	DM	95	2,1
Industrias manufactureiras diversas	DN	192	8,0

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

Para o caso de instalación de produción de formigón, a dotación máxima será de 255 l/m<sup>3</sup> de formigón producido, incluíndo nesta dotación todas as necesidades complementarias da instalación.

c) As industrias individuais deberán xustificar que o caudal solicitado en cada caso se axusta ao principio da eficiencia no uso da auga mediante o correspondente estudo de necesidades hídricas, e incorporarán, cando isto sexa posible, os mecanismos de recirculación oportunos. O valor global poderase calcular en función da distinta actividade industrial de que se trate, segundo a cantidade de produción prevista. Esta dotación incluírá as necesidades complementarias da instalación, en particular, a rega das zonas axardinadas periféricas que poidan existir, os servizos de limpeza e outros; todo isto sen menoscabo de que poidan existir redes separadas para cada propósito.

**7. Outros usos industriais. Dotacións de auga para industrias do lecer e do turismo.**

- a) Seranlles de aplicación tamén as dotacións recollidas no número 4.
- b) Para rega de campos de golf asígnase unha dotación de 1.800 m<sup>3</sup>/ha/ano.
- c) Para as solicitudes para muíños, o caudal máximo outorgable establecerase mediante a seguinte expresión:

$$Q = (300 \times D^2) / H$$

Q= caudal en l/s

D= diámetro en metros da moa maior do xogo molar.

H= altura do salto en metros.

Na solicitude, a fin de avaliar a dispoñibilidade do recurso, deberase indicar cales son os quendas de moenda, as características do azude ou obra de toma, o tipo de muíño e a canle de desaugamento, o salto útil etc., ademais de calquera documentación necesaria para o correcto exame da petición. Poderase solicitar o uso con fins etnográficos.

**8. Outros usos industriais. Dotacións de auga para industrias extractivas.**

- a) Establécese a dotación anual máxima bruta segundo a seguinte táboa:

ACTIVIDADE EXTRACTIVA	DOTACIÓN MAX (m <sup>3</sup> /ano/explotación)
Consumo de auga en extracción da lousa	16.800
Consumo de auga en granito ornamental	9.600
Consumo de auga en granito para outros usos	9.600
Consumo de auga en minaría de carbón de hulla	16.800
Consumo de auga en minaría extractiva de calcario non ornamental	9.600

b) As industrias extractivas individuais deberán xustificar que o caudal solicitado, en cada caso, se axusta ao principio da eficiencia no uso da auga mediante o correspondente estudo de necesidades hídricas, incorporando, cando isto sexa posible, os mecanismos de recirculación oportunos. O valor global poderase calcular, en función da distinta actividade extractiva de que se trate, segundo a cantidade de produción prevista. Esta dotación incluírá as necesidades complementarias da instalación.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

**9. Dotacións para o uso de acuicultura.**

a) En relación con piscifactorías, examinaranse as necesidades indicadas de acordo co número de renovacións diarias da auga das balsas.

b) Na falta de xustificación en contra, para as piscifactorías de salmónidos a auga necesaria determinarase do seguinte modo:

- i. Incubación: 30 renovacións/día.
- ii. Alevinaxe: 20 renovacións/día.
- iii. Engorda: 15 renovacións/día.

**10. Dotacións para usos recreativos.**

a) Para as solicitudes de aproveitamento para o enchemento de piscinas públicas ou privadas (recreativas), outorgarase o volume necesario para un enchemento ao ano, ademais do preciso para repor perdas por motivos de contaminación, accidentes, fugas ou evaporación.

**11. Dotacións para outros usos. Outros usos ambientais.**

a) No caso de solicitudes de aproveitamento de auga para a extinción de incendios, outorgarase o volume necesario para un primeiro enchemento do depósito ou balsa destinado a almacenar a auga para tal fin e permitiranse, logo de comunicación á Comaría de Augas, todas as derivacións necesarias para reposicións por perdas, ocorrencia ou simulacros de incendios ou calquera outro incidente que faga necesaria a reposición de volumes. Por tanto, o caudal máximo instantáneo de derivación outorgable será aquel que permita e garanta, en calquera caso, a total extinción do incendio sen limitación ningunha. Estas circunstancias quedarán indicadas nas condicións da resolución da concesión.

b) Para a rega destinada á conservación e recuperación de hábitats e ecosistemas naturais e seminaturais de interese comunitario, os incluídos nalgún catálogo oficial ou a xestión de espazos naturais protexidos, poderanse superar as dotacións brutas incluídas no número de dotacións para uso de regadío ata a dotación necesaria, que se deberá xustificar mediante informe técnico motivado ou ser apreciadas polo organismo de bacía.

c) Para a xestión e conservación de especies de razas de gando autóctono en perigo de desaparición incluídas nalgún catálogo oficial nacional ou autonómico, poderanse superar as dotacións brutas incluídas no punto de gandaría ata a dotación necesaria, que se deberá xustificar mediante un informe técnico motivado ou serán apreciadas polo organismo de bacía.

**12. Dotacións para outros usos. Outros non usos ambientais.**

Para as solicitudes de usos temporais de augas, observarase o disposto no artigo 77 do Regulamento do dominio público hidráulico.



Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

## APÉNDICE 9. RESERVAS NATURAIS FLUVIAIS.

RESERVA NATURAL FLUVIAL			MASA DE AUGA SUPERFICIAL ASOCIADA		COMUNIDADE AUTÓNOMA
CÓDIGO	NOME	LONXITUDE (km)	CÓDIGO UE	NOME	
ES010RNF001	Río Burbia I	29,00	ES010MSPFES426MAR000890	Río Burbia I	Castilla y León
ES010RNF002	Río Bibeí I	15,99	ES010MSPFES437MAR001230	Río Bibeí I	Castilla y León
ES010RNF003	Regato da Ribeira Grande	8,97	ES010MSPFES438MAR001290	Regato da Ribeira Grande	Galicia
ES010RNF004	Río Laboreiro	8,35	ES010MSPFES513MAR002490	Río Laboreiro	Galicia
ES010RNF005	Río Navea I	15,20	ES010MSPFES452MAR001500	Río Navea I	Galicia
ES010RNF006	Río Lor I	19,64	ES010MSPFES455MAR001560	Río Lor I	Galicia
ES010RNF007	Río Trancoso	11,94	ES010MSPFES491MAR002140	Río Trancoso	Galicia

## APÉNDICE 10. OBXECTIVOS AMBIENTAIS.

## Apéndice 10.1 Masas de auga superficial.

## Apéndice 10.1.1. Masas de auga naturais.

## 10.1.1.1. Obxectivos ambientais para MASp naturais da categoría río.

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES372MAR000010	Río Miño I	2015	2015	
ES372MAR000020	Río Pequeno I	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES372MAR000051	Río Miño III	2015	2015	
ES372MAR000052	Río Miño II	2015	2015	
ES375MAR000030	Río Azumara	2015	2015	
ES377MAR000040	Río Anllo	2015	2015	
ES378MAR000060	Río Lea	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES378MAR000220	Río Miño IV	2015	2015	
ES378MAR000221	Río Miño V	2015	2015	
ES378MAR000222	Río Miño VI	2015	2015	
ES378MAR000223	Río Miño VII	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES381MAR000070	Río Támoga I	2015	2015	
ES381MAR000080	Río Támoga II	2015	2015	
ES383MAR000090	Río Trimaz	2015	2015	
ES383MAR000100	Río Ladra I	2015	2015	
ES384MAR000110	Río Labrada	2015	2015	
ES385MAR000120	Río Ladra II	2015	2015	
ES386MAR000130	Río Roca	2015	2015	
ES386MAR000140	Río Ladroil	2015	2015	
ES386MAR000150	Río Parga	2015	2015	
ES388MAR000160	Regato de Santa Marta	2015	2015	
ES389MAR000170	Ríos Narla e Lodoso	2015	2015	
ES389MAR000180	Río Narla	2015	2015	
ES390MAR000200	Río Mera	2015	2015	
ES391MAR000210	Río Chamoso	2015	2015	
ES392MAR000230	Regato de Vilamoure	2015	2015	
ES393MAR000240	Río Neira I	2015	2015	
ES393MAR000260	Río Neira II e río Sarria	2015	2015	
ES395MAR000250	Regato de Armea	2015	2015	
ES396MAR000270	Río Sarria	2015	2015	
ES397MAR000280	Río Pequeno II	2015	2015	
ES398MAR000290	Río dos Ferreiros	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES400MAR000300	Río Tórdea II	2015	2015	

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES400MAR000310	Río Tórdea I	2015	2015	
ES400MAR000320	Río Mazadán	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES402MAR000330	Río Neira III	2015	2015	
ES403MAR000340	Río Ferreira I	2015	2015	
ES403MAR000350	Río Ferreira II	2015	2015	
ES403MAR000360	Rego de Samai	2015	2015	
ES403MAR000370	Río Lavadoiro	2015	2015	
ES403MAR000380	Río Irixe	2015	2015	
ES404MAR000390	Río Ferreira de Zamoelle	2015	2015	
ES404MAR000400	Río Loio	2015	2015	
ES405MAR000410	Río Moreda	2015	2015	
ES406MAR000420	Rego Ponte de Enviande	2015	2015	
ES406MAR000430	Río Ponte Lama	2015	2015	
ES407MAR000440	Río Sardiñeira	2015	2015	
ES409MAR000460	Río Asma	2015	2015	
ES410MAR000470	Rego dos Fondos	2015	2015	
ES410MAR000490	Río Búbal	2015	2015	
ES412MAR000500	Río Sil I	2015	2015	
ES412MAR000510	Río Sil II	2015	2015	
ES412MAR000520	Río de Sosas	2015	2015	
ES412MAR000530	Río Bayo	2015	2015	
ES413MAR000540	Regato de Caboalles	2015	2015	
ES414MAR000570	Río Valdeprado	2015	2015	
ES414MAR000590	Regato de Valseco	2015	2015	
ES414MAR000611	Río Salentinos I	2015	2015	
ES414MAR000620	Río Primout	2015	2015	
ES414MAR000630	Río Velasco	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES414MAR000640	Regato de Castro	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES415MAR000660	Río Boeza I	2015	2015	
ES415MAR000670	Río Boeza II	2015	2015	
ES418MAR000680	Río Tremor	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES418MAR000690	Regato de El Rial	2015	2015	
ES419MAR000700	Regato de Noceda	2015	2015	
ES419MAR000720	Regato de Pradoluengo	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES419MAR000730	Regato de La Reguera	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES419MAR000740	Regato de Las Tejedas	2015	2015	
ES420MAR000750	Río Meruelo	2015	2015	
ES422MAR000760	Río Valdueza	2015	2015	
ES423MAR000790	Río Cúa I	2015	2015	
ES423MAR000800	Regato de Anllarinos	2015	2015	
ES423MAR000810	Regato de Fresnedelo	2015	2015	
ES423MAR000820	Regato Arribas Aguas	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES423MAR000861	Río Ancares II	2015	2015	
ES423MAR000862	Río Cúa II	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES423MAR000863	Río Cúa III	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES423MAR000864	Río Ancares III	2015	2015	
ES424MAR000830	Río Ancares I	2015	2015	
ES424MAR000840	Rego de El Regato	2015	2015	
ES424MAR000850	Regato de El Regueiro	2015	2015	
ES425MAR000870	Regato Vega de Rey	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES425MAR000880	Regato Reguera de Naraya	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES425MAR001002	Río Cúa IV	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES426MAR000890	Río Burbia I	2015	2015	
ES426MAR000931	Río Burbia II	2015	2015	
ES426MAR000932	Río Burbia III	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES427MAR000900	Río Valcarce I	2015	2015	

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES427MAR000910	Río Barjas II	2015	2015	
ES427MAR000920	Río Barjas I	2015	2015	
ES428MAR000940	Regato de El Couso	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES431MAR000951	Río Selmo I	2015	2015	
ES431MAR000952	Río Selmo II	2015	2015	
ES431MAR000960	Río Selmo III	2015	2015	
ES432MAR000980	Regato de Valdeiro	2015	2015	
ES433MAR001010	Río Cabrera II	2015	2015	
ES433MAR001030	Regato de La Sierra	2015	2015	
ES433MAR001040	Río Cabo I	2015	2015	
ES433MAR001050	Río Silván	2015	2015	
ES433MAR001060	Río Cabo II	2015	2015	
ES433MAR001070	Río Cabrera I	2015	2015	
ES433MAR001080	Regato de Santa Eulalia	2015	2015	
ES435MAR001100	Regato de San Xil	2015	2015	
ES436MAR001110	Río Leira	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001120	Río Éntoma	2015	2015	
ES436MAR001140	Regato de Rubiá	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001150	Rego Mariñán	2015	2015	
ES436MAR001160	Rego de San Xulián	2015	2015	
ES437MAR001230	Río Bibe I	2015	2015	
ES437MAR001270	Regato de Barjacoba	2015	2015	
ES438MAR001290	Regato da Ribeira Grande	2015	2015	
ES438MAR001310	Regato das Fragas	2015	2015	
ES438MAR001320	Río Camba II	2015	2015	
ES441MAR001350	Rego de San Bernabé	2015	2015	
ES441MAR001360	Río de San Miguel	2015	2015	
ES443MAR001380	Río Xares I	2015	2015	
ES446MAR001390	Regato de Matabois	2015	2015	
ES446MAR001400	Río Xares II	2015	2015	
ES447MAR001410	Río de Lorzás	2015	2015	
ES450MAR001420	Rego de Riomaio	2015	2015	
ES451MAR001460	Río Cabalar	2015	2015	
ES451MAR001470	Regato de San Lázaro	2015	2015	
ES452MAR001500	Río Navea I	2015	2015	
ES454MAR001530	Rego Quiroga	2015	2015	
ES454MAR001540	Río Soldón	2015	2015	
ES455MAR001560	Río Lor I	2015	2015	
ES456MAR001520	Río Lor II	2015	2015	
ES456MAR001570	Río Lóuzara	2015	2015	
ES457MAR001580	Regato do Mazo	2015	2015	
ES459MAR001590	Rego de Castoi	2015	2015	
ES459MAR001600	Río Edo I	2015	2015	
ES461MAR001640	Río Mao III	2015	2015	
ES463MAR001660	Río Cabe I	2015	2015	
ES464MAR001670	Río Mao II	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES464MAR001680	Río Mao I	2015	2015	
ES464MAR001700	Rego do Val do Teixugo	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES464MAR001710	Río Cabe II	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES465MAR001720	Río Cinsa	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES465MAR001721	Río Barrantes	2015	2015	
ES465MAR001730	Regato de Rioseco	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES465MAR001740	Río Carabelos	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES465MAR001750	Río Ferreiras	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES465MAR001760	Río de Monretán	2015	2015	
ES465MAR001770	Río Cabe III	2015	2015	

## Anexo III. Plan hidrológico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES467MAR001800	Río da Barra	2015	2015	
ES469MAR001820	Río Barbaña	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES472MAR001830	Río Barbantiño I	2015	2015	
ES472MAR001840	Río Barbantiño II	2015	2015	
ES473MAR001860	Río Puga	2015	2015	
ES474MAR001870	Río Avia I	2015	2015	
ES475MAR001880	Rego Cardelle I	2015	2015	
ES476MAR001900	Río Baldeiras	2015	2015	
ES477MAR001910	Río Viñao I	2015	2015	
ES477MAR001920	Río Viñao II	2015	2015	
ES479MAR001930	Río Arenteiro I	2015	2015	
ES479MAR001940	Río Pedriña	2015	2015	
ES479MAR001990	Río Arenteiro II	2015	2015	
ES480MAR001950	Rego de Barón	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES480MAR001960	Río Avia III	2015	2015	
ES480MAR001970	Regato de Carballeda	2015	2015	
ES481MAR002000	Río Brul	2015	2015	
ES481MAR002010	Río Cervés	2015	2015	
ES482MAR002020	Río Tioira	2015	2015	
ES482MAR002030	Río Maceda	2015	2015	
ES482MAR002040	Río Arnoia I	2015	2015	
ES482MAR002050	Río Orille	2015	2015	
ES482MAR002080	Río Arnoia II	2015	2015	
ES486MAR002060	Río do Gato	2015	2015	
ES486MAR002070	Río Arnoia III	2015	2015	
ES486MAR002090	Regato das Ellas	2015	2015	
ES486MAR002100	Río Tuño	2015	2015	
ES490MAR002111	Río Gorgua	2015	2015	
ES490MAR002112	Río Deva IV	2015	2015	
ES491MAR002140	Río Trancoso	2015	2015	
ES493MAR002130	Río Ribadil	2015	2015	
ES494MAR002150	Río Deva V	2015	2015	
ES495MAR002160	Rego de Lobeira	2015	2015	
ES495MAR002170	Río Termes	2015	2015	
ES496MAR002180	Río Tea I	2015	2015	
ES496MAR002190	Río Alén	2015	2015	
ES496MAR002200	Río Xabriña	2015	2015	
ES496MAR002210	Río Borbén	2015	2015	
ES496MAR002220	Río Tea II	2015	2015	
ES498MAR002230	Río Uma	2015	2015	
ES500MAR002240	Río Tea III	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES501MAR002250	Río Caselas	2015	2015	
ES501MAT000240	Río Miño IX	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES502MAR002270	Río Louro III	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES502MAR002281	Río Louro II	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES502MAR002291	Río Louro I	2027	2027	art. 4(4) viabilidade técnica
ES503MAR002300	Río da Furnia	2015	2015	
ES503MAR002310	Río Cereixo da Briña	2015	2015	
ES503MAT000250	Río Miño X	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES504MAR002320	Río Carballo	2015	2015	
ES511MAR002370	Río Bidueiro	2015	2015	
ES511MAR002380	Río Cadós	2015	2015	
ES511MAR002390	Río Fírveda	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES511MAR002410	Río Grou	2015	2015	
ES512MAR002420	Río Salas I	2015	2015	
ES512MAR002450	Río Cabaleiro	2015	2015	

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES513MAR002460	Río Pacín	2015	2015	
ES513MAR002480	Río Caldo	2015	2015	
ES513MAR002490	Río Laboreiro	2015	2015	

## 10.1.1.2 Obxectivos ambientais para MASp naturais da categoría lago.

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES432MAL000010	Lagos de Carucedo	2015	2015	

## 10.1.1.3 Obxectivos ambientais para MASp naturais categoría augas de transición.

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES503MAT000260	Esteiro do Miño_tramo2	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES505MAT000270	Esteiro do Miño_tramo1	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica

## 10.1.1.4 Obxectivos ambientais para MASp naturais da categoría augas costeiras

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES000MAC000010	A Guarda	2015	2015	
ES000MAC000020	Internacional Miño	2015	2015	

## Apéndice 10.1.2 Obxectivos ambientais para MASp moi modificadas da categoría río.

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO POTENCIAL ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES390MAR000190	Río Fervedoira	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES408MAR000480	Encoro dos Peares	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES413MAR000550	Encoro de Las Rozas	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES414MAR000770	Fuente del Azufre	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES414MAR000780	Río Boeza IV	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES425MAR001001	Río Sil V	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001130	Río Sil VI	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001170	Encoro de Santiago	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001190	Encoro de San Martiño	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001211	Río Casaio I	2021	2021	art. 4(4) viabilidade técnica
ES436MAR001212	Río Casaio II	2021	2021	art. 4(4) viabilidade técnica
ES450MAR001430	Encoro de Prada	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES451MAR001440	Río Bibeí IV	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES464MAR001690	Encoro de Vilasouto	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES468MAR001810	Río Lonía	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES472MAR001850	Encoro de Castrelo	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES479MAR001980	Río Avia II	2015	2015	
ES507MAR002332	Regato de Faramontaos	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES509MAR002341	Río Nocelo II	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES510MAR002350	Río da Lagoa de Antela	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES510MAR002362	Río Limia II	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES510MAR002363	Río Limia III no Toxal	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES511MAR002400	Encoro das Conchas	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES511MAR002470	Encoro de Lindoso	2021	2015	art. 4(4) viabilidade técnica

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA (ES010MSPF+)	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO POTENCIAL ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES418MAR000710	Río Boeza III	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES430MAR000970	Encoro de Peñarrubia	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES432MAR000990	Regato del Balen	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES494MAR002260	Río Miño VIII	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES507MAR002331	Río Limia I en Alta Limia	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES403MAR000450	Encoro de Belesar	2015	2015	
ES410MAR001790	Encoro de Velle	2015	2015	
ES414MAR000560	Río Sil III	2015	2015	
ES414MAR000580	Río Sil IV	2015	2015	
ES414MAR000600	Encoro de Matalavilla	2015	2015	
ES414MAR000612	Río Salentinos II	2015	2015	
ES414MAR000650	Encoro de Bárcena	2015	2015	
ES432MAR001090	Encoro de Pumares	2015	2015	
ES433MAR001020	Río Benuza	2015	2015	
ES436MAR001180	Río Sil VII	2015	2015	
ES436MAR001200	Rego de Candís	2015	2015	
ES437MAR001220	Río Bibeí III	2015	2015	
ES437MAR001240	Encoro de San Sebastián	2015	2015	
ES437MAR001250	Río Bibeí II	2015	2015	
ES437MAR001260	Encoro de Pías ou San Agustín	2015	2015	
ES438MAR001280	Río Camba I	2015	2015	
ES438MAR001300	Encoro das Portas	2015	2015	
ES440MAR001330	Encoro de Cenza	2015	2015	
ES440MAR001341	Río Conselo	2015	2015	
ES440MAR001342	Río Conso II	2015	2015	
ES440MAR001343	Río Conso I	2015	2015	
ES441MAR001370	Encoro do Vao	2015	2015	
ES450MAR001450	Río Xares III	2015	2015	
ES452MAR001481	Río Navea II	2015	2015	
ES452MAR001482	Río Navea III	2015	2015	
ES452MAR001490	Encoro de Chandrexa de Queixa	2015	2015	
ES452MAR001510	Encoro de Montefurado	2015	2015	
ES454MAR001550	Encoro de Sequeiros	2015	2015	
ES457MAR001650	Encoro de Santo Estevo	2015	2015	
ES461MAR001610	Río Mao IV	2015	2015	
ES461MAR001620	Encoro da Hedrada-Mao	2015	2015	
ES461MAR001630	Encoro de Leboreiro	2015	2015	
ES465MAR001780	Encoro de San Pedro	2015	2015	
ES475MAR001890	Encoro de Albarellos	2015	2015	
ES480MAR002120	Encoro da Frieira	2015	2015	
ES509MAR002342	Río Nocelo I	2015	2015	
ES510MAR002361	Río Limia IV	2015	2015	
ES512MAR002430	Encoro de Salas	2015	2015	
ES512MAR002440	Río Salas II	2015	2015	

## Apéndice 10.1.3. Obxectivos ambientais para MASp artificiais da categoría lago.

CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO POTENCIAL ECOLÓXICO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES432MAL000020	Lago de Campañana	2027	2015	art. 4(4) viabilidade técnica
ES386MAL000010	Lago Guitiriz ou San Xoán	2015	2015	

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do Miño-SIL (2015-2021)

## Apéndice 10.2 Masas de auga subterránea.

## Apéndice 10.2.1. Obxectivos ambientais para masas de auga subterránea.


CÓDIGO UE DA MASA DE AUGA	NOME DA MASA DE AUGA	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO CUANTITATIVO	HORIZONTE PREVISTO BO ESTADO QUÍMICO	ARTIGO DMA EXENCIÓN
ES010MSBT011.001	Bacía alta do Miño	2015	2015	
ES010MSBT011.002	Bacía baixa do Miño	2015	2015	
ES010MSBT011.003	Bacía do Sil	2015	2015	
ES010MSBT011.004	Cubeta do Bierzo	2015	2021	art. 4(4) viabilidade técnica
ES010MSBT011.005	Aluvial do Baixo Miño	2015	2021	art. 4(4) viabilidade técnica
ES010MSBT011.006	Xinzo de Limia	2015	2015	

## APÉNDICE 11. PROGRAMA DE MEDIDAS.

GRUPO DE MEDIDAS	TIPO DE MEDIDAS	Nº MEDIDAS	ORZAMENTO (M€)			TOTAL
			2016-2021	2022-2027	TOTAL	
Cumprimento de obxectivos ambientais	Medidas de redución da contaminación puntual	176	191,56	33,07	224,63	299,88
	Medidas de redución da contaminación difusa	13	9,36	--	9,36	
	Medidas de redución da presión por extracción de auga	4	45,12	--	45,12	
	Medidas de mellora das condicións morfolóxicas	85	17,00	--	17,00	
	Medidas de mellora das condicións hidrolóxicas	7	0,15	--	0,15	
	Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos sistemas acuáticos	11	0,51	--	0,51	
	Medidas ligadas a impactos que non se aplican sobre unha presión concreta	0	0,00	--	0,00	
	Medidas ligadas aos sectores que actúan como factores determinantes	1	3,00	--	3,00	
	Medidas específicas de protección de auga potable	1	0,11	--	0,11	
Medidas específicas para substancias prioritarias	0	0,00	--	0,00		
Seguridade fronte a fenómenos hidrolóxicos extremos	Medidas de prevención de inundacións	1	2,59	--	2,59	44,23
	Medidas de protección fronte a inundacións	7	14,89	--	14,89	
	Medidas de preparación fronte a inundacións	1	0,00	--	0,00	
	Medidas de recuperación e revisión despois de inundacións	0	0,00	--	0,00	
	Outras medidas de xestión do risco de inundación (PXRI)	1	26,75	--	26,75	
Coñecemento e gobernanza	Medidas de mellora da gobernanza	105	44,26	--	44,26	44,26
Atención das demandas	Medidas de incremento dos recursos dispoñibles	82	28,73	7,66	36,39	36,39
Outros usos asociados á auga	Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga	1	1,44	--	1,44	1,44
<b>TOTAL</b>		<b>496</b>	<b>385,47</b>	<b>40,73</b>	<b>426,20</b>	<b>426,20</b>

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

## APÉNDICE 12. ÁBACO PARA O CÁLCULO DE CAUDAIS DE ENCHENTE.



CAUDAIS ESPECÍFICOS DE ENCHENTES EN  
FUNCIÓN DA BACIA AFLUENTE E DO  
PERÍODO DE RETORNO T  
I. ENCHENTE MÁXIMA PROBABLE



## APÉNDICE 13. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DA FRANQUEABILIDADE.

A franqueabilidade dun obstáculo transversal a unha corrente debe analizarse de acordo cos requirimentos e posibilidades de paso de cada unha das especies presentes en dobre sentido e non só augas arriba, polo que haberá que distinguir entre unha franqueabilidade en ascenso e outra en descenso.

### FRANQUEABILIDADE EN ASCENSO.

A importancia dun obstáculo débese avaliar polo número de peixes que non conseguen franquealo, e non polo dos que o superan. No caso de migracións de reprodución, é importante garantir o paso de todos os individuos que alcanzaron a madurez sexual. A este respecto hai que ter en conta que nalgúns especies ibéricas os tamaños a que se alcanza esta poden ser moi diferentes para cada sexo.

O tamaño do peixe, dentro dunha mesma especie, está directamente relacionado coa súa velocidade máxima de natación e coa súa capacidade de salto, pero tamén co tempo durante o cal é capaz de manter a velocidade. Todas estas variables aumentan co tamaño do peixe. Este concepto resulta da maior importancia, posto que un obstáculo pode ser superado por algúns dos individuos de maior tamaño e dar a falsa impresión de ser franqueable para a especie en cuestión.

Por último, as condicións fisiolóxicas do peixe (enfermidades, estado reprodutivo, estrés, etc.) poden afectar significativamente a capacidade de franqueo de obstáculos.

Para franquear un obstáculo, un peixe debe ser capaz de desenvolver unha velocidade de natación superior á da auga durante un tempo suficiente para superar o obstáculo, ou ben, no caso de que este non poida ser superado nadando, ten que realizar un salto o suficientemente alto e longo para evitalo.

Non é fácil establecer a franqueabilidade augas arriba dun obstáculo, posto que depende, ademais, da capacidade de natación e salto de cada especie, das características e xeometría do obstáculo, do caudal e condicións hidrodinámicas e da presenza de alternativas ou outros sistemas de paso.

Os principais parámetros físicos que inflúen na franqueabilidade dun obstáculo (+ positivo, - negativo) son os seguintes:

#### Características xeométricas do obstáculo:

- Altura do salto (-).
- Pendente e distancia do pé ao coroamento (-).
- Largura do obstáculo no coroamento (-).
- Facilitade para chegar ao pé da presa e chamada apropiada (+).
- Presenza de cambios de pendente (+).

#### Caudal e condicións hidrodinámicas:

- Caudal (+/-).
- Presenza e profundidade da poza ao pé do obstáculo (+).
- Turbulencias e configuración dos chorros de corrente (-).
- Altura da lámina de auga por enriba da presa (+).
- Velocidade media da corrente (+/-).
- Temperatura da auga (+/-).
- Axudas ao paso (escadas, leitos artificiais, ascensores, etc.) (+).

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

### FRANQUEABILIDADE EN DESCENSO.

O franqueo en descenso do obstáculo é igualmente importante, aínda que tradicionalmente se lle prestou menor atención que ao franqueo en ascenso.

Ademais dos movementos migratorios, tamén se ven afectados os movementos de dispersión, o que pode producir o illamento de poboacións e a extinción de especies augas abaixo das zonas de recrutamento.

#### 1.- Paso por zonas encoradas:

O problema que se presenta é a localización do obstáculo, xa que a corrente xoga un importante papel de orientación do peixe e, en moitas ocasións, a corrente principal é a da canle de derivación. Mentres que na migración en ascenso a corrente pode seguir sendo aproveitada para dirixir os peixes cara á entrada dos dispositivos de paso (a denominada "chamada" dun paso), no caso da migración augas abaixo esta posibilidade desaparece co encoro creado como consecuencia dunha presa. A localización da saída augas abaixo resulta menos difícil canto menor sexa a capacidade de encoro e maior a taxa de renovación da auga.

#### 2.- Paso por aliviadoiros:

En ausencia de dispositivos de corrección, o paso en si do obstáculo ten que se realizar ben a través de vertedoiros en lámina libre ben por orificios de fondo no azude ou presa. No primeiro caso, se a velocidade de impacto do peixe sobre o plano da auga supera os 16 m/s, sexa cal for o seu tamaño, prodúcense danos ou lesións significativas.

#### 3.- Paso por tomas de auga:

Durante a migración de baixada poden entrar en numerosos tipos de tomas de auga: centrais eléctricas, muíños, canles de rega, etc. As gradicelas que se acostuman instalar nas tomas da canle de derivación normalmente non evitan que accedan a elas os xuvenís, polo que, se é a zona de máxima velocidade, concentrará a maior parte da deriva.

Calquera das anteriores variables pode facer infranqueable un obstáculo, polo que hai que realizar unha análise global de todos os factores para determinar a súa franqueabilidade.

Como resultado, establécense 3 categorías de obstáculos transversais en función da franqueabilidade, tanto para migracións ascendentes como descendentes, e para cada un dos grupos de especies de peixes que se consideren:

1.- Franqueable: as características do obstáculo e condicións hidrodinámicas permiten con facilidade o paso de peixes.

2.- Variable: cando, sen ser imposible o franqueo, este depende en gran medida de condicións de caudal moi favorables, tanto no referente ao propio obstáculo como para outros dispositivos de franqueo (escadas, etc.)

3.- Infranqueable: imposible o seu paso.

Para facilitar a análise, as especies de peixes presentes pódense agrupar segundo os seus requirimentos migratorios e as súas posibilidades para superaren obstáculos.

### PROCEDIMENTO PARA A AVALIACIÓN DA FRANQUEABILIDADE.

De acordo cos criterios expostos, pódese avaliar a franqueabilidade para cada un dos grupos de peixes considerados, tanto en ascenso como en descenso.

Para isto tómanse medidas de altura total do azude ou presa (h), altura entre láminas (d.l.), profundidade da poza de remonte (p) e distancia do pé ao coroamento (d.c.) (figura 1) e valórase o resto das variables que interveñen na franqueabilidade, tanto en ascenso como en descenso, para cada grupo considerado (táboas 1 e 2).

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)




Figura 1. Medidas que se tomarán en cada azude ou presa

ASCENSO	Características e xeometría do obstáculo	Altura do salto (distancia entre láminas)	m
		Distancia do pé ao coroamento	m
		Facilidade de acceso ao pé da presa	si/non
		Chamada	si/non
	Condicións hidrodinámicas	Presenza de cambios de pendente	si/non
		Profundidade da poza de remonte	m
		Condicións de turbulencia	si/non
		Espesor de lámina de auga por enriba da presa	m
	Outros medios	Velocidade media da corrente	m/s
		Escadas, leitos artificiais, aliviadoiros...	si/non
	Fracturas, fendas, ...		

Táboa 1. Cadro de valoración de franqueabilidade en ascenso.

DESCENSO	Lonxitude aproximada da zona encorada	m	
	Facilidade de identificación de saída	si/non	
	Tomas de auga	Gradicela	si/non
		Turbinas	si/non
	Características dos aliviadoiros e altura da caída		

Táboa 2. Cadro de valoración de franqueabilidade en descenso.

**DESEÑO DE ÍNDICES****ÍNDICE DE FRANQUEABILIDADE (IF)**

Deseñouse un índice de franqueabilidade que recolle a información obtida e permite o seu manexo de maneira sinxela, evitando a utilización dunha matriz de datos.

Para isto débense agrupar as especies existentes na bacía en, polo menos, 5 grupos, segundo o seu comportamento á hora de realizar movementos migratorios e a súa capacidade para franquearen un obstáculo. Esta última depende, como xa se sinalou, de dous factores intrínsecos á especie: a capacidade de natación e a capacidade de salto.

En función das características de cada grupo asignaranse os seguintes valores para a franqueabilidade do obstáculo en ascenso e descenso do grupo:

- $50/n$  á infranqueabilidade.
- $25/n$  cando é variable (depende das condicións de caudal).
- 0 no caso de ser franqueable.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

Onde  $n$  é o número de grupos de especies con comportamentos similares definidos.

O índice de franqueabilidade (IF) defínese como o sumatorio dos valores de franqueabilidade en ascenso e descenso para cada un dos grupos considerados.

Desta forma obtense un valor de IF que varía entre 0 e 100, que é 0 cando un obstáculo transversal é franqueable para todos os grupos de especies e 100 cando é infranqueable para todos eles. Se, por exemplo, se consideran cinco grupos de especies e un obstáculo se considera infranqueable para todos os grupos, cada grupo de especie terá un valor de 50/5 para IF en ascenso e 50/5 para IF en descenso, é dicir, 10 en ascenso máis 10 en descenso, o que supón para ese grupo de especies un IF de 20. Para o resto dos 4 grupos o valor será o mesmo 20 (10+10) e por isto para o obstáculo o resultado do IF=20+20+20+20+20=100

#### ÍNDICE DE COMPARTIMENTACIÓN (IC)

Para analizar o grao de compartimentación ou fragmentación dun curso fluvial, unha bacía, unha masa de auga ou un tramo determinado, relaciónase o índice de franqueabilidade medio ( $\sum IF/N$ ) do tramo analizado e a distancia media entre azudes (Lt/N). A maior valor do índice maior grao de compartimentación.

$$IC = \frac{\frac{\sum IF}{N}}{\frac{Lt}{N}} = \frac{\sum IF}{Lt}$$

Lt= lonxitude do curso de auga considerado.

N = número obstáculos transversais existentes.

$\sum IF$  = suma dos índices de franqueabilidade dos azudes existentes.

#### ÍNDICE DE CONTINUIDADE LONXITUDINAL

A continuidade lonxitudinal dun curso fluvial ou dunha bacía virá determinada pola fragmentación da bacía e o grao de impacto que esta produza sobre a comunidade de peixes existente, polo que é necesario introducir un novo parámetro que avalíe este grao de afectación, denominado coeficiente de prioridade para as especies presentes ( $k_i$ ). Este factor foi desenvolvido a partir do proposto por Pini Prato (2007) para ríos italianos e modificado para o adaptar ás características da ictiofauna ibérica.

$$k_i = N \times (M_{ob} + V_n)^2$$

Onde:

N = naturalidade. Dá prioridade ás especies autóctonas da bacía fronte ás introducidas e ás invasoras.

Especies endémicas ou autóctonas	1
Especies introducidas	0,5
Especies invasoras	0

Mov = mobilidade. Capacidade de realizar migracións.

Especies diádromas	5
Especies con fortes exixencias migratorias	4
Especies sen grandes exixencias migratorias	3
Especies con movementos migratorios reducidos ou sedentarias	2
Especies eurihalinas	1

Vn = vulnerabilidade. En función das categorías establecidas na lista vermella da UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza).

Especies en perigo	2
Especies vulnerables	1,5
Especies sen catalogar	1

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

O índice de conectividade lonxitudinal (ICL), por tanto, constrúese a partir da seguinte expresión:

$$ICL = ICx \sum ki$$

A maior valor do índice, maior fragmentación e maior afección da comunidade de peixes existente.

ÍNDICE DE PRIORIDADE DE ACTUACIÓN (IPA)

Para facilitar a toma de decisións á hora de intervir sobre os azudes dun curso, tramo ou masa de auga concreta, deseñouse un índice de prioridade de intervención (IPA) tomando como base o índice de prioridade de Pini Prato (2007) pero considerando 8 factores en lugar de 3, co obxectivo de delimitar e facilitar a selección do azude sobre o cal actuar.

O resultado final do índice obtense da suma ponderada dos valores dos oito parámetros considerados, que toman valores de 0 a 100 puntos, e que son os seguintes:

- Factor morfolóxico (M)
- Factor íctico (I)
- Índice de franqueabilidade (IF)
- Nivel de protección (P)
- Presenza de especies invasoras (EI)
- Abandono (A)
- Seca provocada polo azude (S)
- Estiaxe severa (ES)

O resultado final asigna un valor a cada obstáculo transversal do tramo analizado e a actuación naquel que presente o valor máis alto é prioritaria.

Os índices indicados na fórmula anterior calcúlanse da seguinte forma:

## 1.- Factor morfolóxico (M).

Considera a lonxitude das augas libres de obstáculos transversais augas arriba e augas abaixo do azude analizado. Penaliza aqueles tramos que teñan unha distancia libre de azudes menor.

$$M = \frac{L_{arriba} + L_{abaixo}}{L_t} \times 100$$

Onde:

$L_t$  = lonxitude total do río

$L_{arriba}$  = lonxitude das augas libres augas arriba da presa ou azude.

$L_{abaixo}$  = lonxitude das augas libres augas abaixo da presa ou azude

## 2.- Factor íctico (I).

Este factor ten en conta as especies presentes no tramo do azude fronte ás presentes na totalidade do tramo analizado.

$$M = \frac{S_{ki}}{S_{kt}} \times 100$$

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

Onde:

$Sk_i$  = suma dos coeficientes de prioridade das especies ( $k_i$ ) presentes no tramo do azude en cuestión.

$Sk_r$  = suma dos coeficientes de prioridade das especies ( $k_i$ ) presentes no río, tramo, masa de auga ou bacía onde se encontra o azude.

3.- Índice de franqueabilidade (IF).

Valor do índice de franqueabilidade para ese obstáculo.

4.- Protección (P).

Considera os criterios de protección e ordenación en materia ambiental vixentes. Selecciónanse tres niveis: reservas fluviais, zonas especiais de conservación (ZEC) de ribeira e espazos protexidos.

$$P = F_{\text{reserva fluvial}} + F_{\text{ZEC}} + F_{\text{ESPACIOS PROTEXIDOS}}$$

Onde:

$F_{\text{reserva fluvial}}$  : 50 se o tramo en que está o azude é reserva fluvial.

0 se o tramo en que está o azude non é reserva fluvial.

$F_{\text{ZEC}}$  : 25 se o tramo en que está o azude é ZEC de ribeira.

0 se o tramo en que está o azude non é ZEC de ribeira.

$F_{\text{ESPACIOS PROTEXIDOS}}$ : 25 se o tramo en que está o azude está nun espazo protexido (parque nacional, rexional, etc.)

0 se o tramo en que está o azude non ten figuras de protección

5.- Especies invasoras (EI).

Dá prioridade ás zonas que non teñen especies invasoras. Pódese dar o caso de que algúns azudes se deban manter como barreiras á expansión destas especies.

100, se o tramo do azude non ten especies invasoras.

0, se o tramo do azude ten especies invasoras.

6.- Abandono (A).

Dá prioridade aos azudes abandonados ou con concesión caducada.

100 se o azude está abandonado ou caducou a concesión.

0 se non está abandonado.

7.- Seca provocada polo azude (S).

Penaliza os azudes que esgotan o caudal circulante nalgunha época do ano.

100 se o azude provoca seca augas abaixo.

0 se non o fai.

8.- Estiaxe severa (ES).

Prioriza a actuación nos tramos de río que non sofren estiaxes severas.

0 se o tramo do río ten estiaxe severa que chegue a secar o leito.

100 en caso contrario.

O valor resultante do IPA, por tanto, é o seguinte:

$$IPA = (1/8) \times [(M \times 0,12) + (I \times 0,12) + (IF \times 0,15) + (EI \times 0,10) + (P \times 0,03) + (A \times 0,08) + (S \times 0,10) + (ES \times 0,10)]$$

**APÉNDICE 14. REQUISITOS ADICIONAIS DE PUBLICIDADE (ARTIGO 26, LEI 21/2013)****I. Introducción:**

O artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que:

*No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no Boletín Oficial del Estado ou diario oficial correspondente a seguinte documentación:*

- a) *A resolución pola que se adopta ou aproba o plan ou programa e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá ao dispor do público o contido íntegro dese plan ou programa.*
- b) *Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:*
  - 1º. *De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.*
  - 2º. *Como se tomou en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se for o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.*
  - 3º. *As razóns da escolla da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas.*
- c) *As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.*

A alínea a) queda completada coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto aprobatorio, cuxa disposición adicional terceira indica os enderezos electrónicos a través dos cales se pode acceder ao contido íntegro dos plans.

As seguintes páxinas incorporan o contido sinalado nas alíneas b) e c) do citado artigo 26.2 de Lei de avaliación ambiental.

**II. Resultado da integración dos aspectos ambientais no plan hidrolóxico ou no programa de medidas contido nese plan.**

A seguir identifícanse, de forma sintética, aqueles contidos do plan hidrolóxico (2015-2021) que recibiron unha atención específica en prol dunha maior integración dos aspectos ambientais no proceso de planificación hidrolóxica:

- a) Na **delimitación das masas de auga** tívose en conta a existencia de áreas protexidas, en especial, os espazos incluídos na Rede Natura 2000.
- b) Respecto ás **características básicas de calidade das augas en condicións naturais, no plan** incluíronse as condicións de referencia de todos os tipos de masas de auga existentes na demarcación.
- c) Para o cálculo dos balances correspondentes ao horizonte 2033 tívose en conta o efecto a longo prazo que o **cambio climático** pode inducir sobre os recursos hídricos naturais. Neste senso, considerouse o “Estudo dos impactos do cambio climático nos recursos hídricos e nas masas de auga” (Cedex, 2012)<sup>1</sup>, que fixa nun 5% a porcentaxe de redución dos recursos naturais para esta demarcación.
- d) A memoria do PH inclúe un número dedicado á **análise da pegada hídrica**, indicador complementario da sustentabilidade no uso dos recursos naturais. Nunha primeira aproximación, a pegada hídrica estándar total ascendería aos 1.968,4 hm<sup>3</sup>, cunha pegada estándar de 2.334,3 m<sup>3</sup> por habitante e ano.
- e) Aínda que na Directiva marco da auga (en diante DMA) non se establece o requirimento de establecer réximes de **caudais ecolóxicos**, a determinación destes e o seu mantemento supón un paso adiante no camiño cara ao logro do bo estado das masas de auga, obxectivo concreto e principio que inspira toda a DMA. Neste segundo ciclo de planificación, realizouse un novo cálculo dos caudais mínimos xa establecidos no plan vixente cunha nova serie SIMPA (1940-2012), actualizado temporal e espacialmente e abrangendo a totalidade das masas de auga da categoría río e de transición. Realizouse a extrapolación a todos os puntos finais de masa dos valores do 30, 50 e 80 % do hábitat potencial útil de forma que

<sup>1</sup>[http://www.magrama.gob.es/es/aqua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest\\_CC\\_RH.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/aqua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest_CC_RH.aspx)

## Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- queda completado o réxime de mínimos para todas as naturezas das masas de auga. Fíxose, ademais, unha valoración da alteración hidrolóxica nas masas de auga moi modificadas. Tamén se completou o réxime de caudais ecolóxicos máximos e caudais xeradores en todas as masas de auga da categoría río e de transición, así como as taxas de cambio en 30 masas da categoría río.
- f) Conforme o artigo 99 bis do TRLA, actualizouse o **Rexistro de Zonas Protexidas**. Neste segundo ciclo de planificación reforzase a atención prestada ao cumprimento dos obxectivos nas zonas protexidas respecto aos resultados ofrecidos no primeiro ciclo. O **Programa de control de zonas protexidas** inclúe os seguintes subprogramas:
- Control de zonas sensibles.
  - Control de zonas de baño.
  - Control de zonas de captación de augas para abastecemento.
  - Control de zonas de protección de hábitats e especies.
- g) Respecto á **valoración do estado das masas de auga**, o número de masas de auga en bo estado supón un 76% do total de masas (216 masas de auga de 285).
- h) No plan definíronse os **obxectivos ambientais** das masas de auga da demarcación e os prazos previstos para a súa consecución. En 2027 espérase que o 100 % das masas de auga da demarcación alcancen o bo estado. Só se aplicaron exencións polo artigo 4.4 da DMA, é dicir, prórrogas no prazo para a consecución dos obxectivos ambientais. Para alcanzar os obxectivos mencionados combináronse as **medidas máis adecuadas** considerando os seus aspectos económicos, sociais e ambientais. Ademais, na selección do conxunto de medidas tivéronse en conta, nos casos onde foi posible realizalo, os resultados da análise custo-eficacia, así como os efectos sobre outros problemas ambientais e sociais.
- i) Levouse a cabo unha **estimación do custo ambiental asociado á prestación dos servizos da auga** e inclusión na análise de recuperación de custos. O custo ambiental defínese como o custo adicional que é necesario asumir para recuperar o estado -ou potencial- das masas de auga retirando a deterioración introducida polo servizo da auga para o cal se valora o grao de recuperación de custos.
- j) Entre os **plans dependentes do plan hidrolóxico** encóntranse os plans de xestión das situacións de secas e inundacións, dos cales se incorpora un resumo no plan hidrolóxico, tal e como establece a IPH. Dispónse dun plan especial de actuación fronte a situacións de alerta e eventual seca, coñecido como Plan especial de seca (PES), para a presente demarcación, que foi aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo. O Plan de avaliación e xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil realizouse coordinadamente co plan hidrolóxico.
- k) Así mesmo, deuse cumprimento a outro dos grandes obxectivos do proceso, que consiste na transparencia e **participación pública** a través do acceso á información do proceso planificador. Realizáronse consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas tanto en relación co documento inicial estratéxico e co estudo ambiental estratéxico como en relación cos distintos documentos do plan hidrolóxico.

**III. Procedemento seguido para a toma en consideración no plan ou programa do estudo ambiental estratéxico, dos resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se for o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se for o caso, as discrepancias que se producen ao longo do proceso de planificación.**

Como resultado das consultas realizadas identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron a información pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En particular, recibíronse 79 documentos con propostas, observacións ou suxestións que quedaron analizados no "Informe sobre as propostas, observacións e suxestións presentadas ao borrador do proxecto do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil", ao cal se pode acceder a través do enderezo electrónico que conduce á documentación deste plan hidrolóxico.

A declaración ambiental estratéxica, aprobada por resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 18 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- a) Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans
- b) Sobre a determinación do estado das masas de auga



Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

- c) Sobre a definición dos obxectivos ambientais
- d) Sobre o programa de medidas
- e) Sobre os efectos na Rede Natura 2000 terrestre e mariña e nos espazos protexidos
- f) Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga
- g) Sobre o seguimento ambiental

Parte destas determinacións teñen que se aplicar no propio plan hidrolóxico, polo que as tarefas que conducen á súa materialización se incorporan no programa de medidas que acompaña o plan (ver capítulo 12 da memoria). Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo, que se deberán evidenciar na futura revisión prevista para o final do ano 2021.

#### IV. Motivos determinantes da esollha da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas

Para a esollha da alternativa máis adecuada considerouse unha **alternativa 0**, ou **tendencial**, que vén corresponder coa evolución tendencial dos problemas se non se revisase o plan hidrolóxico da demarcación nin se adoptase o Plan de xestión do risco de inundación. Adicionalmente considérase unha **alternativa 1**, de máximo cumprimento posible dos obxectivos ambientais no horizonte de 2021 e, complementariamente, **unha alternativa 2**, onde para a resolución de cada un dos problemas se integra a consideración dos aspectos socioeconómicos relevantes que tamén son obxectivo da planificación.

Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais, tanto en masas de auga superficial como subterránea, é menor que nas alternativas 1 e 2.</li> <li>• Pérdese a oportunidade de traballar de forma conxunta fronte ao risco de inundación e incúmprese a normativa europea.</li> </ul>
Alt. 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata o 93 %.</li> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea aumenta ata o 100 %.</li> <li>• Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>• Téntase reducir ao máximo o risco de inundación, coa conseguinte minimización de danos futuros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevadas necesidades investidoras e peor axuste ao contexto económico.</li> <li>• Posibles problemas de coordinación cos obxectivos da Directiva marco da auga.</li> <li>• Rexeitamento social e perda de valores ambientais dos ecosistemas asociados.</li> </ul>
Alt. 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata o 88 %.</li> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea aumenta ata o 100 %.</li> <li>• Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> <li>• Redución xeral do risco de inundación de forma sustentable e custo eficiente.</li> <li>• O número de infraestruturas transversais eliminadas ou melloradas para favorecer a continuidade fluvial é maior que nas alternativas 0 e 1.</li> <li>• O número de quilómetros de eliminación de defensas lonxitudinais, de recuamento de defensas, de recuperación do trazado de leitos antigos e de leitos recuperados é maior que nas alternativas 0 e 1.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai menos actuacións de depuración de augas residuais.</li> </ul>

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que as alternativas 0 e 2; no entanto, as súas necesidades investidoras non permiten levala a cabo no contexto económico actual.

En todo caso, a alternativa 2 propón medidas adicionais de atención das demandas, tanto de abastecemento como de regadío, mais sen estrangular a actividade económica ligada ao uso da auga. Esta alternativa, ademais, é a que mellor resposta ofrece aos obxectivos ambientais, xa que as súas medidas non son estruturais e resultan compatibles coa DMA e outras estratexias ambientais europeas.

Por todo isto, a alternativa 2 resulta ser a **alternativa seleccionada** e a que se desenvolveu na revisión do plan hidrolóxico.

**V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.**

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se presentou inicialmente no documento de referencia e se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe a seguir.

Como consecuencia de todo isto, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil informará con periodicidade non superior ao ano o Consello da Auga da demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e en calquera caso, antes de final de 2018), presentárase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (ano)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
AIRE-CLIMA	Emissiones totales de gases de efecto invernadero (índice en función de año base 1990 excepto 1995 para fluorados) = 100	Inventario nacional de emisiones	100,38 (2012)		>			>		>		
	Emissiones GEI en sectores difusos (índice en función de año base 1990) = 100	Inventario nacional de emisiones	100,10 (2012)		>			>		>		
	% de enerxía hidroeléctrica producida respecto da enerxía hidroeléctrica total peninsular producida nos últimos 10 anos	Minetur	18,39% (2004-2013)		<			<		<		
AIRE-CLIMA	Recursos hídricos naturais medios correspondentes á serie de achega total natural da serie curta (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	(1980/81-2011/12) 11.821 (parte española) 1.160 (parte portuguesa) 12.981 (total)		<			<		<		
	Número de situacións de emerxencia por seca nos últimos cinco anos	www.chminosil.es	50 (2009-2014)		>			>		>		
	Número de espazos da Rede Natura incluídos no RZP da demarcación	PHMS	29 ZEC (2015) 14 ZEPA (2015)		>			>		>		
VEGETACIÓN FAUNA ECOSISTEMAS BIODIVERSIDADE	Número de reservas naturais fluviais incluídas no RZP	PHMS	7 (2015)		=			=		>		
	Número de zonas de protección especial incluídas no RZP	PHMS	235 (2015)		>			>		>		



Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (ano)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	% de masas de auga afectadas por presións significativas	PHMS	99% (2015)				<<				<<	
	Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHMS	0 (2015)				=				=	
	% de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHMS	0% (2015)				=				=	
	% de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHMS	100% (2014)				<<				<<	
	Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHMS	212 (2013)				245				279	
	% de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHMS	76% (2013)				88%				100%	
	Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHMS	4 (2013)				6				6	
	% de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHMS	67% (2013)				100%				100%	
	Número de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHMS	67 MASp (2015) 2 MASb (2015)				<				<	
	% de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHMS	24% MASp (2015) 33% MASb (2015)				<				<	
	Número de masas de auga ás que se aplican obxectivos menos rigorosos	PHMS	0 (2015)				0				0	
	% de masas de auga ás cales se aplican obxectivos menos rigorosos	PHMS	0% (2015)				0%				0%	

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (ano)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	Número de masas de auga nas cales se prevé a deterioración temporal	PHMS	0 (2015)		0			0		0		
	% de masas de auga nas cales se prevé a deterioración temporal	PHMS	0% (2015)		0%			0%		0%		
	% de masas de auga superficial con control directo do seu estado químico ou ecolóxico	PHMS	63,8% (2015)		>>			>>		>>		
	% de masas de auga subterránea con control directo do seu estado químico	PHMS	100% (2015)		100%			100%		100%		
	Demanda total para uso de abastecemento (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	97,99 (2015)		92,54			91,29		91,29		
	Volumen fornecido para uso de abastecemento (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	97,99 (2015)		<			<		<		
	% de unidades de demanda de abastecemento que non cumpren os criterios de garantía	PHMS	19,50% (2015)		25,34%			25,34%		25,34%		
	Demanda total para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	319,71 (2015)		306,92			294,65		294,65		
	Volumen fornecido para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	319,71 (2015)		<			<		<		
	% de unidades de demanda de regadío que non cumpren os criterios de garantía	PHMS	27,59% (2015)		24,14%			26,72%		26,72%		
	Retorno en usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	51,26 (2015)		<			<		<		
	Capacidade total de encoro (hm <sup>3</sup> )	PHMS	3.030 (2014)		=			=		=		

Anexo III. Plan hidrolóxico da parte española da DH do MIÑO-SIL (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (ano)	2015			2021			2027			
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	
	Capacidade máxima de desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	0 (2015)					0				0	
	Volume fornecido por desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	0 (2015)					0				0	
	Volume reutilizado (hm <sup>3</sup> /ano)	PHMS	0 (2015)					>				>	
	Superficie total en regadío (ha)	PHMS	21.416,78 ha (2015)					=				=	
	Carga contaminante de nitróxeno e fósforo emitida nas masas de auga procedente de actividades agrícolas e gandeiras (kg)	PHMS	40.023.837,49 kg de N procedentes de actividades gandeiras 8.810.831,78 kg de P procedentes de actividades gandeiras 7.475.915,14 kg de N procedentes da agricultura 1.961.872,31 kg de P procedentes da agricultura (2015)					<<				<<	
	Número de habitantes equivalentes que non recibe un tratamento conforme a Directiva 91/271/CEE	PHMS	21.968 (2014)					<<				<<	

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

## ANEXO IV

DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA  
DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO DOURO



Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

## DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO DOURO

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrológico*

O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Douro é o definido polo artigo 3.3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. O territorio da demarcación divídese funcionalmente nos sistemas de explotación que se relacionan no apéndice 1, cuxa descrición figura no punto 4.4 da memoria. Son os seguintes:

- a) Sistema Támeiga-Manzanas
- b) Sistema Tera
- c) Sistema Órbigo
- d) Sistema Esla
- e) Sistema Carrión
- f) Sistema Pisuerga
- g) Sistema Arlanza
- h) Sistema Alto Douro
- i) Sistema Riaza-Duratón
- j) Sistema Cega-Eresma-Adaja
- k) Sistema Baixo Douro
- l) Sistema Tormes
- m) Sistema Águeda

2. De acordo co disposto no artigo 19.5 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, adóptase como sistema único de explotación a parte española da demarcación hidrográfica do Douro.

#### **Artigo 3.** *Delimitación da demarcación, dos sistemas de explotación e das masas de auga*

O ámbito territorial da demarcación, a súa rede hidrográfica, a delimitación e descrición dos sistemas de explotación de recursos e a delimitación e caracterización das masas de auga da parte española da demarcación hidrográfica do Douro realízanse conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no sistema de información Mírame-IDEDuero, administrado pola Oficina de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Douro e accesible ao público no enderezo electrónico: <http://www.mirame.chduero.es>

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

**Capítulo I. Definición das masas de auga**

**Sección I. Masas de auga superficial**

**Artigo 4. Identificación de masas de auga superficial**

De acordo co artigo 5 do RPH, este plan hidrológico identifica 709 masas de auga superficial que aparecen relacionadas e caracterizadas no apéndice 2. As masas de auga superficial clasifícanse en:

- a) Categoría río: 690 masas de auga, das cales 479 corresponden a ríos naturais, 208 a masas de auga moi modificadas e 3 a masas de auga artificiais.
- b) Categoría lago: 19 masas de auga, das cales 9 corresponden a lagos naturais, 5 a masas de auga moi modificadas e 5 a masas de auga artificiais.

**Artigo 5. Condicións de referencia e límites de cambio de clase**

1. Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontren as masas de auga son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 3, establécense os valores de referencia dos indicadores dos elementos de calidade hidromorfolóxicos que corresponde utilizar.

2. Actualmente, na falta de definición de métricas ou indicadores para valorar o elemento de calidade da fauna ictiolóxica nas masas de auga moi modificadas e artificiais asimilables a lagos, a consecución do bo potencial ecolóxico nestas masas de auga estará supeditado a que as concentracións de contaminantes distintos aos recollidos na epígrafe A do anexo IV do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, cumpran as normas de calidade ambiental e, en particular, as substancias preferentes recollidas na epígrafe A do anexo V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro. Ademais, para a avaliación do potencial ecolóxico das masas de auga artificiais e moi modificadas asimilables a lagos, realizarase o diagnóstico do elemento de calidade “fitoplancto”, único elemento de calidade biolóxico que se aplica para estas masas de auga, utilizando os valores das condicións de referencia e de límites de cambio de clase dos indicadores recollidos na epígrafe C.2) Encoros do anexo II do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro.

**Sección II. Masas de auga subterránea**

**Artigo 6. Identificación das masas de auga subterránea**

Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrológico identifica 64 masas de auga subterránea na súa bacía, que figuran relacionadas no apéndice 4.1. Estas masas organízanse en 2 horizontes ou niveis superpostos; un superior, con 12 masas, e outro xeral ou inferior, con 52 masas.

**Artigo 7. Valores limiar en masas de auga subterránea**

Os valores limiar adoptados no plan hidrológico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da parte española da demarcación hidrográfica do Douro foron calculados atendendo ao establecido no artigo 3 do Real

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración. Son os que se indican no apéndice 4.2.

### Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos

#### **Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos**

1. Tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno, e respectando o carácter prioritario do abastecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos da auga recollidos no artigo 60.3 do TRLA, para os diferentes sistemas de explotación de recursos, é a seguinte:

- 1º. Abastecemento de poboación.
- 2º. Usos industriais sempre que o consumo neto para usos industriais na área en que se encontre o aproveitamento non supere o 5% da demanda total para regadíos nesa área. En caso contrario, eses usos industriais situaranse no posto nº 5.
- 3º. Regadíos e usos gandeiros.
- 4º. Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.
- 5º. Outros usos industriais non incluídos nos ordinais anteriores.
- 6º. Acuicultura.
- 7º. Usos recreativos.
- 8º. Navegación e transporte acuático.
- 9º. Outros aproveitamentos.

2. Nos abastecementos á poboación terán preferencia os que estean referidos a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios sobre os sistemas individuais ou illados.

3. Os usos incluídos como "Outros aproveitamentos" que sexan aplicables en virtude da lexislación de incendios forestais, protección civil, especies protexidas ou conservación de zonas húmidas terán carácter prioritario respecto do resto de usos, con excepción do abastecemento de poboacións.

4. Con carácter xeral, dentro dun mesmo tipo ou clase de uso, en caso de incompatibilidade, darase preferencia a aqueles de maior utilidade pública ou aqueles que introduzan mellores técnicas que redunden nun menor consumo de auga ou no mantemento ou mellora da súa calidade. Conforme este criterio, os aproveitamentos preferentes son aqueles que se orienten:

- a) A unha política de aforro da auga, de mellora do estado da masa de auga e de alcance dos obxectivos ambientais.
- b) Á conservación do estado dos acuíferos e á explotación racional dos seus recursos.
- c) Á explotación conxunta e coordinada de todos os recursos dispoñibles, incluíndo a reutilización e as posibilidades de recarga artificial.
- d) Aos proxectos de carácter estratéxico, comunitario ou cooperativo, fronte a iniciativas individuais.
- e) A aproveitar o recurso no propio sistema de explotación xerador fronte a aquelas outras opcións que supoñan o paso a outros sistemas de explotación.

### Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais

#### **Artigo 9. Réximes de caudais ecolóxicos**

1. Conforme os estudos realizados e o proceso de concertación levado a cabo, e na falta dunha regulación xeral, fíxase o réxime de caudais ecolóxicos que aparece no apéndice 5 e que inclúe os seguintes compoñentes: caudais mínimos, caudais de enchente (ou xeradores) e taxa de cambio. Para os caudais mínimos establécese o réxime de caudais ecolóxicos en condicións ordinarias e en condicións de seca prolongada, entendendo como tal a definida no Plan especial de secas da bacía do Douro.

#### 2. Caudais mínimos:

- a) Os caudais mínimos establecidos no presente plan aplícanse a tres situacións distintas: en desaugamento, en puntos de control relevantes e no resto de masas de auga da categoría río.
- b) Os caudais para situacións de desaugamento fíxanse no apéndice 5.1.
- c) O réxime de caudais ecolóxicos de desaugamento deberá ser respectado en todo momento, sempre que sexa tecnicamente posible pola dispoñibilidade de auga encorada, que se valorará considerando a reserva preferente que se puidese establecer para atender abastecementos urbanos que non dispoñan doutra fonte alternativa de subministración.
- d) Os caudais desaugados deberán ofrecer unhas condicións de calidade e, en especial, de oxigenación que non poñan en risco os obxectivos ambientais da masa de auga superficial situada inmediatamente augas abaixo do encoro que os libera.
- e) Para aqueles casos en que os elementos de desaugamento dos encoros e instalacións complementarias non permitan, coas debidas precaucións e garantías de seguridade, liberar os réximes de caudais ecolóxicos de desaugamento, establécese o seguinte prazo transitorio para a súa adecuación:
  - Para os encoros de titularidade estatal disporán dun ano, contado desde a entrada en vigor do plan hidrológico, para levar a cabo as requiridas modificacións, prazo que se poderá ampliar se, xustificadamente, a entidade das modificacións impide levalas a cabo nese prazo.
  - Para os encoros de titularidade privada que o requiran e que na data de entrada en vigor deste plan non presentasen a documentación técnica descritiva da solución proposta ante o organismo de bacía, terán un prazo de seis meses para presentala.
  - A Confederación Hidrográfica do Douro, na súa autorización, fixará un prazo máximo de tres anos para a súa execución. As excepcións a ese prazo xeral serán especialmente xustificadas e deberá emitir informe previo sobre elas o Consello da Auga da demarcación.
- f) Os caudais ecolóxicos en puntos de control relevantes fíxanse no apéndice 5.2.
- g) Os caudais mínimos no resto das masas de auga da categoría río fíxanse no apéndice 5.3.
- h) Para as tres situacións que se reflicten nos apéndices 5.1, 5.2 e 5.3 en condicións de seca prolongada, o caudal exible poderase reducir ao 50% do ordinario, sempre que no encoro, no punto de control relevante ou na masa de auga non se inclúa especificamente un réxime de caudal ecolóxico para esa situación. Estes caudais deberán circular polo extremo das augas abaixo da masa de auga superficial considerada.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

3. Caudais ecolóxicos de enchente:

- a) Co obxecto de controlar a presenza e abundancia das diferentes especies, manter as condicións fisicoquímicas da auga e do sedimento, mellorar as condicións e a dispoñibilidade do hábitat a través da dinámica xeomorfolóxica e favorecer outros procesos hidrolóxicos naturais, establécese o réxime de enchentes que se fixa no apéndice 5.4.
- b) O réxime establecido ten carácter orientativo e realizarase, sempre que sexa posible, dentro do ciclo de planificación correspondente, mediante as enchentes naturais que transcorran a través das infraestruturas hidráulicas existentes ou, se é o caso, mediante a realización dunha enchente artificial de acordo coas características fixadas no apéndice 5.4.
- c) A realización dunha manobra de enchente artificial levarase a cabo verificando todos os protocolos de seguridade en situacións de enchente. Para levar a cabo a operación, os titulares das infraestruturas porán en coñecemento do organismo de bacía a data en que procederá a efectua e as súas condicións.
- d) A manobra de xeración dun caudal de chea será documentada e o titular da infraestrutura remitirá ao organismo de bacía a información precisa para que este elabore un informe específico sobre o seu desenvolvemento e os valores alcanzados durante a manobra, así como sobre os efectos da chea sobre as condicións do álveo, leito e hábitats ligados ao treito afectado.

4. Taxas de cambio: a taxa de cambio exixirase asociada ao réxime de enchentes conforme os valores do apéndice 5.4. Para o resto de situacións será un valor recomendable.

**Artigo 10.** *Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. Entenderase que se cumpre co réxime de caudais ecolóxicos mínimos establecidos no artigo 9, para cada unha das masas relacionadas no apéndice 5, cando se cumbran á vez as seguintes condicións:

- a) Que o volume mensual que circulase polo punto de control sexa maior ca o volume mensual mínimo correspondente ao mes de que se trate.
- b) Que o caudal medio diario rexistrado para polo menos a metade dos días nese mes non sexa inferior ao 80% do valor establecido nos apéndices 5.1, 5.2 e 5.3.
- c) Que o caudal instantáneo, rexistrado polos dispositivos de control, no sexa inferior ao 50% do valor establecido nos apéndices 5.1, 5.2 e 5.3.

2. Enténdese por volume mensual mínimo o resultado de multiplicar o caudal que aparece para cada mes nos apéndices 5.1, 5.2 e 5.3 polo tempo total de cada mes considerado.

3. Non serán exixibles caudais ecolóxicos mínimos superiores ao réxime natural existente en cada momento.

4. O cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos nas masas de auga da categoría río será incorporado como unha condición en todas as concesións que se outorguen con posterioridade á entrada en vigor da presente revisión do plan hidrológico. Para o resto de concesións será exixible desde a entrada en vigor da presente revisión do plan hidrológico, inclúan ou non esta previsión nas súas cláusulas.

5. En circunstancias especiais que puider establecer a normativa xeral, os criterios sinalados nos números 1, 2 e 3 deste artigo serán de aplicación ás masas de auga de ríos regulados, distantes máis de

---

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

cen quilómetros da localización da regulación, e que son: masas de auga do río Douro augas abaixo da DU-826; masas de auga do río Esla augas abaixo da DU-40; masas de auga do río Órbigo augas abaixo da DU-47; masas de auga do río Carrión augas abaixo da masa de auga DU-153.

#### Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos

##### **Artigo 11. Asignación de recursos para usos e demandas actuais e futuros**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, determínase a asignación de recursos que se adscriben aos aproveitamentos actuais e futuros que figuran relacionados no apéndice 6. As asignacións para usos hidroeléctricos que non aparecen no apéndice 6, por razón da súa natureza, correspóndense coas concesións en vigor.

##### **Artigo 12. Dotacións**

1. As dotacións de auga que este plan hidrolóxico determina para cada un dos usos figuran relacionadas no apéndice 7.
2. Con carácter excepcional, as solicitudes de concesión poderán superar as dotacións máximas indicadas sempre e cando se achegue unha xustificación técnica específica das necesidades hídras para o caso singular que se estude. Esta xustificación evidenciará o uso eficiente da auga e deberá aplicar como mínimo unhas porcentaxes de eficiencia que se cifran no 85% para o uso urbano, industrial ou gandeiro e no 75% para o caso do regadío, sen prexuízo do cumprimento doutros requisitos que máis adiante se establecen para cada tipo de uso.
3. Dotacións unitarias máximas brutas para abastecemento de poboacións:
  - a) As dotacións unitarias máximas brutas de auga para abastecemento de poboación fíxanse no apéndice 7.1. Enténdese por dotación unitaria bruta o cociente entre o volume subministrado á rede en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de subministración ou xustificadas, pola Administración local ou autonómica correspondente, de acordo cos seus plans de desenvolvemento urbano, incluíndo niso o cálculo da presenza de poboación estacional durante determinados períodos. Dado que a dotación inclúe a atención dos servizos prestados para a gandaría e industria pola rede municipal dentro do núcleo urbano, diferéncianse tres categorías de núcleos segundo o peso destes sectores na subministración global do núcleo urbano.
  - b) Para o caso de urbanizacións illadas de vivendas unifamiliares tipo chalé ou para chalés individuais, considérase unha dotación unitaria máxima bruta destinada a cubrir todas as súas necesidades hídras (xardíns, piscina...) de 200 l/hab./día.
  - c) Para atender outros abastecementos da poboación establécense as dotacións unitarias brutas máximas que aparecen no apéndice 7.2. Enténdese por dotación unitaria bruta o cociente entre o volume subministrado á rede en alta desde as captacións e o número de prazas autorizadas na instalación que se atenda.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- d) A incorporación de novos aproveitamentos con estes fins no seo da zona atendida polos servizos municipais ou locais requirirá o informe do concello, consorcio ou mancomunidade de municipios responsable dos citados servizos.
  - e) Nos casos excepcionais de abastecemento a poboacións referidas no número 2, as dotacións sinaladas no número 1 poderán incrementarse ata nun 40% logo da súa xustificación técnica.
4. Dotacións unitarias máximas brutas para industrias produtoras de bens de consumo:
- a) Establécese a dotación unitaria máxima bruta para atender polígonos industriais de 4.000 m<sup>3</sup>/ha e ano. Este valor inclúe todas as necesidades complementarias do polígono industrial, tales como parque de bombeiros, zonas axardinadas, servizos de limpeza e outras de semellante funcionalidade.
  - b) Para o caso de instalacións individuais, teranse en conta, con carácter orientativo, as dotacións que se indican no apéndice 7.3.
5. Dotacións unitarias máximas brutas para gandaría:
- a) Establécense como dotacións unitarias máximas brutas para atender o gando estabulado as que aparecen no apéndice 7.4. Enténdese como dotación unitaria bruta o cociente entre o volume subministrado á rede en alta desde as captacións e o número de cabezas de cada tipo de gando atendidas na zona de subministración. As dotacións inclúen todos os usos específicos (limpeza, refrixeración, servizos...) que requira a instalación agropecuaria.
  - b) No caso da gandaría non estabulada aplicaranse reducidas á terceira parte as mesmas dotacións que para o caso da estabulada.
  - c) Para o caso doutros núcleos zoolóxicos, tales como parques zoolóxicos, picadeiros, gardarías caninas ou outras instalacións asimilables, tomaranse como referencia as dotacións indicadas no apéndice 7.4, sempre e cando non se dispoña dunha xustificación específica para o caso de que se trate.
6. Dotacións unitarias máximas brutas para rega:
- a) Para outorgar novas concesións que teñan por obxecto o regadío serán de aplicación as dotacións unitarias máximas brutas por comarca agraria que se indican no apéndice 7.5. Estes valores establécense a partir das dotacións netas máximas establecidas no capítulo 5 da memoria do plan, ás cales se lles aplica a eficiencia mínima indicada no número 2. Nestas dotacións inclúense todas as necesidades hídricas das parcelas que se van regar, mesmo a auga que se requira para tratamentos fitosanitarios, regas antixeada, lavado de terreos e outros fins ligados á actividade.
  - b) Os cultivos leñosos, tales como a viña ou a oliveira, aplicarán como dotación máxima bruta o 15% da dotación máxima bruta comarcal indicada no apéndice 7.5, excepto no caso dos cultivos tradicionais de freatofitas (chopos e asimilables), que se regulan especificamente no artigo 32.2. Para o resto de cultivos, non clasificables nos grupos anteriores, aplicaranse as mesmas dotacións máximas brutas comarcais que aparecen no apéndice 7.5.
  - c) Cando un regadío se estenda por máis dunha comarca agraria, adoptaranse como máximas, para toda a unidade de demanda agraria implicada, as dotacións unitarias da comarca que ofrezan os valores máis altos.

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

- d) Poderase acreditar a necesidade de aplicar dotacións unitarias netas superiores ás indicadas neste artigo sempre que se xustifique tecnicamente esa necesidade mediante o correspondente estudo agronómico, que avalíe a evapotranspiración do cultivo na zona de implantación para un período de anos non inferior a 10 consecutivos, e incorpore polo menos algún ano do trienio anterior á data de solicitude da concesión, de xeito que coa rega se cubra o déficit hídrico do solo nun máximo do 80% dos anos.

7. Dotacións obxecto dos contratos de cesión de dereitos de uso de auga: o caudal anual susceptible de cesión contractual, de acordo co artigo 69.1 do TRLA, será o correspondente ao valor medio do caudal realmente utilizado nos últimos cinco anos. Na falta de datos sobre o caudal realmente utilizado, para determinar o volume anual susceptible de cesión contractual, as dotacións para ter en conta serán o 90% das dotacións máximas indicadas no presente artigo, de conformidade cos criterios establecidos no artigo 345 do RDPH.

**Artigo 13. Reserva de recursos**

De conformidade co artigo 43.1 do TRLA e co artigo 92.1 do RDPH, resérvanse a favor do organismo de bacía os recursos, para cada sistema de explotación, que se relacionan no apéndice 8.

**Artigo 14. Outras reservas**

1. As solicitudes de concesión para uso consuntivo que non contén con reservas asignadas, recollidas expresamente no apéndice 8, ou se estas xa foron superadas, deberán ser estudadas caso a caso co propósito de valorar a súa viabilidade conforme as previsións establecidas neste plan hidrológico. En todo caso, as concesións máximas outorgables, adicionais ás reservas establecidas, non poderán superar, individual ou conxuntamente, os volumes anuais que para cada sistema de explotación se indican a seguir:

- a) Támega – Manzanas: 5 hm<sup>3</sup>/ano
- b) Tera: 20 hm<sup>3</sup>/ano
- c) Órbigo: 0 hm<sup>3</sup>/ano
- d) Esla: 30 hm<sup>3</sup>/ano (exceptúanse os ríos Cea, Valderaduey e Sequillo, nos cales non se establecen reservas)
- e) Carrión: 0 hm<sup>3</sup>/ano
- f) Pisuegra: 10 hm<sup>3</sup>/ano (exceptúanse os ríos Esgueva, Burejo e Boedo, nos cales non se establecen reservas)
- g) Arlanza: 15 hm<sup>3</sup>/ano
- h) Alto Douro: 10 hm<sup>3</sup>/ano
- i) Riaza-Duratón: 10 hm<sup>3</sup>/ano
- j) Cega-Eresma-Adaja: 3 hm<sup>3</sup>/ano (exclusivamente para subministración de auga subterránea)
- k) Baixo Douro: 5 hm<sup>3</sup>/ano
- l) Tormes: 10 hm<sup>3</sup>/ano
- m) Águeda: 15 hm<sup>3</sup>/ano

2. Ademais das reservas anteriores, establécese unha reserva de 10 hm<sup>3</sup>/ano para toda a parte española da demarcación hidrográfica do Douro para os usos de protección civil e conservación da natureza definidos no artigo 8, así como aqueloutros que a autoridade ambiental correspondente solicite para a conservación ou mellora das zonas protexidas incluídas na Rede Natura 2000.



---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

3. A superación dos volumes anuais indicados nos puntos anteriores requirirá a revisión do plan hidrológico, co conseguinte reaxuste dos balances e das asignacións establecidas. Iso deberase levar a cabo mediante a actualización dos modelos de simulación que se encontran á disposición pública na páxina web da Confederación Hidrográfica do Douro, que poderán ser usados polo solicitante da nova concesión para xustificar a viabilidade da súa solicitude.

#### Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección

##### **Artigo 15. Reservas naturais fluviais**

1. No apéndice 9.1 inclúese unha lista coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o acordo de Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Ademais, no apéndice 9.2 inclúese outra lista con treitos fluviais que poderían merecer a mesma consideración en futuras declaracións.

2. As reservas limitáanse aos bens de dominio público hidráulico correspondentes aos segmentos fluviais asociados a cada reserva. Nestes treitos non se autorizarán actividades que poidan afectar as súas condicións naturais modificando o fluxo das augas, a morfoloxía dos leitos ou alterando negativamente a calidade das augas. Consecuentemente, queda prohibido o outorgamento de novas concesións ou autorizacións de uso dos mencionados bens de dominio público que poidan pór en risco o mantemento do estado de naturalidade e as características hidromorfolóxicas que motivaron a declaración. Excepcionalmente, cando non exista unha posibilidade alternativa que se poida considerar viable e se tomen as precaucións necesarias para manter o seu estado orixinal, poderanse outorgar concesións para o abastecemento daqueles núcleos urbanos consolidados, situados na bacía vertente da zona protexida, que o requiran.

##### **Artigo 16. Zonas de protección especial**

1. Recóllense no apéndice 9.3 as zonas de protección especial.

2. Nestas zonas non se poderán levar a cabo actividades que poidan afectar gravemente as condicións naturais das zonas de protección especial, xa sexa modificando o fluxo das augas ou a morfoloxía dos leitos. Non se admitirán, en ningún caso, accións que poñan en risco o obxectivo xeral de bo estado ou supoñan a deterioración adicional do estado destes segmentos fluviais.

##### **Artigo 17. Perímetros e bandas de protección**

Para os efectos previstos no artigo 57 do RPH, establécense os seguintes perímetros de protección no ámbito do Plan hidrológico do Douro:

1. Perímetros de protección de captacións de abastecementos de auga destinados ao consumo humano:

- a) As zonas de protección de captacións de abastecementos de auga destinados ao consumo humano incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas, que se recollen no punto 5.2 da memoria do plan hidrológico e están caracterizadas e definidas xeometricamente no sistema Mírame-IDEDuero.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- b) Estas zonas contarán cun seguimento específico do seu estado co obxecto de garantir a súa protección e identificar as posibles presións que dificulten o logro dos obxectivos específicos fixados para estas zonas.
- c) Co obxecto de acomodar as condicións das verteduras ás exigencias de calidade fixadas para estas zonas protexidas, a Confederación Hidrográfica do Douro poderá revisar as autorizacións de vertedura outorgadas sobre as mencionadas zonas protexidas para a captación de augas destinadas ao consumo humano.
- d) Calquera autorización ou concesión de augas que supoña a transformación en regadío ou a localización de instalacións gandeiras ou industriais sobre estas zonas requirirá que se evidencie a inocuidade da actuación sobre as augas de abastecemento urbano captadas dentro da zona de salvagarda, para o cal se pedirá informe á Administración local ou autonómica implicada.

2. Bandas de protección da morfoloxía fluvial dos leitos:

- a) Coa finalidade de mellorar a protección da morfoloxía fluvial ante a incidencia ecolóxica desfavorable dos aproveitamentos de areas, de pastos e de vexetación arbórea ou arbustiva, o establecemento de pontes ou pasarelas, embarcadoiros e instalacións para baños públicos e, en particular, para os efectos da súa autorización ou concesión, en función da súa importancia e magnitude, os ríos da bacía do Douro clasifícanse en:
  - Clase 1: ríos principais da bacía, con longos percorridos, importantes caudais e extensas formacións de ribeira. A banda de protección para estes ríos fíxase en 15 m en cada marxe.
  - Clase 2: ríos medios, de caudal e lonxitude importante e, de ser o caso, con boas formacións de ribeira en parte do seu trazado. A banda de protección para estes ríos fíxase en 10 m en cada marxe.
  - Clase 3: resto dos ríos, regatos e outros cursos da bacía, de menor dimensión e en ocasións rectificadados, canalizados e sen vexetación de ribeira natural. A banda de protección para estes casos fíxase en 5 m en cada marxe, coincidindo coa largura da zona de servidume.

Os treitos fluviais asignados ás clases 1 e 2 relaciónanse no apéndice 10.1. O resto dos ríos inclúense na clase 3.

- b) Nas bandas de protección do leito poderanse realizar plantacións con vexetación autóctona de ribeira, en marcos irregulares, estruturados en distintas clases de idade e con diversas especies arbóreas e arbustivas que non comprometan a riqueza xenética das especies e poboacións propias da bacías do Douro. Poderanse efectuar nas bandas de protección correspondentes ás clases 1 e 2 citadas na letra anterior outras plantacións de cultivos arbóreos nas condicións que se sinalan no artigo 74 do RDPH, cando o preceptivo informe ambiental da Administración competente así o determine, respectando en todo caso os cinco metros de servidume do leito.

3. Banda de protección da morfoloxía de zonas húmidas: de conformidade co previsto no artigo 243 do RDPH, sen prexuízo da zona de servidume e policía establecidas no artigo 96 do TRLA, as marxes dos lagos, encoros e lagoas que constitúen o inventario de zonas húmidas da bacía española do Douro, recollidas no apéndice 10.2, gozan dunha banda de protección de 15 m

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

arredor do seu maior nivel ordinario, con análogos efectos aos das bandas de protección fluvial establecidas no número 2.

**Artigo 18. *Rexistro de Zonas Protexidas***

1. Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e 24 do RPH, inclúese no anexo 3 da memoria (zonas protexidas) o inventario de zonas protexidas na demarcación que figura no correspondente rexistro, xunto coa súa caracterización e representación cartográfica.

2. O Rexistro de Zonas Protexidas da parte española da demarcación hidrográfica do Douro está integrado no sistema de información Mírame-IDEDuero. Nel recóllense as diversas figuras de protección, as xeometrías definidas polas entidades xeoespaciais correspondentes, a lexislación en virtude da cal se protexen e o estado de conservación, de ser o caso.

Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

**Artigo 19. *Obxectivos ambientais das masas de auga***

1. Defínense como obxectivos ambientais de cada unha das masas de auga da demarcación hidrográfica do Douro e os prazos previstos para a súa consecución os que se relacionan no apéndice 11.

2. Cada unha das excepcións ao cumprimento dos obxectivos xerais, quer sexa polo prazo quer pola fixación de obxectivos menos rigorosos, xustifícase nas fichas sistemáticas que se inclúen no anexo 8.3 á memoria.

**Artigo 20. *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga***

1. Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non puidesen preverse razoablemente, nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou de varias masas de auga, son graves inundacións, seca prolongada e accidentes que non se puidesen prever.

- a) Entenderase como grave inundación para este propósito exclusivo aquela que supere a zona de fluxo preferente, de acordo coa definición que para ela establece o artigo 3 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- b) Entenderase como seca prolongada a definida no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca na bacía española do Douro, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, actualizado polo anexo 13 da memoria deste plan hidrológico, que se encontre vixente en cada momento.
- c) Considéranse accidentes non previstos razoablemente as verteduras accidentais ocasionais, os fallos nos sistemas de almacenamento de residuos, os incendios en industrias ou os accidentes no transporte. Tamén se considerarán como accidentes as circunstancias derivadas dos incendios forestais e os desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuvia, nas condicións sinaladas no artigo 259 ter.4 do RDPH.

2. Nos casos sinalados na letra c) do número anterior, o causante do accidente ou o titular da instalación informará inmediatamente o organismo de bacía e especificará as causas, os potenciais danos e as medidas adoptadas para minimizar os efectos.

---

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

3. Os causantes da deterioración temporal ou calquera persoa ou entidade responsable da xestión das masas de auga afectadas estarán obrigados a cubrir a ficha denominada “Ficha para a xustificación da deterioración temporal do estado dunha masa de auga”. Nesta ficha recollerase, polo menos, a seguinte información: código e nome das masas afectadas, período durante o cal se producirá a deterioración temporal, motivos da deterioración, valores que alcanzarán os indicadores de estado durante a deterioración, desviación entre os indicadores de estado actuais e os esperados coa deterioración, medidas para controlar e paliar os efectos da deterioración, así como as medidas tomadas tanto para a súa reparación como para previr que esa deterioración se poida volver producir no futuro.
4. No caso de que se prevexa unha deterioración temporal como consecuencia de actuacións de forza maior ou da implantación do programa de medidas, logo da autorización correspondente, cubrirase a “Ficha para a xustificación da deterioración temporal do estado dunha masa de auga”.
5. A Confederación Hidrográfica do Douro levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico. Ese rexistro estará formado polas fichas citadas e será accesible ao público a través do sistema de información Mírame-IDEDuero.
6. O presidente da Confederación Hidrográfica do Douro aprobará un protocolo de actuación ante situacións que poidan causar unha deterioración temporal das masas de auga.

**Artigo 21. Condicións para as novas modificacións ou alteracións**

1. Os casos en que se prevé a execución de actuacións que supoñan a materialización de novas modificacións ou alteracións que comporten a deterioración dunha ou de varias masas de auga como consecuencia dunha modificación ou alteración das súas características físicas, que resultan xustificables cumprindo as condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH, aínda que impidan o logro dos obxectivos ambientais conforme o artigo 92 bis do TRLA, son os que se identifican no apéndice 11 e quedan documentados no anexo 8.3 da memoria do plan hidrolóxico.
2. No resto de casos, é dicir, para as novas modificacións ou alteracións non previstas, observarase o disposto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de xeito que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH mediante a súa análise xustificativa. Esta análise deberá ser presentada polo promotor das actuacións e deberá conter, polo menos, a seguinte información: código e nome das masas afectadas, descrición da actuación, descrición da nova modificación, obxectivos ambientais das masas de auga no plan hidrolóxico vixente, desviación dos obxectivos ambientais das masas con respecto á nova modificación, medidas adoptadas para paliar os efectos adversos, motivos da nova modificación, avaliación dos beneficios da nova modificación e comparación cos beneficios asociados ao cumprimento dos obxectivos ambientais e análise de alternativas para alcanzar os obxectivos que supoñen a nova modificación.
3. A Confederación Hidrográfica do Douro avaliará a análise xustificativa, mencionada no número anterior, co fin de comprobar se se cumpren os requisitos para admitir a modificación das masas de auga, emitirá o informe previo de valoración e levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións.

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

## Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga

### *Sección I. Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga*

#### **Artigo 22. Ruptura da continuidade do leito**

1. A continuidade lonxitudinal e a conectividade lateral dos leitos é un valor que debe ser protexido. En particular, non poderá ser limitada cando iso supoña a deterioración do estado da masa de auga implicada, sen prexuízo do establecido no artigo 21, en relación coas novas modificacións ou alteracións.

2. De conformidade co artigo 126 bis do RDPH, calquera aproveitamento que se realice sobre o curso, independentemente de cal sexa a súa finalidade, ben se trate de azudes, captacións, derivacións, instalacións de medida ou calquera outra actuación, deberá levarse a cabo garantindo a súa franqueabilidade, tanto en ascenso como en descenso, pola ictiofauna autóctona presente no treito afectado ou pola que potencialmente corresponde que o habite. Para tal efecto, as citadas obras e instalacións contarán cos correspondentes pasos polos que deberá circular un caudal de auga, e os sedimentos adecuados ao propósito perseguido, e que figurarán nas condicións das novas concesións, ou nas que sexan revisadas ou modificadas.

3. A franqueabilidade das novas infraestruturas incorporárase nas condicións das novas concesións así como nas que sexan revisadas ou modificadas. As infraestruturas restantes con altura sobre o leito menor de 10 m, que non resulten franqueables, deberán adecuarse para garantir a continuidade dos cursos. Terán prioridade as actuacións naquelas infraestruturas cuxa modificación permita mellorar o estado da masa de auga nun ou máis niveis.

4. A Confederación Hidrográfica do Douro, de conformidade co artigo 28 do Plan hidrológico nacional e co artigo 126 bis.4 do RDPH, unha vez valorado o efecto ambiental e económico de cada caso, poderá impulsar a demolición das infraestruturas que non cumpran ningunha función ligada ao aproveitamento das augas, contando coa correspondente autorización ou concesión e que, por tanto, estean abandonadas, logo da tramitación do expediente de extinción ou modificación de características iniciado de oficio.

5. A avaliación da franqueabilidade levaraa a cabo conforme os indicadores hidromorfolóxicos de continuidade para a valoración do estado das masas de auga da categoría río que aparecen no apéndice 3.

6. A continuidade lateral entre o leito e a zona de inundación, fóra de treitos urbanos, deberá ser respectada. En particular, non se poderán desenvolver defensas sobreelevadas (camallóns) que illen o leito da súa chaira de inundación sen a avaliación previa da súa incidencia ambiental. A Confederación Hidrográfica do Douro estudará, coas debidas garantías de seguridade para persoas e bens, a viabilidade de eliminar, recuar ou suavizar os camallóns e demais defensas sobreelevadas existentes que limiten a mobilidade natural do leito. Terán prioridade as actuacións naquelas infraestruturas cuxa modificación permita mellorar o estado da masa de auga nun ou máis niveis.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

**Artigo 23. Caudal sólido**

1. O transporte natural de material sedimentario sólido, mediante suspensión, saltación ou rodamento, recoñécese como parte integrante do caudal natural dos ríos, esencial para a súa evolución e desenvolvemento morfolóxico.

2. A avaliación do impacto das obras transversais ao leito, prevista no artigo 126 bis.5 do RDPH, garantirá que estas non supoñen un obstáculo do paso do caudal sólido en situacións de normalidade ou prealerta, definida de acordo co sistema de indicadores adoptado no Plan especial de secas na bacía do Douro.

**Artigo 24. Condicións particulares para a extracción de areas**

1. As extraccións de areas deberán respectar as condicións morfolóxicas naturais do leito e a súa hidrodinámica, e non deben inducir modificacións nelas. A distancia mínima da explotación ao leito determinarase en cada caso atendendo ás características do leito e do propio terreo, para o cal se terán en conta as bandas de protección sinaladas no artigo 17.2 e 3.

2. A profundidade da escavación nas zonas de policía deberase definir cunha marxe de seguridade de, polo menos, medio metro por riba do nivel freático ou do nivel da lámina de auga do leito. A marxe de seguridade poderá ser superior, co fin de non afectar a hidroloxía subterránea, as conexións entre auga subterránea e auga superficial e os dereitos de terceiros. A cota inferior da extracción de areas non poderá estar por debaixo da cota inferior do leito do río. Co fin de facer un seguimento da hidroloxía subterránea, o concesionario deberá dispor dunha cata ou piezómetro na zona próxima á explotación.

3. As extraccións de areas levaranse a cabo atendendo aos seguintes requisitos:

- a) Non se producirán verteduras que incrementen a turbidez das augas.
- b) Deberanse establecer medidas que preveñan as verteduras accidentais de fuel, aceites ou calquera outra substancia que poida deteriorar o estado das augas superficiais ou subterráneas na zona da explotación. Para iso deberanse instalar cubetas estancas que faciliten o almacenamento temporal destes potenciais contaminantes ata o seu traslado a un centro de recollida autorizado.
- c) Deberanse implantar mecanismos de recirculación da auga co obxecto de diminuír os consumos e reducir as verteduras.
- d) Deberanse construír gabias perimetrais á explotación co obxecto de evitar a circulación de augas pluviais que poidan ocasionar arrastres e verteduras indesexadas.
- e) Durante o período de explotación deberanse tomar as medidas precisas para non alterar a morfoloxía do leito natural. Unha vez finalizada a explotación, deberá regularizarse a morfoloxía da chaira de inundación afectada pola extracción.
- f) Adoptaranse medidas que minimicen as emisións de po e ruídos.

4. Cando a Confederación Hidrográfica do Douro valore, a partir de estudos propios ou da documentación facilitada por calquera outra autoridade competente, que por motivos de seguridade fronte ao risco conxuntural de inundación ou por mellora da morfoloxía fluvial artificialmente deteriorada se require a retirada de areas dun determinado treito de leito, a actuación poderá ser desenvolvida conforme o proxecto e as prescricións técnicas que se establezan para cada caso particular e poderá, de

[Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO \(2015-2021\)](#)

ser o caso, ofertar publicamente o aproveitamento das areas, conforme o previsto no artigo 137 do RDPH.

5. Non serán aproveitables como areas os materiais acumulados de forma natural no paramento de augas arriba das presas, azudes ou travesas. Para a súa mobilización requirirase autorización expresa do organismo de bacía, na cal se establecerán as condicións técnicas para a súa realización e as cales, en xeral e salvo xustificación técnica que o desaconselle, conducirán ao depósito dos sedimentos augas abaixo do obstáculo co obxecto de non alterar o caudal sólido, conforme o previsto no artigo 23.

**Sección II. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico**

**Artigo 25. Medidas relativas ás masas de auga superficial**

1. En ríos non regulados, é dicir, naqueles cursos que non contén con reservas artificiais de auga almacenadas no propio eixe fluvial, se os caudais circulantes en réxime natural son menores ca os caudais ecolóxicos mínimos establecidos neste plan, prohibirase levar a cabo derivacións de caudal desde tomas directas (en pozas ou azudes de retención) dos cursos afectados e desde calquera captación que afecte significativamente o caudal ecolóxico circulante polo leito. Na falta de estudos específicos, considérase que calquera captación situada na zona de policía, desde a que se extraía auga durante máis de cincuenta días ao ano, afecta significativamente o caudal ecolóxico circulante polo leito.

2. En ríos non regulados, a detracción de caudais en tomas directas de ríos ou regatos, ou en pozos situados na súa zona de policía, non poderá superar o 50% do caudal circulante polo leito no punto de toma, nin tampouco o réxime de caudais ecolóxicos mínimos establecido. En ningún caso se poderá deixar seco o leito.

**Artigo 26. Medidas relativas ás masas de auga subterránea**

1. As solicitudes de concesións ou autorizacións para os aproveitamentos de augas subterráneas que requiran a construción de obras e instalacións relativas a pozos, sondaxes ou outra obra que alcance o nivel saturado pola auga subterránea achegarán, xunto co resto de documentación requirida no RDPH, unha descrición das súas características que inclúa, ao menos, a seguinte información adicional:

- a) Perfil vertical da perforación, co detalle dos diámetros e das profundidades previstas.
- b) Potencia nominal do equipamento de bombeo, tipo de bomba e profundidade a que se prevé situar a boca de aspiración ou de entrada de auga ao equipamento de bombeo.

2. Unha vez realizada a perforación e antes da visita de confrontación achegarase a seguinte documentación:

- a) A columna litolóxica atravesada pola perforación, con detalle da profundidade a que se alcanza cada un dos litosomas diferenciados.
- b) A posición do nivel piezométrico (nivel da auga) no interior da perforación e data da lectura.
- c) O perfil vertical da canalización con que se equipa a captación, con detalle dos diámetros e das profundidades a que se producen cambios no tipo de canalización. Sinalarase a localización e o tipo dos treitos filtrantes polos que ten lugar a entrada de auga ao interior da captación, e os treitos de inicio e final das cimentacións ou impermeabilizacións realizadas.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- d) Xuntaranse os datos hidrodinámicos obtidos das probas de produción, os bombeos de ensaio que se efectúen, así como os datos analíticos de calidade da auga captada: caudais de bombeo, niveis de estabilización, duración de cada bombeo, caudal previsto de explotación e condutividade da auga.

3. Calquera captación de auga subterránea deberá contar coas instalacións de seguridade pertinentes conforme o previsto na normativa de seguridade mineira. Co mesmo propósito, os pozos e as sondaxes deberán contar cun cerramento adecuado ás súas características que impida tamén a caída de pedras ou refugallos no seu interior, sen menoscabo de permitir a medida do nivel piezométrico conforme se detalla nos números seguintes.

4. Toda captación directa de auga subterránea deberá permitir medir a profundidade da auga no seu interior, tanto en repouso como durante o bombeo.

5. Para os pozos ou sondaxes que se encontren en situación de surxencia deberanse tomar as medidas técnicas que impidan a saída libre da auga, así como dispor dun manómetro que facilite a lectura do nivel piezométrico con precisión centimétrica. Sempre que as condicións da surxencia o permitan, poderase admitir a sobre elevación do peitoril ata un máximo de 1,5 metros co obxecto de equilibrar a presión. Se se adopta esta solución, deberase instalar unha tubaxe piezométrica.

6. Cando a captación se sitúe na vertical de varias masas de auga subterránea, deberanse cementar os treitos que non sexan obxecto de explotación, que se indicarán nas condicións da autorización. Así como cando se trate de masas de acuíferos multicapa con distinta presión hidrostática ou composición química entre os distintos niveis.

7. Os pozos e sondaxes que se autoricen a partir da entrada en vigor deste plan, así como os afectados por modificacións de concesións existentes, deberán levar nunha parte visible o identificador do pozo, que consistirá no número con que o pozo ou sondaxe está inscrito no Rexistro de Augas do organismo de bacía, e unhas características mínimas que fixará a Confederación Hidrográfica do Douro.

8. Aproveitamentos xeotérmicos de climatización:

- a) Os aproveitamentos xeotérmicos que se pretendan instalar para a produción de calor ou frío, mediante sistemas pechados que requiran unha perforación vertical maior de 20 m, requirirán, sen menoscabo do cumprimento do resto de trámites administrativos que sexan exixibles, autorización expresa da Confederación Hidrográfica do Douro, onde se acrediten as condicións das instalacións e o seu seguimento para garantir a protección dos acuíferos.
- b) Os aproveitamentos xeotérmicos mediante sistemas abertos requirirán concesión administrativa por parte do organismo de bacía, procedemento en que se poderá integrar o resto de trámites administrativos que sexan exixibles. Para este tipo de aproveitamentos, ademais das normas específicas de construción de pozos sinaladas neste artigo e do cumprimento dos requirimentos relativos á protección da calidade da auga, establécense os seguintes criterios xerais, sen menoscabo de que a adopción doutras solucións requirirá a súa xustificación adicional:
- I. A auga utilizada deberá ser inxectada no mesmo acuífero de que se extraese.
  - II. En caso de que a instalación se realice onde existan acuíferos superpostos, aproveitarase unicamente o superior.



---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- III. O gradiente térmico quedará limitado a 6º Celsius.
- IV. Este tipo de aproveitamentos queda prohibido no interior das zonas de salvagarda para abastecemento urbano, en perímetros de protección establecidos co mesmo fin e en acuíferos con mal estado químico.
- V. Cando a potencia instalada sexa superior a 50 kW, o titular do aproveitamento deberá efectuar un seguimento da evolución do acuífero que valore a súa resposta hidráulica, bioquímica e térmica.

9. De conformidade co establecido no artigo 29.2 do Plan hidrológico nacional, a Confederación Hidrográfica do Douro fomentará a constitución de comunidades de usuarios de auga subterránea, prestando de ser o caso a asistencia técnica necesaria para a elaboración do plan de explotación da masa de auga subterránea de forma que se posibilite o seu aproveitamento ordenado e sustentable.

**Artigo 27. Medidas relativas a concesións para rega**

1. Non se poderán obter concesións para rega que superen as reservas previas establecidas no plan e, en concreto, no caso de concesións non recollidas nas reservas establecidas, os volumes máximos que se establecen para cada sistema de explotación.

2. Calquera nova solicitude de concesión, que pretenda captar máis de 10.714 m<sup>3</sup> nun mes ou 4 l/s de caudal instantáneo, deberá ir acompañada da información suficiente que permita á Confederación Hidrográfica do Douro valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento para rega sen causar prexuízo ao medio hídrico, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados neste plan hidrológico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes. Considérase información suficiente a demanda de auga anual, distribuída por meses e para cada unha das tomas de auga previstas, así como os caudais instantáneos máximos demandados cada mes.

3. Ademais deberá detallar, sen prexuízo do previsto no RDPH, as medidas que se van adoptar tendentes a minimizar a afección ambiental do aproveitamento sobre as augas superficiais e subterráneas. Entre elas incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e das súas variacións.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente deba habitar no treito, non impidan a súa circulación en remonte e en descenso, de conformidade co artigo 126 bis do RDPH.
- c) En canles de máis de 2.500 m de lonxitude total deberanse habilitar os pasos necesarios para que as persoas, o gando e a fauna silvestre, en particular os grandes vertebrados, poidan atravesalas e acceder á beira natural do río. Pódese cumprir esta premisa cos cruzamentos ordinarios de camiños e doutras vías de comunicación. Igualmente disporanse dispositivos que permitan a saída dos grandes vertebrados en caso de caída. Ademais garantírase a continuidade da zona de servidume de uso público establecida na marxe.
- d) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada.
- e) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a morfoloxía fluvial afectada.
- f) Análise e proposta de boas prácticas para limitar a contaminación difusa e a exportación de sales especialmente en zonas declaradas vulnerables.

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

4. Nas zonas que xa contén con dereitos de rega con auga superficial só se outorgarán concesións ou autorizacións para o uso de auga subterránea para rega logo da modificación das características do dereito orixinal, consistente na incorporación da nova toma na súa concesión.

5. Nos supostos en que a Confederación Hidrográfica do Douro, no exercicio das súas funcións ou por iniciativa doutra Administración competente, proceder ao outorgamento dunha nova concesión de auga superficial, co obxecto de que nunha zona determinada se substitúan os dereitos preexistentes ao uso de auga subterránea por un único dereito ao uso das augas superficiais, establécese que, con carácter previo ao dito outorgamento, os titulares dos dereitos de auga subterránea (xa sexan concesionais, por disposición legal ou privados) existentes no perímetro indicado renuncien voluntariamente aos seus dereitos individuais e procedan á clausura dos aproveitamentos subterráneos correspondentes.

6. Con carácter excepcional, en anos de seca prolongada, a Confederación poderá autorizar aproveitamentos temporais de augas subterráneas co fin de paliar o déficit de rega que se puider producir nunha zona con dereitos de augas superficiais e o concesionario estará obrigado a clausurar o aproveitamento unha vez que a situación de seca se superase. Igual tratamento se lles dará aos usos de bebedoiro de gando en réxime extensivo en situacións de seca prolongada.

**Artigo 28. Medidas relativas a concesións para aproveitamentos hidroeléctricos**

1. As novas solicitudes de concesión coa finalidade de captar auga para a obtención de enerxía, xa sexa mediante o aproveitamento hidroeléctrico ou mediante centrais térmicas ou de calquera outra tecnoloxía, deberán incorporar a información suficiente que lle permita á Confederación Hidrográfica do Douro valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento para a obtención de enerxía sen causar prexuízo ao medio hídrico, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados no plan hidrológico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes; en particular, aquelas que lle preceden na orde de prioridade fixada no artigo 8.

2. O proxecto de aproveitamento hidroeléctrico de nova concesión deberá incorporar, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas, ademais do respecto ao réxime de caudais ecolóxicos no treito de toma e de restitución e as previstas no RDPH, inclúranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro continuo do caudal turbinado e do ecolóxico, así como do nivel de encoro.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente deba habitar no treito, non impidan a súa circulación en remonte e en descenso, de conformidade co artigo 126 bis do RDPH.
- c) Instalación de dispositivos que eviten a entrada de peixes nas tomas das canles.
- d) Incorporación de elementos que permitan o rescate da ictiofauna en caso de baleiramento das infraestruturas.
- e) Valado das canles, das cámaras de carga e doutras infraestruturas de xeito que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular, sobre os grandes mamíferos, tales como corzos, xabarís, cervos e outros.
- f) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que a fauna silvestre, en particular os grandes vertebrados, poidan atravesalas e acceder á beira natural do río, así

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

como dispositivos que permitan a saída dos grandes vertebrados en caso de caída. Ademais, garantírase a continuidade da zona de servidume de uso público establecida na marxe.

- g) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada no vaso do encoro e no treito entre o azude e o punto de restitución ao río.
- h) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada.

3. Poderanse aproveitar con fins hidroeléctricos, logo do cumprimento do artigo 165 bis do RDPH e das condicións do seguinte número, os tipos de infraestruturas que se citan a seguir:

- a) As de regulación (presas) e transporte (canles), existentes na bacía do Douro que na actualidade sexan obxecto de aproveitamento hidroeléctrico por concesionarios ou polo organismo de bacía.
- b) Calquera outro salto, desaugadoiro ou desnivel existente nas restantes infraestruturas mencionadas neste plan hidrológico, que sexa compatible cos seus obxectivos e que sexa susceptible de explotación hidroeléctrica, con independencia da fase en que se encontre: proxecto, construción ou explotación. A compatibilidade mencionada comprende as infraestruturas do Estado proxectadas, construídas ou explotadas por este ou a través dos organismos de bacía, as sociedades estatais de augas ou calquera outro instrumento do sector público. Tamén, e co mesmo alcance, a compatibilidade alcanza as infraestruturas hidráulicas con finalidades agrarias que se mencionen neste plan e sexan titularidade das comunidades autónomas incluídas no ámbito da demarcación hidrográfica do Douro. Terán consideración de infraestruturas susceptibles de se incluíren neste punto todas as esclusas, derramos e outras obras de fábrica de Canal de Castilla susceptibles de aproveitamento hidroeléctrico.

4. Se os aproveitamentos hidroeléctricos nesas infraestruturas non os realizase directamente o organismo de bacía ou outros entes do sector público, a súa adxudicación realizarase por convocatoria pública de acordo co procedemento establecido nos artigos 132 e seguintes do RDPH. Neste caso, as bases da convocatoria garantirán a subordinación dos aproveitamentos hidroeléctricos concedidos ás necesidades da explotación principal das obras hidráulicas, ao réxime de caudais dos ríos e á consecución dos obxectivos ambientais que se establezan neste plan ou os que fixen os órganos competentes. Esas bases determinarán tamén a suxeición destes aproveitamentos ao canon de regulación ou tarifa de utilización da auga de cuxas obras se benefician, así como ao canon de utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica, regulado no artigo 112 bis do TRLA.

**Artigo 29. Medidas relativas a concesións para uso industrial**

As industrias individuais deberán xustificar que o caudal e o volume anual solicitados, en cada caso, se axustan ao principio da eficiencia no uso da auga mediante o correspondente estudo de necesidades hídras, incorporando, cando iso sexa posible, os mecanismos de recirculación oportunos. O valor global poderase calcular, en función da distinta actividade industrial de que se trate, segundo a cantidade de produción prevista. Esta dotación incluírá as necesidades complementarias da instalación, en particular, a rega das zonas axardinadas periféricas que poidan existir, os servizos de limpeza e outros; todo isto sen menoscabo de que poidan existir redes separadas para cada propósito.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

**Artigo 30. Medidas relativas a concesións de auga para canles artificiais para a navegación**

1. As novas solicitudes de concesión coa finalidade de captar auga para alimentar canles artificiais de navegación deportiva, recreativa ou comercial deberán incorporar a información suficiente para lle permitir á Confederación Hidrográfica do Douro valorar que cantidades de auga poden ser derivadas sen causarlle prexuízo ao medio hídrico.

2. O proxecto deberá incorporar, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas, ademais do respecto ao réxime de caudais ecolóxicos no treito de toma e de restitución, incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e das súas variacións.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente deba habitar no treito, non impidan a súa circulación en remonte e en descenso, de conformidade co artigo 126 bis do RDPH.
- c) Incorporación de elementos que permitan o rescate da ictiofauna en caso de baleiramento das canles e depósitos artificiais.
- d) Valado das canles, das cámaras de carga e doutras infraestruturas de xeito que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular sobre os grandes mamíferos tales como corzos, xabarís, cervos e outros.
- e) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberán habilitar pasos para que as persoas, o gando e a fauna silvestre, en particular os grandes vertebrados, poidan atravesalas e acceder á beira natural do río, así como dispositivos que permitan a saída dos grandes vertebrados en caso de caída. Ademais, garantirase a continuidade da zona de servidume de uso público establecida na marxe.
- f) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada.
- g) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada.

**Artigo 31. Prazos concesionais**

Consonte o disposto nos artigos 59 do TRLA e 97 do RDPH, establécense os prazos concesionais máximos que se indican a seguir en relación cos distintos usos da auga:

- a) Usos industriais, que comprenden a produción de bens e servizos de consumo, de lecer e turismo, extractiva e de produción de forza motora: o prazo será de entre 10 e 30 anos e determinarase en función do balance económico do aproveitamento.
- b) Usos industriais para produción de enerxía, tanto no caso de aproveitamentos para refrixeración como no caso de aproveitamentos hidroeléctricos, que serán establecidos tendo en conta o balance económico do aproveitamento e estarán limitados con carácter xeral a prazos de entre 15 e 40 anos. Excepcionalmente, poderán estenderse ata 75 anos cando o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo manifeste o interese estratéxico do aproveitamento concreto que se valore co obxecto de asegurar a garantía da subministración eléctrica.
- c) Usos para regadío: o prazo será de entre 15 e 40 anos, para o cal se terá en conta o balance económico do aproveitamento.
- d) O prazo das concesións para alimentar canles artificiais de navegación será de entre 10 e 30 anos, tendo en conta o balance económico do aproveitamento.

---

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- e) No caso de concesións que se outorgarán en treitos de ríos afectados pola construción de novas infraestruturas previstas neste plan, cuxa posta en servizo impida a realización do aproveitamento obxecto da concesión nas condicións en que poida ser inicialmente outorgada, o prazo non superará a data prevista para a posta en funcionamento da mencionada infraestructura.
- f) O prazo das concesións e autorizacións para recarga será establecido polo organismo de bacía por proposta do petionario e será de entre 10 e 30 anos, tendo en conta o balance económico do aproveitamento.
- g) No resto de concesións, o prazo poderá alcanzar os 75 anos previstos como máximo no artigo 59.4 do TRLA.

**Artigo 32. Normas xerais sobre as autorizacións de obras e outros usos do dominio público hidráulico**

1. Condicións particulares para obras no curso, na zona de servidume e na zona de policía: as obras que se executen no leito, na zona de servidume e na zona de policía, así como as autorizacións que en cada caso correspondan, terán en conta os seguintes criterios:

- a) Canalizacións en solo rústico: como norma xeral, non se admitirán as actuacións de rectificación en planta, pendente e redución da sección de leitos e de sobreelevación mediante camallóns ou muros que poidan alterar as condicións de inundabilidade. As excepcións a esta norma estudaranse singularmente, conforme o artigo 126 do RDPH.
- b) Entubaxe ou cobertura de leitos en solo rústico: non se admitirá, con carácter xeral, a entubaxe ou a cobertura dun leito en solo rústico, salvo que a alternativa resultase economicamente desproporcionada, caso en que se xuntará á solicitude un estudo que xustifique a nova modificación e se cubrirán os distintos aspectos que se inclúen na "Ficha para a xustificación de novas modificacións ou alteracións" sinalada no artigo 21.
- c) Valagotas rebordables: para a construción de valagotas que faciliten o cruzamento de vías de comunicación polo leito exixirase que a sección ocupada do leito non se cubra con materiais que supoñan a súa redución ou limiten a súa franqueabilidade polas especies de fauna autóctona, en particular polos peixes presentes no treito afectado ou que potencialmente poidan poboalo.
- d) Pontes, pasarelas: a construción de pontes ou pasarelas non deberá minguar a capacidade de desaugamento do propio leito nin supor unha limitación para a súa franqueabilidade polas especies autóctonas presentes no treito afectado ou que potencialmente poidan poboalo.
- e) Sondaxes profundas: a construción de sondaxes profundas en zona de policía levarase a cabo cementando os primeiros metros aos cales se estende o acuífero aluvial do río co fin de garantir a toma de auga do horizonte profundo.

2. Condicións particulares para cultivos arbóreos.

- a) Non se realizarán plantacións de cultivos arbóreos no leito nin na súa zona de servidume. Adicionalmente, nas bandas de protección do leito, así como nas bandas de protección das zonas húmidas, poderanse realizar plantacións coas condicións sinaladas no artigo 17.
- b) Poderanse autorizar as defensas dos predios para evitar erosións e desprendementos de propiedades privadas, así como obras de defensa exclusiva de chopoeiras e doutros cultivos asimilables, consistentes en diques, sempre que non supoñan unha sobreelevación do terreo, salvo que protexan poboacións e infraestruturas públicas existentes e que as citadas obras non

---

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

teñan efectos negativos sobre as masas de auga nin sobre a capacidade de evacuación do leito, conforme o artigo 126 bis do RDPH.

- c) As autorizacións de corta de árbores establecerán a obriga ao titular de restituír o terreo á súa condición anterior, o que poderá incluír a decepa, a plantación de vexetación de ribeira e a eliminación das obras de defensa que fosen establecidas para protexer a plantación, salvo que se obteña unha nova autorización para seguir co cultivo durante o seguinte período vexetativo.
- d) A corta “a oito total” ou *corta rassa* limitarase ás plantacións de produción e deberá evitarse no caso de cortas de vexetación natural que, preferentemente, se deberán realizar polo método da entresaca, extraendo un máximo do 50% dos pés.
- e) Non se autorizarán novas concesións para a rega de chopoeiras tradicionais situadas na zona de policía dos leitos cando a achega de auga se poida lograr mediante plantacións a raíz profunda. Non obstante, se existe dispoñibilidade de recurso, poderanse autorizar derivacións temporais de caudal. As necesidades hídricas brutas para a rega desas plantacións arbóreas tradicionais de freatofitas queda limitada a unha dotación máxima de 800 m<sup>3</sup>/ha/ano, aplicables exclusivamente durante os dous primeiros anos de plantación.

3. Actuacións menores de conservación no dominio público hidráulico e zona de policía.

- a) Considéranse actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico e zona de policía, sempre que se realicen fóra de espazos protexidos e non fosen obxecto de autorización nos termos previstos no artigo 53 do RDPH, as seguintes:
  - I. Retirada de árbores mortas e podas selectivas manuais de árbores que impidan accesos ao leito ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.
  - II. Retirada de árbores mortas e podas selectivas manuais de árbores que mingüen a capacidade de desaugamento do leito.
  - III. Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan o leito e, en especial, nas obras de paso sobre el, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.
  - IV. Retirada de sedimentos e vexetación existente no leito do curso, situados 50 metros augas arriba e augas abaixo das obras de fábrica e pontes co fin de conservar a súa capacidade de drenaxe.
  - V. Pequenas actuacións de mantemento de pontes e infraestruturas situadas sobre o leito, sempre e cando durante a súa execución non haxa ocupación do dominio público hidráulico nin quede afectada a súa capacidade de desaugamento.
  - VI. Mantemento das seccións de estacións de medición de caudal.
  - VII. Retirada de entullos e residuos sólidos urbanos.
  - VIII. Cortas de árbores baixo liñas eléctricas.
- b) A execución destas actuacións poderase realizar mediante a declaración responsable presentada por parte do promotor e será aplicable o disposto nos artigos 51 bis e 52 do RDPH. En todo caso, estas actuacións deberán respectar os fins e a integridade do dominio público hidráulico e, en particular, a calidade e cantidade das augas e a morfoloxía e a dinámica fluvial. Para estes efectos, a Confederación Hidrográfica do Douro deberá establecer as condicións e demais requisitos que se deberán observar no exercicio destas actuacións e conforme os cales

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

se valorará a compatibilidade da actuación coa protección do dominio público hidráulico. Estas condicións e requisitos, así como o modelo de declaración responsable, serán aprobados pola Confederación e estarán actualizados e á disposición do público na súa páxina web.

- c) A declaración presentarse ante o organismo de bacía con polo menos vinte días de antelación ao inicio da actividade. A Administración reserva para si a facultade de comprobar a veracidade e exactitude dos datos consignados na declaración e dispón para tal fin dos labores de inspección do persoal dependente xerarquicamente da Comisaría de Augas.

4. Para todos os casos regulados neste artigo terase como base, para tramitar as autorizacións e outros usos, a cartografía xerada polo Sistema nacional de cartografía de zonas inundables sobre as distintas categorías de ámbito inundable.

***Sección III. Medidas para a protección do estado das masas de auga***

**Artigo 33. Medidas para a protección do estado das masas de auga superficial**

1. Verteduras procedentes de zonas urbanas:

- a) Sen prexuízo das normas técnicas que con carácter xeral poida adoptar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no deseño das redes de saneamento de zonas urbanas da bacía do Douro teranse en conta, ademais dos establecidos no artigo 259 ter.1 do RDPH, os seguintes criterios:
- I. Os proxectos de novos desenvolvementos urbanos deberán establecer preferentemente redes de saneamento separativas para augas residuais e augas pluviais de escurramento. Excepcionalmente, poderanse aceptar redes unitarias, cuxa conveniencia deberá quedar claramente xustificada ao solicitar a autorización de vertedura ante o organismo de bacía.
  - II. No suposto de formular unha agregación ou comunidade de verteduras, o titular da vertedura integrada deberá presentar ante a Confederación Hidrográfica do Douro, xunto coa solicitude de autorización, un estudo específico que lle permita ao organismo de bacía a valoración dos efectos que, en termos de caudal circulante e calidade da auga, producirá esa agregación sobre os leitos.
  - III. Con carácter xeral, na falta de estudos específicos que detallen e xustifiquen particularmente unha solución diferente, a capacidade dos colectores augas abaixo dos dispositivos de alivio dos sistemas unitarios de saneamento será, como mínimo, de 20 litros/segundo por cada 1.000 habitantes equivalentes.
- b) Os entes xestores dos sistemas públicos de saneamento ou os titulares das comunidades de verteduras disporán dun censo, conforme o artigo 246.3 do RDPH, actualizado e á disposición do organismo de bacía, das verteduras susceptibles de conter substancias perigosas e daquelas cuxo volume anual sexa superior a 30.000 metros cúbicos.
- c) De conformidade cos artigos 245.5.b) e 251.1 b) 3º do RDPH, queda prohibida a utilización de recursos hídricos como técnica de dilución de verteduras co obxecto de alcanzar os valores límite de emisión nas súas augas receptoras. Non obstante, o presidente do organismo de bacía, oída a Comisión de Desaugamento, poderá ordenar desaugamentos extraordinarios e urxentes para a dilución de verteduras accidentais ou como medida conxuntural en situacións de seca.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

2. Verteduras procedentes de zonas industriais: sen prexuízo das normas técnicas que con carácter xeral poida adoptar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á hora de autorizar a vertedura de augas residuais procedentes de zonas industriais na bacía do Douro, teranse en conta, ademais dos criterios establecidos no artigo 259 ter.2 do RDPH, os seguintes:

- a) Os solicitantes de calquera autorización de verteduras industriais, ademais de atender cando corresponda o procedemento xeral descrito no artigo 246 do RDPH, presentarán unha memoria sobre as características do proceso industrial e indicarán claramente aquelas fases deste que orixinen verteduras. Presentarase un esquema das súas liñas de recollida, co punto de vertedura final ou de conexión á rede de colectores xerais.
- b) As industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos, que poidan provocar verteduras accidentais de substancias tóxicas de medición non habitual, deberán habilitar obstáculos físicos que impidan eventuais verteduras ao sistema fluvial, ao terreo ou aos acuíferos. Con tal propósito, as estacións depuradoras disporán de depósitos que permitan o almacenamento da auga sen tratar que se puiden acumular por paradas súbitas ou programadas. Estes dispositivos de almacenamento deberanse dimensionar de xeito que se dispoña dun tempo de aviso previo ante eventuais situacións de emerxencia que poidan impedir o pleno rendemento da planta de tratamento. Ese tempo calcularase en función das características da vertedura, das do leito receptor e dos medios adicionais que se poidan habilitar.

3. Verteduras de augas pluviais: sen prexuízo das normas técnicas que con carácter xeral poida adoptar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á hora de autorizar a vertedura de augas pluviais de escurramento na bacía do Douro, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Toda vertedura de augas pluviais integrada con outras procedentes de zonas urbanas ou industriais deberá contar cun sistema laminador que trate de evitar o rebordamento das verteduras urbanas ou industriais que pode acompañar. En todo caso, o mencionado alivio poderá incorporar como máximo augas residuais urbanas ou industriais non tratadas en concentracións non superiores a 1:6 e pode chegar a exixir a súa redución ata 1:10 en función da sensibilidade do medio receptor valorada polo organismo de bacía.
- b) A vertedura directa de augas pluviais deberá contar cun sistema que limite a saída de sólidos, así como das graxas, hidrocarburos e demais flotantes, que deberán ser retirados e trasladados para o seu tratamento e recollida segundo corresponda.
- c) Calquera novo sistema de drenaxe de superficies impermeabilizadas, como consecuencia da transformación do solo urbano, industrial ou de servizos, deberá contar cunha capacidade mínima de retención da vertedura ocasional de augas pluviais que non será inferior a 25 m<sup>3</sup>/ha de área impermeabilizada e pode resultar xustificable unha menor capacidade de retención pola utilización de pavimentos filtrantes, ou cando se xustifique un volume menor correspondente ao da precipitación máxima para un período de retorno de cinco anos e duración igual ao tempo de concentración da rede. O rebordamento deste sistema de laminación deberá atender aos requisitos fixados no número anterior.
- d) O uso das augas pluviais de forma que se evite parcial ou totalmente a súa vertedura aos leitos públicos implicará a non aplicación do canon de control de verteduras sobre esas augas pluviais, xa que non concorre no presente caso o feito impositivo previsto no artigo 113 do TRLA.



---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- e) As instalacións de depuración de máis de 50.000 habitantes equivalentes, ou de instalacións industriais que requiran autorización ambiental integrada, ou de máis de 2.000 habitantes equivalentes ou de zonas industriais situadas nunha zona protexida declarada “augas de baño”, deberán contar, antes do 20 de setembro de 2016, cun sistema de cuantificación de alivios nos puntos de desbordamento. O caudal aliviado a través destes puntos será considerado como vertedura con tratamento “non adecuado” suxeito ao correspondente canon de control de vertedura.

4. Verteduras en cursos naturais con réxime intermitente de caudal:

- a) Co obxecto de aplicar o disposto no artigo 259 bis do RDPH, considéranse cursos con réxime intermitente de caudal os correspondentes a todas as masas de auga de categoría río sinaladas como non permanentes no apéndice 5.3. e todos aqueles cursos que son tributarios das citadas masas de auga.
- b) Poderanse considerar cursos en réxime intermitente de caudal todos aqueles que o organismo de bacía designe como tales a partir de estudos hidrolóxicos, que se porán á disposición dos solicitantes de autorizacións de vertedura, ou aqueles que queden reflectidos na cartografía oficial existente.

5. Verteduras indirectas ás augas subterráneas: con carácter excepcional poderase autorizar a vertedura indirecta ás augas subterráneas de augas residuais procedentes de industrias agroalimentarias de temporada, illadas, cuxa actividade industrial sexa inferior a dous meses ao ano e cuxa carga contaminante sexa basicamente orgánica, sempre que se dispoña dunha superficie de terreo agrícola de aplicación adecuada e suficiente que vulgará o organismo de bacía, atendendo en todo caso ás condicións do artigo 259 e 259 bis do RDPH.

6. Recirculación de retornos de rega:

- a) As augas circulantes polas canles de drenaxe e colectores dentro dos límites da zona regable correspondente á superficie con dereito á rega á cal se vincula a concesión de augas, mentres non se produza a reintegración ao río, teñen a consideración de augas xa concedidas, polo que a súa recirculación para a rega desa zona regable non se considerará novo uso.
- b) O uso dos retornos de rega procedentes dunha zona regable con concesión, cando non se vaia levar a cabo dentro da mesma zona regable da que proceden, poderá ser obxecto de concesión, de xeito que o caudal concedido se terá en conta no control dos retornos de rega para os efectos previstos no artigo 6 da Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio.
- c) Todos os retornos de rega deberán cumprir, antes da súa incorporación a acuíferos ou leitos, as normas de calidade ambiental e a normativa asociada ao medio receptor. En todo caso, estes retornos non terán a consideración de verteduras.

7. Reutilización das augas de desaugamento de minas:

- a) O aproveitamento das augas de desaugamento dunha explotación mineira, entre as cales se inclúen para os efectos deste precepto as operacións de aproveitamento de areas, é considerado como un uso de auga subterránea para a atención de industrias extractivas, que require a correspondente concesión, que será outorgada pola Confederación Hidrográfica do Douro de acordo co artigo 174 do RDPH, sen prexuízo da necesidade de tramitar unha autorización de vertedura nos termos previstos no artigo 246.4 do RDPH.

---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

- b) De existiren augas sobrantes, de conformidade cos artigos 57.2 do TRLA e o 175 do RDPH que o desenvolve, o titular do aproveitamento mineiro poraas á disposición do organismo de bacía, que determinará o seu destino ou as condicións en que se deba realizar o desaugamento na correspondente autorización de vertedura.

8. Áreas de influencia das zonas incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas: para efectos do establecido no anexo IV do RDPH, para a determinación da calidade ambiental do medio receptor aplicable no cálculo do canon de control de verteduras ao dominio público hidráulico, os cursos afluentes que non teñan a consideración de masa de auga consideraranse como área de influencia da masa de auga á cal aflúan e seralles de aplicación a mesma categoría e coeficiente C3 asignados a esta masa de auga.

**Artigo 34. Medidas para a protección do estado das masas de auga subterránea**

1. En aplicación do previsto no artigo 54.4 do RPH e co propósito de graduar a aplicación das presentes disposicións en materia de autorizacións e concesións de augas subterráneas, as masas de auga subterránea da bacía española do Douro poderán ser divididas xeograficamente nas cinco clases de zonas que se definen seguidamente e que quedarán establecidas no sistema de información Mírame-IDEDuero da Confederación Hidrográfica do Douro:

- a) Zona sen restricións: ámbito territorial da masa de auga en que non se considera preciso adoptar as restricións adicionais que, con carácter xeral, impón a normativa aplicable en materia de autorizacións e concesións de augas subterráneas, e os condicionantes de carácter xeral que se establecen neste artigo.
- b) Zona condicionada: ámbito territorial da masa de auga en que a construción, posta en servizo e aproveitamento de novas captacións de auga subterránea quedarán condicionados á adopción de especiais precaucións, tales como a prohibición de conexión de niveis acuíferos superpostos, a fixación de profundidades máximas das obras e o establecemento de condicións específicas para o abandono e a selaxe de captacións.
- c) Zona con limitacións específicas: ámbito territorial da masa de auga en que a construción e explotación de obras relativas a novos aproveitamentos concesionais de auga subterránea deberán atender ás limitacións específicas relativas á piezometría, grao de explotación, mantemento de caudais en ríos asociados, densidades de explotación e outras condicións hidrodinámicas.
- d) Zona de especial protección: ámbito territorial da masa de auga en que a construción e explotación de obras relativas a novas captacións de auga subterránea estarán especialmente limitadas á súa reserva e protección para abastecementos urbanos ou polo seu especial interese ambiental.
- e) Zona non autorizada: ámbito xeográfico da masa de auga onde se limitarán as extraccións de augas subterráneas en función do grao de explotación da zona da masa de auga.

2. O organismo de bacía, en función da análise e do seguimento do estado das masas de auga subterránea da bacía, establecerá os criterios para definir estas zonas e as condicións específicas que se aplicarán en cada unha, sen prexuízo do indicado no artigo seguinte, para as masas de auga subterránea cualificadas en mal estado cuantitativo por este plan e que figuran no anexo 8 da memoria.

3. As extraccións desde acuíferos aluviais ligados a unha corrente fluvial activa, identificada como masa de auga superficial, deberán respectar o réxime de caudais ecolóxicos establecidos para a citada masa

---

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

de auga superficial relacionada e, de ser o caso, satisfacer a parte do canon de regulación ou a tarifa de utilización que lles corresponda como usuarios da masa de auga superficial relacionada.

4. Queda prohibida a captación vertical de varias masas de auga subterránea catalogadas superpostas. Deste modo, as captacións que atravesen varios acuíferos cementarán ou selarán aqueles treitos que non constitúan o obxectivo da captación.

**Artigo 35.** *Condicións específicas para o aproveitamento e explotación de masas de auga subterránea en mal estado*

1. Condicións particulares para novas concesións en zonas non autorizadas en masas en mal estado cuantitativo.

- a) Declárase como zonas non autorizadas a parte dos termos municipais situada dentro dunha masa de auga subterránea en mal estado cuantitativo, na cal se cumpran á vez dous requisitos:
  - I. que o volume anual extraído supere o 75% da parte do recurso dispoñible que lle corresponde á parte do termo municipal que está dentro da masa de auga afectada, repartindo o recurso dispoñible calculado para a masa de auga ponderadamente coa superficie de cada municipio dentro da masa de auga;
  - II. que exista unha tendencia ao descenso dos niveis piezométricos, para o cal se terán en conta a análise e evolución de todos os datos rexistrados polas redes de control.

O cálculo do volume anual extraído realizarase a partir de datos de volumes extraídos achegados polos contadores, a partir de medidas indirectas obtidas mediante as dotacións para cada uso, a partir de imaxes de teledetección e, na falta das anteriores, a partir do volume anual dos aproveitamentos inscritos ou do autorizado e en trámite de inscrición.

- b) O cálculo de recurso dispoñible e de volume extraído ou inscrito, autorizado e en trámite de inscrición, así como a tendencia piezométrica actualizaranse anualmente e con cada revisión do plan hidrolóxico. A delimitación das zonas non autorizadas a que dea lugar a citada actualización do balance e da tendencia piezométrica porase á disposición do público a través do sistema de información Mírame-IDEDuero.
- c) Nestas zonas non autorizadas non se admitirán incrementos de extracción nos aproveitamentos derivados dun título concesional, excepto cando se trate da regularización de aproveitamentos para abastecemento urbano consolidados sen outra fonte alternativa de subministración.
- d) A utilización e o aproveitamento privativo das augas subterráneas recoñecidos no artigo 54.2 do TRLA en zonas non autorizadas requirirá a estrita observancia das condicións regulamentariamente establecidas nos artigos 84 e seguintes do RDPH. Nos casos en que se considere necesario, a Comisaría de Augas poderá solicitar da Oficina de Planificación Hidrolóxica o informe sobre a viabilidade da inscrición solicitada en atención á dispoñibilidade de recursos existente de acordo coas previsións establecidas no plan hidrolóxico da demarcación.
- e) Poderanse realizar modificacións dos dereitos de extracción de auga subterránea vixentes en zonas non autorizadas, sempre e cando non comporten o incremento da extracción anual, non estean prohibidas polo programa de actuación para a recuperación do bo estado da masa de auga ou, no seu defecto, polas medidas cautelares adoptadas pola Xunta de Goberno. Ademais, no caso de regadío, cando se pretenda aumentar superficie, este incremento limitarase ao que

---

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

permitan as dotacións sinaladas no artigo 12.6.a), con excepción do cambio a cultivo leñoso con rega de goteo. Enténdense por modificación de dereitos de extracción de auga os cambios na titularidade, a incorporación de novas tomas, a substitución das existentes, a selaxe e o abandono das obsoletas, os cambios no caudal instantáneo e no caudal equivalente no mes de máximo consumo.

2. Condicións particulares para novas concesións en zonas con limitacións específicas en masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo.

- a) Declárase como zonas con limitacións específicas a parte dos termos municipais situada dentro dunha masa de auga subterránea en mal estado cuantitativo, na cal se cumpran á vez dous requisitos:
- I. que o volume anual extraído sexa inferior ao 75% da parte do recurso dispoñible que lle corresponde á parte do termo municipal que está dentro da masa de auga afectada, repartindo o recurso dispoñible calculado para a masa de auga ponderadamente coa superficie de cada municipio dentro da masa de auga;
  - II. que exista unha tendencia ao ascenso dos niveis piezométricos, para o cal se terán en conta a análise e evolución de todos os datos rexistrados polas redes de control.

O cálculo do volume anual extraído realizarase a partir de datos de volumes extraídos achegados polos contadores, a partir de medidas indirectas obtidas mediante as dotacións para cada uso, a partir de imaxes de teledetección e, na falta das anteriores, a partir do volume anual dos aproveitamentos inscritos, ou do autorizado e en trámite de inscrición.

- b) O cálculo de recurso dispoñible e de volume extraído ou inscrito, autorizado e en trámite de inscrición, así como a tendencia piezométrica actualizaranse anualmente e con cada revisión do plan hidrolóxico. A delimitación das zonas con limitacións específicas a que dea lugar a citada actualización do balance e da tendencia piezométrica porase á disposición do público a través do sistema de información Mírame-IDEDuero.
- c) Nestas zonas a autorización de construción e explotación de obras relativas a novos aproveitamentos concesionais de auga subterránea ou modificacións dos dereitos existentes deberá atender ás seguintes limitacións específicas:
- I. mantemento dunha tendencia piezométrica estable ou ascendente na masa de auga;
  - II. non superar o valor máximo do balance calculado conforme a epígrafe a) deste artigo;
  - III. manter certos caudais nos ríos, mananciais ou zonas húmidas;
  - IV. manter unhas densidades de explotación máximas ou outras consideracións hidrodinámicas sobre os acuíferos que resulten limitantes da explotación.

3. Condicións particulares para novas concesións de aproveitamentos de augas subterráneas en masas en mal estado químico: os titulares de aproveitamentos de auga subterránea destinados á rega ou á atención da gandaría que se pretendan levar a cabo sobre masas de auga subterránea en mal estado químico, afectadas por contaminación difusa, deberán aplicar o código de boas prácticas ambientais establecido pola comunidade autónoma competente, en especial para as zonas vulnerables.

4. Autorizacións para recarga artificial con augas naturais en masas de auga en mal estado cuantitativo:

- a) De conformidade co artigo 257.5 do RDPH, as actuacións de recarga artificial de acuíferos requirirán autorización expresa da Confederación Hidrográfica do Douro que, entre outras

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

cuestións, valorará a compatibilidade da actuación cos obxectivos da planificación hidrolóxica e que a recarga teña por obxectivo a mellora do estado cuantitativo da masa subterránea receptora.

- b) Calquera autorización de recarga requirirá, ao abeiro do artigo 88 do TRLA, a constitución da comunidade de usuarios dos beneficiados por esta actuación de incremento de regulación e será de aplicación o réxime económico-financieiro que proceda nos termos previstos nos artigos 299 e seguintes do RDPH.
- c) Para tramitar a autorización, o promotor da recarga deberá presentar ante a Confederación Hidrográfica do Douro, xunto co resto de documentación que xunta á solicitude, un estudo hidroxeolóxico e de regulación que xustifique a alternativa seleccionada fronte á non actuación ou ao uso directo de auga superficial e que aborde, ademais dos recollidos no artigo 258 do RDPH, os seguintes aspectos:
  - I. Características das obras de derivación, incluída a instalación de dispositivos de paso que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente deba habitar no treito, non impidan a súa circulación e remonte.
  - II. Valado de canles abertas e doutras infraestruturas que o poidan requirir, de xeito que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre.
  - III. En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para o gando e a fauna terrestre, en particular, para que grandes vertebrados poidan atravesalas e acceder á beira natural do río.
  - IV. Valoración e medidas de mitigación dos efectos sobre a vexetación de ribeira e a hidromorfoloxía fluvial que poida resultar afectada.
  - V. Estudo de regulación que valore e describa o réxime mensual que se solicita derivar e se espera recargar e no cal se evidencie o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos establecido no plan hidrológico.
  - VI. Estudo que evidencie e xustifique a transformación piezométrica que se espera producir no acuífero e no cal se valoren os riscos de encharcamento ou inundación, en particular, sobre bens materiais e zonas húmidas incluídas ou non no Rexistro de Zonas Protexidas, e no cal se cuantifique o incremento de regulación que se produciría.
  - VII. Estudo que demostre a inocuidade da recarga sobre o estado químico do acuífero que se vai recargar e analice a evolución química da mestura de augas.
  - VIII. Localización do punto de retorno da auga derivada e non recargada, con valoración e medidas de mitigación dos posibles efectos indesexados que se poidan producir.
  - IX. Características das obras de recarga, incluíndo a súa localización precisa e a descrición do mecanismo de recarga seleccionado.
  - X. Instalación de dispositivos de medida que permitan coñecer e rexistrar o caudal derivado, o recargado e o retornado, así como a evolución piezométrica na zona afectada.
  - XI. Identificación dos usuarios que se benefician da recarga e que deberán soportar, na medida en que corresponda, os gastos de investimento, funcionamento e mantemento destas instalacións.
  - XII. Estudo de viabilidade económica e grao de recuperación do custo da actuación proposta.

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

- d) Todo novo aproveitamento de auga para recarga quedará incorporado ao sistema de explotación que lle corresponda no momento de obter a concesión que lle posibilita o uso da auga.

**Sección IV. Medidas para a protección contra as inundacións e as secas**

**Artigo 36. Protección contra as inundacións**

1. Na falta de disposición de carácter xeral aplicable, durante a vixencia do presente plan, establécense para a xestión de inundacións da parte española da demarcación hidrográfica do Douro os criterios que se indican nos puntos seguintes.

2. De conformidade co previsto no artigo 11.3 do TRLA, a ordenación de usos do solo nas zonas inundables que leven a cabo as comunidades autónomas e as administracións locais no exercicio das súas competencias terá en conta os seguintes criterios:

- a) Os usos do solo que se poidan permitir na zona de fluxo preferente serán tales que os danos potenciais por causa das enchentes sexan moderados e non se obstrúa o fluxo das augas.
- b) Para o resto da zona inundable:
  - I. As edificacións de carácter residencial deberán ter a súa planta baixa, ou os sotos se os houber, a unha cota tal que as citadas construcións non se vexan afectadas pola enchente con período de retorno de 100 anos.
  - II. As construcións non residenciais (industriais, gandeiras, comerciais, etc.) deben estar situadas a cota suficiente para evitar que durante a enchente de período de retorno de 100 anos se produzan alturas de inundación sobre o solo superiores a 50 cm, salvo que se adoptasen en todo o conxunto medidas impermeabilizadoras ata o nivel desa enchente.

3. Na falta de estudos específicos validados pola Administración hidráulica, a cartografía de referencia sobre as distintas categorías do ámbito inundable será a ofrecida polo sistema de información da Confederación Hidrográfica do Douro, que contribuirá á configuración do Sistema nacional de cartografía de zonas inundables conforme o establecido no artigo 10 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo.

4. Na xestión de inundacións terase en conta o Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Douro para o período 2015-2021, así como o acordo do Consello de Ministros, do 29 de xullo de 2011, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións, así como o acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, que establece o contido e as funcións básicas dos plans das comunidades autónomas. Para tal efecto, serán aplicables nos seus respectivos ámbitos territoriais os plans de protección civil ante o risco de inundacións das comunidades autónomas de Castilla y León (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 24 de marzo de 2010), de Galicia (21 de febreiro de 2002), de Cantabria (24 de marzo de 2010), de Castilla-La Mancha (24 de marzo de 2010), de Extremadura (10 de xullo de 2007) e de Asturias (24 de marzo de 2010).

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)**Artigo 37. Medidas de protección contra as secas**

O Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da parte española da demarcación hidrográfica do Douro, aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, acomodará o seu ciclo de revisión ao do plan hidrolóxico de bacía, tal e como se prevé no capítulo 9 do mencionado plan especial, de tal forma que se verifique que tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos da planificación hidrolóxica segundo estes se vaian actualizando nas sucesivas revisións do plan hidrolóxico.

**Sección V. Réxime económico-financeiro da utilización do dominio público****Artigo 38. Aplicación do principio de recuperación de custos**

Para os efectos do establecido no artigo 111 bis do TRLA respecto do principio de recuperación do custo dos servizos relacionados coa auga, durante o período de vixencia deste plan só se poderán establecer excepcións a ese principio de se cumpriren as condicións establecidas no número 3 do citado artigo. O capítulo 9 da memoria recolle a estimación do grao de recuperación do custo dos servizos diferenciando tipos de servizo e usos finais.

Capítulo VIII. Programa de medidas**Artigo 39. Definición do programa de medidas**

O programa de medidas deste plan hidrolóxico vén constituído polas medidas que se describen no anexo 12 da memoria. Os investimentos previstos para os distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 12, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda incorporada na parte dispositiva deste real decreto. As distintas medidas quedan agrupadas nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).
- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e do funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais que se aplicarán sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
- l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

- m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
- n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
- o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).
- p) Medidas de recuperación e revisión tras inundacións (tipos 16 ao 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos 1 ao 10 corresponden directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga e afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; do mesmo xeito, as medidas dos tipos 13 ao 18 corresponden coa implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación, afrontan problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de gobernanza afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrológico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, aínda non sendo medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

Capítulo IX. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública**Artigo 40. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública**

1. O organismo de bacía establecerá o sistema organizativo e cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrológico. Igualmente será o organismo de bacía o que coordinará os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrológico.

2. Os puntos de contacto para a consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan durante os procesos de información pública do plan hidrológico serán, mentres non se dispoña outra cousa:

- a) A sede do organismo de bacía en Valladolid e as súas delegacións de Burgos, León, Salamanca, Segovia, Soria e Zamora.
- b) A páxina web do organismo de bacía.
- c) A páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

3. A consulta pública dos documentos do proceso de planificación, sinalados nos artigos 72 e 77 ao 80 do RPH, será desenvolvida pola Confederación Hidrográfica do Douro na forma e nos prazos establecidos regulamentariamente, mediante envío dos mencionados documentos aos axentes rexistrados como interesados na base de datos Participa, ademais de dispor a documentación nos lugares antes sinalados.

4. A Confederación Hidrográfica do Douro fomentará a participación activa no proceso de planificación mediante a realización de sesións públicas de libre acceso que terán lugar, ao menos, no inicio de cada un dos episodios de consulta pública correspondentes aos documentos iniciais, intermedios e finais do proceso de planificación.



---

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

---

5. A base de datos Participa, creada mediante a Orde ARM/1869/2011, do 27 de xuño, forma parte do sistema de información Mírame-IDEDuero e ten como finalidade manter organizada e operativa a documentación da actividade participativa desenvolvida polos distintos axentes interesados no proceso de planificación hidrolóxica da parte española da demarcación hidrográfica do Douro.

6. Atendendo ao carácter internacional da demarcación hidrográfica do Douro, o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación realizará as oportunas consultas transfronteirizas, de conformidade co artigo 49 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Adicionalmente, informará a Secretaría Española da Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio de Albufeira.

7. Condición de interesado:

- a) A condición de interesado no proceso de planificación hidrolóxica adquirese automaticamente por ser membro da Xunta de Goberno, do Comité de Autoridades Competentes ou do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Douro. En sentido inverso, a condición de interesado pérdese automaticamente cando se deixa de formar parte dos citados órganos.
- b) Igualmente, adquiren a condición de interesado os que sexan identificados con tal condición pola autoridade ambiental no documento de alcance do proceso de avaliación ambiental estratéxica do plan hidrológico.

**Artigo 41. Autoridades competentes**

A actual composición do Comité de Autoridades Competentes detállase no capítulo 15 da memoria do plan hidrológico. A Confederación Hidrográfica do Douro manterá actualizada e porá á disposición do público, a través da súa páxina web ([www.chduero.es](http://www.chduero.es)), a composición do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica do Douro, a medida que, conforme o indicado no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, se puideren ir producindo cambios na composición ou designación dos membros do citado comité.

Capítulo X. Seguimento do plan hidrológico

**Artigo 42. Seguimento do plan hidrológico**

Xunto coa documentación que, conforme o artigo 87.4 do RPH, debe someterse á consideración do Consello da Auga da demarcación, deberase incluír a táboa de indicadores de seguimento que figura no apéndice 13.

Anexo IV. Plan hidrológico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

**Apéndices á normativa:**

1. Sistemas de explotación da demarcación hidrográfica
2. Masas de auga superficial
3. Indicadores e límites de cambio de clase para os elementos de calidade das masas de auga superficial
4. Masas de auga subterránea
5. Caudais ecolóxicos
6. Asignación de recursos
7. Dotacións por usos
8. Reserva de recursos
9. Reservas naturais fluviais e zonas de protección especial
10. Bandas de protección da morfoloxía fluvial e inventario de zonas húmidas
11. Obxectivos ambientais
12. Programa de medidas
13. Requisitos adicionais de publicidade (artigo 26, Lei 21/2013)

## Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

## APÉNDICE 1. SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA

Nº	Nome do sistema de explotación
1	Támega–Manzanas
2	Tera
3	Órbigo
4	Esla
5	Carrión
6	Pisuerga
7	Arlanza
8	Alto Douro
9	Riaza-Duratón
10	Cega-Eresma-Adaja
11	Baixo Douro
12	Tormes
13	Águeda

## APÉNDICE 2. MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 2.1. Lista de masas de auga da categoría río natural.

Código UE	Nome da masa de auga	Código tipoloxía	Lonxitude (km)
ES020MSPF000000001	Río Esla desde a cabeceira ata augas abaixo de La Uña e ríos Rísol e de Valagar	R-T27	10,4
ES020MSPF000000002	Río Yuso e afluentes desde a cabeceira ata o encoro de Riaño	R-T27	45,7
ES020MSPF000000003	Río Isoba desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma	R-T27	8,2
ES020MSPF000000004	Río Porma e afluentes, desde a cabeceira ata a cola do encoro do Porma	R-T25	22,6
ES020MSPF000000005	Río Esla desde augas abaixo de La Uña ata o encoro de Riaño e ríos de Maraña, de La Puerta e de La Vega del Cea	R-T25	21,4
ES020MSPF000000006	Río de Torrestío e afluentes desde a cabeceira ata San Emiliano	R-T27	26,6
ES020MSPF000000007	Río Orza desde a confluencia co río Tuerto ata o encoro de Riaño e río Tuerto	R-T25	6,2
ES020MSPF000000008	Río Orza desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto	R-T27	8,6
ES020MSPF000000009	Río Celorno desde a cabeceira ata a súa confluencia co río Silván e regatos de Respina e de Rebueno	R-T27	9,3
ES020MSPF000000010	Regato de Camplongo desde a cabeceira ata a confluencia co río Bernesga e regato Tonín	R-T27	9,1
ES020MSPF000000011	Río Curueño desde a cabeceira ata o límite do LIC "Montaña Central de León"	R-T27	5,1
ES020MSPF000000012	Río Pisuerga desde a cabeceira ata o encoro de Requejada e río Lores e regatos Pisuerga, Lazán, Lombatero e Lebanza	R-T26	34,3
ES020MSPF000000013	Río Bernesga desde a cabeceira ata a confluencia co río Rodiezmo	R-T25	11,1
ES020MSPF000000014	Río Rodiezmo desde a cabeceira ata a confluencia co río Bernesga	R-T25	8,1
ES020MSPF000000015	Río Bernesga desde a confluencia co río Rodiezmo ata a confluencia co regato de La Pedrosa en La Vid e río Fontún	R-T25	8,6
ES020MSPF000000016	Río Bernesga desde a confluencia co regato de La Pedrosa ata a confluencia co río Casares	R-T25	6,8
ES020MSPF000000018	Río Bernesga desde a confluencia co río Casares ata o límite do LIC "Ribeiras do río Esla e afluentes", e río Casares	R-T25	6,1
ES020MSPF000000020	Río Bernesga desde Carbajal de la Legua ata o límite da cidade de León	R-T25	5,1
ES020MSPF000000021	Río Torío desde a cabeceira ata a confluencia co río de Torío e río de Torío e regato de Palomera	R-T27	12,7

## Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Código UE	Nome da masa de auga	Código tipoloxía	Lonxitude (km)
ES020MSPF000000022	Regato de Torre desde a cabeceira ata a confluencia co río Luna	R-T27	5,9
ES020MSPF000000023	Río Luna desde a cabeceira ata o encoro de Barrios de Luna e río de Torrestío e regatos de La Loba e de La Fuenfría	R-T25	38,8
ES020MSPF000000024	Río Labias desde a cabeceira en Redilluera ata a confluencia co río Curueño	R-T27	5,4
ES020MSPF000000025	Regato de Pardaminos desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma	R-T25	5,1
ES020MSPF000000028	Río Colle desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma e río de La Losilla	R-T25	13,8
ES020MSPF000000031	Río Carrión desde a cabeceira ata o encoro de Camporredondo e regatos de Arauz e de Valdenievas	R-T27	28,9
ES020MSPF000000032	Río Torío desde a confluencia co río de Torío ata Getino e río Valverdín	R-T25	10,4
ES020MSPF000000033	Río Torío desde o límite do LIC "Foces de Vegacervera" en Getino ata a confluencia co regato de Correcillas e regatos Coladilla e de Correcillas	R-T25	15,9
ES020MSPF000000034	Río Torío desde a confluencia co regato de Correcillas ata a confluencia co río Bernesga e regatos de La Mediana, Viceo, Valle de Fenar e Molinos	R-T25	48,0
ES020MSPF000000035	Regato de Riolago desde a cabeceira ata a confluencia co río Luna	R-T27	5,0
ES020MSPF000000036	Regato de El Valle desde a cabeceira augas abaixo de Siero de la Reina ata a confluencia co río Yuso	R-T27	5,7
ES020MSPF000000051	Río Dueñas desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla	R-T25	8,2
ES020MSPF000000052	Regato de Las Lomas desde a cabeceira ata o encoro de Camporredondo	R-T27	8,4
ES020MSPF000000053	Río Castillería desde a cabeceira ata o encoro de La Requejada e regato de Herreruela	R-T26	10,3
ES020MSPF000000054	Río Pereda desde a cabeceira ata o encoro de Barrios de Luna	R-T25	9,0
ES020MSPF000000056	Regato de Mudá desde a confluencia co río Arroyo del Molino e regato de La Pradera ata a confluencia co río Pisuegra e río Arroyo del Molino e regato de La Pradera	R-T26	9,0
ES020MSPF000000058	Río Omañas desde a cabeceira ata o límite do LIC "Omañas" e ríos Valdaín, Vallegordo, Del Collado e regatos de Sabugo e Valdeyeguas	R-T25	56,5
ES020MSPF000000059	Río de Salce desde a cabeceira ata a confluencia co río Omañas	R-T25	11,9
ES020MSPF000000060	Río Omañas desde o límite do LIC "Omañas" ata a confluencia co río Negro	R-T25	6,8
ES020MSPF000000061	Río de Velilla desde a cabeceira ata a confluencia co río Negro e ríos de Ceide, Soto, Olerico e Ariegos e regato de La Barcena	R-T25	30,0
ES020MSPF000000064	Río Omañas desde a confluencia co río Negro ata o LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes", e río Negro	R-T25	19,7
ES020MSPF000000065	Río Omañas desde o límite co LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes" ata a confluencia co río Luna	R-T25	5,6
ES020MSPF000000066	Río Cea e afluentes desde a cabeceira ata a confluencia co regato de Peñacorada e regatos de El Valle e de Mental e ríos Tuejar e Cordijal	R-T25	44,7
ES020MSPF000000067	Río Cea desde a confluencia co regato de Peñacorada ata o límite co LIC "Ribeiras do río Cea" en Sahagún	R-T26	56,3
ES020MSPF000000068	Río Ventanilla desde a cabeceira ata o encoro de Cervera	R-T26	5,7
ES020MSPF000000069	Río Rubagón desde a cabeceira ata o límite co LIC e a ZEPA "Fuentes Carrionas-Fuente Cobre"	R-T25	5,7
ES020MSPF000000070	Río Rubagón desde o límite co LIC e a ZEPA "Fuentes Carrionas Fuente Cobre" ata a confluencia co río Camesa e regato de Los Prados	R-T26	18,1
ES020MSPF000000071	Río Camesa desde a cabeceira á confluencia co regato Henares	R-T26	15,8
ES020MSPF000000072	Río Valberzoso desde a cabeceira ata a confluencia co río Camesa	R-T26	5,7
ES020MSPF000000073	Río Camesa desde a confluencia co regato Henares ata a confluencia co río Rubagón, e regatos de Quintanas e Henares	R-T26	15,4
ES020MSPF000000075	Río Grande desde a cabeceira ata augas abaixo de Besande	R-T27	7,7

## Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Código UE	Nome da masa de auga	Código tipoloxía	Lonxitude (km)
ES020MSPF000000077	Río de La Duerna desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla	R-T25	5,8
ES020MSPF000000078	Río Valdavia desde a cabeceira ata a confluencia co regato de Villafría e río de Las Heras e regato de San Román	R-T12	13,7
ES020MSPF000000079	Río Valdavia desde a confluencia co río de Las Heras ata a confluencia co río Pequeño e regatos de Cornoncillo, de Las Cuevas, de Villafría e de El Cubo	R-T12	51,1
ES020MSPF000000080	Río Valdavia desde a confluencia co río Pequeño ata a confluencia co río Aviión e río Pequeño	R-T12	23,3
ES020MSPF000000081	Río Aviión desde a cabeceira ata a confluencia co río Valdavia	R-T12	26,4
ES020MSPF000000082	Río Torre desde a cabeceira ata a confluencia co río Luna e regato de Piedrasecha	R-T25	11,7
ES020MSPF000000083	Río Lucio desde a cabeceira ata o límite da ZEPA "Humada-Peña Amaya" e regato de La Llana	R-T12	7,7
ES020MSPF000000084	Río Camesa desde a confluencia co río Rubagón ata a confluencia co río Pisuerga e ríos Lucio e Rupión	R-T12	21,4
ES020MSPF000000089	Río Burejo desde a cabeceira ata a confluencia co río Pisuerga e ríos Villavega e Tarabás	R-T12	46,1
ES020MSPF000000091	Regato de Riofresno desde a cabeceira ata a confluencia co río Pisuerga e ríos Fresno e Riomance	R-T12	18,9
ES020MSPF000000093	Regato de Peñacorada desde a cabeceira ata a confluencia co río Cea	R-T04	6,4
ES020MSPF000000094	Regato de Valcuende desde a cabeceira ata a confluencia co río Cea e regatos de El Rebedul e San Pedro	R-T04	21,4
ES020MSPF000000095	Regato de El Rebedul desde a cabeceira ata o límite co LIC "Rebollares del Cea"	R-T04	13,4
ES020MSPF000000096	Río Valle desde a cabeceira ata entrada do encoro de Villameca e regatos de El Corro e de Gabalina	R-T25	7,5
ES020MSPF000000097	Regato de Riosequín desde a cabeceira ata a confluencia co río Bernesga	R-T04	5,2
ES020MSPF000000098	Río Riosequino desde a cabeceira ata a confluencia co río Torío	R-T04	10,5
ES020MSPF000000100	Río Porquera e afluentes desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto	R-T25	56,3
ES020MSPF000000101	Río Arganoso desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto	R-T25	18,5
ES020MSPF000000103	Regato de La Moldera desde a confluencia co río Jerga ata a confluencia co río Tuerto e río Jerga	R-T25	16,8
ES020MSPF000000104	Río Turienzo desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto e río Santa Marina e regatos de Villar de Ciervos e de El Ganso	R-T25	54,2
ES020MSPF000000106	Río Riacho de la Nava desde a confluencia co río Valdellorna e regato Valle del Bosque ata a confluencia co río Esla, e río Valdellorna e regato Valle del Bosque	R-T04	28,9
ES020MSPF000000107	Río Odra desde a cabeceira ata a confluencia co río Brulles e ríos de Las Sequeras e Moralejos e regatos de El Pontón e de Tres Huertos	R-T12	47,7
ES020MSPF000000108	Regato de El Reguerón desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma	R-T04	6,8
ES020MSPF000000109	Regato de Babardiel desde a confluencia co regato de Riofrío e regato de El Vallón ata a confluencia co río Órbigo, e regatos de Riofrío e de El Vallón	R-T04	23,1
ES020MSPF000000110	Río Corcos desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla	R-T04	19,2
ES020MSPF000000111	Regato de Riocamba desde a cabeceira ata a confluencia co río Cea	R-T04	7,9
ES020MSPF000000112	Río Urbel desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanzón e regatos Embid e de San Pantaleón	R-T12	56,6
ES020MSPF000000113	Río Rioseras desde a cabeceira ata a confluencia co río Ubierna e río Riocerezo	R-T12	22,7
ES020MSPF000000115	Río de Los Ausines desde a cabeceira ata a confluencia co río Viejo e río Viejo	R-T12	25,6
ES020MSPF000000116	Río de Los Ausines desde a confluencia co río Viejo ata a confluencia co río Arlanzón	R-T12	14,8
ES020MSPF000000117	Río Arlanzón desde a confluencia co regato Hortal ata a confluencia co río Hormazuela e regato Hortal	R-T12	26,4
ES020MSPF000000129	Regato de Barbadiel desde a cabeceira ata a confluencia co río Órbigo	R-T04	10,5
ES020MSPF000000130	Río Boedo desde a cabeceira ata a confluencia co regato de El Sotillo e regato de El Sotillo	R-T11	43,0

## Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Código UE	Nome da masa de auga	Código tipoloxía	Lonxitude (km)
ES020MSPF000000132	Río Moro desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma	R-T04	11,4
ES020MSPF000000133	Río Brulles desde a cabeceira ata a confluencia co río Grande e río Grande e regato de Jarama	R-T12	17,8
ES020MSPF000000134	Río Brulles desde a confluencia co río Grande ata a confluencia co regato de Mojabragas	R-T12	19,2
ES020MSPF000000137	Regato de La Oncina desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla	R-T04	12,0
ES020MSPF000000141	Río Duerna desde a cabeceira ata a confluencia co regato de El Cabrito e regato de El Cabrito	R-T27	20,1
ES020MSPF000000142	Río Boedo desde a confluencia co regato de El Sotillo ata a confluencia co río Valdavia	R-T04	23,5
ES020MSPF000000143	Río Valdavia desde a confluencia co río Avión ata a confluencia co río Boedo	R-T04	37,0
ES020MSPF000000144	Río Valdavia desde a confluencia co río Boedo ata a confluencia co río Pisuerga	R-T04	9,3
ES020MSPF000000145	Río Duerna desde a confluencia co regato de El Cabrito ata a confluencia co regato de El Valle Prado e regato de El Valle Prado	R-T25	8,5
ES020MSPF000000146	Río Duerna desde a confluencia co regato de El Valle Prado ata o límite co LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes", e regatos Valdemedían e val do río Espino	R-T25	17,9
ES020MSPF000000147	Río de El Valle Llamas e regato de Xandella desde a cabeceira ata a confluencia co río Duerna	R-T25	11,5
ES020MSPF000000148	Río Duerna desde o límite co LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes" ata a confluencia co río Tuerto	R-T25	28,9
ES020MSPF000000158	Río Arlanzón desde a confluencia co río Hormazuela ata a confluencia co río Arlanza	R-T16	18,0
ES020MSPF000000159	Río Arlanza desde a confluencia co río Arlanzón ata a confluencia co río Pisuerga	R-T16	19,1
ES020MSPF000000162	Río Vena desde a cabeceira ata augas arriba da localidade de Rubena e regato de San Juan	R-T12	14,4
ES020MSPF000000163	Río Vena desde augas arriba de Rubena ata augas abaixo de Villafría	R-T12	6,0
ES020MSPF000000164	Regato de Padilla desde a cabeceira ata a confluencia co río Odra	R-T04	9,5
ES020MSPF000000165	Río Odra desde a confluencia co río Brullés ata a confluencia co río Pisuerga e treito baixo do río Brullés e regato de Villajos	R-T04	27,2
ES020MSPF000000166	Río Eria desde a cabeceira ata a confluencia co río Iruela e río Iruela e regato de Las Rubias	R-T25	13,8
ES020MSPF000000167	Río Truchillas desde a cabeceira ata a confluencia co río Eria e río de El Lago	R-T25	11,1
ES020MSPF000000168	Río Eria no LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes", e río Llastres	R-T25	11,1
ES020MSPF000000169	Río Eria entre os treitos do LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes", e ríos Pequeño e Ñácare	R-T25	26,0
ES020MSPF000000170	Regato Serranos desde a cabeceira ata a confluencia co río Eria	R-T25	12,1
ES020MSPF000000171	Regato Valdepinilla e río Codres desde a confluencia co regato Valdepinilla ata a confluencia co río Eria	R-T25	13,7
ES020MSPF000000172	Río Eria no LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes", e regatos de El Villar e de Valdelimbre	R-T25	47,6
ES020MSPF000000173	Río Eria desde o límite LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes" ata a confluencia co río Órbigo	R-T25	25,0
ES020MSPF000000174	Río Hormazuela desde a cabeceira ata o límite co LIC "Ribeiras do río Arlanzón e afluentes"	R-T12	10,9
ES020MSPF000000175	Río Ruyales desde a cabeceira ata a confluencia co río Hormazuela	R-T12	16,6
ES020MSPF000000176	Río Hormazuela desde o inicio do límite co LIC "Ribeiras do río Arlanzón e afluentes" ata a confluencia co río Arlanzón	R-T12	39,9
ES020MSPF000000177	Treitos principais do regato Huergas, canal de Villares e regato de San Vicente ata a confluencia co río Tuerto	R-T04	28,0
ES020MSPF000000178	Río de Los Peces desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto	R-T04	29,0
ES020MSPF000000181	Regato de El Barrero e río Sequillo desde a cabeceira ata a confluencia co río Carrión	R-T04	6,1
ES020MSPF000000183	Río Salguero desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanzón e río Cueva	R-T12	32,8

## Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Código UE	Nome da masa de auga	Código tipoloxía	Lonxitude (km)
ES020MSPF000000187	Río Jamuz desde a cabeceira ata a confluencia co río Valtabuyo e río Valtabuyo desde a cabeceira ata a confluencia co río Jamuz	R-T04	47,0
ES020MSPF000000188	Río Jamuz desde a confluencia co río Valtabuyo ata o límite da ZEPA "Valderia-Jamuz" en Santa Elena de Jamuz	R-T04	8,3
ES020MSPF000000189	Río Jamuz desde o límite da ZEPA "Valderia-Jamuz" en Santa Elena de Jamuz ata a confluencia co río Órbigo	R-T04	14,2
ES020MSPF000000190	Regato de El Molinín desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla	R-T04	9,3
ES020MSPF000000191	Río Vallarna desde a cabeceira ata a confluencia co río Pisuerga	R-T04	24,3
ES020MSPF000000192	Río Cea desde o límite do LIC "Ribeiras do río Cea" ata o límite da ZEPA "La Nava-Campos Norte"	R-T04	13,6
ES020MSPF000000193	Río Cea desde o límite da ZEPA "La Nava-Campos Norte" ata Mayorga e regatos de El Rujidero, de La Vega e de Valmadrigal	R-T04	50,6
ES020MSPF000000194	Río Cea desde Mayorga ata a confluencia co regato de La Reguera e regatos de La Reguera, El Reguero e de El Regidero del Valle de Velilla	R-T04	22,6
ES020MSPF000000195	Río Cea desde a confluencia co regato de La Reguera ata a confluencia co río Esla	R-T04	30,9
ES020MSPF000000196	Regato Huerga desde Masilla del Páramo ata a confluencia co río Órbigo	R-T04	22,4
ES020MSPF000000197	Río Villarino desde a cabeceira ata a confluencia co río Tera	R-T25	9,2
ES020MSPF000000199	Regato de Las Truchas desde a cabeceira ata a confluencia co río Tera	R-T25	10,1
ES020MSPF000000201	Regato de La Mondera desde a cabeceira ata a confluencia co río Requejo	R-T25	5,9
ES020MSPF000000202	Río Requejo desde a cabeceira ata a confluencia co regato de La Parada e regato de El Carril	R-T25	10,0
ES020MSPF000000203	Río Requejo desde a confluencia co regato de La Parada ata a confluencia co río Tera en Puebla de Sanabria e regatos de La Parada e de Ferrera	R-T25	16,2
ES020MSPF000000204	Río Arlanzón desde a cabeceira ata a confluencia con Barranco Malo en Pineda de la Sierra	R-T27	5,8
ES020MSPF000000205	Río Arlanzón desde a confluencia con Barranco Malo ata encoro do Arlanzón e Barranco Malo	R-T27	8,3
ES020MSPF000000206	Río Negro desde a cabeceira ata a confluencia co río Sapo e regatos de Veganabos, Roelo e Carballedes	R-T25	29,6
ES020MSPF000000207	Regato de Los Molinos e río Sapo desde a confluencia co regato de Los Molinos ata a confluencia co río Negro e regato Valdesanabria	R-T25	15,3
ES020MSPF000000208	Regato de Las Llagas desde a cabeceira ata a confluencia co río Negro	R-T25	6,0
ES020MSPF000000209	Regato de Fuente Alba e rego de El Regato desde a cabeceira ata a confluencia co río Negro	R-T25	6,8
ES020MSPF000000210	Río de La Ribera desde a confluencia co río Fontirín ata a confluencia co río Negro e río Fontirín e regatos de Agua Blanca del Buey e de El Llojadal	R-T25	24,1
ES020MSPF000000211	Río Negro desde a confluencia co río Sapo ata o encoro de Nuestra Señora del Agavanzal	R-T25	30,2
ES020MSPF000000212	Río de La Secada, río Morales, río de La Umbría, regato Campozares e río Pedroso desde a cabeceira ata a confluencia co regato Campozares	R-T27	25,6
ES020MSPF000000213	Regato Madre desde a cabeceira ata a confluencia co río Pisuerga	R-T04	6,2
ES020MSPF000000216	Río de Cabras desde a cabeceira ata a confluencia co río Cereixo	R-T25	7,5
ES020MSPF000000217	Río Carraxó, Corga de Carraxó, río de Santa María e río Baldriz ata a confluencia co río Támega	R-T25	9,3
ES020MSPF000000218	Río Támega desde a cabeceira ata a confluencia co río de Ribas e ríos dos Muíños de Souteliño, Cereixo, Codias e de Ribas	R-T25	35,8
ES020MSPF000000219	Río Támega desde a confluencia co río de Ribas ata a confluencia co río Vilaza e regueira Novo de Queirugás	R-T25	14,1
ES020MSPF000000220	Río Rubín, regato de Rebordondo e río Albarelos desde a cabeceira ata a confluencia co río Vilaza	R-T25	10,5
ES020MSPF000000221	Río de Montes e río de San Cristovo desde a cabeceira ata a confluencia co río Porto do Rei Búbal	R-T25	9,1
ES020MSPF000000223	Río Abedes do Fachedo desde a cabeceira ata a confluencia co río Támega e regatos de Abedes e das Quintas	R-T25	13,4

## Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Código UE	Nome da masa de auga	Código tipoloxía	Lonxitude (km)
ES020MSPF00000224	Río Támeiga desde a confluencia co río Vilaza ata a confluencia co río Pequeno ou de Feces (na fronteira de Portugal) e río Vilaza e regatos de Aberta Nova e Regueirón	R-T25	20,4
ES020MSPF00000226	Río Pedroso desde a confluencia co regato Campozares ata a confluencia co río de Quintanilla e ríos Valdorcas e de Quintanilla	R-T11	20,1
ES020MSPF00000227	Río Pedroso desde a confluencia co río Quintanilla ata a confluencia co río Arlanza	R-T11	18,2
ES020MSPF00000228	Río Arlanza desde a confluencia co río Zumel ata a confluencia co río Abejón e río Bañuelos	R-T11	13,6
ES020MSPF00000229	Río Abejón desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanza e río Vadillo	R-T11	14,5
ES020MSPF00000230	Río Arlanza no treito do futuro encoro de Castrovido, desde a confluencia co río Abejón ata a futura presa e regatos Pescafrails, de El Palazuelo, Valladares e Vaquerizas	R-T11	39,5
ES020MSPF00000231	Río Ciruelos desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanza e ríos San Miguel, de La Vega, Saelices e de Hacinas	R-T11	33,1
ES020MSPF00000232	Río Arlanza desde o encoro de Castrovido ata a confluencia co río Pedroso	R-T11	20,8
ES020MSPF00000233	Regato de Valdierre e río de Salcedal ou Jaramillo desde a cabeceira ata a confluencia co río de San Martín	R-T12	14,2
ES020MSPF00000234	Río de San Martín desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanza e regato de San Millán	R-T12	19,2
ES020MSPF00000236	Río Carabidas, río de El Ángel e río Cubillo desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanza	R-T04	39,0
ES020MSPF00000237	Regato da Almuera desde a cabeceira ata a confluencia co regato de El Real e regato de El Real	R-T04	12,6
ES020MSPF00000239	Río Tuela e afluentes desde a cabeceira ata a fronteira de Portugal	R-T25	41,7
ES020MSPF00000240	Río San Lourenzo desde a cabeceira ata a fronteira con Portugal e ríos Pentes, Abredo e afluentes	R-T25	44,2
ES020MSPF00000241	Río Valparaíso desde a cabeceira ata a confluencia co río Arlanza e ríos de El Puente de Lara e de Los Valles	R-T12	21,0
ES020MSPF00000242	Río de Quintanilla desde a cabeceira ata a confluencia co regato Rompebarcas e regato Rompebarcas	R-T27	13,3
ES020MSPF00000243	Río Arlanza desde a confluencia co río Pedroso ata a confluencia co río Arlanzón	R-T15	96,8
ES020MSPF00000245	Río Marcelín desde a cabeceira ata a confluencia co río da Seara Nova	R-T25	7,1
ES020MSPF00000246	Río da Seara Nova desde a cabeceira ata a confluencia co río Marcelín	R-T25	11,6
ES020MSPF00000247	Río Arzoa desde a confluencia co río Marcelín ata a confluencia co río Mente na fronteira de Portugal	R-T25	11,0
ES020MSPF00000252	Regato de Los Reguerales desde a cabeceira ata a vila de Laguna de Negrillos	R-T04	32,7
ES020MSPF00000253	Regato de Los Reguerales desde a vila de Laguna de Negrillos ata a confluencia co río Órbigo	R-T04	28,7
ES020MSPF00000254	Regueiro das Veigas desde a cabeceira ata a fronteira con Portugal	R-T25	6,6
**III. Procedemento seguido para a toma en consideración no plan ou programa do estudo ambiental estratéxico, dos resultados da información pública e das consultas, incluídas, de ser o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se é o caso, as discrepancias que se producen ao longo do proceso de planificación.**

Como resultado das consultas realizadas identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron á información pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En particular, recibíronse 97 documentos con propostas, observacións ou suxestións que quedaron analizadas no informe de "alegacións á proposta do Plan hidrolóxico 2015" (apéndice IV do anexo 10 á memoria sobre participación pública), ao cal se pode acceder a través do enderezo electrónico que conduce á documentación deste plan hidrolóxico.

A declaración ambiental estratéxica, aprobada por resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 18 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- a) Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans
- b) Sobre a determinación do estado das masas de auga
- c) Sobre a definición dos obxectivos ambientais
- d) Sobre o programa de medidas
- e) Sobre os efectos na Rede Natura 2000 e nos espazos protexidos
- f) Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga
- g) Sobre o seguimento ambiental

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Parte destas determinacións xa se incorporaron á versión final do plan hidrolóxico, nalgúns casos mediante a súa incorporación no programa de medidas que se xunta ao plan (véxase o anexo 12 á memoria). Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo que se deberán evidenciar na futura revisión prevista para final do ano 2021.

Na táboa 4.1 do documento resumo remitido ao órgano ambiental e dispoñible no expediente de avaliación ambiental estratéxica faise unha análise detallada do tratamento dado no plan hidrolóxico aos resultados da información pública.

Con respecto aos caudais ecolóxicos, o Consello da Auga da demarcación aprobou o plan proposto pola Oficina de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Douro para a concertación dos caudais ecolóxicos do Plan hidrolóxico da demarcación do Douro. Tras as reunións previas con cada un dos axentes, iniciouse o proceso da primeira fase de concertación dos caudais ecolóxicos en 2014, coa realización de 3 xornadas, para continuar cunha segunda fase de concertación con outras 3 xornadas en 2015.

#### IV. Motivos determinantes da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas

Para a elección da alternativa máis adecuada considerouse unha **alternativa 0**, ou **tendencial**, que vén corresponder coa evolución tendencial dos problemas se non se revisase o plan hidrolóxico da demarcación. Adicionalmente, considérase unha **alternativa 1**, de máximo cumprimento posible dos obxectivos ambientais no horizonte de 2021 e, complementariamente, unha **alternativa 2**, onde para a resolución de cada un dos problemas se integra a consideración dos aspectos socioeconómicos relevantes que tamén son obxectivo da planificación.

Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais, tanto en masas de auga superficial como subterránea, é menor que na alt. 1.</li> <li>Pérdese a oportunidade de traballar de forma conxunta fronte ao risco de inundación e incumpriríase a normativa europea.</li> <li>Menores puntos de control e, por tanto, de datos dispoñibles para avaliar o estado das masas.</li> </ul>
Alt. 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata o 90%.</li> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea chega ao 87,5 % en 2027.</li> <li>Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>Inténtase reducir ao máximo o risco de inundación, coa conseguinte minimización de danos futuros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A porcentaxe de unidades de demanda agraria que non cumpre os criterios de garantía é maior ca na alt. 2.</li> <li>Elevadas necesidades investidoras e peor axuste ao contexto económico.</li> </ul>

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata case o 90 %.</li> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea só diminúe ata o 78,1%.</li> <li>• Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>• A porcentaxe de unidades de demanda agraria que non cumpre os criterios de garantía é menor que nas alt. 0 e 1.</li> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico que na alt. 1.</li> <li>• Redución xeral do risco de inundación de forma sustentable e custo eficiente.</li> <li>• O número de infraestruturas transversais eliminadas ou melloradas para favorecer a continuidade fluvial é maior ca na alt. 0</li> <li>• O número de km de eliminación de defensas lonxitudinais, de recuamento de defensas, de recuperación do trazado de cursos antigos e de leitos recuperados é maior ca na alt. 0.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai menos actuacións de depuración de augas residuais e maior contaminación difusa, coa súa posible influencia na calidade da auga para abastecemento e outros usos, ademais do risco de incumprimento de normativa comunitaria.</li> <li>• Hai maior número de extraccións para usos agrarios e aumenta o número de auga encorada, coas modificacións que iso implica en masas actualmente naturais.</li> <li>• Hai un maior atraso no cumprimento de obxectivos ambientais e ademais un maior número de masas moi modificadas.</li> </ul>

A alternativa 1 amosa un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais ca as alternativas 0 e 2; no entanto, as súas necesidades investidoras non permiten levala a cabo no contexto económico actual.

En todo caso, a alternativa 2 propón medidas adicionais de atención das demandas, tanto de abastecemento como de regadío, sen abandonar o cumprimento dos obxectivos ambientais e sen restrinxir fortemente a actividade económica ligada ao uso da auga.

Por iso, a alternativa 2 é a **alternativa seleccionada**, aínda que, dada a complexidade das directrices e medidas, nalgúns casos se poderán adoptar solucións recollidas na alternativa 0 ou medidas intermedias entre a alternativa 1 e 2 a prol de cumprir, co menor impacto sobre o ambiente, os obxectivos de atención de demandas e os obxectivos ambientais definidos no plan.

#### V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e á revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se formulou inicialmente no documento de referencia e se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe a seguir.

Como consecuencia de todo isto, a Confederación Hidrográfica do Douro informará con periodicidade non superior ao ano o Consello da Auga da demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e, en calquera caso, antes do final de 2018), presentárase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual (2013)	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
Aire-clima	Emissiones totais de GEI (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario nacional de emisións	16.013 (2012)	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	Emissiones GEI na agricultura (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario nacional de emisións	6.974 (2012)	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	Energía hidroeléctrica producida en réxime ordinario (GWh/%)	Minetur	5.205,27 MWh / 21,54% (2012)	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	Recursos hídricos naturais correspondentes á serie de achega total natural da serie 1980/81-2011/12 (hm <sup>3</sup> )	PHD	12.320,1 (serie 1980/81-2005/06)	12.320,10	12.320,10	100%	12.320,10	12.320,10	100%	12.320,10	12.320,10	100%
Vegetación Fauna Ecosistemas Biodiversidade	Número de situacións de emerxencia por seca nos últimos cinco anos	<a href="http://www.chduero.es">www.chduero.es</a>	18		18			15		15		15
	Número de espazos da Rede Natura incluídos no RZP da demarcación	PHD	131 EGD		140			140		140		140
	Número de reservas naturais fluviais incluídas no RZP	PHD	24 EGD		24			24		24		24
	Número de zonas de protección especial incluídas no RZP	PHD	45 EGD		45			45		45		45
	Número de zonas húmidas incluídas no RZP	PHD	393 EGD		393			393		393		393
Número de puntos de control do réxime de caudais ecolóxicos	PHD/ROEA	25 ROEA		30			33		33		33	

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual (2013)	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
Patrimonio xeolóxico Solo e paisaxe	% de puntos de control de caudais ecolóxicos na Rede Natura 2000	PHD/ROEA	56% ROEA	17	17		17	17		17		
	% de masas de auga río clasificadas como HIMWB	PHD	11,60%	30			29,9			29,9		
	% de masas de auga lago clasificadas como HIMWB	PHD	14,30%	26			26			26		
	Superficie anegada total por encoros (ha)	PHD	35.961,6		35.962,0					38.155,3		
	% de masas de auga afectadas por especies exóticas invasoras	PHD	54,31% (Mirame)		54,31					54,31		
	% respecto a unha especie concreta explicativa	PHD	-		-					-		
	% respecto a outra especie concreta explicativa	PHD	-		-					-		
	Superficie de solo con risco moi alto de desertificación (ha)	PAND	18.561 (PAND)		18.561					18.561		
	Superficie de solo urbano (ha)	Magrama/Corine	33.962 (Corine)		33.962					33.962		
	Auga Poboación Saúde humana	Número de masas de auga afectadas por presións significativas	PHD	657		657					83	
% de masas de auga afectadas por presións significativas		PHD	84,80%		84,8					29%		
Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo		PHD	5 (EGD)		4					4		

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual (2013)	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	% de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	7,81% (EGD)		6,25			6,25		6,25		
	Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHD	21,88% (EGD)		45,31%			45,31%		45,31%		
	Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	153 (EGD)		204			344		590		
	% de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	21,55% (EGD)		29%			49%		83%		
	Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	48 (EGD)		48			50		56		
	% de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	75% (EGD)		75%			78%		88%		
	Número de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	521		521			379		127		
	% de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	67% (EGD)		67%			49%		16%		
	Número de masas de auga ás cales se aplican obxectivos menos rigorosos	PHD	96 (EGD)		67			67		67		
	% de masas de auga ás cales se aplican obxectivos menos rigorosos	PHD	12,40% (EGD)		9%			9%		9%		
	Número de masas de auga	PHD	23		23			23		23		

Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual (2013)	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	nas cales se prevé a deterioración adicional											
	% de masas de auga nas cales se prevé a deterioración adicional	PHD	2,97%		2,97%			2,97%		2,97%		
	% de masas de auga superficial con control directo do seu estado químico ou ecolóxico	PHD	96,00%		96			96		96		
	% de masas de auga subterránea con control directo do seu estado químico	PHD	100,00%		100			100		100		
	Demanda total para uso de abastecemento (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	265 (DI)		287			263		258		
	Volumen subministrado para uso de abastecemento (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	265		287			263		258		
	% de unidades de demanda de abastecemento que non cumpren os criterios de garantía	PHD	0		0,53%			0,53%		0,53%		
	Demanda total para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	3.491		3.363			3.424		3.757		
	Volumen subministrado para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	3.431		3.362			3.424		3.757		
	% de unidades de demanda de regadío que non cumpren os criterios de garantía	PHD	18%		18%			17%		18%		



Anexo IV. Plan hidrolóxico da parte española da DH do DOURO (2015-2021)

Compoñente ambiental	Indicadores	Fonte	Valor actual (2013)	2015			2021			2027		
				Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)	Valor medido	Valor esperado	Grao de cumprimento (%)
	Retorno en usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	590		599			388		456		
	Capacidade total de encoro (hm <sup>3</sup> )	PHD	7.874 (EGD)		7.874			7.874		8.054		
	Capacidade máxima de desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	Non se aplica en CHDouro									
	Volume subministrado por desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	Non se aplica en CHDouro									
	Volume reutilizado (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	0,04		0,04			0,04		0,04		
	Superficie total en regadío (ha)	PHD	532.518 (EGD)		547.780			564.308		640.840		
	% superficie en regadío localizado	PHD	0,10%		0,10%			0,10%		0,10%		
	% superficie en regadío por aspersión	PHD	72,31%		73,43%			99,57%		99,63%		
	% superficie en regadío por gravidade	PHD	27,59%		26,47%			0,33%		0,27%		
	Excedentes de fertilización nitrogenada aplicados aos solos e cultivos agrarios (t/ano)	PHD	368.000 (EGD)		-			-		-		
	Descarga de fitosanitarios sobre as masas de auga (t/ano)	PHD	Non identificadas		-			-		-		
	Porcentaxe de habitantes equivalentes que recibe un tratamento conforme a Directiva 91/271/CEE	PHD	77,6%		77,92%			78,27%		78,65%		

---

[Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO \(2015-2021\)](#)

## ANEXO V

### DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO TEXO

**DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA  
DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO TEXO**

Capítulo preliminar

**Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrológico*

O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. De conformidade co artigo 3.4 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, o ámbito territorial deste plan hidrológico abrangue o territorio español da bacía hidrográfica do río Texo.

**Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. De conformidade co artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, o territorio da parte española da demarcación hidrográfica do Texo divídese, desde o punto de vista funcional, nos sistemas de explotación de recursos cuxo ámbito territorial se describe no apéndice 1 e que son os seguintes:

a) Sistema integrado da bacía alta (SIBA), que inclúe:

- a. Sistema cabeceira
- b. Sistema Tajuña
- c. Sistema Henares
- d. Sistema Jarama-Guadarrama
- e. Sistema Alberche
- f. Sistema Texo esquerda

b) Sistema Tiétar

c) Sistema Árrago

d) Sistema Alagón

e) Sistema baixo Texo

2. A vinculación das masas de auga subterránea cos sistemas de explotación de recursos é a que se reflicte tamén no apéndice 1.

3. De acordo co disposto no artigo 19.5 do RPH adóptase como sistema de explotación único a parte española da demarcación hidrográfica do Texo.

**Artigo 3.** *Delimitación de demarcación, dos sistemas de explotación e das masas de auga*

O ámbito territorial da demarcación, a delimitación e a descrición dos sistemas de explotación de recursos e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga da parte

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

española da demarcación hidrográfica do Texo encóntranse dispoñibles na páxina web da Confederación Hidrográfica do Texo ([www.chtajo.es](http://www.chtajo.es)), a través do servizo de información xeográfica.

### Capítulo I. Definición das masas de auga

#### ***Sección I. Masas de auga superficial***

##### **Artigo 4. Identificación de masas de auga superficial**

De acordo co artigo 5 do RPH, neste plan hidrológico identifícanse 323 masas de auga superficial, que aparecen relacionadas e caracterizadas no apéndice 2, asignadas ás categorías seguintes:

- a) Categoría río: 307 masas de auga, das cales 191 corresponden a ríos naturais, 115 a masas de auga moi modificadas e 1 a masas de auga artificiais.
- b) Categoría lago: 16 masas de auga, das cales 7 corresponden a lagos naturais e 9 a masas de auga artificiais.

##### **Artigo 5. Condicións de referencia e límites de cambio de clase**

Os indicadores que se deben utilizar para valorar o estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental.

#### ***Sección II. Masas de auga subterránea***

##### **Artigo 6. Identificación das masas de auga subterránea**

De conformidade co artigo 9 do RPH, na parte española da demarcación hidrográfica do Texo identifícanse 24 masas de auga subterránea, que se relacionan no apéndice 3.

##### **Artigo 7. Valores limiar para masas de auga subterránea**

En aplicación do artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, os valores limiar dos contaminantes e indicadores de contaminación en que se baseará a avaliación do estado químico das masas de auga subterránea na parte española da demarcación hidrográfica do Texo serán os reflectidos no apéndice 3.

### Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos

##### **Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos**

1. Tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e do seu ámbito, e respectando en todo caso a supremacía do abastecemento de poboación, establécense as seguintes

---

Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

normas complementarias á orde de preferencia entre os diferentes usos da auga considerada no artigo 60.3 do TRLA:

- a) Nos abastecementos de poboación, terán preferencia as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan augas con problemas de calidade por augas superficiais ou subterráneas de calidade adecuada.
- b) Nos regadíos e usos agrarios, para as novas transformacións e a ampliación dos aproveitamentos existentes, terán preferencia os declarados de interese xeral. Entre os aproveitamentos con destino a novos regadíos terán preferencia aqueles de marcado carácter social e económico. Así mesmo, considerárase favorablemente o feito de estar situado en zonas que dedicasen previamente superficies de rega en proveito de servizos ou infraestruturas de uso público.
- c) Nos usos industriais para produción de enerxía eléctrica, a preferencia será para aqueles aproveitamentos definidos expresamente na planificación enerxética e para aqueles que aproveiten integramente un tramo de río.
- d) No caso dos outros usos industriais, preferiranse os que comporten menor consumo de auga por emprego xerado e menor impacto ambiental.

2. Considerárase que dous usos son compatibles entre si cando:

- a) É factible a súa satisfacción compartindo o mesmo recurso.
- b) Non alteran a distribución no tempo dos volumes requiridos polo outro.
- c) Ningún altera a calidade da auga requirida polo outro.

3. Con carácter xeral, dentro dunha mesma clase de uso, en caso de incompatibilidade, darase preferencia a aqueles usos de maior utilidade xeral que introduzan melloras técnicas que redunden nun menor consumo de auga ou que sexan máis favorables para o estado das masas de auga. Conforme este criterio, en igualdade das demais condicións, terán preferencia os aproveitamentos:

- a) Que se orienten cara a unha política de aforro de auga, de mellora da calidade dos recursos e de recuperación dos valores ambientais.
- b) Que exploten de forma conxunta e coordinada os recursos dispoñibles, incluídas as augas residuais depuradas e a recarga artificial de acuíferos.
- c) Que se baseen en proxectos de carácter comunitario e cooperativo.
- d) No caso do uso de regas, que afecten regadíos preexistentes infradotados, cuxa eficiencia sexa igual ou superior á establecida neste plan, así como aqueles que implementen boas prácticas agrícolas para a prevención da contaminación difusa.

4. O outorgamento de novas concesións sobre os recursos aínda dispoñibles nas masas de auga subterránea citadas no artigo 29.4, destinadas con carácter preferencial ao abastecemento de poboacións, unha vez computados os dereitos de uso existentes, atérase estritamente á seguinte orde de prioridade, que tamén rexerá para os casos de expropiación forzosa:

- 1º. Subministración a redes de distribución municipais e redes xerais de ámbito supramunicipal para usos urbanos.
- 2º. Usos urbanos non conectados a unha rede municipal ou supramunicipal.
- 3º. Usos industriais non conectados a unha rede municipal ou supramunicipal.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

- 4º. Usos agrarios de pequena extensión en zonas tradicionais.
- 5º. Outros usos debidamente xustificados.

### Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais

#### **Artigo 9. Réximes de caudais ecolóxicos**

1. De acordo co disposto no artigo 18.1 do RPH, fíxase o réxime de caudais ecolóxicos mínimos, en condicións ordinarias, para as masas de auga estratéxicas que se relacionan na táboa 1 do apéndice 4, cos valores trimestrais que se indican na táboa 2 do apéndice 4, en situacións de normalidade hidrolóxica.
2. De acordo co establecido no artigo 18.4 do RPH, cando se declarase algunha das fases de situación de seca seguindo o procedemento establecido no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca, aprobado pola Orde MAM 698/2007, do 21 de marzo, así como as súas modificacións posteriores, poderanse reducir temporalmente os caudais ecolóxicos mínimos e deberase cumprir en todo caso o disposto no artigo 38.2 do citado regulamento.
3. Os caudais mínimos circulantes por Aranjuez, Toledo e Talavera de la Reina non serán inferiores aos fixados na táboa 3 do apéndice 4 e garantirase o seu cumprimento cos recursos do sistema integrado da bacía.
4. Os caudais ecolóxicos mínimos controlaraos o organismo de bacía nos puntos de medida que se indican na táboa 1 do apéndice 4.
5. Antes do 1 de xaneiro de 2019, elaborárase unha proposta de extensión do réxime de caudais ecolóxicos a todas as masas de auga, actuando prioritariamente sobre as masas de auga que non cumpran cos obxectivos de bo estado establecidos no presente plan ou cuxo estado ecolóxico empeore, así como a aquelas en que un adecuado réxime de caudal ecolóxico constituía un instrumento eficaz para conseguir o obxectivo de bo estado de conservación dos hábitats e especies dependentes do medio hídrico nas zonas protexidas de Rede Natura 2000.
6. Naqueles puntos en que o novo réxime de caudais ecolóxicos non condicione as asignacións e reservas deste plan hidrológico, a proposta incluírase no seguinte plan hidrológico que se aprobará en 2021, tras as preceptivas fases de información e consulta pública.
7. Naqueles puntos en que o novo réxime de caudais ecolóxicos condicione as asignacións e reservas deste plan hidrológico, a proposta incluírase no seguinte plan hidrológico que se aprobará en 2021, tras un proceso de concertación que incluírá as fases de información, consulta pública e participación activa con representantes dos sectores afectados.

#### **Artigo 10. Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos**

1. En defecto de disposición normativa de carácter xeral aplicable durante a vixencia do presente plan, entenderase que se cumpre co réxime de caudais ecolóxicos mínimos establecido na táboa 2 do apéndice 4 cando, alcanzando o volume total trimestral resultante dos instantáneos que se fixan, os caudais instantáneos superen en todo momento o 80% do valor do caudal mínimo. Non se consideran neste cómputo os períodos en que sexa de aplicación o artigo 9.2.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

2. Na memoria do plan preséntanse, para efectos soamente indicativos, os resultados duns estudos previos sobre caudais mínimos, máximos, taxas de cambio e caudais xeradores; polo tanto, non serán exixibles no horizonte temporal deste plan, sen prexuízo do expresado no artigo 11.2. Para os caudais máximos e caudais xeradores teranse especialmente en conta os mapas de perigosidade e risco de inundación que se leven a cabo en desenvolvemento do disposto no Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión do risco de inundación.

3. Non serán exixibles caudais ecolóxicos mínimos superiores ao equivalente ao réxime natural.

4. Poderanse instalar centrais hidroeléctricas con caudais concesionais iguais ao réxime de caudais ecolóxicos mínimos, situadas a pé de presa e con saída á canle nese mesmo punto. Considerarase que se satisfai o réxime de caudais ecolóxicos mínimos se se cumpre o disposto no número 1 deste artigo.

**Artigo 11. Normas complementarias para a implantación do réxime de caudais ecolóxicos**

1. Cando, como consecuencia da implantación do réxime de caudais ecolóxicos de acordo co apéndice 4, se produza un aumento destes respecto aos mínimos establecidos por lei ou sentenza xudicial, a circulación polos ríos do aumento do caudal mínimo proporcionado desde obras de regulación deberase respectar en todas as masas de auga situadas augas abaixo polos concesionarios actuais, deixando circular libremente os caudais adicionais para o cumprimento dos obxectivos ambientais das ditas masas de auga, sen producir minguas nin alteracións destes en cantidade e calidade, calquera que foren os termos concesionais fixados nas correspondentes concesións. En razón ao carácter de caudais mínimos adicionais proporcionado desde obras de regulación por motivos ambientais, especialmente os previstos no artigo 4 do Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura, os concesionarios situados augas abaixo quedarán obrigados a deixar circular os ditos caudais sen alterar o seu réxime.

2. Cando se valore a compatibilidade co plan hidrológico das solicitudes de concesións ou autorizacións, tanto de augas superficiais como subterráneas, o informe terá en conta os indicadores hidrolóxicos e, de ser o caso, hidrobiolóxicos que define o réxime de caudais ecolóxicos mínimos e que figura no plan hidrológico para todas as masas de auga categoría río.

3. Para o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos no caso de masas de auga superficial alimentadas por acuíferos, nos informes de compatibilidade terase en conta que, na falta de determinacións específicas, as extraccións do acuífero non superen un valor que impida que a contribución das augas subterráneas ao réxime de caudais ecolóxicos garde proporción coa que proporcionen os escoramentos superficiais. En ningún caso, as extraccións das masas de auga subterránea deberán superar os recursos dispoñibles que se establecen como referencia no apéndice 5.

**Artigo 12. Réximes adicionais de caudais**

As administracións públicas autonómicas ou locais, así como as empresas públicas ou privadas que, en virtude de título habilitante, xestionen obras de captación ou regulación no dominio público hidráulico, poderán propor ao organismo de bacía a implantación de réximes adicionais de caudais de carácter ambiental noutras masas de auga distintas das relacionadas no apéndice 4, e proporcionarán os caudais desde as infraestruturas que xestionan, aínda que os únicos réximes de caudais ecolóxicos exixibles para o horizonte temporal deste plan serán os recollidos no dito apéndice 4. A Confederación Hidrográfica do Texo tomará en consideración estes réximes adicionais para a revisión, se é o caso, do plan hidrológico.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

**Artigo 13. Restricións ambientais**

1. Para o outorgamento de novas concesións ou a modificación das existentes, os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais consideraranse como restricións ambientais que se impoñen, con carácter xeral, aos sistemas de explotación.

2. Para os mesmos efectos, nas masas de auga subterránea da bacía considérase a distribución de recursos dispoñibles que se recolle no apéndice 5, entendendo tales recursos, segundo establece o artigo 3 x) do RPH, como o "valor medio interanual da taxa de recarga total da masa de auga subterránea, menos o fluxo interanual medio requirido para conseguir os obxectivos de calidade ecolóxica para a auga superficial asociada, para evitar calquera diminución significativa no estado ecolóxico de tales augas, e calquera dano significativo aos ecosistemas terrestres asociados".

**Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos****Artigo 14. Asignación e reserva de recursos para usos e demandas actuais e futuros**

1. De conformidade cos artigos 20 e 21 do RPH, e para os efectos do artigo 91 do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, establécese a asignación de recursos, relacionados no apéndice 6, que se adscriben aos aproveitamentos actuais e ata o ano 2021. As asignacións cobren a demanda total de cada unidade, sen descontar os posteriores retornos ao ciclo hidrolóxico.

2. De acordo co disposto no artigo 20 do RPH, o organismo de bacía detraerá dos volumes asignados no número 1 os correspondentes ás concesións que en cada caso existan, inscribirá a diferenza no Rexistro de Augas como reservas ao seu nome e cancelará parcialmente as ditas reservas a medida que vaia outorgando as correspondentes novas concesións.

3. Para cubrir os volumes asignados no número 1 para a demanda urbana, garantidos nos termos establecidos no número 3.1.2 da Instrución de planificación hidrolóxica, considéranse os seguintes dereitos e reservas:

- a) Para o abastecemento da Comunidade de Madrid, asígnanse 742,68 hm<sup>3</sup>/ano a nome de Canal de Isabel II. Para cubrir este volume téñense en conta todas as concesións e dereitos ao uso da auga de que ese organismo é titular, entre as cales se inclúen as correspondentes ás tomas nos encoros e azudes dos ríos Guadarrama, Jarama e dos seus afluentes dentro do sistema de explotación Jarama-Guadarrama, as tomas no sistema de explotación do Alberche nos encoros de San Juan, Picadas e La Aceña, e as captacións de auga subterránea nas masas ES030MSBT030.004, ES030MSBT030.010, ES030MSBT030.011 e ES030MSBT030.012. Incluída nesta asignación, establécese unha reserva de 60 hm<sup>3</sup>/ano no río Texo e o uso dos recursos excedentarios nos ríos Sorbe e Tajuña, sempre que non se produzan afeccións aos dereitos de uso da auga preexistentes.
- b) Para o abastecemento na zona de Toledo-Las Sagras asígnase e resérvase un total de 47,3 hm<sup>3</sup>/ano procedentes dos sistemas de explotación de Alberche e cabeceira.

4. Establécese unha reserva, adicional á asignación previamente indicada, de 15 hm<sup>3</sup>/ano no sistema de explotación integrado da bacía alta do Texo, que non foi considerada no balance de 2021, para actuacións de posta en regadío que contan con declaración de interese xeral pero cuxa execución se prevé que finalice máis alá do horizonte 2021, e especificamente para as zonas regables de La Sagra-Torrijos e Castrejón marxe esquerda.



Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

**Artigo 15. Outras reservas**

1. Nos tramos de ríos que a continuación se enuncian non se autorizará a instalación de minicentraís e quedan reservados a aproveitamentos de potencia superior a 10 mW:

- a) Tramo do río Erjas (Cáceres, tramo internacional compartido), entre as cotas 310 e 220, aproximadamente, para o salto denominado Erjas II.
- b) Tramo do río Erjas (Cáceres, tramo internacional compartido), entre as cotas 220 e 115, aproximadamente, para o salto denominado Erjas I.

2. Para facer fronte a emerxencias ambientais, establécese unha reserva encorada de 10 hm<sup>3</sup> no encoro de El Pardo.

Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección

**Artigo 16. Reservas naturais fluviais**

No apéndice 7.1 inclúese unha listaxe coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo do Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Ademais, no apéndice 7.2 inclúese outra listaxe con tramos fluviais que poderían merecer a mesma consideración en futuras declaracións.

**Artigo 17. Perímetros de protección**

Para os efectos previstos no artigo 57 do RPH, en relación coas zonas de protección de captacións de abastecemento de auga destinada a consumo humano, incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas, establécese o seguinte:

- a) Na delimitación das zonas de protección de captacións de auga superficial aplicaranse, con carácter xeral, os seguintes criterios:
  - 1º. Para as captacións en ríos, o tramo da correspondente masa de auga superficial situado inmediatamente augas arriba da toma.
  - 2º. Para as captacións en encoros, a totalidade da extensión destes.
- b) En captacións de auga subterránea:
  - 1º. En canto se aproban os perímetros de protección das captacións de auga subterránea destinadas a consumo humano, regulados no artigo 173 do RDPH, establécese un perímetro provisional que, na falta de xustificación específica, estará delimitado por unha circunferencia de 1 quilómetro de raio ao redor do punto de captación.
  - 2º. Nos expedientes de concesión ou autorización de aproveitamentos ou verteduras que tramite o organismo de bacía dentro do perímetro delimitado no parágrafo anterior, incluírase unha avaliación específica das posibles afeccións á captación de auga para abastecemento e darase trámite de audiencia ao titular da concesión de abastecemento na súa condición de interesado.

---

Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

**Artigo 18. *Rexistro de Zonas Protexidas***

Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e 24 do RPH, no anexo 4 da memoria do plan hidrolóxico inclúese un resumo do Rexistro de Zonas Protexidas no cal, en todo caso, están incluídos os tramos de río ou lagos das zonas declaradas de protección de hábitat ou especies nas cales o mantemento ou mellora do estado da auga constitúa un factor importante da súa protección, incluídos os lugares de importancia comunitaria, as zonas de especial protección para as aves e as zonas especiais de conservación integrados na Rede Natura 2000, así como as zonas húmidas de importancia internacional do Convenio de Ramsar e as zonas húmidas incluídas no Inventario nacional de zonas húmidas.

**Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga****Artigo 19. *Obxectivos ambientais***

1. Os obxectivos ambientais que se deberán alcanzar nas masas de auga da parte española da demarcación hidrográfica do Texo relaciónanse nos apéndices 8.1 e 8.2.
2. De acordo coas condicións indicadas no artigo 37 do RPH establécense obxectivos menos rigorosos para as masas de auga superficial que se relacionan no apéndice 8.3, xunto cos valores límite e limiares dos indicadores de calidade que se deberán alcanzar.

**Artigo 20. *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga***

1. Conforme o artigo 38 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou que non se puidesen prever razoablemente, nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga, son as seguintes:
  - a) Graves inundacións. Enténdense como tales, para este propósito exclusivo, aquelas que superen a zona de fluxo preferente, de acordo coa definición que para esta establece o artigo 3 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
  - b) Secas declaradas. Considéranse como tales as que recolle o Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.
  - c) Accidentes non previstos razoablemente, tales como verteduras accidentais ocasionais, fallos en sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias, accidentes no transporte e análogos.
  - d) Outros fenómenos naturais extremos como sismos, tornados, avalanchas e análogos.
  - e) Circunstancias derivadas de incendios forestais.
2. Os causantes da deterioración temporal ou calquera persoa ou entidade responsable da xestión das masas de auga afectadas por unha deterioración temporal comunicaranlle os feitos ao organismo de bacía que, conforme o artigo 38.2 do RPH, manterá actualizado un rexistro deles.

**Artigo 21. *Condicións para as novas modificacións ou alteracións***

1. Os obxectivos ambientais considerados neste plan hidrolóxico establecéronse tendo en conta as actuacións recollidas no programa de medidas.
2. Para as novas modificacións ou alteracións non previstas neste plan, observarase o disposto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

no artigo 39.2 do RPH. A Confederación Hidrográfica do Texo levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións.

3. Como posibles actuacións susceptibles de producir modificacións das masas de auga, recollidas na Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrológico nacional, pero que non foron consideradas para o cálculo dos obxectivos ambientais neste plan hidrológico, están as seguintes:

CÓDIGO MASA	NOME MASA	ACTUACIÓN
ES030MSPF0704020 ES030MSPF0723010	Encoro de Rosarito Regato de El Molinillo e outros ata río Tiétar	Regulación do río Tiétar e consolidación dos regadíos existentes
ES030MSPF0318010 ES030MSPF0317020 ES030MSPF0322010 ES030MSPF0321020	Río Sorbe ata encoro de Beleña Encoro de Beleña Río Bornova ata encoro de Alcorlo Encoro de Alcorlo	Infraestruturas de interconexión e aproveitamento conxunto dos ríos Sorbe e Bornova

Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga***Sección I. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico*****Artigo 22. Disposicións xerais**

1. O organismo de bacía condicionará a autorización de posta en explotación dun aproveitamento a que se cumpra o establecido na Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio, respecto á regulación dos sistemas de control dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico.
2. As limitacións dos volumes de encoro para a laminación de enchentes (bordos libres) poden supor unha redución do recurso dispoñible para outros usos, o que se terá en conta para o outorgamento de novas concesións ou para a revisión das existentes.
3. O outorgamento de todo aproveitamento que supoña a distorsión no tempo dos caudais dispoñibles augas abaixo deberá considerar as limitacións que iso implica na utilización existente ou posible destes recursos, impondo as medidas correctoras necesarias, como poden ser contraencoros ou normas de utilización.
4. En aplicación do artigo 184.4 do RDPH, a Confederación Hidrográfica do Texo, para considerar a posible afección do outorgamento de concesións de auga subterránea a captacións anteriores legalizadas, poderá solicitar ao petionario da concesión que achegue información hidroxeolóxica xustificativa que inclúa a execución de ensaios de bombeo ou medicións de caudal realizados nas novas captacións.

**Artigo 23. Limitacións aos prazos concesionais**

Salvo xustificación en contrario, consideraranse os seguintes prazos máximos para os distintos tipos de novas concesións que se especifican a continuación:

- a) Abastecemento de poboación: ata 75 anos para as concesións consideradas no artigo 123 do RDPH; ata 50 anos para urbanizacións illadas e outras concesións de abastecemento

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

- consideradas no artigo 128.1 do RDPH; ata 25 anos para as concesións de abastecemento a menos de 50 persoas ou outras das recollidas no artigo 130.1 do RDPH.
- b) Regadíos en xeral, ata 40 anos. Para regadíos de pequena entidade considerados nos artigos 128.1 e 130.1 do RDPH, ata 25 anos, a menos que se xustifique cun estudo técnico-económico a necesidade dun período maior para conseguir a amortización das obras e instalacións, co que se poderá elevar o período ata un máximo de 40 anos.
  - c) Usos hidroeléctricos: en novas instalacións, ata 40 anos. En instalacións que aproveiten as infraestruturas do Estado ou outras infraestruturas preexistentes, ata 20 anos, a menos que se xustifique cun estudo técnico-económico a necesidade dun período maior para conseguir a amortización das obras e instalacións, co que se poderá elevar o período ata un máximo de 40 anos.
  - d) Concesións de reutilización de auga residual rexenerada: a duración do prazo concesional irá ligada ao da necesaria autorización de vertedura.
  - e) Demais usos: ata 25 anos.

**Artigo 24.** *Xustificación da demanda de auga nas solicitudes de concesión*

1. Conforme o disposto nos artigos 59 do TRLA e 93 e sucesivos do RDPH, na documentación que se xunte a unha solicitude de nova concesión xustificaranse adecuadamente as necesidades hídricas e adecuaranse aos valores de referencia establecidos neste plan hidrológico sobre dotacións e cálculo de demandas.
2. A previsión de necesidades futuras para atender mediante o volume concesional solicitado non deberá exceder un prazo equivalente ao de vixencia dun plan hidrológico (6 anos).

**Artigo 25.** *Dotacións de auga para o abastecemento de poboacións*

1. No outorgamento de novas concesións de auga para abastecemento de poboacións ou a modificación das existentes, para os efectos da aplicación dos artigos 59.4 e 65 do TRLA, teranse en conta os valores de referencia da dotación en litros por habitante e día que figuran no apéndice 9.1, en función do rango de poboación que se deberá abastecer. Os ditos valores de referencia terán a consideración de máximos salvo xustificación adecuada en contrario. En todo caso, cando a concesión afecte o abastecemento a novos desenvolvementos urbanos, estes deberán ter sido planificados conforme o artigo 22.3.a) do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, e o artigo 25.4 do TRLA.
2. As dotacións de referencia indicadas comprenden a totalidade de usos susceptibles de subministración desde a rede xeral de abastecemento (domésticos, industriais de pequeno consumo, comerciais, servizos municipais ou comunitarios -incluíndo a rega das zonas verdes municipais-, etc.), referidas ao punto ou puntos de captación, e inclúen as perdas en conducións, depósitos e distribución. En caso de que existan varias fontes de abastecemento computarase o volume global subministrado desde todas elas para obter a dotación unitaria por habitante.
3. A poboación, para os efectos do cálculo do volume concesional, avaliarase como suma da poboación permanente, obtida a partir dos datos do padrón continuo, publicado polo Instituto Nacional de Estatística, máis a poboación estacional traducida ao seu equivalente en poboación a tempo completo nun ano. Para a avaliación da poboación futura teranse en conta as proxeccións do Instituto Nacional de Estatística.

---

Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

Para o cálculo da poboación estacional terase en conta a información dispoñible sobre a evolución do número de vivendas secundarias, prazas hoteleiras, prazas de cámping e os seus índices de ocupación, así como os datos de pernoitas e outras variables relevantes.

4. En caso de non conexión a unha rede xeral de abastecemento, as dotacións de referencia para os distintos tipos de vivendas, actividades ou instalacións residenciais ou turísticas serán as que figuran no apéndice 9.2.

5. Nas actividades estacionais ou na ocupación de vivendas secundarias considerárase, salvo xustificación en contrario, un tempo de ocupación máximo de 100 días ao ano.

**Artigo 26. Dotacións de auga para regadío**

1. As dotacións brutas máximas admisibles nas zonas regables de iniciativa pública serán as que figuran no apéndice 9.3. Para as zonas regables xa existentes, as dotacións máximas da dita táboa serán de aplicación a partir da execución das actuacións de modernización e mellora incluídas no plan hidrolóxico.

2. As dotacións máximas admisibles para regas de iniciativa privada nos diferentes sistemas de explotación serán as que figuran no apéndice 9.4 (dotacións brutas máximas por sistema de explotación) e no apéndice 9.5 (dotacións netas máximas por tipos de cultivo en regadíos de iniciativa privada). Débense cumprir ambos os dous máximos simultaneamente.

3. Con carácter excepcional, poderanse admitir dotacións netas máximas por tipo de cultivo en regadíos de iniciativa privada superiores ás establecidas no apéndice 9.5, logo de presentación por parte do interesado dun estudo que xustifique as necesidades hídricas do cultivo específico e a eficiencia alcanzada na instalación de distribución e rega.

4. Os obxectivos de eficiencias mínimas para os distintos tipos de regadío e de sistema de regas son os que se recollen no apéndice 9.6.

**Artigo 27. Dotacións de auga para uso gandeiro**

Nas concesións de auga para uso gandeiro teranse en conta as dotacións de referencia que figuran no apéndice 9.7, e deberase xustificar a solicitude de dotacións significativamente máis altas dos valores medios recollidos na dita táboa, dentro do rango de admisibilidade.

**Artigo 28. Dotacións de auga para uso industrial**

1. Os volumes de auga solicitados para usos industriais non conectados a redes xerais, ou que estando conectados non son susceptibles de subministración desde elas por supor un gran consumo, xustifícaranse achegando documentación específica que considere datos reais de utilización de auga nas diferentes fases do proceso industrial e tendo en conta a aplicación das mellores técnicas dispoñibles en cumprimento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación ou outra norma vinculante, con especial atención ás medidas adoptadas para a reutilización de augas de proceso e a minimización das verteduras. Na falta de datos reais e se da aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, non deriva unha dotación de referencia para a industria obxecto da solicitude, adoptáranse como referencia para os distintos sectores de actividade industrial as dotacións que se inclúen no apéndice 9.8.

---

Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

2. Para os efectos de asignación e reserva de recursos para os novos polígonos industriais previstos na planificación urbanística, considerarase unha dotación de referencia de 4.000 metros cúbicos por hectárea e ano. Para as posteriores concesións atenderanse as necesidades específicas de cada establecemento industrial que se vai implantar.

3. As dotacións de referencia para refrixeración de centrais de produción eléctrica recóllense no apéndice 9.9.

4. A dotación bruta para rega de campos de golf establécese, con carácter xeral, nun máximo de 7.500 metros cúbicos por hectárea e ano, referida de forma exclusiva á superficie regable propia do campo de xogo, con exclusión de superficies con tratamentos duros, *rough* extremo ou zonas complementarias do que é estritamente o campo de xogo. Esta dotación poderá alcanzar, como máximo, os 9.000 metros cúbicos por hectárea e ano, no caso de que se regue con augas residuais rexeneradas, logo de presentación por parte do interesado dun estudo que xustifique as necesidades hídras específicas do campo de golf e a eficiencia alcanzada na instalación de distribución e rega.

5. Para a actividade de lavado de areas aplicarase unha dotación de referencia de 0,6 metros cúbicos de auga por metro cúbico de area e admitiranse unicamente instalacións que traballan en circuíto pechado con taxas de reposición inferiores ao 15%.

6. A garantía da demanda industrial non conectada a unha rede urbana non será superior á considerada para a demanda urbana no número 3.1.2.2.4. da instrución de planificación hidrolóxica.

**Artigo 29. Aproveitamentos de augas subterráneas**

1. Sen prexuízo de especificacións motivadas máis concretas recollidas no título concesional ou na autorización, todas as captacións novas de máis de 5 metros de profundidade deberán ter selados os primeiros 4 metros do espazo anular, como protección fronte á contaminación. Ademais, logo de autorización do organismo de bacía, de conformidade co artigo 188.4 do RDPH, selaranse adecuadamente os tramos da sondaxe que queden abandonados por mala calidade da auga.

2. Os pozos ou sondaxes que teñan carácter surxente deberanse rematar cun dispositivo de pechamento estanco que impida a saída libre da auga e cun dispositivo na cabeza de pechamento para poder instalar un manómetro. Sempre que as condicións da surxencia o permitan, poderase admitir a sobreelevación adecuada do peitoril co obxecto de equilibrar a presión.

3. O organismo de bacía poderá impor no condicionado das concesións ou autorizacións de aproveitamento de auga subterránea que as perforacións sexan equipadas con canalización auxiliar de, polo menos, 30 milímetros de diámetro interior para permitir a lectura do nivel piezométrico, así como a instalación de dispositivos de medida de caudais e volumes extraídos e de toma de mostras de auga na boca do pozo.

4. Establécense como zonas de especial protección, por estaren destinadas preferentemente á captación de auga de consumo humano, as seguintes masas de auga subterránea:

- a) Masa de auga subterránea ES030MSBT030.010 Madrid: Manzanares-Jarama.
- b) Masa de auga subterránea ES030MSBT030.011 Madrid: Guadarrama-Manzanares.
- c) Masa de auga subterránea ES030MSBT030.012 Madrid: Aldea del Fresno-Guadarrama.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

5. O outorgamento de novas concesións nas masas de auga subterránea destinadas ao abastecemento de poboacións citadas no parágrafo anterior estará sometido ás seguintes condicións, relativas a cada tipo de uso:

- a) Na execución de novas sondaxes de captación exixirase a aplicación das mellores técnicas para prever a contaminación da auga subterránea, illar os acuíferos superficiais e evitar a interconexión de niveis acuíferos de características hidroquímicas claramente diferenciadas.
- b) As novas captacións situaranse a distancia superior a 1.000 metros das captacións existentes para abastecemento de redes xerais, salvo acreditación suficiente da non afección a estas ou autorización expresa dos seus titulares.
- c) Os usos de orde de prioridade 2ª ou inferior, conforme se establecen no artigo 8.4, deberán acreditar de modo fidedigno a imposibilidade, ou inadecuación desde o punto de vista técnico, da subministración solicitada mediante conexión a unha rede de distribución municipal ou supramunicipal. En caso de que a dita conexión estivese prevista dentro dun prazo determinado, ese será o prazo polo cal se poderá outorgar a concesión.
- d) Nos usos de orde de prioridade 3ª ou inferior, conforme se establecen no artigo 8.4, as sondaxes de captación non poderán superar a profundidade de 200 m, e a potencia do grupo elevador non poderá ser superior a 11 kW. Excepcionalmente, para aproveitamentos inscritos na sección C do Rexistro de Augas ou no Catálogo de augas privadas, poderanse autorizar labores de limpeza ou de estrita substitución de sondaxes obstruídas de profundidade superior ao límite indicado, sempre que tales circunstancias se acrediten de forma fidedigna, e sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira bis do TRLA.

6. O organismo de bacía, de conformidade coas facultades que lle outorga o artigo 81 do TRLA en relación coa constitución de comunidades de usuarios, impulsará a súa implantación nas masas de auga subterránea citadas no número 4.

**Artigo 30. Aproveitamentos hidroeléctricos**

1. Cada nova solicitude de aproveitamento de produción de enerxía eléctrica deberá, ademais da documentación prevista no artigo 106.2 do RDPH, achegar un estudo que estableza os volumes de auga que poden ser obxecto de aproveitamento para a obtención de enerxía eléctrica sen causar prexuízo ao medio hidráulico e a outras demandas preexistentes. O dito estudo deberá especificar, igualmente, tanto a calidade exixible ás augas achegadas desde o aproveitamento ás masas de auga receptoras para non ser causa da deterioración do bo estado das ditas masas como as medidas para evitar a deterioración do estado da masa de auga sobre a cal se desenvolve a captación como consecuencia da implantación das infraestruturas propias do aproveitamento.

2. O proxecto do aproveitamento de produción de enerxía eléctrica de nova concesión deberá incorporar as medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Ademais do respecto tanto ao réxime de caudais ecolóxicos como ao estado cualitativo previo das masas de augas afectadas:

- a) Instalaranse dispositivos de medida do caudal e das súas variacións que permitan unha rápida comprobación.
- b) Instalaranse dispositivos e infraestruturas que impidan a incorporación de contaminantes á masa de auga receptora.
- c) Instalaranse dispositivos de paso que permitan a mobilidade da fauna.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

- d) Evacuáranse os caudais ecolóxicos a través de dispositivos preparados para o efecto, entre os cales se incluírán os dispositivos para o paso de fauna piscícola, de maneira que por eles non poida pasar máis caudal daquel para o cal están deseñados, e situáranse nun lateral do leito e o máis preto posible do desaugadoiro dos dispositivos para o paso do resto do caudal ambiental ou do das turbinas para facilitar o "efecto chamada".
- e) O dispositivo para a evacuación do caudal ecolóxico será preferentemente unha incisura no labio do vertedoiro ou, na súa falta, unha comporta ou sistema similar. Estará dotado dunha escala ou marca de nivel, que permita comprobar doadamente a altura da lámina de auga desaugada. No caso de comportas estarán dotadas de topes que impidan o seu peche.
- f) Naquelas presas que non teñen caudal ecolóxico na súa concesión por considerar que o aproveitamento é "fluente", non se permitirá seguir turbinando por debaixo da cota do vertedoiro, ou que se poida comezar a turbinar antes de que estea a pasar por riba do vertedoiro o caudal ecolóxico íntegro.
- g) A incorporación dos dispositivos precisos para evitar que os peixes alcancen as turbinas.
- h) A incorporación dos elementos de deseño que permitan un doado rescate da pesca en caso de baleiramento do encoro ou das canles.
- i) O cerramento das canles que evite a caída a estas de vertebrados terrestres, especialmente grandes mamíferos.

3. No caso de que os aproveitamentos existentes augas abaixo dunha nova instalación sexan incompatibles co réxime de explotación proxectado para o sistema, exixírase, con cargo ao concesionario enerxético, a realización dun contraencoro que posibilite a dita compatibilidade.

4. Os titulares de concesións hidroeléctricas que non executasen as obras necesarias para os ditos aproveitamentos disporán dun prazo de tres anos a partir da entrada en vigor deste plan hidrológico para completar os procedementos administrativos ou ambientais necesarios para iniciar as obras. En caso de que estas non se poidan levar a cabo por algún requirimento ambiental ou administrativo, deberán presentar a documentación necesaria acorde con estes. E no caso de que falte algún documento ou informe por parte dalgunha Administración, deberán requirirille a esta a súa formalización. No caso de que non se presenten os ditos documentos, entenderase que se renuncia á citada concesión e iniciárase o expediente de extinción, a menos que o requirimento dalgunha documentación (envío de informes preceptivos, obtención de permisos de obras, etc.) estea sometido a algún proceso xudicial.

**Artigo 31. Aproveitamentos xeotérmicos para climatización**

1. Nos aproveitamentos xeotérmicos para a produción de calor ou frío que se realicen en sistema aberto, é dicir, con extracción de auga subterránea e a súa posterior reinxección tras a súa circulación por un dispositivo de intercambio de calor, aplicáranse as seguintes directrices:

- a) A auga utilizada deberá ser inxectada no mesmo acuífero de que se extraese, en igual contía - salvo perdas no circuíto- e sen incorporación de aditivos.
- b) En caso de que a instalación se realice onde existan acuíferos superpostos, aproveitarase unicamente o superior.
- c) A concesión de aproveitamento poderá incorporar a correspondente autorización de vertedura, de se considerar esta necesaria.



---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

- d) O salto térmico entre a auga do acuífero e a auga reinxectada quedará limitado, como máximo, a  $\pm 6$  ° C, salvo que se xustifique suficientemente a inocuidade dun salto maior.
- e) Cando a potencia térmica instalada sexa superior a 50 kW, o titular do aproveitamento deberá efectuar un seguimento da evolución do acuífero que valore a súa resposta hidráulica, xeoquímica e térmica, de acordo cos requisitos que lle sexan de aplicación.
- f) Os cálculos estimativos das distancias entre pozos de extracción e de reinxección deberán ser ratificados mediante probas in situ ou modelaxes numéricas.
- g) O sistema de climatización deberá operar sempre que sexa posible en modo dual (refrixeración e calefacción), para compensar as cargas térmicas sobre o terreo.

**Artigo 32. Acuicultura**

Todo proxecto de nova instalación ou modificación dun aproveitamento destinado a acuicultura se deberá xustificar cun estudo hidrológico minucioso de detalle e do conxunto do sistema de explotación implicado, facendo referencia aos réximes de caudais, ao cumprimento dos límites de vertedura e á satisfacción dos obxectivos ambientais da masa de auga receptora de acordo coas exixencias do plan na materia.

**Artigo 33. Usos recreativos**

1. O organismo de bacía impulsará as actuacións necesarias para que, en concordancia con outras institucións ou colectivos interesados e tendo en conta os dereitos concesionais e de calquera outra índole dos propietarios e explotadores de encoros, se ordene o uso recreativo nos encoros e no resto das augas que discorren polas canles naturais da bacía.

2. No caso de que un uso recreativo sexa asimilable a outro uso de abastecemento, regadío ou industrial, para a determinación da demanda seguiranse os criterios aplicables ao uso de maior prioridade.

**Artigo 34. Navegación e transporte acuático**

A navegación e o transporte acuático non xerarán demanda adicional de recurso, polo que non se reservarán nin concederán caudais para satisfacer de forma exclusiva este tipo de aproveitamento. Non obstante, poderanse desenvolver utilizando caudais que se requiren para outros usos.

**Sección II. Medidas para a protección do estado das masas de auga****Artigo 35. Verteduras de augas residuais procedentes de zonas urbanas**

Ademais dos criterios previstos no RDPH, en particular nos artigos 246, 253 e 259 ter, no deseño das infraestruturas de saneamento e depuración de augas residuais de aglomeracións urbanas teranse en conta os habitantes-equivalentes reais, e non se permitirá a consideración dos volumes de augas freáticas incorporados aos sistemas de saneamento como consecuencia do mal estado destes.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

**Artigo 36.** *Protección do réxime de caudais dos ríos fronte a alteracións derivadas de aproveitamentos de augas subterráneas*

1. Nos novos aproveitamentos de auga mediante pozos situados no ámbito próximo a ríos e regatos, na medida en que os ditos aproveitamentos os poidan afectar, condicionarase a concesión á non alteración do réxime de caudais que, se é o caso, se establecese. Para dito fin, o organismo de bacía poderá requirirlle ao solicitante do novo aproveitamento un estudo hidroxeolóxico xustificativo da non afección.

2. Nos casos a que se refire o número anterior, se se constata un risco probable de que a nova concesión de auga subterránea implicará unha detracción significativa de auga superficial, o organismo de bacía tramitará a concesión como un aproveitamento de augas superficiais, segundo o procedemento establecido no artigo 104 e seguintes do RDPH.

3. Para os efectos da aplicación do número anterior, e na falta de estudos específicos, considérase a existencia dunha conexión significativa río-acuífero cando o pozo se sitúe sobre a formación cuaternaria de natureza aluvial máis próxima á canle, de acordo coa cartografía xeolóxica continua de España a escala 1/50.000 (GEODE).

4. As condicións establecidas neste artigo son extensivas a aqueles aproveitamentos de menos de 7.000 metros cúbicos ao ano, recollidos no artigo 54.2 do TRLA, que, por se situaren en zona de policía das marxes, requiran autorización do organismo de bacía en aplicación do artigo 87.4 do RDPH. En caso de se situar nalgunha das áreas definidas no número anterior, denegarase a autorización de aproveitamento por considerar que detraería augas superficiais da canle, a menos que se acredite que a perforación se dirixe a un acuífero confinado profundo e que se adoptan as medidas necesarias para non detraer auga do acuífero aluvial conectado coa canle, sen prexuízo de que se poida solicitar como unha concesión ordinaria de derivación de augas superficiais.

**Sección III. Medidas para a protección contra as inundacións e as secas.**

**Artigo 37.** *Medidas de protección contra as inundacións*

Para a xestión de inundacións, sen prexuízo das disposicións regulamentarias de carácter xeral que estean en vigor, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Os criterios establecidos no Plan de xestión do risco de inundación da parte española da demarcación hidrográfica do Texo para o período 2015-2021.
- b) Os plans de xestión, en particular, o Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións (Acordo do Consello de Ministros do 29 de xullo de 2011) e a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións (Acordo do Consello de Ministros do 9 de decembro de 1994), onde se establece o contido e as funcións básicas dos plans das comunidades autónomas ante o risco de inundacións. Para tal efecto, serán aplicables, nos respectivos ámbitos territoriais, os plans de protección civil ante o risco de inundacións das comunidades autónomas de Extremadura (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 10 de xullo de 2007); de Aragón (homologado o 19 de xullo de 2006); de Castilla y León (homologado o 24 de marzo de 2010); e de Castilla-La Mancha (homologado o 24 de marzo de 2010).

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

---

**Artigo 38. Medidas de protección contra as secas**

O Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da parte española da demarcación hidrográfica do Texo, aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, acomodará o seu ciclo de revisión ao do plan hidrológico de bacía, de tal forma que se verifique que tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos da planificación hidrolóxica segundo estes se vaian actualizando nas sucesivas revisións do plan hidrológico.

**Sección IV. Réxime económico-financieiro da utilización do dominio público hidráulico.**

**Artigo 39. Recuperación do custo dos servizos da auga**

1. A recuperación do custo dos servizos públicos da auga e dos custos ambientais non internalizados terá como finalidade o fomento dun uso máis eficiente da auga e do resto de bens de dominio público hidráulico, o que contribuirá ao logro dos obxectivos de bo estado e de mellora da atención das necesidades de auga. Para tal fin, conforme o disposto no artigo 111 bis do TRLA, as autoridades con competencias na subministración de auga establecerán estruturas tarifarias por tramos de consumo, coa finalidade de poder atender as necesidades básicas a un prezo alcanzable e, ao tempo, desincentivar os consumos excesivos.

2. As administracións competentes levarán a cabo as actuacións necesarias para que o réxime económico-financieiro relativo aos usos da auga se calcule a partir da auga realmente utilizada por cada usuario, evitando a ponderación por superficies. Transitoriamente, poderanse utilizar ponderacións favorables ás superficies de rega máis eficientes, tanto polos sistemas de aplicación en parcela como pola eficiencia nas infraestruturas de transporte e distribución, ou polo grao de organización na distribución da auga.

3. As comunidades de usuarios poderán introducir nas exaccións que repercuten sobre os seus comuneiros un factor corrector do importe que se deberá satisfacer individualmente en cada caso, en función da dotación aplicada polo comuneiro en relación coa parte porcentual que lle corresponde do volume servido pola comunidade, de tal forma que os usuarios máis eficientes no uso da auga se vexan beneficiados. O factor corrector, consistente nun coeficiente que se deberá aplicar sobre o importe para liquidar, non poderá ser superior a 2 nin inferior a 0,5. Os criterios establecidos deberanse incorporar ás respectivas ordenanzas e en ningún caso repercutirá no canon total que para tal efecto sexa liquidado á comunidade de usuarios.

Capítulo VIII. Programa de medidas

**Artigo 40. Definición do programa de medidas**

O Programa de medidas deste plan está constituído polas medidas que se detallan no documento específico que forma parte do plan hidrológico. Os investimentos previstos aos distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 10, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda incorporada na parte dispositiva deste real decreto. As distintas medidas quedan agrupadas nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).

Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).
- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais para aplicar sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora do goberno (tipo 11).
- l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).
- m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
- n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
- o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).
- p) Medidas de recuperación e revisión tras inundacións (tipos 16 a 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos 1 a 10 corresponden directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga e afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; da mesma forma, as medidas dos tipos 13 a 18 corresponden coa implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación, afrontando problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de goberno afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrolóxico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, aínda non sendo medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

#### Capítulo IX. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública

##### **Artigo 41. Sistema de información**

1. O organismo de bacía elaborará e manterá un sistema de información que se utilizará, de conformidade co artigo 87 do RPH, para o seguimento e revisión do plan hidrolóxico, en especial para informar o Consello da Auga da Demarcación sobre o desenvolvemento do plan, preparar os informes requiridos pola Comisión Europea e facilitar a información e participación cidadá no proceso de planificación.
2. O contido do sistema de información porase á disposición do público a través dos puntos de contacto da consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan e será actualizado periodicamente, con periodicidade, polo menos, anual.
3. Os documentos que conforman o Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Texo apóianse no sistema de información alfanumérico e xeoespacial dispoñible en [www.chtajo.es](http://www.chtajo.es), que é administrado pola Confederación Hidrográfica do Texo nos termos previstos na presente normativa.

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

**Artigo 42. Participación pública**

1. No anexo sobre participación pública da memoria do plan hidrológico descríbense a organización e o procedemento aplicados, conforme o previsto no artigo 72 do RPH, para facer efectiva a participación pública no proceso de elaboración do presente plan hidrológico.
2. O organismo de bacía coordinará os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrológico.

**Artigo 43. Autoridades competentes**

A Confederación Hidrográfica do Texo manterá actualizada e porá á disposición do público, a través da súa páxina web ([www.chtajo.es](http://www.chtajo.es)), a composición do Comité de Autoridades Competentes da parte española da demarcación hidrográfica do Texo, a medida que conforme o indicado no Real decreto 126/2007 se puidesen ir producindo cambios na composición ou designación dos membros do citado comité.

Capítulo X. Seguimento do plan hidrológico

**Artigo 44. Seguimento do plan hidrológico**

1. Xunto coa documentación que, conforme o artigo 87.4 do RPH, se debe someter á consideración do Consello da Auga da Demarcación, deberase incluír a táboa de indicadores de seguimento que figura no apéndice 11.
2. Adicionalmente ao previsto no parágrafo anterior, informarase sobre a evolución dos traballos de completado da definición dos réximes de caudais ecolóxicos previstos no artigo 9.5.

---

Anexo V. Plan hidrológico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

**Apéndices á normativa:**

1. Sistemas de explotación
2. Masas de auga superficial
3. Masas de auga subterránea
4. Caudais ecolóxicos
5. Recursos dispoñibles nas masas de auga subterránea
6. Asignación de recursos
7. Reservas naturais fluviais
8. Obxectivos ambientais
9. Dotacións
10. Programa de medidas
11. Requisitos adicionais de publicidade (artigo 26, Lei 21/2013).

Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

## APÉNDICE 1. SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN

### Apéndice 1.1. Definición dos sistemas de explotación.

NOME DO SISTEMA DE EXPLOTACIÓN	DESCRIPCIÓN
Sistema de explotación único	Corresponde á totalidade da parte española da bacía do Texo. Engloba o resto dos sistemas de explotación.
Sistema integrado da bacía alta (SIBA)	Corresponde á totalidade da bacía do Texo augas arriba do encoro de Azután. Engloba os sistemas de explotación cabeceira, Tajuña, Henares, Jarama-Guadarrama, Alberche e Texo esquerda, que se integran nun sistema conxunto para os efectos establecidos no Regulamento de planificación hidrolóxica por ter interrelacionados, entre outros aspectos, a asignación e reserva de recursos para distintos usos e demandas, sen prexuízo da súa análise individualizada para a consecución dos obxectivos de cada masa de auga.
Sistema cabeceira	Comprende a totalidade da bacía do río Texo augas arriba de Aranjuez, xusto antes da confluencia do río Jarama.
Sistema Tajuña	Comprende a totalidade da bacía do río Tajuña ata a súa desembocadura no río Jarama.
Sistema Henares	Comprende a totalidade da bacía do río Henares ata a súa desembocadura no río Jarama.
Sistema Jarama-Guadarrama	Comprende a totalidade das bacías dos ríos Jarama e Guadarrama ata a súa desembocadura no río Texo, menos a extensión dos sistemas de explotación Tajuña e Henares.
Sistema Alberche	Comprende a totalidade da bacía do río Alberche ata a súa desembocadura no río Texo.
Sistema Texo esquerda	Comprende a bacía do río Texo augas arriba do encoro de Azután, menos a extensión dos sistemas de explotación cabeceira, Tajuña, Henares, Jarama-Guadarrama e Alberche.
Sistema Tiétar	Comprende a totalidade da bacía do río Tiétar ata a súa desembocadura no río Texo.
Sistema Árrago	Comprende a totalidade da bacía do río Árrago ata a súa desembocadura no río Alagón.
Sistema Alagón	Comprende a totalidade da bacía do río Alagón ata a súa desembocadura no río Texo, menos a extensión do sistema de explotación Árrago.
Sistema baixo Texo	Comprende a totalidade da parte española da bacía do Texo menos a extensión dos sistemas de explotación cabeceira, Tajuña, Henares, Jarama-Guadarrama, Alberche, Texo esquerda, Tiétar, Árrago e Alagón.

A representación cartográfica dos sistemas de explotación encóntrase dispoñible na páxina web da Confederación Hidrográfica do Texo ([www.chtajo.es](http://www.chtajo.es)), a través do servizo de información xeográfica.

## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

## Apéndice 1.2. Relación das masas de auga subterránea cos sistemas de explotación.

	SISTEMA DE EXPLOTACIÓN ÚNICO									
	SISTEMA INTEGRADO DA BACÍA ALTA (SIBA)						TIÉTAR	ALAGÓN	ÁRRAGO	BAIXO TEXO
	CABECEIRA	TAJUÑA	HENARES	JARAMA-GUADARRAMA	ALBERCHE	TEXO ESQUERDA				
ES030MSBT030.001 Cabeceira do Bornova										
ES030MSBT030.002 Sigüenza-Maranchón										
ES030MSBT030.003 Tajuña-Montes Universales										
ES030MSBT030.004 Torrelaguna										
ES030MSBT030.005 Jadraque										
ES030MSBT030.006 Guadalajara										
ES030MSBT030.007 Aluviais Jarama-Tajuña										
ES030MSBT030.008 La Alcarria										
ES030MSBT030.009 Molina de Aragón										
ES030MSBT030.010 Madrid: Manzanares-Jarama										
ES030MSBT030.011 Madrid: Guadarrama-Manzanares										
ES030MSBT030.012 Madrid: Aldea del Fresno-Guadarrama										
ES030MSBT030.013 Aluvial do Texo: Zorita de los Canes-Aranjuez										
ES030MSBT030.014 Entrepeñas										
ES030MSBT030.015 Talavera										
ES030MSBT030.016 Aluvial do Texo: Toledo-Montearagón										
ES030MSBT030.017 Aluvial do Texo: Aranjuez-Toledo										
ES030MSBT030.018 Ocaña										
ES030MSBT030.019 Moraleja										
ES030MSBT030.020 Zarza de Granadilla										
ES030MSBT030.021 Galisteo										
ES030MSBT030.022 Tiétar										
ES030MSBT030.023 Talaván										
ES030MSBT030.024 Aluvial do Jarama: Guadalajara-Madrid										

## APÉNDICE 2. MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 2.1. Tipoloxías de masas de auga superficial.

Código tipo	Antigo código CHT	Categoría e natureza	Denominación do tipo	N.º de masas
R-T01	101	Río natural	Ríos de chairas silíceas do Texo e Guadiana	32
R-T05	105	Río natural	Ríos manchegos	1
R-T08	108	Río natural	Ríos de baixa montaña mediterránea silícea	29
R-T11	111	Río natural	Ríos de montaña mediterránea silícea	36
R-T12	112	Río natural	Ríos de montaña mediterránea calcaria	52
R-T13	113	Río natural	Ríos mediterráneos moi mineralizados	3
R-T15	115	Río natural	Eixes mediterráneo-continentais pouco mineralizados	9
R-T16	116	Río natural	Eixes mediterráneo-continentais mineralizados	7
R-T24	124	Río natural	Gargantas de Gredos-Béjar	22
L-T03	253	Lago natural	Alta montaña setentrional, pouco profundo, augas ácidas	2
L-T05	255	Lago natural	Alta montaña setentrional, temporal	1
L-T10	260	Lago natural	Cárstico, calcario, permanente, hipoxénico	2
L-T12	262	Lago natural	Cárstico, calcario, permanente, peche travertínico	1
L-T17	267	Lago natural	Interior en bacía de sedimentación, mineralización baixa, temporal	1



## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

Código tipo	Antigo código CHT	Categoría e natureza	Denominación do tipo	N.º de masas
L-T01	601	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	18
L-T01	601	Lago artificial (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	3
L-T03	603	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos da rede principal	4
L-T04	604	Lago artificial (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas non húmidas, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	5
L-T04	604	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas non húmidas, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	7
L-T05	605	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas non húmidas, pertencentes a ríos da rede principal	5
L-T06	606	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, silíceo de zonas non húmidas, pertencentes a tramos baixos dos eixes principais	2
L-T07	607	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	6
L-T10	610	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, calcario de zonas non húmidas, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	3
L-T10	610	Lago artificial (encoro)	Monomíctico, calcario de zonas non húmidas, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	1
L-T11	611	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, calcario de zonas non húmidas, pertencentes a ríos da rede principal	9
L-T12	612	Río moi modificado (encoro)	Monomíctico, calcario de zonas non húmidas, pertencentes a tramos baixos dos ríos principais	4
R-T01-HM	619	Río moi modificado	Ríos de chairas silíceas do Texo e Guadiana. Moi modificados	9
R-T05-HM	620	Río moi modificado	Ríos manchegos. Moi modificados	3
R-T08-HM	621	Río moi modificado	Ríos de baixa montaña mediterránea silíceas. Moi modificados	1
R-T11-HM	622	Río moi modificado	Ríos de montaña mediterránea silíceas. Moi modificados	11
R-T12-HM	623	Río moi modificado	Ríos de montaña mediterránea calcárea. Moi modificados	3
R-T15-HM	624	Río moi modificado	Eixes mediterráneo-continentais pouco mineralizados. Moi modificados	17
R-T16-HM	625	Río moi modificado	Eixes mediterráneo-continentais mineralizados. Moi modificados	6
R-T17-HM	626	Río moi modificado	Grandes eixes en ambiente mediterráneo. Moi modificados	7
Canle AR (R-T17-AR)	627	Río artificial (canle)	Canle artificial en terra (grandes eixes en ambiente mediterráneo. Artificiais)	1

## Apéndice 2.2. Masas de auga superficial naturais

## Apéndice 2.2.1. Masas de auga superficial naturais categoría río.

CÓDIGO MASA DE AUGA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPO	LONXITUDE (km)	COORDENADA X CENTROIDE (ETRS89)	COORDENADA Y CENTROIDE (ETRS89)
ES030MSPF0111010	Río Texo desde r. Ablanquejo ata e. de Entrepeñas	R-T16	36,7	544817,83	4506352,99
ES030MSPF0112010	Río Texo desde regato de La Fuente ata r. Ablanquejo	R-T16	20,6	562777,66	4515649,31
ES030MSPF0113010	Río Texo desde confluencia r. Gallo ata regato Fuente	R-T12	2,5	570840,16	4516699,48
ES030MSPF0114010	Río Texo desde Peralejos de las Truchas ata r. Gallo	R-T12	52,7	579892,95	4506395,59
ES030MSPF0115010	Río Texo desde nacemento ata Peralejos de las Truchas	R-T12	131,6	601515,91	4472639,75
ES030MSPF0116010	Regato Salado ata a súa confluencia con r. Texo	R-T13	19,1	495307,50	4439022,07

## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

CÓDIGO MASA DE AUGA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPO	LONXITUDE (km)	COORDENADA X CENTROIDE (ETRS89)	COORDENADA Y CENTROIDE (ETRS89)
ES030MSPF0117010	Río Calvache ata a súa confluencia con r. Texo	R-T12	22,0	501391,37	4441453,51
ES030MSPF0118010	Regato de La Vega ata r. Texo	R-T12	14,7	509045,44	4474609,27
ES030MSPF0119010	R. de Ompolveda ata e. Entrepeñas	R-T12	9,0	532483,07	4488878,41
ES030MSPF0120010	R. de La Solana ata e. Entrepeñas	R-T12	18,3	536388,04	4499549,70
ES030MSPF0121010	Barranco Grande ata o e. Entrepeñas	R-T12	4,7	526003,86	4503260,08
ES030MSPF0122010	Río Cifuentes ata desembocadura no río Texo	R-T12	11,7	532533,96	4507713,78
ES030MSPF0123010	Regato de El Estrecho ata a súa desembocadura no río Texo	R-T12	12,9	538245,91	4510982,91
ES030MSPF0124010	Regato de Villanueva ata desembocadura no río Texo	R-T12	56,5	556720,36	4502519,52
ES030MSPF0125010	Barranco de La Hoz ata desembocadura no río Texo	R-T12	8,9	549376,43	4515396,47
ES030MSPF0126010	Río Ablanquejo ata a súa desembocadura no río Texo	R-T12	71,2	561557,46	4522670,37
ES030MSPF0127010	Río Gallo desde Corduente ata río Texo	R-T12	66,2	582009,46	4515802,77
ES030MSPF0128010	Río Gallo desde o seu nacemento ata Corduente	R-T12	146,9	602274,77	4512241,73
ES030MSPF0129010	Río Cabrillas ata a súa desembocadura no río Texo	R-T12	52,6	593914,60	4498429,55
ES030MSPF0132010	Río Guadiela desde r. Escabas ata e. Buendía	R-T12	5,2	550593,90	4478215,59
ES030MSPF0133010	Río Guadiela desde r. Alcantud ata r. Escabas	R-T12	40,2	554410,43	4482462,95
ES030MSPF0134010	Río Guadiela desde e. Molino de Chinchá ata r. Alcantud	R-T12	60,3	564247,31	4483906,47
ES030MSPF0135010	Río Guadiela desde nacemento ata e. Molino de Chinchá	R-T12	35,4	575498,83	4491097,34
ES030MSPF0136010	Río Jabalera ata e. Bolarque	R-T12	17,8	517939,29	4459937,89
ES030MSPF0137010	Río Mayor desde o seu nacemento ata e. Buendía	R-T12	30,7	533458,09	4442981,95
ES030MSPF0138010	Río Guadamajud ata e. Buendía	R-T12	23,9	539132,07	4456653,38
ES030MSPF0139010	Regato de La Vega ata e. Buendía	R-T12	5,0	530641,46	4472540,57
ES030MSPF0140010	Río Garigay ata e. de Buendía	R-T12	11,4	540336,46	4485003,09
ES030MSPF0141010	Río Viejo e r. de Mierdanchel ata e. Buendía	R-T12	12,8	545283,87	4469381,47
ES030MSPF0142010	Río Escabas desde r. Trabaque ata r. Guadiela	R-T12	6,5	553673,65	4479290,86
ES030MSPF0143010	Río Escabas desde o seu nacemento ata r. Trabaque	R-T12	88,3	575478,39	4476255,34
ES030MSPF0144010	Río Trabaque desde o seu nacemento ata r. Escabas	R-T12	44,6	564660,78	4468399,20
ES030MSPF0145011	Río Cuervo augas abaixo do e. de La Tosca	R-T12	12,5	575241,69	4485277,95
ES030MSPF0147010	Río Cuervo ata o e. La Tosca	R-T12	43,2	587907,93	4478095,95
ES030MSPF0201010	Río Tajuña desde r. Ungría ata r. Jarama	R-T12	142,4	476662,47	4454871,23
ES030MSPF0202011	Río Tajuña desde e. Tajera ata r. Ungría	R-T12	74,3	515123,79	4514757,22
ES030MSPF0204010	Río Tajuña ata e. de La Tajera	R-T12	86,0	551893,38	4541462,02
ES030MSPF0205010	Río Ungría ata a súa confluencia con r. Tajuña	R-T12	44,3	500976,84	4501886,90
ES030MSPF0206010	Río San Andrés ata r. Tajuña	R-T12	12,9	503897,09	4492751,70
ES030MSPF0207010	Barranco de El Reato ata o e. La Tajera	R-T12	10,3	531537,58	4526955,08
ES030MSPF0301010	Río Henares desde río Torote ata río Jarama	R-T16	12,7	461070,36	4476486,17
ES030MSPF0302010	Río Henares desde regato de El Sotillo ata río Torote	R-T16	40,0	474893,68	4485020,64
ES030MSPF0303010	Río Henares desde río Badiel ata regato de El Sotillo	R-T16	18,5	487041,10	4508918,82

## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

CÓDIGO MASA DE AUGA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPO	LONXITUDE (km)	COORDENADA X CENTROIDE (ETRS89)	COORDENADA Y CENTROIDE (ETRS89)
ES030MSPF0304010	Río Henares desde canle de Henares ata río Badiel	R-T16	5,2	488853,17	4514557,44
ES030MSPF0305010	Río Henares desde río Sorbe ata canle de Henares.	R-T16	4,8	489598,50	4519041,02
ES030MSPF0306010	Río Henares desde río Bornova ata río Sorbe	R-T12	24,4	495403,87	4528450,47
ES030MSPF0307010	Río Henares desde río Cañamares ata río Bornova	R-T12	11,9	503910,82	4530432,24
ES030MSPF0308010	Río Henares desde regato de La Vega ata r. Cañamares	R-T12	12,2	509965,83	4532766,74
ES030MSPF0310010	Río Henares ata confluencia con río Salado	R-T12	26,9	526111,49	4542858,57
ES030MSPF0311010	Río Torote ata r. Henares	R-T12	45,5	468004,17	4498840,36
ES030MSPF0312010	Regato de Camarmilla ata r. Henares	R-T12	16,3	468396,53	4489535,28
ES030MSPF0313010	Regato de Las Dueñas ata a súa confluencia no Henares	R-T12	12,9	482899,74	4507286,24
ES030MSPF0314010	Regato de El Majanar ata a súa confluencia no Henares	R-T12	5,1	486682,22	4512624,90
ES030MSPF0315010	Río Badiel ata a súa confluencia co río Henares	R-T12	34,6	503142,23	4519196,68
ES030MSPF0316011	Río Sorbe desde e. de Beleña ata río Henares.	R-T11	16,8	486310,48	4522433,02
ES030MSPF0318010	Río Sorbe ata e. Beleña	R-T11	95,0	476003,70	4557080,03
ES030MSPF0319010	Regato de La Dehesa ata río Sorbe	R-T12	23,2	483749,59	4564956,34
ES030MSPF0320011	Río Bornova desde e. Alcorlo ata río Henares	R-T12	17,2	500349,24	4537390,01
ES030MSPF0322010	Río Bornova ata e. de Alcorlo	R-T11	74,9	494825,84	4560146,55
ES030MSPF0323011	Río Cañamares desde e. Pálmaces ata río Henares	R-T12	14,6	504901,87	4538368,50
ES030MSPF0325010	Río Cañamares ata e. Pálmaces	R-T12	26,5	506316,02	4556000,47
ES030MSPF0326010	Regato de La Vega ata confluencia con río Henares	R-T12	43,0	526446,96	4538383,78
ES030MSPF0329010	Río Salado ata e. de El Atance	R-T13	30,5	519180,76	4553859,25
ES030MSPF0401010	Río Guadarrama desde Bargas ata r. Texo	R-T15	26,2	405570,04	4423144,57
ES030MSPF0402010	Río Guadarrama desde r. Aulencia ata Bargas	R-T15	64,5	418231,47	4446988,14
ES030MSPF0403010	R. Guadarrama desde Galapagar ata r. Batán	R-T11	26,2	418685,92	4491519,36
ES030MSPF0405010	Río Guadarrama desde r. Navalmedio ata regato Loco	R-T11	26,8	410303,95	4499630,44
ES030MSPF0406010	R. de Renales ata r. Guadarrama	R-T01	15,9	402949,69	4427378,70
ES030MSPF0412010	Regato de El Batán ata e. Valmayor	R-T11	9,5	404960,92	4492620,33
ES030MSPF0414011	Regato de La Jarosa desde e. de La Jarosa	R-T11	8,2	408451,37	4500550,27
ES030MSPF0419010	Río Jarama desde río Henares ata e. de El Rey	R-T15	19,1	457540,72	4463228,92
ES030MSPF0426010	Ríos Jarama ata e. El Vado	R-T11	86,2	465297,34	4547893,99
ES030MSPF0432010	Río Manzanares ata o encoro de Santillana	R-T11	13,4	423284,41	4513609,24
ES030MSPF0436010	Regato de La Trofa	R-T01	20,6	429733,51	4484184,47
ES030MSPF0439010	Regato de Pantueña ata o r. Jarama	R-T12	17,0	465535,46	4472686,53
ES030MSPF0450010	Río Lozoya ata e. Pinilla.	R-T11	37,6	425787,06	4524538,01
ES030MSPF0451010	Ríos Riato e de La Puebla ata o e. Atazar	R-T11	21,4	460449,74	4535744,37
ES030MSPF0452010	Río Madarquillos ata e. Puentes Viejas	R-T11	14,8	450103,75	4546403,43
ES030MSPF0453010	Regato de Canencia ata a súa confluencia co Lozoya	R-T11	7,9	436545,03	4527697,60
ES030MSPF0454010	Regato de Vallosera ata e. Vado	R-T11	11,6	468591,45	4541805,01

## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

CÓDIGO MASA DE AUGA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPO	LONXITUDE (km)	COORDENADA X CENTROIDE (ETRS89)	COORDENADA Y CENTROIDE (ETRS89)
ES030MSPF0512010	Río Alberche desde gta. Royal ata o e. de El Burguillo	R-T15	7,8	354732,50	4474351,96
ES030MSPF0513010	Río Alberche desde r. Piquillo ata gta. Royal	R-T11	44,2	340065,50	4472805,98
ES030MSPF0514010	Río Alberche ata o río Piquillo	R-T11	42,3	321153,42	4478667,04
ES030MSPF0515010	R. de Marigarcía ata r. Alberche	R-T01	17,6	372369,32	4431421,38
ES030MSPF0516010	R. de El Molinillo ata r. Alberche	R-T01	16,1	377532,47	4435468,79
ES030MSPF0517010	R. Tordillos ata r. Alberche	R-T08	34,6	378861,31	4454241,83
ES030MSPF0518010	Río Perales ata r. Alberche	R-T08	17,4	401868,78	4467734,64
ES030MSPF0519010	Cabeceira do río Perales e afluentes	R-T08	37,1	405626,56	4482490,56
ES030MSPF0520010	Río Cofio desde r. Sotillo ata e. San Juan	R-T11	5,6	387076,15	4475522,43
ES030MSPF0521010	Río Cofio desde río de Las Herreras ata r. Sotillo	R-T11	52,4	390861,93	4482783,82
ES030MSPF0522011	Río de La Aceña desde e. de La Aceña ata r. Cofio	R-T11	11,4	394791,41	4492337,55
ES030MSPF0524010	Río Sotillo ata confluencia con r. Becedas	R-T11	31,6	384254,40	4477495,35
ES030MSPF0525010	Río Becedas ata r. Sotillo	R-T11	43,8	378883,80	4480371,64
ES030MSPF0526010	Río da Gaznata ata o e. Burguillo	R-T11	16,6	367733,97	4481391,39
ES030MSPF0527010	Garganta de Iruelas e outros ata e. de Burguillo	R-T11	4,5	366745,60	4470459,66
ES030MSPF0528010	Regato de Arredondo ata e. Burguillo	R-T11	6,8	361303,04	4478983,13
ES030MSPF0529010	R. de Chiquillo ata a súa confluencia co río Alberche	R-T11	22,3	342552,33	4477215,43
ES030MSPF0609010	R. Uso desde r. de San Vicente ata e. de Azután	R-T08	47,1	326578,16	4379439,01
ES030MSPF0610011	R. Gévalo desde r. de Baldedillo ata e. Azután	R-T08	23,0	337447,27	4410182,74
ES030MSPF0612010	Río Gévalo ata e. Gévalo	R-T08	27,3	340838,16	4383266,32
ES030MSPF0613010	Río Sangrera e Fresnedoso ata a súa confluencia co Texo	R-T08	45,5	350701,60	4412900,51
ES030MSPF0614010	R. Pusa desde e. Pusa	R-T08	47,4	358347,68	4409325,96
ES030MSPF0615010	R. Pusa ata e. Pusa	R-T08	21,1	352869,79	4386016,05
ES030MSPF0616010	Río Cedena ata a súa confluencia co Texo	R-T08	40,4	368176,83	4413652,98
ES030MSPF0617011	R. de El Torcón desde e. de El Torcón ata r. Texo	R-T08	28,0	379553,46	4394180,97
ES030MSPF0619010	Regato de Las Cuevas ata r. Texo	R-T08	12,3	383699,49	4401273,71
ES030MSPF0626010	R. Algodor desde r. Bracea ata e. Finisterre	R-T05	38,9	428769,29	4368901,62
ES030MSPF0627010	R. Martín Román ata confluencia con r. Texo	R-T13	110,4	457814,12	4406410,54
ES030MSPF0705010	R. Tiétar desde r. Guadyervas ata e. Rosarito	R-T15	4,1	312267,11	4439255,50
ES030MSPF0706010	R. Tiétar desde r. Herradón ata r. Guadyervas	R-T15	37,7	326896,37	4447172,63
ES030MSPF0707010	Río Tiétar desde r. de El Cuadro ata r. de El Herradón	R-T08	24,0	345585,98	4454801,84
ES030MSPF0708010	Garganta de El Pajarerero e r. Tiétar desde a Garganta	R-T08	72,3	359728,41	4459204,50
ES030MSPF0709010	Regato Calzones e outros ata e. Torrejón-Tiétar	R-T01	41,0	241358,80	4424877,13
ES030MSPF0710010	R. Porquerizo desde r. de El Puente Mocho ata r. Tiétar	R-T01	19,6	258188,83	4420288,50
ES030MSPF0711010	R. de La Gargüera ata r. Tiétar	R-T24	38,2	252727,47	4426566,65
ES030MSPF0712010	Garganta Jaranda	R-T24	27,9	270958,70	4437693,46
ES030MSPF0713010	Ggts. Mayor, San Gregario e Cascarones	R-T24	29,3	266921,00	4439963,11

## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

CÓDIGO MASA DE AUGA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPO	LONXITUDE (km)	COORDENADA X CENTROIDE (ETRS89)	COORDENADA Y CENTROIDE (ETRS89)
ES030MSPF0714010	R. de Casas e r. de Don Blasco e Quebradas de los Trigales	R-T01	29,8	275743,75	4425017,56
ES030MSPF0715010	Regato de El Monte ata r. Tiétar	R-T24	7,3	277576,09	4434068,89
ES030MSPF0716010	R. de Santa María desde r. de Fresnedoso ata r. Tiétar	R-T01	8,6	280884,10	4431224,39
ES030MSPF0717010	R. de Toril e afluentes ata regato de Santa María	R-T01	45,8	290900,29	4423348,68
ES030MSPF0718010	R. de Fresnedoso e afluentes ata regato de Santa María	R-T01	95,7	297557,50	4424412,94
ES030MSPF0719010	Garganta de Cuartos ata r. Tiétar	R-T24	26,8	280090,08	4442556,61
ES030MSPF0720010	Río Moros ata o r. Tiétar	R-T24	9,2	284276,80	4440457,13
ES030MSPF0721010	Regato Carcaboso ata o R. Tiétar	R-T01	6,6	287197,48	4434796,54
ES030MSPF0722010	Garganta de Gualtaminos ata r. Tiétar	R-T24	11,4	290616,69	4443211,42
ES030MSPF0723010	R. de El Molinillo e outros ata r. Tiétar	R-T01	117,4	316091,75	4428236,07
ES030MSPF0724010	Garganta de Minchones ata r. Tiétar	R-T24	21,7	293616,59	4448727,19
ES030MSPF0725010	Garganta de Chilla e Garganta de Alardos ata Tiétar	R-T24	40,3	300486,68	4444363,64
ES030MSPF0726010	Garganta de Santa María ata e. Rosarito	R-T24	18,9	309867,74	4452148,00
ES030MSPF0727010	R. Arbillas ata e. Rosarito	R-T24	30,5	314166,95	4444954,87
ES030MSPF0728011	R. Guadyervas desde e. Navalcán ata r. Tiétar	R-T01	7,1	315202,58	4436578,73
ES030MSPF0730010	R. Guadyervas desde r. de la Concha ata e. Navalcán	R-T01	80,4	335934,67	4435735,48
ES030MSPF0731010	R. Arenal desde r. de Cantos ata r. Tiétar	R-T24	41,8	320221,03	4452292,65
ES030MSPF0732010	R. de Ramacastañas	R-T24	13,6	326382,20	4451284,09
ES030MSPF0733010	Garganta de Lanzahíta	R-T24	13,9	334547,85	4451514,29
ES030MSPF0734010	Garganta de Las Torres ata r. Tiétar	R-T24	20,4	342682,89	4454153,99
ES030MSPF0735010	Ggta. Torinas desde r. de La Tejada ata r. Tiétar	R-T08	18,9	352761,89	4451987,55
ES030MSPF0736010	R. de La Aliseda ata Garganta Torinas	R-T08	5,2	349365,36	4449940,49
ES030MSPF0804010	Río Árrago ata e. Borbollón	R-T11	24,3	201780,53	4455982,29
ES030MSPF0807010	Rivera de Gata ata e. Rivera de Gata	R-T11	16,6	191755,89	4458642,33
ES030MSPF0808010	Rivera del Acebo ata e. Rivera de Gata	R-T11	13,3	185855,77	4453158,73
ES030MSPF0809010	Regato de Patana e outros ata r. Árrago	R-T01	22,6	195751,23	4438936,99
ES030MSPF0810010	Río Traigas ata r. Árrago	R-T11	18,1	206168,72	4455581,62
ES030MSPF0901010	R. Alagón desde r. Jerte ata e. Alcántara.	R-T15	29,4	208291,43	4428165,24
ES030MSPF0906010	R. Alagón desde r. de El Puenteillo ata e. Gabriel y Galán	R-T24	99,4	254452,38	4479195,24
ES030MSPF0907010	Regato Grande ata r. Alagón	R-T01	15,5	208391,28	4431572,75
ES030MSPF0908010	Regato Encín ata r. Alagón	R-T01	7,2	207124,86	4428052,23
ES030MSPF0909010	Rivera de Hoguera ata r. Alagón	R-T01	8,6	212565,79	4425841,11
ES030MSPF0910010	Regato de El Boquerón del Rivero augas abaixo do encoro de El Boquerón	R-T01	9,8	217393,41	4424442,37
ES030MSPF0911010	Regato de El Boquerón del Rivero ata o encoro de El Boquerón	R-T01	6,2	220858,29	4422260,69
ES030MSPF0912010	Regato de Las Monjas ata r. Alagón	R-T01	12,1	222243,89	4427414,49
ES030MSPF0913010	R. Jerte desde gta. Oliva ata r. Alagón.	R-T15	24,4	225951,64	4437225,95
ES030MSPF0916010	R. Jerte desde gta. de El Infierno ata e. Jerte-Plasencia	R-T15	23,3	255206,47	4448273,88
ES030MSPF0917010	Cabeceira de El Jerte e garganta de Los Infiernos	R-T24	33,9	268034,85	4452545,74
ES030MSPF0918010	Garganta de Oliva e outros ata r. Jerte	R-T01	16,0	236173,13	4442459,90
ES030MSPF0919010	Rvra. del Bronco e regato de Los Jarales ata r. Alagón	R-T01	33,3	218104,77	4457049,71
ES030MSPF0920010	R. Ambroz e outros ata e. Valdeobispo	R-T24	82,9	247592,04	4461268,59

## Anexo V. Plan hidrolóxico da parte española da DH do TEXO (2015-2021)

CÓDIGO MASA DE AUGA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPO	LONXITUDE (km)	COORDENADA X CENTROIDE (ETRS89)	COORDENADA Y CENTROIDE (ETRS89)
ES030MSPF0921010	R. Los Ángeles desde r. Esperaban ata e. Gabriel y Galán	R-T11	48,5	216871,23	4466218,99
ES030MSPF0922010	R. Hurdano desde r. Malvellido ata e. Gabriel y Galán	R-T11	36,3	225234,97	4477925,62
ES030MSPF0923010	R. Ladrillar ata o e. Gabriel y Galán	R-T11	34,4	231030,87	4481352,92
ES030MSPF0924010	R. Cuerpo de Hombre tramo piscícola	R-T24	24,3	249720,95	4470881,36
ES030MSPF0925010	R. Cuerpo de Hombre ao seu paso por Béjar	R-T24	24,5	263155,73	4474407,72
ES030MSPF0926010	R. Cuerpo de Hombre augas arriba de Béjar	R-T24	5,3	265539,72	4471694,39
ES030MSPF0927010	R. Francia desde r. de El Caserito	R-T24	25,7	240140,66	4489624,19
ES030MSPF1006010	R. Erjas desde pto. Frontera ata e. Cedillo	R-T08	14,3	157841,79	4404627,67
ES030MSPF1007010	R. Erjas medio entre ptos. fronteira (PT05TEJO864)	R-T08	44,0	164308,28	4419353,19
ES030MSPF1008010	R. Erjas entre ptos. fronteira (PT05TEJO786)	R-T11	14,9	162758,15	4447853,41
ES030MSPF1009010	R. Erjas cabeceira (PT05TEJO779)	R-T11	9,3	158473,98	4449346,91
ES030MSPF1010010	Rivera Trevejana ata r. Erjas	R-T11	27,1	171588,46	4449264,03
ES030MSPF1011010	R. de La Vega ata r. Erjas	R-T11	60,0	168123,80	4454903,69
ES030MSPF1016010	R. de La Vid ata e. Alcántara	R-T01	41,3	251196,52	4400478,96
ES030MSPF1017010	Regato de Barbaón e outros ata e. Alcántara	R-T01	37,6	234482,89	4419722,43
ES030MSPF1019010	Garganta de Descuernacabras ata e. de Torrejón-Texo	R-T08	14,1	277181,58	4401021,38
ES030MSPF1020010	R. Ibor desde r. Pinarejo	R-T08	66,1	292004,39	4378645,87
ES030MSPF1021010	R. Gualija ata e. Valdecañas	R-T08	55,5	299772,84	4384288,87
ES030MSPF1022010	R. Salor desde r. Ayuela ata e. Cedillo	R-T01	161,2	170170,86	4375100,25
ES030MSPF1023011	R. Salor desde e. Salor ata r. Ayuela	R-T01	28,1	203642,64	4365981,25
ES030MSPF1025010	R. Ayuela desde e. de Ayuela ata r. Salor e regato de Santiago	R-T01	41,0	204369,92	4358087,52
ES030MSPF1028010	Río Sever desde pto. fronteirizo a e. Cedillo. PT05TEJO0905	R-T08	9,0	116563,76	4389939,12
ES030MSPF1029010	R. Sever de cabeceira a punto fronteirizo. PT05TEJO0918	R-T08	28,7	124792,37	4379320,71
ES030MSPF1030010	R. Alburrel desde Rivera Avid ata r. Sever	R-T08	17,5	127606,79	4385672,41
Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais, tanto en masas de auga superficial como subterránea, é menor que nas alt. 1 e 2.</li> <li>• Pérdese a oportunidade de traballar de forma conxunta fronte ao risco de inundación e incumprírase a normativa europea.</li> </ul>
Alt. 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata o 82,41% en 2021 e 83,79% en 2027.</li> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea aumenta ata o 40%.</li> <li>• Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>• Inténtase reducir ao máximo o risco de inundación, coa conseguinte minimización de danos futuros.</li> <li>• O número de actuacións integradas na revisión do PHC provenientes do borrador do PXRI é maior que na alt. 0 e igual á alt 2.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A porcentaxe de unidades de demanda agraria que non cumpre os criterios de garantía é maior que na alt. 2.</li> <li>• Elevadas necesidades investidoras e peor axuste ao contexto económico.</li> <li>• Posibles problemas de coordinación cos obxectivos da Directiva marco da auga.</li> <li>• Rexeitamento social e perda de valores ambientais dos ecosistemas asociados.</li> </ul>
Alt. 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata o 71,38% en 2021 e 83,79% en 2027.</li> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea aumenta ata o 40%.</li> <li>• Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>• A porcentaxe de unidades de demanda agraria que non cumpre os criterios de garantía é menor que nas alt. 0 e 1.</li> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> <li>• Redución xeral do risco de inundación de forma sustentable e custo eficiente.</li> <li>• O número de actuacións integradas na revisión do PHC provenientes do borrador do PXRI é maior que na alt. 0 e igual á alt. 1.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai menos actuacións de depuración de augas residuais.</li> </ul>

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que as alternativas 0 e 2.

Anexo VI. Plan hidrolóxico da parte española da DH do GUADIANA (2015-2021)

Aínda que a alternativa 2 propón medidas que melloran a situación actual das masas de auga, é a máis longo prazo (2027) que a alternativa 1. Porén, a alternativa 1 consegue, a curto prazo (2021), o cumprimento dos obxectivos ambientais nun número maior de masas de auga. Por iso, a alternativa 1 resulta ser a **alternativa seleccionada**.

Suposta a aplicación efectiva do programa de medidas en cada un dos horizontes (2016-2021 e 2022-2027), presumiuse que todas as medidas se executan no primeiro ano de horizonte temporal (2016 e 2022) e que son totalmente eficaces en calquera tipo de masa de auga.

Tras a revisión do programa de medidas propóñense medidas adicionais que completan esa alternativa 1 e que melloran o cumprimento dos obxectivos ambientais.

**V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa**

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se formulou inicialmente no documento de referencia e que se concretou no estudo ambiental estratéxico, que se inclúe a seguir.

Como consecuencia de todo iso, a Confederación Hidrográfica do Guadiana informará con periodicidade non superior ao ano o Consello da Auga da Demarcación e o ministerio que posúa as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e en calquera caso, antes do final de 2018), presentárase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.





Anexo VI. Plan hidrolóxico da parte española da DH do GUADIANA (2015-2021)

COMPONENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	% de masas de auga río clasificadas como HMWB	PHG	23,5%									
	% de masas de auga lago clasificadas como HMWB	PHG	2%									
	% de masas de auga afectadas por especies exóticas invasoras	PHG	41,4%									
PATRIMONIO XEOLÓXICO SOLO E PAISAXE	Superficie de solo con risco moi alto de desertificación (ha)	PANG	30.579									
	Superficie de solo urbano (ha)	<i>Magrama</i>	-									
	Número de masas de auga afectadas por presións significativas	PHG	211 (2011)					83				
AUGA	% de masas de auga afectadas por presións significativas	PHG	63% (2011)							19%		
	Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHG	12									
	% de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHG	60%									
POBOACIÓN SAUDE HUMANA	Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHG	70%									
	Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHG	98 (2011)							199		
	% de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHG	31,31% (2011)							73,70%		







---

Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

## ANEXO VII

DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA  
DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO GUADALQUIVIR

## DISPOSICIONES NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO GUADALQUIVIR

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrológico*

1. O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Guadalquivir é o definido polo artigo 2.1 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

2. Para os efectos da avaliación de recursos superficiais e outros fins, a demarcación dividiuse nas vinte e cinco (25) subzonas que quedan definidas no apéndice 1.1. Os recursos hidráulicos naturais medios, cuxa xestión é obxecto do presente plan, no ámbito territorial da demarcación avaliáronse en 7.092 hm<sup>3</sup>/ano e a metade dos anos non superaron os 4.935 hm<sup>3</sup>/ano. Os valores por subzonas aparecen no apéndice 1.2. Estes valores e as súas actualizacións poderanse consultar na páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)). Nos estudos sobre recursos hidráulicos da demarcación, co fin de asegurar unha homoxeneidade, será obrigada a súa referencia.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. De conformidade co artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, adóptanse os sistemas de explotación de recursos que se relacionan no apéndice 2, cuxa descrición detallada figura no anexo 4 da memoria deste plan hidrológico. Son os seguintes:

- a) Sistema Guadiamar
- b) Sistema abastecemento de Sevilla
- c) Sistema abastecemento de Córdoba
- d) Sistema abastecemento de Jaén
- e) Sistema fondal de Guadix
- f) Sistema Alto Genil
- g) Sistema de regulación xeral
- h) Sistema Bembézar-Retortillo

2. Para a definición destes oito sistemas de explotación adoptáronse os seguintes criterios:

- a) Abastecemento a grandes aglomeracións urbanas, sistemas de abastecemento de máis de 150.000 habitantes.
- b) Aqueles casos en que a interconexión sexa técnica, ambiental ou economicamente non viable.

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

**Artigo 3.** *Delimitación da demarcación, dos sistemas de explotación e das masas de auga*

O ámbito territorial da demarcación, a delimitación e descrición dos sistemas de explotación de recursos e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga da demarcación hidrográfica do Guadalquivir establécense conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no sistema de información IDE-CHG, administrado pola Confederación Hidrográfica do Guadalquivir e accesible ao público no enderezo electrónico <http://idechg.chguadalquivir.es>. Na falta do previsto con carácter específico noutras disposicións, o exercicio das funcións de administración do sistema de información IDE-CHG levarao a cabo a Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía.

Capítulo I. Definición das masas de auga

***Sección I. Masas de auga superficial***

**Artigo 4.** *Identificación de masas de auga superficial*

1. De acordo co artigo 5 do RPH, este plan hidrolóxico identifica 446 masas de auga superficial. Asígnanse:

- a) á categoría río, 395 masas de auga, das cales 291 corresponden a ríos naturais e 104 a masas de auga moi modificadas.
- b) á categoría lago, 35 masas de auga, das cales 32 corresponden a lagos naturais, 1 a masas de auga moi modificadas e 2 a masas de auga artificiais.
- c) á categoría transición, 13 masas de auga, todas corresponden a masas de auga moi modificadas.
- d) á categoría costeira, 3 masas de auga, todas naturais.

2. As masas de auga superficial con indicación do código, nome e tipoloxía preséntanse no apéndice 3.

**Artigo 5.** *Condicións de referencia e límites de cambio de clase*

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 4 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores específicos para esta demarcación hidrográfica, non incluídos no citado real decreto, que se deberán usar complementariamente.

### *Sección II. Masas de auga subterránea*

#### **Artigo 6.** *Identificación das masas de auga subterránea*

1. Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrológico identifica 86 masas de auga subterránea na súa bacía. As masas de auga, con indicación do código e do nome, preséntanse no apéndice 5.1. Na páxina web da infraestrutura de datos espaciais da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir (<http://idechg.chguadalquivir.es>) poderanse consultar de forma gráfica a situación e os límites destas masas de auga.

2. De conformidade co artigo 9.2 do RPH, propóñense, para a súa consideración por parte do Plan hidrológico nacional, as masas de auga compartidas con outras demarcacións relacionadas no apéndice 5.2.

#### **Artigo 7.** *Valores limiar para masas de auga subterránea*

Os valores limiar adoptados no plan hidrológico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da demarcación hidrográfica do Guadalquivir foron fixados atendendo aos criterios establecidos no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, e son os que se indican no apéndice 6.

### Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos

#### **Artigo 8.** *Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos*

1. Tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e o seu contorno, con carácter xeral e respectando o uso prioritario do abastecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos da auga será a prevista no artigo 60.3 do TRLA, para o que se terán en conta a clasificación e as categorías previstas no artigo 49 bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

2. Establécense excepcións con preferencia sobre o uso agropecuario, para os seguintes casos:

- a) Os usos industriais, incluída a refrixeración, no subsistema Jándula–Montoro e na bacía do río Agrio.
- b) A refrixeración da central térmica do encoro de Puente Nuevo.
- c) Os usos recreativos no río Genil, por encima do encoro de Canales e nas cabeceiras dos ríos Monachil e Dílar.
- d) A acuicultura no río Riofrío ata a súa confluencia co río Genil, no río Guardal augas arriba do encoro de San Clemente e no río Guadalquivir e afluentes augas arriba do encoro de El Tranco de Beas.



---

Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

- e) Os usos industriais atendidos con auga subterránea, coas seguintes limitacións e condicionantes:
- I. Para os usos industriais en xeral, co límite dun máximo de 1 hm<sup>3</sup>/ano cada aproveitamento.
  - II. Para a industria extractiva en particular (minaría), limitándose o seu aproveitamento consuntivo a un máximo de 3 hm<sup>3</sup>/ano por cada explotación.
  - III. Previamente á autorización deberá presentarse un estudo hidroxeolóxico que permita establecer a sustentabilidade do aproveitamento.

Para estas excepcións, coa finalidade de buscar un equilibrio na explotación das distintas masas de auga subterránea, aplícanse as seguintes regras de explotación:

- a. En masas cun índice de explotación inferior a 0,5 (50% do recurso dispoñible) permítese incrementar este índice ata en 0,25 sempre que o índice final non supere o valor de 0,65.
  - b. En masas cun índice de explotación entre 0,5 e 0,8 permítese incrementar este índice ata en 0,15 sempre que o índice final non supere o valor de 0,8.
  - c. En ningún caso o incremento da explotación poderá pór en risco o estado da masa.
- f) Os usos en augas superficiais que se detallan a continuación, ata completar un volume máximo conxunto de 50 hm<sup>3</sup>/ano en toda a demarcación:
- I. A produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxías incluídas no Plan de enerxías renovables en España.
  - II. Usos industriais distintos dos do parágrafo anterior.
  - III. Calquera outro uso ou aproveitamento distinto dos considerados nos números anteriores, recollido en plans de ordenación territorial, estatal ou autonómica.

3. Os titulares das novas concesións outorgadas con fundamento na alínea f) do número 2 consideraranse beneficiarios das novas obras de regulación na bacía, como Breña II, Arenoso e outras posteriores que fan posible tales concesións.

**Artigo 9. Navegación, usos recreativos e deportivos**

1. A navegación, os usos recreativos e deportivos nos encoros da bacía do Guadalquivir quedan regulados mediante os condicionantes establecidos na táboa que se inclúe como apéndice 16. O organismo de bacía poderá desenvolver ou modificar estas regulacións (incluíndo a prohibición total) mediante resolución motivada se o xustifican razóns de seguridade, ambientais ou de operatividade das infraestruturas.

2. Esta clasificación non eximirá doutras limitacións que poidan derivar da normativa dos espazos naturais protexidos para efectos de uso público. Neste sentido, o artigo 36 detalla medidas para evitar que a práctica destes usos poida favorecer a expansión de especies exóticas invasoras.

---

Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

## Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais

### **Artigo 10. Réximes de caudais ecolóxicos**

1. O réxime de caudais ecolóxicos establécese conforme os estudos realizados, recollidos no anexo 4 da memoria do plan hidrológico, e o marco estipulado na Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, pola que se aproba a Instrución de planificación hidrolóxica, e conforme o regulado nos artigos 42 e 59 do TRLA.

2. Os caudais circulantes por unha masa de auga superficial da categoría río son compatibles ou cumpren co réxime de caudais ecolóxicos, cando se satisfán os seguintes condicionantes ou compoñentes:

- a) Os caudais medios diarios son superiores ao réxime de caudais mínimos establecidos na masa de auga. Na demarcación definíronse os caudais mínimos en condicións ordinarias e en situacións de seca prolongada, e preséntanse nos apéndices 7.1.1 e 7.2.1, respectivamente. Considerarase seca prolongada nun sistema de explotación de recursos cando estea declarada unha situación de alerta ou seca moderada, de acordo cos criterios establecidos no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca. Nos sistemas de abastecemento este criterio poderá estenderse á situación de prealerta.
- b) Os caudais nas masas de auga situadas augas abaixo das principais infraestruturas de regulación non superarán o réxime de caudais máximos. No apéndice 7.1.2. recóllense os caudais máximos fixados na demarcación hidrográfica do Guadalquivir.

Non é de aplicación o presente número nos seguintes casos:

- I. En manobras necesarias na prevención de inundacións.
- II. En caudais desaugados para a laminación de enchentes.
- III. En situacións de avaría ou manobras nos órganos de desaugamento.
- IV. Cando o aconselle a seguridade da presa.
- V. Cando o exixan motivos de salubridade pública.

3. Nas seguintes revisións do plan e cando haxa estudos que o xustifiquen, modificaranse e ampliaranse os valores dos números 2a) e 2b) e engadiranse, para establecer a compatibilidade ou cumprimento co réxime de caudais ecolóxicos, os seguintes compoñentes:

- a) Taxas de cambio. Diferenzas de caudais por unidade de tempo, tanto para as condicións de ascenso ou descenso de caudal, nas masas de auga situadas augas abaixo das principais infraestruturas hidráulicas, cando sexan precisas para alcanzar o bo estado.
- b) Réxime de enchentes. Superar un caudal, cada certo número de anos, denominado xerador, augas abaixo das principais infraestruturas de regulación da bacía.

4. Considérase prioritario o seguimento dos caudais fixados nos puntos que se detallan neste número por parte do organismo de bacía, para o cumprimento do réxime de caudais mínimos:

- a) Puntos de control nos principais ríos da demarcación que se relacionan no apéndice 7.1.3. para condicións ordinarias e 7.2.2. para situacións de seca prolongada.
- b) Augas abaixo das principais infraestruturas de regulación, que deben asegurar os caudais mínimos que se sinalan no apéndice 7.1.4 para condicións ordinarias, e no 7.2.3. para situacións de seca prolongada. Estes caudais contabilizaranse como media diaria, medidos augas abaixo da presa, no punto que fixe o organismo dentro dun tramo de cinco quilómetros de lonxitude a partir do pé da infraestrutura.

Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

5. O réxime de caudais ecolóxicos no esteiro do Guadalquivir obterase como suma dos réximes de caudais das masas de auga tipo río que desembocan nestas. A complexidade do tema aconsella continuar os estudos que se desenvolveron, traballos que deberán coordinarse a través do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir e que se reflectirán no Plan especial de esteiro. O seu enfoque terá en conta o pluridisciplinar da temática, a concorrencia competencial e a incerteza ligada ás previsións do cambio climático.

6. A determinación das necesidades hídricas das masas de auga tipo lago ten unha casuística moi distinta das de tipo río e moito menos estudada. Por outra parte, case todas as masas de auga tipo lago da demarcación contan xa cunha protección específica debida á súa consideración como espazo natural protexido que ordena os usos nelas. Non obstante o anterior, no período de vixencia do plan desenvolverase un estudo da evolución do hidroperíodo, especialmente no espazo natural Doñana, que permita identificar lagos que requiran unha protección adicional para salvagardar a súa hidroloxía.

7. Nos casos en que o réxime de caudais ecolóxicos sexa distinto do fixado para condicións ordinarias, deberanse cumprir en todo caso as condicións que establece o artigo 38 do RPH sobre deterioración temporal do estado das masas de auga.

**Artigo 11. Control e cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos**

1. O réxime de caudais ecolóxicos será controlado polo organismo de bacía en estacións de medición pertencentes ás redes oficiais de control que reúnan condicións adecuadas para a medición de caudais mínimos, máximos e taxas de cambio.

2. Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos:

- a) Entenderase que se cumpre co réxime de caudais establecido no artigo 10 cando:
  - I. Os caudais mínimos se superen nun 90% dos días de cada ano. Non se incluírán no cómputo os períodos en que é de aplicación a alínea b).
  - II. Os caudais máximos non se superen pola operación e xestión ordinaria das infraestruturas hidráulicas nun 90% dos días de cada ano.
  - III. As taxas máximas de cambio non se superen nun 90% dos días de cada ano.
- b) Non serán exixibles caudais ecolóxicos mínimos superiores ao réxime natural existente en cada momento. Réxime natural é o réxime hidrológico que tería lugar nun tramo de río sen intervención humana significativa na súa bacía vertente.

Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos**Artigo 12. Asignación de recursos para usos e demandas actuais e futuros**

As características das concesións son as que constan na súa inscrición no Rexistro de Augas e están suxeitas á normativa vixente. De conformidade co artigo 91 do RDPH, este plan hidrológico determina a asignación de recursos que se adscriben aos aproveitamentos actuais e futuros. Estes datos relaciónanse no apéndice 8.

---

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

**Artigo 13. Dotacións e medidas para garantir a demanda de abastecemento**

1. Para o abastecemento de poboación a núcleos urbanos establécese unha dotación bruta de auga de 250 l/hab. e día. Entenderase como dotación bruta o cociente entre o volume disposto á rede de subministración en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de subministración máis os habitantes equivalentes de poboación eventual ou estacional.
2. Estas dotacións poderán aumentar ou diminuír ata un 20% no caso de poboacións con actividade comercial ou industrial alta ou baixa, respectivamente, ou por calquera outra circunstancia que conorra e que se xustifique mediante informe técnico que, unha vez examinado, sexa aceptado polo organismo de bacía.
3. Nas redes de distribución de abastecemento urbano fíxase como obxectivo alcanzar unha eficiencia mínima de 0,8, calculada como o cociente entre o recurso subministrado ao usuario final e o desaugado ou captado. Excepcionalmente e ata a próxima revisión do plan, nos sistemas de abastecemento que subministren a menos de 50.000 habitantes o obxectivo podería ser de 0,7, sempre que quede xustificada técnica e economicamente. As ditas eficiencias non teñen en conta as perdas nas conducións de adución e planta de tratamento, que se limitan a un 5% do volume captado por cada 100 km nas conducións e a un 5% na planta de tratamento.
4. Adóptanse os criterios de garantía e de retorno que establece a Instrución de planificación hidrolóxica nos números 3.1.2.2.4. e 3.1.2.2.6.

**Artigo 14. Dotacións e medidas para garantir a demanda de regadíos**

1. As dotacións brutas máximas (en alta) por tipo de cultivo serán as resultantes de dividir a dotación neta entre a eficiencia global.
2. Os regadíos existentes na demarcación deberán alcanzar os valores de eficiencia que recolle o apéndice 9.1.1.
  - a) No caso do oliveiral só se empregarán as eficiencias indicadas para a rega localizada.
  - b) A eficiencia global prevista para o arroz é de 0,95 debido á súa alta taxa de recirculación.
  - c) O organismo de bacía poderá impor outras eficiencias obxectivo, sempre que quede demostrada a súa viabilidade técnica e agronómica.
  - d) En canles principais de transporte que atenden grandes zonas regables admitiranse perdas de ata un 6% por cada 100 quilómetros de lonxitude. Estas perdas non se consideran incluídas nas eficiencias anteriores.
3. As dotacións netas máximas por tipo de cultivo que hai que fixar antes da seguinte revisión do plan hidrolóxico figuran no apéndice 9.1.2. En caso de outorgamento de novas concesións, as dotacións máximas brutas non superarán os valores que recolle o apéndice 9.1.3 e deberanse respectar, en calquera caso, os límites impostos no apéndice 9.1.2.
4. Excepcionalmente, e a xuízo da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir, poderanse admitir dotacións diferentes ás previstas nos citados apéndices, logo de xustificación e sempre que quede demostrada a súa viabilidade técnica e agronómica.

---

Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

5. A garantía e os valores dos retornos que se consideran, salvo xustificación técnica e agronómica, son os previstos nos números 3.1.2.3.4 e 3.1.2.3.6. da Instrución de planificación hidrolóxica.

**Artigo 15.** *Da mellora dos regadíos existentes*

Os regadíos da bacía deberán facer un uso eficiente da auga e incorporar melloras por modernización. As subministracións ateranse aos valores establecidos no artigo 14, salvo as excepcións que xustificadamente poida establecer o organismo de bacía sobre os pequenos aproveitamentos, regadíos tradicionais e as explotacións en que os proxectos de modernización poidan non ser viables desde un punto de vista ambiental, socioeconómico ou impliquen custos desproporcionados.

**Artigo 16.** *Previsións sobre a transformación de terras en regadío*

1. Non son compatibles co plan hidrológico novas concesións ou modificacións de características das existentes que impliquen un incremento da superficie en regadío nos sistemas de explotación: abastecemento de Sevilla, Córdoba e Jaén, nin naqueles sistemas de explotación de recursos deficitarios. Dada a interrelación de todo o ciclo hidrológico, este criterio esténdese tanto ás augas superficiais como ás subterráneas.

2. Admítense as seguintes excepcións ao número 1:

- a) Aquelas que figuran no apéndice 8 "Asignación de recursos".
- b) Nos proxectos de modernización de regadíos declarados de interese xeral ou autonómico, o organismo de bacía poderá destinar ata o 45% dos recursos aforrados a futuras ampliacións dentro da demarcación. Os aforros computaranse con base nas dotacións establecidas neste plan.
- c) Para incentivar a redución da demanda, nos proxectos de modernización ou transformación de regadíos que impliquen un aforro de auga permitirase destinar ata un 45% deste á ampliación da superficie de rega modificando as características da concesión. Os aforros computaranse con base nas dotacións establecidas neste plan. Se a transformación de regadíos conta con axudas públicas observarase o fixado nos acordos establecidos coa Administración correspondente, sen que se poida superar a dita porcentaxe.

**Artigo 17.** *Dotacións e medidas para garantir a demanda de usos industriais*

1. As dotacións de subministración serán establecidas, en cada caso, pola Confederación Hidrográfica do Guadalquivir, considerando a solicitude do usuario sempre que os consumos de auga estean debidamente xustificadas.

2. A garantía e os retornos que se considerarán son os recomendados pola Instrución de planificación hidrolóxica nos seus números 3.1.2.5.4 e 3.1.2.5.5., salvo xustificación técnica en contrario.

3. As dotacións para outros usos industriais recóllense no apéndice 9.2.

**Artigo 18.** *Dotacións obxecto dos contratos de cesión de dereitos ao uso de auga*

Nos casos en que non existan datos sobre o caudal realmente utilizado para determinar o volume anual susceptible de cesión contractual, de acordo co artigo 69.1 do TRLA, as dotacións que se terán en conta

---

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

nos contratos de cesión de dereitos ao uso da auga serán o 85% das dotacións máximas indicadas neste plan hidrolóxico, de conformidade co previsto no artigo 345 do RDPH.

**Artigo 19. Reserva de recursos**

De conformidade co artigo 43.1 do TRLA e co artigo 92 do RDPH, para alcanzar os obxectivos da planificación hidrolóxica establécense as seguintes reservas de recursos:

- a) No apéndice 12 relaciónanse os volumes de reserva do total de recursos regulados e por sistema de explotación.
- b) Unha vez avaliado o total dos recursos subterráneos dispoñibles na demarcación hidrográfica do Guadalquivir, o plan hidrolóxico identifica masas de auga subterránea de carácter estratéxico pola súa importancia para o abastecemento humano, pola súa contribución ao mantemento das achegas a grandes encoros de regulación ou pola súa relevancia ambiental. Por isto, resérvanse os recursos dispoñibles e non asignados das masas de auga estratéxicas, que se relacionan no apéndice 13.
- c) Conforme os usos permitidos no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización de augas depuradas, constitúese unha reserva de ata 20 hm<sup>3</sup>/ano de augas rexeneradas. O organismo de bacía, a través da xunta de goberno, aprobará o correspondente plan de aproveitamento e distribución destes recursos.
- d) Para satisfacer as demandas actuais e futuras, de conformidade co artigo 14.1 do RPH, o plan hidrolóxico mantén a proposta de incluír no Plan hidrolóxico nacional a transferencia de ata 15 hm<sup>3</sup>/ano de novos recursos superficiais procedentes doutras bacías hidrográficas. Este volume resérvase para substituír extraccións de auga subterránea no contorno de Doñana.

### Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección

**Artigo 20. Reservas naturais fluviais**

No apéndice 14 inclúese unha lista coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo do Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias.

**Artigo 21. Zonas de protección especial**

De conformidade co artigo 43.2 do TRLA, aquelas zonas de protección especial que fosen declaradas de acordo coa lexislación ambiental e de protección da natureza incorporaranse ao Rexistro de Zonas Protexidas da demarcación, en cumprimento do establecido no artigo 24 do RPH.

**Artigo 22. Perímetros de protección**

1. Para os efectos previstos no artigo 57 do RPH, establécense os perímetros de protección nas áreas de captación para abastecemento que se relacionan no anexo 5 de zonas protexidas da memoria do plan hidrolóxico. Na páxina web da infraestrutura de datos espaciais da Confederación Hidrográfica do

## Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

Guadalquivir (<http://idechg.chguadalquivir.es>) poderase consultar de forma gráfica a actualización permanente destes perímetros.

2. Para futuras concesións de aproveitamento, o organismo de bacía terá en consideración os perímetros de protección de explotacións de augas minerais e termais que se relacionan no anexo 5 de zonas protexidas da memoria do plan hidrológico. Na páxina web da infraestrutura de datos espaciais da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir (<http://idechg.chguadalquivir.es>) poderase consultar de forma gráfica a actualización permanente destes perímetros.

### **Artigo 23. Rexistro de Zonas Protexidas**

Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e o 24 do RPH, no anexo 5 de zonas protexidas da memoria recóllese o inventario de zonas protexidas da demarcación, xunto coa súa caracterización e representación cartográfica. Na páxina web da infraestrutura de datos espaciais da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir (<http://idechg.chguadalquivir.es>) poderase consultar de forma gráfica a actualización permanente do Inventario de zonas protexidas da demarcación.

## Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

### **Artigo 24. Obxectivos ambientais das masas de auga**

1. Para conseguir unha adecuada protección das augas, no apéndice 10 defínense os obxectivos ambientais das masas de auga da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, así como os prazos previstos para a súa consecución.

2. Segundo o disposto no artigo 4.5.b) da Directiva 2000/60/CE e no 37 do RPH, para as masas de auga superficial con obxectivos ambientais menos rigorosos defínense os valores dos indicadores que garanten un mellor estado ecolóxico e químico, que aparecen no apéndice 10.3. Igualmente, para as augas subterráneas defínense os valores que garanten os mínimos cambios posibles no bo estado das masas sinaladas, recollidos no apéndice 10.5.

3. Cada unha das excepcións ao cumprimento dos obxectivos xerais, ben sexa por prazo ou pola fixación de obxectivos menos rigorosos, xustifícase nas fichas sistemáticas que se inclúen no anexo 8 á memoria.

### **Artigo 25. Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga**

1. Conforme o artigo 38 do RPH, poderase admitir a deterioración temporal do estado dunha ou de varias masas de auga cando se dean causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puidesen prever razoablemente, ou cando teñan lugar resultados de circunstancias derivadas de accidentes que tampouco se puidesen prever razoablemente. Entre estas causas sinálanse as seguintes:

- a) Enchentes de caudal superior ao da máxima enchente ordinaria definida no artigo 4.2 do RDPH.
- b) Secas prolongadas. Enténdese por tales as correspondentes ao estado de alerta ou ao establecido no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da bacía do Guadalquivir, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

- c) Consideraranse accidentes que non se puideron prever razoablemente os seguintes eventos, sempre que se debesen a causas fortuítas ou de forza maior: verteduras ocasionais, fallos en sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias e accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse as circunstancias derivadas de incendios forestais.

2. Os causantes da deterioración temporal ou calquera persoa ou entidade responsable da xestión das masas de auga afectadas estarán obrigados a cubrir a ficha de “Xustificación da deterioración temporal do estado dunha masa de auga”, que permite valorar o cumprimento das condicións do artigo 38.2 do RPH. A Confederación Hidrográfica do Guadalquivir levará un rexistro das deterioracións temporais.

**Artigo 26. Condicións para as novas modificacións ou alteracións**

1. Os casos en que o plan hidrolóxico prevé a execución de actuacións que supoñan a materialización de novas modificacións ou alteracións que comporten a deterioración do estado dunha ou de varias masas de auga como consecuencia dunha nova modificación ou alteración das súas características físicas, que resultan xustificables, cumprindo as condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH, aínda que impiden o logro dos obxectivos ambientais conforme o previsto no artigo 92 bis do TRLA, son os que se identifican no apéndice 11 e quedan documentados en fichas sistematizadas incluídas no anexo 8 da memoria do plan.

2. No resto de casos, isto é, as novas modificacións ou alteracións non previstas no plan hidrolóxico, observarase o previsto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH. A Confederación Hidrográfica do Guadalquivir levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións do estado das masas de auga.

3. A análise recollida na ficha nº 5, incorporada no anexo 8 á memoria, referida á “Dragaxe de afondamento da canle de navegación do porto de Sevilla no esteiro do Guadalquivir”, valora todos os condicionantes sinalados no número 1. En todo caso, o seu diagnóstico non se pode interpretar como vinculante; as actuacións que describe deberanse axustar a cantos pronunciamentos administrativos e xudiciais as condicionen.

Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga**Sección I. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico****Artigo 27. Medidas relativas ao réxime concesional e de autorizacións**

1. Para os efectos previstos na disposición transitoria quinta do RDPH, incorporada polo Real decreto 670/2013, do 6 de setembro, o organismo de bacía procederá, con carácter prioritario, ao inicio da tramitación da inscrición do título que habilite o uso privativo das augas para as captacións destinadas ao abastecemento urbano que se relacionan no anexo 5 (zonas protexidas) da memoria do plan hidrolóxico.

2. De conformidade co artigo 59.4 do TRLA, as concesións de aproveitamento de augas outorgaranse por un prazo máximo de vinte anos, que se poderá ampliar ata corenta anos cando, logo de



## Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

xustificación, se solicite expresamente. Non obstante, poderanse outorgar por prazo superior cando quede acreditado no expediente de concesión que os investimentos que se deban realizar para o desenvolvemento da actividade económica exixen un prazo maior para a súa recuperación e garantía de viabilidade, caso en que se outorgarán polo tempo necesario para isto, co límite temporal de setenta e cinco anos.

**Artigo 28. Medidas relativas aos usos privativos por disposición legal**

Con base no previsto no artigo 87.2 do RDPH e co fin de protexer o estado do dominio público hidráulico, as distancias mínimas entre pozos ou entre pozos e manancial que se poidan acoller á consideración de uso privativo por disposición legal segundo o artigo 54 do TRLA serán as seguintes:

- 1) Terreo urbano e volume inferior a 1.500 m<sup>3</sup> anuais: dez metros.
- 2) Masas de auga en mal estado cuantitativo ou masas con consideración de estratéxicas:
  - a) As captacións con volumes de 500 m<sup>3</sup> anuais ou inferiores xerarán un círculo de exclusión ao seu arredor dun raio de vinte e cinco metros (25 m).
  - b) As captacións con volumes de 3.000 m<sup>3</sup> anuais ou superiores xerarán un círculo de exclusión ao seu arredor dun raio de cincuenta metros (50 m).
  - c) Para volumes intermedios obterase o raio do círculo de exclusión por interpolación, sumando un metro máis de raio por cada 100 m<sup>3</sup> ou fracción adicionais ao volume de 500 m<sup>3</sup>.
- 3) Resto do territorio:
  - a) As captacións con volumes de 2.000 m<sup>3</sup> anuais ou inferiores xerarán un círculo de exclusión ao seu arredor dun raio de vinte e cinco metros (25 m).
  - b) As captacións con volumes de 7.000 m<sup>3</sup> anuais xerarán un círculo de exclusión ao seu arredor dun raio de cincuenta metros (50 m).
  - c) Para volumes intermedios obterase o raio do círculo de exclusión por interpolación, sumando un metro máis de raio por cada 200 m<sup>3</sup> ou fracción adicionais ao volume de 2.000 m<sup>3</sup>.

**Artigo 29. Medidas relativas ás concesións hidroeléctricas**

1. Na competencia de proxectos para o aproveitamento enerxético, tanto en leitos naturais como nas infraestruturas do Estado, os criterios básicos de avaliación serán os seguintes:

- a) Medidas propostas para minimizar a afección ambiental derivada das obras e da variación do réxime de caudais, se é o caso. En particular, valorarase:
  - I. Sistema proposto para o control do cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos. Valoraranse aqueles que necesiten un mínimo seguimento para o seu control.
  - II. Deseño da infraestrutura que minimize a afección á conectividade fluvial e ribeirega.
  - III. Situación de canteiras e entulleiras e tratamento postobra.
  - IV. Plan de sinalización para prevención de accidentes derivados das instalacións, tanto en fase de obra como en explotación.
- b) Máximo tramo de río aproveitado, compatible cos dereitos preexistentes, tanto augas arriba como augas abaixo.

---

Anexo VII. Plan hidrológico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

- c) Máximo producible da central, debidamente xustificado cos datos hidrológicos, de salto, de perdas de carga e rendemento de equipamentos. Deben quedar ben establecidos os criterios para a definición do caudal de equipamento da central.

2. Cando non existan proxectos en competencia, avaliaranse os mesmos criterios establecidos no número 1.c) sobre medidas de impacto ambiental. Con relación aos criterios técnicos 1.a) II e 1.a) III, teranse en conta a hidroloxía do tramo e a experiencia doutras centrais, cando existan. En calquera caso, os criterios básicos que se seguirán serán os do mellor aproveitamento do tramo, nas condicións de rendibilidade aceptadas polo mercado, o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos definido no presente plan hidrológico, así como a normativa sobre protección ambiental das administracións ambientais competentes.

3. O condicionado das novas concesións, así como da súa modificación ou revisión, conterà, ademais do previsto no artigo 115 RDPH, os seguintes aspectos:

- a) Recollerase o réxime de caudais ecolóxicos, de acordo co establecido no capítulo III desta normativa.
- b) As futuras concesións hidroeléctricas outorgaranse sen dereito a indemnización polas minguas de caudais, ou variacións no seu réxime que supoñan as novas concesións para usos con dereitos preferentes situados augas arriba ou augas abaixo do aproveitamento hidroeléctrico, coa condición de que as ditas novas concesións estean recollidas no plan hidrológico.
- c) En relación co réxime de turbinaxe, a Administración impondrá na concesión, se é o caso, un determinado réxime, en función dos obxectivos ambientais do plan e dos dereitos preexistentes augas abaixo, ou futuros incluídos no plan hidrológico, sen prexuízo de que o petionario poida propor a introdución dalgún elemento que dote o aproveitamento dunha maior liberdade de explotación, caso en que se terá que xustificar que non se produce deterioración significativa sobre o estado da masa de auga en que se localiza.

4. As concesións recollerán as medidas para minimizar o impacto ambiental e impedir a deterioración do estado da masa ou masas de auga afectadas, e o beneficiario do aproveitamento estará obrigado a realizar o conxunto de medidas necesarias para minimizar a afección ambiental: escadas de peixes, plantacións, tratamentos de canteiras e entulleiras, etc., e cumprir as medidas establecidas na normativa sobre protección ambiental das administracións ambientais competentes, así como o disposto nesta normativa.

### ***Sección II. Medidas para a protección do estado das masas de auga***

#### **Artigo 30. Xestión de verteduras**

Na falta de disposición de carácter xeral aplicable, durante a vixencia do presente plan hidrológico establécense, en relación coa xestión de verteduras da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, os criterios establecidos nos artigos 31 a 34.

---

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

**Artigo 31. Control das autorizacións de vertedura**

Anualmente, o organismo de bacía poderá aprobar e executar un programa de inspeccións de verteduras, cunha frecuencia de inspeccións determinada con base nos seguintes criterios:

- a) Adecuación das instalacións de tratamento das verteduras.
- b) Incumprimentos detectados con anterioridade.
- c) Poboación atendida ou volume que verte a industria.
- d) Perigosidade da vertedura industrial.
- e) Existencia en núcleos urbanos dun número importante de industrias ou de industrias altamente contaminantes pola toxicidade potencial das súas verteduras ou polo volume destas.
- f) Aproveitamentos situados sobre masas de auga subterránea, especialmente sobre as identificadas en risco de non alcanzar o bo estado.
- g) Aproveitamentos que afecten o abastecemento de poboacións.
- h) Existencia de espazos naturais protexidos ou especies en perigo.

En función dos resultados da campaña, o organismo de bacía aplicará, se é o caso, as medidas previstas nos artigos 263 a 265 do RDPH, sobre suspensión e revogación das autorizacións de verteduras, sen prexuízo do réxime sancionador que corresponda.

**Artigo 32. Zonas de mestura**

De maneira provisional e en canto se realizan estudos que permitan establecer criterios para definir as zonas de mestura recollidas no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, delimitanse como zonas de mestura nas verteduras de estacións depuradoras de augas residuais e para os efectos previstos no citado real decreto os 100 metros de leito augas abaixo do punto de vertedura.

**Artigo 33. Vertedura de núcleos illados de poboación**

Para a autorización de verteduras naqueles núcleos illados de poboación a que se refire o artigo 253 do RDPH, o conxunto de edificacións que o integra deberá contar cun sistema colectivo para a evacuación e o tratamento das verteduras xeradas e non se permitirá o tratamento ou eliminación individualizados.

**Artigo 34. Verteduras industriais**

As verteduras industriais en redes urbanas sen depuración deberanse suxeitar a normas que non poderán ser menos estritas que as de vertedura a leito público, coa excepción daquelas verteduras que estean suxeitas a un plan de redución da contaminación na súa autorización de vertedura.

**Artigo 35. Medidas relativas ás masas de auga subterránea**

1. De acordo coa nova identificación e avaliación de masas de auga subterránea realizada, neste segundo ciclo de planificación propórase á Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir a declaración de masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico para as masas indicadas no apéndice 10.5.

---

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

2. Segundo establece a disposición transitoria única do Real decreto lei 17/2012, do 4 de maio, nas seguintes declaracións de sobreexplotación, efectuadas con anterioridade ao citado real decreto lei, os acuíferos afectados seguirán o réxime transitorio dos recursos hidráulicos subterráneos sobreexplotados:

- a) Acordo da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir que declara sobreexplotado, ou en risco de estalo, o acuífero de El Aljarafe (BOP de Sevilla do 23.4.1988, modificado o perímetro polo BOP de Sevilla do 18.5.1993).
- b) Declaración provisional de sobreexplotación do acuífero Sevilla-Carmona (BOP de Sevilla do 26.10.1992).
- c) Acordo da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir que declara sobreexplotado, ou en risco de estalo, e o perímetro de protección do acuífero Mancha Real-Pegalajar (BOP de Jaén do 24.10.1992).

3. Nos perímetros de protección das captacións de auga para abastecemento que se definen no artigo 22 só se admitirán novas captacións de abastecemento, substitutivas ou complementarias das existentes.

4. Nos perímetros de protección das augas minerais ou termais declarados de conformidade coa súa lexislación específica só se admitirán novas captacións substitutivas ou complementarias das existentes.

5. En masas de auga en mal estado cuantitativo non se outorgarán novas concesións para evitar calquera deterioración adicional do estado da masa de auga subterránea, salvo as dedicadas ao abastecemento e unha vez demostrada a falta dunha alternativa técnica ou economicamente viable.

6. Nas zonas adscritas aos sistemas de explotación 2, 3 e 4, que abastecen respectivamente Sevilla, Córdoba e Jaén, só se admitirán novas concesións destinadas ao abastecemento, coa excepción de novas concesións para uso industrial que cumpran coas limitacións e cos condicionantes establecidos no artigo 8.2.e).

7. Poderanse admitir novas concesións en zonas situadas fóra das masas de auga subterránea e non incluídas en ningunha das categorías anteriores, logo da análise das súas posibles repercusións, que capten dun único nivel do acuífero, sempre que se trate de recursos renovables e se respecten as previsións do artigo 16.

8. Na páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir (<http://idechg.chguadalquivir.es>) poderase consultar de forma gráfica a aplicación deste artigo, que se actualizará conforme evolucionen os condicionantes expostos nos números anteriores.

**Artigo 36. Medidas relativas ao control da expansión de especies exóticas invasoras**

1. Nos encoros identificados no apéndice 16, dedicados ao abastecemento, en que non se autoriza a navegación e para protexelos fronte á expansión do mexillón cebra (*Dreissena polymorpha*) e outras especies exóticas invasoras, prohibese, así mesmo, a utilización de elementos auxiliares do baño como flotadores, táboas, traxes de neopreno, etc., así como calquera elemento que poida favorecer a súa propagación.

---

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

---

2. Ao longo do período de vixencia do plan hidrolóxico, o organismo de bacía poderá asinar convenios para a práctica da navegación e outros usos recreativos nestes encoros, sempre que as embarcacións e calquera outro material utilizado estean en réxime de confinamento estrito ou medidas equivalentes aprobadas en xunta de goberno. Nestes convenios deberá participar a Administración local de municipios ribeiregos dos encoros afectados.

Alt. 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial ascende ata o 87,0% para o horizonte 2021.</li> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea aumenta ata o 72,1% para o horizonte 2021.</li> <li>Hai unha diminución considerable das futuras dotacións de abastecemento.</li> <li>A porcentaxe de unidades de demanda agraria que non cumpre os criterios de garantía é menor que nas alt. 0 e 1.</li> <li>Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> <li>Redución xeral do risco de inundación de forma sustentable e custo eficiente.</li> <li>O número de infraestruturas transversais eliminadas ou melloradas para favorecer a continuidade fluvial é maior que nas alt. 0 e 1.</li> <li>O número de km de eliminación de defensas lonxitudinais, de recuamento de defensas, de recuperación do trazado de álveos antigos e de leitos recuperados é maior que nas alt. 0 e 1.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Hai menos actuacións de depuración de augas residuais que para a alt. 0, xa que as correspondentes a medidas complementarias se aprazan ao horizonte 2027.</li> </ul>

Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que as alternativas 0 e 2; porén, as súas necesidades investidoras non permiten levala a cabo no contexto económico actual.

En todo caso, a alternativa 2 propón medidas adicionais que melloran a situación actual das masas de auga e de atención das demandas, tanto de abastecemento como de regadío, pero sen estrangular a actividade económica ligada ao uso da auga.

Como pode observarse, aínda téndose reducido considerablemente o investimento do programa de medidas, o grao de cumprimento dos obxectivos ambientais para o horizonte 2021 resulta da mesma orde que a alternativa cero, aínda que lixeiramente inferiores. Por todo iso, a alternativa 2 resulta ser a **alternativa seleccionada** e a que se desenvolve na revisión do plan hidrolóxico.

**V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.**

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e á revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se formulou inicialmente no documento de referencia e se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe seguidamente.

Como consecuencia de todo iso, a Confederación Hidrográfica do Guadalquivir informará con periodicidade non superior ao ano o Consello da Auga da Demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e en calquera caso, antes do final de 2018), presentárase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.







Anexo VII. Plan hidrolóxico da DH do GUADALQUIVIR (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHG	28%									
	Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHG	274	282				388		423		
	% de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHG	61%		63%			87%		95		
	Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHG	54		55			62		80		
	% de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHG	63%		64%			72%		93%		
	Número de masas de auga a que se aplica prórroga	PHG	150		166			53		0		
	% de masas de auga a que se aplica prórroga	PHG	34%		31%			10%		0%		
	Número de masas de auga a que se aplican obxectivos menos rigorosos	PHG	18		29			29		29		
	% de masas de auga a que se aplican obxectivos menos rigorosos	PHG	3%		5%			5%		5%		









---

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

## ANEXO VIII

DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA  
DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DE CEUTA

## DISPOSICIONES NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE CEUTA

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrológico*

O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Ceuta é definido polo artigo 3.7 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

De acordo co artigo 19 de Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, defínese a demarcación como sistema de explotación único.

#### **Artigo 3.** *Delimitación da demarcación e das masas de auga*

O ámbito territorial da demarcación e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga realízanse conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no sistema de información da páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)). Na falta do previsto con carácter específico noutras disposicións, o exercicio das funcións de administración deste sistema de información levarao a cabo a oficina de planificación hidrolóxica do organismo de bacía.

### Capítulo I: Definición das masas de auga

#### **Sección I. Masas de auga superficial**

#### **Artigo 4.** *Identificación de masas de auga superficial*

De acordo co artigo 5 do RPH, este plan hidrológico identifica tres masas de auga superficial, que figuran relacionadas no apéndice 1. As tres masas de auga superficial identificadas e delimitadas asígnanse á categoría costeira, das cales a masa de auga do porto de Ceuta se cualifica como masa de auga moi modificada, debido á presenza de infraestruturas e actividades portuarias.

#### **Artigo 5.** *Condicións de referencia e límites de cambio de clase*

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 2 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores específicos para esta demarcación hidrográfica, non incluídos no citado real decreto, que se deberán usar complementariamente.

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)**Sección II. Masas de auga subterránea****Artigo 6. Identificación das masas de auga subterránea**

De acordo co disposto no artigo 9 do RPH, o presente plan hidrológico identifica unha masa de auga subterránea, acuífero do occidente ceutí, na demarcación. A súa denominación e características detállanse no apéndice 3.

**Artigo 7. Valores limiar para masas de auga subterránea**

Os valores limiar adoptados no plan hidrológico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da demarcación hidrográfica de Ceuta foron fixados atendendo aos criterios establecidos no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, e son os que se indican no apéndice 4.

Capítulo II: Criterios de prioridade e compatibilidade de usos**Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos**

Para o sistema de explotación único definido neste plan hidrológico, e de acordo co disposto no artigo 60 do TRLA, establécese a seguinte orde de preferencia entre os diferentes usos da auga, tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno.

- a) Abastecemento de poboación, incluíndo na súa dotación a necesaria para industrias de pouco consumo de auga, situadas nos núcleos de poboación e conectadas á rede municipal.
- b) Uso industrial para a produción de enerxía eléctrica.
- c) Outros usos industriais.
- d) Usos recreativos.
- e) Regadío e outros usos agropecuarios.
- f) Acuicultura.
- g) Navegación e transporte acuático.
- h) Outros usos.

Capítulo III: Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais**Artigo 9. Réximes de caudais ecolóxicos**

1. Dado que os réximes de auga que discorren polos leitos de Ceuta son moi similares aos naturais, ao non existiren infraestruturas de regulación significativas ou concesións de augas que poidan alteralo, e que non se definiron masas de auga da categoría río, non cabe establecer caudais ecolóxicos, no marco estipulado na Instrución de planificación hidrolóxica e conforme o regulado nos artigos 42 e 59 do TRLA.

2. Tendo en conta a interrelación que debe existir entre as masas de auga subterránea e as masas de auga superficial da categoría río, o presente plan, de conformidade co disposto no punto anterior, non pode definir un réxime de caudais ecolóxicos; non obstante, garantírase que a alteración sobre o fluxo natural das augas subterráneas sexa mínima. Consecuentemente, as extraccións futuras dos acuíferos

---

Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

---

débense reservar exclusivamente para o abastecemento urbano, e prohíbese, salvo casos excepcionais, que sexan destinadas polo organismo de bacía para outros usos.

#### Capítulo IV: Asignación e reserva de recursos

##### **Artigo 10.** *Asignación de recursos para usos e demandas actuais e futuras*

1. De acordo co establecido no artigo 42.1 b) c') do TRLA sobre asignación e reserva de recursos, este plan hidrolóxico establece que todos os recursos actualmente dispoñibles se reservan para o abastecemento urbano, respectando os que actualmente se utilizan nos pequenos regadíos e noutras actividades de escasa relevancia no conxunto total.
2. Calquera outra actividade que poida xurdir no futuro e sexa consumidora do recurso deberá xerar previamente a súa propia fonte de subministración, fundamentalmente mediante desalga da auga do mar ou reutilización de augas rexeneradas.

##### **Artigo 11.** *Dotacións e demanda de abastecemento*

1. Establécese unha dotación bruta máxima de auga para abastecemento urbano á cidade de Ceuta de 260 litros por habitante e día, no horizonte 2021. Entenderase como dotación bruta o cociente entre o volume disposto á rede de subministración en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de subministración máis os habitantes equivalentes de poboación eventual ou estacional.
2. Fixase como obxectivo nas redes de distribución de abastecemento urbano alcanzar unha eficiencia mínima de 0,80, calculada como o cociente entre o recurso subministrado ao usuario final e o desaugado de encoros ou captado, sen contabilizar o rexeitamento nin as perdas na potabilización, antes do horizonte 2021.
3. Adóptanse os criterios de garantía e de retornos que establece a Instrución de planificación hidrolóxica no número 3.1.2.2.
4. Establécese a obriga de subministrar, polo menos anualmente, a seguinte información ao organismo de bacía:
  - I. Volume de auga extraído en orixe.
  - II. Volume de auga subministrado total.
  - III. Volume de auga subministrado e facturado.
  - IV. Volume de auga subministrado e non facturado.
  - V. O volume de auga extraído en orixe débese definir para cada un dos puntos de captación de auga.

##### **Artigo 12.** *Dotacións e demandas agrarias*

Adóptanse as dotacións de rega e os criterios de garantía e retorno que establece a Instrución de planificación hidrolóxica, número 3.1.2.3, salvo xustificación técnica do contrario.

---

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

---

**Artigo 13. Dotacións e demandas para o uso industrial**

En previsión de que no futuro se asista á implantación de instalacións industriais na cidade de Ceuta, adóptanse as dotacións e os criterios de garantía e retorno que establece a instrución de planificación hidrolóxica, número 3.1.2.5, salvo xustificación técnica en contra.

**Artigo 14. Reserva de recursos**

1. Resérvanse para o abastecemento urbano de Ceuta os recursos da demarcación que proceden das seguintes fontes de subministración:

- a) Planta desalinizadora de auga de mar, situada na zona da praia Benítez, cunha capacidade de produción de auga doce de 30.000 m<sup>3</sup>/día.
- b) Augas reguladas nos encoros de El Infierno e El Renegado, e tratadas na estación de tratamento de augas potables (ETAP), cunha capacidade nominal de 35.000 m<sup>3</sup>/día.

2. Resérvanse para o mantemento das zonas protexidas da Rede Natura 2000 as descargas naturais da masa de auga do acuífero do occidente ceutí, cuxa recarga media se estima, aproximadamente, entre 0,5 e 1 hm<sup>3</sup>/ano.

### Capítulo V: Zonas protexidas. Réxime de protección

**Artigo 15. Perímetros de protección**

1. Para os efectos previstos no artigo 57 do RPH, establécense os perímetros de protección nas áreas de captación para abastecemento que se relacionan no anexo 1 da memoria do plan hidrológico. A situación e os límites destes perímetros están definidos no sistema de información xeográfica que pode consultarse na páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)) e actualízanse conforme evolucionen as captacións de abastecemento.

2. Transitoriamente, e ata que o organismo de bacía aprobe a delimitación hidroxeolóxica dos perímetros de protección das captacións de augas subterráneas, estes coincidirán coa masa de auga en que se sitúan.

3. A delimitación dos perímetros de protección nas masas de auga costeira terá en conta a dinámica litoral, o grao de confinamento da masa, así como o seu estado químico e ecolóxico, os volumes captados e as características da captación. Ata que se delimiten os perímetros de protección establécese, con carácter provisional, un raio de protección de 500 m con centro no punto de toma.

4. Nos perímetros de protección das captacións de auga para abastecemento, só se admitirán novas captacións de abastecemento substitutivas ou complementarias das existentes.

**Artigo 16. Rexistro de Zonas Protexidas**

1. Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e no 24 do RPH, no anexo 1 (identificación e mapas das zonas protexidas) da memoria do plan hidrológico, recóllese o inventario de zonas protexidas da demarcación. A situación e os límites deste rexistro de zonas protexidas, xunto coa súa caracterización, están definidos no sistema de información xeográfica que se pode consultar na páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

2. Nas zonas protexidas en áreas de captación de augas para abastecemento, todas as actuacións susceptibles de afectar o estado químico ou ecolóxico do medio acuático, e a garantía do aproveitamento, precisarán informe favorable do organismo de bacía. Prohíbense:

- a) Verteduras, líquidas ou sólidas, procedentes de asentamentos urbanos, actividades industriais, agrícolas ou gandeiras.
- b) A utilización de fertilizantes, pesticidas e outros produtos químicos que poidan afectar a calidade das augas.
- c) Nas augas costeiras, as manobras de buques para aprovisionamento, limpeza, pesca con redes de arrastre, etc.
- d) Depósito de materiais procedentes de escavacións ou dragaxes.

3. Para os efectos do artigo 24 do RPH nas zonas de uso recreativo só serán recollidas como zonas protexidas os espazos de baño.

4. Aplícanse os seguintes criterios para a definición das zonas de protección:

- a) Nas zonas de baño debidamente balizadas coincidirá coa zona sinalizada.
- b) Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha largura de 200 metros nas praias e 50 metros no resto da costa.

#### Capítulo VI: Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

##### **Artigo 17.** *Obxectivos ambientais das masas de auga*

1. Defínense como obxectivos ambientais das masas de auga da demarcación hidrográfica de Ceuta e os prazos previstos para a súa consecución os que se relacionan no apéndice 5.

2. As excepcións ao cumprimento dos obxectivos xerais xustifícanse nas fichas sistemáticas que se inclúen no anexo 2 da memoria.

##### **Artigo 18.** *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga*

Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puidesen prever razoablemente, nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga, son as seguintes:

- a) Graves inundacións, entendéndose por tales as enchentes de caudal superior ao da máxima chea ordinaria definido no artigo 4.2 do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- b) Seca prolongada, entendéndose por tal a correspondente ao estado de alerta ou o establecido, no anexo 1, do Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da bacía do Guadalquivir, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.
- c) Accidentes non previstos razoablemente, tales como verteduras ocasionais, fallos en sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias e accidentes no transporte, así como as circunstancias derivadas de incendios forestais.



---

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

---

**Artigo 19.** *Condicións para as novas modificacións ou alteracións*

As masas de auga en que hai planificadas modificacións ou alteracións físicas que poden impedir o logro dos seus obxectivos ambientais, durante a vixencia deste plan hidrológico, identifícanse no apéndice 6. O cumprimento do disposto no artigo 39 do RPH queda documentado no anexo 2 da memoria do plan.

Capítulo VII: Medidas de protección das masas de auga

**Sección I. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico**

**Artigo 20.** *Medidas relativas ao réxime concesional e de autorizacións*

1. A concesión ou autorización administrativa dun aproveitamento ou subministración de auga será requisito imprescindible para a contratación e prestación da subministración enerxética.
2. No prazo de vixencia deste plan hidrológico, o organismo de bacía exixirá a inscrición dun título de dereito de augas a todos os aproveitamentos do rexistro de captacións destinadas ao abastecemento urbano que se relacionan no anexo 1 de zonas protexidas da memoria do plan hidrológico, ou polo menos o inicio da súa tramitación.
3. De conformidade co artigo 59.4 do TRLA, as concesións de aproveitamento de augas outorgaranse por un prazo máximo de entre vinte e corenta anos. Non obstante, poderanse outorgar por prazo superior cando quede acreditado no expediente de concesión que os investimentos que se deban realizar para o desenvolvemento da actividade económica exixen un prazo maior para a súa recuperación e garantía de viabilidade, caso en que se outorgarán polo tempo necesario para isto, co límite temporal de setenta e cinco anos.

**Artigo 21.** *Medidas relativas aos aproveitamentos de augas superficiais*

As autorizacións e concesións para actividades consuntivas e non consuntivas en augas costeiras rexeranse pola súa lexislación específica. De conformidade co artigo 108 bis do texto refundido da Lei de augas, co fin de garantir o bo estado ecolóxico das masas de auga costeiras, a Administración responsable deberá impor nas concesións ou autorizacións prescricións que garantan a “non deterioración” do estado ecolóxico ou do potencial e, se é o caso, que non impidan ou dificulten a súa mellora, así como requisitos de seguimento, que permitan comprobar a súa evolución. Os resultados destes seguimentos serán remitidos ao organismo de bacía pola Administración competente da concesión ou autorización, cunha periodicidade mínima anual.

**Artigo 22.** *Medidas relativas aos aproveitamentos de auga subterránea*

En todas as masas de auga subterránea, definidas no artigo 15.2, só se admitirán, con carácter xeral, novas concesións destinadas ao abastecemento. Calquera outra solicitude de concesión para uso distinto ao abastecemento será obxecto de análise por parte do organismo de bacía, e é preceptivo un informe da Cidade de Ceuta sobre o seu impacto nas necesidades proxectadas de abastecemento; a decisión final do organismo de bacía estará fundamentada na sustentabilidade do medio e no interese social e económico do aproveitamento solicitado.

**Sección II. Medidas para a protección do estado das masas de auga****Artigo 23. Xestión de verteduras**

Anualmente, o organismo de bacía poderá aprobar e executar un programa de inspeccións de verteduras, cunha frecuencia de inspeccións baseada nos seguintes criterios:

- a) Adecuación das instalacións de tratamento das verteduras.
- b) Incumprimentos detectados con anterioridade.
- c) Poboación atendida ou volume que verte a industria.
- d) Perigosidade da vertedura industrial.
- e) Existencia en núcleos urbanos dun número importante de industrias, ou de industrias altamente contaminantes pola toxicidade potencial das súas verteduras ou polo seu volume.
- f) Aproveitamentos situados sobre masas de auga subterránea, especialmente sobre as identificadas en risco de non alcanzar o bo estado.
- g) Aproveitamentos que afecten abastecemento de poboacións.
- h) Existencia de espazos naturais protexidos ou especies en perigo.

En función dos resultados da campaña, o organismo de bacía procederá, de ser o caso, á aplicación das determinacións da sección 7ª, capítulo II do título III do RDPH, sobre suspensión e revogación das autorizacións de verteduras, sen prexuízo do réxime sancionador que corresponda.

**Artigo 24. Vertedura de núcleos illados de poboación**

Para a autorización de verteduras procedentes daqueles núcleos illados de poboación a que se refire o artigo 253 do RDPH, o conxunto de edificacións que o integra deberá contar cun sistema unitario para a evacuación e tratamento das verteduras xeradas, e non se permitirá o tratamento ou eliminación individualizado.

**Artigo 25. Verteduras industriais**

1. As verteduras industriais en redes urbanas sen depuración deberán suxeitarse a normas que non poderán ser menos estritas que as de vertedura a leito público, a excepción daquelas verteduras que estean suxeitas a un plan de redución da contaminación na súa autorización de vertedura.

2. Cando polo volume ou características do efluente industrial non sexa posible cumprir coas ordenanzas municipais en canto a valores admisibles para augas residuais urbanas sen depuración, e cando o municipio teña carencias en canto á depuración das súas verteduras, deberanse seguir os criterios establecidos no punto anterior. En calquera caso, respectarase a autonomía local e, consecuentemente, o que para tales efectos diten as ordenanzas de verteduras establecidas polos entes locais.

**Artigo 26. Medidas relativas á protección das augas subterráneas fronte á intrusión de augas salinas**

Para a protección das masas de auga subterránea fronte á intrusión de augas salinas fórmulanse os seguintes criterios básicos:

- a) Cómpre realizar estudos xeolóxicos e hidroxeolóxicos para lograr un coñecemento adecuado do acuífero ou masa de auga subterránea e unha información sobre a piezometría e características fisicoquímicas das augas, estas últimas a través de medidas de condutividade. Así mesmo, débese elaborar un balance de recursos dispoñibles/demandas.

---

Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

---

- b) Como consecuencia dos estudos da alínea a), cando sexa posible, procederá a realizar unha zonificación da masa de auga, establecendo unha primeira zona, xeralmente comprendida nunha banda próxima ao mar, na cal se poderá prohibir a execución de novos pozos. Unha segunda zona definirá a área en que se deberá introducir un estrito control de niveis piezométricos e de condutividade das augas, elaborando mapas de isohipsas e de isocondutividade, en virtude dos cales se adopten as medidas precisas. Unha terceira zona corresponderáse con áreas sen perigo inminente de intrusión, para as cales se establece, non obstante, un seguimento da piezometría e da condutividade das augas.
- c) Seguirá unha fase de seguimento en que se aplicarán as normas de explotación definidas para cada zona.
- d) Se como consecuencia da evolución desfavorable dos parámetros baixo control se infire o risco futuro de intrusión salina, poderase dar comezo a unha segunda fase de alerta en que se estudará a viabilidade de construír unha barreira hidráulica contra a intrusión salina mediante a inxección de auga reutilizada ou auga da rede; para isto realizaranse os estudos de campo e gabinete necesarios.
- e) Por último, xestionarase a barreira hidráulica conxuntamente coa explotación do acuífero, controlando, así mesmo, a evolución de niveis e calidades fisicoquímicas das augas.

### ***Sección III. Medidas para a protección contras as inundacións e as secas***

#### **Artigo 27. Medidas de protección contra as inundacións**

Para a xestión de inundacións, sen prexuízo das disposicións regulamentarias de carácter xeral que estean en vigor, teranse en conta os criterios establecidos no Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica de Ceuta para o período 2015-2021.

#### **Artigo 28. Protección contra as secas**

En relación coa protección contra secas, observarase o disposto no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, que inclúe como anexo o plan especial de Ceuta. Este acomodará o seu ciclo de actualización ou revisión ao do plan hidrolóxico de bacía, de tal forma que se verifique que tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos da planificación hidrolóxica.

### ***Sección IV. Réxime económico-financeiro da utilización do dominio público hidráulico***

#### **Artigo 29. Excepcións á aplicación do principio de recuperación de custos**

1. De conformidade co artigo 111 bis.3 do TRLA, mediante resolución do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderanse establecer, motivadamente, excepcións ao principio de recuperación de custos, en atención aos supostos que, en virtude do artigo 42.4 do RPH, se establecen a continuación:

- a) Polo menos ata a seguinte revisión do plan, respecto á capacidade de pagamento dos usuarios urbanos, compáranse os custos das medidas coa renda dos fogares. Considéranse desproporcionadas aquelas medidas de recuperación de custo que supoñan máis do 1,2% da renda media dispoñible dos fogares.

Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

- b) Aplicaranse, así mesmo, excepcións ao principio de recuperación de custos cando, como consecuencia da implantación de determinadas medidas para a satisfacción das demandas, tanto en servizos en alta, con recursos convencionais ou non convencionais, como en baixa, xa sexa de abastecemento, saneamento ou depuración, o incremento repercutido, en termos reais do custo ao cidadán, supere o 8% anual acumulativo.

2. Tales supostos servirán de xustificación para a emisión do informe do organismo de bacía, previsto no mencionado artigo 111 bis do TRLA, sempre que se acredite que non se comprometen nin os fins nin os logros ambientais establecidos no plan.

Capítulo VIII. Programa de medidas**Artigo 30. Definición do programa de medidas**

O programa de medidas deste plan hidrolóxico vén constituído polas medidas que se describen no anexo 3 da memoria. Os investimentos previstos aos distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 7, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda incorporada na parte dispositiva deste real decreto. As distintas medidas quedan agrupadas nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).
- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais para aplicar sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
- l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).
- m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
- n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
- o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).
- p) Medidas de recuperación e revisión tras inundacións (tipos 16 a 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos 1 a 10 corresponden directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga e afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; da mesma forma, as medidas dos tipos 13 a 18 corresponden coa implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación e afrontan problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de gobernanza afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de

---

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrológico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, aínda non sendo medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

Capítulo IX: Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública**Artigo 31.** *Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública*

1. O organismo de bacía establecerá o sistema organizativo e cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrológico.
2. O organismo de bacía coordinará os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrológico.
3. Os métodos e técnicas de participación que se empregarán nas distintas fases do proceso serán, entre outros, entrevistas, xornadas de portas abertas, reunións bilaterais, talleres, participación interactiva, mesas sectoriais e multisectoriais, conferencias e mesas redondas.
4. Os puntos de contacto para a consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan durante os procesos de información pública, consulta pública e participación activa do plan hidrológico serán, mentres non se dispoña outra cosa:
  - a) A sede do organismo de bacía en Sevilla.
  - b) A páxina web do organismo de bacía.
  - c) A páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
  - d) A Delegación do Goberno de Ceuta.

**Artigo 32.** *Autoridades competentes*

A actual composición do Comité de Autoridades Competentes detállase no capítulo 15 da memoria do plan hidrológico. A Confederación Hidrográfica do Guadalquivir manterá actualizada e porá á disposición do público, a través da súa páxina web ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)) a composición do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Ceuta, a medida que, conforme o indicado no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, se poidan ir producindo cambios na composición ou designación dos membros do citado comité.

Capítulo X: Seguimento do plan hidrológico**Artigo 33.** *Seguimento do plan hidrológico*

Xunto á documentación que, conforme o artigo 87.4 do RPH, se debe someter á consideración do Consello da Auga da Demarcación, deberase incluírse a táboa de indicadores de seguimento que figura no apéndice 8.

**Apéndices á normativa:**

1. Masas de auga superficial
2. Indicadores e límites de cambio de clase para os elementos de calidade das masas de auga superficial
3. Masas de auga subterránea
4. Valores limiar para as masas de auga subterránea
5. Obxectivos ambientais nas masas de auga
6. Novas modificacións físicas ou alteracións consignadas na memoria do plan hidrológico da demarcación
7. Programa de medidas
8. Requisitos adicionais de publicidade (artigo 26, Lei 21/2013)

Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

## APÉNDICE 1. MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 1.1. Tipoloxía das masas de auga superficial da categoría costeiras.

CÓDIGO TIPOLOXÍA	DESCRIPCIÓN DO TIPO	Nº MASAS EXISTENTES
AC-T10	Augas costeiras mediterráneas influenciadas por augas atlánticas	2
AMP-T06	Augas costeiras mediterráneas de renovación alta	1
<b>Masas de auga superficial da categoría de costeiras</b>		<b>3</b>

## Apéndice 1.2. Tipoloxía das masas de auga superficial naturais da categoría costeiras.

CÓDIGO MASA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPOLOXÍA	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )
ES150MSPF404900001	Baía norte	AC-T10	
ES150MSPF404900002	Baía sur	AC-T10	

## Apéndice 1.3. Tipoloxía das masas de auga superficial moi modificadas da categoría costeiras.

CÓDIGO MASA	NOME MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPOLOXÍA	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )
ES150MSPF417060003	Porto de Ceuta	AMP-T06	

## APÉNDICE 2. INDICADORES E LÍMITES DE CAMBIO DE CLASE PARA OS ELEMENTOS DE CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 2.1. Indicadores para a avaliación dos elementos de calidade de augas costeiras adicionais aos previstos no RD 817/2015.

TIPO DE ELEMENTOS DE CALIDADE	ELEMENTO DE CALIDADE	INDICADOR	ACRÓNIMO
Biolóxicos	Fitoplancto	Percentil 90 de clorofila a ( <i>inshore e nearshore</i> )	
		Reconto de células por taxons	
	Flora acuática: anxiospermas	Recubrimento	
	Fauna bentónica de invertebrados	Índice multimétrico específico do tipo	
Hidromorfolóxicos	Condições morfolóxicas	Profundidade máxima e mínima	BMVE
		Pendente media, características granulométricas	D50
		Largura da zona intermareal entre a preamar viva equinoccial (PMVE) e a baixamar viva equinoccial	PMVE BMVE
	Réxime de mareas	Grao de exposición ás ondas	
		Velocidade das correntes dominantes	
	Dirección das correntes dominantes		
Fisicoquímicos	Condições xerais: transparencia	Sólidos en suspensión	
		Turbidez	
		Profundidade disco de Secchi	
	Condições xerais: condicións térmicas	Temperatura da auga	
		Oxíxeno disolto	
	Condições xerais: condicións de oxixenación	Taxa de saturación do oxíxeno	
		Salinidade UPS	
	Condições xerais: salinidade	Nitróxeno total	
		Nitratos + nitritos	
	Condições xerais: nutrientes	Fósforo total	
Fósforo reactivo soluble			
Contaminantes específicos vertidos en cantidades significativas		Substancias preferentes do anexo V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro	

## Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

Apéndice 2.1.1. Condicións de referencia e valores correspondentes ao bo estado para masas de auga costeiras naturais tipo AC-T10.

INDICADOR	CONDICIÓN DE REFERENCIA	VALORES CORRESPONDENTES AO BO ESTADO
Fitoplancto Percentil 90 de Chl a ( $\mu\text{g/l}$ ) inshore	4	12
Fitoplancto Percentil 90 de Chl a ( $\mu\text{g/l}$ ) nearshore	2	6
Outra flora acuática (macroalgas) CARLIT/Benthos	1	0,6

Apéndice 2.1.2. Condicións de referencia e valores correspondentes ao ben potencial para masas de auga costeiras moi modificadas tipo AMP-T06.

INDICADOR	CONDICIÓN DE REFERENCIA	VALORES CORRESPONDENTES AO BO POTENCIAL
Fitoplancto Percentil 90 de Chl a ( $\mu\text{g/l}$ ) inshore	2,64-12,52	4,32-26,6

## APÉNDICE 3. MASAS DE AUGA SUBTERRÁNEA

CÓDIGO MASA	NOME MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )
ES150MSBT000150100	Acuífero do occidente ceutí	11,15

## APÉNDICE 4. VALORES LIMIAR PARA AS MASAS DE AUGA SUBTERRÁNEA

INDICADOR	LIMIAR
Extraccións	80% do recurso dispoñible
Descenso de niveis	Non
Afección ambiental	Non
Descenso de caudais	Non
Praguicidas	0,1 $\mu\text{g/l}$
Fluoruros	1,5 $\mu\text{g/l}$
Arsénico	0,01 $\text{mg/l}$
Nitratos	50 $\text{mg/l}$

## APÉNDICE 5. OBXECTIVOS AMBIENTAIS NAS MASAS DE AUGA

Apéndice 5.1. Obxectivos ambientais nas masas de auga superficiais da categoría costeiras.

CÓDIGO	NOME MASA	NATUREZA	OBXECTIVO	PRÓRROGA
ES150MSPF404900001	Baía norte	Natural	Bo estado ecolóxico e bo estado químico	
ES150MSPF404900002	Baía sur	Natural	Bo estado ecolóxico e bo estado químico	
ES150MSPF417060003	Porto de Ceuta	Moi modificada	Bo potencial ecolóxico e bo estado químico	2021

Apéndice 5.2. Obxectivos ambientais nas masas de auga subterránea.

CÓDIGO	NOME MASA	OBXECTIVO AMBIENTAL	PRÓRROGA
ES150MSBT000150100	Acuífero do occidente ceutí	Bo estado cuantitativo e bo estado químico	



Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

**APÉNDICE 6. NOVAS MODIFICACIÓNS FÍSICAS OU ALTERACIÓNS CONSIGNADAS NA MEMORIA DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN**

MASA DE AUGA		MODIFICACIÓNS OU ALTERACIÓNS CONSIGNADAS NO PLAN HIDROLÓXICO	
CÓDIGO	NOME	ACTUACIÓN	PROGRAMACIÓN
ES150MSPF417060003	Porto de Ceuta	Proxecto de ampliación do porto de Ceuta	
ES150MSPF404900001	Baía norte		

**APÉNDICE 7. PROGRAMA DE MEDIDAS**

Clave de medidas	Nº de medidas	PERÍODO (2016-2021)	PERÍODO (2022-2027)	Total
01. Redución da contaminación puntual	9	54,18	44,70	98,88
02. Redución da contaminación difusa	2	0,58	0,58	1,16
03. Redución da presión por extracción de auga	6	13,50	8,50	22,00
04. Morfolóxicas	4	1,85	0,75	2,60
06. Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos	2	0,10	0,01	0,11
11. Outras medidas (non ligadas directamente a presións nin impactos): gobernanza	3	0,29	0,29	0,58
12. Incremento de recursos dispoñibles	13	44,25	8,75	53,00
13. Medidas de prevención de inundacións	10	2,00	5,13	7,13
14. Medidas de protección fronte a inundacións	7	0,19	--	0,19
19. Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga	7	6,56	5,56	12,12
<b>Total</b>	<b>63</b>	<b>123,50</b>	<b>74,27</b>	<b>197,77</b>

Cifras en millóns de euros

**APÉNDICE 8. REQUISITOS ADICIONAIS DE PUBLICIDADE (ART. 26 DA LEI 21/2013, DE AVALIACIÓN AMBIENTAL)**

**I. Introducción:**

O artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que:

*No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no "Boletín Oficial del Estado" ou diario oficial correspondente a seguinte documentación:*

- a) *A resolución pola que se adopta ou aproba o plan ou programa, e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro do dito plan ou programa.*
- b) *Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:*
  1. *De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.*
  2. *Como se tomou en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se é o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.*
  3. *As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.*
- c) *As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.*

## Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

A alínea a) queda completada coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto aprobatorio, cuxa disposición adicional terceira indica os enderezos electrónicos a través dos cales se pode acceder ao contido íntegro dos plans.

As seguintes páxinas incorporan o contido sinalado nas alíneas b) e c) do citado artigo 26.2 de Lei de avaliación ambiental.

**II. Resultado da integración dos aspectos ambientais no plan hidrológico ou no programa de medidas contido no dito plan.**

A seguir identifícanse, de forma sintética, aqueles contidos do plan hidrológico (2015-2021) que resultaron merecedores dunha atención específica para unha maior integración dos aspectos ambientais no proceso de planificación hidrolóxica:

- a) Na **delimitación das masas de auga** tívose en conta a existencia de áreas protexidas.
- b) Conforme o artigo 99 bis do TRLA, actualizouse o **registro de zonas protexidas** engadindo 1 nova zona protexida. **As redes de control de zonas protexidas** de abastecemento revisáronse para confirmar que se están realizando os controis naquelas masas de auga en que se está extraendo auga de forma significativa para consumo humano.
- c) Respecto á **valoración do estado das masas de auga**, o número de masas de auga en bo estado é de 3, o que supón un 75% do total de masas.
- d) No plan definíronse os **obxectivos ambientais** das masas de auga da demarcación e os prazos previstos para a súa consecución. Para alcanzar os obxectivos mencionados combináronse as **medidas máis adecuadas** considerando os seus aspectos económicos, sociais e ambientais. Ademais, na selección do conxunto de medidas tivéronse en conta, nos casos onde foi posible realizalo, os resultados da análise custo-eficacia, así como os efectos sobre outros problemas ambientais e sociais.
- e) Levouse a cabo unha **estimación do custo ambiental asociado á prestación dos servizos da auga** e inclusión na análise de recuperación de custos. O custo ambiental defínese como o custo adicional que é necesario asumir para recuperar o estado -ou potencial- das masas de auga retirando a deterioración introducida polo servizo da auga para o cal se valora o grao de recuperación de custos.
- f) Entre os **plans dependentes do plan hidrológico** encóntranse os plans de xestión das situacións de secas e inundacións, dos cales se incorpora un resumo no plan hidrológico, tal e como establece a IPH.
- g) Dispónse dun plan especial de seca para a bacía do Guadalquivir aprobado en marzo de 2007, que contén un anexo referente á demarcación hidrográfica de Ceuta. O Plan especial de seca do Guadalquivir revisouse en paralelo ao plan hidrológico. O Plan de avaliación e xestión do risco de inundación da demarcación de Ceuta realizouse coordinadamente co plan hidrológico.
- h) Así mesmo, deuse cumprimento a outro dos grandes obxectivos do proceso que consiste na transparencia e **participación pública** a través do acceso á información do proceso planificador. Realizáronse consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas tanto en relación co documento inicial estratéxico e co estudo ambiental estratéxico, como en relación aos distintos documentos do plan hidrológico.

**III. Procedemento seguido para a toma en consideración no plan ou programa do estudo ambiental estratéxico, dos resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se as houbo, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se é o caso, as discrepancias que se producen ao longo do proceso de planificación.**

Como resultado das consultas realizadas identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron a información pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En particular, recibíronse tres documentos que quedaron analizados no informe das propostas, observacións e suxestións, ao cal se pode acceder a través do enderezo electrónico que conduce á documentación deste plan hidrológico.

## Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

A declaración ambiental estratéxica, aprobada por resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 21 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- a) Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans
- b) Sobre a determinación do estado das masas de auga
- c) Sobre a definición dos obxectivos ambientais
- d) Sobre o programa de medidas
- e) Sobre os efectos en Rede Natura 2000 terrestre e mariña e espazos protexidos
- f) Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga
- g) Sobre o seguimento ambiental

Parte destas determinacións débense aplicar no propio plan hidrolóxico, polo que as tarefas que conducen á súa materialización se incorporan no programa de medidas que acompaña o plan (ver anexo 3 á memoria). Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo, que se deberán evidenciar na futura revisión prevista para final do ano 2021.

#### IV. Motivos determinantes da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

Para a elección da alternativa máis adecuada, considerouse unha **alternativa 0**, ou **tendencial**, que vén corresponder coa evolución tendencial dos problemas se non se revisa o plan hidrolóxico da demarcación. Adicionalmente, considérase unha **alternativa 1**, de máximo cumprimento posible dos obxectivos ambientais no horizonte de 2021; e, complementariamente, unha **alternativa 2**, onde para a resolución de cada un dos problemas se integra a consideración dos aspectos socioeconómicos relevantes que tamén son obxectivo da planificación.

Á vista dos resultados da análise realizada, tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	· Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.	· O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial é menor que na alternativa 1, para o horizonte 2015. En 2021 estimanse os mesmos resultados para as alternativas 0 e 1. · Pérdese a oportunidade de traballar de forma conxunta fronte ao risco de inundación e incumpriríase a normativa europea.
Alt. 1	· O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial aumenta ata o 100% no horizonte 2015. · Inténtase reducir ao máximo o risco de inundación, coa conseguinte minimización de danos futuros.	· Elevadas necesidades investidoras e peor axuste ao contexto económico. · Posibles problemas de coordinación cos obxectivos da Directiva marco da auga. · Rexeitamento social e perda de valores ambientais dos ecosistemas asociados.
Alt. 2	· Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico. · Redución xeral do risco de inundación de forma sustentable e custo eficiente.	· O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial diminúe para o horizonte 2021 respecto ás alternativas 0 e 1 que alcanzan o 100%.

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que as alternativas 0 e 2, non obstante, as necesidades investidoras desta non permiten levala a cabo no contexto económico actual.

Anexo VIII. Plan hidrológico da DH de CEUTA (2015-2021)

En todo caso, a alternativa 2 propón medidas adicionais que melloran a situación actual das masas de auga e de atención das demandas, pero sen estrangular a actividade económica ligada ao uso da auga.

Por todo isto, a alternativa 2 resulta ser a **alternativa seleccionada** e a que se desenvolveu na revisión do plan hidrológico.

**V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.**

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se propuxo inicialmente no documento de referencia e que se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe seguidamente.

Como consecuencia de todo isto, a Confederación Hidrográfica do Guadalquivir informará con periodicidade non superior ao ano o Consello da Auga da Demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e en calquera caso, antes de final de 2018), presentárase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.



Anexo VIII. Plan hidrolóxico da DH de CEUTA (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	% respecto a unha especie concreta explicativa	PHC	-									
	% respecto a outra especie concreta explicativa	PHC	-									
PATRIMONIO XEOLÓXICO SOLO E PAISAXE	Superficie de solo con risco moi alto de desertificación (ha)	PAND	-									
	Superficie de solo urbano (ha)	IMAGRAMA	673 ha (40% bacía)									
AUGA POBOACIÓN SAÚDE HUMANA	Número de masas de auga afectadas por presións significativas	PHC	4									
	% de masas de auga afectadas por presións significativas	PHC	100%									
	Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHC	0									
	% de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHC	0%									
	Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHC	0%									
	Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHC	2	2	66,67%	3	100%	3	100%	3	100%	
	% de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHC	66,67%	66,67%	66,67%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	
	Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHC	1	1	100%	1	100%	1	100%	1	100%	
	% de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHC	100,00%	100,00%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	
	Número de masas de auga a que se aplica prórroga	PHC	1	1	100%	0	0%	0	0%	0	0%	







---

Anexo IX. Plan hidrológico da DH de MELILLA (2015-2021)

## ANEXO IX

### DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE MELILLA

## DISPOSICIONES NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE MELILLA

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrológico*

O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Melilla é o definido polo artigo 3.8 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

De acordo co artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, defínese a demarcación como sistema de explotación único.

#### **Artigo 3.** *Delimitación da demarcación e das masas de auga*

O ámbito territorial da demarcación e os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga realízase conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no sistema de información da páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)). Na falta do previsto con carácter específico noutras disposicións, o exercicio das funcións de administración deste sistema de información levarao a cabo a Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía.

### Capítulo I. Definición das masas de auga

#### **Sección I. Masas de auga superficial**

#### **Artigo 4.** *Identificación de masas de auga superficial*

De acordo co artigo 5 do RPH, este plan hidrológico identifica catro masas de auga superficial que figuran relacionadas no apéndice 1. As catro masas de auga identificadas e delimitadas asígnanse:

- a) Á categoría río, unha masa de auga, río de Oro, que é unha masa de auga moi modificada.
- b) Á categoría costeira, tres masas de auga, das cales unha, o porto de Melilla, corresponde a masa de auga moi modificada.

#### **Artigo 5.** *Condicións de referencia e límites de cambio de clase*

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 2 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores específicos para esta demarcación hidrográfica non incluídos no citado real decreto, que se deberán usar complementariamente.

### ***Sección II. Masas de auga subterránea***

#### **Artigo 6. *Identificación das masas de auga subterránea***

Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrolóxico identifica 3 masas de auga subterránea na súa bacía que figuran relacionadas no apéndice 3.

#### **Artigo 7. *Valores limiar para masas de auga subterránea***

Os valores limiar adoptados no plan hidrolóxico respecto aos contaminantes que se utilizarán para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da demarcación hidrográfica de Melilla foron fixados atendendo aos criterios establecidos no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, e son os que se indican no apéndice 4.

### Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos

#### **Artigo 8. *Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos***

Para o sistema de explotación único definido neste plan hidrolóxico, e conforme o disposto no artigo 60 do TRLA, establécese a seguinte orde de preferencia entre os diferentes usos da auga, tendo en conta as exigencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno.

- a) Fonecemento de poboación, incluíndo na súa dotación a necesaria para industrias de pouco consumo de auga, situadas nos núcleos de poboación e conectadas á rede municipal.
- b) Uso industrial para a produción de enerxía eléctrica.
- c) Outros usos industriais.
- d) Usos recreativos.
- e) Regadío e outros usos agropecuarios.
- f) Acuicultura.
- g) Navegación e transporte acuático.
- h) Outros usos.

### Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais

#### **Artigo 9. *Réximes de caudais ecolóxicos***

1. Dado que os réximes de auga que discorren polos leitos son moi similares aos naturais, ao non existiren infraestruturas de regulación significativas ou concesións de augas que os poidan alterar, non cabe establecer caudais ecolóxicos, no marco estipulado na Instrución de planificación hidrolóxica e conforme o regulado nos artigos 42 e 59 do TRLA.

2. Tendo en conta a interrelación que debe existir entre as masas de auga subterránea e as masas de auga superficial da categoría río, o presente plan, de conformidade co disposto no número anterior, non pode definir un réxime de caudais ecolóxicos; no entanto, garantírase que a alteración sobre o fluxo natural das augas subterráneas sexa mínima. Consecuentemente, as extraccións futuras dos acuíferos reservaranse exclusivamente para o fonecemento urbano e prohíbese, salvo casos excepcionais, que sexan considerados polo organismo de bacía para outros usos.

#### Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos

##### **Artigo 10. Asignación de recursos para usos e demandas actuais e futuras**

1. Conforme o establecido no artigo 42.1 b) e c') do TRLA, sobre asignación e reserva de recursos, este plan hidrológico establece que todos os recursos actualmente dispoñibles se reservan para o fornecemento urbano, respectando os que actualmente se utilizan nos pequenos regadíos e outras actividades de escasa relevancia no conxunto total.

2. Calquera outra actividade que poida xurdir no futuro e sexa consumidora do recurso deberá xerar previamente a súa propia fonte de fornecemento, fundamentalmente mediante desalga da auga do mar ou reutilización de augas rexeneradas.

##### **Artigo 11. Dotacións e demanda de fornecemento**

1. Establécese unha dotación bruta máxima de auga para fornecemento urbano á cidade de Melilla de 260 litros por habitante e día, no horizonte 2021. Entenderase como dotación bruta o cociente entre o volume disposto á rede de fornecemento en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de fornecemento máis os habitantes equivalentes de poboación eventual.

2. Fíxase como obxectivo nas redes de distribución de fornecemento urbano alcanzar unha eficiencia mínima de 0,80, calculada como o cociente entre o recurso fornecido ao usuario final e o desencorado ou captado, sen contabilizar o rexeitamento nin as perdas na potabilización, antes do horizonte 2021.

3. Adóptanse os criterios de garantía e de retornos que establece a Instrución de planificación hidrolóxica no número 3.1.2.2.

4. Establécese a obriga de fornecer, polo menos anualmente, a seguinte información ao organismo de bacía:

- I. Volume de auga extraído en orixe.
- II. Volume de auga fornecido total.
- III. Volume de auga fornecido e facturado.
- IV. Volume de auga fornecido e non facturado.
- V. O volume de auga extraído en orixe débese definir para cada un dos puntos de captación de auga.

##### **Artigo 12. Dotacións e demandas agrarias**

Adóptanse as dotacións de rega e os criterios de garantía e retorno que establece a Instrución de planificación hidrolóxica número 3.1.2.3, salvo xustificación técnica do contrario.

##### **Artigo 13. Dotacións e demandas para o uso industrial**

En previsión de que no futuro se asista á implantación de instalacións industriais na cidade de Melilla, adóptanse as dotacións e os criterios de garantía e retorno que establece a Instrución de planificación hidrolóxica número 3.1.2.5, salvo xustificación técnica en contra.

## **Artigo 14. Reserva de recursos**

Resérvanse para o fornecemento urbano os recursos da demarcación que proceden das seguintes fontes de fornecemento:

- a) Planta desalinizadora de auga de mar.
- b) Captación do río de Oro.

## Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección

### **Artigo 15. Perímetros de protección**

1. Para os efectos previstos no artigo 57 do RPH, establécense os perímetros de protección nas áreas de captación para fornecemento que se relacionan no anexo 1 da memoria do plan hidrolóxico. A situación e os límites destes perímetros están definidos no sistema de información xeográfica que pode consultarse na páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)) e actualizaranse conforme evolucionen as captacións de fornecemento.

2. Transitoriamente, e ata que o organismo de bacía aprobe a delimitación hidroxeolóxica dos perímetros de protección das captacións de auga subterránea, estes coincidirán coa masa de auga en que se sitúan.

3. A delimitación dos perímetros de protección nas masas de auga costeira terá en conta a dinámica litoral, o grao de confinamento da masa, así como o seu estado químico e ecolóxico, os volumes captados e as características da captación. Ata que se delimiten os perímetros de protección establécese, con carácter provisional, un raio de protección de 500 m con centro no punto de toma.

4. Nos perímetros de protección das captacións de auga para fornecemento só se admitirán novas captacións de fornecemento substitutivas ou complementarias das existentes.

### **Artigo 16. Rexistro de zonas protexidas**

1. Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e o 24 do RPH, no anexo 1 (identificación e mapas das zonas protexidas) da memoria do plan hidrolóxico, recóllese o inventario de zonas protexidas da demarcación. A situación e os límites do Rexistro de Zonas Protexidas, xunto coa súa caracterización, están definidos no sistema de información xeográfica que se pode consultar na páxina web da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

2. Nas zonas protexidas en áreas de captación de augas para fornecemento, todas as actuacións susceptibles de afectar o estado químico ou ecolóxico do medio acuático e a garantía do aproveitamento precisarán de informe favorable do organismo de bacía. Prohíbense:

- a) Verteduras, líquidas ou sólidas, procedentes de asentamentos urbanos, actividades industriais, agrícolas ou gandeiras.
- b) A utilización de fertilizantes, pesticidas e outros produtos químicos que poidan afectar a calidade das augas.
- c) Nas augas costeiras as manobras de buque para aprovisionamento, limpeza, pesca con redes de arrastre, etc.
- d) Depósito de materiais procedentes de escavacións ou dragaxes.

Anexo IX. Plan hidrológico da DH de MELILLA (2015-2021)

3. Para os efectos do artigo 24 do RPH, nas zonas de uso recreativo só serán consideradas como zonas protexidas os espazos de baño.

4. Aplícanse os seguintes criterios para a definición das zonas de protección:

- a) Nas zonas de baño debidamente balizadas coincidirá coa zona sinalizada.
- b) Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha largura de 200 metros nas praias e 50 metros no resto da costa.

Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

**Artigo 17.** *Obxectivos ambientais das masas de auga*

1. Defínense como obxectivos ambientais das masas de auga da demarcación hidrográfica de Melilla e como prazos previstos para a súa consecución os que se relacionan no apéndice 5.

2. Cada unha das excepcións ao cumprimento dos obxectivos xerais xustifícase nas fichas sistemáticas que se inclúen no anexo 2 á memoria do plan.

**Artigo 18.** *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga*

Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepciónais ou non se puidesen prever razoablemente, nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga, son as seguintes:

- a) Graves inundacións, entendendo por tales as enchentes de caudal superior ao da máxima chea ordinaria definido no artigo 4.2 do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- b) Seca prolongada, entendendo por tal a correspondente ao estado de alerta ou o establecido no anexo 1 do Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da bacía do Guadalquivir, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.
- c) Accidentes non previstos razoablemente, tales como verteduras ocasionais, fallos en sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias e accidentes no transporte, así como as circunstancias derivadas de incendios forestais.

**Artigo 19.** *Condicións para as novas modificacións ou alteracións*

As masas de auga en que hai planificadas modificacións ou alteracións físicas que poden impedir o logro dos seus obxectivos ambientais durante a vixencia deste plan hidrológico identifícanse no apéndice 6. O cumprimento do disposto no artigo 39 do RPH queda documentado no anexo 2 á memoria do plan.

## Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga

### ***Sección I. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico***

#### **Artigo 20. Medidas relativas ao réxime concesional e de autorizacións**

1. A concesión ou autorización administrativa dun aproveitamento ou fornecemento de auga será requisito imprescindible para a contratación e prestación do fornecemento enerxético.
2. No prazo de vixencia deste plan hidrológico, o organismo de bacía exixirá a inscrición dun título de dereito de augas a todos os aproveitamentos do rexistro de captacións destinadas ao fornecemento urbano que se relacionan no anexo 1 de zonas protexidas da memoria do plan hidrológico ou, polo menos, o inicio da súa tramitación.
3. De conformidade co artigo 59.4 do TRLA, as concesións de aproveitamento de augas outorgaranse por un prazo máximo de entre vinte e corenta anos. Non obstante, poderán outorgarse por prazo superior cando quede acreditado no expediente de concesión que os investimentos que se deban realizar para o desenvolvemento da actividade económica exixen un prazo maior para a súa recuperación e garantía de viabilidade, e neste caso outorgaranse polo tempo necesario para isto, co límite temporal de setenta e cinco anos.

#### **Artigo 21. Medidas relativas aos aproveitamentos de augas superficiais**

As autorizacións e concesións para actividades consuntivas e non consuntivas en augas costeiras rexeranse pola súa lexislación específica. De conformidade co artigo 108 bis do TRLA, a fin de garantir o bo estado ecolóxico das masas de auga costeiras, a Administración responsable deberá impor nas concesións ou autorizacións prescricións que garantan a “non deterioración” do estado ecolóxico ou do potencial e, se for o caso, que non impidan ou dificulten a súa mellora, así como requisitos de seguimento, que permitan comprobar a súa evolución. Os resultados destes seguimentos serán remitidos ao organismo de bacía pola Administración competente da concesión ou autorización, cunha periodicidade mínima anual.

#### **Artigo 22. Medidas relativas aos aproveitamentos de auga subterránea**

En todas as masas de auga subterránea, definidas no artigo 15.2, só se admitirán, con carácter xeral, novas concesións destinadas ao fornecemento. Calquera outra solicitude de concesión para uso distinto ao fornecemento será obxecto da análise do organismo de bacía e é preceptivo un informe da Cidade de Melilla sobre o seu impacto nas necesidades proxectadas de fornecemento; a decisión final do organismo de bacía estará fundamentada con base na sustentabilidade do medio e no interese social e económico do aproveitamento solicitado.

### ***Sección II. Medidas para a protección do estado das masas de auga***

#### **Artigo 23. Control das autorizacións de vertedura**

Anualmente, o organismo de bacía poderá aprobar e executar un programa de inspeccións de verteduras, cunha frecuencia de inspeccións conforme os seguintes criterios:

- a) Adecuación das instalacións de tratamento das verteduras.

## Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

- b) Incumprimentos detectados con anterioridade.
- c) Poboación atendida ou volume que verte a industria.
- d) Perigosidade da vertedura industrial.
- e) Existencia en núcleos urbanos dun número importante de industrias ou de industrias altamente contaminantes pola toxicidade potencial ou polo volume das súas verteduras.
- f) Aproveitamentos situados sobre masas de auga subterránea, especialmente sobre as identificadas en risco de non alcanzaren o bo estado.
- g) Aproveitamentos que afecten o fornecemento de poboacións.
- h) Existencia de espazos naturais protexidos ou especies en perigo.

En función dos resultados da campaña, o organismo de bacía procederá, se for o caso, á aplicación das determinacións da sección 7ª, capítulo II do título III do RDPH, sobre suspensión e revogación das autorizacións de verteduras, sen prexuízo do réxime sancionador que corresponda.

**Artigo 24. Veredura de núcleos illados de poboación**

Para a autorización de verteduras procedentes daqueles núcleos illados de poboación a que se refire o artigo 253 do RDPH, o conxunto de edificacións que o integra deberá contar cun sistema unitario para a evacuación e o tratamento das verteduras xeradas e non se permitirán o tratamento ou a eliminación individualizados.

**Artigo 25. Vereduras industriais**

1. As verteduras industriais en redes urbanas sen depuración deberanse suxeitar a normas que non poderán ser menos estritas que as de vertedura a leito público, a excepción daquelas verteduras que estean suxeitas a un plan de redución da contaminación na súa autorización de vertedura.
2. Cando polo volume ou características do efluente industrial non sexa posible cumprir coas ordenanzas municipais en canto a valores admisibles para augas residuais urbanas sen depuración, e cando o municipio teña carencias en canto á depuración das súas verteduras, deberanse seguir os criterios establecidos no número anterior. En calquera caso, respectarase a autonomía local e, consecuentemente, o que para tales efectos diten as ordenanzas de verteduras establecidas polos entes locais.

**Artigo 26. Medidas relativas á protección das augas subterráneas fronte á intrusión de augas salinas**

Para a protección das masas de augas subterráneas fronte á intrusión de augas salinas fórmulanse os seguintes criterios básicos:

- a) Cómpre realizar estudos xeolóxicos e hidroxeolóxicos para lograr un coñecemento adecuado do acuífero ou da masa de auga subterránea e unha información sobre a piezometría e as características fisicoquímicas das augas, estas últimas a través de medidas de condutividade. Así mesmo, débese elaborar un balance de recursos dispoñibles/demandas.
- b) Como consecuencia dos estudos da alínea a), cando sexa posible, procederase a realizar unha zonificación da masa de auga en que se establecerá unha primeira zona, xeralmente comprendida nunha banda próxima ao mar, na cal se poderá prohibir a execución de novos pozos. Unha segunda zona definirá a área en que se deberá introducir un estrito control de niveis piezométricos e de condutividade das augas, elaborando mapas de isohipsas e de



---

Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

---

isocondutividade, en virtude dos cales se adopten as medidas precisas. Unha terceira zona corresponderíase con áreas sen perigo inminente de intrusión, na cal se establece, non obstante, un seguimento da piezometría e da condutividade das augas.

- c) Seguirá unha fase de seguimento en que se aplicarán as normas de explotación definidas para cada zona.
- d) Se, como consecuencia da evolución desfavorable dos parámetros baixo control, se inferir o risco futuro de intrusión salina, poderase dar comezo a unha segunda fase de alerta en que se estudará a viabilidade de construír unha barreira hidráulica contra a intrusión salina mediante a inxección de auga reutilizada ou auga da rede, para o cal se realizarán os estudos de campo e gabinete necesarios.
- e) Por último, xestionarase a barreira hidráulica conxuntamente coa explotación do acuífero, controlando, asemade, a evolución de niveis e calidades fisicoquímicas das augas.

### ***Sección III. Medidas para a protección contras as inundacións e as secas***

#### ***Artigo 27. Medidas de protección contra as inundacións***

Para a xestión de inundacións, sen prexuízo das disposicións regulamentarias de carácter xeral que estean en vigor, teranse en conta os criterios establecidos no Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica de Melilla para o período 2015-2021.

#### ***Artigo 28. Medidas de protección contra as secas***

En relación coa protección contra secas, observarase o disposto no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, que inclúe como anexo o Plan especial de Melilla. Este acomodará o seu ciclo de actualización ou revisión ao do plan hidrolóxico de bacía, de tal forma que se verifique que tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos da planificación hidrolóxica.

### ***Sección IV. Réxime económico-financeiro da utilización do dominio público hidráulico***

#### ***Artigo 29. Excepcións á aplicación do principio de recuperación de custos***

1. De conformidade co artigo 111 bis.3 do TRLA, mediante resolución do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderanse establecer, motivadamente, excepcións ao principio de recuperación de custos, en atención aos supostos que, en virtude do artigo 42.4 do RPH, se establecen a seguir:

- a) Polo menos ata a seguinte revisión do plan, respecto á capacidade de pagamento dos usuarios urbanos, compáranse os custos das medidas coa renda dos fogares. Considéranse desproporcionadas aquelas medidas de recuperación de custo que supoñan máis do 1,2% da renda media dispoñible dos fogares.
- b) Aplicaranse, así mesmo, excepcións ao principio de recuperación de custos cando, como consecuencia da implantación de determinadas medidas para a satisfacción das demandas, tanto en servizos en alta, con recursos convencionais ou non convencionais, como en baixa, xa sexan de fornecemento, saneamento ou depuración, o incremento repercutido, en termos reais do custo ao cidadán, supere o 8% anual acumulativo.

2. Tales supostos servirán de xustificación para a emisión do informe do organismo de bacía, previsto no mencionado artigo 111 bis do TRLA, sempre que se acredite que non se comprometen nin os fins nin os logros ambientais establecidos no plan.

### Capítulo VIII. Programa de medidas

#### **Artigo 30. Definición do Programa de medidas.**

O Programa de medidas deste plan hidrolóxico vén constituído polas medidas que se describen no anexo 3 da memoria. Os investimentos previstos nos distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 7, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda incorporada na parte dispositiva deste real decreto. As distintas medidas quedan agrupadas nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).
- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e do funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non se aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais que se aplicarán sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
- l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).
- m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
- n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
- o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).
- p) Medidas de recuperación e revisión despois de inundacións (tipos 16 a 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos do 1 ao 10 corresponden directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga e afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; da mesma forma, as medidas dos tipos do 13 ao 18 corresponden coa implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación e afrontan problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de gobernanza afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrolóxico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, aínda sen seren medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

### Capítulo IX. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública

#### **Artigo 31.** *Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública*

1. O organismo de bacía establecerá o sistema organizativo e o cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrológico.
2. O organismo de bacía coordinará os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrológico.
3. Os métodos e técnicas de participación que se empregarán nas distintas fases do proceso serán, entre outros, entrevistas, xornadas de portas abertas, reunións bilaterais, obradoiros, participación interactiva, mesas sectoriais e artigos, conferencias e mesas redondas.
4. Os puntos de contacto para a consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan durante os procesos de información pública, consulta pública e participación activa do plan hidrológico serán, en canto non se dispoña outra cosa:
  - a) A sede do organismo de bacía en Sevilla.
  - b) A páxina web do organismo de bacía.
  - c) A páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
  - d) A Delegación do Goberno de Melilla.

#### **Artigo 32.** *Autoridades competentes*

A actual composición do Comité de Autoridades Competentes detállase no capítulo 15 da memoria do plan hidrológico. A Confederación Hidrográfica do Guadalquivir manterá actualizada e porá ao dispor do público, a través da súa páxina web ([www.chguadalquivir.es](http://www.chguadalquivir.es)), a composición do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Melilla, a medida que, conforme o indicado no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, se poidan ir producindo cambios na composición ou designación dos membros do citado comité.

### Capítulo X. Seguimento do plan hidrológico

#### **Artigo 33.** *Seguimento do plan hidrológico*

Xunto á documentación que, conforme o artigo 87.4 do RPH, debe someterse á consideración do Consello da Auga da demarcación, deberá incluírse a táboa de indicadores de seguimento que figura no apéndice 8.

## Apéndices á normativa:

1. Masas de auga superficial
2. Indicadores e límites de cambio de clase para os elementos de calidade das masas de auga superficial
3. Masas de auga subterránea
4. Valores limiar para as masas de auga subterránea
5. Obxectivos ambientais nas masas de auga
6. Novas modificacións físicas ou alteracións consignadas na memoria do Plan hidrológico da demarcación
7. Programa de medidas
8. Requisitos adicionais de publicidade (artigo 26, Lei 21/2013)

Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

## APÉNDICE 1. MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 1.1. Tipoloxía das masas de auga superficial da categoría río.

CÓDIGO TIPOLOXÍA	DESCRICIÓN DO TIPO	Nº MASAS EXISTENTES
R-T07-HM	Ríos mineralizados mediterráneos de baixa altitude. Moi modificado	1
<b>Masas de auga superficial da categoría río</b>		<b>1</b>

## Apéndice 1.2. Tipoloxía das masas de auga superficial da categoría costeiras.

CÓDIGO TIPOLOXÍA	DESCRICIÓN DO TIPO	Nº MASAS EXISTENTES
AMP-T05	Augas costeiras mediterráneas de renovación baixa	1
AC-T08	Augas costeiras mediterráneas non influídas por achegas fluviais, profundas rochosas	2
<b>Masas de auga superficial da categoría costeiras</b>		<b>3</b>

## Apéndice 1.3. Masas de auga superficial moi modificadas da categoría río.

CÓDIGO MASA	NOME DA MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPOLOXÍA	LONXITUDE (km)
ES160MSPF111070001	Río de Oro	R-T07-HM	21

## Apéndice 1.4. Masas de auga superficial naturais da categoría costeiras.

CÓDIGO MASA	NOME DA MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPOLOXÍA	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )
ES160MSPF404880003	Horcas Coloradas-Cabo Trapana	AC-T08	
ES160MSPF404880002	Aguadú-Horcas Coloradas	AC-T08	

## Apéndice 1.5. Masas de auga superficial moi modificadas da categoría costeiras.

CÓDIGO MASA	NOME DA MASA DE AUGA SUPERFICIAL	CÓDIGO TIPOLOXÍA	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )
ES160MSPF417050004	Porto de Melilla	AMP-T05	

## APÉNDICE 2. INDICADORES E LÍMITES DE CAMBIO DE CLASE PARA OS ELEMENTOS DE CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAL

## Apéndice 2.1. Indicadores para a avaliación dos elementos de calidade de ríos adicionais aos previstos no RD 817/2015.

TIPO DE ELEMENTOS DE CALIDADE	ELEMENTO DE CALIDADE	INDICADOR	ACRÓNIMO
Hidromorfolóxicos	Condições morfolóxicas	Índice de hábitat fluvial	IHF
Físicoquímicos	Oxigenación	DBO <sub>5</sub>	DBO5
	Salinidade	Condutividade eléctrica a 20°C media	CONDUTIVIDADE
	Nutrientes	Opcional: nitróxeno total e fósforo total	
	Contaminantes específicos	Substancias preferentes do anexo V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, sobre as normas de calidade ambiental para substancias preferentes	

## Anexo IX. Plan hidrológico da DH de MELILLA (2015-2021)

Apéndice 2.1.1. Valores correspondentes ao bo potencial para masas de auga moi modificadas da categoría río, tipo R-T07-HM.

INDICADOR	VALORES CORRESPONDENTES AO BO POTENCIAL
DBO5	6 mg/l O <sub>2</sub>
NITRATO	<25 mg/l NO <sub>3</sub>
FÓSFORO TOTAL	< 0,4 mg/l PO <sub>4</sub>
pH	6-9
OXÍXENO DISOLTO	5 mg/l
TAXA DE SATURACIÓN DE OXÍXENO	70-120%
AMONIO	< 1 mg NH <sub>4</sub> /l

Apéndice 2.2. Indicadores para a avaliación dos elementos de calidade de augas costeiras adicionais aos previstos no RD 817/2015.

TIPO DE ELEMENTOS DE CALIDADE	ELEMENTO DE CALIDADE	INDICADOR	ACRÓNIMO
Biolóxicos	Fitoplancto	Percentil 90 de clorofila A ( <i>inshore e nearshore</i> )	
		Reconto de células por taxons	
	Flora acuática: anxiospermas	Recubrimento	
	Fauna bentónica de invertebrados	Índice multimétrico específico do tipo	
Hidromorfolóxicos	Condicións morfolóxicas	Profundidade máxima e mínima	BMVE
		Pendente media, características granulométricas	D50
		Largura da zona intermareal ente a preamar viva equinoccial e a baixamar viva equinoccial	PMVE BMVE
	Réxime de mareas	Grao de exposición á ondada	
		Velocidade das correntes dominantes	
		Dirección das correntes dominantes	
Fisicoquímicos	Condicións xerais: transparencia	Sólidos en suspensión	
		Turbidez	
		Profundidade disco de Secchi	
	Condicións xerais: condicións térmicas	Temperatura da auga	
	Condicións xerais: condicións de oxixenación	Oxíxeno disolto	
		Taxa de saturación do oxíxeno	
	Condicións xerais: salinidade	Salinidade UPS	
	Condicións xerais: nutrientes	Nitróxeno total	
		Nitratos + nitritos	
		Fósforo total	
Fósforo reactivo soluble			
Contaminantes específicos vertidos en cantidades significativas	Substancias preferentes do anexo V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro		

Apéndice 2.2.1. Condicións de referencia e valores correspondentes ao bo estado para masas de auga costeiras, tipo AC-T08.

INDICADOR	CONDICIÓN DE REFERENCIA	VALORES CORRESPONDENTES AO BO ESTADO
Fitoplancto (clorofila A) <i>inshore</i>	2,2	3,6
Fitoplancto (clorofila A) <i>nearshore</i>	0,9	1,8

## Anexo IX. Plan hidrológico da DH de MELILLA (2015-2021)

Apéndice 2.2.2. Condicións de referencia e valores correspondentes ao bo potencial para masas de auga costeiras, tipo AMP-T05\*.

INDICADOR	CONDICIÓN DE REFERENCIA	VALORES CORRESPONDENTES AO BO POTENCIAL
Fitoplancto percentil 90 de Chl a ( $\mu\text{g/l}$ ) <i>inshore</i>	3-14	5-31
Contaminantes non sintéticos carbono orgánico total (en auga)		10
Nitratos (en auga)		30
Fosfatos (en auga)		15

\*As mostras tomadas na masa do porto nun prazo inferior a dez días despois dunha descarga de chuva torrencial do río de Oro non se deben considerar representativas ata que se normalice a situación.

## APÉNDICE 3. MASAS DE AUGA SUBTERRÁNEA

CÓDIGO MASA	NOME DA MASA DE AUGA SUBTERRÁNEA	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )
ES160MSBT000160100	Acuífero calcario	6,63
ES160MSBT000160200	Acuífero aluvial	1,92
ES160MSBT000160300	Acuífero volcánico	6,55

## APÉNDICE 4. VALORES LIMIAR PARA AS MASAS DE AUGA SUBTERRÁNEA

INDICADOR	LIMIAR
Extraccións	80% do recurso dispoñible
Descenso de niveis	Non
Afección ambiental	Non
Descenso de caudais	Non
Praguicidas	0,1 $\mu\text{g/l}$
Fluoruros	1,5 $\mu\text{g/l}$
Arsénico	0,01 $\text{mg/l}$
Nitratos	50 $\text{mg/l}$

## APÉNDICE 5. OBXECTIVOS AMBIENTAIS NAS MASAS DE AUGA

## Apéndice 5.1. Obxectivos ambientais nas masas de auga superficial da categoría río.

MASA DE AUGA			OBXECTIVO AMBIENTAL	
CÓDIGO	NOME	NATUREZA	OBXECTIVO	PRÓRROGA
ES160MSPF111070001	Río de Oro	Moi modificada	Bo potencial ecolóxico e bo estado químico	2021

## Apéndice 5.2. Obxectivos ambientais nas masas de auga superficial da categoría costeira.

MASA DE AUGA			OBXECTIVO AMBIENTAL	
CÓDIGO	NOME	NATUREZA	OBXECTIVO	PRÓRROGA
ES160MSPF417050004	Porto de Melilla	Moi modificada	Bo potencial ecolóxico e bo estado químico	
ES160MSPF404880003	Horcas Coloradas-Cabo Trapana	Natural	Bo estado ecolóxico e bo estado químico	
ES160MSPF404880002	Aguadú-Horcas Coloradas	Natural	Bo estado ecolóxico e bo estado químico	

Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

## Apéndice 5.3. Obxectivos ambientais nas masas de auga subterránea.

CÓDIGO	NOME MASA	OBXECTIVO AMBIENTAL	PRÓRROGA
ES160MSBT000160100	Acuífero calcario	Bo estado cuantitativo e bo estado químico	2021
ES160MSBT000160200	Acuífero aluvial	Bo estado cuantitativo e bo estado químico	2021
ES160MSBT000160300	Acuífero volcánico	Bo estado cuantitativo e bo estado químico	2021

## APÉNDICE 6. NOVAS MODIFICACIÓNS FÍSICAS OU ALTERACIÓNS CONSIGNADAS NA MEMORIA DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓ

MASA DE AUGA		MODIFICACIÓNS OU ALTERACIÓNS CONSIGNADAS NO PLAN HIDROLÓXICO	
CÓDIGO	NOME	ACTUACIÓ	MOTIVO DA MODIFICACIÓ
ES160MSPF417050004	Porto de Melilla	Proxecto de ampliación do porto de Melilla	Modificación das condicións hidromorfolóxicas da masa de auga producida polo desenvolvemento de portos e infraestruturas portuarias: dársenas portuarias, canles de acceso a instalacións portuarias, peiraos portuarios e diques de abrigo. Afectará un 18,24% da masa de auga denominada Horcas Coloradas-Cabo Trapana.
ES160MSPF404880003	Horcas Coloradas-Cabo Trapana		

## APÉNDICE 7. PROGRAMA DE MEDIDAS

Clave de medidas	Nº de medidas	PERÍODO (2016-2021)	PERÍODO (2022-2027)	PERÍODO (2028-2033)	Total
01. Redución da contaminación puntual	4	16,40	14,25	--	30,65
03. Redución da presión por extracción de auga	1	1,45	--	--	1,45
04. Morfolóxicas	2	1,60	--	--	1,60
06. Conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos	1	0,00	--	--	--
11. Outras medidas (non ligadas directamente a presións nin impactos): gobernanza	10	2,27	12,43	--	14,70
12. Incremento de recursos dispoñibles	10	39,99	5,75	--	45,74
13. Medidas de prevención de inundacións	9	1,38	--	--	1,38
14. Medidas de protección fronte a inundacións	12	0,07	31,33	27,43	58,83
19. Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga	10	1,60	59,85	171,36	232,81
<b>Total</b>	<b>59</b>	<b>64,76</b>	<b>123,61</b>	<b>198,79</b>	<b>387,16</b>

Cifras en millóns de euros



## APÉNDICE 8. REQUISITOS ADICIONAIS DE PUBLICIDADE (ART. 26 DA LEI 21/2013, DE AVALIACIÓN AMBIENTAL)

### I. Introducción:

O artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que:

*No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no Boletín Oficial del Estado ou diario oficial correspondente a seguinte documentación:*

- a) *A resolución pola que se adopta ou aproba o plan ou programa e unha referencia ao enderezo electrónico no cal o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro do dito plan ou programa.*
- b) *Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:*
  - 1º *De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.*
  - 2º *Como se tomou en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se for o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.*
  - 3º *As razóns da escolla da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas.*
- c) *As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.*

A alínea a) queda completada coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto aprobatorio, cuxa disposición adicional terceira indica os enderezos electrónicos a través dos cales se pode acceder ao contido íntegro dos plans.

As seguintes páxinas incorporan o contido sinalado nas alíneas b) e c) do citado artigo 26.2 de Lei de avaliación ambiental.

### II. Resultado da integración dos aspectos ambientais no plan hidrolóxico ou no programa de medidas contido no dito plan.

A seguir identifícanse, de forma sintética, aqueles contidos do plan hidrolóxico (2015-2021) que se consideraron merecentes dunha atención específica para unha maior integración dos aspectos ambientais no proceso de planificación hidrolóxica:

- a) Na **delimitación das masas de auga** tívose en conta a existencia de áreas protexidas.
- b) **As redes de control de zonas protexidas** de fornecemento revisáronse para confirmar que se están a realizar os controis naquelas masas de auga en que se está a extraer auga de forma significativa para consumo humano.
- c) No plan definíronse os **obxectivos ambientais** das masas de auga da demarcación e os prazos previstos para a súa consecución. Para alcanzar os obxectivos mencionados combináronse as **medidas máis adecuadas**, considerando os seus aspectos económicos, sociais e ambientais. Ademais, na selección do conxunto de medidas tivéronse en conta, nos casos onde foi posible realizalo, os resultados da análise custo-eficacia, así como os efectos sobre outros problemas ambientais e sociais.
- d) Levouse a cabo unha **estimación do custo ambiental asociado á prestación dos servizos da auga** e inclusión na análise de recuperación de custos. O custo ambiental defínese como o custo adicional que é necesario asumir para recuperar o estado -ou potencial- das masas de auga retirando a deterioración introducida polo servizo da auga para o cal se valora o grao de recuperación de custos.
- e) Entre os **plans dependentes do plan hidrolóxico** encóntranse os plans de xestión das situacións de secas e inundacións, dos cales se incorpora un resumo no plan hidrolóxico, tal e como establece a IPH.
- f) Dispónse dun plan especial de seca para a bacía do Guadalquivir aprobado en marzo de 2007 que contén un anexo referente á demarcación hidrográfica de Melilla. O Plan especial de seca do Guadalquivir revisouse en paralelo ao plan hidrolóxico. O plan de avaliación e xestión do risco de inundación da demarcación de Melilla realizouse coordinadamente co plan hidrolóxico.
- g) Así mesmo, deuse cumprimento a outro dos grandes obxectivos do proceso, que consiste na transparencia e **participación pública** a través do acceso á información do proceso planificador. Fixéronse consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas tanto en relación co documento inicial estratéxico e co estudo ambiental estratéxico como en relación cos distintos documentos do plan hidrolóxico.

Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

**III. Procedemento seguido para a toma en consideración no plan ou programa do estudo ambiental estratéxico, dos resultados da información pública e das consultas, incluíndo, se as houber, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se for o caso, as discrepancias que se producen ao longo do proceso de planificación.**

Como resultado das consultas realizadas identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron a información pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En particular, recibíronse 5 documentos que quedaron analizados no “Informe das propostas, observacións e suxestións”, ao cal se pode acceder a través do enderezo electrónico que conduce á documentación deste plan hidrolóxico.

A declaración ambiental estratéxica, aprobada por resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 21 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- a) Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans
- b) Sobre a determinación do estado das masas de auga
- c) Sobre a definición dos obxectivos ambientais
- d) Sobre o programa de medidas
- e) Sobre os efectos na Rede Natura 2000 terrestre e mariña e nos espazos protexidos
- f) Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga
- g) Sobre o seguimento ambiental

Parte destas determinacións aplicaranse no propio plan hidrolóxico, polo que as tarefas que conducen á súa materialización se incorporan no programa de medidas que acompaña o plan (ver o anexo 3 da memoria). Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo, que deberán evidenciarse na futura revisión prevista para final do ano 2021.

**IV. Motivos determinantes da escolla da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas.**

Para a escolla da alternativa máis adecuada considerouse unha **alternativa 0**, ou **tendencial**, que viría corresponder coa evolución tendencial dos problemas se non se revisase o plan hidrolóxico da demarcación. Adicionalmente, considérase unha **alternativa 1**, de máximo cumprimento posible dos obxectivos ambientais no horizonte de 2021; e, complementariamente, **unha alternativa 2**, onde para a resolución de cada un dos problemas se integra a consideración dos aspectos socioeconómicos relevantes que tamén son obxectivo da planificación.

Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alternativa 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais na totalidade das masas de auga superficial é menor que na alternativa 1, para o horizonte 2015. En 2021 estímase os mesmos resultados para a alternativa 0 e 1.</li> <li>• Pérdese a oportunidade de traballar de forma conxunta fronte ao risco de inundación e incúmprese a normativa europea.</li> </ul>

## Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alternativa 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga subterránea aumenta ata o 100% no horizonte 2015.</li> <li>Téntase reducir ao máximo o risco de inundación, coa conseguinte minimización de danos futuros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elevadas necesidades investidoras e peor axuste ao contexto económico.</li> <li>Posibles problemas de coordinación cos obxectivos da Directiva marco da auga.</li> <li>Rexeitamento social e perda de valores ambientais dos ecosistemas asociados.</li> </ul>
Alternativa 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> <li>Redución xeral do risco de inundación de forma sustentable e custo eficiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O grao de cumprimento dos obxectivos ambientais en masas de auga superficial diminúe para o horizonte 2021 respecto das alternativas 0 e 1, reducíndose ao 28,6%</li> </ul>

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos obxectivos ambientais que as alternativas 0 e 2; no entanto, as súas necesidades investidoras non permiten levala a cabo no contexto económico actual.

En todo caso, a alternativa 2 propón medidas adicionais que melloran a situación actual das masas de auga e de atención das demandas, mais sen estrangular a actividade económica ligada ao uso da auga.

Por todo isto, a alternativa 2 resulta ser a alternativa seleccionada e a que se desenvolveu na revisión do plan hidrolóxico.

#### V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se formulou inicialmente no documento de referencia e se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe a seguir.

Como consecuencia de todo isto, a Confederación Hidrográfica do Guadalquivir informará, con periodicidade non superior ao ano, o Consello da Auga da demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e, en calquera caso, antes de final de 2018), presentarase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
AIRE-CLIMA	Emissiones totales de GEI (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario nacional de emisiones	467,16 (2011)									
	Emissiones GEI na agricultura (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario nacional de emisiones	Non significativo		Non significativo			Non significativo		Non significativo		
	Energía hidroeléctrica producida en réxime ordinario (GWh/%)	Minetur	-									
AIRE-CLIMA	Recursos hídricos naturais (hm <sup>3</sup> )	PHD	13,78									
	Número de situacións de emerxencia por seca nos últimos cinco anos	<a href="http://www.chguadaiaq.uivir.es">www.chguadaiaq.uivir.es</a>	0									
	Número de espazos Rede Natura incluídos no RZP da demarcación	PHD	2									
VEXETACIÓN FAUNA ECOSISTEMAS BIODIVERSIDADE	Número de reservas naturais fluviais incluídas no RZP	PHD	0									
	Número de zonas de protección especial incluídas no RZP	PHD	0									
	Número de zonas húmidas incluídas no RZP	PHD	0									
AIRE-CLIMA	Número de puntos de control do réxime de caudais ecolóxicos	PHD	Non procede		Non procede			Non procede		Non procede		Non procede







Anexo IX. Plan hidrolóxico da DH de MELILLA (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	Demanda total para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		
	Volume fornecido para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		
	% de unidades de demanda de regadío que non cumpren os criterios de garantía	PHD	Non procede	Non procede		Non procede		Non procede		Non procede		
	Retorno en usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		
	Capacidade total de encorramento (hm <sup>3</sup> )	PHD	0,36 (balsa Las Adelfas)									
	Capacidade máxima de desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	18,98									
	Volume fornecido por desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	0									
	Volume reutilizado (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	0,4									
	Superficie total en regadío (ha)	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		
	% superficie regadío localizado	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		
	% superficie en regadío por aspersión	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		
	% superficie en regadío por gravidade	PHD	Non significativa	Non significativa		Non significativa		Non significativa		Non significativa		





---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

## ANEXO X

### DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO SEGURA

## DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO SEGURA

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrológico*

1. O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrológico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Segura é o definido polo artigo 2.2 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións.

2. Adicionalmente, para os efectos da avaliación e aplicación dos recursos hídricos da demarcación e exclusivamente no que afecta estes, inclúense nos balances de recursos e demandas do plan as transferencias de augas con destino a regadío e abastecemento que utilizan recursos hídricos captados na bacía do Segura ou procedentes do acueduto Texo-Segura que se aplican na demarcación hidrográfica das bacías mediterráneas andaluzas ou na demarcación hidrográfica do Xúcar.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. Dentro do ámbito territorial do presente plan descrito no artigo 1, defínese un sistema de explotación único para toda a demarcación, que considera en forma agregada, esquemática e apta para ser abordada mediante técnicas de análises de sistemas, a totalidade das súas unidades de demanda, as súas fontes de subministración e as redes básicas para a captación, almacenamento e condución das augas entre unhas e outras.

2. A existencia dun sistema de explotación único é consecuencia do elevado grao de interconexión hidráulica que presenta a práctica totalidade das zonas territoriais do ámbito do plan e da existencia de recursos complementarios ou alternativos de orixes distintas que se aplican sobre as mesmas superficies ou que se destinan a atender as mesmas demandas.

3. A adopción dun sistema de explotación único non supón por si mesma a consideración de que calquera recurso con que conta a demarcación poida ser adscrito á atención de calquera demanda. Os distintos aproveitamentos existentes na demarcación encóntranse sometidos ao réxime concesional e normativo vixente, e a súa garantía de subministración está vinculada ao seu título de dereito e retorno e á procedencia do recurso para cada aproveitamento utilizado.

#### **Artigo 3.** *Delimitación da demarcación, dos sistemas de explotación e das masas de auga*

As xeometrías das entidades xeoespaciais que delimitan o ámbito territorial da demarcación, o seu sistema de explotación e as súas 177 masas de auga identificáronse conforme a información

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

---

alfanumérica e xeoespacial dixital que se encontra accesible ao público na web da Confederación Hidrográfica do Segura ([www.chsegura.es](http://www.chsegura.es)). O exercicio das funcións de administración deste sistema de información levarao a cabo a oficina de planificación hidrolóxica do organismo de bacía.

### Capítulo I. Definición das masas de auga

#### ***Sección I. Masas de auga superficial***

##### ***Artigo 4. Identificación de masas de auga superficial***

De acordo co artigo 5 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, este plan hidrolóxico identifica 114 masas de auga superficial que aparecen relacionadas e caracterizadas no apéndice 2. Das 114 masas de auga superficial identificadas e delimitadas, incluíndo as de orixe artificial e moi modificadas, asígnanse:

- a) Á categoría río, 90 masas de auga, das cales 69 corresponden a ríos naturais e 21 a masas de auga moi modificadas.
- b) Á categoría lago, 6 masas de auga, das cales 1 corresponde a lago natural, 2 a masas de auga moi modificadas e 3 a masas de auga artificiais.
- c) Á categoría transición, 1 masa de auga, correspondente a unha masa de auga moi modificada.
- d) Á categoría costeira, 17 masas de auga, das que 3 corresponden a masas de auga moi modificadas.

##### ***Artigo 5. Condicións de referencia e límites de cambio de clase.***

1. Os indicadores que deben utilizarse para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 3 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores específicos para esta demarcación hidrográfica, non incluídos no citado real decreto, que se deberán usar complementariamente.

2. As condicións de referencia establecidas no referido apéndice non serán obxecto de consideración para a identificación do bo estado dunha masa de auga cando o seu incumprimento sexa consecuencia exclusivamente de circunstancias naturais.

#### ***Sección II. Masas de auga subterránea***

##### ***Artigo 6. Identificación das masas de auga subterránea***

1. Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrolóxico identifica no seu ámbito territorial as 63 masas de auga subterránea, que figuran relacionadas no apéndice 4.1.

2. Os datos relativos ás súas magnitudes teñen o seu fundamento nos estudos realizados e correspóndense coa mellor información dispoñible na data de aprobación do Plan. A avaliación do

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

estado dos acuíferos e masas de auga subterránea farase en cada momento con base na mellor e máis actualizada información de que se dispoña na oficina de planificación hidrolóxica.

3. De acordo co establecido no artigo 9.2 do RPH, propóñense, para a súa consideración por parte do Plan hidrolóxico nacional, as masas de auga compartidas con outras demarcacións relacionadas no apéndice 4.2. Os organismos de bacía implicados impulsarán, coa colaboración dos usuarios, os mecanismos de coordinación necesarios para alcanzar os obxectivos ambientais nas masas compartidas.

**Artigo 7. Valores limiar en masas de auga subterránea**

1. De acordo co establecido no artigo 32 do RPH, o estado cuantitativo das masas de auga subterránea calculouse mediante a análise do seu nivel piezométrico, a súa evolución temporal e o estado das augas superficiais relacionadas e os ecosistemas terrestres dependentes.

2. Os valores limiar adoptados no plan hidrolóxico respecto aos contaminantes que se deberán utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da demarcación hidrográfica do Segura foron calculados atendendo ao establecido no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración. Estes valores limiar relaciónanse no apéndice 5 e establecéronse conforme a metodoloxía que se expón no anexo 2 da memoria.

Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos**Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos**

1. Para os efectos do estipulado no artigo 12 do RPH, os usos da auga identificados no presente plan correspóndense cos establecidos no artigo 49 bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

2. Tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno, e respectando o carácter prioritario do abastecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos da auga recollidos no artigo 60.3 do TRLA para o sistema de explotación único de recursos é a seguinte:

1º. Uso de abastecemento de poboación.

2º. Usos agropecuarios e usos industriais distintos da produción de enerxía eléctrica.

3º Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.

4º Acuicultura.

5º Outros aproveitamentos que requiran concesión administrativa que non se encontren dentro de ningunha das categorías anteriores.

3. A orde de preferencia sinalada enténdese entre os distintos usuarios para os efectos do outorgamento de concesións que supoñan a asignación de novos volumes de auga, a cesión de dereitos e a expropiación forzosa.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

4. Para as concesións xa existentes seguirase o estipulado no artigo 61 do TRLA, que indica que toda concesión se entenderá feita sen prexuízo de terceiro, polo que rexerá con carácter xeral a norma de preferencia do dereito máis antigo sobre o máis novo, independentemente do seu uso.

Enténdese por regadíos históricos os anteriores ao ano 1933. Entre eles teñen a consideración de tradicionais os que se encontran ligados ás veigas do Segura, conforme a definición recollida no Decreto do 25 de abril de 1953, polo que se autoriza a ordenación dos aproveitamentos de rega na bacía do río Segura.

5. No presente plan hidrolóxico mantense a prioridade establecida en plans anteriores na subministración aos distintos aproveitamentos de regadío con toma no río Segura ou nos seus afluentes. A maior prioridade corresponderá aos tradicionais, seguidos polos regularizados pola súa existencia no ano 1953; despois, ás ampliacións de regadíos outorgadas ao abeiro da Orde do 25 de abril de 1953 pola que se regula a ordenación dos aproveitamentos hidráulicos na bacía do río Segura, en virtude do disposto no Decreto do 25 de abril de 1953 e, finalmente, tanto aos de sobrantes como aos que se puidesen ter outorgado con posterioridade a calquera dos anteriores.

6. Nas concesións de abastecemento de poboacións procederase á separación contable dos consumidores netamente industriais dos estritos de abastecemento urbano. Na demanda para abastecemento considerarase incluída a das pequenas industrias situadas dentro das poboacións e conectadas a redes municipais. Para este fin, as autoridades municipais e aqueles que resulten concesionarios das augas estarán obrigados a facilitar, por requirimento da Confederación Hidrográfica do Segura, as correspondentes estatísticas.

7. Nas concesións destinadas ao abastecemento de urbanizacións de nova implantación exixirase que estes novos usos fosen planificados conforme o artigo 22.3.a) do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, e o artigo 25.4 do TRLA, que exixen o informe previo do organismo de bacía relativo ao réxime e aproveitamento das augas continentais e aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía.

8. Con carácter xeral, para as concesións que supoñan a atribución de novos volumes de auga, darase preferencia a aquelas de maior utilidade pública ou que introduzan mellores técnicas que redunden nun menor consumo de auga ou no mantemento ou mellora da súa calidade.

9. A igualdade das demais condicións, serán preferentes:

- a) As actuacións que se orienten cara a unha política de aforro de auga, de mellora da súa calidade e de recuperación dos valores ambientais.
- b) A explotación conxunta e coordinada de todos os recursos dispoñibles, incluíndo augas rexeneradas e augas desalinizadas, coa restrición de non incrementar as extraccións de augas subterráneas, e as experiencias de recarga e/ou menor sobreexplotación de acuíferos.
- c) Os proxectos de carácter estratéxico, comunitario e cooperativo, fronte a iniciativas individuais.

En particular e conforme estes criterios, serán prioritarios:

- I. Nos abastecementos de poboación, as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan auga subterránea afectada por sobreexplotación por novos recursos externos.

Anexo X. Plan Hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- II. Para a redotación ou, de ser o caso, a creación de novos regadíos sociais de interese xeral, os que estean situados en zonas que sacrificasen previamente superficies de rega en proveito de servizos ou infraestruturas de uso público.
- III. No caso dos usos industriais, os que comporten menor consumo de auga por emprego xerado e menor impacto ambiental.

10. Para a xestión dos diversos aproveitamentos facúltase a Confederación Hidrográfica do Segura para a explotación global conxunta de todos os recursos hídricos, que exercerá esa facultade con respecto aos títulos de dereito de que se dispoña e sen prexuízo do necesario control segundo as súas correspondentes orixes e réximes xurídicos e económico-financeiros, de modo que se faciliten as permutas físicas entre as augas de distintas orixes.

11. Non se admitirán permutas de recursos que supoñan un prexuízo para os usuarios actuais e deberase garantir tecnicamente, con carácter previo á resolución que as acorde, a calidade e idoneidade da auga que se subministrará con esas permutas.

12. Nos procedementos administrativos en que se tramite unha autorización para a realización dunha actuación que supoña permuta física entre recursos, terán a consideración de interesados os usuarios que na actualidade se encontren recibindo os volumes que deban ser permutados, así como aqueles outros que teñan esa condición, de conformidade coa lexislación vixente.

13. Salvo situacións excepcionais, e sempre coa debida xustificación técnica, en relación coa idoneidade da auga para o seu uso, considérase como referencia un nivel máximo admisible de concentración de boro de 0,3 mg/l nas augas que circulen ou se almacenen no sistema xeral de conducción e regulación do postransvasamento Texo-Segura. Nese mesmo sentido, a incorporación de augas desalinizadas ao referido sistema xeral quedará condicionada ao cumprimento deste requisito.

### Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais

#### **Artigo 9. Réximes de caudais ecolóxicos**

1. Conforme os estudos realizados e o proceso de concertación levado a cabo, fíxanse os réximes de caudais ecolóxicos para as condicións ordinarias das masas de auga da categoría río que aparecen relacionados no apéndice 6.
2. Os réximes de caudais fixados neste plan hidrolóxico, de acordo co establecido nos artigos 59.7 e 98 do TRLA e no artigo 26 do Plan hidrolóxico nacional, non teñen o carácter de uso e deben considerarse como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación e que debe ser respectada por todos os aproveitamentos de auga. Operarán con carácter preferente sobre os usos previstos nos sistemas de explotación, sen prexuízo do uso para abastecemento de poboacións cando non exista unha alternativa de subministración viable que permita a súa correcta atención.
3. Tanto a captación directa de auga superficial fluente polo leito como a captación de augas superficiais ou subterráneas a través de pozo, gabiá ou dispositivos semellantes que detraian auga das inmediacións

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

do leito e afecten significativamente o seu caudal circulante quedan obrigadas a respectar o réxime de caudais ecolóxicos establecido nas masas de auga.

4. De acordo co establecido no artigo 26 do Plan hidrolóxico nacional, a inexistencia de obrigación expresa en relación co mantemento dos réximes de caudais ecolóxicos nas autorizacións e concesións outorgadas pola Administración hidráulica, entendendo como tal a simple cláusula que impón o seu mantemento aínda que non precise ningunha cantidade, non exonerará o concesionario do cumprimento das obrigacións xerais que respecto a tales caudais quedan establecidas neste plan hidrolóxico.

5. Para todos os efectos previstos no presente plan, considérase que calquera captación situada a menos de 100 m do leito do río cuxo nivel e calidade da auga resulte sensiblemente coincidente coa da captación afecta significativamente o caudal ecolóxico circulante polo leito.

6. En ríos non regulados, é dicir, naqueles leitos que non contén con reservas artificiais de auga almacenadas no propio eixe fluvial, a existencia dos réximes de caudais ecolóxicos quedará limitada a aqueles momentos en que a dispoñibilidade natural o permita. Se a dispoñibilidade natural non permite alcanzar os réximes de caudais ecolóxicos establecidos, non será posible levar a cabo derivacións de caudal desde os leitos afectados, con excepción do caso do abastecemento de poboacións que non poidan ser atendidas doutra forma.

7. Os caudais ecolóxicos recollidos no apéndice 6 para situacións ordinarias comprenden os caudais mínimos ecolóxicos e os caudais máximos nas masas que resultan exixibles.

**Artigo 10. Réximes de caudais ecolóxicos en condicións de seca prolongada**

1. En caso de secas prolongadas poderase aplicar un réxime de caudais menos exixente, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 do RPH sobre deterioración temporal do estado das masas de auga.

2. Este novo réxime de caudais menos rigorosos só se poderá aplicar nas zonas incluídas na Rede Natura 2000 ou na Lista de zonas húmidas de importancia internacional, de acordo co Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro de 1971, cando os obxectivos particulares de conservación destes espazos non o desaconsellen.

3. Conforme os estudos realizados fíxase o réxime de caudais ecolóxicos para estas condicións de seca prolongada das masas de auga da categoría río que aparecen relacionados no apéndice 6. Este réxime deberase incorporar na correspondente revisión do Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca.

4. A aplicación dos réximes de caudais ecolóxicos para situación de seca prolongada poderá ter lugar cando se alcance o nivel de alerta nun dos indicadores dos subsistemas bacía ou transvasamento, de acordo cos índices de estado establecidos no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca.



Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

**Artigo 11.** *Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. O réxime de caudais ecolóxicos controlarao a Confederación Hidrográfica do Segura en estacións de medición pertencentes á Rede oficial de estacións de medición (ROEM) e á Rede do sistema automático de información hidrolóxica (SAIH) que reúnan condicións adecuadas para a medición de caudais mínimos e máximos. Adicionalmente, poderase valorar o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos en campañas de medición específicas ou mediante outros procedementos e utilizaranse as localizacións naturais ou as infraestruturas existentes en que mellor se poida determinar o caudal circulante.
2. Estableceranse medidas semanais e mensuais en cada estación de control.
3. En caso de que a estación de control permita a medición en continuo dos caudais, considerárase como medida semanal a media aritmética das medidas efectuadas nunha semana natural e, como medida mensual, a media aritmética das medidas efectuadas nun mes natural.
4. Nas masas de auga disporase de estacións de medición, válidas para realizar o seguimento do réxime de caudais ecolóxicos.
5. Os titulares de aproveitamentos de augas, calquera que sexa o seu título habilitante, que incorporen nel unha presa de encoro están obrigados a instalar e manter os sistemas de medición que garantan a información precisa sobre o mantemento dos caudais ecolóxicos e deberán comunicar ao organismo de bacía, coa periodicidade que este estableza, os caudais desaugados para o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos.
6. Os titulares de aproveitamentos de augas que non inclúan sistemas de regulación no seu título habilitante quedarán obrigados, por requirimento da confederación hidrográfica, a instalar e manter sistemas de medición que garantan a información precisa sobre o mantemento dos caudais ecolóxicos nos seus puntos de captación.
7. Para o control e seguimento do réxime de caudais mínimos no tramo encoro do Taibilla-azude de toma da Mancomunidad dos Canais do Taibilla (MCT), utilizarase un lugar situado inmediatamente augas arriba do azude de toma da mancomunidad. Neste tramo o caudal instantáneo que deberá desembalsar en cada momento a presa do río Taibilla será aquel necesario para asegurar nese punto o caudal ambiental establecido, cun mínimo de  $0,1 \text{ m}^3/\text{s}$ .
8. Para o control e seguimento do réxime de caudais mínimos na mesma masa de auga no seu tramo azude de toma da MCT-Regato de Las Herrerías, elixirase un lugar situado inmediatamente augas abaixo do referido azude de toma.
9. De acordo coa regra de supremacía do uso para abastecemento de poboacións, entenderase que está garantido o uso urbano, e por tanto resulta exixible o caudal ambiental, neste segundo tramo fluvial soamente cando o volume acumulado no encoro do Taibilla resulte superior ao 60% da súa capacidade nominal.
10. Para a masa de auga do río Taibilla desde o regato de Las Herrerías ata a confluencia co río Segura, para o control do caudal ecolóxico utilizarase un lugar situado inmediatamente augas arriba do referido punto de confluencia.

---

Anexo X. Plan hidrológico da DH do SEGURA (2015-2021)**Artigo 12.** *Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. O réxime de caudais ecolóxicos previsto nas masas de auga, recollido no apéndice 6, constitúe unha restrición ao sistema de explotación que será exixible aos usuarios das masas de auga superficial da demarcación cando entre en vigor o plan hidrológico.
2. Na falta de disposición normativa de carácter xeral aplicable durante a vixencia do presente plan, entenderase que unha medida semanal no punto de control da masa de auga cumpre o réxime de caudais ecolóxicos se o caudal máis baixo medido na semana supera o 75% do valor fixado como caudal ambiental mínimo e o máis alto medido non supera o 125% do valor fixado como caudal ambiental máximo. Ademais, é necesario que o caudal medio semanal medido sexa superior ao 95% do caudal ambiental mínimo e inferior ao 105% do máximo.
3. O cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos establecerase para o ano hidrológico e entenderase que, dentro dun ano hidrológico, se cumpre co réxime de caudais establecido no apéndice 6 cando:
  - a) Os caudais mínimos se superan nun 90% das medidas semanais, sen incluír no cómputo aquelas medidas semanais en que a dispoñibilidade natural non o permita.
  - b) Os caudais máximos non se superan pola operación e xestión ordinaria das infraestruturas hidráulicas nun 95% das medidas semanais.
  - c) Non se poderán considerar como incumprimentos os desaugamentos preventivos orixinados en aplicación das normas de explotación das presas en situacións de fenómenos extremos (enchentes).

**Artigo 13.** *Circulación preferente por leitos naturais*

1. Co obxecto de favorecer o cumprimento dos caudais ecolóxicos e mellorar os ecosistemas fluviais, establécese a prioridade de circulación das augas polos leitos naturais fronte a conducións artificiais.
2. Así, tanto para as revisións concesionais como para as novas concesións, o punto de toma dos recursos hídricos superficiais situarase, con carácter xeral, en leito público e elixirase de maneira preferente aquel lugar que presente unha cota inferior e permita o exercicio dela en condicións compatibles coas infraestruturas de subministración existentes.
3. A subministración mediante peaxe de volumes aos aproveitamentos que captan do río Segura a partir das infraestruturas do postransvasamento non impedirá o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos establecido nin xerará afeccións a terceiros, e manterá en calquera caso as situacións preexistentes na data de aprobación do Plan Hidrológico do ano 1998.
4. Salvo circunstancias hidrolóxicas extraordinarias, non se permiten derivacións de recursos de dominio público hidráulico superiores á demanda efectiva en cada momento, salvo que iso resulte imprescindible por condicións do deseño da captación. Permitirase exclusivamente a circulación por elas dos caudais asociados ao mantemento e á conservación da rede de levadas e canles de drenaxe, sempre que se cumpra o réxime de caudais ecolóxicos nas masas de auga superficial das cales se detraian os recursos.

#### Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos

##### **Artigo 14. Asignación de recursos para usos e demandas actuais e futuros**

1. De conformidade co artigo 91 do RDPH, determínase a asignación de recursos que se adscriben aos aproveitamentos actuais e futuros. Considérase como asignación o uso ou destino a que se adscriben determinados recursos da bacía de acordo co volume anual necesario, os dereitos que se posúen e as necesidades cuxa satisfacción se pretende cos criterios de garantía adoptados, mesmo cando estes poidan, na data de entrada en vigor do plan, non encontrarse recoñecidos mediante a súa inscrición no rexistro ou no catálogo de augas da bacía. Esta asignación non garante a dispoñibilidade do recurso nin constitúe por si soa un título habilitador para o aproveitamento.

2. Os recursos naturais propios da demarcación cuantificáronse no plan, para a serie hidrolóxica 1980/81-2011/12, na cantidade de 854 hm<sup>3</sup>/ano. Deles os vinculados ás masas superficiais e subterráneas drenantes ao río Segura e aos seus afluentes son 740 hm<sup>3</sup>/ano e 114 hm<sup>3</sup>/ano os que o fan aos cavorcos costeiros ou ao mar.

3. Os recursos medios procedentes do transvasamento Texo-Segura no referido período cuantifícanse en 305 hm<sup>3</sup>/ano en destino. Os recursos procedentes do transvasamento Negratín-Almanzora que alcanzan a demarcación estímase na cantidade media de 17 hm<sup>3</sup>/ano, sobre un máximo de 21 hm<sup>3</sup>/ano.

4. De acordo cos balances realizados neste plan hidrolóxico e dando cumprimento ao réxime de caudais ecolóxicos, o déficit anual medio da bacía do Segura para o horizonte 2021 é de 400 hm<sup>3</sup>/ano, no suposto dunha achega polo transvasamento Texo-Segura equivalente á media histórica do período 1980/81-2011/12. O déficit está asociado á sobreexplotación dos recursos subterráneos e á infradotación de cultivos.

5. Para a satisfacción do déficit e a consecución dos obxectivos ambientais nas masas de auga cómpre o seu recoñecemento por parte do Plan hidrolóxico nacional. O grao de cumprimento dos obxectivos do plan de bacía estará condicionado, en gran maneira, polas determinacións que estableza o Plan hidrolóxico nacional e pola posibilidade de incorporación de novos recursos externos coa orixe, tarifa e punto de incorporación na demarcación que este fixe.

6. A coherencia das asignacións, dispoñibilidades e regulación xeral da bacía levouse a cabo mediante o estudo do sistema de explotación único da bacía do Segura, no cal se integran os distintos volumes, modelaxes e características das demandas e retornos, as garantías de subministración, a reutilización das augas, e as regras de xestión e prioridade de utilización legalmente establecidas, e obtivéronse as asignacións que se detallan nos seguintes puntos.

7. Asignacións no horizonte 2021 para uso urbano (abastecemento, servizos e industrias conectadas a redes municipais):

- a) Para os municipios da Mancomunidade dos Canais do Taibilla (MCT) asígnase a totalidade dos recursos propios do río Taibilla, estimados en 35 hm<sup>3</sup>/ano medios interanuais ata a presa de toma e 14 hm<sup>3</sup>/ano entre a presa de toma e o río Segura.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- b) Para o abastecemento dos municipios da Mancomunidade dos Canais do Taibilla asígnase un volume máximo de desalga para atender as demandas dos municipios vinculados a esta de: 45 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Alacant I e II; 48 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de San Pedro del Pinatar I e II. Adicionalmente, asígnanselle os volumes convidos coa mancomunidade que sexan xerados para o abastecemento dos ditos municipios nas desalinizadoras de Valdelentisco, Torrevieja e Águilas-Acuamed.
- c) Para o abastecemento dos municipios da Mancomunidade dos Canais do Taibilla asígnase un volume máximo en destino de 110 hm<sup>3</sup>/ano procedentes do transvasamento Texo-Segura.
- d) Para o abastecemento de municipios da Rexión de Murcia asígnase un volume máximo de 14 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Escombreras.
- e) Para o abastecemento do municipio de Hellín asígnase un volume máximo de 3,3 hm<sup>3</sup>/ano procedentes do canal de Hellín, garantido con 1 hm<sup>3</sup>/ano das augas subterráneas procedentes da masa de auga de Boquerón.
- f) Para o abastecemento dos municipios da bacía do Segura situados no suroeste da provincia de Albacete, non mancomunados actualmente na MCT, asígnase un volume máximo de 2,5 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos propios xerados augas arriba dos encoros de El Cenajo e El Talave.
- g) Para o abastecemento dos municipios da bacía do Segura situados na provincia de Jaén, non mancomunados actualmente na MCT, asígnase un volume máximo de 0,4 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos propios xerados augas arriba do encoro de El Cenajo.
- h) Para o abastecemento dos municipios da bacía do Segura situados no sueste de Albacete, non mancomunados actualmente na MCT, asígnase un volume máximo de 1,6 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos subterráneos das masas de auga de Boquerón, Conejeros-Albatana, Corral Rubio, El Molar, Sinclinal de la Higuera e Tobarra-Tedera-Pinilla.
- i) Para o abastecemento dos municipios de Chirivel, María, Vélez-Blanco e Vélez-Rubio, asígnase un volume máximo de 1,4 hm<sup>3</sup>/ano procedentes de recursos subterráneos das masas de auga Detrítico de Chirivel-Maláguide e Vélez Blanco-María.
- j) Para o abastecemento dos municipios de La Algueña e Pinoso asígnase un volume máximo de 1 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos renovables da masa de auga subterránea de Serral-Salinas.
- k) Para o abastecemento do municipio de Pulpí asígnase un volume máximo de 1 hm<sup>3</sup>/ano procedente da desalinizadora de Águilas-Acuamed.
- l) Para o abastecemento dos municipios da bacía do Valle del Almanzora, en Almería, asígnase un volume máximo de 1 hm<sup>3</sup>/ano procedente da desalinizadora de Águilas-Acuamed, así como a fracción correspondente dos recursos do transvasamento Texo-Segura que deriven das menores perdas que se produzan, na proporción que corresponda ao abastecemento conforme a normativa vixente.
- m) Para o abastecemento das poboacións dos termos municipais de Murcia, Abarán e Alcantarilla asígnase un volume máximo de 10 hm<sup>3</sup>/ano procedentes do río Segura.

Todo incremento de demanda urbana que exceda o correspondente ao normal crecemento da poboación existente, conforme as previsións do INE, ou que non poida ser sustentado polas asignacións anteriores, deberá ser abastecido mediante novos recursos externos ou desalinizados. Só se admitirá a utilización de novos recursos, ou a reasignación de recursos procedentes da modificación de características de aproveitamentos preexistentes da bacía do Segura, naqueles casos en que non se teña acceso a recursos externos ou desalinizados sen incorrer en custos desproporcionados.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Con independencia da procedencia final do recurso, para estas novas demandas de abastecemento deberá quedar garantida a longo prazo a sustentabilidade da explotación, tanto desde un punto de vista cualitativo como cuantitativo e denegarase calquera solicitude que incumpra este requisito.

8. Asignacións no horizonte 2021 para regadío:

- a) Ata un volume máximo de 9 hm<sup>3</sup>/ano procedentes dos recursos da bacía, entre as entidades a que se refire o artigo 2.c) do Decreto do 25 de abril de 1953, polo que se autoriza a ordenación dos aproveitamentos de rega na bacía do río Segura. En consecuencia, asignarase un volume máximo individual de 4,2 hm<sup>3</sup>/ano, 4,2 hm<sup>3</sup>/ano e 0,6 hm<sup>3</sup>/ano ás zonas de rega do Campo de Cartagena, Lorca e Mula, respectivamente. O seu tratamento será idéntico ao do resto das ampliacións da referida alínea c).
- b) Para as áreas de regadío das veigas do Segura, o volume anual total de demanda atendida con recursos superficiais propios, incluíndo regas tradicionais anteriores ao ano 1933 e as incluídas no mencionado Decreto do 25 de abril de 1953, pero excluindo as que quedan fóra da regulación e as atendidas con augas subterráneas, ata unha cantidade estimada de 334 hm<sup>3</sup>/ano, coa seguinte distribución mensual media:

Distribución mensual media do regadío das veigas do Segura

Mes	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set
%	4	4	3	3	6	8	10	11	12	14	14	11

A demanda das veigas desagrégase en regadíos tradicionais, en regadíos posteriores a 1933 e en regadíos de ampliación do Decreto do 25 de abril de 1953.

- c) Para o conxunto de regadíos da demarcación do Segura, incluídos os mencionados nas alíneas a) e b) anteriores e os regadíos de cabeceira e afluentes, ata 362 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais do río Segura e os seus afluentes, efectivos nas súas distintas tomas.
- d) Para os recursos procedentes do transvasamento Texo-Segura (ATS), con destino a uso de regadío, establécese a asignación dun volume máximo anual de ata 400 hm<sup>3</sup>/ano. Do anterior volume aproximadamente o 10,9 % aplícase en zonas pertencentes ao ámbito xeográfico do Vinalopó/L'Alacantí e un 3,6% na zona do Valle del Almanzora da demarcación hidrográfica das bacías mediterráneas andaluzas. A distribución dese volume máximo anual entre as superficies de rega, nas distintas zonas de aplicación, é a seguinte:

Distribución dos volumes máximos do ATS entre as distintas entidades de rega

ZONAS	AGRUPACIÓNS E CORPORACIÓNS DE REGANTES	VOLUME (m <sup>3</sup> /ano)
<b>ZONA DE ALACANT</b>		<b>125.000.000</b>
Regas de Levante marxe esquerda (77,51 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Regas de Levante marxe esquerda (inclúe Murada-Orihuela)	77.512.272
Albatera (7,81 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Albatera	7.815.324
San Isidro e Realengo (Los Saladares) (7,50 hm <sup>3</sup> /ano)	CR San Isidro e Realengo	7.500.000
Tomas delegadas (12,17 hm <sup>3</sup> /ano)	CR El Mojón	1.156.641
	CR El Marqués	485.366
	TOMA El Belmonte	666.925
	CR Las Cuevas 1-2	1.491.100
	CR Las Majadas	767.010

## Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

ZONAS	AGRUPACIÓNS E CORPORACIÓNS DE REGANTES	VOLUME (m <sup>3</sup> /ano)	
	CR Sagrado Corazón de Jesús La Baronesa	1.115.254	
	TOMA 3 Hnos. Martínez	555.777	
	CR El Carmen	571.739	
	CR El Reche	1.473.892	
	TOMA 11 José Soto	66.600	
	CR Toma 12 km 35	111.000	
	CR Nuestra Señora del Perpetuo Socorro	1.709.400	
	CR La Murada Norte	2.001.700	
<b>TOTAL MARXE ESQUERDA</b>		<b>105.000.000</b>	
Regas de Levante marxe dereita (5,50 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Regas de Levante marxe dereita	5.500.000	
La Pedrera (14,50 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Las Dehesas	961.350	
	CR El Barranco de Hurchillo	239.250	
	CR San Onofre e Torremendo	1.715.350	
	CR San Joaquín	479.950	
	CR La Fuensanta	1.007.750	
	CR La Estafeta	55.100	
	CR Santo Domingo	2.276.500	
	CR Campo Salinas	2.122.800	
	CR San Miguel	1.922.700	
	CR Las Cañadas	150.800	
	CR Agrícolas Villamartín	110.200	
	CR Río Nacimiento	627.850	
	CR Pilar de la Horadada	2.621.600	
CR Mengoloma	208.800		
<b>TOTAL MARXE DEREITA</b>		<b>20.000.000</b>	
<b>ZONA DE MURCIA</b>		<b>260.000.000</b>	
Veigas alta e media (65,00 hm <sup>3</sup> /ano)	Zona I	CR Calasparra	13.488.800
	Zona II	C.R. Abarán	2.272.000
		C.R. Zona II Blanca	5.728.000
	Zona III	CR Campotéjar	9.040.200
		CR Los Ángeles	1.464.000
	Zona IV	CR El Azarbe del Merancho	2.836.000
		CR San Víctor	2.780.000
		CR Rambla Salada	2.488.000
		CR La Santa Cruz	6.000.000
		CR La Isla	2.285.312
	Zona V	CR El Porvenir	7.182.860
CR Zona V sectores I e II		7.224.828	
CR El Acueduto		2.210.000	
Campo de Cartagena (122,0 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Campo de Cartagena	122.000.000	
Mula e comarca (8,00 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Pantano de La Cierva	2.717.000	
	CR La Puebla de Mula	143.000	
	CR La Purísima de Yéchar	4.000.000	
	CR Pliego	1.140.000	
Lorca e val do Guadalentín (65,00 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Lorca	29.060.000	
	CR Sangonera la Seca	6.161.000	
	CR Librilla	6.854.000	
	CR Alhama de Murcia	10.372.000	
	CR Totana	12.553.000	

## Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

ZONAS	AGRUPACIÓNS E CORPORACIÓNS DE REGANTES	VOLUME (m <sup>3</sup> /ano)
<b>ZONA DE ALMERÍA</b>		<b>15.000.000</b>
Almería (15,00 hm <sup>3</sup> /ano)	CR Pulpí	400.000
	CR Saltador	7.000.000
	CR Baixo Almanzora	400.000
	CR Los Guiraos	100.000
	CR Cuevas de Almanzora	5.320.000
	CR Sierra de Enmedio	100.000
	C.R. Vera	1.680.000
<b>TOTAL</b>		<b>400.000.000</b>

- e) Para o regadío do Campo de Cartagena, un volume máximo anual de 2,2 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalobradora de El Mojón.  
 Para o regadío da CR de Lorca, os recursos procedentes da desalinizadora de Águilas-Acuamed, sobre un volume máximo anual de 23 hm<sup>3</sup>/ano.  
 Para o regadío da CR de Puerto Lumeras, un volume máximo anual de 5 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Águilas-Acuamed.  
 Para o regadío da CR de Águilas, un volume máximo anual de 15 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Águilas-Acuamed, máis os recursos procedentes das desalinizadoras propias da CR de Águilas e CR Marina de Cope.  
 Para o regadío da CR de Mazarrón, a totalidade dos recursos procedentes da desalinizadora propia Virgen de los Milagros.  
 Para o regadío da CR de Pulpí, un volume máximo anual de 5 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Águilas-Acuamed.  
 Para o regadío da comarca do Campo de Cartagena, Mazarrón e o val do Guadalentín, ata 37 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Valdelentisco.  
 Para o regadío das zonas regables de La Pedrera e o río Segura, ata 11 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Torrevieja.  
 Para o regadío da comarca do Campo de Cartagena, ata 7 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Escombreras.
- f) Para os recursos procedentes do transvasamento Negratín-Almanzora, con destino a uso de regadío na zona do Valle del Almanzora, estímase unha asignación de recursos de 21 hm<sup>3</sup>/ano para o regadío situado dentro da bacía do Segura, con carácter de máximo anual en destino. Esta estimación está supeditada á lexislación vixente e aos acordos da comisión de xestión técnica da citada transferencia. Deste valor máximo considérase que son aplicados na Demarcación do Segura uns recursos medios de aproximadamente 17 hm<sup>3</sup>/ano.
- g) Para os regadíos da provincia de Albacete, os recursos subterráneos xerados por infiltración no túnel de El Talave que resulten adscritos á bacía hidrográfica do Segura conforme os termos da súa concesión. Excepcionalmente, para estes regadíos poderá admitirse o uso de recursos subterráneos alternativos, mentres se executen, con anterioridade ao ano 2021, as obras de captación declaradas de interese xeral polo Plan hidrolóxico nacional, e previstas na concesión que as outorgue.
- h) Ademais dos recursos anteriores, empréganse na satisfacción da demanda de regadío os seguintes recursos: subterráneos, procedentes da reutilización de augas urbanas e industriais depuradas e de canles de drenaxe, que están reflectidos no anexo 6 da memoria do plan e con concesións recollidas no Rexistro de Augas da Confederación Hidrográfica do Segura.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

9. Asignacións no horizonte 2021 para usos ambientais.

- a) Establécese unha asignación de 32 hm<sup>3</sup>/ano como demanda ambiental consuntiva para satisfacer as necesidades asociadas ás distintas zonas húmidas da bacía do Segura.
- b) Dos volumes que chegan ao azude de San Antonio, asígnase unha cantidade como mínimo de 4 hm<sup>3</sup>/ano que derivará desde o azude para complementar a demanda ambiental consuntiva en El Hondo, ámbito protexido, o que ocasiona unha carga adicional ao normal funcionamento do regadío. A Administración competente será quen deba evitar ou saldar, tendo en conta os custos que ocasione e os prezos de mercado, o prexuízo económico que a dita carga xere aos regantes; en canto á posible contraprestación económica, a Administración competente non será o organismo de bacía. Estes 4 hm<sup>3</sup>/ano forman parte do total de 32 hm<sup>3</sup>/ano anteriormente referido.
- c) A distribución desta asignación por zona húmida e zona establécese no apéndice 6.2.

**Artigo 15. Reservas de recursos**

Establécese unha asignación específica de recursos cuantificada nun máximo de 10 hm<sup>3</sup>/ano en Albacete para redotación e creación de novos regadíos sociais nas bacías vertentes dos ríos Segura e Mundo augas arriba do seu punto de confluencia. Esta dispoñibilidade de recursos deberá recoñecerse mediante a concesión administrativa previa que permita unha aplicación de recursos propios subterráneos, procedentes de acuíferos que non se encontren en situación de sobreexplotación, ou de superficiais na medida en que o regadío vinculado a eses leitos non se vexa prexudicado. Para facela efectiva, de conformidade cos artigos 108 e 184 do RDPH, requirirase o informe previo favorable sobre a compatibilidade coa aplicación do plan hidrolóxico.

Para os efectos deste artigo, entenderase unicamente como regadío social aquel que cumpra todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) Con superficie inferior a 1.000 ha.
- b) Que permita a fixación da poboación.
- c) Que fosen declarados regadíos de interese xeral estatal ou autonómico pola lexislación vixente.

**Artigo 16. Reserva de terreos**

Con carácter xeral, establécese a favor do organismo de bacía ou, na súa falta, da autoridade competente correspondente, as reservas de terreos necesarias para o desenvolvemento das infraestruturas e actuacións contidas no programa de medidas.

**Artigo 17. Dotacións e demanda de abastecemento**

1. A demanda urbana nos distintos municipios da demarcación calculouse a partir da demanda actual real e das previsións de crecemento de poboación recollidas no anexo 3 da memoria. Adicionalmente, establécese as dotacións de referencia de auga para abastecemento de poboación permanente e estacional que figuran relacionadas no apéndice 8.

2. Nos expedientes de concesión, a determinación da demanda de auga para abastecemento realizarase, salvo mellor proba en contrario, con base nas dotacións que figuran no apéndice 8 e nos seguintes criterios:

- a) Incluirá, entre outras, a correspondente ás actividades industriais, de servizos e gandeiras conectadas ás redes municipais, así como a dos xardíns situados dentro da poboación. A súa xustificación realizarase en función dos correspondentes censos de actividades.



---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

---

No caso de que o abastecemento ás novas demandas se prevexa con cargo a recursos desalinizados xestionados por unha mancomunidade de municipios, exixírase, para certificar a súa dispoñibilidade por parte da Confederación Hidrográfica do Segura, que poidan ser subministrados con cargo á capacidade de produción existente ou, de ser o caso, coa súa inclusión nun programa de actuacións que presente un horizonte temporal inferior ao que se considere necesario para o desenvolvemento das novas urbanizacións.

- b) Os parámetros de dotacións e poboacións, adoptados para a determinación das demandas futuras para usos urbanos e industriais, considerarán a evolución previsible da poboación servida, ordinaria e estacional, no horizonte 2021, e as actuacións de mellora das redes e diminución de perdas previsibles a medio e longo prazo.
- c) Na revisión dos volumes concesionais que demanden os núcleos urbanos existentes, establecerase a dotación por habitante e día necesaria, e preverase o normal crecemento da poboación. Esa revisión non poderá incluír a atención de novos desenvolvementos previstos polas comunidades autónomas ou polas entidades locais, os cales deberán contar cos recursos suficientes para satisfacer as novas demandas.
- d) Con carácter xeral, nos expedientes de outorgamento de concesións para novos abastecementos, non se aceptarán, salvo xustificación técnica contraria, valores de perdas nas redes superiores ao 20 % nin dotacións brutas unitarias, en litros por habitante e día, maiores que as do rango admisible do apéndice 8. Enténdese como dotación bruta o cociente entre o volume disposto á rede de subministración en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de subministración.
- e) Para os expedientes de modificación ou revisión de dereitos para abastecemento de poboacións existentes e consolidadas, os valores anteriores consideraranse como un obxectivo de planificación.

### **Artigo 18. Dotacións e demanda de regadío**

1. As dotacións netas e brutas de referencia por unidade de demanda agraria (UDA) e tipo de cultivo recóllense no apéndice 8.
2. As dotacións netas correspóndense coas necesidades dos cultivos e as dotacións brutas en leitos e acuíferos calcularanse para que, unha vez aplicados os coeficientes de eficiencia da conducción, distribución e aplicación, se alcancen esas dotacións netas.
3. Nos expedientes de concesión, para o cálculo da demanda de cada aproveitamento, empregaranse as referidas dotacións netas, salvo mellor xustificación agronómica en contrario. Tal xustificación realizaraa un técnico competente e levarase a cabo tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles para o uso solicitado.
4. O cálculo da demanda bruta determinarase como o produto da superficie neta ou superficie con dereito a rega, e a dotación bruta. A superficie neta será aquela en que finalmente se apliquen as dotacións consideradas por tipo de cultivo e, por tanto, permitan establecer a demanda de recurso hídrico necesario para satisfacer as garantías de rega na demarcación, por ser a superficie regada nun ano hidrolóxico en circunstancias ordinarias, con carácter de máximo, en virtude do título habilitante.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

5. A modernización e mellora dos regadíos inscritos no Rexistro de Augas é un dos obxectivos prioritarios do plan, encamiñado ao uso sustentable e eficiente dos escasos recursos dispoñibles. Toda modernización de regadíos poderá supor unha diminución dos volumes anuais concedidos se se pode cumprir o seu obxecto cunha menor dotación.

6. Con carácter xeral, considerarase que as concesións existentes para uso agrícola contan con dotación suficiente para o uso autorizado. Non se considerará como déficit por infradotación a perda de garantía nalgunha das orixes dos recursos que o titular teña concedido.

**Artigo 19.** *Dotacións e demanda de auga para rega de campos de golf e zonas verdes asociadas ás urbanizacións*

1. Os valores de superficie de rega, dotación e distribución temporal das demandas de servizos non conectadas ás redes de abastecemento consideradas neste plan hidrolóxico son os descritos na memoria e no seu anexo 3.

2. Posto que, en xeral, se trata de usos de recente implantación e moi tecnificados, os coeficientes mínimos de eficacia aplicables, salvo xustificación contraria, son os seguintes:

Eficiencia que se aplicará nos usos de rega de campo de golf

Eficiencia	Características	Valor
Eficiencia de conducción	A presión	0,95
Eficiencia de distribución	A presión	0,95
Eficiencia de aplicación	Aspersión	0,85

3. Para o uso de rega de campos de golf e das zonas verdes asociadas ás urbanizacións establécese unha dotación máxima neta de 8.000 m<sup>3</sup>/ha/ano. Os recursos que permitan o seu desenvolvemento encontraranse en calquera caso en consonancia co acordado na súa declaración de impacto ambiental e procederán da reutilización de augas depuradas ou da desalinización de auga de mar.

4. De acordo co contido destas declaracións, permitirase para a súa implantación o uso transitorio e provisional de augas superficiais ou subterráneas propias da bacía, como modificación de dereitos preexistentes a que teña dereito o titular, inscritos no rexistro ou anotados no catálogo de augas. A utilización destes recursos realizarase exclusivamente ata que se xeren os recursos definitivos que permitan a súa atención e a partir do dito momento quedarán liberados os provisionais, que reverterán ao sistema de explotación único.

5. Está prohibido o uso de volumes procedentes dos transvasamentos Negratín-Almanzora e Texo-Segura, con destino a rega temporal ou definitiva de campos de golf e das súas zonas verdes asociadas.

**Artigo 20.** *Dotacións e demanda industrial*

1. Para o caso de instalacións industriais individuais teranse en conta, con carácter orientativo, as dotacións que se indican na táboa 55 do anexo IV da Instrución de planificación hidrolóxica.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

2. As industrias individuais deberán xustificar que o caudal e o volume anual solicitados, en cada caso, se axustan ao principio da eficiencia no uso da auga mediante o correspondente estudo de necesidades hídricas e incorporar, cando sexa posible, os mecanismos de recirculación oportunos. O valor global poderase calcular, en función da distinta actividade industrial de que se trate, segundo a cantidade de produción prevista. Esta dotación incluírá as necesidades complementarias da instalación, en particular a rega das zonas axardinadas periféricas que poidan existir, os servizos de limpeza e outros; todo isto sen menoscabo de que poidan existir redes separadas para cada propósito.

Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección**Artigo 21. Reservas naturais fluviais**

No apéndice 9.1 inclúese unha lista coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo de Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Ademais, no apéndice 9.2 inclúese outra lista con tramos fluviais que poderían merecer a mesma consideración en futuras declaracións.

**Artigo 22. Protección das augas subterráneas fronte á intrusión de augas salinas**

Para a protección das masas de auga subterránea fronte á intrusión de augas salinas como consecuencia ben da incorporación de sales por lavado dos estratos xeolóxicos vinculados a elas en fenómenos de lixiviación, ben da intrusión de auga de mar por desprazamento da interface auga doce-auga salgada en masas costeiras, defínense os seguintes criterios básicos:

- a) Nos casos en que a intrusión salina sexa consecuencia dun proceso de sobreexplotación, procederase á declaración de masa de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, conforme o procedemento e cos efectos previstos no artigo 244 do RDPH, e as previsións deste plan referidas aos aproveitamentos das augas subterráneas.
- b) Para o caso específico da intrusión mariña, procederase á limitación da explotación e, de ser o caso, á redistribución espacial das captacións existentes, ata garantir a existencia dun remanente de recursos suficientes non aproveitados nos acuíferos costeiros que impidan o avance espacial da cuña salina. Estes recursos irán destinados a satisfacer a demanda ambiental para o mantemento da interface auga doce-auga salgada na súa posición natural.
- c) O seguimento do programa de actuación basearase en indicadores que teñan en conta a concentración de cloruros ou sulfatos ou a condutividade nos puntos de control da calidade da auga da masa subterránea e a súa comparación cos valores limiar establecidos no apéndice 5.

**Artigo 23. Protección de zonas húmidas**

1. Establécense no apéndice 6 os requirimentos hídricos ou demandas das distintas zonas húmidas da demarcación. Estas demandas constitúense como os recursos que se deben preservar nas distintas masas de auga subterránea ou superficial para a conservación destas zonas húmidas.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

2. As demandas ambientais das zonas húmidas presentan idéntica consideración en canto a prioridade de usos que os caudais ecolóxicos, de acordo co establecido no artigo 59.7 do TRLA, sen prexuízo da supremacía do uso para abastecemento de poboacións prevista no artigo 60.3 do citado texto legal.

**Artigo 24. *Protección de zonas de uso recreativo***

1. De acordo co programa de medidas, a Administración competente elaborará plans reitores de uso e xestión de encoros, lagos, lagoas ou tramos de río, que asumirán, de ser o caso, as medidas de protección que se establecesen para as zonas húmidas declaradas na bacía. Se non existe tal declaración, a Confederación Hidrográfica do Segura poderá propor de oficio as medidas que coide necesarias para preservar a cantidade e a calidade das augas que flúen á zona, sen prexuízo das prohibicións e medidas xerais establecidas regulamentariamente e do respecto aos usos a que se destina o encoro ou que existen no tramo de río.

2. As restricións de usos secundarios e recreativos dos encoros determinaranse en función do destino das súas augas e concretaranse nos seus plans de uso e nas súas normas de explotación.

3. A Confederación colaborará coas comunidades autónomas na elaboración destes plans reitores de uso e xestión, que poderán impor limitacións ao uso do solo ou ambientais que excedan o ámbito físico do dominio público hidráulico, ou que concorran con regulacións de ordenación territorial ou ambiental, nos supostos establecidos no TRLA e RDPH.

**Artigo 25. *Perímetros de protección***

1. As captacións destinadas a abastecemento para consumo humano identificadas no presente plan hidrolóxico deberán dispoñer do seu correspondente perímetro de protección. Entre estas captacións encóntranse as de auga de mar, cuxos caudais, unha vez desalinizados, sexan utilizados para abastecemento.

2. A delimitación destes perímetros deberá ser realizada de conformidade co establecido no artigo 173.3 do RDPH.

3. Nas solicitudes de concesión de aproveitamentos de auga subterránea destinada ao consumo humano, que subministran unha media diaria superior a 10 m<sup>3</sup> ou serven máis de 50 persoas, deberase incluír unha proposta de perímetro de protección xustificada con informe técnico, de acordo co artigo 173.8 do RDPH.

**Artigo 26. *Rexistro de zonas protexidas***

1. Consonte o establecido no artigo 99 bis do TRLA e no artigo 24 do RPH, recóllese no anexo 4 da memoria o inventario de zonas protexidas na demarcación, que deberá figurar no correspondente Rexistro de Zonas Protexidas, xunto coa súa caracterización e representación cartográfica.

2. As zonas protexidas que durante o prazo de vixencia do plan designen as correspondentes autoridades competentes incorporaranse ao Rexistro de Zonas Protexidas. Para estes efectos e sen prexuízo das revisións regulares do Rexistro de Zonas Protexidas da Demarcación Hidrográfica do Segura, previstas no artigo 25 do RPH, actualizarase, baixo a supervisión do Comité de Autoridades Competentes, cada vez

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

que a Administración competente por razón da materia lle facilite á Confederación Hidrográfica do Segura a información precisa sobre altas, baixas e modificacións nas referidas zonas. A información mínima requirida poderá ser precisada polo Comité de Autoridades Competentes.

3. Se unha masa de auga se encontra protexida por algunha figura das establecidas na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, ou pola lexislación específica das comunidades autónomas, ou conta cun plan de ordenación redactado pola autoridade ambiental competente, as restricións de actividades que se establecesen no plan de ordenación quedan incorporadas ao plan hidrolóxico da bacía e deberán ser consideradas no conxunto das súas determinacións e desenvolvemento posterior.

Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga**Artigo 27.** *Obxectivos ambientais das masas de auga*

1. Defínense como obxectivos ambientais das masas de auga da demarcación hidrográfica do Segura e prazos previstos para a súa consecución os que se relacionan no apéndice 10.
2. No citado apéndice 10 recóllense, entre outras, aquelas masas de auga subterránea en que as súas condicións actuais e o elevado impacto que presentan por actividades antrópicas fan inviable, mesmo eliminando totalmente a presión, reducir as concentracións de nitratos por debaixo de 50 mg/l en 2039. Establécese para elas obxectivos menos rigorosos.
3. Os obxectivos ambientais específicos para as zonas do Rexistro de Zonas Protexidas constitúen obxectivos adicionais aos xerais para as masas de auga coas cales se encontran relacionadas. Estes obxectivos específicos son aqueles previstos na lexislación a través da cal foron declaradas as ditas zonas e os que establecen os instrumentos para a súa protección, ordenación e xestión.
4. Este é o caso, entre outras, das zonas protexidas que fosen designadas por se realizar ou estar prevista no futuro unha captación de auga destinada á produción de auga para consumo humano. Os obxectivos de calidade adicionais establecidos para estas zonas protexidas para o consumo humano relaciónanse tamén no apéndice 7.
5. Ás masas de auga superficial e subterránea da demarcación do Segura seralles de aplicación, con carácter xeral, o principio de non deterioración.

**Artigo 28.** *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga*

1. Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puidesen razoablemente prever nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga son as seguintes:
  - a) Seca prolongada ou polas actuacións que se precise realizar para a súa superación. Para estes efectos, entenderase como seca prolongada aquela situación que provoca que se alcance o nivel de alerta en, polo menos, un dos dous indicadores dos subsistemas bacía ou transvasamento, de acordo cos índices de estado establecidos no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- b) Graves inundacións, entendendo como tales para este propósito exclusivo aquelas que superen a zona de fluxo preferente, de acordo coa definición que para esta establece o artigo 3 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- c) Accidentes ou outros sucesos que non se puidesen prever razoablemente, tales como verteduras accidentais ocasionais, fallos nos sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias ou accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse como accidentes as circunstancias derivadas dos incendios forestais. Non se considerará accidente a vertedura de depuradoras que carezan de tanques de tormenta adecuadamente dimensionados, atendendo ao previsto no artigo 259 ter do RDPH.

2. Os causantes da deterioración temporal ou entidade responsable da xestión das masas de auga afectadas estarán obrigados a cubrir a ficha recollida no apéndice 10.4.

3. A Confederación Hidrográfica do Segura levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico. Este rexistro estará formado polas fichas formalizadas que describan e xustifiquen cada un dos supostos de deterioración temporal e indiquen as medidas tomadas tanto para a súa reparación como para previr que a deterioración se poida volver producir no futuro.

4. En caso de que se detecte calquera circunstancia ou feito que poida dar lugar a unha deterioración temporal, aplicarase o protocolo aprobado polos órganos de goberno da Confederación Hidrográfica do Segura ou órgano superior.

**Artigo 29. Condicións para as novas modificacións**

1. Os casos en que o plan hidrolóxico prevé a execución de actuacións que supoñan a materialización de novas modificacións ou alteracións que supoñan a deterioración do estado dunha ou de varias masas de auga como consecuencia dunha nova modificación ou alteración das súas características físicas, que resultan xustificables, en cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH, aínda que impiden o logro dos obxectivos ambientais conforme o previsto no artigo 92 bis do TRLA, son os que se identifican no apéndice 12 e quedan documentados no anexo 8 da memoria do plan.

2. No resto de casos, é dicir, para as novas modificacións ou alteracións non previstas no plan hidrolóxico, observarase o previsto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH mediante a documentación do modelo de ficha que se inclúe no mencionado anexo 8 da memoria. A Confederación Hidrográfica do Segura levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións do estado das masas de auga.

Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga**Sección I. Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga****Artigo 30. Protección do dominio público hidráulico**

1. Nos deslindamentos que se realicen sobre as masas de auga superficial continentais da Demarcación do Segura, sometidas a presións urbanas ou agrícolas, observarase o procedemento establecido nos

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

artigo 240 e seguintes do RDPH. Para estes efectos e salvo xustificación en contrario, empregaranse os criterios hidrolóxicos e hidráulicos establecidos no proxecto LINDE.

2. Mentres a Confederación Hidrográfica do Segura non proceda ao deslindamento, definitivo ou provisional, do dominio público hidráulico, de conformidade co artigo 214.1 do RDPH, o solicitante de calquera autorización que o precise poderá instar a súa delimitación correndo cos gastos derivados da súa determinación.

3. Establécese como obxectivo do plan hidrolóxico o deslindamento da totalidade das masas de auga superficial continentais da demarcación do Segura que estean sometidas a presións urbanas ou agrícolas con anterioridade ao ano 2027.

4. Para os efectos de garantir a compatibilidade ambiental dos proxectos ou actuacións que poidan afectar o dominio público hidráulico, nos supostos en que a Confederación sexa o órgano substantivo observarse o previsto no artigo 98 do TRLA. No resto de casos, emitirá o informe requirido polo artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. En particular, deberanse examinar as potenciais afeccións aos acuíferos para os permisos de investigación e potenciais concesións posteriores con utilización da tecnoloxía de "fracking".

**Artigo 31. Protección de ribeiras**

1. Como unha das medidas do presente plan hidrolóxico incorpórase a Estratexia nacional de restauración de ríos. Esta estratexia non se centra exclusivamente no leito dos ríos, senón tamén na recuperación dos ecosistemas de ribeira degradados, posto que a vexetación ribeirega axuda a reducir as inundacións e os danos por erosión das marxes, e contribúe á depuración e mellora da calidade da auga, sen esquecer a súa contribución ao mantemento do equilibrio biolóxico da zona. O seu obxectivo principal é a mellora do estado ecolóxico dos ríos e é un elemento fundamental dentro do programa de medidas.

2. Establécese como obxectivo do plan hidrolóxico a recuperación do bosque de ribeira na totalidade das masas de auga superficial continentais da demarcación do Segura para o horizonte 2027.

3. Promoverase o desenvolvemento de convenios de coordinación e cooperación coas autoridades autonómicas e locais para o mellor mantemento e conservación dos leitos e ribeiras fluviais.

**Artigo 32. Mellora da morfoloxía e calidade ambiental dos leitos**

1. Na zona de dominio público hidráulico non se autorizarán obras nin edificacións permanentes que obstrúan o normal fluxo das augas ou incrementen o tempo de permanencia das inundacións. A realización de tales actividades no dominio público hidráulico estará, en todo caso, suxeita á previa concesión ou autorización pola Confederación Hidrográfica do Segura, nos termos previstos no artigo 126 do RDPH, que poderá ordenar un deslindamento específico a cargo do solicitante de conformidade co artigo 242.1 do mencionado regulamento.

2. A extracción de areas en zona de dominio público hidráulico, así como a instalación de elementos fixos ou móbiles destinados ao seu aproveitamento, ademais de ser sometida, de ser o caso, ao proceso de avaliación de impacto ambiental que sexa aplicable, requirirá a súa análise para efectos da súa

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

posible designación como masa de auga moi modificada, segundo o establecido no artigo 39 do RPH. Nas extraccións no interior de encoros xa cualificados como masas moi modificadas, non será necesaria esta última determinación.

3. Os aproveitamentos de areas dos situados en zona de policía non afectarán o leito nin suporán unha modificación ou alteración substantiva da morfoloxía do río e da súa hidrodinámica. Para os efectos anteriores, ademais de someterse á correspondente avaliación de impacto ambiental, cumpriranse as seguintes condicións:

- a) As extraccións deberán afastarse das marxes das masas de auga principais en 50 m a cada marxe, e reducirse a 25 m en masas de menor importancia.
- b) Finalizada a explotación, regularizárase a morfoloxía da chaira de inundación afectada pola extracción.
- c) Non se autorizarán verteduras ao leito e exixirase o establecemento de medidas para que non se produzan de forma accidental, mesmo de augas pluviais.

4. O transporte de material sólido, mediante suspensión, saltación ou rodamento, recoñécese como parte integrante do caudal natural dos ríos, esencial para a súa evolución e desenvolvemento morfolóxico. Para tales efectos, aplicaranse as condicións para garantir a continuidade fluvial regulada no artigo 126 bis do RDPH. Neste sentido:

- a) Aqueles obstáculos que se constrúan no leito, mesmo sen requirir unha avaliación previa do seu impacto ambiental, deberán facilitar o paso do caudal sólido en situacións de normalidade ou prealerta, definida de acordo co sistema de indicadores de estado adoptado co Plan especial de actuación ante situacións de alerta e eventual seca.
- b) Nos tramos de río designados como masa de auga, as presas de menos de 17 metros de altura sobre o leito, así como os azudes de augas fluentes, deberán dispoñer de remonte para a fauna piscícola. Este remonte deberá ser deseñado para permitir o paso de fauna autóctona e dificultar o paso de especies exóticas invasoras.

### ***Sección II. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico***

#### **Artigo 33. Criterios xerais para a utilización das augas superficiais e subterráneas**

1. Nos procedementos de outorgamento, modificación ou revisión de concesións considerarase incompatible co plan hidrolóxico toda aquela actuación que impida o cumprimento dos obxectivos da planificación hidrolóxica.

2. Como norma xeral, para os efectos do presente plan, e salvo as excepcións expresamente recollidas nesta normativa, non se outorgarán concesións ou autorizacións de augas que impliquen a asignación de novos volumes ou o incremento na demanda real das explotacións existentes como consecuencia dun cambio nas súas características esenciais, nin tampouco aquelas orientadas á xeración de novos regadíos ou áreas de demanda, ata que se garanta que non producen ningunha incidencia negativa sobre os obxectivos ambientais propostos e sempre que non se prevea que produzan afeccións a terceiros.



Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

3. Os novos recursos externos xerados, sen prexuízo do que se estableza na planificación nacional, só se poderán asignar aos seguintes usos:

- a) Garantir os usos de abastecemento e industrial, tanto presente como futuro, xunto con medidas de xestión eficaz do recurso e unha adecuada política tarifaria.
- b) Mellorar as condicións ambientais daqueles ecosistemas, masas de auga ou elementos do medio hídrico natural que se encontren actualmente sometidos a intensa degradación.
- c) Eliminar situacións de insustentabilidade actual debida á sobreexplotación existente nos acuíferos e restablecer o equilibrio do medio intentando, na medida do posible, a subsistencia dos aproveitamentos vinculados a estes acuíferos.
- d) Regularizar os aproveitamentos para os cales se careza de título e que estean consolidados, de acordo coa definición do artigo 36.1.
- e) Redotar ou ampliar regadíos sociais declarados de interese xeral.
- f) Mellorar a situación dos regadíos legalizados existentes que se encontren en situación de infradotación ou de falta de garantía.

Na presente normativa considérase como novo recurso externo todo aquel recurso procedente de bacías hidrográficas distintas á do Segura, adicional aos que actualmente se encontran asignados, así como os recursos desalinizados procedentes de auga de mar.

4. Os regadíos caracterizados nos estudos do Plan hidrolóxico 2009-2015, aprobado polo Real decreto 594/2014, do 11 de xullo, que non se encontren comprendidos en ningún dos supostos anteriores, poderán ser atendidos mediante recursos procedentes de desalinización de auga de mar, que unicamente poderán ser subministrados a través de conducións directas desde as plantas desalinizadoras ata as súas zonas de aplicación. En ningún caso se poderán destinar os recursos desalinizados a xerar regadíos novos ou a ampliar os actuais.

5. Calquera incremento ou mellora do réxime de caudais nun tramo fluvial producido como consecuencia de obras de regulación ou circulación de novos caudais externos aos naturais da bacía non deberá necesariamente adscribirse á mellora de concesións non satisfeitas plenamente por falta de recursos.

Se o incremento dos recursos procede de obras de defensa contra enchentes, tales recursos non deberán ser necesariamente obxecto de concesión. Dado o seu carácter ocasional, quedarán á disposición da Confederación Hidrográfica do Segura que, logo de autorización, poderá destinalos con carácter provisional a aliviar déficits puntuais, mellorar o sistema xeral único de explotación da bacía e mesmo recargar artificialmente determinados acuíferos.

De se outorgaren estes volumes en concesión, destinaranse con carácter preferente a satisfacer os usos prioritarios dos aproveitamentos vinculados a aquelas masas de auga que presenten unha maior problemática para o cumprimento dos obxectivos ambientais e o seu outorgamento estará supeditado, en todos os casos, á modificación das regras de explotación do encoro e ao aboamento do canon ou tarifa que corresponda.

6. En aproveitamentos distintos, na medida en que as súas zonas de rega se superpoñan, as autorizacións ou concesións que se outorguen para as permutas totais ou parciais da superficie dalgún deles non poderá implicar un incremento da superficie de rega real conxunta.

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

7. Non se outorgarán concesións ou autorizacións que teñan como finalidade a substitución de tomas de auga superficial por captacións de auga subterránea, salvo naquelas circunstancias en que, pola elevada vinculación e grao de conexión entre ambas as masas de auga, non se poida deducir unha afección negativa sobre aquela subterránea en que se localiza a nova captación, nin unha detracción de caudais na superficial augas arriba do punto orixinal.

8. Non se outorgarán concesións ou autorizacións que teñan como finalidade a substitución de captacións de auga subterránea por tomas de auga superficial, salvo naquelas circunstancias en que pola elevada vinculación e grao de conexión entre ambas as masas de auga, non se poida deducir unha afección negativa sobre a masa superficial.

9. Cando unha concesión supoña a modificación de características dun aproveitamento de augas subterráneas que implique a transformación dun título de dereito inscrito na sección C do Rexistro de Augas Públicas ou anotado no Catálogo de augas privadas, o seu volume máximo anual non poderá superar o volume anual inscrito para o dito aproveitamento.

10. O outorgamento da concesión referida no punto anterior ou a autorización para a modificación dunha preexistente suporá, en todos os casos, a revisión das características da explotación.

**Artigo 34. Criterios para a revisión e modificación das concesións**

1. Na revisión das concesións que se efectúen conforme o suposto establecido no artigo 65.2 do TRLA, adecuarase o volume máximo anual ás necesidades reais, sen que se poida superar en ningún caso o volume máximo anual inscrito, e coas restantes limitacións prescritas na normativa vixente. Estas necesidades reais serán avaliadas de acordo co artigo 156 bis do RDPH.

2. Os volumes que con motivo destas revisións resulten liberados quedarán á disposición do organismo de bacía, que poderá destinalos ao cumprimento dos fins da planificación hidrolóxica.

3. A Confederación Hidrográfica do Segura poderá revisar en calquera momento unha concesión e adecuar os caudais concesionais ás necesidades reais. En especial, serán obxecto de revisión os aproveitamentos que se visen afectados por un proxecto de modernización de regas que conte con financiamento público, o cal poderá realizarse a partir do ano da data en que se ultimen as obras. Á vista da situación de déficit global, a Confederación Hidrográfica do Segura poderá destinar o volume liberado á consecución dos obxectivos da planificación hidrolóxica.

4. Cando a Confederación Hidrográfica do Segura así o exixa, os concesionarios de aproveitamentos existentes que utilicen azudes ou estruturas análogas nos ríos da bacía estarán obrigados a executar pola súa conta a infraestrutura necesaria que permita a mobilidade da fauna piscícola.

5. Nas revisións ou modificacións de concesións de augas superficiais que consistan en cambios do punto de toma deberase comprobar que, naqueles casos en que o novo punto de toma se sitúe augas arriba do punto de toma orixinal, non hai terceiros afectados no tramo comprendido entre o novo punto de toma e o antigo, e que, ademais, non impida o cumprimento dos requisitos de caudais ambientais nin se producen afeccións ambientais no tramo afectado. Manteranse, en calquera caso, as situacións preexistentes á data de aprobación do Plan hidrolóxico do ano 1998.

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Cando o cambio de punto de toma afecte recursos rexenerados, considerarase como punto de toma equivalente o punto de vertedura da estación de depuración de augas residuais (EDAR).

6. Ademais dos supostos enumerados na disposición transitoria terceira bis do TRLA e no artigo 144.2 do RDPH, terán a consideración de modificación das condicións ou do réxime de aproveitamento as actuacións que supoñan a substitución dunha captación de manancial por outra obra de extracción de auga subterránea, o incremento no número de captacións e a variación da área de demanda concreta ou o destino das augas, mesmo cando non se produza cambio de uso ou incremento no volume máximo anual con respecto ao que consta inscrito.

7. A simple concreción das características que constan no Rexistro de Augas ou no Catálogo de augas dos distintos dereitos ao aproveitamento das augas, para os efectos de incorporar a información actualizada dos acuíferos ou masas de augas implicadas, as coordenadas UTM-ETRS89 das captacións ou a medición das superficies regables adscritas non se entenderá como unha modificación das características ou condicións da explotación, senón como a súa actualización.

8. A súa actualización realizarase mediante resolución motivada e o procedemento para tal fin poderá ser incoado de oficio pola Confederación Hidrográfica do Segura ou por instancia de parte. A resolución acordará a variación do contido do asento rexistral correspondente, sen modificación segundo proceda da súa folla e tomo ou do seu código de identificación de inscrición.

**Artigo 35. Normas específicas sobre concesións e autorizacións de auga subterránea**

1. Os criterios e normas establecidos no presente plan para o outorgamento de autorizacións e concesións para o aproveitamento de augas subterráneas e procedentes de mananciais aplicaranse en todo o ámbito xeográfico da bacía, mesmo cando as captacións ou as súas explotacións non se localicen dentro do ámbito xeográfico definido para as distintas masas e acuíferos catalogados no plan hidrolóxico.

2. Aos aproveitamentos con pozos, sondaxes, galerías ou mananciais, situados en zona sen acuífero catalogado, seranlles de aplicación as normas e os criterios para o outorgamento de concesións e autorizacións correspondentes ao acuífero ou á masa de auga subterránea que, de ser o caso, se considere afectada. Para estes efectos, a Confederación Hidrográfica do Segura terá en conta a mellor información dispoñible para determinar a afección dunha captación a un acuífero determinado e, potestativamente, poderá solicitar informe ao Instituto Xeolóxico e Mineiro de España sobre esta vinculación.

3. Con carácter xeral, non se outorgarán concesións nin autorizacións que impliquen a asignación de novos volumes de auga subterránea ou o incremento na demanda real das explotacións existentes como consecuencia dun cambio nas súas características esenciais.

4. Excepcionalmente, poderán outorgarse estes novos volumes para:

- a) A satisfacción de demandas existentes e consolidadas de abastecemento que non poidan ser satisfeitas mediante outros recursos.
- b) Os aproveitamentos de menos de 7.000 m<sup>3</sup>/ano a que se refire o artigo 54.2 do TRLA, conforme o establecido no artigo 40.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- c) A regularización de aproveitamentos consolidados, conforme o disposto no artigo 36.
- d) As previsións dos números 11 e 12 respecto a acuíferos costeiros con balance positivo que drenen ao mar.
- e) A creación de regadíos sociais, conforme o establecido no artigo 15.

5. Adicionalmente, non se outorgará a concesión de novos volumes de augas subterráneas con destino a abastecemento cando exista a posibilidade de subministración de recursos da Mancomunidade dos Canais do Taibilla, tal e como se establece no artigo 14.7 (río Taibilla, transvasamento Texo-Segura e desalga de auga de mar).

6. En masas de auga subterránea declaradas en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou en acuíferos declarados sobreexplotados, sen programa de actuación ou medidas cautelares aprobadas:

- a) Non se outorgarán concesións e autorizacións que impliquen a asignación de novos volumes de auga subterránea, incluídas aquelas a que se refire o artigo 54.2 do TRLA.
- b) Non se autorizará a modificación de características de aproveitamentos distintas a aquelas que teñan como finalidade o mantemento de volumes e caudais adscritos a aproveitamentos inscritos no Rexistro de Augas, mediante profundización, substitución ou incremento do número das súas captacións, ou da potencia dos grupos de elevación nelas instalados.
- c) De maneira excepcional poderán autorizarse, só para aproveitamentos inscritos no Rexistro de Augas, as modificacións que, mesmo variando as características dos aproveitamentos afectados, supoñan unha redución substancial dos volumes concedidos e que das súas novas condicións de explotación, por destino ou prazo, sexa posible deducir unha actuación encamiñada á mellora cuantitativa do estado da masa de auga implicada que non compromete o desenvolvemento do futuro programa de actuación ou o plan de ordenación.
- d) Poderán constituírse en excepcións ao disposto nas anteriores alíneas a) e b) as concesións que teñan como finalidade a atención de demandas existentes e consolidadas de abastecemento de poboación, que non poidan ser satisfeitas con recursos alternativos, e aquelas destinadas á regularización dos usos consolidados definidos no artigo 36.1, conforme o establecido no citado artigo 36.

7. En masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou en acuíferos ou sectores de acuíferos sobreexplotados, en que non se ditase declaración de encontrarse en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo:

- a) Non se outorgarán concesións e autorizacións que impliquen a asignación de novos volumes de auga subterránea, excepto aquelas a que se refire o artigo 54.2 do TRLA, nos termos expresados no artigo 41.
- b) Poderanse outorgar concesións destinadas á modificación de características de aproveitamentos, tanto daqueles inscritos no Rexistro de Augas na sección C como dos anotados no Catálogo de augas privadas, sempre que das súas novas condicións de explotación, por destino ou prazo, sexa posible deducir que non comprometen o desenvolvemento do futuro programa de actuación.
- c) Poderán constituírse en excepcións ao disposto nas alíneas a) e b) as concesións que teñan como finalidade a atención de demandas existentes e consolidadas de abastecemento de poboación que non poidan ser satisfeitas con recursos alternativos e aquelas destinadas á

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

regularización dos usos consolidados definidos no artigo 36.1, conforme o establecido no citado artigo 36.

8. Para posibilitar o cumprimento dos obxectivos da planificación, nunha masa de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, poderán outorgarse concesións ou autorizacións para a modificación de características de aproveitamentos preexistentes que supoñan unha transferencia de recursos entre os distintos acuíferos que a conforman. Esta modificación estará condicionada, en todos os casos, a unha redución global permanente non inferior ao 20% dos dereitos ao aproveitamento das augas que se posúan.

9. De maneira xeral, non se permitirán aquelas substitucións ou profundizacións de captacións que supoñan un cambio de acuífero ou que supoñan a captación dun sector distinto e desconectado do orixinal.

10. No outorgamento, na revisión e na novación de concesións de aproveitamentos que teñan captacións en máis dun acuífero ou masa de auga subterránea ou superficial establecerase expresamente o volume máximo concedido para cada unha ou grupo delas.

11. Cando nun acuífero costeiro que drene ao mar quedase establecido o seu balance positivo e non exista risco de intrusión mariña, poderán outorgarse concesións de aproveitamento que se tramitarán da forma prevista no RDPH, baixo os criterios e as condicións determinadas neste plan.

12. O volume conxunto das explotacións legalmente establecidas en cada acuífero non poderá superar os recursos anuais dispoñibles deste nin supor un risco de intrusión mariña. En todo caso, en acuíferos costeiros que drenen ao mar e que teñan balance positivo poderán outorgarse substitucións de captacións situadas en masas en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo que, en supostos de incompatibilidade, gozarán de preferencia fronte a posibles novos aproveitamentos.

13. A autorización para a captación subterránea de augas mariñas, con destino a desalga mediante sondaxes verticais, estará condicionada á acreditación de que coa actuación non se detrae auga doce do acuífero costeiro. En caso de que esta exista, o seu outorgamento estará condicionado á obtención da correspondente concesión administrativa sobre a fracción de auga doce e poderase optar substitutivamente pola súa reposición mediante recarga. En todo caso, na autorización correspondente estableceranse as medidas de seguimento e control cuantitativo e cualitativo que se realizarán sobre a masa de auga que resulten necesarias para a verificación de que coa extracción non se xeren fenómenos de intrusión mariña.

14. Para contribuír ao seguimento do estado da masa ou acuífero na zona de captación, todas as concesións e autorizacións que precisen da execución dun novo punto de captación, con independencia da obriga de instalar o correspondente contador volumétrico da auga extraída, deberán dispoñer tamén dun tubo piezométrico e dunha saída para a toma de mostras de auga, que posibiliten a obtención de rexistros de piezometría e calidade. Para estes efectos, o titular da captación estará obrigado a facilitar o acceso ao persoal vinculado á Confederación para a realización dos labores de toma de medidas piezométricas e mostras da calidade da auga.

15. Na confrontación inicial das características da concesión verificarase o rexistro do nivel no tubo piezométrico instalado en cada captación, en réxime estático ou unha vez alcanzado o máximo grao de

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

---

recuperación posible tras o último período de bombeo. Este valor servirá de referencia para o seguimento da evolución do acuífero no seu contorno próximo. Nas concesións xa outorgadas que carezan de tubaxe piezométrica poderanse utilizar os datos proporcionados polo piezómetro da rede oficial do acuífero en cuxos límites se localicen as captacións.

**Artigo 36. Concesións destinadas á regularización de aproveitamentos**

1. Son usos consolidados aqueles que poidan acreditar a súa existencia con anterioridade ao 21 de agosto de 1998, ao ser a data en que entrou en vigor o Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, polo que se aprobaron os primeiros plans hidrolóxicos de bacía. Os regadíos que poidan acreditar a súa existencia na dita data non terán a consideración de novos regadíos.

2. Promoverase a regularización concesional destes aproveitamentos con base nos novos recursos externos ou, na súa falta e no caso dos regadíos históricos e dos vinculados ás veigas do Segura, aos propios da bacía que na dita data se viñan utilizando.

3. Para aqueles aproveitamentos distintos dos históricos e vinculados ás veigas do Segura, actualmente en explotación, de maneira transitoria e provisional, e para permitir o desenvolvemento das medidas necesarias nos prazos previstos no vixente plan hidrolóxico ata que se poidan achegar os distintos recursos externos que permitan tal legalización con carácter definitivo, poderán outorgarse concesións con cargo aos recursos da bacía utilizados na dita data. O seu outorgamento estará condicionado ao cumprimento:

- a) Dos obxectivos ambientais nas distintas masas de auga da bacía no horizonte temporal que se establece neste Plan hidrolóxico 2015-2021.
- b) Das medidas adoptadas como consecuencia das declaracións de masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico ou, de ser o caso, de sobreexplotación.

4. A data de finalización destas concesións para o uso privativo das augas será en todo caso anterior ao ano 2027, e a súa prórroga soamente se poderá realizar se na dita data se cumpriron os obxectivos ambientais previstos para a súa masa de captación.

5. A supervivencia futura das explotacións vinculadas a estas concesións temporais estará condicionada a que se acheguen os recursos externos, coa procedencia que estableza o Plan hidrolóxico nacional, á reasignación de recursos e á realización das modificacións nas condicións dos puntos de captación que resulten precisas para a subministración destes novos recursos. En todo caso, a súa continuidade non comportará a existencia dunha determinada forma de subministración ou custo da auga e a Confederación Hidrográfica do Segura, sen menoscabo das condicións concesionais, poderá programar o emprego da totalidade das infraestruturas e dos recursos dispoñibles ou que se lle asignen, para a mellor satisfacción das demandas.

6. A regularización destas explotacións non se poderá realizar en ningún caso cos recursos procedentes dos transvasamentos Texo-Segura e Negratín-Almanzora. O outorgamento de cada concesión virá condicionado a que coa prórroga da explotación actual non se poña en risco o cumprimento dos obxectivos ambientais que, para as distintas masas de auga da bacía e no horizonte temporal establecido para cada unha, se previron neste plan.

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

7. As explotacións que polos motivos anteriormente referidos non poidan ser regularizadas serán clausuradas.

**Artigo 37.** *Dereitos de natureza privada sobre regadíos públicos de interese nacional previstos con anterioridade ao ano 1986*

En relación cos aproveitamentos para regadíos declarados de interese nacional e previstos en plans de reforma e transformación agraria anteriores á entrada en vigor da Lei de augas de 1985, consideraranse como dereitos preexistentes á data do 1 de xaneiro de 1986, para os efectos do seu recoñecemento como dereitos de natureza privada, os necesarios para o desenvolvemento das previsións contidas nos ditos plans, sempre e cando se acredite que se iniciou a súa explotación antes da entrada en vigor da referida lei e se solicitou a súa inscrición ou anotación nos prazos legalmente establecidos.

**Artigo 38.** *Avaliación de necesidades e sometemento ao réxime de caudais ecolóxicos*

1. Consonte o disposto nos artigos 59 do TRLA e 93, e seguintes do RDPH, para o outorgamento de calquera concesión destinada á xeración de novos usos, o proxecto ou anteprojecto que se presente coa solicitude de concesión deberá estar suscrito por un técnico competente e xustificará adecuadamente a avaliación das necesidades hídricas da explotación que, en todo caso, non serán maiores que os valores establecidos neste plan hidrolóxico sobre dotacións e cálculo de demandas, e especificará non só o volume anual derivado e o caudal máximo, senón tamén a previsión do réxime mensual de derivación.

2. Na xustificación destas necesidades hídricas o técnico competente terá en conta as mellores técnicas dispoñibles existentes no mercado que permitan cumprir o obxecto da concesión coa mínima cantidade de recursos, salvo que para usos industriais a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, ou outra norma vinculante, impida dotar de abastecemento de auga unha industria que non teña determinada tecnoloxía.

3. Na dita avaliación non se poderán aducir, coa excepción dos abastecementos, previsións de crecemento a longo prazo. Ao outorgarse, ordenarase a instalación, a cargo do beneficiario, dos dispositivos de medida que permitan controlar o caudal e o volume efectivamente utilizados, que deberán quedar precintados por persoal da Confederación Hidrográfica do Segura.

4. No condicionado das concesións que obteñan os recursos dunha masa de auga superficial incluírase a obriga de respectar o réxime de caudais ecolóxicos.

**Artigo 39.** *Limitacións aos prazos concesionais.*

Debido á situación deficitaria da bacía do Segura e aos previsibles efectos negativos do cambio climático na chegada de recursos hídricos, de conformidade co artigo 59.4 do TRLA, establécense, sen prexuízo do artigo 36.4, os seguintes prazos máximos concesionais:

- a) Abastecemento de poboación, uso agrario e industrial: 25 anos
- b) Outros usos: 15 anos

Non obstante o anterior, estes prazos poderanse ampliar logo de autorización da Confederación Hidrográfica do Segura e sen superar o límite máximo legal de 75 anos, cando se xustifique que é

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

necesario para a amortización dos investimentos en que se incorrese, todo isto de conformidade co artigo 59.6 do TRLA.

**Artigo 40. Aproveitamentos por disposición legal**

1. Os aproveitamentos cuxo volume anual non supere os 7.000 m<sup>3</sup>, a que se refire o artigo 54.2 do TRLA, requirirán en todo caso autorización previa da Confederación Hidrográfica do Segura, conforme o Real decreto lei 3/1986, do 30 de decembro, sobre medidas urxentes para a ordenación de aproveitamentos hidráulicos na bacía do Segura.

2. En todo caso, a captación deberá situarse no predio rexistral en que se localice integramente o seu aproveitamento, aspecto que se acreditará con base na correspondente documentación catastral, e destinaranse os recursos no dito predio.

3. Para os usos de abastecemento gandeiro e industrial definidos no artigo 8, poderá autorizarse o uso privativo de ata 7.000 m<sup>3</sup>/ano, conforme o procedemento establecido dos artigos 85 e seguintes do RDPH, unha vez xustificado adecuadamente o volume necesario e unha vez que se acredite que non pode ser subministrado a partir dunha infraestrutura municipal, ou que, mesmo existindo esta nas súas proximidades, non resulta viable a súa condución ata o lugar de aplicación.

4. Con independencia do estado da masa de auga, acuífero ou sector de acuífero, á vista do criterio xeral de non xeración de novos regadíos ou áreas de demanda no conxunto do ámbito xeográfico da bacía, non autorizarán estes aproveitamentos, previstos no artigo 54.2 do TRLA, que teñan como destino o uso de regadío. Non se consideran incluídas dentro desta prohibición as autorizacións para a rega de xardíns privados ou municipais, pequenos hortos de autoconsumo de ata 500 m<sup>2</sup> ou similares.

5. A Comisaría de Augas, para a consideración das demandas dos distintos usos, utilizará as dotacións de referencia fixadas neste plan ou, na súa falta, as establecidas polas administracións competentes en cada sector de actividade (gandaría, xardíns, industria, etc.).

**Artigo 41. Concesións para aproveitamentos hidroeléctricos**

1. Para os efectos do presente plan e para as novas concesións ou a modificación ou revisión das existentes, deberase comprobar que volumes de auga resultan susceptibles de aproveitamento para a obtención de enerxía eléctrica mantendo os obxectivos ambientais, así como o réxime de caudais ecolóxicos cuxo cumprimento se prevé no actual plan hidrolóxico, e sen causar prexuízo ao medio hídrico nin ás demandas preexistentes.

2. Para o seu outorgamento o solicitante deberá achegar un estudo xustificativo en que se acredite tanto a non afección ao réxime de caudais ecolóxicos do apéndice 6 como que a alteración hidrolóxica que se produza non supoña un empeoramento do estado das masas de auga afectadas. En particular, analizarase o efecto da máxima taxa de cambio que permite a consecución do bo estado das augas e as medidas que se tomarán para que esta taxa de cambio non sexa superada na xestión ordinaria do aproveitamento. Tan só no caso de que a Confederación Hidrográfica do Segura considere suficientes as medidas previstas, e suficientemente xustificada ambientalmente a taxa de cambio máxima admisible, o aproveitamento hidroeléctrico poderá ser considerado viable e estes condicionantes serán recollidos na concesión administrativa.



---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

---

3. Os aproveitamentos hidroeléctricos quedarán, en xeral, supeditados ao réxime de explotación do tramo en que se sitúen e ao mantemento do caudal ecolóxico establecido para el.

4. De conformidade co artigo 126 bis do RDPH, as novas concesións encontraranse condicionadas ao establecemento dos dispositivos de paso que estableza a Confederación Hidrográfica do Segura, con base en estudos específicos desenvolvidos por este ou en función da presenza e do risco de expansión de especies exóticas invasoras, así como ao impacto destas sobre o réxime de transporte de sedimentos do leito.

### ***Sección III. Medidas para a protección do estado das masas de auga***

#### ***Artigo 42. Medidas para a protección do estado das masas de auga superficial***

1. Está expresamente prohibida a utilización de recursos hídricos especificamente destinados á dilución de verteduras. Só se exceptúan desta prohibición os desaugamentos que se programen en situacións excepcionais, por razóns de saúde pública e sen carácter permanente.

2. Os límites establecidos nas autorizacións de vertedura deberán posibilitar o cumprimento dos obxectivos establecidos no apéndice 10 para cada masa de auga superficial, de acordo cos prazos que se prevén no citado apéndice. Así, poderán admitirse verteduras con salinidade (condutividade) superior ao valor límite de bo estado establecido para a masa de auga destinataria, cando se xustifique:

- a) Que na masa de auga o impacto da vertedura non supón risco de incumprir os valores límite do seu bo estado, pola propia capacidade de dilución do medio receptor ou pola de autodepuración.
- b) Que o valor de condutividade da vertedura resulta inferior ou igual ao da condutividade que en condicións naturais presentou a masa. Para a estimación dos valores naturais de condutividade poderanse empregar rexistros históricos ou, na súa falta, os rexistros actuais de estacións de control situadas augas arriba da masa, representativas dela e sen presións significativas que varíen a condutividade.

3. Non obstante, os límites indicados para os parámetros empregados na avaliación do estado poderán revisarse, en caso de que os valores limiar para a consideración do bo estado sexan revisados fronte aos expostos na presente normativa, de acordo coa disposición transitoria primeira do real decreto aprobatorio. A revisión dos valores limiar poderá supor a revisión dos límites de vertedura necesarios para o seu cumprimento.

#### ***Artigo 43. Verteduras a dominio público hidráulico de augas residuais urbanas ou asimilables a urbanas procedentes de vivendas e núcleos urbanos de ata 250 habitantes equivalentes***

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 253 do RDPH, as verteduras de natureza urbana ou asimilable a urbana procedentes de vivendas ou edificacións illadas de poboación inferior a 50 habitantes equivalentes e sen posibilidade de formar parte dunha aglomeración urbana deberán axustarse aos seguintes requisitos:

- a) Se a vertedura se realiza cun sistema depurador non prefabricado, este deberá alcanzar, ao menos, o rendemento exixido aos sistemas prefabricados. Este rendemento xustificárase co

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

correspondente proxecto ou memoria técnica, subscrito por técnico competente, das obras e instalacións de depuración.

- b) As verteduras que sexan tratadas cun sistema prefabricado deberán xustificar que tal sistema dispón da preceptiva marcación CE conforme o establecido no Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, polo que se ditan disposicións para a libre circulación de produtos de construción e na normativa que o desenvolve.
- c) Estableceranse os criterios técnicos exixibles aos ditos sistemas prefabricados en función da vulnerabilidade do medio receptor, con especificación da norma UNE que deberán cumprir os equipamentos prefabricados en cada caso, así como os rendementos de eliminación de contaminantes e as capacidades mínimas.

2. Por acordo da Xunta de Goberno poderanse establecer os requisitos exixibles para as depuradoras de verteduras de natureza urbana ou asimilable a urbana procedentes de vivendas ou núcleos urbanos de poboación entre 51 a 250 habitantes equivalentes e sen posibilidade de formar parte dunha aglomeración urbana.

3. Os requisitos anteriores entenderanse, en todos os casos, complementarios e subordinados ao cumprimento do establecido no artigo 100 do TRLA e no artigo 245 do RDPH.

**Artigo 44. Directrices das actuacións de depuración, tratamento e vertedura**

1. Durante a vixencia do plan fomentárase a reutilización directa das augas rexeneradas procedentes da depuración de augas residuais urbanas e industriais, evitando sempre que resulte posible a súa vertedura a leito natural. Poderanse exceptuar aquelas situacións en que a vertedura urbana non supoña ningún risco para o cumprimento dos obxectivos ambientais nas masas afectadas.

2. De acordo co establecido no Programa de medidas do plan hidrolóxico, establécense os seguintes obxectivos principais en relación co tratamento e coa vertedura de augas depuradas a leitos naturais:

- a) Alcanzar a vertedura cero de augas sen adecuado tratamento ao Mar Menor.
- b) Asegurar un tratamento de desnitrificación-nitrificación naquelas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) da demarcación con vertedura a leito público que traten máis de 250.000 m<sup>3</sup>/ano, que faga que o nivel de amonio na masa de auga superficial a que vertan non supere 1 mg/l e o nivel de nitratos os 25 mg/l, para o 31 de decembro de 2027.
- c) Asegurar un tratamento de depuración con eliminación de fósforo naquelas EDAR da demarcación con vertedura a leito público que traten máis de 250.000 m<sup>3</sup>/ano, que faga que o nivel de fósforo total nas seguintes masas de auga superficial non supere 0,13 mg/l (0,40 mg/l de fosfatos) antes do 31 de decembro de 2027, e que vertan aos leitos seguintes:
  - I. Río Segura augas abaixo de Contraparada.
  - II. Río Guadalentín augas abaixo de Puentes.
  - III. Cavorco de EL Albuñón.
  - IV. Río Mula augas abaixo da presa de La Cierva.
  - V. Regato Tobarra.
  - VI. Ríos Alhárabe, Benamor e Moratalla.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

**Artigo 45. Verteduras en augas costeiras e de transición**

1. As verteduras en augas costeiras e de transición deberán ser autorizadas por parte da respectiva autoridade competente de acordo coa súa lexislación específica.
2. En todo caso, as verteduras de terra a mar deben ser compatibles cos obxectivos ambientais previstos no presente plan hidrolóxico para as masas de auga costeira.

**Artigo 46. Reutilización de augas rexeneradas**

1. De acordo co disposto nos artigos 59.1 e 109 do TRLA, a reutilización de augas rexeneradas procedentes dun aproveitamento require concesión administrativa como norma xeral. Porén, no caso de que a reutilización sexa solicitada polo titular dunha autorización de vertedura de augas xa depuradas, requirirase soamente unha autorización administrativa, na cal se establecerán as condicións necesarias complementarias ás recollidas na autorización de vertedura previa. Toda reutilización de augas rexeneradas se axustará ao disposto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

En todo caso, ao titular da concesión ou autorización seralle exixible que sufrague os custos de execución das obras e de explotación e mantemento necesarios para adecuar a reutilización das augas ás exixencias de calidade obrigadas pola normativa vixente.

2. Conforme o disposto no artigo 10 do Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, no caso de que quen formula a solicitude de concesión non teña a condición de concesionario para a primeira utilización, nin a de titular de autorización de vertedura de augas residuais, só se poderá asignar para aqueles usos que, non estando prohibidos no artigo 4.4 do citado real decreto, se determinan no artigo 33.3, na orde de preferencia en que se relacionan.

3. Así mesmo, tramitaranse por simple autorización, sen competencia de proxectos, as peticións de reutilización que formulen os municipios, para usos municipais, de augas procedentes das EDAR dos seus núcleos urbanos.

4. As concesións de augas rexeneradas tramitaranse sen competencia de proxectos naqueles casos en que a normativa sectorial aplicable exixa, para o uso en cuestión, o emprego exclusivo de augas rexeneradas.

**Artigo 47. Retornos de rega**

1. O uso dos retornos de rega requirirá a correspondente concesión. Neste caso, deberánse instalar con cargo aos titulares na nova zona regable os equipamentos de medida adecuados a teor do disposto no Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio. Non existirá responsabilidade pola mingua de caudais dispoñibles derivada dunha xestión máis eficiente da rega.

2. As administracións promoverán o uso dos retornos como medida para aumentar a eficiencia e diminuír a contaminación xerada, con obxecto de conseguir un mellor estado ecolóxico nos leitos receptores.

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

3. Co obxecto de mellorar a calidade dos retornos de rega, as autoridades competentes aplicarán as medidas de boas prácticas agrarias incorporadas no programa de medidas e, en particular, aquelas medidas derivadas da implantación do Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

**Artigo 48. Características das masas de auga subterránea. Valoración do seu estado cuantitativo**

1. Os datos sobre delimitación xeográfica, entradas, saídas e balances das masas de auga subterránea e acuíferos incluídos no plan hidrolóxico constitúense como a mellor información dispoñible ao respecto no momento da súa aprobación. Esta información será actualizada periodicamente de acordo coa información de seguimento que acheguen as diferentes redes de control e os novos estudos que se aborden no futuro e, en todo caso, nas sucesivas revisións que se realicen do plan hidrolóxico.

2. A posta en coñecemento desta nova información realizarase con carácter xeral e, entre outros, a través da páxina web da Confederación Hidrográfica do Segura.

3. A identificación do estado de sobreexplotación ou de presentar risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo de cada masa de auga, para os efectos da aplicación das correspondentes medidas, farase con base na mellor información dispoñible en cada momento.

4. Para efectos da valoración do estado das masas de auga subterránea e acuíferos, terán a consideración de *“en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo”* e aplicaráselles as normas relativas á xestión deste tipo de masas de auga para o outorgamento de concesións e autorizacións, aqueles que se encontren nas seguintes situacións:

- a) Se o índice de explotación (a relación entre as extraccións reais e os recursos dispoñibles) é superior a 1 e se dá algunha das seguintes situacións: existen descenso piezométricos, reducións de caudais achegados por mananciais, balance global desequilibrado, afeccións a outras masas de auga subterránea, afeccións ao sistema superficial ou a ecosistemas terrestres relacionados.
- b) Se o índice de explotación é superior a 0,8 e inferior a 1 e non se puido comprobar que non existen descenso piezométricos.
- c) Se se puido comprobar a existencia de descenso piezométricos ou reducións significativas de caudais drenados por mananciais que non se poidan atribuír a condicións de seca ou estiaxe.
- d) Se se veñen realizando extraccións que xeren unha deterioración significativa da calidade da auga.
- e) Se o réxime e concentración das extraccións é tal que, mesmo non existindo un balance global desequilibrado nin descenso piezométricos, se estea poñendo en perigo a sustentabilidade a longo prazo dos ecosistemas asociados ou dos aproveitamentos.

5. En masas de auga subterránea, acuíferos ou sectores de acuíferos que estean en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, independentemente de que se producise ou non unha declaración oficial de encontrarse en risco de non alcanzar o bo estado, as normas de explotación da masa de auga subterránea, acuífero ou sector presentarán como finalidade a redución progresiva do seu nivel de sobreexplotación, para alcanzar os obxectivos ambientais das correspondentes masas de auga

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

subterránea e, como mínimo, un equilibrio hiperanual entre valores medios de extraccións reais e recursos dispoñibles. Estes obxectivos serán exixibles nos prazos previstos no artigo 50.

6. Entenderase como recurso dispoñible dunha masa de auga subterránea ou acuífero a suma dos recursos dispoñibles de cada un dos acuíferos ou sectores acuíferos que a compoñen. Para cada un deles, o recurso dispoñible é a suma dos seus recursos renovables menos as demandas ambientais para o mantemento dun réxime de caudais ecolóxicos, das zonas húmidas relacionadas e do mantemento da interface auga doce-salgada. Consideraranse para cada masa de auga subterránea ou acuífero como recursos renovables as infiltracións medias de auga de chuvia e de retornos de rega, máis ou menos as entradas/saídas subterráneas ou laterais producidas desde ou cara a outras demarcacións hidrográficas.

7. As declaracións de sobreexplotación ou de risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo das masas de auga subterránea, unidades hidroxeolóxicas, acuíferos e sectores de acuíferos producidas ata o momento, e as que se realicen no futuro, entenderanse referidas á totalidade da súa extensión, segundo a mellor información dispoñible, e o seu ámbito será continuado en profundidade, salvo indicación expresa noutro sentido feita na propia declaración ou no subseguinte programa de actuación.

8. As disposicións dos programas de actuación en masas subterráneas en risco de non alcanzar o bo estado, así como as medidas cautelares que, de ser o caso, aprobe a Xunta de Goberno para a súa aplicación ata que se aproben os ditos programas de actuación non poderán ser contraditorias co presente plan hidrolóxico e poderán incluír o outorgamento de concesións conforme os artigos 35 e 36 se se supeditan ao cumprimento dos obxectivos e prazos do artigo 50.

9. De acordo co artigo 171.9 do RDPH, incorporaranse á seguinte revisión completa do presente plan hidrolóxico as determinacións e os efectos dos programas de actuación de masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado que sexan aprobados pola Confederación Hidrográfica do Segura mediante a preceptiva tramitación administrativa, sen prexuízo da súa entrada en vigor desde a súa aprobación.

**Artigo 49. Normas para a protección da calidade fronte á contaminación difusa**

1. Para o control da contaminación difusa procedente do exceso do uso de substancias ou compostos ligados a actividades agrícolas e gandeiras (nutrientes, praguicidas e compoñentes de degradación dos anteriores), a través dos retornos de regas que se infiltran en acuíferos e degradan a súa calidade, analizarase a extensión da rede de control da calidade das augas subterráneas, e ampliarase a densidade da mostraxe nas zonas máis conflitivas e a realización de determinacións analíticas especiais, fundamentalmente nos acuíferos superficiais das veigas do Segura e Guadalentín e do Campo de Cartagena, moi vulnerables a esta contaminación.

2. En referencia aos nutrientes de tipo nitroxenado, fosforado e sales metálicos, ou os seus compoñentes de degradación, a Confederación Hidrográfica do Segura e as administracións competentes fixarán os oportunos mecanismos, de conformidade co Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, cuxo obxectivo é adecuar as prácticas agrarias ás exixencias sanitarias e ambientais, e incorporaranos, para tal efecto, no programa de medidas.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

3. En ningún caso serán admisibles os encharcamentos producidos por zurros líquidos vertidos como fertilizante sobre o terreo que poidan provocar escorregamentos cara aos leitos públicos ou infiltracións cara ás augas subterráneas.

**Artigo 50. Actuacións en masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo**

1. Considerarase que unha masa de auga subterránea, acuífero ou sector acuífero se encontra en situación de sobreexplotación, con independencia da súa declaración formal e, por tanto, en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, cando se dea algunha das situacións descritas no artigo 48.

2. As masas de auga que non alcanzan o bo estado cuantitativo, de acordo co artigo 171.2 a) do RDPH, son as seguintes:

Código	Nome	Índice de explotación (IE) (extraccións/recursos dispoñibles)
070.025	ASCOY-SOPALMO	30,44
070.001	CORRAL RUBIO	23,73
070.051	CRESTA DEL GALLO	6,36
070.021	EL MOLAR	5,31
070.027	SERRAL-SALINAS	5,11
070.058	MAZARRÓN	4,97
070.005	TOBARRA-TEDERA-PINILLA	4,49
070.050	BAIXO GUADALENTÍN	4,46
070.042	TERCIARIO DE TORREVIEJA	3,85
070.053	CABO ROIG	3,65
070.049	ALEDO	3,2
070.002	SINCLINAL DE LA HIGUERA	3
070.057	ALTO GUADALENTÍN	2,97
070.007	CONEJEROS-ALBATANA	2,87
070.023	JUMILLA-YECLA	2,65
070.048	SANTA-YÉCHAR	2,42
070.012	CINGLA	2,32
070.054	TRIÁSICO DE LAS VICTORIAS	2,27
070.047	TRIÁSICO MALÁGUIDE DE SIERRA ESPUÑA	2,25
070.059	ENMEDIO-CABEZO DE JARA	1,8
070.040	SIERRA ESPUÑA	1,61
070.011	CUCHILLOS-CABRAS	1,56
070.004	BOQUERÓN	1,39
070.026	EL CANTAL-VIÑA PI	1,25
070.055	TRIÁSICO DE CARRASCOY	1,23
070.013	MORATILLA	1,2
070.061	ÁGUILAS	1,11
070.008	ONTUR	1,06

## Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Código	Nome	Índice de explotación (IE) (extraccións/recursos dispoñibles)
070.052	CAMPO DE CARTAGENA	1
070.062	SERRA DE ALMAGRO	1
070.006	PINO	>1
070.029	QUIBAS	>1
070.035	CUATERNARIO DE FORTUNA	>1
070.060	LAS NORIAS	>1

Por outra parte, as masas de auga subterránea sobreexplotadas e, por tanto, en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, de acordo co artigo 171.2 b) do RDPH, son as seguintes:

Código	Nome	Problema calidade asociado
070.012	CINGLA	Mobilización augas salobres
070.028	BAÑOS DE FORTUNA	Mobilización augas salobres
070.054	TRIÁSICO DE LAS VICTORIAS	Mobilización augas salobres
070.057	ALTO GUADALENTÍN	Mobilización augas salobres
070.058	MAZARRÓN	Intrusión mariña
070.060	LAS NORIAS	Mobilización augas salobres
070.061	ÁGUILAS	Intrusión mariña

Así mesmo, as masas de auga subterránea sobreexplotadas e, por tanto, en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, de acordo co artigo 171.2 c) do RDPH, son as seguintes:

Código	Nome	Indicador presións (IE) (extr./rec dispoñibles)	Identificación do impacto (descenso piezométrico)	Identificación do impacto (descenso caudais mananciais)
070.009	SERRA DE LA OLIVA	0,9	Comprobado	Non hai mananciais surxentes no Segura
070.024	LÁCERA	0,0	Comprobado en demarcación Xúcar	Non hai mananciais surxentes no Segura
070.030	SERRA DE EL ARGALLET	0,0	Comprobado en demarcación Xúcar	Non hai mananciais surxentes
070.031	SERRA DE CREVILLENTE	0,0	Comprobado en demarcación Xúcar	Non hai mananciais surxentes
070.039	BULLAS	0,94	Comprobado	Comprobado
070.045	DETRÍTICO DE CHIRIVEL- MALÁGUIDE	0,98	Sen impacto	En risco a sustentabilidade dos aproveitamentos
070.052	CAMPO DE CARTAGENA	1,0	Comprobado, por descensos piezométricos no acuífero andaluciense	Non hai mananciais surxentes
070.056	SERRA DE LAS ESTANCIAS	0,8	Comprobado en bacías mediterráneas andaluzas	Non hai mananciais surxentes no Segura

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

3. Por outro lado, nas masas de auga subterránea en que o seu índice de extraccións se encontra entre 0,8 e 1 e non presentan descenso piezométrico nalgún sector deste ou na súa totalidade, deberán considerarse como masas en que é necesaria a inversión de tendencias. Estas masas son as seguintes:

Código masa	Nome masa	Índice de explotación (E/R)
070.022	SINCLINAL DE CALASPARRA	0,9

4. O obxectivo principal a que estarán encamiñadas as propostas e actuacións sobre acuíferos sobreexplotados e, por tanto, en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo, é a consecución do bo estado, tanto cuantitativo como cualitativo, destes e das masas de auga subterránea e ecosistemas asociados, minimizando o impacto da sobreexplotación e tendendo a conseguir que desaparezan os efectos non desexables que motivaron a declaración oficial de sobreexplotación ou de encontrarse en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico.

5. Para cada masa de auga con problemas de sobreexplotación ou en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico, de conformidade co artigo 56 do TRLA, procederase á súa declaración formal por parte da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Segura, previa ao establecemento dun programa de actuación, cuxas determinacións normativas se incorporarán ao contido normativo do plan hidrolóxico.

Se, en desenvolvemento deste programa de actuación para a recuperación do acuífero, se precisa a substitución parcial das extraccións de auga subterránea do acuífero que correspondan a algúns dos usuarios por outros recursos alternativos con tarifa superior, poderán establecerse mecanismos de carácter económico para a repercusión da parte dos custos adicionais que correspondan, entre o conxunto de usuarios beneficiados, nos termos previstos no TRLA.

6. O programa de medidas do plan hidrolóxico pretende eliminar a sobreexplotación de acuíferos cun calendario no período 2015-2027, para o cal será necesario prorrogar os prazos de cumprimento dos obxectivos ambientais, desde 2015 a 2021 e mesmo 2027, polos custos desproporcionados que suporía alcanzar o bo estado en todas as masas con anterioridade a esa data. Estas prórrogas recóllense expresamente neste plan hidrolóxico. O calendario previsto de consecución do bo estado cuantitativo proposto recóllese no apéndice 10 desta normativa.

7. As masas de auga para as cales se establecen prórrogas ata o 2021 para a consecución do seu bo estado cuantitativo son as seguintes:

- a) El Cantal-Viña Pi.
- b) Masa de auga procedente da antiga unidade hidroxeolóxica, compartida coas bacías mediterráneas andaluzas, cuxo estado inferior a bo se debe posiblemente a extraccións situadas fóra da demarcación do Segura: serra de Las Estancias.

8. As masas de auga para as cales se establecen prórrogas ata o 2027 para a consecución do seu bo estado cuantitativo son as seguintes:

- a) Val do Guadalentín: Triásico Maláguide de Sierra Espuña, Santa-Yéchar, Aledo, Baixo Guadalentín, Alto Guadalentín e Enmedio-Cabezo de Jara.
- b) Altiplano: Cingla, Moratilla, Jumilla-Yecla e Serral Salinas.



Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- c) Sueste de Albacete: Corral Rubio, Sinclinal de la Higuera, Boquerón, Tobarra-Tedera-Pinilla, Pino, Conejeros-Albatana, Ontur, Cuchillos-Cabras e El Molar.
- d) Águilas e Mazarrón.
- e) Campo de Cartagena: Campo de Cartagena, Cabo Roig, Triásico de las Victorias e Triásico de Carrascoy.
- f) Terciario de Torrevieja.
- g) Quíbas.
- h) Cresta del Gallo.
- i) Ascoy-Sopalmo.
- j) Bullas.
- k) Sierra Espuña.
- l) Detrítico de Chirivel-Maláguide.
- m) Cuaternario de Fortuna .
- n) Masas de auga procedentes de antigas unidades hidroxeolóxicas compartidas coa demarcación hidrográfica do Xúcar (sistema Vinalopó-Alacantí) cuxo estado, inferior a bo, se debe a extraccións situadas fóra da demarcación do Segura: Láceras, serra de La Oliva, serra de El Argallet e serra de Crevillente.
- o) Masa de auga procedente de antigas unidades hidroxeolóxicas compartidas coas bacías mediterráneas andaluzas, cuxo estado, inferior a bo, se debe posiblemente a extraccións situadas fóra da demarcación do Segura: Las Norias.

9. A consecución do bo estado cuantitativo das masas de auga subterránea no 2027 está supeditada, ademais de ás medidas de xestión descritas nesta normativa, ás determinacións que resulten da planificación hidrolóxica nacional para a satisfacción do déficit estrutural da bacía do Segura.

**Artigo 51.** *Criterios para a cualificación dun acuífero como en proceso de salinización*

1. Os criterios básicos para a consideración de que un acuífero ou zona se encontra en proceso de salinización, así como para a súa protección, son os indicados nos artigos 99 do TRLA e 244 do RDPH.
2. A valoración do grao de intrusión salina nos ditos acuíferos ou zonas farase utilizando como indicadores, entre outros posibles, as concentracións de cloruros e sulfatos ou condutividade en comparación cos correspondentes valores limiar establecidos no apéndice 5.
3. O obxectivo básico dos programas de actuación de acuíferos afectados por intrusión salina de auga de mar que, de ser o caso, se establezan, será inverter a dita intrusión e rexenerar a calidade fisicoquímica da auga subterránea. Os programas de actuación ou os plans de ordenación deberán garantir en calquera caso a satisfacción da demanda ambiental para o mantemento da interface auga doce-auga salgada nunha posición que permita unha adecuada satisfacción das demandas asociadas ao réxime concesional e aos plans de ordenación redactados.

**Artigo 52.** *Condicións para a realización de captacións de auga subterránea*

1. Con carácter xeral e para o presente plan, establécese como distancia mínima entre pozos ou entre estes e mananciais a de 100 m. Tal distancia non prexulga a súa posible denegación no suposto de que se produzan afeccións a terceiros.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

2. Independentemente da evolución piezométrica do acuífero ou masa subterránea e, por conseguinte, do seu estado cuantitativo ou situación de sobreexplotación, co fin de recuperar o rendemento dunha captación deteriorada, con caudal minguado e inscrita no Rexistro de Augas ou Catálogo de augas privadas, poderase substituír por outra nova nun raio de 20 metros de idénticas características que a orixinal e que capte recursos do mesmo acuífero, de maneira que non se considera unha modificación das condicións nin do réxime de explotación, con suxeición ás condicións que en cada suposto deban establecerse e, en todo caso, á da selaxe e peche da primeira captación, de conformidade co artigo 188 bis do RDPH.

Estas substitucións tramitaranse mediante simple autorización e a instalación elevadora que na nova quede instalada será aquela que existía na sondaxe substituída, ou unha nova de similar potencia e caudal instantáneo.

3. A execución de calquera captación destinada á extracción de augas subterráneas realizarase baixo dirección e supervisión dun técnico competente, que deberá certificar a terminación das obras e as súas características construtivas finais. Para os efectos do control e seguimento das condicións do punto de captación da concesión e, co obxecto de mellorar a información hidrolóxica básica, o concesionario estará obrigado a achegar á Confederación Hidrográfica do Segura a columna litolóxica atravesada, o resultado dos ensaios de bombeo, o rexistro da evolución de niveis piezométricos, a análise química da auga bombeada e calquera incidencia acaecida durante a perforación.

4. As sondaxes que resulten negativas clausuraranse e selaranse nos termos previstos no artigo 188 bis do RDPH.

5. En función dos condicionantes hidroxeolóxicos e administrativos que concorran en cada caso, poderanse establecer prescricións en relación con características técnicas das captacións tales como a profundidade ou o illamento de determinadas formacións xeolóxicas, co obxectivo de evitar efectos indesexados como a sobreexplotación local ou a contaminación de niveis. En calquera caso, imporase a condición de cementar os 5 metros superiores do espazo anular entre a entubación e a parede da perforación das captacións.

Esta existencia de illar formacións xeolóxicas atravesadas por unha captación poderá ser adoptada con carácter xeral para o conxunto dos usuarios dunha mesma masa de auga subterránea, de detectarse que, como consecuencia desa situación, se está procedendo á conexión hidráulica de niveis acuíferos de distinta calidade química, cuxa persistencia dificultaría o cumprimento dos obxectivos ambientais previstos no presente plan para calquera dos acuíferos afectados.

6. A clausura e a selaxe das captacións de auga subterránea abandonadas ou en desuso realizaranse nos termos previstos no artigo 188 bis do RDPH.

7. Non se autorizará a execución de novas captacións de auga subterránea para volumes de aproveitamento superiores a 15.000 m<sup>3</sup>/ano a unha distancia inferior a 500 metros dos puntos da rede oficial de control piezométrico, excepto aquelas destinadas a substituír unha xa existente, que se clausure, ou que capten un acuífero diferente ao controlado.

**Artigo 53. Actuacións en acuíferos costeiros en proceso de salinización**

1. Poderán outorgarse as correspondentes concesións administrativas destinadas á explotación de recursos renovables de acuíferos costeiros salobres, cuxas augas previamente á súa utilización sexan

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

---

desalgadas, como apoio e complemento a unha dotación escasa dunha zona regable establecida; ou ben como seguridade adicional á dispoñibilidade de recursos fronte a períodos de escaseza.

2. A explotación dos acuíferos costeiros salobres, cando precise dunha planta desalobradora, estará condicionada á correcta recollida e evacuación das salmoiras ao mar, así como a cantas outras condicións poidan impor as administracións competentes.

3. Para a asignación dos volumes máximos susceptibles de seren extraídos, terase en conta o resto de recursos asignados a cada zona regable. As captacións deberán permanecer sen ningún tipo de explotación os anos en que estes resulten por si sós suficientes para a atención da demanda prevista neste plan.

4. Á vista do carácter de aumento de garantía fronte a períodos de escaseza e de regulación hiperanual que presentan estas extraccións, poderase admitir unha explotación anual temporal por un valor superior á dos recursos dispoñibles dos acuíferos implicados, sempre e cando o seu cómputo nun prazo superior de 10 anos non deite un valor medio superior ao estimado como recurso dispoñible.

5. Os titulares destas concesións, de ser o caso, deberán selo tamén das terras a que a auga vaia destinada.

#### ***Sección IV. Medidas para a protección contra as inundacións e as secas***

##### **Artigo 54. Protección contra as inundacións**

1. Para a xestión de inundacións, sen prexuízo das disposicións regulamentarias de carácter xeral que estean en vigor, teranse en conta os criterios establecidos no Plan de xestión do risco de inundación para o período 2015-2021, así como os previstos nos seguintes puntos.

2. Dentro da chaira de inundación distínguense a zona inundable e a zona de fluxo preferente, definidas no artigo 3 do Real decreto 903/2010, sen prexuízo do que no seu día establezan os plans de xestión de inundación.

3. Para efectos da definición de vía de intenso desaugamento, atenderase ao establecido no artigo 9.2 do RDPH. Porén, a sobreelevación referida nesta disposición reducirase ata 0,1 m cando o incremento da inundación produza graves prexuízos e, ademais, sexan factibles, técnica e economicamente, outros lugares para novas construcións fóra desa zona, e poderase aumentar ata 0,5 m en solo rural naqueles casos onde o incremento da inundación produza danos reducidos e exista dificultade para acondicionar outras áreas alternativas de desenvolvemento.

4. De conformidade co artigo 9.2 do RDPH, nas zonas ou vías de fluxo preferente só poderán ser autorizadas pola Confederación Hidrográfica do Segura aquelas actividades non vulnerables fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento da dita vía que, salvo comprobación en contra, serán, entre outras, as seguintes:

- a) Usos agrícolas: terras de labranza, pastos, horticoltura, viticultura, céspede, silvicultura, viveiros ao aire libre e cultivos silvestres.
- b) Uso gandeiro non estabulado.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- c) Usos recreativos, públicos e privados: parques e xardíns, campos de golf, pistas deportivas, zonas de descanso, de natación, reservas naturais de caza, cotos de caza ou pesca, circuitos de excursionismo ou equitación. Dentro destes usos non se inclúen os cámpings.
- d) Aproveitamentos hidroeléctricos.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 14.4 do RDPH, na zona de fluxo preferente quedan prohibidos, con carácter xeral, os seguintes usos:

- a) Novos usos habitacionais.
- b) Novas edificacións, calquera que sexa o seu uso, con excepción das obras públicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 9.2 do RDPH.
- c) Obras de reparación de edificacións existentes que supoñan unha alteración da súa ocupación en planta ou do seu volume, ou o cambio de uso destas que incremente a súa vulnerabilidade fronte ás enchentes.
- d) Cerramentos e valos que non sexan diáfanos, tales como os pechamentos de muro de fábrica de calquera clase.

6. Permitiranse, con carácter xeral, as actuacións destinadas á conservación e restauración de construcións singulares do patrimonio histórico asociadas a usos tradicionais da auga como muíños ou noras, entre outros, construcións de gran valor etnográfico e testemuñas da tradición, sempre que se manteña o seu uso tradicional, e non se permitirá, en ningún caso, un cambio de uso salvo o acondicionamento museístico.

7. Cando os novos actos ou plans das comunidades autónomas ou das entidades locais comporten afeccións a leitos públicos, ás súas zonas de servidume ou policía ou ao réxime de correntes, con especial referencia á inundabilidade, deberán prever e xustificar, de acordo co principio de desenvolvemento sustentable, e tendo en conta os mapas e plans de xestión de perigosidade e risco de inundación existentes, a non incidencia no réxime de correntes, así como a inexistencia de risco ás persoas ou doutros riscos significativos, para o cal terán en conta as prohibicións e limitacións de usos no dominio público hidráulico, na súa zona de servidume, na zona de fluxo preferente e, en xeral, na zona inundable a que afectan.

8. Na falta de estudos específicos, a cartografía de referencia sobre os distintos tipos de zonas inundables será a ofrecida polo Sistema nacional de cartografía de zonas inundables, conforme o establecido no artigo 10 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo.

9. Na xestión de inundacións terase en conta o Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións, así como a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, que establece o contido e as funcións básicas dos plans das comunidades autónomas. Para tal efecto, serán aplicables nos seus respectivos ámbitos territoriais os plans de protección civil ante o risco de inundacións das comunidades autónomas da Rexión de Murcia (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 10 de xullo do 2007), Castilla-La Mancha (o 24 de marzo de 2010), Andalucía (o 1 de decembro do 2004) e a Comunidade Valenciana (o 23 de marzo de 1999 e actualizado o 17 de novembro de 2010).

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

**Artigo 55. *Risco de inundación e planificación territorial e urbanística.***

1. Os novos plans de ordenación territorial das comunidades autónomas e os novos plans urbanísticos municipais, así como os seus instrumentos de desenvolvemento ou modificativos, terán en conta as condicións de inundabilidade dos seus respectivos ámbitos, tanto a procedente dos leitos públicos como a orixinada polo desbordamento de leitos privados ou polas escorregas de carácter local, que determinarán os usos compatibles na zona inundable. Para iso, como mínimo, reflectirán na súa parte informativa:

- a) O dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- b) As zonas de risco de inundación.

2. Na zona de dominio público hidráulico non se admitirá ningún uso, salvo aqueles previstos na lexislación aplicable en materia de augas, e prohibirase calquera tipo de edificación, así como a realización de obras de infraestruturas que sexan vulnerables ou poidan modificar negativamente o proceso de inundación.

3. Será obxectivo, nas autorizacións que outorgue a Confederación Hidrográfica do Segura en relación coa ordenación do territorio e co planeamento urbanístico, que non se sitúe nas zonas de fluxo preferente ningunha instalación ou construción nin obstáculos que alteren o réxime de correntes. Só poderán ser autorizadas aquelas actividades non vulnerables fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade das vías de intenso desaugamento.

4. Nas zonas inundables, o réxime de usos establecido deixa de ser de aplicación cando o planeamento urbanístico, co informe favorable da Administración hidráulica, prevé a execución das obras necesarias co fin de que as cotas definitivas, resultantes da urbanización, cumpran as condicións de grao de risco de inundación adecuadas para a implantación da ordenación e dos usos establecidos no indicado planeamento. En calquera caso, estas obras deberán ser autorizadas expresamente pola Confederación Hidrográfica do Segura e, ata o momento en que estas non estean terminadas, non se poderán levar a cabo obras de urbanización que resulten vulnerables fronte ás enchentes ou que supoñan unha redución significativa da capacidade das vías de intenso desaugamento.

5. As limitacións dos usos e das prohibicións que establecen os números 3 e 4 non serán de aplicación a aquelas edificacións, conxuntos de edificacións ou construcións que sexan obxecto de protección polo seu valor histórico, artístico, arquitectónico ou industrial. En calquera caso, o planeamento urbanístico xeral, de acordo co que determine a Administración hidráulica, ten que prever as actuacións necesarias para a adopción das medidas de protección fronte aos riscos de inundación nos referidos ámbitos, así como a programación e execución das obras correspondentes, en particular, para estas construcións. O planeamento urbanístico xeral poderá condicionar as actuacións de transformación dos usos ou de reimplantación de usos preexistentes á execución, a cargo da actuación, das infraestruturas necesarias que adecúen o risco de inundación á ordenación urbanística.

6. O planeamento urbanístico xeral suxeitará ao réxime de “fóra de ordenación” as edificacións e as actividades preexistentes en terreos incluídos no dominio público hidráulico e na zona de servidume de leitos que non se axusten ao que establece o número 2 deste artigo, sempre que non estean incluídas nalgún dos supostos previstos no número 5.

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

7. Aqueles plans e instrumentos de planeamento, así como as clasificacións e usos previstos neles que prevean a posibilidade de urbanizar e estean afectados pola zona inundable, e non contén cun plan de canalización aprobado definitivamente deberán ser obxecto dun estudo de inundabilidade específico con carácter previo á súa aprobación ou programación. Este estudo concluirá sobre a procedencia de:

- a) Desclasificar todo ou parte do citado solo.
- b) Establecer condicións á ordenación pormenorizada para evitar a localización dos usos máis vulnerables nas zonas de maior perigosidade do sector.
- c) Realizar obras de defensa e as complementarias que veñan exixidas para garantir a seguridade das persoas, as cales, en todo caso, deberán incluírse nas obras de urbanización da actuación.
- d) Impor condicións á forma e á disposición das edificacións que se vaian materializar dentro do sector.

8. Os plans e instrumentos urbanísticos afectados pola zona inundable deberán respectar e axustarse ás determinacións da presente planificación e precisarán o informe da Confederación Hidrográfica do Segura, para efectos de impor condicións de adecuación ás futuras edificacións e a realización de actuacións de defensa que se consideren necesarias.

9. En ningún caso os plans ou instrumentos de planeamento urbanístico poderán dar lugar a un incremento significativo do risco de inundación na área, no termo municipal onde se desenvolven ou nos municipios estremeiros.

**Artigo 56.** *Actuacións para a superación de situacións de seca*

A autorización de actuacións para superar situacións extraordinarias de seca, de acordo co establecido no artigo 58 do TRLA, requirirá, con carácter xeral, o oportuno real decreto adoptado en Consello de Ministros.

**Sección V. Réxime económico-financeiro da utilización do dominio público hidráulico**

**Artigo 57.** *A recuperación dos custos dos servizos da auga*

1. A recuperación do custo financeiro dos servizos públicos da auga e dos custos ambientais non internalizados terá como finalidade o fomento dun uso cada vez máis eficiente da auga e do resto de bens de dominio público hidráulico, co fin de contribuír con iso ao logro dos obxectivos de bo estado e de mellora da atención das necesidades de auga. Con tal fin, as autoridades con competencias na subministración establecerán estruturas tarifarias por tramos de consumo, coa finalidade de poder atender as necesidades básicas a un prezo accesible e desincentivar os consumos excesivos.

A utilización do dominio público hidráulico realizarase con sometemento ao principio xeral de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga, incluíndo tanto os custos ambientais como os do recurso.

2. De acordo co artigo 111 bis.3 do TRLA e o artigo 42.4 do RPH, tras analizar as consecuencias sociais, ambientais e económicas, así como as condicións xeográficas e climáticas de cada territorio, propóñense excepcións á aplicación do principio de recuperación dos custos nos ámbitos descritos no apéndice 13. As mencionadas propostas de excepción deberán reunir os seguintes requisitos:

Anexo X. Plan hidrológico da DH do SEGURA (2015-2021)

- a) Non comprometer os fins nin o logro dos obxectivos ambientais fixados no presente plan hidrológico.
- b) A súa aplicación está supeditada á súa aprobación polo ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

**Artigo 58. Centro de intercambio de dereitos ao uso da auga**

1. De acordo co establecido no artigo 71 do TRLA e nas situacións reguladas nos artigos 55, 56 e 58 do mesmo texto refundido, fomentárase durante a vixencia do plan a actividade na bacía do Segura dun Centro de intercambio de dereitos ao uso de auga, constituído polo Acordo do Consello de Ministros do 15 de outubro de 2004, en que poderán participar, para cederen os seus dereitos, os concesionarios e os titulares de aproveitamentos ao uso privativo das augas que teñan recoñecidos os seus dereitos mediante a súa inscrición no Rexistro de Augas ou anotación no Catálogo de augas privadas da bacía do Segura.

2. Así, e tras identificar situacións e usuarios que se poidan constituír como destinatarios deles, a Confederación Hidrográfica do Segura, nas condicións establecidas no artigo 355 do RDPH, poderá realizar ofertas públicas de adquisición de dereitos, no ámbito xeográfico da demarcación hidrográfica do Segura.

3. As adquisicións poderán ter como obxectivo xeral o de permitir a obtención de recursos cos cales, mediante a utilización da rede de infraestruturas existente no interior da demarcación hidrográfica do Segura e de acordo co establecido nos artigos 70 e 72 do TRLA, se fomente un intercambio e unha reasignación de dereitos que posibiliten o cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos para as distintas masas de auga, nos prazos que se establecen no presente plan, e se eliminen situacións de sobreexplotación de acuíferos e de falta de garantía dos aproveitamentos existentes.

4. O exercicio das funcións de adquisición e intercambio de dereitos por parte da Confederación Hidrográfica do Segura non poderá supor, ao final de cada ano natural, un incremento do gasto neto da Confederación.

Capítulo VIII. Programa de medidas

**Artigo 59. Definición do programa de medidas**

O Programa de medidas deste plan hidrológico está constituído polas medidas que se describen no anexo 10 da memoria. Os investimentos previstos para os distintos horizontes temporais son os que se indican no cadro que se inclúe como apéndice 11, cuxo desenvolvemento se levará a cabo de acordo co previsto na disposición adicional segunda incorporada na parte dispositiva deste real decreto. As distintas medidas quedan agrupadas nas seguintes tipoloxías:

- a) Medidas de redución da contaminación puntual (tipo 1).
- b) Medidas de redución da contaminación difusa (tipo 2).
- c) Medidas de redución da presión por extracción de auga (tipo 3).
- d) Medidas de redución de presións morfolóxicas (tipo 4).

---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- e) Medidas de redución de presións hidrolóxicas (tipo 5).
- f) Medidas de conservación e mellora da estrutura e do funcionamento dos ecosistemas acuáticos (tipo 6).
- g) Medidas que non aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado (tipo 7).
- h) Medidas xerais aplicables sobre os sectores que actúan como factores determinantes (tipo 8).
- i) Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 9).
- j) Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos (tipo 10).
- k) Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza (tipo 11).
- l) Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles (tipo 12).
- m) Medidas de prevención de inundacións (tipo 13).
- n) Medidas de protección fronte a inundacións (tipo 14).
- o) Medidas de preparación fronte a inundacións (tipo 15).
- p) Medidas de recuperación e revisión tras inundacións (tipos 16 a 18).
- q) Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga (tipo 19).

As medidas dos tipos 1 a 10 corresponden directamente con medidas de implantación da Directiva marco da auga, afrontan os problemas de logro dos obxectivos ambientais; da mesma forma, as medidas dos tipos 13 a 18 corresponden coa implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación e afrontan problemas de enchentes e inundacións (fenómenos extremos). Adicionalmente, os problemas de gobernanza afróntanse coas medidas do tipo 11. O obxectivo de satisfacción de demandas, que tamén asume este plan hidrolóxico, afróntase cos investimentos que se agrupan no tipo 12. Por outra parte, inclúense no tipo 19 outros investimentos paralelos que, mesmo non sendo medidas propias do plan, afectan a evolución dos usos da auga e determinan a necesidade doutros tipos de medidas de entre os anteriormente sinalados.

### Capítulo IX. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública

#### **Artigo 60.** *Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública*

1. O organismo de bacía establecerá o sistema organizativo e o cronograma marco asociados ao desenvolvemento dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa para o seguimento e revisión deste plan hidrolóxico.
2. O organismo de bacía coordinará os procesos de información pública, consulta pública e participación activa, así como o correspondente ao de avaliación ambiental estratéxica para a revisión do plan hidrolóxico.
3. Os métodos e as técnicas de participación que se empregarán nas distintas fases do proceso serán, entre outros, entrevistas, xornadas de portas abertas, reunións bilaterais, obradoiros, participación interactiva, mesas sectoriais e multisectoriais, conferencias e mesas redondas.



---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

4. Os puntos de contacto para a consulta e obtención de documentación e información relacionada co plan durante os procesos de información pública, consulta pública e participación activa do plan hidrolóxico serán, mentres non se dispoña outra cousa:

- a) A sede do organismo de bacía en Murcia.
- b) A páxina web do organismo de bacía.
- c) A páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

5. O proxecto de participación pública do plan hidrolóxico está dispoñible na páxina web da Confederación Hidrográfica do Segura. Recóllese un resumo no anexo 11 da memoria do plan hidrolóxico, que deberá ser revisado con carácter previo á revisión do plan hidrolóxico a que se refira, cada seis anos.

**Artigo 61. Autoridades competentes**

As autoridades competentes identificadas no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Segura recóllense no anexo II do anexo 11 da súa memoria. Por outro lado, a estrutura do Comité de Autoridades Competentes inclúese no capítulo 15 da memoria. A Confederación Hidrográfica do Segura manterá actualizada e porá á disposición do público, a través da súa páxina web: [www.chsegura.es](http://www.chsegura.es), a composición do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica do Segura, a medida que, conforme o indicado no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, se poidan ir producindo cambios na composición ou designación dos membros do comité.

**Artigo 62. Rexistro de partes interesadas**

A Confederación Hidrográfica do Segura creou un Rexistro de Partes Interesadas en que se integran todas as institucións, empresas e particulares que solicitaron a súa inclusión e que participan de forma activa no proceso de planificación. Este Rexistro de Partes Interesadas está dispoñible na páxina web da Confederación Hidrográfica do Segura para a súa consulta.

**Artigo 63. Partes interesadas**

1. Para os efectos de fomentar a participación activa prevista no artigo 75 do RPH, terán a condición de partes interesadas no proceso de planificación hidrolóxica da demarcación hidrográfica do Segura aqueles axentes incorporados ao Rexistro de Partes Interesadas.

A incorporación ao Rexistro de Partes Interesadas realizarase por solicitude expresa do axente dirixida á Confederación Hidrográfica do Segura con este propósito, e será aceptada pola Confederación Hidrográfica do Segura. Igualmente, mediante tal procedemento, as partes interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos consignados no Rexistro de Partes Interesadas, ante a Oficina de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Segura.

2. A condición de parte interesada no proceso de planificación hidrolóxica adquirese automaticamente por ser membro da Xunta de Goberno, do Comité de Autoridades Competentes ou do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Segura. En sentido inverso, a condición de parte interesada pérdese

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

automaticamente cando se deixa de formar parte dos citados órganos de goberno, cooperación, planificación e participación da Demarcación do Segura.

3. Igualmente, adquiren a condición de parte interesada e incorpóranse como tales no Rexistro de Partes Interesadas aqueles que sexan identificados con tal condición pola autoridade ambiental no documento de alcance do proceso de avaliación ambiental estratéxica do plan hidrolóxico.

4. O disposto neste artigo debe entenderse sen prexuízo da consideración de interesado para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e do disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

**Artigo 64. *Accións de información pública***

A información pública respecto aos documentos do proceso de planificación sinalados no número 1 da disposición adicional décimo segunda do TRLA queda garantida pola Confederación Hidrográfica do Segura, atendendo ao previsto no artigo 73.2 do RPH, mediante o mantemento dunha sección específica dentro do seu portal web onde se publican os citados documentos, o que posibilita a súa consulta e descarga e, adicionalmente, mediante o depósito dos documentos impresos na biblioteca da Confederación Hidrográfica do Segura.

**Artigo 65. *Accións de consulta pública***

1. A consulta pública dos documentos do proceso de planificación sinalados nos artigos 77 a 80 do RPH, así como do proxecto de participación pública requirido polo artigo 72 do citado regulamento, será desenvolvida pola Confederación Hidrográfica do Segura na forma e nos prazos establecidos regulamentariamente, mediante o envío de notificacións sobre a dispoñibilidade da consulta dos documentos ás partes interesadas en que se solicite a presentación de alegacións sobre eles.

2. As alegacións presentadas por escrito aos documentos do proceso de planificación serán públicas.

**Artigo 66. *Accións de participación activa***

A Confederación Hidrográfica do Segura fomentará a participación activa no proceso de planificación mediante a realización de xornadas públicas de libre acceso e mesas sectoriais ou territoriais.

**Artigo 67. *Consideración de datos máis actualizados nos informes de compatibilidade***

<b>Descrición das circunstancias causantes da deterioración temporal:</b> motivos da deterioración e descrición da situación hidrolóxica durante o episodio.	
<b>Obxectivos e indicadores:</b> valor dos indicadores que determinaron a deterioración e obxectivo ambiental de tales indicadores.	
<b>Brecha:</b> desviación entre o estado da masa de auga actual e o estado durante o escenario de deterioración con respecto aos obxectivos de referencia.	
<b>Medidas adoptadas:</b> medidas levadas a cabo para controlar e paliar os efectos da deterioración.	

## APÉNDICE 11. PROGRAMA DE MEDIDAS

## Apéndice 11.1. Medidas incorporadas ao programa de medidas.

Grupo de medidas	Nº medidas	Custo de investimento (cifras en millóns de euros)				
		2016-2021	2022-2027	2028-2033	TOTAL	
01	Medidas de redución da contaminación puntual	270	325,07	314,19	206,77	<b>846,03</b>
02	Medidas de redución da contaminación difusa	112	40,89	30,04	9,50	<b>80,43</b>
03	Medidas de redución da presión por extracción de auga	16	110,94	33,87	--	<b>144,81</b>
04	Medidas de redución de presións morfolóxicas	114	73,47	110,45	1,80	<b>185,72</b>
05	Medidas de redución de presións hidrolóxicas	23	0,15	--	45,29	<b>45,44</b>
06	Medidas de conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos sistemas acuáticos	8	0,78	0,96	--	<b>1,74</b>
07	Medidas que non aplican sobre unha presión concreta pero si sobre un impacto identificado	11	1,46	--	--	<b>1,46</b>
09	Medidas específicas de protección de auga potable non ligadas directamente nin a presións nin a impactos	1	0,00	0,97	--	<b>0,97</b>
10	Medidas específicas para substancias prioritarias non ligadas directamente nin a presións nin a impactos	1	0,25	--	--	<b>0,25</b>
11	Medidas relacionadas coa mellora da gobernanza	239	74,81	134,43	0,01	<b>209,25</b>
12	Medidas relacionadas co incremento de recursos dispoñibles	81	195,86	52,38	0,90	<b>249,14</b>
13	Medidas de prevención de inundacións	8	14,68	0,99	--	<b>15,67</b>
14	Medidas de protección fronte a inundacións	74	86,00	149,49	250,98	<b>486,47</b>
15	Medidas de preparación fronte a inundacións	17	7,77	--	--	<b>7,77</b>
16	Medidas de recuperación e revisión tras inundacións	4	1,29	--	--	<b>1,29</b>
19	Medidas para satisfacer outros usos asociados á auga	54	59,77	74,48	56,86	<b>191,11</b>
<b>TOTAL:</b>		<b>1.033</b>	<b>993,19</b>	<b>902,25</b>	<b>572,11</b>	<b>2.467,55</b>

Faise constar que a previsión de investimentos a cargo das distintas administracións públicas recollidas no programa de medidas corresponde a unha estimación actual que, malia as cautelas que se adoptaron na súa definición, estará suxeita a modificacións durante o período de vixencia do presente plan hidrolóxico. Os posibles cambios no investimento previsto no programa de medidas poderán derivar ben do feito de que se decida a non realización dalgunha das actuacións previstas ante a súa inviabilidade técnica, económica ou ambiental, ben da necesidade de apazamento da execución dalgunhas das medidas motivado polas dispoñibilidades orzamentarias das distintas administracións públicas implicadas.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

## APÉNDICE 12. RELACIÓN DE MASAS DE AUGA CON PREVISIÓN DE MODIFICACIÓNS OU ALTERACIÓNS. ARTIGO 39 DO REGULAMENTO DA PLANIFICACIÓN HIDROLÓXICA

**Apéndice 12.1. Augas costeiras con previsión de modificacións e/ou alteración por infraestruturas portuarias. Artigo 39 do Regulamento da planificación hidrolóxica.**

CÓDIGO MASA DHS	NOME	NATUREZA	TIPO	SUPERFICIE (ha)
ES0702150006	Cabo Negrete-La Manceba (profundidade menor a -30 msnm)	Moi modificada por extracción de produtos naturais	AC-T05-HM	251,01
ES0702150007	Cabo Negrete-La Manceba (profundidade maior de -30 msnm)	Moi modificada por extracción de produtos naturais	AC-T07-HM	1.046,75

**Apéndice 12.2. Augas continentais con previsión de modificacións e/ou alteración por infraestruturas de defensa contra enchentes. Artigo 39 do Regulamento da planificación hidrolóxica.**

CÓDIGO MASA DHS	NOME	NATUREZA	TIPO	LONXITUDE (km)
ES0701010304	Río Mundo desde encoro de El Talave ata confluencia co encoro de Camarillas	Río natural	R-T09	30,10

## APÉNDICE 13. PROPOSTA DE EXCEPCIÓNS Á APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE RECUPERACIÓN DE CUSTOS

CÓDIGO	NOME / ÁMBITO	DESCRICIÓN (*)
01	Regadíos sociais	O organismo que presta o servizo ou que intervéñ no seu financiamento non pretende unha recuperación completa dos custos financeiros por motivos sociais.
02	Obras de defensa contra enchentes	Son actuacións que benefician un colectivo non claramente identificable ou a sociedade en xeral
03	Corrección de situacións de sobreexplotación de acuíferos ou de infradotación e falta de garantía con novos recursos externos ou desalinizados.	Para que se alcancen os obxectivos ambientais nas masas de auga subterránea é necesaria a substitución de bombeos non renovables por novos recursos externos cun custo unitario moi superior. A recuperación total dos custos dos novos recursos externos (que permitan a permuta de recursos sobreexplotados) excedería a capacidade de pagamento do usuario e poríase en risco a viabilidade do tecido produtivo da zona. Esta circunstancia concorre tamén nos regadíos vinculados ao transvasamento Texo-Segura, que se encontran en situación de falta de garantía e infradotados.

(\*) A xustificación da excepción desenvólvese no anexo 9 "Recuperación de custos financeiros dos servizos da auga" da memoria do plan hidrolóxico.

## APÉNDICE 14. REQUISITOS ADICIONAIS DE PUBLICIDADE (ART. 26 DA LEI 21/2013, DE AVALIACIÓN AMBIENTAL)

### I. Introducción:

O artigo 26.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que:

*No prazo de quince días hábiles desde a adopción ou aprobación do plan ou programa, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación no Boletín Oficial del Estado ou diario oficial correspondente a seguinte documentación:*

- a) *A resolución pola cal se adopta ou aproba o plan ou programa, e unha referencia ao enderezo electrónico en que o órgano substantivo porá á disposición do público o contido íntegro de tal plan ou programa.*
- b) *Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:*
  - 1º *De que maneira se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.*
  - 2º *Como se tomou en consideración no plan ou programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, incluíndo, de ser o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, cando proceda, as discrepancias*
  - 3º *As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.*
- c) *As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.*

A alínea a) queda completada coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto aprobatorio, cuxa disposición adicional terceira indica os enderezos electrónicos a través dos cales se pode acceder ao contido íntegro dos plans.

As seguintes páxinas incorporan o contido sinalado nas alíneas b) e c) do citado artigo 26.2 da Lei de avaliación ambiental.

### II. Resultado da integración dos aspectos ambientais no plan hidrolóxico ou no programa de medidas contido no dito plan.

A seguir identifícanse, de forma sintética, aqueles contidos do Plan hidrolóxico (2015-2021) que se consideraron merecedores dunha atención específica en prol da adecuada integración dos aspectos ambientais no proceso de planificación hidrolóxica:

- a) Na **delimitación das masas de auga** tívose en conta a existencia de áreas protexidas, en especial os espazos incluídos na Rede Natura 2000.
- b) Realizouse unha descrición das **características fisicoquímicas correspondentes ás condicións naturais** das augas incluídas no inventario de recursos. Esta determinación serviu de base para o establecemento das condicións fisicoquímicas de referencia para as distintas tipoloxías das masas de auga en España.
- c) Para o cálculo dos balances correspondentes ao horizonte 2033, tívose en conta o efecto a longo prazo que o **cambio climático** pode inducir sobre os recursos hídricos naturais. Neste sentido, considerouse o “Estudo dos impactos do cambio climático nos recursos hídricos e nas masas de auga” (CEDEX, 2012)<sup>1</sup> que fixa nun 5% a porcentaxe de redución dos recursos naturais para esta demarcación.
- d) O anexo III da memoria do PH inclúe unha epígrafe dedicada á **análise da pegada hídrica**, indicador complementario da sustentabilidade no uso dos recursos naturais. A pegada hídrica estándar para a Demarcación do Segura é de 2.439,3 metros cúbicos por habitante e ano e a súa pegada hídrica adaptada é de 1.444,8 metros cúbicos por habitante e ano.

<sup>1</sup> [http://www.magrama.gob.es/es/agua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest\\_CC\\_RH.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/agua/temas/planificacion-hidrologica/planificacion-hidrologica/EGest_CC_RH.aspx)

## Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

- e) Ben que na Directiva marco da auga (en diante, DMA) non se recolle o requirimento de establecer réximes de **caudais ecolóxicos**, a súa determinación e o seu mantemento supón un paso adiante no camiño cara ao logro do bo estado das masas de auga, obxectivo concreto e principio que inspira toda a DMA. O Plan hidrolóxico da demarcación do Segura 2015/2021 revisa e actualiza o contido do plan hidrolóxico anterior e incorpora o réxime de caudais ecolóxicos en masas non estratéxicas e completa o réxime nas estratéxicas cos elementos non definidos.
- f) Conforme o artigo 99 bis do TRLA, actualizouse o **registro de zonas protexidas** e engadíronse 16 novas zonas protexidas. **O programa de control das zonas protexidas esténdese** ás seguintes zonas:
- Zonas de captación de auga para abastecemento de máis de 100 m<sup>3</sup>/día.
  - Zonas destinadas á protección de especies acuáticas economicamente significativas.
  - Zonas destinadas a usos recreativos (incluíndo a calidade das augas de baño de acordo co Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro).
  - Zonas declaradas vulnerables en aplicación da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.
  - Zonas declaradas sensibles en aplicación da Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas.
  - Zonas de protección de hábitat e especies (sitios Natura 2000).
  - Zonas húmidas de importancia internacional do Convenio de RAMSAR e reservas naturais fluviais definidas no plan hidrolóxico de bacía.
- g) Respecto á **valoración do estado das masas de auga**, o número de masas de auga en bo estado supón un 44% do total de masas.
- h) No plan definíronse os **obxectivos ambientais** das masas de auga da demarcación e os prazos previstos para a súa consecución. Cada unha das exencións ao cumprimento dos obxectivos xerais xustifícase nas fichas sistemáticas que se incluíron na memoria. Para alcanzar os obxectivos mencionados combináronse as **medidas máis adecuadas** e consideráronse os seus aspectos económicos, sociais e ambientais. Ademais, na selección do conxunto de medidas tivéronse en conta, nos casos en que foi posible realizalo, os resultados da análise custo-eficacia, así como os efectos sobre outros problemas ambientais e sociais.
- i) Levouse a cabo unha **estimación do custo ambiental asociado á prestación dos servizos da auga** e inclusión na análise de recuperación de custos. O custo ambiental defínese como o custo adicional que é necesario asumir para recuperar o estado -ou potencial- das masas de auga retirando a deterioración introducida polo servizo da auga para o que se valora o grao de recuperación de custos.
- j) Entre os **plans dependentes do plan hidrolóxico** encóntranse os plans de xestión das situacións de secas e inundacións, dos cales se incorpora un resumo no plan hidrolóxico, tal e como establece a IPH. No primeiro caso, dispónse dun plan especial para a bacía do Segura aprobado en marzo de 2007, mentres que no segundo caso, o Plan de avaliación e xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Segura se realizou coordinadamente co proxecto de plan hidrolóxico (ciclo 2015-2021).
- k) Así mesmo, deuse cumprimento a outro dos grandes obxectivos do proceso, que consiste na transparencia e **participación pública** a través do acceso á información do proceso planificador. Realizáronse consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas tanto en relación co documento inicial estratéxico e co estudo ambiental estratéxico como en relación cos distintos documentos do plan hidrolóxico.

**III. Procedemento seguido para a toma en consideración no plan ou programa do estudo ambiental estratéxico, dos resultados da información pública e das consultas, incluíndo, de ser o caso, as consultas transfronteirizas e a declaración ambiental estratéxica, así como, de ser o caso, as discrepancias que se producen ao longo do proceso de planificación.**

Como resultado das consultas realizadas identificáronse diversas oportunidades de mellora dos documentos que se someteron a información pública, durante un período de tempo de seis meses, a partir do 31 de decembro de 2014. En particular, recibíronse 107 documentos con propostas, observacións ou suxestións que quedaron analizados no anexo 11 á memoria, ao cal se pode acceder a través do enderezo electrónico que conduce á documentación deste plan hidrolóxico.

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

A declaración ambiental estratéxica, aprobada por resolución do secretario de Estado de Medio Ambiente e posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* do día 22 de setembro de 2015, incorpora unha serie de determinacións ambientais referidas ás seguintes cuestións:

- a) Criterios xerais que deben rexer na aplicación dos plans
- b) Sobre a determinación do estado das masas de auga
- c) Sobre a definición dos obxectivos ambientais
- d) Sobre o déficit hídrico na demarcación e as referencias ao Plan hidrolóxico nacional
- e) Sobre o programa de medidas
- f) Sobre os efectos en Rede Natura 2000 terrestre e mariña e espazos protexidos
- g) Sobre a recuperación de custos dos servizos da auga
- h) Sobre o seguimento ambiental

Parte destas determinacións débese aplicar no propio plan hidrolóxico, polo que as tarefas que conducen á súa materialización se incorporan no programa de medidas que se achega co Plan (véxase anexo 10 á memoria). Noutros casos trátase de compromisos a medio prazo, que se deberán evidenciar na futura revisión prevista para final do ano 2021.

**IV. Motivos determinantes da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.**

Para a elección da alternativa máis adecuada, considerouse unha **alternativa 0**, ou **tendencial**, que corresponde coa evolución tendencial dos problemas de non se revisar o plan hidrolóxico da demarcación. Adicionalmente, considérase unha **alternativa 2**, de máximo cumprimento posible dos obxectivos ambientais no horizonte de 2021 e, complementariamente, **unha alternativa 1**, onde para a resolución de cada un dos problemas se integra a consideración dos aspectos socioeconómicos relevantes que tamén son obxectivo da planificación.

Á vista dos resultados da análise realizada tendo en conta o cumprimento dos obxectivos ambientais e socioeconómicos da planificación hidrolóxica e a previsible resposta dos indicadores ambientais estratéxicos, cada unha das alternativas propostas ofrece as seguintes vantaxes e inconvenientes:

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alt. 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Menores necesidades orzamentarias e mellor axuste ao contexto económico.</li> <li>• Menor consumo enerxético.</li> <li>• Menor emisión de gases de efecto invernadoiro.</li> <li>• Non precisa a aprobación, por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do principio de exención de custos para a amortización das infraestruturas hidráulicas necesarias para a substitución de recursos subterráneos non renovables por novos recursos externos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incumprimento DMA ao non se alcanzaren os obxectivos ambientais das masas de auga.</li> <li>• Menor grao de cumprimento dos obxectivos ambientais, tanto en masas de auga superficial como subterránea, costeiras e de transición.</li> <li>• Non se alcanzan en 2027 os obxectivos ambientais das masas de auga subterránea que sigan sendo obxecto de sobreexplotación.</li> <li>• Non se alcanza o bo estado do Mar Menor en 2027.</li> <li>• Non permite a consecución do bo estado cuantitativo das masas de auga subterránea. Por outro lado, incumpriríase a lexislación vixente, en particular a referida ao TRLA.</li> <li>• Afeccións á Rede Natura 2000 por incumprimentos asociados á non implantación de caudais ecolóxicos.</li> <li>• Empeoramento do estado nas masas de auga superficial debido ao empeoramento das formacións de ribeira.</li> <li>• Mantemento da contaminación por nutrientes no cavorco de El Albuñón e afección á lagoa do Mar Menor.</li> <li>• Mantemento da problemática derivada das achegas de augas con altas cargas de nutrientes (eutrofización).</li> </ul>

## Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non asegura o abastecemento urbano dos municipios de Albacete non mancomunados na MCT.</li> <li>• Non se aplican as necesarias medidas de modernización de regadíos, reutilización e aplicación de recursos desalinizados previstos no Plan hidrolóxico 2009/15.</li> <li>• Mantense o efecto barreira e non mellora a permeabilidade lonxitudinal dos leitos.</li> <li>• Supón maior expansión das especies exóticas inventariadas.</li> <li>• Non implica mellora no control foronómico e, con iso, incumprimento de OMAS.</li> <li>• Non propón medidas de <b>relevancia</b> fronte ao éxodo rural. Incumpre cos calendarios de redución de sobreexplotación previstos no PHDS 2009/15 e, con iso, esténdese o impacto sobre as augas subterráneas.</li> <li>• Non resolve os problemas de garantía do regadío das veigas, cun importante valor paisaxístico, cultural e ambiental.</li> <li>• Presenta custos desproporcionados para gran parte dos usuarios agrarios e suporía grandes dificultades na asignación de recursos xerados por desalga, ao excederen as tarifas do recurso desalgado a capacidade de pagamento.</li> <li>• Importante custo ambiental ao non resolver os problemas de garantía do regadío e implicar a continuación da sobreexplotación de recursos subterráneos.</li> <li>• Consolida o déficit existente pola falta de garantía do ATS, que é suplido mediante a sobreexplotación de acuíferos. Supón un incremento do déficit da demarcación de contía similar á falta de garantía existente.</li> <li>• Non se garante o mantemento dos ecosistemas dependentes da auga.</li> <li>• Pérdese a oportunidade de traballar de forma conxunta fronte ao risco de inundación e incumpriríase a normativa europea.</li> <li>• Mantemento da problemática de salinización dos recursos hídricos circulantes polo río Segura.</li> <li>• Non existe recuperación foronómica dos mananciais.</li> <li>• Ausencia de medidas fronte á problemática derivada do risco de inundacións na demarcación.</li> <li>• Incumprimento legal por ausencia de deslindamento do DPH.</li> <li>• Non se realiza ningunha actuación que reduza os efectos socioeconómicos adversos das inundacións nin da súa perigosidade sobre persoas e bens.</li> <li>• Non se cumpre a Directiva europea 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.</li> </ul>
Alt. 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Maior grao de cumprimento de obxectivos ambientais en masas de auga superficial, subterráneas, así como nas costeiras e de transición.</li> <li>• Inténtase reducir ao máximo o risco de inundación, coa conseguinte minimización de danos futuros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Maiores necesidades enerxéticas.</li> <li>• Maior emisión de gases de efecto invernadoiro.</li> <li>• Elevadas necesidades investidoras e peor axuste ao contexto económico.</li> </ul>

## Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellor integración na Rede Natura 2000.</li> <li>• Mellora do ecosistema fluvial grazas a medidas de restauración en zonas de ribeira, eliminación de obstáculos á permeabilidade lonxitudinal e loita contra especies invasoras.</li> <li>• Cumpre cos calendarios de redución de sobreexplotación previstos.</li> <li>• Cumprimento da lexislación ao instaurar o réxime de caudais ecolóxicos.</li> <li>• Garántese o mantemento dos ecosistemas dependentes da auga.</li> <li>• Asegura o mantemento do regadío que recibe recursos transvasados e redúcese substancialmente a sobreexplotación de acuíferos.</li> <li>• Implica mitigar a presión xerada polo fondeo incontrolado no Mar Menor, así como a redución dos episodios de eutrofización e alcanzar o bo estado da lagoa en 2027.</li> <li>• Maior redución da concentración de nitratos nas masas de auga subterránea e redución das achegas de nutrientes de orixe subterránea ao Mar Menor.</li> <li>• Redución da salinización dos recursos hídricos circulantes polo río Segura.</li> <li>• Mellora a garantía do regadío das veigas, cun importante valor paisaxístico, cultural e ambiental.</li> <li>• Mellora da experiencia con sistemas de fitodepuración.</li> <li>• Mellora na rede de control da calidade de augas subterráneas, densificando os puntos de control no val do Guadalentín.</li> <li>• A revisión do PES poderá reconsiderar os acuíferos que se deberán empregar en situacións de seca e os seus máximos volumes de explotación, na medida en que o incremento do coñecemento hidroxeolóxico derivado de novos estudos así o aconselle, así como os requisitos impostos nas declaracións de impacto ambiental aprobadas ou futuras.</li> <li>• Recuperación das baías de Portmán e Escombreras.</li> <li>• Conseguiríase alcanzar o bo estado nas masas de auga subterránea sobreexplotadas en 2027.</li> <li>• Para o horizonte 2021 encontraríanse deslindadas as masas de auga e os cavorcos afectados por presións urbanísticas e actividade agraria.</li> <li>• Suporía a aceptación da proposta de exención do principio de recuperación de custos para a amortización de infraestruturas hidráulicas necesarias para a substitución de recursos subterráneos non renovables por novos recursos externos, o que podería permitir menores tarifas dos novos recursos externos e un maior aproveitamento da capacidade de desalinización da demarcación.</li> <li>• Cumpre cos calendarios de redución de sobreexplotación previstos no PHDS 2009/15.</li> <li>• Mellora das redes de distribución dos municipios de Albacete para reducir as súas perdas.</li> <li>• Loita contra o éxodo rural na zona de cabeceira non só mediante execución de novos regadíos sociais ou redotación de existentes, senón tamén grazas a medidas que reducen a afección a outros usuarios, o que supón a consolidación da reserva para regadíos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Importante esforzo de xestión e control de verteduras e extraccións.</li> <li>• Para a eliminación total do déficit da demarcación e consecución dos obxectivos ambientais, recorre ao futuro PHN para que estableza a orixe, a tarifa e o punto de incorporación á bacía dos novos recursos externos necesarios para solucionar o problema de sobreexplotación.</li> <li>• Variable impacto socioeconómico, en dependencia directa da tarifa final que estableza o PHN para o novo recurso externo.</li> <li>• Importante esforzo na aplicación de programas de actuación por parte das autoridades competentes para a redución de nutrientes nas masas de auga.</li> <li>• Posibles afeccións ambientais derivadas da mobilización de substratos contaminados nos labores de rexeneración da baía de Portmán.</li> <li>• Complexa implantación de batería de medidas para mitigar a afección socioeconómica derivada da implantación dos caudais ecolóxicos e asegurar o control de extraccións que permita o seu cumprimento.</li> <li>• Precisa a aprobación, por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do principio de exención de custos para a amortización das infraestruturas hidráulicas necesarias para a substitución de recursos subterráneos non renovables por novos recursos externos.</li> <li>• Potenciais afeccións ambientais derivadas da execución de infraestruturas para laminación de enchentes, non situadas en masa de auga.</li> </ul>

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implica a mellora do control foronómico.</li> <li>• Supón a aplicación de programas de actuación para a redución de nutrientes nas masas de auga.</li> <li>• Melloras en materia de laminación, almacenamento e actuacións lineais en leitos. Ademais, consideraranse as medidas que se inclúan no Plan xeral de riscos de inundación.</li> <li>• Mellora da gobernanza e control e modernización de regadíos.</li> <li>• Execución de infraestruturas para reducir a perigosidade e mitigar as afeccións das enchentes.</li> </ul>	

A alternativa 1 mostra un mellor comportamento fronte ao cumprimento dos OMA que a alternativa 0 (que incorre en incumprimento da DMA), pois supón o grao máximo de cumprimento de obxectivos ambientais das masas de auga, pero sen supor custos desproporcionados.

Por outro lado, cómpre lembrar que a alternativa 2, ou de máximos, non foi avaliada dado que as súas elevadas necesidades investidoras non permitirían levala a cabo no contexto económico actual pois, ademais, supón efectos socioeconómicos adversos e, sobre todo, incorre en custos desproporcionados, polo que non se trata dunha opción real e viable avaliable como posible alternativa.

Como a anterior análise pon de manifesto, a alternativa 1 propón medidas adicionais respecto á alternativa 0 que melloran a integración ambiental, así como a situación actual das masas de auga e de atención das demandas, tanto de abastecemento como de regadío, pero sen estrangular a actividade económica ligada ao uso da auga. Esta alternativa, ademais, é a que mellor resposta ofrece aos obxectivos ambientais da xestión do risco de inundación.

Por todo isto, a alternativa 1 resulta ser a **alternativa seleccionada** e a que se desenvolveu na revisión do plan hidrolóxico.

**V. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan ou programa.**

O título III do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, está dedicado ao seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos. En particular, os artigos 87 e 88 establecen os criterios xerais do seguimento e sinalan os aspectos que deben ser obxecto dun seguimento específico.

En consonancia co indicado no artigo 88 do Regulamento da planificación hidrolóxica, serán obxecto de seguimento específico as seguintes cuestións:

- a) Grao de cumprimento do réxime dos caudais ecolóxicos.
- b) Estado das masas de auga superficial e subterránea e análise da súa evolución cara aos obxectivos ambientais fixados no plan hidrolóxico, cun diagnóstico acerca do risco potencial de incumprimento.
- c) Evolución dos recursos hídricos naturais e dispoñibles e a súa calidade.
- d) Evolución das demandas de auga.
- e) Evolución do grao de satisfacción da demanda e, especificamente, evolución das «brechas na subministración», cun diagnóstico sobre o risco de incumprimento dos obxectivos do plan hidrolóxico nesta materia.
- f) Aplicación do programa de medidas e os seus efectos na consecución dos obxectivos do plan hidrolóxico. Á luz dos diagnósticos sobre os riscos de incumprimento dos obxectivos –ambientais, satisfacción de demandas, etc.–, revisarase o programa de medidas coa introdución, de ser o caso, das modificacións pertinentes, tanto na tipoloxía das medidas como na intensidade da súa aplicación, cunha avaliación da repercusión económica de tales modificacións.



---

Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

Adicionalmente, a declaración ambiental estratéxica tamén inclúe algunhas determinacións referidas especificamente ao seguimento, entre elas a utilización do cadro de indicadores que se propuxo inicialmente no documento de referencia e que se concretou no estudo ambiental estratéxico, e que se inclúe seguidamente.

Como consecuencia de todo iso, a Confederación Hidrográfica do Segura informará o Consello da Auga da Demarcación e o ministerio que teña as competencias sobre a auga, con periodicidade non superior ao ano. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir desta publicación (e en calquera caso, antes do final de 2018), presentárase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

Anexo X: Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
AIRE-CLIMA	Emissiones totales de GEI (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario nacional de emisiones	14.683.850 t (2012)									
	Emissiones GEI na agricultura (Gg CO <sub>2</sub> -equivalente)	Inventario nacional de emisiones										
	Potencia hidroeléctrica instalada (MW)	PHD	129,73 MW (2008)		129,73 MW			129,73 MW		129,73 MW		
	Recursos hídricos naturais (hm <sup>3</sup> )	PHD	740		740			740		740		
	Número de situacións de emerxencia por seca nos últimos cinco anos	<a href="http://www.chsegura.es">www.chsegura.es</a>	0									
VEGETACIÓN FAUNA ECOSISTEMAS BIODIVERSIDADE	Número de espazos Rede Natura incluídos no RZP da demarcación	PHD	110		110			110		110		
	Número de reservas naturais fluviais incluídas no RZP	PHD	1		7			8		8		
	Número de zonas de protección especial incluídas no RZP	PHD	0		0			0		0		
	Número de zonas húmidas incluídas no RZP	PHD	131		131			131		131		
	Número de puntos de control do réxime de caudais ecolóxicos	PHD	25		25			> 25 e polo menos un en cada tramo con caudal ambiental definido		> valor 2021		



Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	Número de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	40		40					0		
	Porcentaxe de masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo	PHD	63,5%		63,5%					0%		
	Porcentaxe de masas de auga subterránea afectadas por contaminación difusa	PHD	57,1%		57,1%					<57,1%		
	Número de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	60		64					94		114
	Porcentaxe de masas de auga superficial en bo estado ou mellor	PHD	52,6%		56,1%					82,5%		100%
	Número de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	17		17					19		53
	Porcentaxe de masas de auga subterránea en bo estado ou mellor	PHD	27,0%		27,0%					30,2%		84,1%
	Número de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	96		96					64		10
	Porcentaxe de masas de auga ás cales se aplica prórroga	PHD	54,2%		54,2%					36,2%		5,6%
	Número de masas de auga ás cales se aplican obxectivos menos rigorosos	PHD	8		8					8		8



Anexo X. Plan hidrolóxico da DH do SEGURA (2015-2021)

COMPOÑENTE AMBIENTAL	INDICADORES	FONTE	VALOR ACTUAL (2013)	2015			2021			2027		
				VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)	VALOR MEDIDO	VALOR ESPERADO	GRAO DE CUMPRIMENTO (%)
	Demanda total para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	1.487,1	1.487,1	1.487,1		1.487,1		1.490,9			
	Volume subministrado para usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	1.302	1.302	1.312		1.341					
	Porcentaxe de unidades de demanda de regadio que non cumpren os criterios de garantía	PHD	64%	64%	64%		62,5%					
	Retorno en usos agrarios (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	124 (2015)	124	124		124		124			
	Capacidade total de encoro (hm <sup>3</sup> )	PHD	1.141 (2014)	1.141	≥1.141		≥1.141		≥1.141			
	Capacidade máxima de desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	332 (2015)	332	339		339		339			
	Volume subministrado por desalga (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	62 uso urbano (2015)+ 96 uso agrícola (2015)	62 uso urbano + 96 uso agrícola	67 uso urbano + 126 uso agrícola		83 uso urbano + 126 uso agrícola		83 uso urbano + 126 uso agrícola			
	Volume reutilizado (hm <sup>3</sup> /ano)	PHD	78 (2010)	83	86		94		94			
	Superficie total en regadio (ha)	PHD	262.393	262.393	262.393		262.393		262.393			
	Porcentaxe superficie regadio localizado	PHD	72,5%	72,5%	72,5%		72,3%		72,3%			
	Porcentaxe superficie en regadio por aspersión	PHD	2,6%	2,6%	2,6%		2,6%		2,6%			
	Porcentaxe superficie en regadio por gravidade	PHD	25%	25%	25%		25,1%		25,1%			



---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

## ANEXO XI

### DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO XÚCAR



## DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO XÚCAR

### Capítulo preliminar

#### **Artigo 1.** *Ámbito territorial do plan hidrolóxico*

O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas (TRLA), aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que o ámbito territorial do plan hidrolóxico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. O ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Xúcar é o definido polo artigo 2.3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

#### **Artigo 2.** *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. De conformidade co artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica (RPH), aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, adóptanse os sistemas de explotación de recursos cuxo ámbito xeográfico se mostra no apéndice 1:

- a) Sistema Cenia-Maestrazgo.
- b) Sistema Mijares-Plana de Castellón.
- c) Sistema Palancia-Los Valles.
- d) Sistema Turia.
- e) Sistema Xúcar.
- f) Sistema Serpis.
- g) Sistema Marina Alta.
- h) Sistema Marina Baja.
- i) Sistema Vinalopó-Alacantí.

2. Defínese un sistema de explotación único en que, de forma simplificada, quedan incluídos todos os sistemas de explotación anteriores e co que se posibilita a análise global de comportamento en toda a demarcación hidrográfica do Xúcar.

3. A xestión das conexións entre os sistemas de explotación Xúcar, Turia, Palancia-Los Valles e Vinalopó-Alacantí axustarase ao disposto nas normas de explotación previstas neste plan hidrolóxico.

#### **Artigo 3.** *Delimitación da demarcación, dos sistemas de explotación e das masas de auga*

O ámbito territorial da demarcación, a delimitación dos sistemas de explotación de recursos e os datos xeométricos que delimitan as masas de auga da demarcación hidrográfica do Xúcar encóntranse no Sistema de información da auga SIA-Xúcar, administrado pola Confederación Hidrográfica do Xúcar e accesible ao público no enderezo electrónico: <http://www.chj.es>.

## Capítulo I. Definición das masas de auga

### ***Sección I. Masas de auga superficial***

#### **Artigo 4. Identificación de masas de auga superficial**

1. De acordo co artigo 5 do RPH, este plan hidrolóxico identifica 349 masas de auga superficial, que se relacionan no apéndice 2.
2. Estas masas de auga superficial clasifícanse en:
  - a) Categoría río, 304 masas de auga, das cales 257 corresponden a ríos naturais, 43 a masas de auga moi modificadas e 4 a masas de auga artificiais.
  - b) Categoría lago, 19 masas de auga, das cales 16 corresponden a lagos naturais e 3 a masas de auga moi modificadas.
  - c) Categoría de masas de auga de transición, 4 masas de auga moi modificadas, das cales 2 corresponden a esteiros salinos e 2 a salinas.
  - d) Categoría de masas costeiras, 22 masas de auga, das cales 16 corresponden con masas naturais e 6 con masas de auga moi modificadas pola presenza de portos.

#### **Artigo 5. Designación de masas de auga artificiais ou moi modificadas**

1. Désígnanse 4 masas de auga artificiais de categoría río, das cales 3 son asimilables a ríos e 1 a lagos, que se relacionan no apéndice 2.4.
2. Désígnanse 56 masas de auga moi modificadas: 43 de categoría río, das cales 16 son asimilables a ríos e 27 a encoros; 3 de categoría lagos, 4 de categoría de augas de transición e 6 de categoría de augas costeiras –portos–, que se relacionan no apéndice 2.3.

#### **Artigo 6. Condicións de referencia e límites de cambio de clase**

Os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 4 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial doutros indicadores específicos para esta demarcación hidrográfica, non incluídos no citado real decreto, que se deberán usar complementariamente.

### ***Sección II. Masas de auga subterránea***

#### **Artigo 7. Identificación de masas de auga subterránea**

1. Para dar cumprimento ao artigo 9 do RPH, o presente plan hidrolóxico identifica 90 masas de auga subterránea, que figuran relacionadas no apéndice 3.1.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

2. De acordo co establecido no artigo 9.2 do RPH, propóñense, para a súa consideración por parte do Plan hidrolóxico nacional, as masas de auga compartidas con outras demarcacións relacionadas no apéndice 3.2.

**Artigo 8.** *Valores limiar en masas de auga subterránea*

Os valores limiar adoptados no plan hidrolóxico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da demarcación hidrográfica do Xúcar foron determinados atendendo ao establecido no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, e son os que se indican no apéndice 5.

Capítulo II. Criterios de prioridade e compatibilidade de usos

**Artigo 9.** *Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos*

1. Tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e do seu contorno, e respectando o carácter prioritario do fornecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos da auga, recollidos no artigo 60.3 do TRLA, para os diferentes sistemas de explotación de recursos é a seguinte:

- 1º. Fornecemento de poboación.
- 2º. Regadíos e usos agrarios.
- 3º. Usos industriais para produción de enerxía.
- 4º. Outros usos industriais non incluídos no número anterior.
- 5º. Acuicultura.
- 6º. Navegación e transporte acuático.
- 7º. Usos recreativos.
- 8º. Outros usos.

2. No caso de refrixeración da central nuclear de Cofrentes, concederase preferencia de uso sobre o uso agrícola.

3. Con carácter xeral, terán preferencia as peticións de uso no sistema de explotación onde se xere o recurso sobre aquelas que o utilizan noutros ámbitos, sen prexuízo do disposto nos artigos sobre asignación e reserva de recursos.

4. Os fornecementos de poboación, para efectos do outorgamento de concesións, deberán ter sido planificados de conformidade co artigo 36.3, e neles terán preferencia, en caso de incompatibilidade, as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan augas subterráneas con problemas de calidade por augas superficiais ou subterráneas de adecuada calidade.

5. Nos regadíos e usos agrarios, para efectos do outorgamento de concesións terán preferencia, en caso de incompatibilidade:

- a) Os aproveitamentos inscritos na sección C do Rexistro de Augas.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

- b) Os aproveitamentos que atendan a regas inscritas no Catálogo de augas privadas ou, se for o caso, consolidadas. Para efectos do outorgamento de concesións, considéranse regas consolidadas as solicitadas ou transformadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1997.
  - c) Seguiranos, en orde de preferencia, os aproveitamentos existentes e non consolidados, que estean declarados de interese xeral.
  - d) Nas novas transformacións e na ampliación dos aproveitamentos existentes terán preferencia os declarados de interese xeral.
  - e) Entre os aproveitamentos con destino a novos regadíos terán preferencia aqueles de marcado carácter social e económico.
6. Nos usos industriais para produción de enerxía eléctrica, a preferencia no outorgamento de concesións será, en caso de incompatibilidade, para aqueles aproveitamentos definidos expresamente na planificación enerxética nacional polos órganos competentes.
7. No caso dos outros usos industriais, no outorgamento de concesión preferiranse, en caso de incompatibilidade, os que comporten menor consumo de auga por emprego xerado ou maior valor engadido bruto producido, así como menor impacto ambiental.
8. Con carácter xeral, dentro dun mesmo tipo de uso ou dunha mesma clase, e en igualdade das demais condicións, en caso de incompatibilidade, darase prioridade no outorgamento de concesións:
- a) Ás actuacións que se orienten cara a unha política de aforro da auga e un uso máis eficiente do recurso hídrico e incorporen para isto as mellores técnicas que consigan unha mellora da súa calidade e preveñan da contaminación difusa xunto coa recuperación dos valores ambientais e que teñan, en definitiva, un menor impacto ambiental.
  - b) Á explotación conxunta e coordinada de todos os recursos dispoñibles.
  - c) Aos proxectos de carácter público, comunitario e cooperativo, fronte a iniciativas individuais.
9. Con independencia da adscrición concesional de cada usuario a un elemento de regulación concreto, o organismo de bacía, oída a Comisión de Desaugamento, poderá atender as demandas que se presenten a partir de calquera infraestrutura. Manterá, en calquera caso, a orde de prioridade, de acordo co establecido anteriormente.
10. Para o uso de augas rexeneradas, atenderase á orde de preferencia establecida no artigo 40.

Capítulo III. Réximes de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais**Artigo 10.** *Definición do réxime de caudais ecolóxicos*

1. Conforme os estudos realizados e o proceso de concertación levado a cabo, fíxase o réxime de caudais ecolóxicos para condicións ordinarias para as masas de auga da categoría río. Do mesmo modo, establécese o réxime de caudais ecolóxicos para as condicións de seca prolongada definidas no artigo 32. Ambos os réximes aparecen relacionados no apéndice 6.1.
2. Os caudais mínimos do réxime de caudais ecolóxicos incrementaranse segundo o factor de modulación estacional correspondente á hidrorrexión onde se localice a masa de auga, que se indica no apéndice 6.1.

Anexo XI. Plan hidrológico da DH do XÚCAR (2015-2021)

3. Adicionalmente ao requirido no artigo 18.4 do RPH, o réxime de caudais ecolóxicos mínimos asociado a situacións de seca prolongada non será de aplicación nas masas de auga incluídas nas reservas naturais fluviais e nas zonas de protección especial.

4. O réxime de caudais ecolóxicos definido nos números anteriores é compatible coas asignacións realizadas no capítulo IV, polo que, con carácter xeral, non requirirá a revisión das concesións xa existentes.

**Artigo 11.** *Mantemento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. A exigencia no cumprimento dos caudais ecolóxicos manterase en todas as masas de auga da categoría río recollidas no apéndice 6.1, excepto naquelas situacións en que a súa aplicación poña en risco a garantía do fornecemento ás poboacións.

2. O réxime de caudais mínimos establecido no apéndice 6.1 deberano cumprir os titulares dos aproveitamentos de tal modo que as derivacións de caudal estarán limitadas por esta restrición e non serán exixibles, en calquera caso, caudais mínimos superiores ao réxime natural existente en cada momento.

**Artigo 12.** *Caudais de desaugamento*

Os caudais de desaugamento contribuirán ao cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos nos puntos de seguimento situados augas abaixo dos encoros; non serán exixibles, con carácter xeral, caudais mínimos de desaugamento superiores ás achegas en réxime natural ao propio encoro. Tampouco serán exixibles caudais de desaugamento cando circulen caudais superiores aos mínimos do réxime de caudais ecolóxicos nos puntos de control situados augas abaixo do propio encoro.

**Artigo 13.** *Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. O organismo de bacía vixiará o cumprimento dos réximes de caudais ecolóxicos nas estacións de medición de caudal pertencentes á Rede oficial de estacións de medición de caudal e á Rede do sistema automático de información hidrolóxica, que aparecen detalladas no apéndice 6.2.

2. Adicionalmente, o organismo de bacía poderá valorar o cumprimento dos réximes de caudais ecolóxicos mediante campañas de medición de caudal específicas ou outros procedementos.

3. Na falta de disposición normativa de carácter xeral, en caso de que existan imposibilidades técnicas debidamente xustificadas para adecuar os órganos e instalacións de desaugamento das presas para mellorar o cumprimento do réxime de caudais mínimos, poderase autorizar, excepcionalmente, un prazo de adecuación, que será obxecto de seguimento e validación na seguinte revisión do plan.

**Artigo 14.** *Requirimentos hídricos de zonas húmidas*

1. O réxime de caudais ecolóxicos, de acordo co artigo 18 do RPH, inclúe os requirimentos hídricos dos lagos e zonas húmidas da demarcación.

2. O plan hidrológico establece requirimentos hídricos nas masas de auga superficial clasificadas como lagos e zonas húmidas da demarcación.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

3. As necesidades hídricas do lago de l'Albufera fíxanse en 210 hm<sup>3</sup>/ano, cifra que corresponde ao percentil do 90% da serie de achegas ao lago.
4. Ademais das achegas superficiais e subterráneas e dos retornos de rega, o lago de l'Albufera poderá recibir achegas invernaís dos sistemas Xúcar e Turia na forma establecida no capítulo IV.
5. O organismo de bacía realizará un control e seguimento de achegas ás zonas húmidas de l'Albufera e dos niveis no lago, co obxectivo de garantir o cumprimento dos volumes anuais requiridos e contribuír á conservación do ecosistema lacunar.
6. Este control e seguimento terá como referencia a información proporcionada pola rede de medida específica que controla o nivel no lago e as saídas ao mar a través das golas e permite realizar os correspondentes balances.
7. En caso de que do seguimento realizado se infira que é probable que nun ano concreto non se satisfagan os volumes anuais requiridos, executaranse as actuacións que permitan atender as necesidades hídricas do lago de l'Albufera e requirirase un control e seguimento dos efectos desas actuacións sobre el.
8. Nas restantes masas de auga superficial clasificadas como lagos e zonas húmidas da demarcación establecéronse os requirimentos hídricos de orixe subterránea que se indican no apéndice 6.3, os cales se tiveron en conta para estimar o recurso dispoñible das masas de auga subterránea.

#### Capítulo IV. Asignación e reserva de recursos

##### **Artigo 15.** *Consideracións xerais sobre a asignación e reserva de recursos*

1. Os recursos dispoñibles nos sistemas de explotación asígnanse tendo en conta os recursos naturais, as demandas e dereitos ao uso da auga, as infraestruturas, as prioridades, as regras de xestión e os criterios de garantía definidos no presente plan hidrolóxico. Con carácter xeral, asígnanse os recursos dispoñibles aos aproveitamentos xa existentes e perséguese, como obxectivo xenérico, a súa consolidación.
2. A consideración como recurso dispoñible dos volumes rexenerados procedentes da reutilización de augas residuais requirirá o cumprimento previo dos parámetros de calidade requiridos para os distintos usos aos cales se destinen esas augas, de conformidade co Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, que establece o réxime xurídico da reutilización de augas depuradas.
3. As reservas de recursos en previsión das demandas que corresponde atender para alcanzar os obxectivos da planificación hidrolóxica poderanse condicionar á materialización de determinadas actuacións recollidas no programa de medidas do plan.
4. As asignacións e reservas de recursos están condicionadas ao cumprimento dos caudais ecolóxicos reflectidos no apéndice 6.1.
5. Nas zonas situadas dentro do territorio da demarcación hidrográfica do Xúcar que tradicionalmente viñesen recibindo recursos desde a demarcación hidrográfica do Segura, a asignación de recursos na planificación hidrolóxica realízase de forma coordinada entre os organismos de bacía das confederacións hidrográficas do Xúcar e Segura, e esta asignación queda finalmente supeditada ao que, se for o caso, decida ao respecto o Plan hidrolóxico nacional.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

6. Resérvanse a nome da Confederación Hidrográfica do Xúcar as reservas que se establecen nesta normativa.
7. As actualizacións das normas de explotación a que se fai referencia na alínea D) dos artigos seguintes serán aprobadas polo presidente da Confederación Hidrográfica do Xúcar co informe da xunta de goberno do organismo de bacía.
8. As unidades de demanda referidas nos seguintes artigos defínense no anexo 3 da memoria. No caso de unidades de demanda non especificadas, estas deberán ser satisfactoriamente atendidas de acordo cos criterios xerais establecidos nesta normativa.
9. Enténdese por usos de escasa importancia aqueles que requiren un volume anual inferior a 15.000 m<sup>3</sup>.
10. Os aproveitamentos hidroeléctricos deberán ser satisfactoriamente atendidos nos termos que determine a súa situación actual e estarán condicionados ao cumprimento dos caudais ecolóxicos fixados no apéndice 6.1.

**Artigo 16. Sistema Cenia-Maestrazgo****A) Criterios básicos:**

Promoverase a utilización integral de recursos co dobre obxectivo de reducir as extraccións subterráneas e manter asegurada a subministración, mellorando así o estado das correspondentes masas de auga subterránea e a garantía dos distintos usos.

**B) Asignacións:**

Dos recursos hídricos dispoñibles no río Cenia, asígnanse os seguintes volumes para a rega.

- a) Con respecto aos regadíos ribeiregos do Cenia, establécese unha asignación de recursos superficiais fluentes e subterráneos de ata 4,3 hm<sup>3</sup>/ano.
- b) Con respecto aos regadíos do encoro de Ulldecona, establécese unha asignación de recursos superficiais regulados polo encoro de Ulldecona de ata 8,5 hm<sup>3</sup>/ano.

**C) Reservas:**

1. Para asegurar no futuro unha adecuada calidade da auga de abastecemento nas poboacións e mellorar o estado cuantitativo das masas de auga subterránea de La Plana de Vinaroz e de La Plana de Oropesa-Torrelblanca tenderase, na medida do posible, a substituír as augas subterráneas utilizadas para o fornecemento urbano das poboacións por augas procedentes de desalinización e de masas de auga subterránea en bo estado, e os futuros crecementos deberanse realizar con este tipo de recursos.
2. Sen prexuízo doutras posibles solucións alternativas, resérvanse ata 17 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Oropesa, coa finalidade de substituír bombeos subterráneos nas unidades de demanda urbana de Subterráneos de Maestrazgo oriental, Consorcio Concesionario de Auga Pla de l'Arc, Subterráneos de Oropesa-Torrelblanca, Subterráneos de Plana de Castellón, Subterráneos de Castellón de la Plana e Consorcio de Aguas de La Plana e, ademais, asegurar os futuros crecementos urbanos destas unidades, así como das industrias da zona.
3. Resérvanse 2 hm<sup>3</sup>/ano procedentes dos pozos da masa de auga subterránea de Portos de Beceite para substitución de bombeos utilizados para o fornecemento urbano das poboacións costeiras na masa de auga subterránea de La Plana de Vinaroz.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

4. Resérvanse 3 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea de Portos de Beceite e Maestrazgo occidental para atender futuros crecementos urbanos nas unidades de demanda urbana do sistema Cenia-Maestrazgo, así como das industrias da zona.

5. Resérvase un volume de ata 2 hm<sup>3</sup>/ano de recursos regulados no encoro de Ulldecona, condicionado á materialización das actuacións de modernización dos regadíos do encoro de Ulldecona, para atender os usos que exceden a súa asignación e atender posibles ampliacións da súa zona regable.

**Artigo 17. Sistema Mijares-Plana de Castellón**

A) Criterios básicos:

1. Os recursos hídricos superficiais do sistema Mijares-Plana de Castellón asígnanse aos usos agrarios e hidroeléctricos actualmente existentes, dentro do marco establecido no Convenio de regas de 1970 e considerando que a curva de reserva do encoro establecida no dito convenio deberá ter en conta o volume conxunto dos encoros de Arenós e Sichar, así como futuros fornecementos dos municipios de La Plana de Castellón.
2. Promoverase o uso conxunto de augas superficiais e subterráneas para os regadíos mixtos co fin de mellorar así a xestión do sistema e a recuperación das masas de auga subterránea.
3. Do mesmo modo, promoverase a utilización integral de recursos co obxectivo de reducir as extraccións subterráneas e así mellorar o estado das correspondentes masas de auga subterránea e incrementar a garantía dos distintos usos, e, ademais, posibilitar o establecemento dun adecuado réxime de caudais ecolóxicos no baixo Mijares.
4. De forma complementaria ao indicado nos números seguintes e co obxectivo de mellorar o estado cuantitativo das masas de auga subterránea, poderanse substituír recursos subterráneos por recursos superficiais do Mijares, ao abeiro do previsto no artigo 69 do TRLA.

B) Asignacións:

1. Dos recursos hídricos do sistema Mijares-Plana de Castellón establécense as seguintes asignacións:
  - a) Asígnanse 21 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos para o abastecemento urbano da unidade de demanda urbana Subterráneos de Castellón de la Plana.
  - b) Con respecto aos regadíos tradicionais do río Mijares, establécense unha asignación de 69,9 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais.
  - c) Con respecto ás regas mixtas, establécense unhas asignacións de:
    - I. 42 hm<sup>3</sup>/ano para os regadíos do Canal de La Cota 100; dos cales poderán ser de orixe superficial 29,4 hm<sup>3</sup>/ano, como máximo.
    - II. 19,9 hm<sup>3</sup>/ano para os regadíos do Canal de La Cota 220; dos cales poderán ser de orixe superficial 13,9 hm<sup>3</sup>/ano, como máximo.
    - III. 17,1 hm<sup>3</sup>/ano para os regadíos do encoro de María Cristina procedentes dos recursos regulados neste encoro, dos recursos superficiais do río Mijares cun máximo de 12 hm<sup>3</sup>/ano e procedentes de augas subterráneas, cun máximo 6,7 hm<sup>3</sup>/ano, priorizando, sempre que haxa dispoñibilidade de recursos, a orixe superficial fronte á subterránea.



Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

- d) Establécese unha asignación total de 13,6 hm<sup>3</sup>/ano para os regadíos da Vall d'Uixó. Esta asignación procede de recursos subterráneos, recursos superficiais do manancial de San José e recursos rexenerados, cuns máximos de:
- I. 11 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos, que deberán ir reducíndose mediante a utilización dos recursos que se reservan na alínea C), co obxectivo de alcanzar o valor do recurso dispoñible do sector coñecido como acuífero de La Rambleta na masa de auga subterránea de La Plana de Castellón.
  - II. 1,1 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais procedentes do manancial de San José.
  - III. 1,5 hm<sup>3</sup>/ano de recursos rexenerados procedentes da EDAR da Vall d'Uixó.
- e) Establécese unha asignación total de 8,2 hm<sup>3</sup>/ano para os regadíos de Moncofa. Esta asignación procede de recursos subterráneos que deberán ir reducíndose mediante a utilización dos recursos que se reservan na alínea C), co obxectivo de alcanzar o valor do recurso dispoñible no sector coñecido como acuífero de La Rambleta.

## C) Reservas:

1. Augas arriba do encoro de Arenós resérvanse 10 hm<sup>3</sup> anuais de recursos superficiais e subterráneos para o abastecemento urbano e industrial, pequenos novos regadíos e desenvolvemento de actividades turísticas nas serras de Gúdar e Javalambre, co obxectivo do mantemento demográfico da zona. Na anterior reserva, considéranse incluídos os recursos regulados pola presa de Mora de Rubielos.
2. Para asegurar no futuro unha adecuada calidade da auga de abastecemento nas poboacións de La Plana de Castellón e mellorar o estado cuantitativo da masa de auga subterránea de La Plana de Castellón, na medida do posible tenderase a substituír as augas subterráneas utilizadas para o fornecemento urbano en La Plana por augas superficiais do río Mijares e por augas procedentes de desalinización.
3. Resérvanse ata 10 hm<sup>3</sup>/ano do río Mijares para a substitución das augas subterráneas utilizadas para o fornecemento urbano e industrial das poboacións de La Plana de Castellón. Esta substitución realizarase, tras a correspondente potabilización, con recursos superficiais anteriormente destinados a regadíos, que serán substituídos polos recursos subterráneos antes utilizados polos citados fornecementos, sen producir variación nos balances globais do sistema de explotación. O custo asociado á substitución será financiado polos usuarios de abastecemento beneficiados.
4. Sen prexuízo doutras posibles solucións alternativas, resérvanse 8 hm<sup>3</sup>/ano procedentes da desalinizadora de Moncofa, coa finalidade de substituír bombeos subterráneos na unidade de demanda urbana do Consorcio de Augas de La Plana e asegurar futuros crecementos, tanto urbanos como das industrias da zona.
5. Para atender futuros crecementos no resto de unidades de demanda urbana e industrial do sistema Mijares-Plana de Castellón establécese unha reserva de 2 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea en bo estado do sistema de explotación.
6. Resérvase un volume rexenerado máximo de 12 hm<sup>3</sup>/ano para mellorar a garantía dos regadíos tradicionais do río Mijares, procedente da EDAR de Castellón. Este volume utilizarase en

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

condicións de seca, con carácter prioritario respecto a outros usos, de acordo co que se estipule nas normas de explotación do sistema.

7. Resérvase un volume rexenerado máximo de 9 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR de Castellón e 1 hm<sup>3</sup>/ano da EDAR de Moncofa para atender os regadíos da Vall d'Uixó e Moncofa, coa finalidade de substituír bombeos no acuífero de La Rambleta.
8. Para atender novos usos de escasa importancia no sistema, establécese unha reserva de recursos superficiais e subterráneos de 1 hm<sup>3</sup>/ano, adicional á establecida en números anteriores.
9. Unha vez satisfeitas as asignacións das regas tradicionais e mixtas do Mijares, poderanse aproveitar os excedentes superficiais do Mijares, estimados en media neste plan hidrolóxico en 2 hm<sup>3</sup>/ano cunha derivación máxima anual de 7 hm<sup>3</sup>, para substituír parte dos recursos subterráneos utilizados polos regadíos da Vall d'Uixó e Moncofa, de acordo coas normas de explotación do sistema e coas condicións fixadas na alínea D.

D) Condicións xerais:

Na medida en que se vaian producindo novos usos de acordo co establecido na alínea C anterior, o organismo de bacía actualizará as normas de explotación do sistema co obxectivo de manter as garantías dos regadíos tradicionais e incorporar á xestión do sistema o uso de recursos non convencionais.

**Artigo 18.** *Sistema Palancia-Los Valles*

A) Criterios básicos:

1. Dentro dos usos existentes, deixando a salvo os de abastecemento, outórgase maior prioridade á levada maior de Sagunto e á CR de Segorbe.
2. Promoverase o uso dos recursos hídricos do sistema Palancia por parte dos usuarios do propio sistema, con preferencia a novos recursos procedentes do sistema Xúcar.
3. Así mesmo, para mellorar o estado das masas de auga subterránea promoverase o uso conxunto das augas superficiais e subterráneas e favorecerase a incorporación dos usuarios subterráneos nas comunidades de regas superficiais xa existentes.
4. A recarga polas filtracións do encoro de Algar posibilitará a mellora do estado cuantitativo da masa de auga subterránea do Medio Palancia.
5. Os recursos previstos na Lei 14/1987, do 30 de xullo, procedentes do río Xúcar e destinados á zona, asignaranse exclusivamente para a satisfacción dos usos urbanos e industriais na área de Sagunto.

B) Asignacións:

1. Establécense as seguintes asignacións:
  - a) 18,7 hm<sup>3</sup>/ano para o abastecemento urbano (13,8 hm<sup>3</sup>/ano) e industrial (4,9 hm<sup>3</sup>/ano) de Sagunto e a súa área de influencia, dos cales 17,1 hm<sup>3</sup>/ano proceden de recursos superficiais do Xúcar e o resto, de recursos subterráneos de pozos propios dos

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

municipios integrados no Consorcio de Fornecemento de Augas de El Camp de Morvedre.

- b) 22 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais, rexenerados e subterráneos para as demandas da levada maior de Sagunto que procede, como máximo, ata 18 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais regulados polo encoro de El Regajo e 4 hm<sup>3</sup>/ano da EDAR de Sagunto. Poderase completar a súa demanda, se for o caso, con recursos subterráneos procedentes da masa de auga subterránea Plana de Sagunto.
- c) 4,9 hm<sup>3</sup>/ano, de recursos superficiais regulados polo encoro de El Regajo e subterráneos procedentes do manancial de La Esperanza, para a atención das demandas correspondentes aos regadíos da C.R. de Segorbe.
- d) 4,6 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais fluentes do Palancia e 4,2 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos, para a atención dos regadíos de augas abaixo do encoro de El Regajo.
- e) 18,4 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos para as demandas dos pequenos regadíos de El Camp de Morvedre.

## C) Reservas:

1. Establécese unha reserva de 14,4 hm<sup>3</sup>/ano para o abastecemento urbano e industrial de Sagunto e a súa área de influencia, adicionais ás actuais concesións de 18,7 hm<sup>3</sup>/ano, que se poderá utilizar para substituír as fontes de subministración actuais e asegurar os futuros crecementos urbanos e industriais. Ademais da dita reserva de recursos superficiais do río Xúcar, quedarán tamén reservados para outras substitucións, melloras ambientais ou desenvolvementos futuros os seguintes recursos:
  - a) Ata un volume máximo de 8 hm<sup>3</sup>/ano de recursos desalinizados da instalación de Sagunto.
  - b) Ata un volume máximo de 3 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais invernais do río Palancia.
  - c) Se a futura planificación hidrolóxica nacional modifica a reserva establecida pola Lei 14/1987, do 30 de xullo, os mencionados volumes adicionais reservados no sistema, ata 11 hm<sup>3</sup>/ano, poderíanse aplicar, se for o caso, a complementar ou substituír parcialmente a referida asignación legal.
2. Para atender futuros crecementos urbanos e industriais no resto de unidades de demanda urbana e industrial do sistema Palancia–Los Valles establécese unha reserva de 1 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea en bo estado do sistema de explotación.
3. Resérvase un volume rexenerado máximo de 1 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR de Sagunto para posibilitar a mellora da masa de auga subterránea de La Plana de Sagunto.
4. Resérvase un volume de 1,1 hm<sup>3</sup>/ano da EDAR de Segorbe para mellorar as garantías da C.R. de Segorbe.
5. Para atender novos usos de escasa importancia no sistema, establécese unha reserva de recursos superficiais e subterráneos de 0,5 hm<sup>3</sup>/ano, adicional á establecida en números anteriores.
6. Unha vez satisfeitas as anteriores asignacións e reservas de recursos superficiais, poderanse aproveitar ata 7 hm<sup>3</sup>/ano dos posibles excedentes superficiais do río Palancia, estimados en 3 hm<sup>3</sup>/ano en media, para substituír parte dos recursos subterráneos utilizados nos pequenos regadíos de El Camp de Morvedre.

**Artigo 19. Sistema Turia**

## A) Criterios básicos:

1. Dentro dos usos existentes, deixando a salvo os de abastecemento, outórgase a maior prioridade ás regas tradicionais (Pueblos Castillo, Real Acequia de Moncada e La Vega de Valencia), considerando que tal prioridade é a expresión material e xurídica do seu carácter histórico.
2. Unha vez satisfeitas estas necesidades e as dos regadíos de Gestalgar, Bugarra, Pedralba e Loriguilla, asígnanse os recursos necesarios para o mantemento e a consolidación das regas mixtas atendidas polo Canal Camp de Turia.
3. Considérase zona regable de El Camp de Turia a considerada no Plan coordinado de obras, aprobado mediante a Orde do 29 de outubro de 1985, en aplicación do Decreto 2688/1970, do 20 de agosto, e do Real decreto 1627/1981, do 8 de maio.
4. Promoverase o uso conxunto de auga superficial e subterránea para os regadíos mixtos de El Camp de Turia, co fin de mellorar así a xestión do sistema e a recuperación das masas de auga subterránea.

## B) Asignacións:

1. Asígnanse 2,8 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais, regulados polo encoro de Arquillo de San Blas, para o abastecemento urbano e industrial de Teruel.
2. Asígnanse 31,5 hm<sup>3</sup>/ano ao concello de Valencia para a súa xestión conxunta no ámbito actual da Entidade Metropolitana de Servizos Hidráulicos (EMSHI), para atender o abastecemento de Valencia e da súa área metropolitana, procedentes de recursos superficiais do río Turia (950 l/s) e de augas subálveas (650 l/s), para a súa utilización conxunta, de acordo co estipulado nas concesións actuais.
3. Asígnanse 12 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para as regas do Alto Turia augas arriba do encoro de Benagéber, dos cales 2 hm<sup>3</sup>/ano corresponden a recursos regulados polo encoro de Arquillo de San Blas para a Comunidade de Regantes de Teruel.
4. A asignación de recursos aos regadíos situados augas abaixo do sistema de encoros Benagéber-Loriguilla establécese como segue:
  - a) Con respecto ás regas tradicionais, establécese unhas asignacións de:
    - I. Ata un máximo de 68 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para os regadíos de La Vega de Valencia (Tribunal das Augas). O volume anterior poderase limitar ata 58 hm<sup>3</sup>/ano nos períodos de aplicación da distribución por quendas.
    - II. Ata un máximo de 70 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para os regadíos da Real Acequia de Moncada. O volume anterior poderase limitar ata 61 hm<sup>3</sup>/ano nos períodos de aplicación da distribución por quendas.
    - III. Ata un máximo de 42 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para os regadíos de Pueblos Castillo. O volume anterior poderase limitar ata 36 hm<sup>3</sup>/ano nos períodos de aplicación da distribución por quendas.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

- b) Os períodos de aplicación da distribución por quendas estableceranse nas normas de explotación do sistema a que se refire a alínea D) deste artigo.
- c) Asígnanse 3,6 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para os regadíos de Gestalgar, Bugarra, Pedralba e Loriguilla.
- d) Con respecto ás regas mixtas atendidas desde o Canal Camp de Turia, asígnanse uns recursos totais ata un máximo de 100 hm<sup>3</sup>/ano, cun valor medio estimado de 84 hm<sup>3</sup>/ano, que poderán ser de orixe superficial ata un máximo de 75 hm<sup>3</sup>/ano, cifra que se deberá ir incrementando ata os 100 hm<sup>3</sup>/ano a medida que se vaian xerando aforros no sistema Turia como consecuencia da modernización dos regadíos.
- e) Con respecto aos regadíos da levada de Oro, asígnase un volume total de 32,2 hm<sup>3</sup>/ano, que procederá, en primeira orde de prioridade, da EDAR de Pinedo. Este volume pode ser complementado con caudais da toma autorizada do Turia en caso de fallo ou baixa calidade, de acordo coa súa actual concesión.
- f) Os excedentes invernaís do río Turia, estimados en media en 11 hm<sup>3</sup>/ano, poderán ser derivados polas levadas de Quart, Mislata e Favara, para a súa utilización como caudal ecolóxico de inverno, con destino á área do Parque Natural de l'Albufera.

## C) Reservas:

1. Nas cabeceiras dos ríos Turia-Guadalaviar e Alfambra, augas arriba do encoro de Benagéber, resérvanse 9 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos para incrementos de abastecemento, así como para pequenos novos regadíos e desenvolvemento de actividades turísticas e industriais nas serras de Albarracín, Gúdar e Javalambre, co obxectivo do mantemento demográfico da zona. Na anterior reserva, considéranse incluídos os recursos regulados pola futura presa de Los Alcamines.
2. Establécese unha reserva de 1,6 hm<sup>3</sup>/ano, con cargo á regulación do encoro de El Arquillo de San Blas, adicional á asignación de 2,8 hm<sup>3</sup>/ano para o abastecemento urbano e industrial de Teruel e da súa área de influencia, e garantir, xunto cos recursos procedentes de augas subterráneas, un total de 4,4 hm<sup>3</sup>/ano para o abastecemento actual e futuro da cidade.
3. Establécese unha reserva de 31,5 hm<sup>3</sup>/ano (1 m<sup>3</sup>/s) adicional ás actuais concesións de recursos superficiais e subálveos do Turia, para o abastecemento actual e futuro de Valencia e municipios da súa área metropolitana.
4. A reserva anterior poderíase materializar tendo en conta para isto tanto a dispoñibilidade actual de recursos como os de nova procedencia.
5. Para atender futuros crecementos urbanos e industriais no sistema Turia establécese unha reserva de 6 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea do sistema que se encontren en bo estado.
6. Para asegurar no futuro unha adecuada calidade da auga de fornecemento nas poboacións de El Camp de Turia e mellorar o estado cuantitativo da masa de auga subterránea de Liria-Casinos, poderán substituírse as augas subterráneas utilizadas para o fornecemento urbano das poboacións por augas superficiais do río Turia, ata un máximo de 10 hm<sup>3</sup>/ano, a medida que se xeren recursos adicionais regulados polo encoro de Loriguilla, ao incrementar a súa capacidade útil actual, ou procedentes da modernización de regadíos no sistema Turia.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

7. Para asegurar o fornecemento urbano das poboacións de Chiva, Cheste e Godelleta e mellorar o estado cuantitativo da masa de auga subterránea de Buñol-Cheste, poderanse substituír as augas subterráneas utilizadas, ata un máximo de 5 hm<sup>3</sup>/ano, por recursos superficiais do Turia a medida que se vaian xerando recursos adicionais regulados polo encoro de Loriguilla, ao incrementar a súa capacidade útil actual, ou procedentes da modernización de regadíos no sistema Turia.
8. Para atender as demandas de regadío de Hoya de Buñol Chiva (comunidades de regantes de Cheste, Chiva e Godelleta) e mellorar o estado cuantitativo da masa de auga subterránea de Buñol-Cheste, resérvanse ata un máximo de 15 hm<sup>3</sup>/ano para substituír as augas subterráneas utilizadas por recursos procedentes de masas de auga subterránea en bo estado cuantitativo.
9. Para atender novos usos de escasa importancia no sistema, establécese unha reserva de recursos superficiais e subterráneos de 1 hm<sup>3</sup>/ano, adicional á establecida en números anteriores.
10. Resérvase un volume rexenerado máximo de ata 31 hm<sup>3</sup>/ano procedente das EDAR de Pinedo (8 hm<sup>3</sup>/ano), bacía do Carraixet (7 hm<sup>3</sup>/ano), Quart-Benáger (13 hm<sup>3</sup>/ano) e Paterna-Fuente del Jarro (3 hm<sup>3</sup>/ano) para substituír recursos superficiais do Turia utilizados polos regadíos de La Vega de Valencia.
11. Resérvase un volume rexenerado máximo de ata 11 hm<sup>3</sup>/ano procedente das EDAR de La Horta Nord-Pobla de Farnals (9 hm<sup>3</sup>/ano) e Paterna-Fuente del Jarro (2 hm<sup>3</sup>/ano) para substituír recursos superficiais do Turia utilizados polos regadíos da Real Acequia de Moncada.
12. Resérvase un volume rexenerado máximo de ata 3 hm<sup>3</sup>/ano procedente das EDAR de Buñol, Cheste e Chiva para substituír recursos subterráneos utilizados polos regadíos de Hoya de Buñol-Chiva.
13. Co obxectivo de mellorar a garantía dos regadíos de Los Francos, Marjales e Extremales de Valencia, resérvase ata 2,6 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos procedentes da masa de auga Plana de Valencia norte.

D) Condicións xerais:

Na medida en que se vaian producindo novos usos de acordo co establecido na alínea C anterior, o organismo de bacía actualizará as normas de explotación do sistema co obxectivo de manter as garantías dos regadíos tradicionais e incorporar á xestión do sistema o uso de recursos non convencionais procedentes da reutilización e o inicio da distribución por quendas en rega.

**Artigo 20. Sistema Xúcar**

A) Criterios básicos:

1. A asignación e reserva dos recursos do río Xúcar fórmase e estrutúrase de acordo cos seguintes criterios xerais:
  - a) Asígnanse os recursos dispoñibles aos usos existentes en prol do obxectivo xenérico da consolidación de tales usos con preferencia a novos desenvolvementos. Para isto:

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

- I. Dentro dos usos existentes, deixando a salvo os de abastecemento, outórgase a maior prioridade ás regas tradicionais da ribeira do Xúcar, considerando que tal prioridade é a expresión material e xurídica do seu carácter histórico.
- II. Unha vez satisfeitas estas necesidades, asignaranse os recursos necesarios para o mantemento e a consolidación das regas atendidas coa masa de auga subterránea de La Mancha oriental, así como as atendidas co Canal Xúcar-Turia.
- III. O resto das áreas regadas da bacía e pequenos fornecementos, industrias ou regadíos diseminados deberán ser satisfactoriamente atendidos nos termos técnicos e xurídicos que determine a súa situación actual.
- IV. Os recursos excedentes, incluíndo aforros procedentes da modernización de regadíos da ribeira do Xúcar, poderanse aproveitar para paliar a sobreexplotación de acuíferos e déficit de abastecementos da área do Vinalopó-Alacantí e Marina Baja. Con obxecto de non rebaixar as garantías do resto de usuarios do sistema de explotación Xúcar, o organismo de bacía elaborará as normas de explotación a que se fai referencia na alínea D deste artigo e nas cales se definirá o carácter de recursos excedentarios.
  - b) Resérvanse os recursos necesarios para a atención de usos futuros, tendo en conta para isto tanto a dispoñibilidade actual de recursos, unha vez satisfeitos todos os usos existentes, como os que se vaian xerando como consecuencia das actuacións de aforro, reutilización, mellora de infraestruturas ou posibles incrementos de regulación.
  - c) Indícanse na alínea D as condicións xerais de explotación do sistema que se deberán cumprir para posibilitar as asignacións e reservas anteriores, así como os criterios básicos que rexerán as futuras revisións das normas de explotación do sistema co obxectivo de compatibilizar os usos e a boa xestión dos recursos atendendo ao establecido no Plan especial de alerta e eventual seca.

B) Asignacións:

1. Establécense as seguintes asignacións de recursos superficiais para o abastecemento urbano e industrial:
  - a) 24 hm<sup>3</sup>/ano con destino ao abastecemento urbano e industrial de Albacete e da súa área de influencia, que poderán ser parcialmente substituídos con recursos procedentes de extraccións subterráneas en situacións de seca.
  - b) 17,1 hm<sup>3</sup>/ano con destino ao fornecemento urbano (12,2 hm<sup>3</sup>/ano) e industrial (4,9 hm<sup>3</sup>/ano) de Sagunto e da súa área de influencia.
  - c) 126 hm<sup>3</sup>/ano (4 m<sup>3</sup>/s) con destino ao abastecemento actual e futuro de Valencia e municipios da súa área metropolitana, para a xestión conxunta no ámbito actual da Entidade Metropolitana de Servizos Hidráulicos (EMSHI), de acordo co estipulado nas concesións actuais.
  - d) Ata 10 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais do Xúcar para substituír recursos subterráneos con problemas de calidade que se utilizan no abastecemento das poboacións da ribeira do Xúcar.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

2. A asignación de recursos superficiais ás regas tradicionais da ribeira do Xúcar establécese como segue:
- a) Con respecto a Ribera Alta, establécese unhas asignacións de:
    - I. 214,2 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para a comunidade de regantes da Levada Real do Xúcar que inclúe a levada particular de Antella, dos cales se poderán utilizar ata 30 hm<sup>3</sup>/ano para caudais ecolóxicos con destino á área do Parque Natural de l'Albufera (marxe esquerda do Xúcar) a medida que se vaia realizando a modernización prevista dos seus regadíos.
    - II. 13 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para as comunidades de regantes Real Acequia de Carcaixent e val de Cárcer e Sellent atendidas pola levada de Carcaixent.
    - III. 20,9 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para as comunidades de regantes Real Acequia de Escalona, Sumacárcer, Defensa e val de Cárcer e Sellent, derivados pola levada de Escalona.
  - b) Con respecto a Ribera Baja establécese as seguintes asignacións:
    - I. 26 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para a Comunidade de Regantes de Cuatro Pueblos, dos cales 16 hm<sup>3</sup> corresponden a regadíos de verán (maio a agosto), 3 hm<sup>3</sup> a regadíos de inverno (setembro a abril) e 7 hm<sup>3</sup> como caudal ecolóxico de inverno, destinado a l'Estany de Cullera (marxe dereita do Xúcar).
    - II. 171 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para a Comunidade de Regantes de Sueca, dos cales 128 hm<sup>3</sup> corresponden a regadío de verán, 14 hm<sup>3</sup> a regadío de inverno e 29 hm<sup>3</sup> ao caudal ecolóxico de inverno, con destino á área do Parque Natural de l'Albufera (marxe esquerda do Xúcar).
    - III. 79 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para a Comunidade de Regantes de Cullera, dos cales 55 hm<sup>3</sup> corresponden a regadío de verán, 8 hm<sup>3</sup> a regadíos de inverno e 16 hm<sup>3</sup> ao caudal ecolóxico de inverno; dos cales, 4 hm<sup>3</sup> son con destino á área do Parque Natural de l'Albufera (marxe esquerda do Xúcar) e 12 hm<sup>3</sup> con destino a l'Estany de Cullera (marxe dereita do Xúcar).
    - IV. Todos os caudais ecolóxicos anteriores teñen unha distribución exclusiva ao longo dos 8 meses non estivais (de setembro a abril) cunha repartición do 20% en outubro e marzo e un 10% o resto de meses.
3. Para o resto de regas tradicionais e outros usos existentes en cabeceira e tramo medio dos ríos Xúcar e Cabriel asígnanse 40 hm<sup>3</sup>/ano.
4. Asígnanse 5 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais para abastecementos e pequenos novos regadíos na provincia de Cuenca, coa finalidade social de mantemento demográfico.
5. A asignación de recursos superficiais ás regas mixtas do Canal Xúcar-Turia cífrase en 95 hm<sup>3</sup>/ano, que se corresponde cos dereitos de auga existentes. Esta cifra poderase incrementar ata 98,5 hm<sup>3</sup>/ano en caso de se incorporaren ao Canal Xúcar-Turia novas comunidades de regantes do río Magro con dereitos de augas superficiais.
6. Asígnase un máximo de 320 hm<sup>3</sup>/ano de recursos da masa de auga subterránea de La Mancha oriental á zona regable de La Mancha oriental.
7. A asignación de recursos superficiais para a substitución de bombeos na zona regable de La Mancha oriental fíxase nun máximo de 80 hm<sup>3</sup>/ano, adicionais á asignación anterior.



Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

8. A suma das asignacións dos números 6 e 7 anteriores é inferior aos 460 hm<sup>3</sup>/ano de dereitos de auga na zona regable de La Mancha oriental.
9. Con obxecto de alcanzar o bo estado cuantitativo da masa de auga subterránea de La Mancha oriental no ano 2027, o volume das extraccións de auga subterránea fixado no número 6 deberá ir gradualmente reducíndose, ata alcanzar 300 hm<sup>3</sup>/ano no ano 2021 e 275 hm<sup>3</sup>/ano en 2027.
10. Os criterios básicos para dar dereitos ao uso privativo da auga a partir desta asignación de recursos son os seguintes:
  - a) Concluirase o trámite administrativo de inscrición dos usos de augas subterráneas do acuífero de La Mancha oriental anteriores á entrada en vigor da Lei de augas, de acordo co indicado na dita lei. O seu contido, en todo caso, será limitado ao que se estableza no plan de explotación.
  - b) Así mesmo, concluirase a regularización das superficies de regadío transformadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei de augas, e anteriores á data de 1 de xaneiro de 1997, mediante a tramitación da correspondente concesión e coas limitacións que, se for o caso, estableza o plan de explotación.
  - c) Non se poderán autorizar novas concesións de auga subterránea para regadíos que non se consideren consolidados de acordo coa definición do artigo 9.5, excepto aquelas que non supoñan un incremento no volume de extracción e a dotación sexa compatible co indicado no apéndice 10.2. Establécese como excepción deste principio as que supoñan un incremento do volume de extracción, cando estean recollidas nas reservas establecidas na alínea C deste artigo.
11. A explotación da masa de auga subterránea de La Mancha oriental, así como a referida substitución, deberanse desenvolver de forma ordenada mediante o establecemento dun plan anual de explotación, segundo o indicado no número D deste artigo, que garanta a viabilidade futura dos aproveitamentos da zona.
12. Asígnanse os recursos do río Albaida ás demandas propias da súa bacía; poderanse utilizar os retornos e excedentes para a satisfacción das necesidades e demandas do sistema.
13. Asígnase a totalidade dos recursos superficiais do río Magro aos usos actuais que se realicen na bacía do dito río. A zona regable que se atenderá cos recursos regulados polo encoro de Forata queda toda ela por encima do Canal Xúcar-Turia, considerando que a que se encontra por debaixo (Masalet, Aledua e Carlet) se atende con caudais procedentes do mencionado Canal Xúcar-Turia, de acordo coas concesións existentes.
14. Asígnase o incremento de regulación producido polo sistema de Cortes ás necesidades de refrixeración da Central Nuclear de Cofrentes, cun volume consuntivo máximo de 20 hm<sup>3</sup>/ano.
15. Asígnase un volume máximo anual de 80 hm<sup>3</sup> que se pode destinar á área de Vinalopó-Alacantí e Marina Baja, dos cales ao menos 12 hm<sup>3</sup> procederán de recursos superficiais non asignados xerados en afluentes do río Xúcar augas abaixo de Tous. Esta asignación realizarase nos termos establecidos no número A.1.a.IV.
16. Os recursos subterráneos e superficiais existentes no sistema e non considerados explicitamente nos números anteriores quedan asignados aos seus actuais usos urbanos, industriais e agrícolas. No caso dos

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

recursos subterráneos, as asignacións terán como límite o valor dos recursos dispoñibles das masas de auga subterránea, recollidos na memoria deste plan hidrolóxico.

C) Reservas:

1. Establécese unha reserva de recursos superficiais do río Xúcar de 7,5 hm<sup>3</sup>/ano, adicional á asignación de 24 hm<sup>3</sup>/ano, para o fornecemento urbano e industrial, actual e futuro, de Albacete e a súa área de influencia.
2. Establécese unha reserva de 21,5 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais do río Xúcar, adicionais á asignación de 10 hm<sup>3</sup>/ano, para o fornecemento das poboacións da Ribera Alta e a Ribera Baja do Xúcar.
3. Establécese unha reserva de recursos superficiais do río Xúcar de 31,5 hm<sup>3</sup>/ano (1 m<sup>3</sup>/s), adicional á asignación de 126 hm<sup>3</sup>/ano, para o fornecemento actual e futuro de Valencia e dos municipios da súa área metropolitana.
4. Establécese unha reserva de recursos superficiais do río Xúcar de 14,4 hm<sup>3</sup>/ano, adicional á asignación de 17,1 hm<sup>3</sup>/ano, para o fornecemento urbano e industrial de Sagunto e da súa área de influencia.
5. Establécese unha reserva de 100 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais do río Xúcar, vinculada á conclusión da substitución de bombeos prevista en B.7, para consolidación de regas en La Mancha oriental (Albacete-Cuenca) e para o posible desenvolvemento de novos regadíos previstos no Decreto 2325/1975, do 23 de agosto, polo que se declara de interese nacional a zona regable de La Vega de Picazo, na provincia de Cuenca, e no Real decreto 950/1989, do 28 de xullo, polo que se declara de interese xeral da nación a transformación económica e social das zonas regables de Manchuela-Centro Canal de Albacete en Castilla-La Mancha, así como para atender parcialmente os dereitos de auga outorgados á conta dos recursos subterráneos nos regadíos de La Mancha oriental. Esta reserva reducirase ata 80 hm<sup>3</sup>/ano a medida que se desenvolva o previsto no artigo 25.4.
6. As reservas establecidas nos puntos anteriores poderán ir materializándose unha vez satisfeitas as asignacións, vinculadas á dispoñibilidade de novos recursos.
7. Establécese unha reserva total máxima de 25 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos en masas en bo estado cuantitativo para fornecementos urbanos e industriais e regadíos na provincia de Cuenca, coa finalidade social de mantemento demográfico.  
Adicionalmente, resérvanse ata 3 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos para usos agroindustriais nas provincias de Cuenca e de Albacete.
8. Resérvanse 6 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos da masa de auga subterránea do Xurásico de Uña para atender futuros crecementos na unidade de demanda urbana de Subterráneos de Cuenca e da industria da zona.
9. Resérvanse 6,5 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos da masa de auga subterránea de Requena-Utiel para atender futuros crecementos na unidade de demanda urbana de Subterráneos de Requena e da industria da zona, así como para a adecuación de concesións de regadío e redotacións na comarca Requena-Utiel. Esa reserva poderá materializarse unha vez que se realice un plan de explotación da masa de auga subterránea.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

10. Resérvanse 4,5 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos da masa de auga subterránea de La Plana de Valencia sur, para atender futuros crecementos na unidade de demanda urbana de Mixtos de la Ribera, sempre que a calidade das augas permita este uso, e da industria da zona.
11. Resérvase un volume rexenerado máximo de ata 20 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR de Pinedo para os regadíos do Magro, Canal Xúcar-Turia e Levada Real do Xúcar.
12. Para atender futuros crecementos no resto de unidades de demanda urbana e industrial do sistema Xúcar establécese unha reserva de 6 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea en bo estado do sistema de explotación.
13. Para atender novos usos de escasa importancia no sistema, establécese unha reserva de recursos superficiais e subterráneos de 2 hm<sup>3</sup>/ano, adicional á establecida en números anteriores.
14. Unha vez materializadas as reservas sinaladas nos números anteriores, ante a hipótese de que se poida chegar a dispor de recursos adicionais como froito de melloras e modernizacións, financiadas pola Administración xeral do Estado, ou como resultado de achegas externas actualmente non previstas, estes recursos adicionais resérvanse para aplicalos mantendo unha proporcionalidade equiparable entre a Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha e a Comunitat Valenciana.

D) Condicións xerais:

1. O disposto neste plan non poderá, en ningún caso, menoscabar os dereitos da Unidade Sindical de Usuarios do Xúcar con respecto ao encoro de Alarcón. Calquera utilización do encoro de Alarcón para a xestión optimizada e unitaria de todo o sistema Xúcar se deberá axustar ao disposto no Convenio específico sobre o encoro de Alarcón suscrito entre a Unidade Sindical de Usuarios do Xúcar (USUX) e o Ministerio de Medio Ambiente o 23 de xullo de 2001, cuxo texto íntegro se recolle no anexo 9 da memoria, ou na disposición que no futuro o poida substituír por acordo entre as partes do convenio.
2. Na medida en que se vaian producindo novos usos de acordo co establecido na alínea C anterior, o organismo de bacía actualizará as normas de explotación do sistema Xúcar conforme os seguintes criterios:
  - a) Os recursos superficiais do sistema xestionaranse de forma unitaria tomando como referencia os volumes almacenados nos encoros de Alarcón, Contreras, Tous e Bellús, as achegas ao sistema e o estado cuantitativo das masas de auga subterránea.
  - b) Para unha maior racionalidade na xestión do sistema as soltas dos encoros realizaranse preferentemente coa orde seguinte: a) do encoro de Tous e Bellús e b) dos encoros de Alarcón e Contreras. En cada un dos dous grupos de encoros anteriores a orde nas soltas terá en conta a porcentaxe de enchedura de cada encoro respecto á súa capacidade estacional, así como as demandas de auga e o réxime de caudais ecolóxicos establecido.
  - c) A xestión do sistema de explotación afectará os usos existentes e aplicará diferentes restricións á subministración, así como a posible utilización de recursos extraordinarios, en función da fase en que se encontre o sistema de explotación (prealerta, alerta e emerxencia) tendo como referencia o sistema de indicadores do Plan de alerta e eventual seca vixente.
  - d) Teranse en conta as prioridades e asignacións para os usos existentes establecidas neste plan hidrolóxico. Para isto, as normas terán en conta as unidades de demanda dos sistemas,

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

- fixando un réxime de subministracións gradual, orientado a procurar a maior satisfacción das demandas e o cumprimento dos seus requirimentos ambientais.
- e) As normas deberán en todo caso asegurar a preferencia dos fornecementos urbanos e recoller as distintas asignacións previstas neste plan mediante un sistema de prioridades e subministracións, racional e gradual, orientado ao cumprimento das garantías técnicas definidas na instrución de planificación hidrolóxica.
- Especificamente, as normas deberán atender tanto ao Convenio sobre o encoro de Alarcón subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e a Unidade Sindical de Usuarios do Xúcar o 23 de xullo de 2001, como ao plan de explotación anual da masa de auga subterránea de La Mancha oriental, así como ao establecido no vixente Plan especial de alerta e eventual seca da demarcación hidrográfica do Xúcar.
- f) As normas formularanse de maneira sinxela, a partir de indicadores dispoñibles e accesibles, tales como existencias encoradas, niveis piezométricos e achegas rexistradas. Para unha máxima transparencia e coñecemento público, a Confederación Hidrográfica do Xúcar aplicará os procedementos das normas e mostrará os resultados na súa páxina web con periodicidade mensual, e, así mesmo, dará conta do grao de cumprimento e das incidencias que se poidan producir.
3. O organismo de bacía elaborará un plan de explotación anual da masa subterránea de La Mancha oriental, coa colaboración dos usuarios da dita masa e vinculante para todos eles, conforme os seguintes criterios:
- a) Adaptará progresivamente a situación actual da masa de auga subterránea a un estado sustentable de equilibrio entre os recursos dispoñibles e as extraccións.
  - b) Establecerá global, sectorialmente ou por ambos os procedementos, a porcentaxe da explotación anual respecto ao volume dos dereitos de auga subterránea, así como as substitucións de recursos subterráneos por superficiais.
  - c) Para realizar o indicado no número anterior considerará o comportamento hidrodinámico do acuífero, analizando o impacto da distribución espacial das extraccións para minimizar tal impacto sobre o propio acuífero e sobre a afección ao río.
  - d) Tendo en conta o comportamento plurianual do acuífero e a natureza dos aproveitamentos que nel se inscriben, poderanse introducir normas específicas que recollan estas circunstancias, tales como plans plurianuais e usos conxuntos de aproveitamentos.

#### **Artigo 21. Sistema Serpis**

##### **A) Criterios básicos:**

1. Promoverase a xeración de recursos alternativos de reutilización co dobre obxectivo de reducir as extraccións subterráneas, mellorar o estado das correspondentes masas de auga subterránea, a garantía dos usos agrarios e posibilitar o establecemento dun adecuado réxime de caudais ecolóxicos.
2. Os recursos propios do sistema Serpis asígnanse para a atención dos usos de auga actuais e para futuros crecementos urbanos.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

3. A posible expansión de regadíos realizarase preferentemente liberando caudais mediante o aproveitamento das augas residuais rexeneradas.

B) Asignacións:

Os recursos superficiais regulados no río Serpis, que corresponden a aqueles procedentes do encoro de Beniarrés, asígnanse á atención dos usuarios actuais, coas seguintes asignacións:

- a) 10 hm<sup>3</sup>/ano para a atención das demandas de rega correspondentes aos Canais Altos do Serpis.
- b) 13 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos para as demandas de rega de canais baixos do Serpis, dos cales 11 hm<sup>3</sup>/ano corresponden a recursos superficiais regulados polo encoro de Beniarrés para a C.R. do río Alcoy e Bernisa.

C) Reservas:

1. Establécese unha reserva para uso urbano da Mancomunidade de Municipios da Safor de 3,3 hm<sup>3</sup>/ano, con orixe nas masas de auga subterránea de Marchuquera-Falconera (2 hm<sup>3</sup>/ano), Bárig (0,7 hm<sup>3</sup>/ano) e Almirante-Mustalla (0,6 hm<sup>3</sup>/ano) co fin de asegurar os recursos necesarios aos posibles crecementos urbanos da zona.
2. Para atender futuros crecementos no resto de unidades de demanda urbana e industrial do sistema Serpis establécese unha reserva de 1,5 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea en bo estado do sistema de explotación.
3. Resérvase un volume rexenerado máximo de 4 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR Gandía-La Safor para atender as demandas de rega de Canais Baixos do Serpis. O volume anterior poderase ampliar ata 11 hm<sup>3</sup>/ano en condicións de seca con carácter prioritario respecto a outros usos.
4. Resérvase un volume rexenerado máximo de 2,5 hm<sup>3</sup>/ano, procedente da EDAR de Gandía-La Safor, para atender os regadíos non tradicionais do baixo Serpis, coa finalidade de substituír bombeos na masa de auga subterránea Plana de Gandía.

**Artigo 22. Sistema Marina Alta**

A) Criterios básicos:

Sen prexuízo doutras posibles solucións alternativas, promoverase a xeración de recursos alternativos co dobre obxectivo de reducir as extraccións subterráneas, para mellorar así o estado das correspondentes masas de auga subterránea e mellorar a garantía dos usos urbanos e agrarios.

B) Asignacións:

1. Para a atención dos usos agrarios do sistema Marina Alta asígnase a totalidade dos recursos propios do sistema que se están utilizando, tanto os de orixe superficial e subterránea como os procedentes da reutilización dos efluentes das EDAR do sistema que por motivos de calidade así o permiten. Así:
  - a) Con respecto á zona regable de Oliva-Pego, establécese unha asignación de 26,5 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos.
  - b) Con respecto á zona regable do río Girona, establécese unha asignación de 10 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos, cun máximo superficial de 2 hm<sup>3</sup>/ano.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

- c) Con respecto aos regadíos do resto do sistema Marina Alta, establécese unha asignación de 16 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos e rexenerados, cun máximo de 0,25 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR Denia-Ondara-Pedreguer.

## C) Reservas:

1. Resérvase 1,0 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos nas masas de auga subterránea de Alfaro-Segaria (0,5 hm<sup>3</sup>/ano) e da Depresión de Benissa (0,5 hm<sup>3</sup>/ano), co fin de asegurar os posibles crecementos da unidade de demanda urbana Consorcio para o fornecemento e saneamento de augas de Marina Alta e da industria da zona.
2. Para atender futuros crecementos no resto de unidades de demanda urbana e industrial do sistema Marina Alta, establécese unha reserva de 1 hm<sup>3</sup>/ano nas masas de auga subterránea en bo estado do sistema de explotación.
3. Resérvanse uns volumes rexenerados máximos de ata 1 hm<sup>3</sup>/ano, procedente da EDAR de Oliva, para a zona regable de Oliva-Pego; de ata 4 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR Dénia-Ondara-Pedreguer, para a zona regable do río Girona, e de ata 1 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR Dénia-Ondara-Pedreguer, para os regadíos do resto do sistema Marina Alta.
4. Resérvase un total de 0,7 hm<sup>3</sup>/ano, de volume rexenerado da EDAR de Xàbia, para atender as demandas de rega da zona regable do río Gorgos e substituír bombeos na masa de auga subterránea Jávea.

**Artigo 23. Sistema Marina Baja**

## A) Criterios básicos:

O sistema de xestión dos fornecementos e regadíos en Marina Baja está baseado no aproveitamento integral dos recursos hídricos superficiais, subterráneos e de augas residuais rexeneradas das bacías dos ríos Algar, Guadalest e Amadorio, e nel seguirase promovendo a xestión integrada dos recursos hídricos.

## B) Asignacións:

1. Sen prexuízo dos seguintes números, con carácter xeral a totalidade dos recursos superficiais e subterráneos do sistema Marina Baja, incluíndo as augas residuais rexeneradas, asígnanse á satisfacción dos usos actuais seguintes: ao abastecemento das poboacións do Consorcio de Marina Baja e outras, á atención dos regadíos actuais do encoro de Guadalest, incluíndo a zona de Callosa d'en Sarrià e outras zonas atendidas con auga subterránea, aos regadíos do encoro de Amadorio e aos actuais regadíos servidos con auga subterránea.
2. Asígnanse 28,8 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e subterráneos para o abastecemento do Consorcio de Augas de Marina Baja, de acordo co establecido nas actuais concesións, adicionais aos dereitos propios dos municipios que forman parte do consorcio.
3. Para a atención dos regadíos do Canal Baixo do Algar, as regas do Sindicato do Algar-Guadalest e as regas do Amadorio do sistema Marina Baja, establécese unha asignación de 33,2 hm<sup>3</sup>/ano de recursos superficiais e rexenerados, dos cales 6,8 hm<sup>3</sup>/ano son recursos rexenerados procedentes da EDAR de Benidorm e 2,9 hm<sup>3</sup>/ano da EDAR de La Vila Joiosa. En ambos os casos, o seu uso será prioritario ao dos recursos superficiais e subterráneos.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

C) Reservas:

1. Establécese unha reserva adicional de 4,1 hm<sup>3</sup>/ano de recursos da masa de auga subterránea de serra de Aitana para o Consorcio de Augas de Marina Baja, adicionais á asignación de 28,8 hm<sup>3</sup>/ano, para asegurar os seus futuros crecementos urbanos e industriais.
2. Establécese unha reserva adicional de 3,8 hm<sup>3</sup>/ano de recursos da masa de auga subterránea de Serrella-Aixorta-Algar para o abastecemento e a rega no sistema de explotación de Marina Baja, con prioridade para o fornecemento.
3. Co obxectivo de mellorar a garantía do abastecemento do Consorcio de Augas de Marina Baja, a condución Rabasa-Fenollar-Amadorio poderá achegar recursos externos ata un máximo de 11,5 hm<sup>3</sup>/ano, que poderán proceder do sistema Xúcar, dos recursos achegados pola transferencia Xúcar-Vinalopó-Marina Baja e da desalinizadora de Mutxamel e, preferentemente, poderanse transferir en condicións de seca, de acordo co que se estipule nas normas de explotación do sistema.
4. Resérvase un volume rexenerado máximo de ata 2 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR de Benidorm para os regadíos do Canal Baixo do Algar e as regas do Amadorio.

D) Condicións xerais:

Na medida en que se vaian producindo novos usos de acordo co establecido na alínea C anterior, o organismo de bacía actualizará as normas de explotación do sistema co obxectivo de manter as garantías dos regadíos tradicionais e incorporar á xestión do sistema o uso de recursos non convencionais.

**Artigo 24. Sistema Vinalopó-Alacantí**

A) Criterios básicos:

1. Promoverase a xeración de recursos alternativos co obxectivo de reducir as extraccións subterráneas, e así mellorar o estado das correspondentes masas de auga subterránea.
2. De maneira transitoria poderase realizar a explotación das reservas das diferentes masas de auga subterránea que se substituirán de maneira progresiva cos volumes achegados desde o río Xúcar, cos procedentes da desalinización e cos incrementos na reutilización, baixo un marco de sustentabilidade económico-financeira de xestión integrada deses recursos. Así mesmo, permitirase a utilización de reservas das masas de auga subterránea do sistema, de maneira temporal e reversible, en caso de que non se poidan realizar, durante un período suficientemente longo, as transferencias desde o sistema Xúcar ou en caso de situación de seca prolongada en Marina Baja.
3. Non será posible ningún incremento de superficie ou volume para uso agrícola sobre as regas consolidadas, definidas no artigo 9. Exceptúanse desta norma os aproveitamentos dependentes das masas de auga subterránea en bo estado cuantitativo, que deberán cumprir as normas xerais relativas ás concesións e, en particular, as adoptadas con este plan hidrolóxico.

B) Asignacións:

1. Para a atención das demandas actuais do sistema de explotación Vinalopó-Alacantí aplicaranse os recursos propios, subterráneos e rexenerados, así como os recursos superficiais das cabeceiras dos ríos Vinalopó, Monnegre e Jijona.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

2. O recurso dispoñible para atender o fornecemento á poboación e os usos agrícolas nas masas de auga subterránea do Vinalopó-Alacantí estímase en 48 hm<sup>3</sup>/ano.
3. Asígnase un máximo de 113 hm<sup>3</sup>/ano de recursos subterráneos das masas de auga subterránea do Vinalopó-Alacantí para atender o fornecemento á poboación e os usos agrícolas e garantir así os usos actuais.
4. A asignación anterior é inferior aos 193 hm<sup>3</sup>/ano de dereitos de auga no sistema Vinalopó-Alacantí.
5. Con obxecto de alcanzar o bo estado cuantitativo das masas de auga subterránea do sistema Vinalopó-Alacantí no ano 2027, o volume das extraccións de auga subterránea fixado no número 3 deberá ir gradualmente reducíndose ata alcanzar os 48 hm<sup>3</sup>/ano aplicando as medidas previstas no número 9.
6. Asígnanse os seguintes volumes rexenerados máximos para o uso agrícola de regadío:
  - a) 0,4 hm<sup>3</sup>/ano a regas da cabeceira de Monnegre, procedentes das EDAR de Hoya de Castalla.
  - b) 0,5 hm<sup>3</sup>/ano a regas do Jijona, procedentes das EDAR de Jijona
  - c) 5,5 hm<sup>3</sup>/ano a regas de Levante marxe esquerda: Huerta de Alacant e Bacarot procedente da EDAR de Monte Orgegia, de acordo co establecido no artigo 15.
  - d) 11,4 hm<sup>3</sup>/ano a regas do Alacantí, procedentes das EDAR de Hoya de Castalla (0,4 hm<sup>3</sup>/ano), Alacant-Rincón de León (9,4 hm<sup>3</sup>/ano), Agost (0,4 hm<sup>3</sup>/ano) e Ibi (1,2 hm<sup>3</sup>/ano).
  - e) 2,5 hm<sup>3</sup>/ano a regas subterráneas do Alto Vinalopó, procedentes das EDAR de Biar (0,2 hm<sup>3</sup>/ano) e Villena (2,3 hm<sup>3</sup>/ano).
  - f) 8,7 hm<sup>3</sup>/ano a regas do Medio Vinalopó, procedentes das EDAR do val do Vinalopó (3 hm<sup>3</sup>/ano) e Alacant-Rincón de León (5,7 hm<sup>3</sup>/ano).
  - g) 8,8 hm<sup>3</sup>/ano a regas de Levante marxe esquerda: Camp d'Elx, procedentes das EDAR de Santa Pola (1,7 hm<sup>3</sup>/ano), Elx-Algorós (7 hm<sup>3</sup>/ano) e Elx-Arenales (0,1 hm<sup>3</sup>/ano), de acordo co establecido no artigo 15.
7. Asígnanse uns volumes rexenerados máximos de ata 0,7 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR de Rincón de León e de ata 2,7 hm<sup>3</sup>/ano procedente da EDAR de Monte Orgegia para a rega de zonas verdes urbanas e outros usos urbanos recollidos no Real decreto 1620/2007 en Alacant, Elx e área de influencia.
8. En canto aos recursos externos ao sistema de explotación, estes terán a seguinte procedencia:
  - a) Os recursos transferidos para o fornecemento urbano no ámbito da Mancomunidad de Canais do Taibilla, en concreto, para o fornecemento de Alacant, Elx e a súa zona de influencia, nun volume estimado de 50 hm<sup>3</sup>/ano.
  - b) Os volumes transferidos desde o río Xúcar.
9. Para equilibrar o balance das masas de auga subterránea do sistema cos usos de auga actuais e de acordo co indicado no número 3 deste artigo, requírese, como mínimo, unha achega de 65 hm<sup>3</sup>/ano, que provirá do aproveitamento da desalinizadora de Mutxamel, dos recursos que se transfiran do Xúcar e dos incrementos de reutilización derivados das asignacións anteriores.



Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

10. volume máximo de 18 hm<sup>3</sup>/ano procedente da desalinizadora de Mutxamel utilizarase para a substitución de bombeos para uso urbano en masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo e para futuros crecementos urbanos, con prioridade para atender as demandas das poboacións de Alacant, Sant Joan d'Alacant, San Vicente del Raspeig, Mutxamel e El Campello e, en períodos de seca, os abastecementos do Consorcio de Fornecemento de Marina Baja.
11. A substitución de bombeos para uso urbano en masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo referida no número anterior será, como mínimo, de 7 hm<sup>3</sup>/ano, e procederá da desalinizadora de Mutxamel e, se for o caso, doutras fontes de recurso alternativas.
12. Os volumes de recursos do Xúcar ata completar os 80 hm<sup>3</sup>/ano, adicionais aos requiridos para equilibrar o balance das masas de auga subterránea cos usos actuais, poderanse utilizar para complementar o uso actual do sistema Vinalopó-Alacantí, co límite máximo dos dereitos de auga de recursos subterráneos.

## C) Reservas:

1. Resérvanse os seguintes incrementos de reutilización, das EDAR do sistema Vinalopó-Alacantí, para complementar o uso actual nos regadíos do sistema Vinalopó-Alacantí, co límite máximo dos dereitos de auga de recursos subterráneos:
  - a) 0,1 hm<sup>3</sup>/ano a regas da cabeceira do Monnegre, procedentes da EDAR de Tibi.
  - b) 6 hm<sup>3</sup>/ano a regas do Medio Vinalopó, procedentes das EDAR do val do Vinalopó (2,5 hm<sup>3</sup>/ano), Alacant-Rincón de León (2 hm<sup>3</sup>/ano), Aspe (0,3 hm<sup>3</sup>/ano) e Monforte del Cid-Novelda (1,2 hm<sup>3</sup>/ano).
  - c) 2 hm<sup>3</sup>/ano a regas de El Alacantí, procedentes da EDAR de Alacant-Rincón de León.
  - d) 2 hm<sup>3</sup>/ano a regas de Levante marxe esquerda: Camp d'Elx, procedentes da EDAR de Alacant-Rincón de León.
  - e) 3 hm<sup>3</sup>/ano a regas de Levante marxe esquerda: Huerta de Alacant e Bacarot, procedentes das EDAR de Monte Orgegía (1 hm<sup>3</sup>/ano) e Alacantí norte (2 hm<sup>3</sup>/ano).
  - f) 0,4 hm<sup>3</sup>/ano a regas do Bajo Vinalopó, procedentes da EDAR de Elx (Carrizales).
2. Resérvase un total de 1,3 hm<sup>3</sup>/ano dos incrementos de volume rexenerado da EDAR de Rincón de León para a rega de zonas verdes urbanas e outros usos urbanos recollidos no Real decreto 1620/2007 en Alacant, Elx e área de influencia.
3. Os incrementos de demanda urbana no Alacantí e Bajo Vinalopó poden ser atendidos coa capacidade remanente e coa ampliación da desalinizadora de Mutxamel, mediante incrementos de achegas da Mancomunidade dos Canais do Taibilla e pola substitución de recursos subterráneos utilizados para a rega con augas procedentes da reutilización. Os pequenos crecementos esperados no Alto e no Medio Vinalopó poderán atenderse con auga subterránea.

**Artigo 25. Demandas non satisfeitas con recursos dispoñibles na demarcación**

1. De acordo co establecido no artigo 21.3 do RPH, nos números seguintes indícanse as demandas que non poden ser satisfeitas cos recursos dispoñibles na propia demarcación hidrográfica.
2. Nos sistemas Xúcar e Vinalopó-Alacantí non é posible atender cos recursos dispoñibles na propia demarcación hidrográfica todos os dereitos de auga existentes, as redotacións e os posibles

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

futuros crecementos de demanda coas adecuadas garantías e cumprir co réxime de caudais ecolóxicos.

3. Os balances realizados de acordo co artigo 21 do RPH mostran un déficit de 195 hm<sup>3</sup>/ano no sistema Xúcar e de 70 hm<sup>3</sup>/ano no sistema Vinalopó-Alacantí.
4. O déficit anterior remítese para o seu estudo e solución ao Plan hidrolóxico nacional.

### Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección

#### **Artigo 26. Reservas naturais fluviais**

No apéndice 7.1 inclúese unha listaxe coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo do Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias.

#### **Artigo 27. Zonas de protección especial de determinadas masas de auga**

De conformidade co artigo 43.2 do TRLA, aquelas zonas de protección especial que fosen declaradas de acordo coa lexislación ambiental e de protección da natureza incorporaranse ao Rexistro de Zonas Protexidas da demarcación, en cumprimento do establecido no artigo 24 do RPH. Para estes efectos, quedan declaradas de protección especial pola Confederación Hidrográfica do Xúcar as zonas que se clasifican e se recollen no apéndice 7.2, incluídas as condicións específicas para a súa protección.

#### **Artigo 28. Perímetros de protección**

1. As solicitudes de concesión de caudais subterráneos con destino ao abastecemento de poboación deberán achegar estudos co perímetro de protección das súas captacións. De non achegarse un estudo xustificativo, ou de non considerarse este adecuado, o organismo de bacía poderá definir este perímetro con círculo de raio 300 metros arredor da captación.
2. Calquera nova solicitude de concesión ou de autorización de vertedura dentro do perímetro de protección requirirá que o solicitante achegue un estudo de non afección.
3. Nas captacións de auga para abastecemento procedente de planta desalinizadora o perímetro de protección definirase, como criterio xeral, mediante un círculo de 100 m de raio incluída a súa correspondente proxección en liña de costa. Este perímetro deberá confirmarse con estudo específico para cada caso cando na zona proposta existan instalacións previas á planta desalinizadora.
4. No apéndice 7.3 recóllense as zonas de protección de captacións de abastecemento de auga destinadas a consumo humano incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas.

#### **Artigo 29. Rexistro de Zonas Protexidas**

1. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Xúcar recolle no anexo 4 da memoria un resumo do Rexistro de Zonas Protexidas previsto no artigo 24 do RPH, incluíndo mapas indicativos da localización de cada zona, información ambiental e estado de conservación, se for o caso, tal e como require o citado artigo.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

2. O rexistro das zonas protexidas recollido no Plan está accesible ao público a través do enderezo electrónico ([www.chj.es](http://www.chj.es)) da Confederación Hidrográfica do Xúcar.

### Capítulo VI. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

#### **Artigo 30. Estado das masas de auga**

De acordo cos estudos e avaliacións que se describen na memoria e no seu anexo 12, o estado das masas de auga superficial e subterránea da demarcación hidrográfica do Xúcar é o recollido no apéndice 8.

#### **Artigo 31. Obxectivos ambientais**

1. Os obxectivos ambientais das masas de auga da demarcación hidrográfica do Xúcar e os prazos previstos para a súa consecución relaciónanse no apéndice 9.
2. Os obxectivos ambientais para as zonas protexidas deben cumprir as exigencias das normas de protección específicas que resultan aplicables nunha zona e alcanzar os obxectivos ambientais de estado ou potencial que nelas se determinen.
3. No caso específico da masa de auga superficial do lago de l'Albufera de Valencia, as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, impulsarán a realización e o desenvolvemento dun plan especial cuxo principal obxectivo sexa alcanzar o potencial ecolóxico establecido no apéndice 9.2. No marco do dito plan, o organismo de bacía dará conta ao resto de administracións das actuacións de control e seguimento relativas ao cumprimento dos números 5, 6 e 7 do artigo 14.
4. Cada unha das excepcións ao cumprimento dos obxectivos xerais, ben sexa por prórroga ou pola fixación de obxectivos menos rigorosos, xustifícase nas fichas que se inclúen no anexo 8 á memoria.

#### **Artigo 32. Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga**

1. Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puidesen prever razoablemente nas cales se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga son as seguintes:
  - a) Graves inundacións: na falta de estudos específicos incluídos no programa de medidas do Plan de avaliación e xestión da rega de inundacións, entenderase que son graves inundacións as que corresponden á enchente de período de retorno de 25 anos.
  - b) Secas prolongadas: enténdese como tales as correspondentes ao estado de emerxencia establecido no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da Bacía Hidrográfica do Xúcar, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.
  - c) Accidentes non previstos razoablemente tales como as verteduras accidentais ocasionais, os fallos en sistemas de almacenamento de residuos, os incendios en industrias e os accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse as circunstancias derivadas de incendios forestais.
2. A Confederación Hidrográfica do Xúcar cubrirá a ficha que se recolle no apéndice 9.5 nos casos a que se refiren as letras a) e b). Nos supostos da letra c) serán os causantes da deterioración temporal do estado das masas de auga os que estarán obrigados a cubrir a citada ficha.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

3. A Confederación Hidrográfica do Xúcar levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico, describirá e xustificará os supostos de deterioración temporal e os efectos producidos, e indicará as medidas tomadas tanto para a súa reparación como para previr que esta deterioración se poida volver producir no futuro.

**Artigo 33. Condicións para as novas modificacións ou alteracións do estado das masas de auga**

1. Os casos en que se prevé a execución de actuacións que supoñan a materialización de novas modificacións ou alteracións que comporten a deterioración dunha ou varias masas de auga como consecuencia dunha modificación ou alteración das súas características físicas, que resultan xustificables cumprindo as condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH aínda que impidan o logro dos obxectivos ambientais conforme o artigo 92 bis do TRLA, son os que se identifican no apéndice 9 e quedan documentados no anexo 8 da memoria do plan hidrolóxico.

2. No resto de casos, isto é, para as novas modificacións ou alteracións non previstas, observarase o disposto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH mediante a formalización do modelo de ficha utilizado para os casos indicados no número anterior. A Confederación Hidrográfica do Xúcar levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións.

Capítulo VII. Medidas de protección das masas de auga***Sección I. Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga*****Artigo 34. Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga**

1. As presas e azudes de nova construción non deberán constituír un obstáculo á migración da fauna piscícola. Para tales efectos deberán dispor dunha instalación de remonte para esta fauna, que deberá ser deseñada para permitir o paso das especies autóctonas e dificultar o paso de especies alóctonas.

2. A extracción de areas en zona de dominio público hidráulico, ademais de ser sometida, se for o caso, ao proceso de avaliación de impacto ambiental que sexa aplicable, requirirá a súa análise para efectos da súa posible designación como masa de auga moi modificada, segundo o establecido no artigo 39 do RPH. Nas extraccións no interior de encoros xa cualificados como masas moi modificadas non será necesaria esta última determinación.

3. Os aproveitamentos de areas localizados en zona de policía non afectarán o leito nin suporán unha modificación ou alteración substantiva da morfoloxía do río nin da súa hidrodinámica. Para os efectos anteriores, ademais de se someter á correspondente avaliación de impacto ambiental que sexa aplicable, se for o caso, cumpriranse as seguintes condicións:

- a) As extraccións deberán afastarse das marxes das masas de auga en 20 m a cada marxe.
- b) Unha vez finalizada a explotación, regularizase a morfoloxía da chaira de inundación afectada pola extracción. Para tal efecto, o organismo de bacía poderá solicitar, no procedemento de autorización da explotación, a presentación dun plan de actuación que concrete a restauración morfolóxica que se vai realizar.
- c) Para efectos de garantir a non incidencia no réxime de correntes polas augas que discorran polo ámbito da actuación, a documentación para o trámite de autorización da

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

explotación deberá incluír as medidas necesarias para garantir a correcta recollida das augas de escorramento,. Deberanse dispor as instalacións necesarias como balsas de decantación para impedir que as augas pluviais contaminadas poidan chegar ao leito.

***Sección II. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico***

**Artigo 35. Normas xerais relativas ás concesións**

1. O control dos volumes das concesións poderase realizar a partir dos valores medios realmente utilizados nun período plurianual que sexa representativo da variabilidade climática e hidrolóxica. Admitiranse excesos sobre o volume máximo anual en situacións meteorolóxicas especialmente adversas, se estes están debidamente xustificadas co correspondente estudo meteorolóxico e agronómico.
2. As dotacións unitarias que se utilizarán para establecer o volume das concesións son as indicadas no artigo seguinte.

**Artigo 36. Dotacións de auga para os distintos usos**

1. As dotacións consideradas para o cálculo da demanda de fornecemento urbano serán as dotacións reais de subministración. Na falta de datos reais, utilizaranse as dotacións medias de referencia que se indican no apéndice 10.1.
2. Tanto para os expedientes de concesión ou de revisión de características de concesións destinadas ao uso de fornecemento de poboación como para a cuantificación de demandas asociadas a novos desenvolvementos urbanos que se recollan nos instrumentos de planificación e ordenación territorial, aplicaranse os valores de dotación de referencia anteriores de acordo cos datos de poboación abastecida manexados. Só de forma debidamente xustificada se poderán aplicar dotacións superiores á establecida como referencia, sen superar, en ningún caso, a dotación máxima do rango considerado admisible.
3. En todo caso, os usos descritos no número anterior deberán ter sido planificados conforme o artigo 22.3.a) do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, e o artigo 25.4 do TRLA, que exigen o informe previo do organismo de bacía relativo ao réxime e aproveitamento das augas continentais e aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía.
4. Nos expedientes de concesión ou revisión de características, e salvo xustificación en contrario, utilizaranse as dotacións netas de cultivo por zona agraria establecidas no apéndice 10.2. A dotación bruta real obterase dividindo a dotación neta pola eficiencia global do regadío, que inclúe, pola súa vez, as eficiencias de condución, distribución e aplicación en parcela.
5. Na falta de estudos específicos, tomaranse como referencia os rangos de eficiencias de condución, distribución e aplicación en parcela establecidas no apéndice 10.3.
6. Dentro do uso agrario e na falta de estudos específicos, establécense as dotacións para gandaría, segundo o tipo de gando, que se mostran no apéndice 10.4.
7. Os volumes de auga solicitados polas industrias non conectadas á rede urbana ou por polígonos industriais xustificaranse achegando información específica que recolla datos reais, cando sexa posible.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

8. No caso de novos polígonos industriais aplicarase, na falta de estudos específicos, unha dotación máxima anual de 4.000 m<sup>3</sup> por hectárea construída ou prevista. Este valor inclúe todas as necesidades complementarias do polígono industrial, tales como zonas axardinadas, servizos de limpeza e outras.

9. Para o caso de instalacións individuais teranse en conta, na falta de estudos específicos, as dotacións máximas que se indican no apéndice 10.5.

10. No suposto de actividades sometidas á Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, ou no doutra norma vinculante que impida dotar de fornecemento de auga unha industria que careza de determinada tecnoloxía, a dotación requirida para os procesos industriais e para refrixeración dos ditos procesos xustificárase adecuadamente, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles ou as que, se for o caso, impoña a mencionada lexislación.

11. Para o caso da actividade de produción e procesado de champiñón e cogomelos, na falta de estudos específicos, tomaranse como referencia os rangos de dotacións que se indican no apéndice 10.6.

12. No caso do emprego de técnicas de cultivo non convencionais, como poidan ser as técnicas de cultivo hidropónicas, para o establecemento das dotacións teranse en conta os estudos específicos que xustifiquen as súas necesidades hídricas.

**Artigo 37. Limitacións aos prazos concesionais**

1. Establécense os seguintes prazos máximos para as novas concesións:

- a) Fornecemento de poboación: 25 anos.
- b) Regadío: 25 anos.
- c) Usos hidroeléctricos: 30 anos, para minicentraís, entendendo por tales aquelas cuxa potencia sexa inferior a 5.000 KVA.
- d) Demais usos: 25 anos.

2. Os prazos previstos no número anterior poderán superarse, ata o máximo de setenta e cinco anos, cando quede acreditado no expediente de concesión que os investimentos que se deban realizar para o desenvolvemento da actividade económica exixen un prazo maior para a súa recuperación e garantía de viabilidade. Para o caso de aproveitamentos hidroeléctricos e de refrixeración, valorarase especialmente cando o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo manifeste o interese do aproveitamento para asegurar a cobertura da subministración eléctrica ou por outras razóns de interese público.

**Artigo 38. Concesións para aproveitamentos hidroeléctricos**

1. Na competencia de proxectos para o aproveitamento enerxético, tanto en leitos naturais como nas infraestruturas do Estado, os criterios básicos de avaliación serán os seguintes:

- a) Medidas propostas para minimizar a afección ambiental derivada das obras e da variación do réxime de caudais, de ser o caso. En particular, valorarase, ademais dos aspectos previstos no artigo 133 do RDPH, o seguinte:
  - I. Sistema proposto para o control do cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos. Valorarase aqueles que necesiten un mínimo seguimento para o seu control.
  - II. Deseño da infraestrutura que minimize a afección á conectividade fluvial e ribeirega, de conformidade co artigo 126 bis do RDPH.
  - III. Situación de canteiras e entullos e tratamento postobra.

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

- IV. Plan de sinalización para prevención de accidentes derivados das instalacións, tanto en fase de obra como en explotación.
  - V. Exixirase o correspondente plan de emerxencia a aquelas infraestruturas clasificadas como categorías A) e B), que o requiran, tal e como propón a Directriz básica de protección civil ante o risco de inundacións, aprobada por acordo do Consello de Ministros e publicada na Resolución, do 31 de xaneiro de 1995, da Secretaría de Estado de Interior.
  - VI. Máximo tramo de río aproveitado, compatible cos dereitos preexistentes, tanto augas arriba como augas abaixo.
    - b) Máximo producible da central, debidamente xustificado cos datos hidrolóxicos, de salto, de perdas de carga e rendemento de equipamentos. Deben quedar ben establecidos os criterios para a definición do caudal de equipamento da central.
    - c) Calidade da enerxía. Valoraranse preferentemente as centrais deseñadas para xeración de enerxía de puntas fronte ás fluentes, sempre que as obras necesarias para isto (encoro de augas arriba ou contraencoro) non supoñan unha deterioración incompatible cos obxectivos ambientais da masa de auga en que se localiza.
2. Cando non existan proxectos en competencia, avaliaranse os mesmos criterios establecidos no número 1, sobre medidas de impacto ambiental. Con relación aos criterios técnicos previstos nas letras b) e c) do número 1, teranse en conta a hidroloxía do tramo e a experiencia doutras centrais, cando existan. En calquera caso, os criterios básicos que se seguirán serán os do mellor aproveitamento do tramo, nas condicións de rendibilidade aceptadas polo mercado, o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos definido no presente plan hidrolóxico, así como a normativa sobre protección ambiental das administracións ambientais competentes.
3. O condicionado das novas concesións de aproveitamentos hidroeléctricos, así como da súa modificación ou revisión conterá, ademais do previsto no RDPH, en particular o establecido nos seus artigos 102 e 115, os seguintes aspectos:
- a) Recollerase o réxime de caudais ecolóxicos fixado de acordo co establecido no capítulo III.
  - b) En relación co réxime de turbinaxe, a Administración imporá na concesión, se for o caso, un determinado réxime, en función dos obxectivos ambientais e dos dereitos preexistentes ou futuros, augas abaixo, incluídos no plan hidrolóxico, sen prexuízo de que o petionario poida propor a introdución dalgún elemento que dote o aproveitamento dunha maior liberdade de explotación, caso en que se terá que xustificar que non se produce deterioración significativa sobre o estado da masa de auga en que se localiza.

**Artigo 39. Autorizacións e concesións de auga subterránea**

1. As concesións de recursos subterráneos para novos usos non consolidados daranse unicamente sobre masas de auga subterránea que se encontren en bo estado cuantitativo, coas seguintes excepcións:
  - a) Os futuros crecementos urbanos que non teñan un recurso alternativo dispoñible. Con carácter xeral, e na falta de estudos máis precisos, enténdese por futuros crecementos urbanos nesta normativa os correspondentes ás proxeccións realizadas no anexo 3 da memoria para o ano 2027.
  - b) Aqueles usos que se soliciten ao abeiro do indicado no número 2.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

2. Aquelas concesións que se tramiten ao abeiro dun acordo de renuncia de dereitos que comporte a liberación de recursos a favor dun terceiro nunha masa de auga subterránea que se encontre en mal estado cuantitativo deberanse ater aos seguintes criterios:

- a) Os aproveitamentos de recursos subterráneos do que renuncia e do que solicita a concesión deberanse situar nunha mesma masa de auga subterránea ou en masas contiguas.
- b) O máximo volume que se pode renunciar e liberar a favor dun terceiro deberá ser inferior ao máximo consumo nos últimos cinco anos. Se este consumo foi nulo, considerarase como máximo volume para efectos de renuncia o 50% do volume de dereitos, e como dereito remanente do que renuncia, un volume mínimo que permita un certo uso da auga para cultivos de baixa dotación ou apoio a leñosos.
- c) Con obxecto de mellorar o estado da masa de auga, o volume que se libera e se outorga en concesión deberá ser minorado nunha porcentaxe comprendida entre o 5% e o 50% respecto do volume de recursos liberado. Esta porcentaxe establecerase en función de criterios baseados na porcentaxe de uso respecto ao dereito, os efectos ambientais sobre as masas de auga e os efectos socio-económicos sobre o territorio.
- d) Os usuarios poderán colaborar co organismo de bacía na organización e xestión dos procedementos establecidos nas letras anteriores, co obxectivo de facilitar a súa aplicación.
- e) Os criterios establecidos na alínea c) desenvólvense no apéndice 11 para a masa de auga subterránea 080.129 Mancha oriental.

3. Nas masas de auga subterránea que sexan contiguas a masas que non se encontren en bo estado, poderanse requirir estudos sobre o impacto do novo aproveitamento sobre estas últimas e, en caso de que as afecte negativamente, de forma significativa non se darán novas concesións, excepto nos casos indicados no número 1.

4. En desenvolvemento do establecido no artigo 54.2 do TRLA, nas masas de auga subterránea que non se encontren en bo estado cuantitativo:

- a) Non se autorizarán aproveitamentos do mesmo uso ao abeiro do artigo 54.2 do TRLA en predios contiguos do mesmo titular, caso en que deberán solicitar a correspondente concesión.
- b) Os usos agrícolas con dotacións netas inferiores ao 50% das indicadas no apéndice 10.2 deberán solicitar a correspondente concesión.

5. Non se permitirá a construción de pozos ao abeiro do artigo 54.2 do TRLA con destino ao fornecemento urbano en solo clasificado como urbano.

6. Co obxecto de mellorar o rendemento dunha captación que dispoña de concesión poderase separar, modificar ou mesmo construír unha nova captación, nun raio de 100 metros e logo de autorización da Confederación Hidrográfica do Xúcar, sempre que non implique afección a terceiros. A captación orixinal deberá ser, se for o caso, clausurada e selada, e tratarase de manter a posibilidade de futuras medicións piezométricas.

7. Poderase exixir nas cláusulas da concesión:

- a) A columna litolóxica dos terreos atravesados para todas as captacións subterráneas.
- b) Que se realice unha testificación xeofísica, cos parámetros específicos que en cada caso se establezan, nas captacións subterráneas onde se extraian volumes superiores a 800.000 m<sup>3</sup>/ano, ou cando a masa de auga non se encontre en bo estado cuantitativo.



Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

**Artigo 40. Autorizacións e concesións de augas residuais rexeneradas**

1. Establécese a seguinte orde de preferencia de uso das augas residuais rexeneradas:

- a) O titular da autorización de vertedura das augas que se reutilizan ou, se é o caso, o concesionario da primeira utilización das augas, sempre que as empregue en usos propios.
- b) As substitucións de concesións preexistentes.
- c) A complementariedade de regadíos existentes co obxecto de mellorar a súa garantía sempre que non supoña aumento sobre os dereitos concedidos.
- d) Os restantes usos permitidos polo Real decreto 1.620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

2. Son compatibles co plan hidrolóxico os aproveitamentos inferiores a 7.000 m<sup>3</sup>/ano de augas rexeneradas que sexan autorizadas ao titular da vertedura nos termos previstos no artigo 9 do Real decreto 1.620/2007, do 7 de decembro.

**Artigo 41. Comunidades de usuarios**

1. Considérase obrigatoria a integración dos usuarios de masas de auga subterránea que non se encontren en bo estado cuantitativo e os das masas de auga superficial asociadas nunha comunidade de usuarios, de acordo cos artigos 81 e 87 do TRLA.

2. A comunidade de usuarios referida no número anterior poderá integrar os usuarios dunha ou máis masas de auga subterránea contiguas.

3. O indicado no número 1 anterior non requirirá a tramitación previa da declaración de risco de non alcanzar un bo estado cuantitativo de acordo co artigo 56 do TRLA. Será suficiente que a masa de auga subterránea non se encontre en bo estado cuantitativo, de acordo co indicado no apéndice 8.4.

4. A concesión de novas captacións de auga subterránea dentro dunha zona regable dunha comunidade de usuarios requirirá informe previo desta.

**Artigo 42. Dispositivos de medida**

1. Nos termos previstos no artigo 12 da Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos ao citado dominio público hidráulico e das verteduras a el, a Confederación Hidrográfica do Xúcar poderá autorizar aos titulares dos aproveitamentos, cando o tipo de cultivos así o permita, o seguimento das superficies regadas e a estimación dos consumos de auga mediante métodos indirectos como a teledetección combinada cunha avaliación dos consumos dos cultivos, tras un contraste e validación do procedemento con datos observados.

2. Cando a estimación do consumo de auga mediante métodos indirectos difira apreciablemente do consumo medido nos contadores, a Confederación Hidrográfica do Xúcar poderá adoptar, para efectos de control e seguimento dos consumos, o que considere máis preciso.

**Sección III. Medidas para a protección do estado das masas de auga**

**Artigo 43.** *Substitución de recursos en masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo e en sistemas deficitarios*

1. A substitución de recursos subterráneos por outros recursos alternativos en masas de auga subterránea en mal estado cuantitativo desenvolverase de forma ordenada mediante o establecemento dun plan anual de explotación que perseguirá a consecución dos obxectivos ambientais, preservando a estrutura socioeconómica vinculada a aqueles recursos. Na falta de plan de explotación, a substitución de recursos subterráneos por outros recursos alternativos terá como volume máximo de substitución o correspondente ao máximo uso dos recursos subterráneos que se producise nos últimos cinco anos, período ampliable a outros dez, adicionais aos cinco mencionados, se se xustifica adecuadamente con información temporal suficientemente homoxénea.

2. O custo de substitución dos ditos recursos por outros recursos alternativos, na medida en que contribúe a alcanzar o bo estado cuantitativo das masas de auga subterránea ou asegurar a calidade das augas nos fornecementos, repercutirao o organismo de bacía entre o conxunto de usuarios beneficiados do sistema de explotación, nos termos previstos no TRLA.

3. Nos sistemas en que nesta normativa se indica que existen demandas non atendidas cos seus recursos propios, a reutilización de augas residuais depuradas para o regadío só se autorizará ou se concederá, de forma que ao menos un 50% do volume se utilice para a substitución de recursos procedentes de fontes convencionais. O volume restante poderá utilizarse, coa seguinte orde de prioridade: para satisfacer dereitos de rega que non puideron ser exercidos, para atender regadíos consolidados, tal e como se definen no artigo 9.5, e para novos aproveitamentos, de maneira que se asegure que en ningún caso se produce un incremento do déficit. De igual modo, no caso de utilización de augas provenientes de desalga con destino a fornecemento, deberá substituírse un mínimo do 50% do uso actual, e o resto poderá dedicarse a novos crecementos.

**Artigo 44.** *Deseño e execución de sondaxes e captacións subterráneas*

1. O deseño e execución de sondaxes e captacións nas masas de auga subterránea da demarcación deberanse realizar de forma que:

- a) Se garanta a protección sanitaria para previr riscos para a saúde.
- b) Se preserve a calidade do acuífero, impedindo a entrada de contaminantes tanto desde a superficie como a través da perforación que conecte as formacións acuífeiras obxecto de explotación con outras (acuíferos colgados ou locais) que teñan auga de peor calidade ou que sexan vulnerables á contaminación.
- c) Se evite a interconexión de acuíferos.
- d) Se garanta a máxima durabilidade da obra e a mellor produción e eficacia enerxética da extracción.

**Artigo 45.** *Condicións xerais das verteduras*

1. Son augas residuais urbanas ou asimilables aquelas xeradas polo metabolismo humano e polas actividades domésticas. Son augas residuais industriais todas as augas residuais vertidas desde locais

## Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

utilizados para calquera actividade comercial ou industrial, que non teñan a consideración de asimilables a urbanas.

2. No ámbito do Plan de ordenación de recursos naturais (PORN) do Parque natural de l'Albufera de Valencia, as verteduras das instalacións de tratamento de augas residuais urbanas maiores de 2.000 habitantes equivalentes (h.e.) deberán reducir a concentración media anual de fósforo total a 0,6 mg/l.

3. Complementariamente ao establecido no Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, que desenvolve as normas de tratamento de augas residuais urbanas, para aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes equivalentes, as periodicidades de control anual serán as establecidas nas seguintes táboas:

Aguas residuais urbanas ou asimilables		Número de mostras ao ano
h. e.	m <sup>3</sup> /ano	
≤ 15	1.000	1
15 > < 250	20.000	2
250 ≥ < 2.000	150.000	4 (2) <sup>1</sup>
2.000 ≥ < 10.000	800.000	12 (4) <sup>1</sup>
10.000 ≥ < 50.000	4 x 10 <sup>6</sup>	12
≥ 50.000	-	24

<sup>1</sup> Número de mostras durante o primeiro ano, entre parénteses número de mostras os seguintes anos, sempre que se poida demostrar que a mostra da auga do primeiro ano cumpre os valores límite de emisión establecidos na autorización de vertedura.

Tipo	Aguas residuais industriais	Periodicidade anual	
	m <sup>3</sup>	Non especiais	Especiais *
Proceso industrial	< 2.000	1	2
Proceso industrial	2.000-15.000	2	4
Proceso industrial	15.000-150.000	4	6
Refrixeración, piscifactoría e achique	Calquera		
Proceso industrial	150.000-800.000	6	12
Proceso industrial	>800.000	12	24

\*Especiais: verteduras con presenza de substancias perigosas e/ou o medio receptor forma parte do Rexistro de Zonas Protexidas.

4. O número de mostras non conformes permitidas para as verteduras de augas residuais urbanas será o establecido no anexo 3.C do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo. En ausencia de normativa aplicable ás augas residuais industriais, o número de mostras non conformes admisible será o que se indique na autorización de vertedura, utilizando como criterio interpretativo o establecido no mencionado anexo. En ambos os casos, admítense mostras puntuais e integradas en 24 horas. Cando o número de autocontrois que incumpe algún dos valores límite de emisión, establecidos na autorización de vertedura, sexa superior ás mostras non conformes permitidas, ou cando o titular non presente todos os autocontrois establecidos na autorización de vertedura, considerarase que o tratamento depurador non é adecuado.

## Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

5. Unha vez identificada unha vertedura de auga residual urbana non autorizada, e en ausencia de documentación técnica, relativa ao volume de auga residual xerada que permita a estimación indirecta establecida no artigo 292 do RDPH, consideraranse as seguintes dotacións unitarias:

Núcleos de poboación*	
Poboación (poboación de feito máis estacional equivalente)	Aglomeración de augas residuais urbanas (ARU) media de referencia (l/hab.día)
Menos de 10.000	217
De 10.000 a 25.000	203
De 25.000 a 50.000	196
De 50.000 a 100.000	189
De 100.000 a 500.000	175
Máis de 500.000	157,5

\*Inclúe a auga residual xerada polo sector servizos, comercio e industria do núcleo de poboación.

**Artigo 46. Condicións particulares das verteduras**

1. Os valores límite para a concentración media anual de nutrientes nas instalacións de tratamento de augas residuais urbanas entre 250 e 10.000 h.e. que vertan en zonas sensibles serán os seguintes:

Parámetro	Concentración
Fósforo total	2 mg/l P
Nitróxeno total	15 mg/l N

2. Poderanse eximir da anterior obrigación as verteduras xeradas naquelas instalacións individuais de menor carga que sumen, como máximo, o 25% dos nutrientes sobre a correspondente zona sensible.

3. As verteduras realizadas en leitos superficiais que presenten un réxime de caudais discontinuo e as verteduras realizadas sobre o terreo contarán coas seguintes particularidades, para os efectos previstos no artigo 259 bis.2 do RDPH:

- Con carácter xeral, requirirán dun estudo hidroxolóxico suscrito por técnico competente e achegado polo titular, que demostre a súa inocuidade respecto ás augas subterráneas.
- Para as verteduras de natureza urbana ou asimilable inferiores a 250 habitantes equivalentes, o organismo de bacía poderá admitir a presentación de estudos simplificados de afección.
- No caso das vivendas diseminadas do artigo 48, o ente local presentará un estudo hidroxolóxico pola totalidade das verteduras incidentes nun mesmo acuífero. Nestes casos, o organismo de bacía poderá considerar, en función do estudo hidroxolóxico, métodos de depuración que permitan obter rendementos distintos aos establecidos no Real decreto 509/1996, do 15 de marzo.

4. As verteduras realizadas a levadas e balsas de rega deberán contar co preceptivo permiso do titular da infraestrutura para obter a autorización de vertedura. Complementariamente, consideraranse, como

---

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

---

mínimo, os criterios de calidade establecidos no anexo 1.A número 2 do Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, en función do tipo de cultivo que se pode ver afectado, e optárase polos criterios máis exixentes para o suposto en que sexan varios.

**Artigo 47.** *Condicións aplicables aos sistemas de tratamento e depuración con vertedura a dominio público hidráulico e dominio público marítimo terrestre*

1. Os titulares das actividades que xeren verteduras ao dominio público marítimo terrestre deberán tramitar a correspondente autorización ante o órgano competente da comunidade autónoma.
2. Complementariamente, o titular das verteduras citadas no número 1 que dispoñan nas infraestruturas de saneamento e depuración que lles dan servizo, de puntos de desbordamento a dominio público hidráulico en situacións de caudais punta xerados durante episodios de chuvia, deberá solicitar a correspondente autorización de vertedura ao dominio público hidráulico á Confederación Hidrográfica do Xúcar.
3. Será requisito imprescindible para resolver favorablemente a autorización do punto dun desbordamento ao dominio público hidráulico a emisión, por parte da comunidade autónoma, dun informe preceptivo e vinculante, onde se garanta o tratamento e a vertedura a dominio público marítimo terrestre do volume total de auga residual xerada, en circunstancias de funcionamento normal do sistema. En ningún caso se autorizarán desbordamentos de auga residual bruta a dominio público hidráulico.

**Artigo 48.** *Titularidade das verteduras*

1. A titularidade das verteduras xeradas por núcleos poboacionais (casaríos, aldeas, urbanizacións, núcleos de vivenda consolidados ou calquera outra forma sen personalidade xurídica propia), onde sexa viable técnica e economicamente a recollida, condución e tratamento conxunto das augas residuais xeradas, recaerá sobre o ente local, sempre que non se constituíse unha comunidade de verteduras. Para estes efectos, enténdese por núcleo de vivenda consolidado unha densidade de máis de 10 vivendas nun raio de 100 metros.
2. A titularidade das autorizacións das verteduras xeradas polas vivendas non conectadas a sistemas de recollida, condución e tratamento conxunto das augas residuais xeradas, naqueles casos en que a súa importancia e concentración espacial poida comprometer a consecución dos obxectivos ambientais da correspondente masa de auga, recaerá na Administración local afectada. Esta Administración colaborará coa Confederación Hidrográfica do Xúcar no establecemento dos pertinentes programas de redución da contaminación.

**Artigo 49.** *Verteduras de escasa entidade*

1. Considéranse verteduras de escasa entidade as augas residuais urbanas ou asimilables inferiores a 10.000 m<sup>3</sup>/ano ou 250 habitantes equivalentes, excepto aquelas verteduras cuxa presión conxunta sobre unha masa de auga sexa superior a 2.000 habitantes equivalentes.
2. Para a tramitación da autorización de vertedura de escasa entidade aplicarase o procedemento simplificado establecido no artigo 253.2 do RDPH.

Anexo XI. Plan hidrolóxico da DH do XÚCAR (2015-2021)

3. Os parámetros que se limitarán no efluente serán os indicados na táboa seguinte. Deberase alcanzar a concentración ou a porcentaxe de redución mínima establecida.

Parámetro	Valor límite de emisión (mg/l)	Valor límite de emisión (Porcentaxe de redución)
DBO <sub>5</sub>	25	60%
DQUE	125	60%
Sólidos en suspensión	60	60%

**Artigo 50. Estimacións indirectas de caudal de vertedura**

O organismo de bacía poderá autorizar aos titulares das verteduras inferiores a 250 habitantes equivalentes a estimación dos volumes de auga residual xerada a partir de información do consumo de auga, sempre que estean identificadas as fontes de subministración e non haxa variacións significativas entre a auga consumida e a auga residual xerada.

**Artigo 51. Especies exóticas invasoras**

1. Nas actividades realizadas en zona de dominio público hidráulico ou de policía de augas con risco de introdución de especies exóticas invasoras débese garantir o cumprimento de actuacións, medidas de prevención e boas prácticas para a non introdución destas especies, sen prexuízo das competencias autonómicas na materia.
2. En caso de que se leven a cabo transferencias de auga entre bacías deberanse establecer os mecanismos de control necesarios para evitar a dispersión das especies invasoras.
3. No caso de que se detecte a presenza de especies exóticas invasoras, elaborárase, en colaboración coas comunidades autónomas, un plan especial para evitar a súa propagación e conseguir a súa erradicación. En particular, redactarase un plan contra o mexillón cebra, que deberá estar concluído no prazo de seis meses desde a aprobación deste plan hidrolóxico.

**Sección IV. Medidas para a protección contra as inundacións e as secas****Artigo 52. Medidas de protección contra as inundacións**

Durante a vixencia do presente plan, serán de aplicación para a xestión de inundacións da demarcación hidrográfica do Xúcar os criterios establecidos nas disposicións regulamentarias de carácter xeral que estean en vigor, así como os establecidos polo Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Xúcar para o período 2015-2021.

**Artigo 53. Medidas de protección contra as secas**

O Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da demarcación hidrográfica do Xúcar, aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, acomodará o seu ciclo de revisión ao do plan hidrolóxico, de tal forma que se verifique que tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos da planificación hidrolóxica segundo estes se vaian actualizando nas sucesivas revisións do plan hidrolóxico.

**Sección V. Réxime económico-financieiro da utilización do dominio público hidráulico****Artigo 54. A recuperación dos custos das medidas**

1. De conformidade co artigo 111 bis.1 e 2 do TRLA e co artigo 42 do RPH, aplicaranse os canons e tarifas do réxime económico-financieiro regulados polos artigos 112 a 115 do TRLA sobre os beneficiarios das obras do programa de medidas financiadas pola Administración xeral do Estado. No anexo 9 da memoria do presente plan hidrolóxico recóllese a análise económica do principio de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga na demarcación hidrográfica do Xúcar.

2. A análise sobre a viabilidade económica das obras financiadas pola Administración xeral do Estado requirirá a identificación dos usuarios beneficiarios que deban pagar canons ou tarifas conforme o disposto no artigo 114 do TRLA, aos cales se deberá dar trámite de audiencia e emitir informe sobre as alegacións que formulen. Unha vez aprobada a execución da obra, se o seu custo excede os 6 millóns de euros notificarase aos futuros usuarios para que poidan solicitar a constitución da correspondente xunta de obras, de acordo co previsto no artigo 50 do Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.

1. De conformidade co artigo 18.4 do RPH en caso de secas prolongadas, poderase aplicar un réxime de caudais ecolóxicos menos exixente, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 do mencionado regulamento sobre deterioración temporal do estado das masas de auga.
2. No apéndice 6.2 detállanse os réximes de caudais ecolóxicos para condicións de seca prolongada.
3. A aplicación dos réximes de caudais ecolóxicos para situación de seca poderá ter lugar cando se alcance o nivel de alerta, de acordo cos índices establecidos no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da bacía hidrográfica do Ebro.

**Artigo 12.** *Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. O réxime de caudais ecolóxicos definido no apéndice 6 será controlado pola Confederación Hidrográfica do Ebro mediante o seguimento continuado do rexistro do caudal circulante nas correspondentes estacións de medición de caudal que, dentro de cada masa de auga afectada, se identifican no citado apéndice.
2. Os caudais ecolóxicos en puntos augas arriba e abaixo destas estacións terán que aterse ao que definan estudos específicos de acordo coa Instrución de planificación hidrolóxica e non se verán comprometidos polos caudais ecolóxicos definidos no apéndice 6.

**Artigo 13.** *Continuidade do réxime de caudais ecolóxicos*

1. Para efectos de mellora na xestión do recurso, para os puntos da bacía non definidos no apéndice 6, inclúense para efectos orientativos uns réximes de caudais de continuidade en función da súa distancia ás estacións de medición de caudal establecidas no mencionado apéndice e a superficie de bacía vertente en cada punto. Os criterios empregados e os caudais definidos recóllense no anexo V da Memoria técnica do plan hidrológico aprobado mediante Real decreto 129/2014, do 28 de febreiro.
2. Estes caudais de continuidade propóñense para efectos meramente informativos e non afectan os dereitos outorgados anteriormente á data de aprobación do Real decreto 129/2014. Estes caudais serán obxecto de revisión mediante estudos específicos. Non se deben utilizar para impoñer o réxime de caudais ecolóxicos ata que non se realicen os ditos estudos específicos (hidrolóxicos, de hábitat...), se efectúe a concertación correspondente e sexan validados polo organismo de bacía e incluídos no plan hidrológico.
3. Para a aprobación dos estudos específicos referidos no parágrafo anterior, o organismo de bacía priorizará na súa análise os achegados polas comunidades autónomas para a súa eventual inclusión no seguinte ciclo de planificación.

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)**Artigo 14.** *Implantación e cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. Entenderase que se cumpre co réxime de caudais establecido no apéndice 6 cando os caudais mínimos rexistrados son iguais ou superiores nun 90% do tempo, cuxo control se realizará conforme o previsto no artigo 12, para os efectos de garantir que o cumprimento de caudais permite manter de forma sustentable a funcionalidade e estrutura dos ecosistemas acuáticos e dos ecosistemas terrestres asociados, ou incluíndose no cómputo os períodos nos que é de aplicación o punto 2.
2. Non serán exixibles réximes de caudais ecolóxicos mínimos superiores ao réxime natural existente en cada momento. Neste sentido, o réxime de caudais ecolóxicos augas abaixo dos encoros poderase adecuar á achega en réxime natural ao encoro en cada momento.
3. Todos aqueles aproveitamentos en que no seu condicionado concesional se reserve ou reservase o dereito de modificación futura da condición de caudal mínimo ou de adaptación ao que establecer o plan hidrológico se deberán adecuar ao réxime de caudais ecolóxicos que se implante. A Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Ebro acordará as condicións que se imporán para garantir a dita adecuación.
4. A xestión para o cumprimento dos réximes de caudais ecolóxicos e a compatibilidade dos usos realizarase preferentemente no marco territorial da xunta de explotación respectiva.
5. Os aproveitamentos outorgados de augas fluentes augas abaixo de obras de regulación non poderán captar auga nin para a enchedura das súas balsas de regulación interna, nin para a súa subministración directa, cando os caudais circulantes no río sexan inferiores á suma do réxime de caudais ecolóxicos establecidos e aos caudais para aproveitamentos con dereitos preferentes.
6. Non se considerará incumprimento do réxime de caudais ecolóxicos o derivado das operacións das presas por razóns de seguridade ou por outras de índole extraordinaria debidamente xustificadas.

Capítulo IV: Asignación e reserva de recursos**Artigo 15.** *Consideracións xerais sobre a asignación e reserva de recursos*

1. De acordo co artigo 42.1 b) c') do TRLA, dispóñense as seguintes reservas para os fins xerais que se determinan. O prazo destas reservas é o marcado polo período de vixencia do plan. Non obstante, este prazo queda condicionado pola materialización das infraestruturas que fan posibles as ditas reservas.
  - a) Por solicitude da Xunta de Castilla y León establécese unha reserva na cabeceira dos ríos Ebro, Nela e outros afluentes, de 40 hm<sup>3</sup>/ano, para as necesidades de regadío.

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

- b) Por solicitude da Deputación Foral de Álava establécese unha reserva na bacía do río Zadorra, de 21,75 hm<sup>3</sup>/ano, para as necesidades de regadío.
- c) Por solicitude do Goberno de La Rioja establécese unha reserva de auga de 148,75 hm<sup>3</sup>/ano para cubrir as necesidades futuras no seu territorio. Esta reserva concrétase nos ríos Tirón, Oja, Cárdenas, Jubera, Cidacos, Linares, Alhama e Ebro para as necesidades de abastecemento e regadío.
- d) Por solicitude do Goberno de Navarra, de acordo co Plan de regadíos da Comunidade Foral de Navarra, Decreto foral 105/2008, establécese unha reserva do río Ega, destinada aos regadíos de Tierra Estella, de 32 hm<sup>3</sup>/ano.
- e) Por solicitude da Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha establécese unha reserva de 1 hm<sup>3</sup>/ano nas cabeceiras dos ríos Mesa e Piedra, para as necesidades de abastecemento de poboación e usos agropecuarios.
- f) Por solicitude do Goberno de Aragón establécese unha reserva de auga de 6.550 hm<sup>3</sup>/ano para cubrir as necesidades presentes e futuras no seu territorio. Esta reserva concrétase nunha asignación de recursos de 4.260 hm<sup>3</sup>/ano para usos actuais, unha asignación de recursos de 1.440 hm<sup>3</sup>/ano para novos desenvolvementos ligados aos plans hidrológicos e 850 hm<sup>3</sup>/ano de auga do eixe do Ebro para as necesidades de regadío, enerxéticas, industriais e de abastecemento de poboación.
- g) Por solicitude da Xeneralidade de Cataluña establécese unha reserva de 445,15 hm<sup>3</sup>/ano para necesidades de regadío do plan de novos regadíos de Cataluña na demarcación hidrográfica do Ebro, provenientes do Segre e afluentes e Ebro.
- h) Por solicitude da Xeneralidade Valenciana establécese unha reserva de 10 hm<sup>3</sup>/ano na bacía do río Bergantes para as necesidades de abastecemento de poboación e usos agropecuarios.

2. A asignación e reserva establécese no apéndice 7, e diferencian para cada uso os ámbitos de cálculo do balance mediante modelos de simulación numérica. Enténdese que a non explicitación neste punto da reserva para un determinado uso ou aproveitamento non implicará a súa non consideración no futuro, sempre que aquel aproveitamento non explicitado nesta asignación e reserva supoña unha adecuada utilización e aproveitamento do recurso dispoñible, e conte coa regulación interna requirida.

3. Soamente se explicitou a asignación e reserva para os aproveitamentos de auga subterránea de maior entidade, entendéndose que os recursos que se obteñan da explotación de acuíferos en pequena cantidade se asignarán aos aproveitamentos que os motivaron, sempre que non se produzan afeccións a outros aproveitamentos preexistentes, respecten as restrición ambientais e se atean aos criterios para o outorgamento de concesións explicitados nesta normativa, de acordo coas normas de explotación das masas de auga subterránea do apéndice 13.

4. Con carácter xeral, todo novo aproveitamento de augas superficiais non explicitado nesta asignación e reserva deberá contar cunha regulación interna mínima suficiente de

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

conformidade co artigo 47. Na asignación e reserva, artigos 17 a 33, detállase a regulación mínima por sistema de explotación. Así mesmo, o aproveitamento dos retornos de rega asignados nos citados artigos realizarase de conformidade co previsto no artigo 51.

5. Enténdese que, cando non se di o contrario, a regulación para cada tramo de río alcanza todos os seus afluentes e as extraccións de auga subterránea en zona de policía de leito e naquelas zonas que poden afectar as descargas superficiais, tal como se recolle nas normas de explotación das masas de auga subterránea do apéndice 13.

6. Non se poderá producir desencoramento dos actuais sistemas de explotación para atender novos aproveitamentos que non se integren dentro das comunidades de usuarios, xerais e de base, que se benefician das ditas obras de regulación.

7. Durante o desenvolvemento do plan, e para o cumprimento dos seus obxectivos, realizaranse os controis e o seguimento ambiental correspondente, por se for necesaria a imposición de restricións.

**Artigo 16.** *Definicións e conceptos sobre a asignación de recursos*

1. Defínese «grao de utilización» como a relación porcentual entre a demanda servida e a achega media en réxime natural, no período 1980-2005, de acordo coa simulación efectuada na elaboración deste plan hidrológico. Trátase dun indicador do grao de utilización dos recursos hídricos.

2. Defínese «relación capacidade de encoro/achega» como a relación porcentual entre a capacidade de encoro e a achega media en réxime natural, no período 1980-2005, de acordo coa simulación efectuada na elaboración deste plan hidrológico. Trátase dun indicador do nivel de capacidade de almacenamento e regulación de recursos hídricos.

3. Defínese «garantía volumétrica» como a relación porcentual entre a demanda servida e a demanda total, no período 1980-2005, de acordo coa simulación efectuada na elaboración deste plan hidrológico. Representa a fracción de demanda satisfeita.

**Artigo 17.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 1: cabeceira e eixe do Ebro*

1. Na situación actual o sistema de explotación 1 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 24,1% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 14,8% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 99,2%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido,

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

a) Encoro de La Loteta, en conexión co encoro de Yesa a través da levada de Sora (sistema de explotación 15), e con elevación desde a Canle Imperial de Aragón.

Os recursos procedentes da mellora de regulación proporcionada polo encoro de La Loteta destinaranse aos abastecementos urbanos e outros usos industriais de Zaragoza e o seu contorno e, supletoriamente, á mellora de dotacións e garantías dos regadíos tradicionais do eixe do Ebro, á mellora doutras áreas regables entre as cales se encontran as elevacións existentes ou con autorización administrativa das canles de Lodosa e Imperial, á subministración das ampliacións de áreas regables das ditas canles e á subministración de novos regadíos que se desenvolvan con toma no propio eixe ou nas súas canles de derivación.

b) Explotacións de augas subterráneas no aluvial do Ebro.

Pozos construídos no aluvial do Ebro achegarán recursos adicionais para a satisfacción de demandas puntuais e poderán mellorar as garantías das canles, en particular en períodos de seca. Igualmente, poderán permitir a posta en rega de novas explotacións fóra das áreas regables das canles.

c) Pequenos encoros ou balsas de regulación na bacía do Oca, Oroncillo, Nela, Jerea, Omecillo e Húmedo. Explotación do acuífero da cabeceira do Jerea, na masa de auga subterránea 010 Calcarias de Losa.

Os recursos obtidos das actuacións de regulación da bacía do Oca destinaranse aos abastecementos urbanos das poboacións da bacía, consolidación dos regadíos actuais, outros usos industriais e ampliación de regadíos na bacía.

Os recursos que se obteñan das actuacións de regulación na bacía do Oroncillo destinaranse aos abastecementos urbanos dos núcleos da bacía, outros usos industriais e mellora das dotacións dos regadíos actuais, en particular na zona de Pancorbo.

Os recursos que sexan obtidos polas actuacións de regulación do Nela destinaranse á satisfacción das demandas de abastecementos urbanos, en particular da zona das Merindades e outros usos industriais da bacía do Trueba/Nela, para a redución dos déficits dos regadíos actuais, para satisfacer as demandas dos futuros regadíos da propia bacía e para a satisfacción doutras demandas do eixe do Ebro, todo iso por esta orde.

A regulación adicional e explotación de augas subterráneas obtida na bacía do Jerea destinarase para os abastecementos urbanos da propia bacía, mellora das dotacións dos regadíos da bacía e aos novos regadíos, en particular os do Valle de Losa. Indirectamente, mellorarase os abastecementos das poboacións situadas en zonas non dominadas pola regulación.

A regulación adicional obtida na bacía do Omecillo destinarase para os abastecementos urbanos, outros usos industriais, mellora de dotacións dos regadíos actuais e para novos regadíos, en particular na modernización do regadío da zona de Valdegobía e na cabeceira do Húmedo.



Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

d) Os recursos no eixe do Ebro, procedentes da regulación xeral e dos retornos, destinaranse ao apoio das demandas das partes baixas das bacías deficitarias da marxe dereita e para o desenvolvemento de novas demandas en todo o eixe mediante elevacións e regulacións internas desde o Ebro.

De acordo co especificado no artigo 15, os recursos do eixe do Ebro, para as necesidades futuras de regadío, enerxéticas, industriais e de abastecemento de Aragón, repártense entre os sistemas de explotación 1 e 11.

e) Por solicitude da Xunta de Castilla y León, unha reserva de 40 hm<sup>3</sup>/ano procedente das regulacións da cabeceira do Ebro e subbacías afluentes, para as necesidades de regadío.

### 3. Recursos asignados polo presente plan hidrolóxico:

a) Con carácter xeral, os recursos derivados dunha xestión máis eficiente da auga asignaranse á mellora de dotacións de regadíos infradotados do eixe do Ebro e das garantías das demandas consolidadas.

b) Novas regulacións no eixe do Ebro medio.

Os recursos obtidos con novas regulacións no eixe do Ebro medio destinaranse preferentemente á mellora de dotacións e garantías dos regadíos consolidados do eixe do Ebro e a complementar novos usos dentro deste sistema de explotación. Esta nova regulación posibilitará unha xestión máis eficiente, para a que tamén se require a constitución do Sindicato Central de Usuarios del Eje del Ebro.

c) Reasignación de recursos da canle de Lodosa.

Na medida en que se liberen superficies regables da canle de Lodosa por recursos procedentes de Itoiz-Canle de Navarra, a asignación de recursos dos regadíos de Viana, Mendavia e Bargota pasará a realizarse desde o encoro do Ebro. De forma transitoria, e mentres esta liberación non se produza, asígnanse os ditos regadíos á regulación de Itoiz (artigo 34.2.b). A reasignación de recursos da canle de Lodosa deberá respectar o equilibrio financeiro da dita canle e os beneficiarios da reasignación soportarán os custos derivados desta.

d) Por solicitude do Goberno de La Rioja, unha reserva no río Ebro do 20 hm<sup>3</sup>/ano para as necesidades de regadío.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

a) 10 días de subministración no mes de máximo consumo, desde a cabeceira do Ebro ata Zaragoza, e integración, se é o caso, en comunidade de usuarios.

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

- b) 20 días de subministración no mes de máximo consumo, desde Zaragoza ata a cola do encoro de Mequinenza, e integración, se é o caso, en comunidade de usuarios.

**Artigo 18.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 2: bacías do Tirón-Najerilla*

1. Na situación actual o sistema de explotación 2 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 16,4% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 11,0% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 92,0%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

a) Explotación das masas de auga subterránea 065 Pradoluengo-Anguiano e 045 aluvial do Oja, así como a execución de balsas: Manzanares, Corporales ou outras actuacións de regulación, entre as cales se inclúen a regulación de augas subterráneas e superficiais na cabeceira do río Oja.

Os recursos procedentes da explotación de augas subterráneas e execución de balsas na bacía do Oja destinaranse aos abastecementos urbanos e usos industriais do propio sistema de explotación, en particular para a Mancomunidade do Oja-Tirón, para os abastecementos dos núcleos das interbacías e para os das poboacións ribeiregas do eixe do Ebro, para garantir as dotacións dos regadíos actuais das bacías do Oja e Zamaca, e para a ampliación da zona regable.

b) Actuacións de regulación que se vaian definir no río Tirón.

Os recursos proporcionados por actuacións de regulación no río Tirón destinaranse aos abastecementos de poboación e usos industriais. Tamén para a mellora de garantías dos actuais regadíos de toda a bacía e para ampliacións.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrológico:

a) Redistribución de caudais Plan Najerilla.

Os novos recursos xerados destinaranse ás propias regas do Plan Najerilla.

b) Os recursos xerados pola regulación do río Cárdenas ben con augas superficiais ou subterráneas destinaranse a reducir o déficit dos regadíos existentes e futuros da propia bacía.

c) Por solicitude do Goberno de La Rioja, unha reserva de 7 hm<sup>3</sup>/ano no río Cárdenas, 20 hm<sup>3</sup>/ano no río Oja e 18,75 hm<sup>3</sup>/ano no río Tirón para as necesidades de auga para regadío.

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

Na bacía do Tirón:

- a) 10 días de subministración no mes de máximo consumo, no Tirón e afluentes, excepto o Glera-Oja.
- b) 20 días de subministración no mes de máximo consumo, no Glera-Oja e afluentes, así como no río Zamaca.

Na bacía do Najerilla:

- c) 10 días de subministración no mes de máximo consumo, no Najerilla ata a presa de Mansilla e en todos os afluentes do Najerilla, excepto o Yalde.
- d) 20 días de subministración no mes de máximo consumo, no Najerilla augas abaixo de Mansilla e no seu afluente Yalde, e incorporación á comunidade de usuarios correspondente.

**Artigo 19.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 3: bacía do Iregua*

1. Na situación actual o sistema de explotación 3 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 53,4% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 38,2% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 99,9%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. Na medida en que existan recursos non asignados para os usos actuais, estes destinaranse a posibles regadíos da interbacía Iregua-Leza.

3. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente ou non se encontren baixo a regulación achegada polo sistema de encoros González Lacasa-Pajares. Non obstante, poderase dispoñer de recursos adicionais procedentes da explotación das masas de auga subterránea 065 Pradoluengo-Anguiano e 068 Mansilla-Neila, para os usos que se proxecten.

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

4. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan hidrológico levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a 10 días de subministración no mes de máximo consumo en todo o Iregua e afluentes. Ademais, augas abaixo dos encoros de González Lacasa e o seu azude do transvasamento, e de Pajares, integración na comunidade de usuarios.

**Artigo 20.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 4: bacías afluentes ao Ebro desde o Leza ata o Huecha*

1. Na situación actual o sistema de explotación 4 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 41,3% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 9,1% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 42,6%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Encoro de Enciso no Cidacos. Os recursos xerados pola regulación do encoro de Enciso destinaranse a abastecementos urbanos e outros usos industriais da bacía e de poboacións próximas do eixe do Ebro, para o desenvolvemento de regadíos tradicionais unha vez revisados e adaptados e para novos regadíos.
- b) Encoro de Cigudosa-Valdeprado no Alhama. Os recursos dispoñibles xerados pola regulación do encoro de Cigudosa-Valdeprado destinaranse a abastecementos urbanos e outros usos industriais da bacía e da interbacía Alhama-Queiles, para a mellora das dotacións dos regadíos tradicionais da bacía e de interbacías laterais que non contén con recursos procedentes da canle de Lodosa ou da canle de Navarra, e para posibles pequenas novas áreas regables.
- c) Encoro de San Pedro Manrique no Linares e presa do Regajo no regato Regajo (Linares), e outras posibles regulacións dentro da bacía do río Linares. Os recursos xerados destinaranse ao abastecemento urbano de San Pedro Manrique, no primeiro caso, e para abastecemento e regadío (500 ha) en Igea, Cornago e Rincón de Olivedo, no segundo. Os recursos procedentes doutras posibles regulacións destinaranse aos usos da propia bacía.
- d) Pequenos encoros ou balsas de regulación no Añamaza. Os recursos dispoñibles xerados por pequenas regulacións no Añamaza destinaranse aos usos para os que sexan proxectadas.

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

- e) Posta en explotación completa do encoro do Val no río Val, na bacía do Queiles. Os recursos xerados pola regulación que ofrece o encoro do Val destínanse aos abastecementos urbanos e outros usos industriais dos núcleos da bacía, xunto aos concedidos para as mancomunidades de Fitero, Cintruénigo e Cascante e de Augas do Moncayo, e á mellora de dotacións dos regadíos tradicionais da bacía que non contén con recursos procedentes da canle de Lodosa ou da canle de Navarra. Os regadíos do Queiles en Navarra que, de acordo coa concesión que ten outorgada a Comunidade Xeral de Regantes da Canle de Navarra, pasan a integrarse na súa área regable, ata que non sexa este operativo poderán ser atendidos desde o encoro do Val.
- f) Encoro de Soto-Terroba no Leza e outras regulacións que se definirán no Jubera, entre as cales se pode encontrar o encoro de Robres del Castillo. Os recursos regulados polo encoro de Soto-Terroba destinaranse aos abastecementos urbanos das poboacións da bacía (especialmente Murillo de río Leza e Ribafrecha), a laminación de enchentes e para a consolidación dos actuais regadíos. Os recursos procedentes doutras regulacións no Jubera destinaranse aos usos da propia bacía.
- g) Explotación das masas de auga subterránea 066 Fitero-Arnedillo, 067 Detrítico de Arnedo, 069 Cameros, 070 Añavieja-Valdegutur e 072 Somontano del Moncayo. A ampliación de extraccións destinarase preferentemente para abastecementos urbanos.
- h) Se é o caso, poderanse obter recursos adicionais para estas bacías por subministración das súas partes baixas desde as canles procedentes do eixe do Ebro. Os recursos obtidos da liberación de demandas existentes por subministración destas con recursos procedentes de elevacións da canle de Lodosa ou do encoro de La Loteta destinaranse á consolidación dos regadíos existentes e á creación doutros novos.

### 3. Recursos asignados polo presente plan hidrológico:

Por solicitude do Goberno de La Rioja, unha reserva de 45 hm<sup>3</sup>/ano no río Cidacos, 25 hm<sup>3</sup>/ano no río Alhama, 8 hm<sup>3</sup>/ano no río Leza-Jubera e 5 hm<sup>3</sup>/ano no río Linares, para as necesidades de auga para regadío.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

Na bacía do Leza:

- a) 10 días de subministración no mes de máximo consumo, desde a cabeceira do Leza ata a presa de Soto-Terroba, así como no afluente Jubera.
- b) 20 días de subministración no mes de máximo consumo, no propio Leza augas abaixo da presa de Soto-Terroba, e integración na correspondente comunidade de usuarios.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

Na bacía do Cidacos:

- c) 10 días de subministración no mes de máximo consumo, desde a cabeceira do Cidacos ata a futura presa de Enciso.
- d) 40 días de subministración no mes de máximo consumo, desde a presa de Enciso ata a desembocadura no Ebro, e integración na correspondente comunidade de usuarios.

Na bacía do Alhama:

- e) 20 días de subministración no mes de máximo consumo, nos afluentes Linares, Añamaza, barranco de La Nava, e no Alhama ata a futura presa de Cigudosa-Valdeprado.
- f) 40 días de subministración no mes de máximo consumo no río Alhama, desde a futura presa de Cigudosa-Valdeprado, ata a súa desembocadura no Ebro, e integración na correspondente comunidade de usuarios.

Na bacía do Queiles:

- g) 10 días de subministración no mes de máximo consumo no río Queiles e o seu afluente Val, ata a presa do Val e o azude de transvasamento do Queiles.
- h) Desde a presa do Val ata a desembocadura no Ebro, integración na correspondente comunidade de usuario.

Na bacía do Huecha: 20 días de subministración no mes de máximo consumo, en todo o río Huecha.

**Artigo 21.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 5: bacía do Jalón*

1. Na situación actual o sistema de explotación 5 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 67,4% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 24,5% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 78,3%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Recreemento da presa de La Tranquera. Os recursos derivados do recreemento de La Tranquera destínanse a abastecementos da bacía, en especial Calatayud, corrección de déficit dos aproveitamentos actuais; parte do volume resérvase para a laminación de enchentes.
- b) Encoro de Mularroya no río Grío, con achega de recursos do Jalón. Os recursos derivados da explotación do encoro de Mularroya destinaranse para os abastecementos de poboación e outros usos industriais da bacía do Jalón e Grío, e para a mellora e novos regadíos do baixo Jalón. Indirectamente podería servir para a recarga do acuífero de

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

Alfamén. Mediante o seu uso conxunto coa explotación da masa de auga subterránea do Campo de Cariñena permitirá liberar recursos subterráneos e reorganizar extraccións combinando adecuadamente recursos superficiais e subterráneos.

c) Encoro de Lechago no Pancrudo, con achega de recursos procedentes do Jiloca. Os recursos derivados do encoro de Lechago destinaranse para o abastecemento de poboacións e industrias do Jiloca e, se é o caso, do Jalón, e para garantir os regadíos do Jiloca medio-baixo.

d) Encoro de Valladar e pequenas regulacións ou balsas de carácter local na cabeceira e os pequenos afluentes do Jalón e Jiloca, como as posibles regulacións de Trasobares e Torrehermosa, e explotacións localizadas de augas subterráneas.

Os recursos xerados polas pequenas regulacións de carácter local e polas explotacións localizadas de augas subterráneas destinaranse a satisfacer as súas demandas específicas.

e) Explotación dos acuíferos do Alto Jiloca, masa 088 Monreal-Calamocha, como complemento ao encoro de Lechago. Explotación das masas de auga subterránea 088 Monreal-Calamocha (novos pozos de Bello) e 086 Páramos del Alto Jalón (pozos de Alconchel de Ariza). Os recursos procedentes destas explotacións destinaranse a satisfacer as demandas locais de abastecementos, outros usos industriais e regas.

f) Encoro de Nuévalos, en cola do encoro de La Tranquera. A reserva de auga derivada do encoro de Nuévalos destinarase a usos recreativos. Este encoro non supoñerá detrimento ningún para os usos consolidados do encoro de La Tranquera.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrolóxico:

a) Optimización da xestión: explotación conxunta dos encoros actuais de La Tranquera, Maidevera e Monteagudo de las Vicarías, dos encoros futuros de Mularroya, Lechago e balsas de cabeceira, así como das explotacións de augas subterráneas. Incorporación de todos os aproveitamentos no Sindicato Central del Jalón.

Os recursos obtidos da optimización do conxunto de regulacións xestionaranse de forma integral tendo en conta a satisfacción das demandas de abastecemento da bacía, o réxime de caudais ecolóxicos e as demandas dos regadíos do Jalón-Jiloca.

Os regadíos do baixo Jalón, que actualmente se subministran alternativamente desde a Canle Imperial, poderán manter esta situación, contribuíndo, en función da procedencia dos volumes de auga utilizados, á recuperación dos custos do servizo respectivo.

b) Por solicitude da Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha, unha reserva de 1 hm<sup>3</sup>/ano nas cabeceiras dos ríos Mesa e Piedra para as necesidades de abastecemento de poboación e usos agropecuarios.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, nos ríos Piedra, Mesa e Ortiz, ata a presa de La Tranquera.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo no río Jalón ata a desembocadura do río Piedra, Nájima ata o azude de derivación ao encoro de Monteagudo de las Vicarías, Aranda ata a presa de Maidevera, Pancrudo ata a presa de Lechago, Jiloca ata a derivación-bombeo do encoro de Lechago e resto de afluentes completos excepto o cavorco de Cariñena.
- c) 40 días de subministración no período de máximo consumo e incorporación á correspondente comunidade de regantes, no Nájima, augas abaixo da presa de Monteagudo de las Vicarías, Piedra, augas abaixo da presa de La Tranquera, Jiloca, augas abaixo da desembocadura do Pancrudo, Aranda augas abaixo da presa de Maidevera, Jalón augas abaixo da desembocadura de El Piedra e cavorco de Cariñena completa.

**Artigo 22.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 6: bacía do Huerva*

1. Na situación actual o sistema de explotación 6 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 60,2% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 28,0% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 88,2%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos.

En concreto, trátase da actuación do recrecemento da presa de Las Torcas. Os recursos derivados deste recrecemento destinaranse a subministrar os abastecementos urbanos actuais e futuros para mellora das dotacións dos actuais regadíos, así como para a laminación de enchentes.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrolóxico: balsas de regulación na cabeceira do Huerva (Campo Romanos). Os recursos derivados de novas balsas na cabeceira do Huerva destinaranse á mellora da subministración dos aproveitamentos existentes de abastecemento, regadío ou gandaría en Campo Romanos, especialmente durante as intensas estiaxes.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos



---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no tramo do encoro de Las Torcas.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, na cabeceira do Huerva, ata a cola do encoro de Las Torcas.
- c) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de regantes, no Huerva, augas abaixo da presa de Las Torcas.

**Artigo 23.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 7: bacía do Aguasvivas*

1. Na situación actual o sistema de explotación 7 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 64,7% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 27,7% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 58,6%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Acondicionamento do encoro de Almochuel e elevación desde o Ebro.  
Os recursos adicionais procedentes desta actuación destinaranse á consolidación de regadío existente infradotado e á posta en regadío de novas explotacións no interfluvio Aguas Vivas-Martín.
- b) Outras elevacións do Ebro xunto con balsas de regulación, para o baixo e medio Aguas Vivas e bacías do Ginel e Lopín. Os recursos procedentes do eixe do Ebro asignaranse a novos regadíos no marco do Plan especial do Baixo Ebro aragonés (PEBEA).
- c) Explotacións localizadas de augas subterráneas para a mellora de dotacións dos actuais usos da bacía.

3. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Lopín completo.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Ginel completo.

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

- c) 40 días de subministración no período de máximo consumo, en todo o Aguas Vivas e afluentes, acompañado de integración na correspondente comunidade de regantes, augas abaixo do encoro de Moneva.

**Artigo 24.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 8: bacía do Martín*

1. Na situación actual o sistema de explotación 8 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 76,8% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 52,1% sobre a achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 70,9%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Adecuación do encoro de Ecuriza. Os recursos procedentes da adecuación do encoro de Ecuriza destinaranse á mellora da satisfacción das súas actuais demandas.
- b) Uso conxunto nas inmediacións dos mananciais de Ariño, mediante a construción de pozos que exploten os recursos da masa de auga subterránea 091 Cubeta de Oliete nas inmediacións de Los Baños de Ariño. Os recursos procedentes deste uso conxunto destinaranse á mellora dos abastecementos e outros usos industriais, incluíndo as demandas consuntivas enerxéticas, da bacía, mellora das dotacións dos regadíos deficitarios e posibles novas áreas regables do baixo Martín.
- c) Encoro de Las Parras (Plan MINER). Os recursos adicionais dispoñibles xerados por esta actuación destinaranse a atender as demandas de abastecemento agrícola e industrial da bacía mineira central.
- d) A parte baixa da bacía poderá contar con recursos procedentes, por elevación, do eixe do Ebro. Os recursos procedentes do eixe do Ebro asignaranse á mellora das dotacións dos actuais usos da bacía, así como para permitir novos regadíos ou outros aproveitamentos.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrológico:

Explotacións localizadas de augas subterráneas, en particular no acuífero xurásico do Lías. As extraccións de augas subterráneas destinaranse preferentemente para abastecementos urbanos.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 20 días de subministración, no período de máximo consumo, nos ríos Martín ata a presa de Cueva Foradada e Ecuriza ata a presa de Ecuriza.
- b) 40 días de subministración no período de máximo consumo, acompañado de integración na correspondente comunidade de usuarios, no Martín augas abaixo da presa de Cueva Foradada e Ecuriza, augas abaixo da presa de Ecuriza.

**Artigo 25.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 9: bacía do Guadalope*

1. Na situación actual o sistema de explotación 9 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 89,4% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 132,9% sobre a achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 79,2%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Explotación do acuífero de Mas de las Matas. Os recursos procedentes da explotación do acuífero de Mas de las Matas destinaranse ao abastecemento e aos regadíos da zona e explotaranse conxuntamente coa regulación superficial, e a súa explotación intégrase no Sindicato Central del Guadalope.
- b) Recreecemento da presa de Santolea e presa de cola. Os recursos procedentes do recreecemento da presa de Santolea destinaranse para usos industriais (entre eles os derivados da refrixeración da central térmica Teruel) e para a subministración dos regadíos actuais e futuros, en particular da canle Calanda-Alcañiz.
- c) Pequena regulación no Alchozasa. Os recursos procedentes das actuacións de regulación no Alchozasa destinaranse á subministración de demandas na mesma subbacía.
- d) A parte baixa da bacía contará tamén con recursos procedentes de elevacións desde o eixe do Ebro, en particular do encoro de Mequinenza. Os recursos procedentes do eixe do Ebro asignaranse á mellora das dotacións dos actuais usos da bacía, así como para permitir novos regadíos ou outros aproveitamentos. Estes recursos explotaranse de forma conxunta coa regulación superficial e integraranse no Sindicato Central del Guadalope.

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

3. Recursos asignados polo presente plan hidrológico:

a) Establécese unha reserva de 10 hm<sup>3</sup>/ano na bacía do río Bergantes para as necesidades de abastecemento de poboación e usos agropecuarios na Comunidade Valenciana.

b) Uso conxunto augas superficiais-subterráneas no contorno do manancial de Los Fontanales, con seguimento adecuado da súa explotación e afeccións.

Os recursos achegados por este uso conxunto destinaranse ao abastecemento, uso industrial e regadío, e inclúese a posibilidade de incrementar a dispoñibilidade de auga da central térmica Teruel en situacións de seca que impidan a normal subministración desde o encoro de Calanda; explotaranse conxuntamente coa regulación superficial e integrarase a súa explotación no Sindicato Central del Guadalope.

c) Optimización da xestión: explotación conxunta dos encoros actuais de Santolea, Calanda e Caspe, do futuro recrecemento de Santolea, das explotacións de augas subterráneas e dos bombeos do Ebro, con integración no Sindicato Central del Guadalope.

Os recursos adicionais obtidos da optimización do conxunto de regulacións xestionaranse de forma integral tendo en conta a satisfacción das demandas de abastecemento da bacía e as demandas dos regadíos do Guadalope.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, en Guadalope e afluentes ata a presa de Santolea, así como o Regallo completo.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no Alchozasa e no Guadalopillo ata a presa de Gallipué.
- c) 40 días de subministración no período de máximo consumo no Bergantes completo e afluentes, así como no Mezquín.
- d) Integración na correspondente comunidade de usuarios no Guadalopillo, augas abaixo da presa de Gallipué, e Guadalope, desde a presa de Santolea ata a desembocadura.

**Artigo 26.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 10: bacía do Matarraña*

1. Na situación actual o sistema de explotación 10 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 34,7% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 16,8% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 61,4%.

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións, unha vez modificadas en virtude do Ditame do Matarraña, aprobado pola Comisión da Auga de Aragón en 2006:

- a) Pequena regulación no río Algás. Os recursos procedentes da regulación del no río Algás destinaranse a abastecementos, usos industriais e regadío de apoio.
- b) Balsas laterais de Val Figuera e Val de Beltrán no Matarraña. O incremento de regulación proporcionado por estas balsas asignarase ao abastecemento, usos industriais, mellora das dotacións dos regadíos actuais.
- c) A parte baixa da bacía contará tamén con recursos procedentes do eixe do Ebro por elevación. Os recursos procedentes do Ebro por elevación asignaranse á mellora das dotacións dos actuais usos e rega de apoio da parte baixa da bacía, así como para permitir novos regadíos ou outros aproveitamentos.
- d) Regulación da bacía de Tastavins que se concreta en Balsa de Monroyo, encoro de Los Comellares-Tormasal e balsa de Peñarroya de Tastavins. O promotor e administración responsable é o Instituto Aragonés da Auga en virtude dos acordos adoptados na comisión bilateral de cooperación Aragón-Estado. Os recursos procedentes da regulación do Tastavins asignaranse ás demandas da propia bacía do Tastavins e, secundariamente, do Matarraña.

3. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, nos ríos Matarraña e Pena ata a súa confluencia, incluíndo afluentes.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Tastavins e afluentes ata a súa desembocadura no Matarraña.
- c) 40 días de subministración no período de máximo consumo, no río Algás completo e os seus afluentes.
- d) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios, no Matarraña desde a confluencia do río Pena ata a súa desembocadura.

**Artigo 27. Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 11: Baixo Ebro**

1. Na situación actual o sistema de explotación 11 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 13,5% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 18,9% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 98,6%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Os recursos adicionais dispoñibles futuros serán nesta xunta de explotación os recursos naturais e retornos procedentes das xuntas de explotación situadas augas arriba e os que se obteñan asumindo que a explotación das regulacións se leva a cabo prioritariamente para usos consuntivos, e asumindo que os caudais que circulan pola toma das canles do Delta son os correspondentes á dobre faceta de demanda agrícola e ambiental asumidos neste plan hidrológico para a dita zona regable e natural.

Estes recursos destinaranse á satisfacción das demandas de abastecemento urbano e industrial dentro da bacía e á subministración da reserva establecida na Lei 18/1981, do 1 de xullo, sobre actuacións en materia de augas en Tarragona, á satisfacción das demandas agrícolas dos regadíos existentes e á subministración das ampliacións de regadíos que se sitúen dentro do ámbito do Plan hidrológico do Ebro.

- b) De acordo co especificado no artigo 15, os recursos do eixe do Ebro para as necesidades futuras de regadío, enerxéticas, industriais e de abastecemento de Aragón repártense entre os sistemas de explotación 1 e 11.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrológico:

- a) Explotacións de auga subterránea. Os recursos subterráneos deste sistema de explotación asignaranse ás súas propias demandas, con preferencia dos abastecementos.

- b) Por solicitude da Xeneralidade de Cataluña, unha reserva de 52,15 hm<sup>3</sup>/ano desde o Ebro e os seus afluentes dentro do sistema de explotación 11 para o plan de novos regadíos de Cataluña dentro da demarcación hidrográfica do Ebro.

4. Nos afluentes do Ebro desta xunta de explotación non se conta con recursos adicionais dispoñibles para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan nos afluentes do Ebro deste sistema de explotación levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 20 días de subministración no período de máximo consumo en todos os afluentes, excepto no Ciurana, augas abaixo da presa de Ciurana, e no Asmat, augas abaixo da presa de Guiamets, nos cales soamente se requirirá integración na comunidade de usuarios respectiva.
- b) Integración na respectiva comunidade de usuarios desde o encoro de Mequinenza ata a desembocadura.

5. Neste sistema de explotación número 11, Baixo Ebro, considerarase volume útil en Mequinenza o determinado pola cota de encoro 105 metros sobre o nivel do mar, equivalente a un volume de 644 hm<sup>3</sup>. Alcanzada esta cota será reconsiderado por parte da Comisión de Desaugamento de Encoros o réxime de explotación dos diferentes encoros.

**Artigo 28.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 12: bacía do Segre*

1. Na situación actual o sistema de explotación 12 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 42,7% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 44,8% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 98,3%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrológico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Encoro de Rialp, no Segre, xa construído. Os recursos procedentes da regulación do encoro de Rialp destinaranse ao abastecemento urbano dependente da canle principal de Urgel e outros núcleos das Garrigas, mellora das garantías da superficie de rega da canle principal, con carácter prioritario fronte a novas demandas, usos industriais tamén dependentes da canle principal, novos regadíos relacionados coa restitución territorial, ampliación dos regadíos da canle principal de Urgel, novos regadíos da canle Segarra-Garrigas subministrables directamente desde a dita canle, mellora de regadíos da canle auxiliar de Urgel. Todo isto sen prexuízo do establecido no punto c).
- b) Encoro de Albagés, no Set, que se alimenta principalmente con recurso procedente do Segre a través da canle Segarra-Garrigas. Os recursos regulados polo encoro de Albagés destinaranse á consolidación dos regadíos existentes no río Set e á satisfacción das demandas para os distintos usos da canle Segarra-Garrigas.
- c) Optimización da xestión conxunta co Segre denominada «harmonización» de usos do baixo Noguera Pallaresa. Os recursos procedentes da harmonización para usos consuntivos do baixo Noguera Pallaresa asignaranse principalmente ás canles de Urgel

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

actualmente atendidas desde o Segre, liberando estes caudais provenientes do río Segre. Por tanto, as canles de Urgel non son beneficiarias da harmonización, xa que unicamente se cambia a orixe da subministración, mantendo o valor da súa asignación e a súa garantía. Mentres non se leve a cabo tal harmonización, asignarase a mellora de regas do sistema de canles de Urgel ao encoro de Rialp, con prioridade respecto a todas as regas que dependan, directa ou indirectamente, da canle Segarra-Garrigas.

### 3. Recursos asignados polo presente plan hidrolóxico:

- a) Reutilización planificada de retornos de rega nos ríos Sió, Cervera e Corp. Os recursos adicionais provenientes da reutilización destinaranse á mellora de dotacións da zona regable pola que transcorren os ditos ríos.
- b) Explotacións localizadas de auga subterránea, logo de investigación. As extraccións de auga subterránea destinaranse preferentemente para abastecementos urbanos e situacións de emerxencia por seca.
- c) Por solicitude da Xeneralidade de Cataluña, unha reserva de 393 hm<sup>3</sup>/ano desde o Segre medio, Noguera Pallaresa e Segre baixo que inclúe os 100 hm<sup>3</sup>/ano asignados para a canle Segarra-Garrigas. Esta reserva está condicionada pola orde de preferencia de usos exposta no punto 2.c).

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Segre ata a presa de Rialp, incluídos afluentes, e o río Noguera-Pallaresa e afluentes, completo.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, nos ríos Sió, Cervera, Corp e Set, ata o seu cruzamento coa canle Segarra-Garrigas. A partir deste punto, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos de rega.
- c) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Farfaña ata o seu cruzamento coa canle de Alguerri-Balaguer. A partir deste punto, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos de rega.
- d) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios no Segre, augas abaixo da presa de Rialp e ata o encoro de Ribarroja.



Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

**Artigo 29. Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 13: bacías do Ésera e Noguera Ribagorzana**

1. Na situación actual o sistema de explotación 13 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 79,2% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 100,9% sobre a achega media en réxime natural (inclúense os encoros hidroeléctricos).
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 91,5%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Encoro de San Salvador optimizado, na zona regable da canle de Aragón e Cataluña, e explotación conxunta con Barasona, sumado a outras regulacións internas e á reutilización planificada dos retornos da Clamor Amarga. Os recursos adicionais que se obteñan a partir de todas estas actuacións, á mellora das dotacións da zona regable actualizada da canle de Aragón e Cataluña.
- b) Incremento de regulación no sistema Ésera-Noguera Ribagorzana. Os incrementos adicionais de regulación que poidan existir no sistema Ésera-Noguera Ribagorzana destinaranse á mellora de dotacións da zona regable actualizada da canle de Aragón e Cataluña.
- c) Explotación da masa de auga subterránea 041 Litera alta (pozos de Olvena). Os recursos procedentes destes pozos destinaranse para o apoio da canle de Aragón e Cataluña en caso de seca.
- d) Outras explotacións localizadas de augas subterráneas, logo de investigación. As extraccións de auga subterránea destinaranse preferentemente para abastecementos urbanos e situacións de emerxencia por seca.
- e) Pequena regulación no Isábena. Balsas no contorno de Beranuy. Os recursos adicionais xerados por actuacións de regulación no Isábena destinaranse para as propias demandas do Isábena.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrolóxico:

- a) Modernización integral nos regadíos da canle de Piñana. Os recursos adicionais froito da modernización integral dos regadíos da canle de Piñana destinaranse á mellora de garantías na propia zona regable e á atención doutras demandas segundo prioridades actuais e de acordo co pacto de Piñana.
- b) Optimización da xestión no sistema Ésera-Noguera Ribagorzana. Atenderase á solución máis óptima para a xestión conxunta dos aproveitamentos do Ésera-Noguera-Ribagorzana, incluída a utilización dos volumes encorados por debaixo da cota da canle de enlace, e volumes non turbinables extraíbles, para todos os usuarios.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Noguera Ribagorzana ata a presa de Santa Ana, incluídos afluentes, e o río Ésera e afluentes, ata a presa de Barasona-Joaquín Costa.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Sosa ata o seu cruzamento coa canle de Aragón e Cataluña. A partir deste punto, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos de rega. Igualmente se considerarán retornos de rega as detraccións do río Tamarite ou Clamor Amarga.
- c) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios no Ésera e Noguera-Ribagorzana, augas abaixo da presa de Barasona e Santa Ana, respectivamente.

**Artigo 30.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 14: Bacías do Gállego e Cinca*

1. Na situación actual o sistema de explotación 14 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 58,7% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 47,3% sobre a achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 94,1%

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións, unha vez modificadas en virtude dos documentos de conclusións sobre a regulación do Gállego, emitidos pola Comisión da Auga de Aragón en xullo de 2006:

- a) Encoro de Montearagón no Flumen, xa construído. Os recursos dispoñibles, proporcionados pola regulación do encoro de Montearagón, destinaranse aos abastecementos urbanos e usos industriais de Huesca e outros núcleos, para a mellora de regadíos e posibles ampliacións dentro de La Hoya de Huesca.
- b) Encoro de Biscarrués no Gállego e encoro de Almudévar e outras balsas, no interior da zona regable de regas do Alto Aragón, como se acordou na Comisión da auga de Aragón, do 20 de xuño de 2006. Os recursos adicionais proporcionados por estas actuacións destinaranse á satisfacción das demandas de regas do Alto Aragón e desenvolvemento da primeira fase da ampliación de regas do Alto Aragón na comarca de La Hoya de Huesca,

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

cunha contía máxima anual de 50 hm<sup>3</sup> unha vez que se dispoña dun incremento de capacidade de encoro no sistema Gállego-Cinca de 200 hm<sup>3</sup>.

Para a ampliación de regas do Alto Aragón en La Hoya Huesca, será de aplicación a normativa vixente para execución dos novos regadíos de regas do Alto Aragón.

c) Racionalización da explotación dos aproveitamentos do baixo Gállego, Baixo Cinca e outros tramos de río dentro do sistema de explotación 14. Os recursos adicionais froito desta actuación destinaranse para o réxime de caudais ecolóxicos e para a mellora das garantías dos regadíos do Gállego-Cinca, e analizaranse no seu conxunto os dereitos concesionais de todo o sistema no que están situados e as prioridades de uso recollidas no artigo 8.

d) Regulación do Alcanadre e outras actuacións recollidas polo documento de conclusións sobre a regulación do río Gállego da Comisión da Auga de Aragón do 20 de xullo de 2006, ata completar unha capacidade adicional no sistema Gállego Cinca de 363 hm<sup>3</sup>. Os recursos xerados pola regulación do Alcanadre e o resto de actuacións destinaranse á satisfacción de todas as demandas do bacía Alcanadre, así como á subministración das demandas das regas do Alto Aragón, e desenvolvemento da segunda fase da ampliación das regas do Alto Aragón na comarca de La Hoya de Huesca, cunha contía máxima de 40 hm<sup>3</sup>. Para a ampliación de regas do Alto Aragón na Hoya de Huesca, será de aplicación a normativa vixente para execución dos novos regadíos de regas do Alto Aragón.

e) Incorporación de recursos desde o eixe do Ebro. Os recursos adicionais que poidan proceder do eixe do Ebro utilizaranse especialmente en época de seca para completar a satisfacción das demandas de regadíos e, se é o caso, para novos regadíos da interbacía. Cando a regulación do Aragón o permita e poidan existir excedentes de recursos hídricos, eses excedentes poderían empregarse, mediante as obras correspondentes, no sistema de explotación 14.

3. Recursos asignados polo presente plan hidrolóxico:

a) Captación mediante pozos de augas do aluvial do Gállego. Os recursos adicionais captados deste modo destinaranse a completar en épocas de seca a satisfacción das demandas do Gállego, seguindo as ordes de prioridade.

b) Recursos extraordinarios procedentes do bombeo do volume por debaixo da cota de toma da canle do Cinca no encoro de El Grado á propia canle, en situacións de emerxencia por seca. Estes recursos, que serán mobilizados unicamente en caso de emerxencia por seca, destinaranse a completar a satisfacción das demandas existentes, de acordo coa orde de prioridade.

c) Explotación da masa de auga subterránea 033 Santo Domingo-Guara mediante a regulación con pozos nos mananciais de gran variabilidade estacional da serra de Guara (Fuentes de Bastarás e Lecina), logo de investigación. As extraccións de auga subterránea destinaranse preferentemente para abastecementos urbanos e situacións de emerxencia por seca.

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se executará a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

Na bacía do Cinca:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Cinca e afluentes ata a presa de El Grado. Igualmente, o río Vero e a Clamor de Fornillos ata o seu cruzamento coa canle do Cinca; a partir destes dous puntos, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos de rega. Igualmente, na Clamor II ata a súa desembocadura no Cinca, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos de rega.
- b) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios, no Cinca augas abaixo da presa de El Grado.

Na bacía do Alcanadre:

- c) Integración na correspondente comunidade de usuarios no Flumen ata o seu cruzamento coa canle do Cinca. Os caudais que se vaian detraer do barranco de Valdabra consideraranse retornos de rega.
- d) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Alcanadre e afluentes, ata o seu cruzamento coa canle do Cinca, no río Guatizalema ata a cola do encoro de Vadiello, e no río Botella completo.
- e) 10 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios, no río Guatizalema augas abaixo do encoro de Vadiello e ata o seu cruzamento coa canle do Cinca. A partir deste punto e ata a súa desembocadura no Alcanadre, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos de rega.
- f) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Isuela ata a cidade de Huesca. A partir deste punto, no Isuela ata o seu cruzamento coa canle do Cinca, os caudais que se vaian detraer consideraranse retornos.
- g) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios, en Flumen, Isuela e Alcanadre a partir do seu cruzamento coa canle do Cinca. Os caudais que se vaian detraer terán a consideración de retornos de rega.

Na bacía de La Valcuerna:

- h) Os caudais que se vaian detraer terán a consideración de retornos de rega.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

Na bacía do Gállego:

- i) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Gállego e afluentes ata a presa de La Peña, así como o barranco de San Julián.
- j) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Sotón e afluentes ata a presa de La Sotonera.
- k) 40 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de usuarios, no Gállego, augas abaixo de La Peña, e Sotón, augas abaixo de La Sotonera.
- l) Os caudais que se vaian detraer do barranco de La Violada terán a consideración de retornos de rega.

5. O desenvolvemento dos novos regadíos de regas do Alto Aragón estará condicionado ao incremento de regulación que se produza para o sistema.

**Artigo 31.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 15: bacías do Aragón e Arba*

1. Na situación actual o sistema de explotación 15 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 37,1% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 28,6% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 72,8%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

a) Modulación por parte da Administración dos caudais destinados ao Aragón baixo, e xestión conxunta para este fin das achegas do Aragón e do Irati mediante os encoros de Yesa e Itoiz. Os recursos adicionais xerados pola revisión de concesións do Aragón baixo destinaranse aos aproveitamentos do Aragón baixo e outras demandas do eixe do Ebro e para os regadíos de Bardenas.

b) Recreemento da presa de Yesa no río Aragón. A nova regulación derivada do recreemento de Yesa destinarase para o abastecemento de augas en Zaragoza e o seu contorno, así como doutros núcleos poboacións como os navarros situados augas abaixo do encoro, e logo con carácter preferente os regadíos de Bardenas, entre os que se inclúen o de Ferial e o de Morante (salvo a subzona de Cadreita, que pasa a formar parte do sector XIII da canle de Navarra), deixando a salvo os dereitos dos regadíos tradicionais de ribeira do Aragón e, finalmente, a canle de Berdún.

Se a longo prazo existen recursos adicionais do Aragón procedentes de novas regulacións, aproveitamento de auga do Salazar ou outras, destinaranse con carácter preferente aos

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

regadíos de Bardenas, e poderán destinarse os excedentes, se é o caso, á creación de novos regadíos en Navarra entre a presa de Yesa e a toma da levada de Bayunga, e finalmente para outros regadíos e, se é o caso, para o apoio das demandas do sistema de explotación 14 ou eixe do Ebro, en particular canle Imperial de Aragón e canle de Tauste.

c) Encoro de Laverné, en proceso de posta en carga. Os recursos regulados polo encoro de Laverné na levada de Sora destinaranse aos regadíos de Bardenas.

d) Recreecemento do encoro de Malvecino. Os recursos regulados polo recreecemento do encoro de Malvecino na levada de Cinco Villas destinaranse aos regadíos de Bardenas.

e) Reparación do encoro de Valdelafuén. Os recursos regulados polo recreecemento do encoro de Valdelafuén na canle principal de Bardenas destinaranse aos regadíos de Bardenas.

f) Outras pequenas regulacións de carácter local entre as cales se encontran regulacións internas da canle de Bardenas, así como a optimización do transporte da canle.

Os recursos regulados polos pequenos encoros e balsas de carácter local e os internos de Bardenas, así como os procedentes da optimización da capacidade de transporte, destinaranse aos seus fins específicos.

g) Encoro de Biota no río Arba de Luesia. Os recursos xerados polo encoro de Biota destinaranse á subministración das demandas da propia bacía.

h) Encoro de Luna ou alternativa no río Arba de Biel. Os recursos xerados polo encoro de Luna ou alternativa destinaranse á subministración da propia bacía e como obra complementaria ao sistema de regulación de Bardenas.

i) Encoro de Peña Cervera no barranco Cervera. Os recursos xerados polo encoro de Peña Cervera destinaranse á subministración da propia bacía e como obra complementaria ao sistema de regulación de Bardenas.

3. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

Na bacía do Aragón:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Aragón e afluentes ata a presa de Yesa.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Onsella e barranco de La Portillada completos.
- c) 20 días de subministración no período de máximo consumo e integración na correspondente comunidade de regantes, no Aragón augas abaixo da presa de Yesa, ata a confluencia do Cidacos.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

Na bacía do Arba:

- d) 20 días de subministración no período de máximo consumo en todos os Arbas ata o seu cruzamento coa canle de Bardenas. Augas abaixo do cruzamento coa canle de Bardenas, os caudais que se vaian detraer terán a consideración de retornos de rega.

**Artigo 32.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 16: bacías do Irati, Arga e Ega*

1. Na situación actual o sistema de explotación 16 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 11,3% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 20,8% sobre a achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 95,1%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Optimización de uso do encoro de Urdalur. Ademais dos usos actuais, os recursos do encoro de Urdalur poderán destinarse á ampliación da Mancomunidade de Sakana, en particular coa inclusión de Irurtzun. Se é o caso, tamén se poderán destinar recursos ás bacías do Zadorra e Alegría, para abastecemento e para o regadío da Llanada Oriental Alavesa, de forma alternativa ou complementaria ao disposto no artigo 33.2. f) e os novos usuarios integranse nesta xunta de explotación.
- b) Encoro de Itoiz no Irati, en servizo. Os recursos adicionais con base na regulación proporcionada polo encoro de Itoiz destinaranse á subministración dos regadíos do Aragón baixo, xunto cos recursos proporcionados pola regulación de Yesa -dotando este dunhas novas normas de explotación adaptadas á necesaria cooperación con Itoiz na regulación do sistema Aragón-Irati-, ao abastecemento urbano e outros usos industriais das áreas dominadas pola canle de Navarra, en especial a comarca de Pamplona, para a subministración dos regadíos actuais e novos regadíos da bacía do Irati e para a subministración aos aproveitamentos derivados da canle de Navarra, tanto nas bacías do Ega e Arga como para a ampliación e mellora dos regadíos da zona media e da ribeira de Navarra, na marxe esquerda e dereita do Ebro, e das bacías do Alhama e do Queiles no ámbito da Comunidade Foral de Navarra, así como para a subzona de Cadreita (Morante) que actualmente rega da levada de Navarra e que se poderán integrar no sector XIII da canle de Navarra.

O uso de auga regulada en Itoiz e transportada a través da canle de Navarra para a rega nas bacías do Arga e Ega, na denominada ampliación da 1ª fase da canle de Navarra, producirá en estiaxe unha liberación de caudais dos regadíos tradicionais do Ega e do Arga, que pasan a regarse desde a citada canle, o que se traducirá nunha mellora do

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

estado ecolóxico das augas dos respectivos leitos e nun maior apoio destes dous ríos ao eixe do Ebro. Isto permitirá, coa adecuada explotación conxunta de Itoiz e o encoro de Yesa recrecido, incrementar a garantía de subministración aos regadíos da canle de Navarra.

Os excedentes dos recursos regulados con este encoro, se os houber, mentres non sexan utilizados pola canle de Navarra, poderían ser utilizados transitoriamente para satisfacer as demandas do Aragón baixo e eixe do Ebro, revertendo inmediatamente ao seu uso previsto a medida que vaian entrando en funcionamento as distintas fases da canle de Navarra, adaptando a explotación de ambos encoros, Itoiz e Yesa, en función da evolución na entrada en funcionamento de cada fase. De forma transitoria, asígnanse á regulación de Itoiz os caudais necesarios para os regadíos de Viana, Bargota e Mendavia, mentres non se poidan asignar recursos do Ebro liberados da canle de Lodosa pola canle de Navarra (artigo 17.3.c).

c) Explotación das masas de auga subterránea 023 Lóquiz, 021 Izki-Zudaire, 017 serra de Urbasa, 018 serra de Andía, 019 serra de Aralar, 016 Aizkorri e 010 Basaburua-Ultzama. As extraccións de augas subterráneas destes acuíferos destinaranse preferentemente para abastecementos urbanos e usos industriais.

d) Posible regulación na bacía do Arga. Os recursos regulados procedentes de novas regulacións que se vaian estudar no Arga destinaranse aos abastecementos urbanos. No período de estiaxe do río Arga poderán asignarse recursos da bacía do Irati a través do río Elorz.

e) Encoro no regato de Riomayor (bacía do Ega). Os recursos regulados polo encoro de Riomayor destinaranse para a nova área regable de Tierra Estella, incluída no Plan de regadíos da Comunidade Foral de Navarra, Decreto foral 105/2008, estimada nunhas 7.000 ha. Establécese unha reserva de 32 hm<sup>3</sup> anuais con este fin, por solicitude do Goberno de Navarra.

3. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrolóxico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

Na bacía do Arga:

- a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Arga e todos os seus afluentes, excepto o Araquil.
- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no río Araquil e o seu afluente Alzania ata a confluencia de ambos. A partir deste punto integración ademais na comunidade de usuarios correspondente.



---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

Na bacía do Irati:

- c) 10 días de subministración no período de máximo consumo, en todos os afluentes do Irati e no propio Irati ata a presa de Itoiz.
- d) 40 días de subministración no período de máximo consumo, no río Irati augas abaixo da presa de Itoiz e integración na correspondente comunidade de usuarios.

Na bacía do Zidacos:

- e) 20 días de subministración no período de máximo consumo no Zidacos, ata o seu cruzamento coa canle de Navarra. Augas abaixo deste punto, os caudais que se vaian detraer terán a consideración de retornos de rega. Mentres non estea en explotación a zona regable da canle de Navarra, aplicarase a todo o Zidacos a regulación do 20 días.

Na bacía do Ega:

- f) 10 días de subministración no período de máximo consumo, nos ríos Iranzu, Urederra, Istora, Ega II e os afluentes destes.
- g) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no propio río Ega e no resto de afluentes.

Na bacía do Linares:

- h) 20 días de subministración no período de máximo consumo, en toda a súa bacía.

Na bacía do Ríomayor (afluente directo do Ebro):

- i) 20 días de subministración no período de máximo consumo, en toda a súa bacía.

**Artigo 33.** *Asignación e reserva de recursos no sistema de explotación nº 17: bacías do Bayas, Zadorra e Inglares*

1. Na situación actual o sistema de explotación 17 caracterízase polos seguintes resultados do balance realizado conforme o modelo de simulación do sistema de explotación:

- a) Grao de utilización: 28,4% sobre a achega media en réxime natural.
- b) Relación capacidade de encoro/achega: 29,2% sobre achega media en réxime natural.
- c) Garantía volumétrica segundo a simulación efectuada: 91,4%.

2. Recursos regulados e, no seu día, comprometidos polo antigo Plan hidrolóxico do Ebro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, asúmense neste plan. Neste sentido, estes recursos asígnanse ás demandas consolidadas, salvo restrición do réxime de caudais ecolóxicos. En concreto, trátase dos recursos cuxa dispoñibilidade está vinculada ás seguintes actuacións:

- a) Posible regulación da cabeceira do Bayas ou explotación de augas subterráneas. Os recursos procedentes da regulación do Bayas e da explotación das augas subterráneas destinaranse a aproveitamentos dentro da bacía.
- b) Construción de pequenos encoros e balsas de regulación para regas nas comunidades autónomas de Castilla y León e País Vasco. As pequenas regulacións presentadas polas

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

comunidades autónomas de Castilla y León e do País Vasco destinaranse a satisfacer as demandas locais de regas.

c) Explotación da masa de auga subterránea 011 Calcarias de Subijana. Os recursos xerados coa explotación da masa Calcarias de Subijana destinaranse preferentemente aos abastecementos locais e, secundariamente, poderanse destinar á redución da vulnerabilidade dos abastecementos de Vitoria e Gran Bilbao en situacións de seca, sempre e cando a afección resultante desta explotación sobre o acuífero non sexa significativa, ou poida revertirse unha vez concluído o episodio de seca.

d) Explotación das masas de auga subterránea 022 serra de Cantabria. Os recursos xerados coa explotación da masa serra de Cantabria destinaranse ao abastecemento de poboación.

e) Nova regulación que se definirá na cabeceira do río Zadorra (Arcillas-Korrosparris-pequenas regulacións en barrancos laterais do río Alegría) ou incorporación ao sistema actual de abastecemento sustentado nos encoros do Zadorra. Os recursos xerados poderanse destinar ao abastecemento e ao regadío na Llanada Oriental Alavesa. De forma temporal, e con acordo das partes implicadas dentro dos sistemas de explotación 16 e 17, poderán utilizarse con este fin recursos procedentes do río Uyar ou Ametzaga (bacía do Araquil), sempre e cando non afecte o réxime de caudais ecolóxicos e as detraccións se realicen entre o 1 de outubro e o 30 de abril.

f) Optimización de uso do encoro de Urdalur. De conformidade co establecido no artigo 32.2.a), os recursos do encoro de Urdalur poderanse destinar ás bacías do Zadorra e Alegría, para abastecemento e para o regadío da Llanada Oriental Alavesa, de forma alternativa ou complementaria ao disposto no punto e) e os novos usuarios integranse na xunta de explotación 16.

### 3. Recursos asignados polo presente plan hidrológico:

a) Non se producirá un incremento do actual volume anual transvasado desde a demarcación hidrográfica do Ebro á do Cantábrico oriental, dentro da xunta de explotación, salvo excepcionais circunstancias temporal ou xeograficamente puntuais.

b) Por solicitude da Deputación Foral de Álava, unha reserva na bacía do río Zadorra, de 21,75 hm<sup>3</sup>/ano, para as necesidades de regadío.

4. Non se conta con recursos adicionais regulados para atender novas demandas nunha parte significativa do ano hidrológico, polo que non se poden asignar recursos a novos aproveitamentos que non dispoñan de regulación interna suficiente. Todo novo aproveitamento que se vaia executar a partir do presente plan levará implícita a execución de balsas de regulación interna. Os recursos achegados por estas balsas internas destinaranse aos propios aproveitamentos, froito de novas concesións, que as executen. Nestes casos a regulación interna mínima será equivalente a:

a) 10 días de subministración no período de máximo consumo, no río Zadorra e Santa Engracia e afluentes ata as presas de Ullívarri e Urrúnaga.

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

- b) 20 días de subministración no período de máximo consumo, no resto de masas desta xunta de explotación, excepto o río Rojo, en que os caudais que se vaian detraer terán a consideración de retornos de rega.

**Artigo 34. Dotacións**

1. Salvo xustificación técnica adecuada que demostre a necesidade dunha maior dotación, as dotacións máximas para abastecemento de poboación, incluída a dotación para industrias conectadas á rede municipal, son as que se establecen nos apéndices 8.1, 8.2. e 8.3.
2. A dotación mínima para consumo humano fíxase en 60 l/hab día.
3. En regadíos e usos agrarios inclúense os requirimentos de auga necesarios para a satisfacción das necesidades hídricas dos cultivos e outros requirimentos funcionais asociados ás técnicas da rega, así como os destinados a satisfacer as necesidades vitais e funcionais da gandaría.
4. As necesidades hídricas de rega por comarca agraria e cultivo da bacía son, con carácter xeral e salvo xustificación técnica adecuada que demostre a necesidade dunha maior, as que figuran no apéndice 8.4. Para os efectos de facilitar a localización e identificación das referidas comarcas agrarias, no apéndice 8.5 relaciónanse os municipios e a comarca agraria en que se integra.
5. As dotacións para as grandes zonas regables establécense no apéndice 8.6.
6. Salvo xustificación técnica adecuada que demostre a necesidade dunha maior dotación, adoptaranse para as distintas especies gandeiras as dotacións que figuran no apéndice 8.7.
7. A dotación requirida para os procesos industriais e para refrixeración dos ditos procesos xustificárase adecuadamente tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles. Na falta de tal xustificación adoptaranse as dotacións que para as distintas actividades se inclúan nos apéndices 8.8 e 8.9, salvo que a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, ou outra norma vinculante impida dotar de abastecemento de auga unha industria que non teña determinada tecnoloxía.

Capítulo V: Zonas protexidas. Réxime de protección

**Artigo 35. Reservas naturais fluviais**

No apéndice 9.1 inclúese unha listaxe coas reservas naturais fluviais declaradas neste ámbito de planificación mediante o Acordo de Consello de Ministros, do 20 de novembro de 2015, polo que se declaran determinadas reservas naturais fluviais nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias. Ademais, no apéndice 9.2 inclúese outra listaxe con tramos fluviais que poderían merecer a mesma consideración en futuras declaracións.

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

**Artigo 36.** *Perímetros de protección*

En relación cos perímetros de protección referidos no artigo 57 do RPH, a Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Ebro poderá tomar medidas de protección e explotación adicional en función da evolución do estado das masas. Se é o caso, serán incluídas no seguinte ciclo de revisión do plan, salvo que o Consello da Auga da demarcación aprecie a necesidade de facelo antes, de conformidade co artigo 89.1 do RPH.

**Artigo 37.** *Rexistro de zonas protexidas*

Conforme o disposto no artigo 99 bis do TRLA e o 24 do RPH, recóllese no capítulo V e anexo IV da Memoria do plan hidrolóxico o inventario de zonas protexidas na demarcación xunto coa súa caracterización e representación cartográfica, así como na páxina web da Confederación Hidrográfica do Ebro ([www.chebro.es](http://www.chebro.es)).

**Artigo 38.** *Protección do Delta do Ebro e a costa*

Coa finalidade de asegurar o mantemento das condicións ecolóxicas especiais, as estacións de control, as zonas protexidas, a protección ambiental, a prevención de inundacións e o programa de investimentos do Delta do Ebro e a costa, o Plan hidrolóxico da bacía do Ebro asume o Plan integral de protección do Delta do Ebro, recollido na disposición adicional décima da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, e o seu desenvolvemento conforme os acordos entre as administracións competentes. Sobre os aspectos relacionados coa xestión de caudais ou outras medidas do Plan integral de protección do Delta que poidan afectar o resto da bacía, deberá emitir informe o Consello da Auga da demarcación no trámite de revisión do plan hidrolóxico.

Capítulo VI: Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

**Artigo 39.** *Obxectivos ambientais das masas de auga*

1. Defínense como obxectivos ambientais das masas de auga da demarcación hidrográfica do Ebro e os prazos previstos para a súa consecución os que se relacionan no apéndice 10.
2. Para as zonas protexidas, os obxectivos ambientais veñen dados polo cumprimento das normas de protección que resulten aplicables en cada zona e os obxectivos ambientais particulares que nela se determinen, segundo a normativa que rexa cada zona protexida.
3. De acordo co artigo 37 do RPH, sinálanse obxectivos ambientais menos rigorosos para doce masas de auga superficial e dúas masas de auga subterránea, identificadas, respectivamente, nos apéndices 10.1 e 10.4.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

4. Cada unha das excepcións ao cumprimento dos obxectivos xerais, ben sexa por prazo ou por fixación de obxectivos menos rigorosos, xustifícase en fichas sistemáticas que se inclúen no anexo 4 da memoria.

**Artigo 40.** *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga*

1. Conforme o artigo 38.1 do RPH, as condicións debidas a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non puidesen razoablemente preverse nas que se pode admitir a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga, son as seguintes:

- a) Graves inundacións, entendéndose por tales aquelas de probabilidade media en correspondencia co artigo 8.1 b) do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- b) Seca prolongada, considerándose como tales as correspondentes ao estado cando se alcanza a situación de alerta ou emerxencia por seca declarada segundo o disposto no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca.
- c) Outros fenómenos naturais extremos como sismos, maremotos, tornados, avalanchas, etc.
- d) Accidentes non previstos razoablemente, tales como verteduras accidentais ocasionais, fallos en sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias e accidentes no transporte.
- e) Circunstancias derivadas de incendios forestais.

2. Os causantes da deterioración temporal ou calquera persoa ou entidade responsable da xestión das masas de auga afectadas por unha deterioración temporal comunicarán os feitos ao Organismo de Bacía que, conforme o artigo 38.2 do RPH, manterá actualizado un rexistro destes.

**Artigo 41.** *Condicións para as novas modificacións ou alteracións*

1. Os casos en que este plan hidrolóxico prevé a materialización de novas modificacións ou alteracións que resultan xustificables, aínda que impiden o logro dos obxectivos ambientais conforme o previsto no artigo 92 bis do TRLA, son os que se identifican no apéndice 10 e quedan documentados no anexo 4 da memoria.

2. No resto de casos, isto é, para as novas modificacións ou alteracións non previstas, observarase o disposto no artigo 2 do real decreto aprobatorio, de maneira que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 39.2 do RPH mediante a formalización do modelo de ficha utilizado para os casos indicados no punto anterior. A Confederación Hidrográfica do Ebro levará un rexistro das novas modificacións ou alteracións.

3. O Plan hidrolóxico da bacía do Ebro asume as infraestruturas recollidas na Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, segundo se plasma no programa de medidas que acompaña este plan hidrolóxico.

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

## Capítulo VII: Medidas de protección das masas de auga

### *Sección I. Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga*

#### **Artigo 42.** *Continuidade fluvial e dispositivos de franqueo para peixes en azudes*

De conformidade co artigo 126 bis.2 do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, o proxecto dos dispositivos de franqueo para peixes terá en conta os criterios que se recollen no apéndice 14.

#### **Artigo 43.** *Plantacións de arboredo en marxes*

1. Sen prexuízo do cumprimento do artigo 81 do RDPH, promoverase o desenvolvemento de soutos e plantacións de arboredo nas marxes dos ríos dentro da zona de policía, pois estas formacións actúan como filtros verdes, sempre que non constitúan un factor de risco de inundación ou non alteren desfavorablemente o estado das masas de auga.

2. Salvo xustificación especial, e para contribuír a alcanzar o bo estado das masas de auga, nas autorizacións de plantación conservarase unha franxa de vexetación autóctona de entre cinco e dez metros de largura na súa extensión lonxitudinal na súa parte máis próxima ao leito.

#### **Artigo 44.** *Plantacións de arboredo en ribeira*

1. Non se autorizarán plantacións de arboredo nos leitos que supoñan perda de naturalidade do dominio público hidráulico, salvo actuacións de restauración promovidas polas distintas administracións con competencia territorial, así como outras actuacións que se vaian realizar nos montes xestionados polos órganos competentes en materia forestal das diferentes comunidades autónomas.

2. Sempre que se garanta o cumprimento do artigo 74.7 do RDPH, o titular poderá manter as ocupacións e plantacións actuais que non supoñan un obstáculo ao réxime de correntes. Nas novas quendas de plantación e ocupación deberase respectar unha franxa de ao menos cinco metros na parte lindeira co leito de augas baixas, na que non se realizarán plantacións de especies forestais de crecemento rápido, nin se poderán acumular materiais ou residuos de calquera tipo.

3. Con carácter xeral e salvo autorización expresa, non se poderán realizar labores de fertilización neste tipo de plantacións.

#### **Artigo 45.** *Delimitación técnica*

1. Considérase delimitación técnica teórica, cartográfica ou probable do dominio público hidráulico aquela obtida dos estudos técnicos dos que se dispoña, elaborados ou validados polo Organismo de Bacía. Fronte a esta delimitación, poderán desenvolverse estudos técnicos de

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

detalle que permitan unha mellor definición teórica, que deberán ser tamén validados polo Organismo de Bacía.

2. A delimitación teórica, cartográfica ou probable do dominio público hidráulico será posta á disposición do público e, se é o caso, incorporarse ao Sistema nacional de cartografía de zonas inundables.

3. Defínense como zonas de concentración de escorregamentos aquelas que teñen as seguintes características:

- a) Bacía vertente inferior a 1 km<sup>2</sup> (100 ha).
- b) Non aparecer sinalada como leito na cartografía oficial.
- c) Non aparecer como predio individualizado de dominio público no Rexistro do Catastro do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. Non obstante, cada caso concreto será susceptible de análise específica e poderanse variar estes criterios conforme a dita análise e, en particular, en función da realidade física.

5. Nas actuacións que se vaian realizar nestas zonas deberase evitar que pola modificación do réxime natural dos escorregamentos se ocasionen prexuízos a terceiros.

**Artigo 46.** *Actuacións menores de conservación no dominio público hidráulico e na súa zona de policía*

1. Considéranse actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, sempre que se realicen fóra de espazos protexidos e non sexan obxecto de autorización nos termos previstos no artigo 53 do RDPH ou prohibidas para o caso concreto, as seguintes:

- a) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que impidan accesos ao leito ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.
- b) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que mingüen a capacidade de desaugamento do leito, así como as podas tradicionais dos denominados “chopos cabeceiros” ou similares.
- c) Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan o leito e, en especial, nas obras de paso sobre este, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.
- d) Mantemento das seccións de medición de caudal das redes oficiais de estacións de medición de caudal.
- e) Limpeza de vexetación baixo liñas eléctricas e calquera outra actuación que veña determinada pola aplicación doutra lexislación distinta da de augas e non supoña aproveitamento, ocupación ou utilización de bens do dominio público hidráulico.
- f) Actuacións dos concellos en parques urbanos e periurbanos.
- g) Retirada de especies vexetais alóctonas invasoras e de mal comportamento hidráulico, así como a plantación de especies autóctonas e de bo comportamento hidráulico.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

- h) Plantacións ou cortas de chopeiras en terreos cultivados tradicionalmente por particulares.
- i) Construcións en solo non urbanizable fóra da zona de fluxo preferente ou da lámina inundable teórica producida polo caudal máximo correspondente a un período de retorno de cen anos, en tramos de ríos nos que exista delimitación das ditas zonas proveniente de estudos de anegabilidade validados polo organismo de bacía.
- j) Labores de pequena reparación exixidas pola normal conservación de bens inmobles existentes.

2. A execución destas actuacións realizarase logo de presentación ante o organismo de bacía, con quince días de antelación, da declaración responsable pola que o promotor se comprometa ao cumprimento dos requisitos establecidos. O modelo de declaración responsable será aprobado e publicado polo organismo de bacía conforme o artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A Administración reserva para si a facultade de comprobar a veracidade e exactitude dos datos consignados na declaración, e dispón para tal fin dos labores de inspección do persoal dependente xerarquicamente da Comisaría de Augas.

3. Promoverase a colaboración coas entidades locais para a execución destas actuacións.

## ***Sección II. Medidas para a utilización do dominio público hidráulico***

### **Artigo 47. Criterios de regulación interna para concesións**

1. Salvo xustificación especial, e co obxecto de manter o bo estado das masas de auga e con base no principio de precaución en materia de ambiente, non se outorgarán concesións de carácter consuntivo, nin se modificarán as existentes con incremento de caudal máximo instantáneo ou do volume máximo anual, se non se dispón de regulación interna suficiente no aproveitamento ou proposta adecuada de uso conxunto superficial-subterráneo.

2. Esta regulación interna deberá permitir o funcionamento independente do aproveitamento durante os períodos de tempo en que a restrición polo réxime de caudais ecolóxicos obrigue a suspender a derivación no punto de captación, sexa este de augas superficiais ou de augas subterráneas no acuífero aluvial cuxa afectación á masa de auga relacionada sexa relevante.

3. De conformidade co prescrito na asignación de recursos deste plan, artigos 19 a 35, no apéndice 13.1 recóllese a regulación interna mínima en cada unha das masas de auga superficial da demarcación hidrográfica do Ebro e no apéndice 13.4 a relación de masas de auga subterránea nas que se establece unha distancia mínima ao río para as captacións no acuífero aluvial. Para distancias inferiores ás indicadas no mencionado apéndice 13.4, exixíranse as mesmas condicións de regulación interna que para as masas superficiais con elas relacionadas.



Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

## **Artigo 48. *Modificación e revisión de concesións***

1. Con carácter xeral, a Confederación Hidrográfica do Ebro, previamente á posta en explotación dunha nova obra con incidencia significativa na explotación do recurso poderá realizar un estudo de ordenación técnica e legal de todos os aproveitamentos influenciados directa ou indirectamente por esta, e procederase, se é o caso, á modificación ou revisión das concesións, conforme o disposto e cos efectos previstos nos artigos 64 e 65 do TRLA.
2. No suposto de revisión ao abeiro do artigo 65.2 do TRLA, relativo ao cumprimento do obxectivo da concesión con menor dotación, os caudais sobrantes resultantes serán destinados, con carácter preferente, á mellora do réxime de caudais ecolóxicos.

## **Artigo 49. *Medidas relativas ás augas subterráneas***

1. De conformidade co artigo 184.4 do RDPH a Confederación Hidrográfica do Ebro, para o outorgamento de concesións, considerará a súa posible afección a captacións anteriores legalizadas, para o cal poderá solicitar ao petionario que achegue a información hidroxeolóxica xustificativa para a avaliación das posibles afectacións, baseada en datos obtidos, entre outros, da execución de ensaios de bombeo ou medición de caudal realizados nas novas captacións.
2. Nas concesións de auga subterránea, de conformidade co artigo 184.1 do RDPH, para o establecemento do caudal máximo instantáneo, distancias mínimas entre leitos e outros aproveitamentos e profundidade da obra teranse en conta as seguintes condicións:
  - a) Para os efectos do mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, ademais do establecemento de distancias mínimas en determinados tramos conforme o apéndice 13.4 poderase exixir, aos novos aproveitamentos de augas subterráneas que se encontren próximos a ríos ou mananciais e que poidan ser afectados directamente, un informe xustificativo das posibles afeccións a estes, para o cal poderá solicitar ao petionario que achegue a información hidroxeolóxica xustificativa para a avaliación das posibles afectacións, baseada en datos obtidos, entre outros, da execución de ensaios de bombeo ou medición de caudal realizados nas novas captacións.
  - b) Sen prexuízo de especificacións motivadas máis concretas, todas as captacións novas de máis de 5 m de profundidade deberán ter cementados os primeiros 4 m de espazo anular como selo de protección ante a contaminación; ademais, cementaranse adecuadamente os tramos de sondaxes que queden abandonados pola mala calidade da auga.
  - c) Os pozos ou sondaxes que teñan carácter surxente deberán acabarse cun dispositivo de peche estanco que impida a saída libre da auga e cun dispositivo na cabeza de peche para poder instalar un manómetro. Sempre que as condicións da surxencia o permitan, poderase admitir a sobreelevación adecuada do peitoril co obxecto de equilibrar a presión.

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

- d) Todas as perforacións deberán quedar equipadas con tubaxe auxiliar de ao menos 30 mm de diámetro interior para permitir a lectura do nivel piezométrico cunha sonda ou hidronivel eléctrico. Á saída da tubaxe de impulsión deberá colocarse un dispositivo de control e medida de caudais de conformidade coa Orde ministerial ARM/1312/2009, do 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos ao citado dominio público e das verteduras a este. Tamén se deberá instalar na cabeza de pozo unha saída para a toma de mostras de auga.
- e) Salvo xustificación adecuada, o concesionario estará obrigado a realizar un ensaio de bombeo baixo os condicionantes técnicos que indique o organismo de bacía e que permitirá a fixación do dito caudal na correspondente tramitación administrativa da concesión.
- f) Con carácter xeral, o volume máximo de explotación non debería comprometer o recurso dispoñible da masa de auga subterránea. A Confederación Hidrográfica do Ebro autorizará novas concesións sempre e cando o volume total de auga concedido na masa de auga subterránea non supere o seu recurso máximo dispoñible.  
Esta obriga non inclúe os casos das masas de auga subterránea nas que os retornos de regadío supoñen unha parte moi relevante da achega de entradas no acuífero. Nestas circunstancias, se o recurso dispoñible se reduce debido á mellora da eficiencia de rega, entenderase que non se produce afección ao dereito de concesión.
- g) En ausencia de restricións máis específicas, a distancia mínima entre captacións será de 100 m. Co obxecto de mellorar o rendemento dunha captación que dispoña de concesión, poderanse modificar as características construtivas ou incluso construír unha nova captación nun raio de 100 m, sempre que non implique afectación a terceiros. A captación orixinal deberá ser, se é o caso, clausurada e selada restituíndo o terreo ás súas condicións iniciais, salvo que se estableza o correspondente acordo por escrito para mantela como punto de control piezométrico, sempre que se cumpran as condicións construtivas, de seguridade e de permiso de acceso establecidas. Atendendo á especial transcendencia que pode ter a afectación cuantitativa a un aproveitamento existente desde manancial pola explotación dun pozo construído con posterioridade, establécese que, salvo xustificación adecuada, deberá existir unha distancia mínima de 500 m entre ambas captacións.
- h) Con carácter xeral, a profundidade da perforación non poderá superar a base do acuífero explotado para evitar a conexión indesexada entre acuíferos distintos.  
A anterior limitación pode ser modificada polos resultados de estudos que poidan dar lugar á fixación dunha piezometría mínima para garantir a non deterioración, a atención das necesidades ecolóxicas mínimas ou o dereito preferente doutros aproveitamentos. Para tal efecto, limitarase a profundidade das bombas nas captacións ou instalaranse sondas de nivel que provoquen a parada do equipo de bombeo se o nivel piezométrico descende por debaixo da cota establecida.

---

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

3. De acordo co artigo 180.2 do RDPH establécese que a duración da autorización de investigación será de doce meses.

**Artigo 50.** *Medidas relativas ás concesións para abastecemento*

1. A poboación de cálculo para a estimación de caudais determinarase a partir do padrón municipal de habitantes segundo o Instituto Nacional de Estatística. A evolución de poboación futura e de poboación estacional xustificárase adecuadamente, tendo en conta as proxeccións de poboación do Instituto Nacional de Estatística a un horizonte máximo de 10 anos.

2. Promoverase que os sistemas de abastecemento urbano utilicen, para aqueles usos urbanos que non requiran potabilización, fontes de subministración alternativas de auga non potable. Estes usos diferenciados quedarán incluídos na xunta de explotación respectiva conforme o seu lugar de toma.

**Artigo 51.** *Medidas relativas ás concesións para rega*

1. Nas modernizacións de regadíos, xunto coa avaliación da eficiencia na xestión da auga, poderase analizar a eficiencia enerxética do sistema, valorándose as sinerxías positivas que se poidan desprender da explotación única da rega e da produción de enerxía.

2. Se, como consecuencia desta auditoría enerxética, se desprende que o aproveitamento enerxético das infraestruturas necesarias para a rega pode comportar unha mellora na eficiencia enerxética, esta mellora terase en conta á hora de outorgar os títulos de aproveitamento de uso enerxético na zona regable.

3. A Confederación Hidrográfica do Ebro promoverá o uso dos retornos como medida para aumentar a eficiencia e diminuír a contaminación xerada, con obxecto de conseguir un mellor estado nos leitos receptores e sempre no marco das boas prácticas agrarias que minimicen a vertedura ao dominio público hidráulico.

4. Os retornos de rega dentro dos límites da zona regable correspondente, e mentres que non se reincorporasen ao dominio público hidráulico, teñen a consideración de augas xa concedidas, polo que a súa utilización para a rega da zona regable que as produce non se considerará novo uso. Polo tanto, considéranse xa outorgados ao titular do dereito e poderanse utilizar coa comunicación previa ao organismo de bacía para a verificación da non afectación a dereitos preexistentes, e que se trata exclusivamente de retornos de rega.

5. O uso dos retornos de rega, cando non estean dentro da zona regable, serán obxecto de nova concesión, a cal non xerará servidumes sobre os usuarios precedentes nin responsabilidade pola mingua de caudais dispoñibles derivada dunha xestión máis eficiente da rega.

6. Todos os aspectos relacionados coa xestión de retornos por parte das comunidades de usuarios deberán ser incorporados nas súas ordenanzas.

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

7. A comunidade de regantes ou os comuneiros poderán solicitar a concesión de aproveitamentos de augas subterráneas con destino a rega de terreos situados na súa zona regable. Previamente ao seu outorgamento, a Confederación Hidrográfica do Ebro solicitará informe da comunidade xeral, se existir.

Se o solicitante for a comunidade de regantes, tramitarase como unha modificación de características da concesión da que for titular, ou condicionada á que se outorgue nun futuro para as zonas regables pertencentes a plans coordinados do Estado.

Se o solicitante for comuneiro, poderá obtela co carácter de complementaria da que administre a comunidade de regantes, e a tramitación polo organismo de bacía incluírá a petición previa de informe a esta. O dito aproveitamento deberá integrarse na comunidade de regantes e quedará obrigado a achegar un certificado que acredite a dita incorporación con antelación á autorización da súa posta en explotación.

No caso de captacións de augas subterráneas situadas en zonas regables pertencentes a comunidades de regantes para uso fóra da zona regable, o petionario deberá xustificar tecnicamente que as augas que se vaian captar non proveñen maioritariamente de retornos de rega e soamente neste caso non precisarán de autorización da comunidade de regantes.

8. As administracións, en colaboración coas comunidades de usuarios, promoverán a restauración e a formación de zonas húmidas e lagoaxes no contorno das zonas regables, co obxecto adicional de contribuír á depuración natural de nutrientes e mellorar o seu estado.

9. De conformidade co artigo 189 do RDPH, a Confederación Hidrográfica do Ebro de oficio e, se é o caso, logo de comunicación da comunidade xeral de usuarios, iniciará os trámites necesarios para a inscrición e actualización dos dereitos que amparan os aproveitamentos colectivos que xestionan.

**Artigo 52. Medidas relativas ás concesións para aproveitamentos hidroeléctricos**

1. Os dereitos existentes de aproveitamentos hidroeléctricos por reserva de tramo en situación de suspensión dispoñen de tres anos, contados desde o 2 de marzo de 2014, para exercelos acorde cos requirimentos ambientais e sociais. Transcorrido o prazo anterior, quedarán extinguidos os dereitos e practicarase de oficio a cancelación dos asentos rexistrados que, se é o caso, existan.

2. Nos condicionados concesionais teranse en conta as oscilacións de caudal augas abaixo producidas pola explotación, de conformidade co previsto no artigo 115.3.b) do RDPH. Inclúirase nestes a sinalización do tramo afectado, na medida en que comporte riscos para os restantes usos comúns do río.

3. Ao extinguirse o dereito concesional, de conformidade co artigo 89.4 do RDPH, reverterán ao Estado gratuitamente e libres de cargas e en condicións de funcionamento a totalidade das obras e instalacións que constitúen o aproveitamento. Tanto cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento, como as restantes

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

obras do aproveitamento e instalacións electromecánicas da central, co obxecto de garantir a reversión en condicións de explotación.

**Artigo 53.** *Medidas relativas ao control de extraccións*

1. Fomentárase a existencia de acordos entre o organismo de bacía e as comunidades de usuarios para subscribir encomendas para a xestión do sistema nos termos que se pacten e, en particular, para o seguimento dos caudais de entrada a un sistema de rega e os de retorno, tanto nos aspectos cualitativos como cuantitativos, sen prexuízo do previsto na disposición adicional única da Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio.

2. Para a explotación máis eficiente dos distintos sistemas hidráulicos da Confederación Hidrográfica do Ebro poderanse fixar convenios cos correspondentes usuarios para o mellor aproveitamento da rede de telecomunicacións, transmisión de datos, instalación de estacións de control, etc., sempre que non contraveña a Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

3. Os explotadores privados de infraestruturas facilitarán a incorporación das diferentes lecturas hidráulicas (niveis, caudais, apertura de comportas, etc.) ao Sistema automático de información hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Ebro.

**Artigo 54.** *Medidas relativas ás transformacións en rega*

1. A modernización ou mellora de regadíos con auxilio ou financiamento público, xa sexa total ou parcial, xustificará a revisión concesional dos aproveitamentos de modo que os recursos hidráulicos inscritos se axusten ás dotacións deste plan. Con carácter previo á revisión concesional, o organismo de bacía, en colaboración coa comunidade de regantes respectiva, definirá as alternativas de cultivo que se vaian incluír e as demandas destas. Conforme o artigo 55.2, aqueles caudais liberados por unha mellor utilización da auga e, de non afectar as garantías dos regadíos modernizados, serán destinados preferentemente ao réxime de caudais ecolóxicos ou a asignacións que se especifiquen dentro do plan hidrológico.

2. Neste sentido, a revisión ou modificación concesional nas actuacións de mellora e modernización dos regadíos existentes estará supeditada á súa adecuación ás previsións establecidas por este plan en canto a dotacións, sistemas e métodos de rega, condicións de drenaxe e sistemas de control e información de caudais, control de retornos e contaminación difusa, boas prácticas agrarias, volumes e módulos de rega, e poderase solicitar a elaboración dos informes finais que demostren os resultados obtidos.

3. O organismo de bacía promoverá a realización de convenios coas comunidades de usuarios co obxectivo de mellorar a xestión dos sistemas de rega. Neste sentido, as infraestruturas hidráulicas de interese xeral do Estado, e en particular as levadas do Estado que xestiona o organismo de bacía, que quedasen fóra de uso como consecuencia da execución dun proxecto

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

de modernización de regadíos declarado de interese xeral, considerárase que non serán necesarias para o servizo público para os efectos da desafectación regulada na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

4. A solicitude de transformación de zonas regables irá acompañada, ademais da documentación prevista no RDPH, dun estudo de viabilidade co seguinte contido mínimo:

- a) Delimitación das superficies obxecto de transformación, que axuste as súas dotacións ás que se establecen no plan hidrolóxico.
- b) Avaliación dos factores naturais sobre os que inciden, co fin de determinar a súa influencia sobre o ambiente e a súa conservación, así como respecto do balance anual de dióxido de carbono e a súa capacidade de fixación a longo prazo, polos posibles efectos do cambio climático. Os ditos proxectos analizarán tamén os efectos sobre as poboacións rurais e a influencia desta no mantemento do espazo natural e rural.
- c) Aptitude dos solos para a rega.
- d) Adecuación ás previsións establecidas no plan en canto aos posibles efectos ambientais que sobre o estado das masas de auga poidan xerar, dotacións, sistemas e métodos de rega, condicións de drenaxe, sistemas de control e información de caudais, control de retorno e contaminación difusa, boas prácticas agrarias, volumes e módulos de rega.
- e) As posibles afeccións a outros aproveitamentos tanto actuais como previsibles desde os puntos de vista técnico e concesional.

5. Asígnense os criterios e actuacións que establezan o Plan nacional de regadíos e os plans de regadío aprobados polas comunidades autónomas ou administracións forais competentes. Non obstante, deberán contar con asignación de recursos neste plan hidrolóxico.

6. Tanto as actuacións de mellora dos regadíos existentes como os proxectos de transformación de novos regadíos incluírán todos aqueles elementos de medida que sexan necesarios para un correcto coñecemento e control dos caudais, volumes, dotacións e módulos de rega utilizados, así como da calidade dos retornos, e os usuarios do sistema estarán obrigados ao seu mantemento en perfectas condicións de funcionamento e á subministración da información ao organismo de bacía coa periodicidade que se estableza.

**Artigo 55.** *Limitacións aos prazos concesionais*

1. O prazo concesional será, como máximo, de corenta anos. Non obstante, excepcionalmente poderase outorgar un prazo superior cando quede acreditado no expediente de concesión que os investimentos que se deban realizar para o desenvolvemento da actividade económica exixen un prazo maior para a súa recuperación e garantía de viabilidade, caso en que se outorgarán polo tempo necesario para iso, co límite temporal de setenta e cinco anos determinado no artigo 59.4 do TRLA.

Anexo XII. Plan hidrológico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

2. Toda novación ou ampliación de prazo concesional se condicionará á incorporación de melloras ambientais e de eficiencia, tendo en conta, se é o caso, as que se realizasen ao longo do desenvolvemento do prazo concesional orixinal.

3. Mentres non se definise e concertase o réxime de caudais ecolóxicos que se debe manter na toma da concesión ou, no caso de augas subterráneas, non se poida prever adecuadamente a afectación das ditas extraccións ao caudal superficial, o outorgamento de novas concesións ou a modificación con aumento de extraccións das existentes outorgarase por un prazo máximo de vinte e cinco anos e condicionado ao cumprimento dos caudais ecolóxicos.

4. Sempre que, xustificadamente, se aprecie dubidosa a idoneidade do aproveitamento para o cumprimento dos obxectivos ambientais das masas de auga asociadas ou para o uso eficiente e sustentable da auga dentro dun sistema hídrico, o prazo concesional que se outorgará reducirase todo o necesario para non comprometer o dito uso eficiente e sustentable.

**Artigo 56.** *Zonas húmidas en cola de encoro*

1. Poderanse definir zonas húmidas permanentes na cola de encoros con interese ambiental ou recreativo. Neste sentido, promoveranse medidas para o mellor aproveitamento ambiental e recreativo dos encoros.

2. A implantación destas medidas non deberá condicionar a adecuada explotación do encoro de acordo co fin previsto para o que foi construído.

*Sección III. Medidas para a protección do estado das masas de auga*

**Artigo 57.** *Medidas relativas ás masas de auga superficial*

1. Co fin de contribuír ao bo estado do medio hídrico asociado ás balsas de auga situadas no dominio público hidráulico, ao tránsito natural de sedimentos e a recuperar a funcionalidade destas, evitando a concentración de sedimentos e nutrientes e, ao mesmo tempo, minimizando os efectos negativos augas abaixo, establécense as seguintes recomendacións:

a) Realizar as tarefas de limpeza e mantemento de balsas con periodicidade anual ou cando o espesor dos lodos acumulados supere os corenta centímetros.

b) Que a limpeza se realice fóra da época crítica de reprodución dos anfibios, é dicir, despois do verán, e aproveitando, na medida do posible, momentos de elevado caudal.

2. Criterios que se terán en conta nas actuacións de depuración e autorización de verteduras: nas actuacións de depuración e autorización de verteduras teranse en conta os seguintes criterios:

a) Concentración de verteduras homoxéneas e separación de verteduras heteroxéneas.

En aplicación deste criterio, aquelas autorizacións de verteduras que correspondan a desconexións de instalacións industriais da rede urbana de colectores e depuración,

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

que, por traslado da industria a outro punto, favorezan a súa depuración específica, estudaranse tendo en conta a alternativa que supoña en conxunto un menor impacto sobre o estado das masas de auga afectadas.

- b) Utilización de tecnoloxías de baixo custo enerxético dependendo da súa viabilidade técnica, económica e ambiental.
- c) Con carácter xeral, no deseño das instalacións de depuración de pequenos núcleos de poboación menores de 1.000 habitantes equivalentes, de conformidade co artigo 251.1 b) 1ª) do RDPH, utilizaranse como referencia os criterios da táboa seguinte, sen prexuízo de que se establezan condicións de vertedura máis rigorosas cando o cumprimento dos obxectivos ambientais e a presenza de zonas sensibles así o requira.

Habitantes equivalentes	Rendementos mínimos de redución da contaminación
< 25	SS: 50 % DBO5: 25 % Amonio: 40 %
25 – 250	SS: 70 % DBO5: 55 % DQO: 55 % Amonio: 50 %
250 – 1.000	SS: 85 % DBO5: 90 % DQO: 70 % Amonio: 70 %

- d) Unificación e conexión ás redes de saneamento municipal de todas as verteduras que, polas súas características de biodegradabilidade, poidan ser aceptadas nas instalacións de depuración urbanas, especialmente urbanizacións illadas e polígonos industriais. Nos casos en que, por causa de complexidade técnica ou de desproporcionalidade económica, non se considere adecuada a dita conexión, tramitaranse as correspondentes autorizacións de vertedura sempre baixo condicións nas que se cumpran as normas de calidade ambiental do medio receptor, así como o non empeoramento da masa de auga afectada. Todo isto sen prexuízo das competencias dos entes municipais ou supramunicipais en cuestións de abastecemento e saneamento outorgadas segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.
- e) Cando unha ou varias aglomeracións urbanas estean conectadas a unha única depuradora, deberán formalizar un acordo de xestión conxunta cun obrigado ao pagamento do canon de control de vertedura ou constituír unha mancomunidade, consorcio ou calquera outro ente local supramunicipal titular da vertedura. En caso de non alcanzar acordo entre as ditas aglomeracións para a súa constitución, as comunidades autónomas, ao abeiro das súas competencias, promoverán a súa formación.



Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

- f) O organismo de bacía poderá impoñer a obriga de regular o caudal de augas residuais cando os obxectivos ambientais así o requiran.
- g) Dado o carácter salino de parte do substrato da bacía, considéranse boas prácticas aquelas actuacións encamiñadas á diminución da achega total de sales ao medio hídrico. Nas autorizacións de vertedura fomentárase a minimización dos sales exportados, considerado o conxunto das masas de auga a que afecte a actividade xeradora da vertedura.

3. Tramitación previa de autorizacións de vertedura e control de efluentes urbanos:

- a) Con anterioridade á solicitude de autorización de vertedura, o promotor poderá presentar ante o organismo de bacía un anteproxecto coa definición das infraestruturas xerais de saneamento e depuración. A partir da dita documentación, o organismo de bacía emitirá unha avaliación preliminar e requirirá, se é o caso, o solicitante para que introduza as correccións oportunas no proxecto que elabore para a solicitude da autorización de vertedura.
- b) En aglomeracións urbanas superiores a 10.000 habitantes equivalentes que verten a masas de auga que non cumpran o bo estado, o organismo de bacía poderá exixir a implantación de sistemas de control en continuo do funcionamento das instalacións e da calidade do efluente.

4. Caudal circulante para efectos de autorizacións de vertedura: cando estea implantado un réxime de caudais ecolóxicos na masa receptora dunha vertedura, o caudal que cómpre ter en conta na autorización de verteduras será o mínimo establecido en condicións de normalidade hidrolóxica.

5. Aplicación de medidas adicionais: nas situacións en que por razóns de detracción de caudais ou verteduras de augas residuais se poida afectar o cumprimento dos obxectivos ambientais, estudarase a posibilidade alternativa de reutilización das augas residuais para minimizar a súa vertedura, logo do paso polas instalacións de rexeneración necesarias, segundo o estipulado no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

6. Verteduras en azarbes e colectores de rega:

- a) Toda vertedura sobre azarbes ou colectores de zonas regables requirirá autorización de verteduras por parte da Confederación Hidrográfica do Ebro e a aceptación da comunidade de usuarios. A autorización de verteduras de augas residuais sobre azarbes ou colectores pertencentes a unha comunidade condicionarase á coordinación do titular da vertedura coa comunidade de usuarios, facéndoa partícipe da xestión, se é o caso, mediante o aboamento dos gastos que xera o uso das mencionadas infraestruturas que se acorde co titular da vertedura ou o cumprimento duns requisitos de emisión para poder, se é o caso, reutilizalo.
- b) A reutilización de verteduras para rega terá que averse ao disposto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

7. Verteduras directas de contaminantes en augas subterráneas:

- a) Sen prexuízo do previsto nos artigos 257 a 259 bis do RDPH, establécense os seguintes preceptos sobre as verteduras directas de contaminantes en augas subterráneas.
  - I. Con carácter xeral está prohibida a vertedura directa de contaminantes nas augas subterráneas a non ser que se demostre que estas verteduras non provocan unha deterioración significativa no estado xeral do acuífero.
  - II. Poderase autorizar a inxección de contaminantes no caso de reinxección no mesmo acuífero de augas utilizadas con fins xeotérmicos ou nos supostos recollidos no artigo 11.j) da Directiva 2000/60/CE sempre e cando:
    - 1º) As verteduras non poñan en perigo o logro dos obxectivos ambientais establecidos para a masa de auga subterránea onde se realiza a vertedura ou naquelas masas de auga coas que estea relacionada.
    - 2º) Se apliquen as mellores técnicas posibles para minorar a masa de vertedura de contaminante introducida no acuífero.
    - 3º) Se establezan mecanismos de seguimento específicos do estado das masas de auga afectadas e se realicen avaliacións periódicas do efecto das verteduras realizadas.
- b) Onde se prevexa que unha zona regable se poida ver afectada por unha inxección de verteduras, contarase con informe da comunidade de regantes respectiva.

8. Reutilización de augas residuais: dentro das actuacións de reutilización, consideraranse prioritarias aquelas localizadas en subbacías en que non se prevexa alcanzar en 2021 o bo estado.

**Artigo 58.** *Caudais preventivos*

No apéndice 6.1 defínense uns caudais preventivos por razóns de calidade química, recollidos polo Consello da Auga da bacía do Ebro na súa sesión do 23 de setembro de 1998, de carácter conxuntural e transitorio a expensas da evolución da calidade da auga e do estado ecolóxico. Non teñen a consideración de caudais ecolóxicos e a súa modificación ou eliminación será decidida por resolución motivada da Presidencia da Confederación Hidrográfica do Ebro.

**Artigo 59.** *Medidas relativas ás masas de auga subterránea*

1. Zonas condicionadas por afección de contaminación: nesas zonas poderanse outorgar concesións para abastecemento urbano, industrial e para uso agrícola; non obstante, nos pozos cuxo destino sexa o abastecemento humano e co fin de minimizar os efectos da contaminación difusa detectada nestas zonas, salvo xustificación adecuada, deberase deseñar un selo sanitario que abrangha toda a zona non saturada. Para iso cementarase o espazo anular, entre a tubaxe e a parede da perforación, en todo o tramo superior á superficie freática. No apéndice 13.2 preséntase unha listaxe das masas de auga subterránea na que é preceptivo este condicionado.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

Nas masas de auga subterránea nas que se detectase a presenza de contaminacións puntuais, o outorgamento das concesións de abastecemento será analizado caso por caso pola Confederación Hidrográfica do Ebro. No apéndice 13.3 relaciónanse as masas de auga subterránea nas que se definiron certas áreas que afecta esta condición.

2. Zonas con limitacións específicas para a preservación ou mellora do estado cuantitativo das masas de auga:

- a) Zonas con limitación de distancia a leitos superficiais: establécese unha distancia mínima das captacións de auga subterránea a certas masas de auga superficial para evitar a afección directa aos réximes de caudais ecolóxicos definidos nestas masas de auga asociada. Nestas zonas, salvo xustificación adecuada, os novos outorgamentos de concesións de auga subterránea supeditaránse aos mesmos requirimentos de regulación interna mínima que á correspondente masa de auga superficial que afecta. No apéndice 13.4 detállanse as distancias mínimas establecidas e os tramos de ríos nos que se prescribe esta condición.

Zonas reservadas para uso prioritario de abastecemento de poboación futuro: nestas áreas poderanse outorgar concesións para usos distintos ao abastecemento urbano ata un volume máximo equivalente ao 30% do recurso dispoñible, incluíndo os aproveitamentos regulados no artigo 54.2 do TRLA.

En circunstancias especiais e de emerxencia por seca, esta restrición poderá ser revogada pola Administración hidráulica.

Poderanse outorgar as concesións correspondentes á reposición daqueles aproveitamentos preexistentes que deixasen de ser operativos por algunha razón, co fin de garantir os dereitos xa adquiridos. No apéndice 13.5 relaciónanse estas áreas.

- b) Perímetros de protección de augas minerais e termais: nestas zonas as novas solicitudes de concesión deberán incluír entre a documentación que haxa que presentar un informe da autoridade competente. O apéndice 13.6 recolle os perímetros de augas minerais e termais declarados, solicitados ou en trámite na bacía.

3. Zonas con limitacións especiais ao incremento de extraccións: nunha serie de masas de auga subterránea con importante presión extractiva, e co obxecto de previr o empeoramento do seu estado cuantitativo, establécese unha serie de condicionantes e restricións especiais que rexerán o outorgamento de novas concesións de auga subterránea que pretenden mellorar o seu estado e ordenar o aproveitamento dos seus recursos. No apéndice 13.7 relaciónanse estas zonas.

A Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Ebro, de forma motivada, en función da disposición de información hidroxeolóxica adicional, da evolución dos niveis piezométricos rexistrados e do caudal de descarga dos acuíferos, poderá actualizar as limitacións especiais que se detallan a continuación. Se é o caso, serán incluídas no seguinte ciclo de revisión do plan, salvo que o Consello da Auga da demarcación aprecie a necesidade de facelo antes, de conformidade co artigo 89.1 do RPH. Estas condicionantes e restricións especiais, referidas segundo as masas de auga subterránea que afecta, son as seguintes:

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

- a) Masa de auga subterránea Campo de Belchite (079):  
Non se outorgarán concesións de augas subterráneas cuxas captacións se sitúen no sector Belchite-Mediana de Aragón, co obxecto de minimizar as afeccións ao caudal de descarga do manancial de Mediana de Aragón e evitar o risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo nesta zona.  
Superficialmente esta zona correspóndese coa establecida no Acordo da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Ebro do 12 de xullo de 2001.
- b) Masa de auga subterránea Somontano del Moncayo (072):  
Na zona dominada polas levadas do Jalón soamente se admitirán concesións cuxo titular sexa a comunidade de regantes correspondente.  
Co obxecto de previr o empeoramento do estado cuantitativo desta masa ou a afección a descargas significativas:
- 1º) Non se outorgarán concesións de augas subterráneas cuxas captacións se sitúen no ámbito desta masa de auga subterránea e a unha distancia inferior a 5 km dos mananciais de Ojos de Pontil e Toroñel.
  - 2º) Non se outorgarán concesións de augas subterráneas cuxas captacións se sitúen en sector Fuendejalón-Ainzón e supoñan incremento nas extraccións deste sector. Superficialmente esta zona correspóndese coa establecida no Acordo da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Ebro do 4 de novembro de 2005.
  - 3º) No sector Ojos de Pontil e no sector marxe esquerda do Jalón, correspondentes, respectivamente, ás zonas establecidas nos acordos da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Ebro do 12 de xullo de 2001 e do 27 de abril de 2006, así como para o resto do ámbito desta masa de auga subterránea. Estudará caso por caso a viabilidade do outorgamento de cada concesión que se solicite en función dos datos de balance dispoñibles, da análise pormenorizada do estado concesional na zona, da evolución de niveis piezométricos e do caudal de descarga dos acuíferos observado na rede de control e seguimento cuantitativo existente ou futura, así como dos volumes e caudais solicitados.
- c) Masas de auga subterránea Campo de Cariñena (075), Pliocuaternario de Alfamén (076) E Mioceno de Alfamén (077):  
Co fin de previr a propagación da contaminación difusa nestas masas, as novas captacións de augas subterráneas que se constrúan deberán ter unhas características construtivas tales que non permitan a conexión de acuíferos.  
Non se outorgarán concesións de augas subterráneas cuxas captacións se sitúen no sector comprendido entre as estradas A-220, N-330, A-1304 e CV-641, co obxecto de evitar o empeoramento do estado cuantitativo nestas masas, o descenso xeral dos niveis piezométricos e o risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo.  
A unha distancia menor de 2 km ao redor da zona anteriormente detallada, co fin de evitar a concentración de puntos de extracción e a afección entre captacións, como

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

criterio xeral e salvo xustificación adecuada deberase manter unha distancia mínima entre captacións de 500 m.

Non se outorgarán concesións de augas subterráneas significativas cuxas captacións se sitúen no ámbito destas masas de auga subterránea e a unha distancia inferior a 5 km do manancial de La Virgen de Muel, co obxecto de minimizar as afeccións a este.

Na zona regable dominada polas levadas do Jalón, só se admitirán concesións conforme o artigo 51.7.

Para o resto do ámbito das masas de auga subterránea Campo de Cariñena (075), Pliocuaternario de Alfamén (076) e Mioceno de Alfamén (077), estudarase caso por caso a viabilidade do outorgamento de cada concesión que se solicite, en función da evolución dos niveis piezométricos e do caudal de descarga dos acuíferos, así como dos volumes e caudais solicitados.

d) Masa de auga subterránea Huerva-Perejiles (082):

No sector comprendido entre o río Jalón, o río Perejiles, o barranco de Valdesediles e a serra de Vicort que captan do acuífero detrítico Mioceno, estudarase caso por caso a viabilidade do outorgamento de cada concesión que se solicite en función dos datos de balance dispoñibles, da análise pormenorizada do estado concesional na zona, da evolución de niveis piezométricos e do caudal de descarga dos acuíferos observado na rede de control e seguimento cuantitativo existente ou futura, así como dos volumes e caudais solicitados.

e) Masa de auga subterránea de Gallocanta (087):

A Reserva Natural Dirixida da Lagoa de Gallocanta e a súa zona periférica de protección considérase zona non autorizada para novas concesións. O resto da masa de auga subterránea de Gallocanta (087) é clasificada como zona de limitacións específicas. Estudarase caso por caso a viabilidade do outorgamento de cada concesión que se solicite en función dos datos de balance dispoñibles, da análise pormenorizada do estado concesional na zona, da evolución de niveis piezométricos e do caudal de descarga dos acuíferos observado na rede de control e seguimento cuantitativo existente ou futura, así como dos volumes e caudais solicitados.

Non se inclúen nesta restrición os aproveitamentos para abastecemento urbano.

No sector lindeiro da masa de auga Páramos do Alto Jalón (086), termo municipal de Used, soamente se admitirán aproveitamentos de escasa entidade regulados polo artigo 54.2 do TRLA.

f) Masas de auga subterránea de La Plana de la Galera (102) e Mesozoico de la Galera (103):

Co fin de previr a propagación da contaminación difusa nestas masas, as novas captacións de auga subterránea que se constrúan deberán ter unhas características construtivas tales que non permitan a conexión de acuíferos.

Na zona correspondente aos termos municipais de La Galera, Santa Bárbara e Masdenverge, co fin de evitar a concentración de puntos de extracción, a afección

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

entre captacións, como criterio xeral e salvo xustificación adecuada, deberase manter unha distancia mínima entre captacións de 500 metros.

Para o resto do ámbito das masas de auga subterránea (102 e 103), estudarase caso por caso a viabilidade do outorgamento de cada concesión que se solicite en función dos datos de balance dispoñibles, da análise pormenorizada do estado concesional na zona, da evolución de niveis piezométricos e do caudal de descarga dos acuíferos observado na rede de control e seguimento cuantitativo existente ou futura, así como dos volumes e caudais solicitados.

g) Masas de auga subterránea do Detrítico de Arnedo (067), do Priorato (098) Boix-Cardó (100) e Aluvial de Tortosa (101):

Estudarase caso por caso a viabilidade do outorgamento de cada concesión que se solicite en función dos datos de balance dispoñibles, da análise pormenorizada do estado concesional na zona, da evolución de niveis piezométricos e do caudal de descarga dos acuíferos observado na rede de control e seguimento cuantitativo existente ou futura, así como dos volumes e caudais solicitados.

4. Zonas non autorizadas: ademais das zonas referidas no punto anterior, establécense unha serie de zonas atendendo a diferentes criterios en que, salvo xustificación adecuada para actuacións declaradas de interese xeral, non se admitirán novas solicitudes de aproveitamentos de auga subterránea, tanto se se trata de concesións como de usos privativos por disposición legal (artigo 54.2 do TRLA).

Non obstante o anterior, nestas zonas poderanse modificar as concesións vixentes no relativo a superficie regable e características da toma sempre que isto non supoña un aumento do volume total anual concedido.

Tamén se poderán outorgar as concesións correspondentes á reposición daqueles aproveitamentos preexistentes que deixasen de ser operativos por algunha razón, co fin de garantir os dereitos xa adquiridos, de acordo, se é o caso, co previsto nas disposicións transitorias terceira e terceira bis do TRLA e do artigo 196 bis do RDPH.

Estas zonas establécense en virtude da posible afección directa a:

a) Zonas con drenaxes naturais significativas:

Establécese unha distancia mínima a unha serie de surxencias naturais que constitúen descargas significativas de auga subterránea que alimentan zonas ou tramos de importante valor de dominio público hidráulico a menos da cal, salvo xustificación adecuada, non se outorgarán novos aproveitamentos.

A relación e os principais datos de situación destas surxencias naturais consideradas detállanse no apéndice 13.8.

No ámbito externo á área de influencia hidrodinámica das drenaxes naturais significativas, pero dentro da súa área de alimentación, e nos casos en que existan valores ambientais que así o xustifiquen, a Confederación Hidrográfica do Ebro poderá requirir un informe sobre a súa afección ambiental.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

- b) Puntos de titularidade pública da rede de control e seguimento do estado cuantitativo:  
Co fin de non invalidar as medicións obtidas nos puntos da rede piezométrica oficial, salvo xustificación, nas novas concesións de auga subterránea as captacións estarán a unha distancia mínima de 400 m, para os puntos en que se realiza control de vixilancia, e de 100 m para os puntos de control operativo.  
No apéndice 13.9 relaciónanse os principais datos identificativos destes puntos.
- c) Perímetros de protección hidrodinámica en áreas de especial valor ambiental.  
Establécense uns perímetros de protección hidrodinámica nos que, salvo xustificación adecuada, non se outorgarán novos aproveitamentos co fin de evitar a afección ás áreas protexidas como lugares de importancia comunitaria ou zonas de especial protección para as aves integrados na Rede Natura 2000, designados no marco da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, e da Directiva 79/409/CEE, do 2 de abril de 1979, ou na Lista do Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro do 1971, e que estean relacionadas coas augas subterráneas.  
No apéndice 13.10 relaciónanse estas áreas e o perímetro da zona non autorizada.

5. As limitacións establecidas neste artigo son aplicables, salvo nos casos especificados neste, a todos os dereitos de uso privativo de augas subterráneas, xa sexan adquiridos por concesión administrativa ou disposición legal.

**Artigo 60.** *Medidas relativas á protección das augas subterráneas fronte á intrusión de augas salinas*

Naqueles acuíferos con problemas de intrusión mariña, na solicitude de concesión incluírase un estudo xustificativo da profundidade adoptada en relación co posible avance da fronte salina.

**Sección IV. Medidas para a protección contras as inundacións e as secas**

**Artigo 61.** *Medidas de protección contra as inundacións*

Durante a vixencia do presente plan, serán de aplicación para a xestión de inundacións da demarcación hidrográfica do Ebro, os criterios establecidos nas disposicións regulamentarias de carácter xeral que estean en vigor, así como os establecidos polo Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Ebro para o período 2015-2021.

**Artigo 62.** *Volumes de reserva para laminación de enchentes*

1. En todos os encoros de nova construción deberán estudarse e, se é o caso, definirse os volumes de reserva para laminación de enchentes. Os volumes de reserva serán os necesarios para alcanzar, en conxunción cos órganos de desaugamento da presa, os límites de protección que se fixen augas abaixo.

---

Anexo XII. Plan hidrolóxico da parte española da DH do EBRO (2015-2021)

---

2. Nos encoros xa existentes, a definición de volumes de reserva para laminación de enchentes considerárase como unha posible alternativa de protección para o tramo augas abaixo. Estes xustificantes fixáranse nas normas de explotación dos encoros.

3. Os xustificantes para laminación de enchentes en encoros deberán respectarse en todos eles de acordo coas súas normas de explotación e plans de emerxencia.

4. As reservas de volumes de encoros para laminación de enchentes constitúen unha limitación de recurso dispoñible para outros usos que se deberán considerar nas infraestruturas de regulación.

**Artigo 63.** *Medidas de protección contra as secas*

